CENTRO RAMÓN PIÑEIRO
PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

# A GAITA GALLEGA.

REPINICA MUIÑEIRAS, ALBORADAS E FANDANGOS, UNHA VEZ 'O MES.

A Habana (1885-1889)

**EDICIÓN FACSIMILAR**

XUNTA DE GALICIA

# A GAITA GALLEGA.

A Habana (1885-1889)

EDICIÓN FACSIMILAR

A Habana (1885-1889)

**Director do proxecto**
Luís Alonso Girgado

**Estudo introdutorio**
Natalia Regueiro

**Colaboradores**
Amelia Rodrigues Esteves
Lourdes Pazo García
María José García Merino
María Vilariño Suárez

**Edita**
XUNTA DE GALICIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística
Centro Ramón Piñeiro para
a Investigación en Humanidades

**Coordinador Científico**
MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

**Director Técnico de Literatura**
ANXO TARRÍO VARELA

**Realización**
Difux, S.L.

ISBN: 84-453-4203-7

Depósito Legal: C-190-06

# ÍNDICE XERAL


1. PRESENTACIÓNS . . . . . 11

*1. 1. Palabras limiares,* por Anxo Tarrío Varela . . . . . 13

*1. 2. Unha* tocata *necesaria,* por Xosé Neira Vilas . . . . . 17

*1. 3.* A Gaita Gallega *(1885-1889) e a circunstancia cubana,* por Jorge Domingo Cuadriello . . . . . 19

*1. 4. Ramón Armada Teixeiro e* A Gaita Gallega, por Yolanda Vidal Felipe . . . . . 33

2. INTRODUCIÓN . . . . . 45

2. 1. *A Gaita Gallega* (1885-1889): características xerais . . . . . 47

2. 2. Análise externa . . . . . 52

2. 2. 1. O aspecto ecdótico e directivo-administrativo. Datación e cronoloxía. Traxectoria . . . . . 52

2. 2. 2. A dimensión histórico-social . . . . . 56

2. 2. 3. Outras publicacións periódicas coetáneas . . . . . 59

2. 3. Análise interna . . . . . 60

2. 3. 1. Notas lingüísticas . . . . . 58

2. 3. 2. Estrutura, números e seccións . . . . . 64

2. 3. 3. Xéneros . . . . . 67

2. 4. Noticia de colaboradores . . . . . 68

2. 5. Os directores . . . . . 72

2. 5. 1. Ramón Armada Teixeiro . . . . . 72

2. 5. 2. Manuel Lugrís Freire . . . . . 84

2. 6. Consideracións finais . . . . . 93

2. 7. Bibliografía . . . . . 95

3. ***A GAITA GALLEGA***: texto facsímile . . . . . 101

4. ÍNDICES . . . . . 257

# PRESENTACIÓNS

# PALABRAS LIMIARES

ANXO TARRÍO VARELA

Valorar hoxe en día, cando os libros e revistas galegas circulan con toda naturalidade entre nós, a importancia que poida ter a publicación facsimilar da revista *A Gaita Gallega* da Habana**,** con seguridade require un esforzo contextualizador por parte do lector nada doado de levar a cabo se non é por medio dun exercicio imaxinativo aberto e xeneroso que o sitúe case cento quince anos atrás no tempo, exactamente no "5 d'o mes de Santiago de 1885", uns poucos días antes da morte de Rosalía de Castro, que tería lugar o quince do mesmo mes e do mesmo ano.

Desandar cento quince anos na historia contemporánea de Galicia, contados dende este final de século, tan farturento de todo, cara atrás, supón irse asolagando engordiño nunha realidade e nuns tempos certamente penosos da nosa Historia, cando menos se reparamos na prostración e na penuria material e moral na que vivía ancorado este país, abondo atrasado respecto das áreas prósperas de España, que, á súa vez, estaba atrasada en relación aos países europeos que coñeceron a tempo os avances propiciados pola Ilustración, polas reformas agrarias e polas revolucións sociais, políticas e industriais.

Cento quince anos cara atrás sitúanos en plena fervenza migratoria dos galegos a ultramar, en pleno éxodo ou diáspora de moitos homes que escapaban da miseria para bater frecuentemente coa máis humillante (literalmente falando) das escravitudes e vexacións. Homes que abandonaron os seus fogares e as súas familias fuxindo da fame co ánimo de volver algún día coa fortuna a favor para as redimir, pero que na maior parte dos casos ou non regresaron ou volveron soamente enfermos e derrotados para morrer no solar patrio con algún agarimo e calor humanos.

*A Gaita Gallega* é a primeira revista monolingüe galega de alén mar da que se ten noticia. Os seus fundadores e directores, Chumín de Céltegos (Ramón Armada Teixeiro) e Roque d'as Mariñas (Manuel Lugrís Freire), eran galegos emigrados que vían a necesidade de se comunicar coa Galicia continental para contribuír ao rexurdimento das letras galegas e tamén para lle proporcionar un bálsamo de lembranzas da terra á comunidade galega en América. Eles son, xa que logo, e sobre todo o primeiro dos citados, que acabaría arrombando en soli-

tario coa empresa, os acredores ao mérito dos pioneiros e á memoria agradecida que lle debemos os que agora podemos acceder a estas páxinas.

Esta iniciativa publicista ponse en liña co esforzo voluntarioso duns poucos galegos emigrados que tentaron e conseguiron mitigar en parte a penosa situación na que viviron moitos dos seus compatriotas, vítimas de negreiros, facinorosos e "enganchadores" que explotaron a ignorancia e a indixencia dos nosos paisanos ata límites nada doados de imaxinar hoxe en día. Certamente, con anterioridade a *A Gaita Gallega* houbera xa na Habana e seguían a aparecer á altura de 1885, con continuidade durante o século XX, cabeceiras e experiencias xornalísticas que se preocupaban pola situación de Galicia. Neste sentido é xusto citar títulos que estando redactados fundamentalmente en castelán acollían xa algo en galego, como *El Avisador Galaico* (Cienfuegos, 1878), que podemos considerar como o primeiro periódico realmente galego da emigración americana, fundado como órgano da importante Sociedad de Beneficencia de los Naturales de Galicia (homóloga da que aparecera na Habana en 1871) e dirixido por Domingo Devesa Naveiro e Xosé Porrúa Valdivieso; ou *El Eco de Galicia* (La Habana, 1878), periódico este fundado e dirixido polo rexionalista da liña de Alfredo Brañas, Waldo Álvarez Insua, fustrigador de inxustizas e autor de alegacións contra o Círculo de Hacendados da Habana, que propiciaba condicións verdadeiramente escravizadoras para a emigración galega.

Son títulos e nomes que non debemos esquecer, pero aínda poderiamos facer unha longa relación de publicacións que nos falaría da preocupación de pequenos grupos de homes sensibles á cultura é ao porvir de Galicia e concienciados da necesidade de mellorar as condicións de vida dunha poboación empurrada á emigración porque no propio solar galego sufrira xa enormes fames durante todo o século XIX e morría literalmente de miseria mesmo nas comarcas máis vizosas e ricas do país.

Coa edición facsimilar que agora podemos coller nas nosas mans temos ao alcance, pois, un importante documento para a historia de Galicia, que ve así salvadas unhas páxinas de seguro condenadas, máis tarde ou máis cedo, á destrución que o paso do tempo e a incuria humana demostraron abondo facela devir realidade inevitable.

Certamente, a realidade que hoxe presentamos non é produto de ningún azar nin de circunstancias máis ou menos aleatorias. Todo pola contra, houbo un non pequeno percorrido entre o interese que amosou pola publicación nunha súa viaxe a Cuba o profesor da Universidade da Coruña, doutor Xosé Mª Dobarro Paz, e o que agora contemplamos. En efecto, el foi o portador primeiro dun microfilme xenerosamente proporcionado polos responsables do Institu-

to de Literatura y Lingüística de La Habana, nomeadamente a directora deste, Nuria Gregori Torada, e a encargada dos fondos galegos da Biblioteca do Centro, Yolanda Vidal Felipe.

A partir de aí, e dada a deficiente calidade do microfilme, cousa doada de explicar, como ben saben todas as persoas que se teñan visto na necesidade de traballar con este tipo de material, consideramos a posibilidade de operar directamente sobre o orixinal custodiado celosamente no mencionado Instituto, para o cal cumpría, loxicamente, dispoñermos del aquí en Galicia e así poder sometelo a tratamentos tecnoloxicamente avanzados e de resultados filoloxicamente garantidos e rigorosos. A posibilidade de desprazármonos a Cuba o profesor Luís Alonso Girgado, coordinador da presente edición, e máis quen isto asina, coa finalidade de observarmos de cerca o estado do depósito e dos fondos galegos da institución que nos abría tan xenerosamente as súas portas, propiciou que o orixinal de *A Gaita Gallega* viaxase con nós ata Galicia para ser sometido á máquina de fotografar nunhas condicións óptimas para o resultado final e tamén para o propio orixinal, que deste xeito a penas sufriu estrago ningún.

Unha vez máis, a intervención da directora do Instituto de Lingüística y Literatura de La Habana, Nuria Gregori, e da custodiadora dos fondos galegos, Yolanda Vidal, foi fundamental, non só para conseguir do goberno cubano o permiso correspondente, co aval tácito do Presidente da Xunta de Galicia e do seu Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, que por aqueles días presidiron, xunto co Vicepresidente do goberno cubano, un acto cultural na Facultade de Artes e Letras da Habana, onde, precisamente, entre outras cousas, se deu a coñecer o volume no que se encadernaran os números orixinais de *A Gaita Gallega* hai agora ben máis de cen anos, senón tamén para coñecermos un pouco mellor os fondos bibliográficos que obran naquel importante Centro e que con seguridade serán motivo de publicacións en anos vindeiros.

Así pois, coido que podemos felicitarnos por recuperar xa para sempre un documento que vai máis alá da súa condición de revista literaria para se converter en testemuño dos esforzos e do amor que uns poucos homes souberon investir hai cento quince anos coa finalidade de mitigar en parte o atraso e a prostración que Galicia e os galegos viñan arrastrando dende había xa demasiados séculos.

O noso agradecemento ás persoas que citamos nomeadamente e tamén ao Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia non pode estar máis xustificado, en tanto en canto, se aquelas nos abriron portas e nos guiaron polo labirinto, este non releou medios para nos facer máis doada a nosa misión.

# UNHA *TOCATA* NECESARIA

XOSÉ NEIRA VILAS

Van alá cento catorce anos. O 5 de xullo de 1885 comezou a circular na Habana un xornal de pequeno formato co título de *A Gaita Gallega*, escrito integramente na nosa lingua.

Toda unha novidade lingüística na emigración. Daquela había dous semanarios galegos na capital de Cuba: *El Eco de Galicia* e *Galicia Moderna*. Ambos os dous eran bilingües. Se nos atemos a outras áreas da diáspora temos que en Bos Aires a primeira publicación totalmente en galego, *Terra*, comezou a saír trinta e oito anos despois, en 1923.

En canto ás asociacións da nosa emigración na Illa, existían o Centro Galego, un Orfeón, a Sociedad de Beneficencia de Naturales de Galicia da Habana e outra de igual denominación na cidade de Cienfuegos.

O periódico tiña sido iniciativa de dous poetas emigrantes da provincia da Coruña: o sadense Manuel Lugrís Freire (Roque d'as Mariñas) e o ortigueirés Ramón Armada Teixeiro (Chumín de Céltegos): deducimos que o título está inspirado no do libro auroral de Xoán Manuel Pintos que leva o mesmo nome (publicado en 1853). E como homenaxe ao poeta pontevedrés ata reproducen o primeiro verso daquel acróstico seu que comeza: "Queira Dios que esta Gaita ben tocada". Ademais da homonimia do título, o libro divídese en Foliadas e o periódico habaneiro en Tocatas. Costumes da época, pois *O Tío Marcos da Portela* (fundado en Ourense nove anos antes e no que Lugrís colaboraba) estaba dividido en Parrafeos, tamén numerados.

*A Gaita Gallega* (que repinicaba "Muiñeiras, fandangos y-alboradas unha vez ó mes") publicouse con regularidade ata o 18 de nadal de 1887. Por entón, Lugrís tíñase arredado daquela empresa, daquela publicación, fundada, dirixida, redactada e administrada conxuntamente con Armada Teixeiro, quen proseguiría máis tarde a súa edición, inda que por pouco tempo: do 20–7–1889 ata o mes de nadal do mesmo ano. Eses poucos números saíron como suplemento de *El Eco de Galicia*, o semanario que, como se dixo, publicaba na Habana o estradense Waldo Álvarez Insua.

Centrábase o contido do periódico que nos ocupa nos traballos de carácter patriótico, de afirmación da identidade galega, a defensa da nosa lingua e o destaque da historia de Galicia. (Na edición do 16–8–1885 dedícanlle unha entra-

ñable e sentida "Tocata fúnebre" a Rosalía de Castro, que falecera o mes anterior). En función deses principios, como pode verse, están, xeralmente, incluso as colaboracións de ton festivo.

Nas súas páxinas vemos poesías de Pastor Díaz, Xoán Manuel Pintos, Alberto Camino, Francisco Añón, Rosalía, Curros, Pondal, Lamas Carvajal, Aureliano J. Pereira, García Mosquera, Lisardo Barreiro, Andrés Muruais e outros; narracións de Marcial Valladares, Antonio de la Iglesia, Romero Blanco, Pesqueira Crespo, César Undinoco, F. Lourido, Amor Meilán; e artigos e crónicas de Marcos da Portela e Secundino Cores; traballos de Roque d'as Mariñas en defensa da nosa lingua; comentarios sobre o éxito que tivo na Habana a estrea da peza teatral *¡Non máis emigración!*, de Armada Teixeiro; lendas, fábulas, refráns, fragmentos de *O catecismo do labrego*... Algúns traballos apareceron asinados con curiosos pseudónimos: K. Ñoto, G. Sus, Xan das Zocas, P. Nadie.

Tivo moi boa acollida en Cuba, non só no ámbito da nosa emigración, senón tamén nalgúns medios cubanos. Vimos reseñas laudatorias en *La Lealtad*, de Cienfuegos; *Unión*, de Güimes; *La Familia*, de Matanzas; en *Constitución*, de Remedios (onde tal vez houbese algún galego) apareceron estes versos de saúdo: "Por aquí tamén falamos / a lingua da nosa Suevia; / ¡Canto ben nos fan as cousas que fala *A Gaita Gallega*! / Dios lle dea a Chumín de Céltegos / e ós que traballan en ela, / sorte abonda, moita vida, / e todol-o que eles queiran".

O Instituto de Literatura e Lingüística da Habana, que hoxe dirixe a Dra. Nuria Gregori, cedeu en calidade de préstamo a colección de *A Gaita Gallega*, que radica na súa importante hemeroteca, para esta edición facsimilar. Direi cómo chegou alí este curioso periódico. A pouco de fundarmos a Sección Galega do Instituto, en decembro de 1969, Fabio Grobart, (destacado intelectual marxista que chegou mozo a Cuba, nos anos vinte, dende a súa Polonia natal) sabedor da nosa iniciativa, entregounos os números da primeira etapa da publicación. Os seis últimos proveñen de *El Eco de Galicia*, que os deu a coñecer, como xa foi dito, a xeito de suplemento intercalado.

Ata hoxe, que saibamos, existen na Fundación Penzol os números da breve etapa final, dado que posúe unha colección do semanario de Álvarez Insua. Outra colección tíñaa, incompleta, Valentín Paz Andrade, que nos pediu á Habana, hai uns vinte anos, fotocopias dalgúns números que lle faltaban.

É un acerto o desta edición na Galicia territorial; un acerto do Centro Ramón Piñeiro o de dar a coñecer *A Gaita Gallega*. Un paso máis no coñecemento das inquedanzas e desvelos dos transterrados e a súa preocupación por se afirmaren na lingua orixinaria que, como se sinala no editorial do primeiro número ,"é a única nota que o corazón do emigrado atopa para lembrar a querida Terra".

Lembremos tamén nós, un século despois, a Lugrís Freire e a Armada Teixeiro, como símbolos do que sentían e facían os nosos paisanos máis alá do mar.

# *A Gaita Gallega* (1885–1889) e a circunstancia cubana.

Jorge Domingo Cuadriello

A publicación periódica *A Gaita Gallega* viu a luz durante a etapa da historia de Cuba coñecida por "La Tregua Fecunda" que abrangue dende o fin da Guerra de los Diez Años, coa sinatura do Pacto del Zanjón en 1878, ata o inicio da Guerra de Independencia, en febreiro de 1895. A situación política que prevaleceu na illa durante estes anos estivo matizada polo enfrontamento de tres forzas principais e ben definidas que buscaban, respectivamente, a continuidade das férreas ataduras coloniais, a realización de reformas encamiñadas a establecer un sistema autonómico en Cuba e a completa emancipación da illa. As dúas primeiras correntes políticas contaban cunha estrutura partidista, establecida de xeito legal, que as facultaba para expresar publicamente os seus postulados: o Partido Unión Constitucional, integrado na súa maioría por peninsulares e protexido polos grandes comerciantes, almacenistas e individuos de mentalidade conservadora e o Partido Liberal Autonomista, composto fundamentalmente por crioulos que anhelaban reformas dentro do sistema colonial, por importantes intelectuais, e por persoas de, polo menos, certa ilustración e ideas liberadas. O proxecto independentista atopábase fóra da lei e calquera criterio neste sentido era perseguido polas autoridades. Non obstante, palpitaba de modo oculto e o considerable apoio que tiña entre o pobo cubano puido comprobarse a partir do "Grito de Baire", acontecido en febreiro de 1895.

Durante a década 1880–1890 non deixaron de estar presentes as fortes pugnas entre autonomistas e integristas. Os primeiros contaron non só con varios órganos de prensa, moi lidos, como *El Triunfo*, *El País* e *La Lucha,* senón tamén con oradores de xusta fama como Rafael Montoro, José Antonio Cortina, Rafael Fernández de Castro e Eliseo Giberga, todos eles de ampla cultura e con títulos universitarios de sólido prestixio. Ademais de cautivar o público cos seus discursos de altos voos, contribuíron a espertar na cidadanía, de mentalidade aletargada polas limitacións que lle impoñía ao pensamento aquel ambiente opresor, o interese polos problemas colectivos e a conciencia de que era posible aspirar a mellores condicións dentro do status colonial. Pola súa banda, os integristas dispoñían do diario *A Voz de Cuba* e do poder económico grazas ás súas cuantiosas fortunas.

O desembarco por praias de Oriente do Brigadier Limbano Sánchez á fronte dun grupo de revolucionarios, en maio de 1885, co propósito de alcanzar por

medio das armas a independencia de Cuba, constituíu unha proba máis das aspiracións separatistas que animaban a non poucos cubanos. O aniquilamento deste grupo insurrecto tamén demostrou que as autoridades non modificaran a súa vontade de aplicar drásticas medidas ante calquera brote de rebeldía. Neste principio non discreparon os tres capitáns xenerais que dende novembro de 1884 ata marzo de 1889 se sucederon na gobernación da illa: Ramón Fajardo, Emilio Callejas e Sabas Marín.

Verbo da situación económica de Cuba, debe destacarse que durante esta década, do 1880 a 1890, conclúe a revolución na industria azucreira que tivo que desenvolver de modo vertixinoso o sistema de produción. Ademais de se introducir nas centrais máquinas máis modernas, comezan a se aplicar técnicas de elaboración máis rápidas e efectivas. Os vellos enxeños cédenlle o paso ás centrais azucreiras, as carretas de bois aos trens de carga, o escravo ao obreiro asalariado e o traballador inepto ao operario especializado. As zafras duran menos tempo e sen embargo a produción do doce é moito maior. Máis do 80% do azucre que se elabora en Cuba é mercado polos Estados Unidos e a sacarocracia cubana, moi satisfeita con este mercado, ve redobrar as súas ganancias.

*A zafra do azucre en plena actividade.*

Por outra banda, increméntase a produción de tabacos e malia que algúns fabricantes deciden trasladar as súas industrias a Florida, en especial a Tampa e a Cayo Hueso, non poucos talleres de tabaquería que se estableceron na capital enchen de inmediato ese baleiro. Con respecto á década anterior, a exportación de habanos case se duplica e abrollan novos mercados en distintos países europeos. A colleita de plátanos tamén comeza a ser unha importante fonte de ingresos para os plantadores da illa, que en 1887 conta cunha poboación de 1.631.687 habitantes, dos que 451.928 residen na Habana[1] e arredor de 30.000 son de orixe chinesa. Neste mesmo ano calcúlase que en Cuba se atopáronse asentados 125.092 indivi-

1 Jesús Guanche, *Componentes étnicos de la nación cubana*, A Habana: Ediciones Unión, , 1996, p. 32.

duos nados en España, dos cales máis do 81% eran homes[2]. Non pode deixar de subliñarse que entre 1868 e 1894 arribaron a portos cubanos 417.624 inmigrantes procedentes da Península Ibérica e das Illas Canarias e 291.110 soldados e oficiais para un total de 708.734 nativos de España[3].

Ese movemento demográfico, alentado polos gobernantes españois —que buscaban por este medio un reforzamento do fervor hispanófilo no chan cubano e unha consolidación dos ideais integristas—, trouxo como consecuencia que se incrementara o compoñente peninsular da poboación cubana, principalmente nas cidades, e que se estableceran na illa grandes continxentes de galegos, asturianos, canarios e cataláns. O goberno de Madrid, consciente de que cada vez máis a economía da súa colonia no Golfo de México se acercaba á poderosa forza gravitacional norteamericana, apelaba á reafirmación dos víncu-los coloniais favorecendo o traslado de novos conquistadores.

En 1880 as autoridades españolas ditaron, despois de moitas declaracións, a chamada "Ley del Patronato" que, polo menos teoricamente, poñía fin ao sistema escravista existente na illa desde os inicios da dominación. De acordo coas regulacións, o escravo pasaba a ser patrocinado e recibía, ademais de alimentación, roupa e calzado, un salario moi modesto. Os antigos amos convertíanse en patróns e namentres se desenvolvía este proceso de incorporación da masa escrava á sociedade libre podían continuar a explotala. Esta lei, que non perseguía a abolición inmediata —como solicitaban os autonomistas— senón paulatina —do gusto dos integristas hispanófilos—, demostrou ser un fracaso na práctica polo incumprimento do estipulado e ante esa evidencia decretouse, en 1886, a completa supresión da escravitude.

Como resultado destas disposicións, a partir da década dos anos 80 negros e mulatos comezan a ter unha maior participación na vida civil cubana. Moitos deles trasladáronse do campo ás cidades e algúns lograron superarse e alcanzar un oficio de carpinteiro ou de albanel. Tamén se organizan en sociedades de instrución e recreo, como o "Directorio Central de la Raza de Color", fundado en 1888, entidades que teñen por obxecto contribuír á integración na sociedade destes seres discriminados e a dar vida, ao longo de todo o país, ás publicacións periódicas encamiñadas a defender os seus dereitos civís. As autoridades, que devecían por se gañar as simpatías deste importante sector da poboación e borrar a mácula deixada por varios séculos de escravitude, prohibiron a discriminación racial nas escolas, nos transportes públi-

2 Ídem, p. 29.

3 Manuel Moreno Fraginals, *Cuba / España. España / Cuba. Historia común*, Barcelona: Grijalbo Mondadori, S.A, 1995, p. 266.

cos, restaurantes, bares, cantinas, parques e teatros; eliminaron do Rexistro Civil a división de "Libros para Blancos" e "Libros para Negros" e ata chegaron a estimular a creación dun Casino Español para "españois de cor", integrado por homes de pel escura que defendían o réxime colonial.

A liberación dun considerable continxente de mulleres escravas que carecían de calquera tipo de preparación e que se atopaban na máis completa ignorancia, propiciou nas principais cidades, fundamentalmente na capital, o incremento da prostitución, ata o punto de que nesta década chegou a alcanzar proporcións alarmantes. En 1885 os funcionarios policiais tiñan identificadas na Habana 234 casas de prostitución que albergaban a máis de mil meretrices inscritas, na súa maior parte, como estranxeiras. Ante o avance desta lacra social, incentivada polo alto índice de poboación masculina e o elevado número de rapaces membros do exército, as autoridades sanitarias víronse obrigadas a crear en 1875 o "Hospital de Higiene" ca fin de internar nel as prostitutas enfermas para lles proporcionar atención médica. En 1887 ingresaron neste centro asistencial 213 mulleres brancas, das que 84 eran cubanas e tan só tres galegas[4].

Outro mal que padecía entón a sociedade era o elevado número de suicidios, que en décadas anteriores alcanzara cifras arrepiantes debido á gran cantidade de negros escravos e de culís chineses que, ante a desapiadada explotación da que eran vítimas, optaban pola desesperada solución de se quitar a vida. As estatísticas recollen que en 1885, cando xa estaba a punto de ser erradicada a escravitude, só na Habana se suicidaran 39 persoas[5].

Naquel tempo as rexións central e occidental da illa víronse afectadas por un fenómeno social que alcanzou niveis alarmantes e que chegou a conmover os alicerces da estabilidade cidadá: o bandoleirismo. Como resultado da non conformidade dalgúns sectores da masa campesiña, así como da rebeldía contra o sistema imperante, un número notable de individuos, que nalgún caso participaron na "Guerra de los Diez Años", organizáronse en bandas ou partidas e comezaron a realizar asaltos, roubos, secuestros e asasinatos, preferentemente nas zonas rurais. Pola ousadía das súas accións fixéronse famosos José Álvarez Arteaga (Matagás) na parte sur de Matanzas, o Tuerto Matos na Ciénega de Zapata, Gallo Sosa no sur da Habana e nesas mesmas rexións o máis coñecido e controvertido de todos estes bandidos foi Manuel García, chamado El Rey de los Campos de Cuba, especie de Robin Hood tropical que pola súa valentía, a

4 Benjamín de Céspedes, *La prostitución en la Ciudad de La Habana*, A Habana: Establecimiento Tipográfico O'Reilly, 1888, p. 267.

5 Armando de Córdova y Quesada, *La locura en Cuba*, A Habana: Seoane, Fernández y Cia., Impresores, 1940, p. 41.

súa colaboración na causa independentista e a súa tráxica morte, en circunstancias aínda marcadas polo misterio, resulta unha das personaxes máis lendarias da historia de Cuba. Moi preocupados polo auxe que alcanzara o bandoleirismo, as autoridades encargáronlle á Garda Civil realizar grandes batidas contra estes salteadores e en 1888 o Capitán Xeneral Sabas Marín viuse na necesidade de decretar o estado de guerra na zona occidental da illa.

Así mesmo, naquel tempo A Habana contaba cunha extensión aproximada de 10 quilómetros cadrados e unha poboación próxima ao medio millón de habitantes. As murallas, construídas para defender a cidade dos ataques de corsarios e piratas, comezaron a ser derribadas en 1863 ao desaparecer este perigo e as novas edificacións estendíanse cara ao oeste. As familias ricas facíanse construír grandes casas e palacetes na zona do Vedado, moi preto do mar. As súas novas residencias ostentaban amplos portais, extensos recibidores, xardíns, portas cocheiras e galerías interiores para facilitar a ventilación e eludir desta maneira a implacable calor do verán. Xa en 1885 o sistema telefónico prestaba servizo a centenares de familias e a numerosos comercios habaneiros. Ademais de coches, existían varios tramos de tranvías urbanos e polo ano 1889 os parques máis importantes da cidade, así como algunhas fábricas e institucións, contaban cunha iluminación eléctrica. Nas principais rúas abundaban os restaurantes e cafeterías que, en certos casos, ofrecían un menú con pratos da cociña francesa, non escaseaban as fondas para comensais de escasos recursos e existían varios hoteis, algúns con notables comodidades para a época como os que contaban con ascensor hidráulico e baños con ducha. O sistema de abastecemento de auga que posuía a capital era magnífico grazas ao "Canal de Vento": unha extraordinaria obra de enxeñería proxectada por Francisco de Albear que alcanzou premios internacionais e que foi deseñada cuns beneficios que chegan ata o presente. Tamén os habaneiros podían amosar con orgullo unha nova necrópole, situada nun lugar adecuado e planeada polo arquitecto galego Calixto de Loira, quen se encargou ademais de construír a súa monumental porta de entrada.



*A emblemática rúa Obispo, de gran actividade comercial.*

A cidade era moi buliciosa. Polas rúas abundaban vendedores ambulantes que cargaban cos máis diversos produtos. Os galegos ofertaban pan e carbón; as vellas negras da nación, frituras e os chineses doces e peixe. Non era inusual que os vendedores de leite percorreran a cidade coas súas vacas e as muxiran diante do comprador. Os pregoeiros anunciaban a toda voz a súa mercadoría e nos parques ou prazas reuníanse os lacazáns, os ladróns e os xogadores de cartas. O máis famoso mercado era o de Tacón. Algunhas noites a banda municipal brindaba unha retreta no Parque Central.

Xunto coas novas edificacións nas principais avenidas —Reina, Galiano, Belascoaín, Infanta— constrúense amplos portais para que os peóns poidan protexerse do sol e da chuvia. A cidade adquire outras peculiaridades arquitectónicas e eses portais motivan que, anos despois, o novelista Alejo Carpentier chame á Habana "La Ciudad de las Columnas".

Malia o esplendor que denotaban estas construcións, a situación sanitaria da capital deixaba moito que desexar. O sistema de drenaxe era escaso e defectuoso; nalgúns lugares, como os mercados, a insalubridade era notoria pola acumulación de desperdicios e pola presenza de pragas de moscas, cascudas e roedores, que se incrementaban durante os meses do verán. A contaminación da baía da Habana, convertida en cloaca onde desembocaba todo tipo de inmundicia, era motivo de preocupación e vergoña para as autoridades municipais, así como para non poucos doutores en Medicina, moitos deles acabados de graduar en universidades dos Estados Unidos ou de España, a onde tiveron que marchar con motivo da guerra. Sen embargo, en 1885, a maior inquietude que abafaba aos responsables do servizo de sanidade en Cuba era o gran perigo de que chegase á illa o cólera morbo, despois de se coñecer a súa reaparición en varias localidades da Península Ibérica. A toda carreira as autoridades decretaron medidas de prevención para evitar o estalido desta terrible enfermidade que finalmente non chegou a facer acto de presenza. En cambio, en 1887 desatouse un brote da epidemia de varíola que só na Habana causou numerosas mortes e daquela comezaran a aplicarlle á cidadanía a vacinación antirrábica. Outras enfermidades, xa moi familiares, que continuaron provocando estragos entre a poboación durante estes anos foron a febre amarela, o paludismo e a tuberculose.

Como é de supoñer, estas enfermidades cobraban na Habana un número notable de vítimas entre a masa de traballadores que ao longo desta década viran medrar de modo considerable o número dos seus integrantes con motivo do establecemento de novos talleres e fábricas e pola arribada á cidade de inmigrantes españois e de antigos escravos. Ca fin de alcanzar salarios máis elevados, mellores condicións de traballo e dereitos legais ante o trato abusivo de non poucos patróns, moitos obreiros agrupáronse en sindicatos e en organizacións

como o "Círculo de Trabajadores de La Habana", creado en 1885. A súa loita polas reivindicacións resultou moitas veces accidentada e non escasearon as folgas e as protestas públicas dos obreiros. Mención especial merece a folga dos tabaqueiros levada a cabo en 1886 e que concluíu coa vitoria para eles. Tamén naquel tempo foran cobrando forza entre a clase traballadora dúas tendencias ideolóxicas que relegaban a un plano secundario a vella corrente reformista: o anarquismo e o socialismo. O anarquismo chegou a se implantar en Cuba principalmente a través dos obreiros procedentes de Cataluña, logrou establecer alí sólidos alicerces e tivo como máis importante órgano de divulgación ao xornal *El Productor*, que comezou a se imprimir en 1887.

Ademais destas dúas tendencias ideolóxicas, debe destacarse que durante a década 1880–1890 cobran certa relevancia na conciencia dalgúns sectores da poboación cubana o espiritismo, de modo particular na rexión oriental da illa, e as relixións evanxélicas como a bautista, a presbiteriana e a metodista, traídas dos Estados Unidos polos emigrados da "Guerra de los Diez Años". Tamén para asombro e indignación da Igrexa Católica, que na súa xerarquía máxima estaba integrada case na súa totalidade por peninsulares, increméntase a masonería. A sociedade masónica xa contaba con numerosas loxas ao longo do todo o país e cunha revista de saída quincenal: *La Gran Logia*, fundada en 1881.

Neste tempo os entretementos principais dos veciños da Habana eran, no caso dos nativos de España, as corridas de touros, os saltos con pértega, as loitas entre cans e xabarís que tiñan por escenario a Praza de Regla, así como os partidos de fútbol e os xogos de birlos e de pelota vasca. Os crioulos, en cambio, preferían as pelexas de galos, os bailes, o xogo de lotería e a práctica dun novo deporte, o béisbol, tamén traído polos emigrados nos Estados Unidos e que se convertería, ao cabo duns anos, no gran pasatempo nacional. Da mesma maneira, o xadrez contaba con numerosos e apaixonados xogadores que se reunían no Club de Ajedrez de La Habana. Grazas a ese entusiasmo e ao seu apoio económico lograron que a desputa do título mundial deste deporte, entre o ruso Chigorin e o alemán Steinitz, se desenvolvese nesta cidade en 1889. Tanto os contendentes coma os seguidores das partidas estiveron entón moi lonxe de imaxinar que naqueles momentos, precisamente na capital cubana, daba os seus primeiros pasos José Raúl Capablanca, quen sería un dos máis extraordinarios campións mundiais de xadrez.

A asistencia aos teatros tamén constituía unha práctica común dos habitantes da Habana. O público de orixe hispana gustaba de presenciar as zarzuelas e os dramas de autores españois que se levaban á escena no Teatro Tacón, mentres que os crioulos preferían as pezas do xénero bufo, cheas de humor e de desenfado, que se ofrecían no Teatro de Torrecillas. Nestas obras, ás veces baixo a roupaxe do sai-

nete de costumes ou da parodia, facíanse mordaces críticas aos gobernantes da illa. *Viaje a la luna* (1885), de Raimundo Cabrera, gozou de notable aceptación e quedou como exemplo deste teatro vernáculo que algúns críticos consideran o xerme do teatro nacional.

*O vello Teatro Tacón, onde se representaron zarzuelas e pezas dramáticas de autores españois.*

Así mesmo, tamén daquela se ofrecían noutros importantes escenarios habaneiros (como os teatros Irijoa, Cervantes, Albisu e Payret) xoguetes cómicos, pezas de teatro lírico, zarzuelas, traxedias e bailes. Grande impacto causaron, en 1887, as actuacións da famosa actriz Sara Bernhardt no Teatro Tacón. Malia o elevado prezo das entradas, o público encheu todas as butacas en cada unha das funcións. A alta sociedade cubana non escatimou esforzos no seu afán de loar á Bernhardt e a artista correspondeu con palpable desdén a todas as atencións que lle brindaron.

Nos bailes tamén eran evidentes as diferenzas culturais entre nativos de España e crioulos. Os primeiros, fieis ás súas tradicións, deleitábanse coa xota aragonesa e o baile flamenco, namentres que os segundos eran máis partidarios do *danzón,* un xénero musical creado en 1877 polo matanceiro Miguel Failde e que incorporaba sons da música de orixe africana. As festas na casa de aristócratas cubanos sempre eran animadas por un grupo de intérpretes, case sempre mulatos, especializados en executar danzones. Dentro da chamada música culta, debe sinalarse en primeiro lugar as composicións de danza para piano que por esta época escribe Ignacio Cervantes, o máis destacado músico cubano do século XIX, así como o *Scherzo capriccioso* que dá a coñecer en 1886. O ano anterior o pianista de orixe holandesa Hubert de Blanck fundara na Habana un Conservatorio de música que se mantivo en activo durante varias décadas e que foi centro de formación de numerosos compositores cubanos.

Á diferenza da música, é moi pobre a contribución que a pintura ofrece ao desenvolvemento cultural da illa nestes anos. A Escuela Nacional de Bellas Artes —máis coñecida por Academia "San Alejandro"—, creada en 1877, continúa exercendo un férreo labor rector nas preferencias creativas dos pintores,

que crean paisaxes e retratos marcados polos canons academicistas. Se cadra o máis sobresaínte durante esta década no terreo das artes plásticas sexan os cadros de personaxes típicos cubanos que realiza o vasco Víctor Patricio de Landaluce, quen os reproduciu no valioso volume *Colección de artículos, tipos y costumbres de la Isla de Cuba* (1881). Grazas ás súas estampas puidemos coñecer a imaxe que proxectaba o negro caleseiro e a mulata criada.

Moito máis valioso resulta a achega da literatura. Ao longo deste período edítanse —paradoxalmente no estranxeiro— algunhas obras fundamentais das letras cubanas. En orde cronolóxica son: *Francisco. Novela cubana*, Nova York, 1880, de Anselmo Suárez y Romero; *Ismaelillo,* Nova York, 1882, de José Martí; *Cecilia Valdés o La Loma del Ángel,* Nova York, 1882, de Cirilo Villaverde; *Diccionario biográfico cubano,* Nova York, 1878–1886, de Francisco Calcagno e *Mi tío el empleado,* Barcelona, 1887, de Ramón Meza. Co breve poemario de Martí abríronse as portas do movemento modernista, que constituíu toda unha renovación da literatura en lingua española. *Cecilia Valdés...* é a gran novela cubana do século XIX e unha panorámica da sociedade existente naquel tempo na illa, pois nas súas páxinas atoparemos o personaxe literario máis coñecido das letras nacionais, exemplo da mulata fermosa e sensual.

Ademais da narrativa e da poesía, cobran auxe o ensaio, a crítica literaria e a oratoria. Na tribuna política e na disertación sobre asuntos culturais alcanzan celebridade valiosos intelectuais como Sanguily, Montoro e Varona. Os escenarios para as súas exposicións foron o Liceo Artístico y Literario de Guanabacoa, o Liceo Artístico y Literario de Regla e os faladoiros amigables que organizaban nos seus respectivos fogares José Antonio Cortina e Nicolás Azcárate. Os órganos de prensa preferidos para a divulgación de textos literarios son fundamentalmente as magníficas revistas *La Habana Elegante*, *El Fígaro* e *Revista Cubana*, xurdidas en 1883, a primeira, e en 1885 as dúas últimas. Son os anos en que o positivismo, como corrente filosófica, gaña terreo e as ideas evolucionistas enfróntanse á vella escolástica, que causara grandes prexuízos nos métodos de ensino.

En 1887 existían na illa 783 escolas en total, o 64'89% da poboación branca era analfabeta e en canto á poboación negra a cifra ascendía a un 87'72%[6]. Non obstante, malia estes datos tan deplorables, pode sinalarse que durante este decenio o número de centros docentes case se duplicou. Por aquela época as principais escolas eran o Colegio de Belén, dirixido por sacerdotes xesuítas, as Escuelas Pías de Guanabacoa, creadas pola orde dos escolapios, e os cole-

6 *Instituto de Historia de Cuba: Historia de Cuba. Las luchas por la independencia nacional y las transformaciones estructurales. 1868-1898*, A Habana: Editora Política, 1996.

xios “San Anacleto” e “La Gran Antilla”. A Universidade da Habana seguía a ser o único centro de altos estudos na illa. En 1885 esta institución outorgoulle por vez primeira a unha muller o título de graduada. Ese honor recaeu na catalana Mercedes Riba Pino tras concluír os seus estudos de Filosofía.

Malia as considerables limitacións que naquel tempo padecía o sistema de ensino cubano, era posible detectar entre as autoridades docentes e os mestres unha vontade de acción cara ao seu melloramento. En 1884 efectuouse en Matanzas o Primeiro Congreso Pedagóxico, que tivo fonda resonancia nos claustros de profesores, e dende o ano 1882 viñan publicándose na revista *El Profesorado de Cuba*, dirixida a lles ofrecer importantes informacións aos educadores. Cada vez facíase máis firme o criterio de que era necesario conferirlle unha maior significación ao ensino público en Cuba. Á mesma conclusión chegaron tamén moitos inmigrantes españois que decidiran establecerse na illa de modo permanente.

Os sectores numericamente máis importantes desa comunidade hispana tiveron por aqueles días a oportunidade de canalizar o seu espírito gregario a través das asociacións rexionais, algunhas das cales foran creadas nos anos anteriores. En 1886 funcionaban na Habana a Sociedad de Beneficencia “Naturales de Cataluña” (1840), a Sociedad de Beneficencia “Naturales de Galicia” (1871), a Asociación Canaria de Beneficencia y Protección Agrícola (1872), a Sociedad Asturiana de Beneficencia (1877), o Centro Gallego (1879), a Sociedad Balear de Beneficencia (1885) e o Centro Asturiano, fundado en maio dese ano. Os beneficios destas entidades ían dende a atención médica e a superación educacional ata a celebración de festas e bailes para os asociados. Lonxe de desaparecer, lograron consolidarse co transcurso do tempo e trala independencia de Cuba multiplicouse o seu número grazas ás ducias de miles de inmigrantes españois que se estableceron na illa durante as primeiras décadas do século XX.

*O fermoso pazo do Centro Asturiano.*

Aínda que en 1885, cando viu a luz o primeiro número de *A Gaita Gallega*, os cataláns residentes en Cuba estaban enfrascados nunha colecta de diñeiro para construír nas aforas da capital unha Ermida á Virxe de Monserrat. Os andaluces, pola súa banda, tamén recadaban diñeiro, pero, neste caso, para axudar aos damnificados polos terremotos ocorridos en Andalucía a principios dese ano. Os oriúndos das Illas Baleares culminaban o proceso organizativo da súa sociedade de beneficencia e entre a colonia asturiana corría a iniciativa de crear un centro rexional a imitación do galego. O antedito Centro Gallego fora creado en 1879 nun acto fundacional celebrado no Teatro Tacón. Ao ano seguinte, creou un corpo docente que se inaugurou con 109 alumnos e un grupo reducido de mestres; pero en 1887 a cifra xa ascendera a 763 educandos, dos cales máis da terceira parte foran nados en Galicia. A biblioteca do centro contaba entón con máis de mil volumes e o prestixio da institución en xeral crecía por días. Neste ano a Junta de Gobierno del Centro Gallego acordou financiar a publicación dos últimos tomos da *Historia de Galicia*, de Manuel Murguía, e fixo un chamamento a todos os seus membros para socorrer con axuda monetaria aos damnificados polos temporais ocorridos en Ourense e en Lugo naquel verán. Por entón a cifra de socios estaba moi preto de 4.500 e aspirábase a establecer pronto unha casa de saúde propia, así como a construír un palacio social máis amplo e confortable.

A primeira saída de *A Gaita Gallega* tivo lugar nos momentos en que a colonia galega da Habana se atopaba enfrascada nos preparativos da función que se efectuaría no Teatro Tacón para celebrar o 25 de xullo o día de Santiago Apóstolo. No acto, que tamén incluía a recadación de diñeiro para a Sociedad de Beneficencia Naturales de Galicia e fora dirixido polo mestre Joaquín Moriño, ofrecéranse interpretacións de gaita e tambor, danzas como a titulada "A Muiñeira" e cancións tan coñecidas como "Unha noite n'a eira d'o trigo" con letra de Manuel Curros Enríquez. Ao concluír a función levouse a cabo un baile de gala con orquestra nos salóns do centro.



*O Centro Galego sufragou a edición de varias obras de Murguía.*

Dentro da considerable colonia galega existente en Cuba durante esta década, debe destacarse a aqueles intelectuais que realizaron un labor sobresa-

ínte. Merecen o primeiro lugar os propios directores de *A Gaita Gallega*: Manuel Lugrís Freire (Roque d'as Mariñas) por escribir e ensaiar en 1885 a peza dramática *A costureira de aldea*, que non chegou a se imprimir, e Ramón Armada Teijeiro (Chumín de Céltegos), quen ademais de realizar unha valiosa tarefa como xornalista e de ocupar o importante posto de secretario do Centro Gallego, deu á publicación en 1886 o seu "apropósito líreco-dramáteco en dous autos e sete cuadros", con música do mestre Felisindo Rego, *¡Non mais emigración!*. Ao ano seguinte, Jesús María Caula (G. Sus) deu a coñecer o seu divertimento literario *Pedazoz; escenas y escesos de por acó*, onde mestura poemas en galego e estampas humorísticas de Armada, Lugrís Freire e Waldo Álvarez Insúa. Este último, que viña dirixindo a revista *El Eco de Galicia* dende 1878, imprime o libro de exaltación da súa terra natal *Galicia contemporánea; páginas de viajes* (1889), que é moi ben recibido polos seus coetáneos. É tamén neste período cando o coruñés Álvaro de la Iglesia Santos, con *Una vocación (síntesis de una novela)* (1887), inicia a súa produción narrativa, que vai incluír máis tarde unha valiosa serie de tradicións e lendas cubanas. Pola súa banda, o ortigueirés Manuel Gómez Cordido, profesor do cadro do Centro Gallego, publica unha *Aritmética teórico-práctica* (1888) que vai servir de texto de estudos neste e noutros centros docentes. Se cadra non resulta arbitrario agregar á presente relación o cubano Fernando García Acuña, quen nacendo en Macuriges, Matanzas, realiza a viaxe á inversa, a Galicia, e en Betanzos dá á imprenta o libro de poemas en galego e en castelán *Orballeiras* (1887), onde ademais de lle cantar á terra galega e de lamentar a perda da muller amada, confesa: "¡Oh, Cuba!... por ti suspiro".


GALICIA MODERNA

*Un importante semanario —dirixido por José Novo— coetáneo de A Gaita Gallega.*

Ademais de *El Eco de Galicia*, mencionado no parágrafo anterior, no decenio dos anos 80 publícanse na Habana varios órganos de prensa dirixidos a un sector rexional dentro da comunidade española en Cuba. Este feito, vinculado ao auxe das asociacións provinciais e comarcais e ao desenvolvemento alcanzado pola imprenta da illa, garda relación tamén coa significación que a partir de entón adquiren as publicacións periódicas. De acor-

do coa orde cronolóxica, debemos comezar por mencionar *El Eco de Covadonga*, dirixido á colonia asturiana e que xorde en 1882. Séguenlle *La Voz de Cantabria*, decenario "consagrado a representar en esta isla los intereseses de las provincias vascongadas, Santander e Asturias", que ve a luz en abril de 1884, e *El Heraldo de Asturias*, tamén voceiro dos asturianos, que comeza a saír en xaneiro de 1885 baixo a dirección do avilesino Lucio Suárez Solís. Dous meses antes de que apareza *A Gaita Gallega*, José Novo García saca á luz o semanario *Galicia Moderna* e en setembro dese mesmo ano, 1885, grazas ao entusiasta esforzo do escritor Pedro Giralt e de Gabriel Costa, os cataláns poden contar cun órgano de prensa propio: *L'Almogavar*. No mes de xuño do seguinte ano comeza a se publicar o semanario *Laurac-Bat*, dedicado aos vasco-navarros e as súas sociedades benéficas, e pouco despois os canarios poden gozar dun medio de expresión que os representa: *El Eco de Canarias*. É dentro dese concerto de publicacións seriadas da comunidade española en Cuba que se enmarca, con trazos propios e ben definidos, *A Gaita Gallega*. A súa aparición, o 5 de xullo de 1885, non contou coa indiferenza dos órganos de prensa cubanos. Dous días despois o *Diario de la Marina*, na sección "Gacetillas", incluíaa dentro da relación de publicacións recibidas:

> Publicaciones varias — Hemos recibido el *Eco de Covadonga*, *El Pilareño*, el *Profesorado de Cuba*, *La Voz de Canarias*, *El Clamor Público*, *El Boletín Oficial de los Voluntarios*, *A Gaita Gallega*, *El Adalid*, el *Eco Habanero*, *La España*, *El Eco de Galicia*, el *Heraldo de Asturias*...[7].

E días despois, na mesma sección, brindoulle o mesmo saúdo:

> Un nuevo colega — se nos ha obsequiado con su *primera tocata*, muy agradable por cierto, *A Gaita Gallega*, periódico que ha comenzado a ver la luz en esta ciudad, redactado por personas que conocen perfectamente el dialecto de aquella hermosa tierra que muchos llaman la Suiza Española. Deseamos al nuevo colega toda clase de prosperidades.[8]

De modo burlesco, aínda que non ofensivo, dous días despois da primeira entrega aparecía este solto no diario *El País*, órgano dos autonomistas:

7 "Gacetillas", *Diario de la Marina,* A Habana, núm. 158, ano XLVI, 7 de xullo de 1885, p. 3

8 "Gacetillas", *Diario de la Marina,* A Habana, núm. 160, ano XLVI, 9 de xullo de 1885, p. 3

A gaita Gallega —hemos recibido la tocata primera de este periodicu que no entendimus. Ben se nus alcanza que nus saluda y le contestaimus ajradecidus.

Saldrá una vez o mes.

Le deseamos larga vida a este colega que no admite suscriptores y que vende el número suelto a 50 centavos[9].

*No Parque Central tiñan lugar as populares "retretas" da Banda Municipal de Música da Habana.*

Durante catro anos, non sen algunhas regularidades, continuou imprimíndose esta publicación, dirixida a unha florecente comunidade que incrementaría o seu esplendor e alcanzaría notoriedade nas décadas seguintes.

A Habana, 30 de xaneiro de 1999.

9 "Gacetillas", *El País*, A Habana, núm. 29, ano I, 7 de xullo de 1885, p. 3

# Ramón Armada Teixeiro e *A Gaita Gallega*

Yolanda Vidal Felipe

Polos anos 70 do século pasado, chegaron a Cuba españois de diferentes rexións, entre eles unha morea de galegos. Neste grupo de mozos cheos de ilusións atopábase quen en curto tempo fundaría o primeiro xornal escrito completamente en galego e que destacou como unha das figuras de relevo entre os galegos do noso país: Ramón Armada Teixeiro.

O Centro Ramón Piñeiro, co fin de preservar o patrimonio galego en Cuba, publica agora a edición facsimilar de *A Gaita Gallega*, da que foron corazón e vida Ramón Armada Teixeiro e Manuel Lugrís Freire. Non podemos falar, nin tan sequera pensar nesta publicación que naceu para o público o 5 de xullo de 1885, sen ter un breve recordo para Chumín de Céltegos (pseudónimo do poeta de Ortigueira, Ramón Armada Teixeiro) e para Roque d'as Mariñas (pseudónimo do coruñés Manuel Lugrís Freire), quen colaborou nesta empresa soamente nos seus primeiros números.

Como tantos outros galegos Armada emigrou a América antes dos 17 anos (1873). A Arxentina sería o seu primeiro punto de contacto coas terras americanas. Segundo os seus biógrafos andou pola república riopratense "coa nostalxia ó ombro, xa que a vocación de comerciante non lle atraía. El non tiña a alma de fenicio, senón que eran as súas deidades as musas do Parnaso".

Na Arxentina é tocado pola fortuna, por vez única e primeira, cun premio da lotería. Como todo emigrante que ten morriña dos seus lares, cando se viu cun feixe de cartos no peto, non tivo outra idea que volver!, volver! á súa querida Santa Marta de Ortigueira. E cando entre labores e soños pasaron tres anos, decatouse do insuficiente que era a súa riqueza, e impulsado pola necesidade de buscar traballo polo mundo ou polos "apetitos viaxeiros herdados daqueles ascendentes nosos que desfloraron o mar tenebroso e nos deixaron as ansias de saír adiante", o noso biografiado reiniciou a emigración. Empuxado á fuga da súa realidade e seducido pola cidade "que baña os seus pés de irritada espuma e da que a lenda traspasa os mares propagada polos indianos triunfadores", chegou á Habana.

A nova do reembarque produciu no seu ánimo, tal vez, o recordo agredoce da súa primeira viaxe. El non era un emigrante carente de instrución como outros, pois tiña estudos de comercio antes de emigrar para a Arxentina. Aínda

así, coma calquera dos seus paisanos, sentiría no máis íntimo do seu ser unha loita violenta entre a resolución e o temor, entre a dúbida e a esperanza. Todas as narracións escoitadas aos seus compatriotas pasarían pola súa mente durante o traxecto. Como todos, vería, a través do océano, o paraíso encantado onde se asentaría o seu ideal supremo de vida. Quen non alimentou a súa mente de esperanzas?, que mozo non pensa en amores, na graza da xa, por entón, célebre muller tropical?

Cuba era xa famosa pola súa cana, o seu azucre e o seu ron. Un país onde se contaba por onzas ou por centenes, incitaba a emigrar, co fin de obter unha vida mellor. Ninguén imaxinaba que tamén existía a miseria coa súa fatídica tristeza, só temían as febres, o clima, mentres soñaban que coa chegada ao país do sol, cambiaría a súa sorte.

A Habana que Ramón Armada Teixeiro viu á súa chegada (1877) —algúns afirman que chegou no 1878—, foi a que hoxe coñecemos como Habana Vella, área da cidade que desde mediados do século XVII a finais do XIX estivo cercada pola antiga muralla, e cuns trazos que coinciden na actualidade coas rúas Egido-Monserrat e o litoral do porto. Durante 400 anos foi este o centro político-económico e cultural do país, cunha extensión territorial de 142 hectáreas e unha poboación de 24 000 almas. Unha cidade de rúas angostas e moi descoidadas, onde florecía a vida mercantil. Moito se falou sobre as primeiras impresións daqueles homes á súa chegada, moito se escribiu da soidade na que se encontraba o emigrante os primeiros días, no descoñecemento absoluto de cousas e persoas.

*O poderoso Casino Español, do que Armada Teixeiro foi secretario.*

A Habana era ante todo unha cidade mercantil: a Lonxa de Víveres, a Aduana, a Bolsa, outorgábanlle un carácter específico. A sociedade cubana tiña trazos e costumes propios, e naquela localidade colonial do derradeiro tercio do século XX as grandes familias recibían os seus amigos, unha ou dúas veces ao mes, en días sinalados ao comezo do ano, aínda que o número de familias que levaban ese tipo de vida, limitábase a unhas trinta; iso si, coa fastosidade que lle correspondía a unha capital de afamado renome. En todas

as festas xuntábanse sempre as mesmas persoas, polo que ir a unha desas casas —segundo os investigadores da época— supoñía coñecer a toda A Habana. Para a alta sociedade habaneira era motivo de grande expectación viaxar a Europa, segundo contan os cronistas daqueles tempos, e así os que podían viaxar facíano con gran pracer, mentres que os que quedaban choraban a súa desgraza.

Xunto a esas manifestacións sociais da clase alta estaba a modesta vida do maior núcleo de poboación. Recibían visitas, pero sen pretensións, só por ter o gusto de se xuntar cos amigos de máis confianza, como unha necesidade de esparexemento. O pobo —anónimo— divertíase pouco, para el só había paseos polo Parque Central ou unha función de horas nos teatros Albisu ou Tacón, ou bailes no Irijoa, que máis tarde se chamou Teatro Martí.

As "retretas" —como denominaban entón aos concertos instrumentais que daban os domingos, e o xoves no centro do Parque Central— e unha charanga militar constituían as únicas atraccións para aqueles que non tiñan outros recursos, nin outros medios de expansión. Os mozos, como os de hoxe, eran alegres e tiñan por club as salas de armas e a hoxe histórica beirarrúa do Louvre como lugar de lecer.

No político, a emigración galega chegou a Cuba no período histórico das dúas grandes guerras e unha guerra, podemos dicir, menor, a do 68, coñecida na historia como a Guerra de los Diez Años (1868–1878). Esta consolidaría a nosa nacionalidade, que xa anos atrás tomara forma nas loitas sostidas entre crioulos e peninsulares, e tras dez anos de contenda e de diversos avatares para ambos os dous contendentes, culminou coa Paz de Zanjón (10 de febreiro de 1878).

As sociedades de recreo e beneficencia na Habana eran numerosas. O primeiro lugar destas institucións ocupábao o Casino Español, cerebro da Habana peninsular. Contan os historiadores que nos seus salóns discutíanse os asuntos que máis gravemente afectaban á illa. A condición de socio foi por moito tempo a patente de "españolismo". Apagada a lapa da Guerra dos Dez Anos tomou forza entre os peninsulares a necesidade de se independizar da institución nai, e, ao mellor sen medir o alcance dos seus propósitos, comezaron a se agrupar por rexións. Así xurdiron o Centro Catalán, o Canario, o Centro Galego da Habana (1879), o Asturiano, etc. Os máis prósperos levantaron as súas casas en edificios separados, con vida independente; outros, sen elementos para construír casinos propios, mantiveron as súas organizacións rexionais, que foron coñecidas como organizacións menores.

O Centro Galego da Habana nace o 23 de novembro de 1879. A prensa da época fala do meritorio labor dos seus fundadores, da súa abnegación, da súa contribución económica para crear a base da casa que levaría nos seus ombros a tarefa de unir os emigrantes galegos en Cuba baixo os latexos dun só corazón

e, dentro del, toda a alma de Galicia para facer máis soportable a saudade e menos afastada a paisaxe estrañada. Libres, sós no seu Centro, comunicáronse os seus problemas e os seus defectos, cambiaron impresións e baixo o acubillo da súa xunta directiva trataron de canto conviña ao seu porvir, en particular os afáns de superación e a necesidade de asistencia médica.

Lembremos tamén neste día ao que desde o seu xornal *El Eco de Galicia* lanzaba a idea da fundación deste Ateneo: o reputado xornalista Waldo Álvarez Insua, quen non só tivo a brillante idea da creación do Centro, senón que por medio das páxinas do seu xornal podemos valorar a historia da galeguidade en Cuba desde 1878 ata 1901.

A inauguración oficial do Centro Galego da Habana tivo lugar o 11 de xaneiro de 1880 no antigo edificio de Prado e Dragones. Nas actas aparece o contrato de arrendamento da casa de Prado esquina Dragones asinado o 15 de decembro de 1879, onde se destaca a sinatura de Ramón Allones como representante do centro. O seu primeiro regulamento foi aprobado o 12 de decembro dese mesmo ano.

*Álvarez Insua promoveu a creación do Centro Galego dende as páxinas de* El Eco de Galicia.

Foron aqueles anos tempos duros para o noso país e tamén para aqueles homes. Moitos deles pasaron sen historia, aínda que fixeran historia a través das súas institucións menores, testemuñas que son un canto á lembranza e ao amor: desde Naturales de Ortigueira ata Os Fillos do Partido de Lalín, por só nomear algunhas delas.

Ao facer unha análise da emigración galega na figura dun dos seus homes, non podemos esquecer un lugar de lembranza respectuosa, Trisconia. Máis dun historiador escribiu sobre este campamento para emigrantes que ten a súa orixe nos tempos da Colonia. Situado na Casa Blanca, barrio ultramarino do termo municipal da Habana, é ao comezo deste século cando chega á súa maior organización no referente á emigración. Sobre este campamento hai diferentes xuízos: segundo a historiadora Eva Canel, Trisconia era un nome fatídico, encubridor de torturas arrepiantes; pero a mesma autora, no seu libro *Lo que vi en Cuba* (1916), cualifica o campamento como un lugar de magníficas condicións; outras testemuñas afirman que alí o pasaban de forma aceptable.

Descoñecemos se o noso biografiado estivo nel, pero si sabemos polos estudos feitos nas actas que os centros rexionais estableceron unha sección de emigración, co fin de amparar aqueles homes que á saída das súas aldeas estiveran asociados ás diferentes organizacións rexionais que os representaban en Cuba. Elas, coa súa recoñecida solvencia respondían polos acabados de chegar e desa maneira evitaban os longos e complexos trámites que dilataban a súa estadía nese campamento.

Desde a súa chegada á Habana, Ramón Armada non descansou na súa loita por salvagardar a identidade cultural dos galegos en Cuba, ben coa súa pluma de xornalista, ben como socio de mérito, voceiro e presidente das xuntas ou como subdirector e director da Sección de Instrucción.

Na década dos 80 orixináronse grandes cambios en España. O Rei Alfonso XIII morre (1885) e sucédeo no trono a súa dona María Cristina, como raíña rexente. O novo goberno español promete atender as necesidades de Cuba, xa que segundo documentos da época (1883) o estado da illa era desastroso, había unha crise económica a causa dos baixos prezos do azucre, a pobreza era grande e a inmoralidade administrativa chegara a ser tan escandalosa que producía desgusto, tanto para cubanos como para peninsulares.

Por outra banda, daquela o rexionalismo non se conformaba con manifestarse a través das asociacións, senón que tiña publicacións como elementos de eficaz axuda para a difusión dos seus intereses. A prensa rexional gozaba na illa de Cuba dunha extraordinaria importancia, xa que os peninsulares que residían no noso país posuían como o máis valioso da súa vida dous cariños, primeiro o seu amor a España, despois o apego á rexión na que abriron os seus ollos á luz da existencia. A súa circulación era considerable, porque os emigrantes gustaban de ler as correspondencias directas que recibían da súa rexión, e nesas seccións comunicábanse e consignaban sucesos que afectaban aos lectores en xeral, polo que esa prensa tiña unha misión importante, xa que contribuía a afirmar nos seus ese amor que se ten ás cousas que nos rodean ao nacer, así como a conservar os máis puros afectos que se desenvolveron á calor dos primeiros anos.

A prensa galega da época reflite a dor das nais dos emigrantes, e desta mágoa é claro expoñente a composición "Nai chorosa", de Alberto Camino, publicada en *A Gaita Gallega* no número correspondente ao 13 de decembro de 1885. Para ter unha idea dese sufrimento de muller e de nai, escollemos só un verso dese berro de angustia que o autor recolleu e que aínda hoxe, máis de cen anos despois da súa publicación, fire o meu corazón de muller e de nai.

*¡Adiós, meu corason!... adiós, mi niño*
*¡Lus dos meus ollos, meu garrido amor!...*
*¡Adios xa para siempre, meu filliño...*
*¡Vas para a Cova... deixame... ¡ai dolor!*

Tamén en *A Gaita Gallega* se divulgan no doce idioma de Rosalía de Castro notas, contos, poemas, novas do Centro Galego, así como as líricas lendas galegas. Na lectura desta publicación sentímos o arrolo dos ríos e o canto do vento ao redor das montañas dun país nostálxico, verde, húmido e agarimoso que os romanos chamaron Gallaeciae, os xermanos Suevia, e hoxe chamamos Galicia. Sobre este xornal, Xosé Neira Vilas expón, na súa monografía *A prensa galega de Cuba,* que se trata dunha publicación de pequeno formato inspirada no libro homónimo de Xoán Manuel Pintos (1853) que, segundo expresa o autor, non só é homónimo no título, senón tamén no xeito en que os seus fundadores o escribiron. É, por fin esta publicación, unha gaita ben tocada na que o editor presenta de forma ideal o seu estilo xornalístico, na que as máis salientables voces galegas daquel tempo viaxaron a través das ondas para lle cantar á Galicia de ultramar.

*A Gaita Gallega* publicouse con regularidade desde o 5 de xullo de 1885 ao 18 de decembro de 1887. Reapareceu o 20 de xullo de 1889 como suplemento de *El Eco de Galicia* por pouco tempo, xa que en decembro dese ano deixa de saír definitivamente. Entre os méritos desta publicación destacaremos o feito de ter sido o primeiro xornal editado completamente en galego, non só en Cuba, senón en América.

O ano 1885 non só foi para o noso biografiado o da fundación de *A Gaita Gallega*, foi ademais o ano da publicación de *¡Non máis emigración*! primeira zarzuela galega cualificada tamén polos especialistas como a segunda obra dramática da literatura galega, obra que foi estreada un ano despois (10 de abril de 1886) no Teatro Tacón cos seguintes actores: Dorila Rodríguez, Joaquín Alcántara, Íñigo Varela, Regino López, Antonio Franco, Secundino Mosquera, Felipe Das Cuevas, Jesús María Caula, Cándido Muxía, Manoliño Fernández, Dionisio Fernández. *¡Non máis emigración!* é un fermoso canto contra a emigración e os seus grandes problemas para o pobo galego. Nesta obra o autor expón o seu total desacordo coa emigración, a pesar ou precisamente por ter coñecido de cerca o drama do emigrado, xa que viviu na Habana gran parte da súa vida, entre 1877 e 1899 (primeira etapa) e 1909–1920 (segunda etapa) e morreu alí.

En *¡Non máis emigración!* Armada non amosa as súas experiencias persoais, xa que estas en Cuba non foron negativas, pola contra el foi un triunfador. No noso país revélase como escritor, adquire prestixio e desempeña importan-

tes cargos, no Centro Galego da Habana, onde se ocuparía da Secretaría escrutadora das eleccións do 29 de agosto de 1886, xunto a José Vinar Polo, Santiago González e Constantino Tejeiro. Foi membro da Comisión glosadora nas eleccións de agosto de 1886, onde para formar parte da Comisión obtivo 167 votos; persoa retribuída da sociedade con antigüidade no cargo (febreiro, 26/1887), secretario xeral do Centro nos anos 1888–1892, socio de mérito da institución (26 febreiro de 1888), vocal e vicepresidente das súas xuntas, subdirector e director da Sección de Instrucción. Na xestión pública foi xefe de negociado de cárceres e presidios (1898), secretario do Casino Español da Habana en 1911 e académico de número da Real Academia Gallega.

En ¡*Non mais emigración!*, o autor presenta a vida cotiá dos galegos en Cuba e noutros lugares de América. Pódese apreciar nesta obra a defensa dos seus costumes e a maneira de vivir da sociedade de entón. Segundo os especialistas non só é a primeira zarzuela galega, senón unha obra onde o autor manifesta o profundo coñecemento da vida dos galegos e do seu idioma.

A súa decidida vocación polas letras anímao a continuar escribindo e aínda que non pretendo facer un estudo crítico da súa produción literaria, quero aquí lembrar a súa obra, digna de gabanza, porque nela advertímos a sensibilidade do escritor, o coñecemento da historia do seu pobo e o emprego da súa lingua con acerto.

A obra de Ramón Armada Teixeiro publicouse en xornais e revistas de Cuba e España, as súas composicións literarias foron inicialmente compostas para ser lidas en festas galego-cubanas. Sobre esta obra Xosé Neira Vilas expón que Armada Teixeiro foi un poeta menor cun gran sentimento patrio na poesía, en canto que Manuel Curros Enríquez o cualifica como un poeta descritivo.


RAMON ARMADA TEIXEIRO

DA TERRIÑA

MILICROQUES.

A LA LÁS.

CALDO DE GRELOS.

*Armada Teixeiro foi tamén un poeta de inspiración popular.*

A súa **obra poética** está composta por:

— *Caldo de grelos*, Habana, 1895.

— *Aturuxos*, cunha introdución de Manuel Curros Enríquez, 1897.

— *Milicroques*, cun limiar de Álvaro de la Iglesia, orixinariamente editado en Ortigueira entre 1901 e 1906. Posteriormente o poeta xuntou

nun só volume, entregado á imprenta na Habana en 1918 co nome xenérico *Da terriña*, as tres obras anteriormente citadas coa única diferenza de ter cambiado polo de *A-la–lás* o título de *Aturuxos* que aparecía na primeira edición.

En **prosa** publicou as monografías *Galicia, su agricultura, industria y comercio* que constituíu o discurso inaugural de 1895–1896 no Centro Galego da Habana; *Labor moralizadora de las Sociedades Gallegas en América que sostienen planteles de enseñanzas*, premiada no certame de pedagoxía de Santiago de Compostela (1906), "Galicia (1906–1909). Crónicas de literatura e historia, industria, política, fomento, etc." para el *Diario de la Marina* da Habana. Escribiu tamén varios opúsculos de *Memorias* do Centro Galego da Habana, do Casino Español da Habana e Confederación de Colonias e Casinos Españois da República de Cuba. Ademais, como xa expresamos anteriormente, en 1885 publicou *¡Non máis emigración!*. Da súa obra atópanse na sección de publicacións galegas da Biblioteca do Instituto de Literatura e Lingüística da Habana os seguintes títulos:

— *Aturuxos*: Colección de cantares galegos con limiares de Manuel Curros Enríquez, A Habana: Imprenta e Papelería La Universal de Ruíz e Hno., 1898.

— *Da Terriña* (versos galegos) Milicroques, A la–las, Caldo de grelos. Limiar e xuizos críticos de Álvaro de la Iglesia, Manuel Curros Enríquez, Vicente Frais Andón, Eduardo Núñez Sarmiento e Aniceto Valdivia.

— *Da Terriña* (versos galegos). Xuízo crítico emitido na prensa de Cuba. A Habana, 1918.

— *Labor moralizadora de las Sociedades Gallegas en América que sostienen planteles de enseñanza. Su importancia educativa y patriótica.* A Coruña: Imprenta e fotogravado de Ferrer, 1806. Con este libro o autor obtivo o primeiro premio concedido polo *Diario de la Marina*

Na década dos anos 90 a situación cubana tórnase cada vez máis espiñenta tanto na política nacional como internacional. O 24 de febreiro de 1895, iniciouse en Cuba a Guerra de Independencia como consecuencia inevitable da política desenvolvida polo goberno de España en Cuba.

De nada servira a propaganda autonomista e os esforzos do Partido Liberal, o voceiro dos autonomistas. Malia a súa discreción e adhesión á chamada integridade nacional a nova guerra estoupou, as tropas invasoras percorreron a sangue e lume o país. A metrópole acabou por renderse ante a evidencia do irreversible triunfo das tropas mambisas.

O real decreto do 25 de novembro de 1897, que establece o réxime autonómico no goberno e a administración da illa de Cuba, foi remedio aplicado cando xa os males da colonia lle fixeran tomar aos patriotas a resolución inquebrantable de soster a loita ata sucumbir nela por acadar a liberación da patria. A pesar desa decisión a metrópole creu que aínda chegaban a tempo as medidas liberais que ocuparan a atención do país ao longo de dous tercios do século.

O Goberno Xeral da illa organizou tecnicamente o goberno autonómico, que comezaría a rexer os destinos do país o primeiro de xaneiro de 1898. Suprimiu totalmente os Centros da Intelixencia Xeral de Facenda, coa súa correspondente administración provincial, e a Secretaría Xeral do Goberno da illa. Estableceu no seu lugar outra Secretaría Xeral e un Consello de Goberno responsable e sinalou as atribucións dos departamentos. Así creado, todo isto viña sendo un posterior ensaio realizado para salvar o goberno colonial.

*A Habana, Pazo Presidencial.*

No goberno autonómico figuraron os galegos:

1– Laureano Rodríguez: como Secretario de Agricultura e Comercio, e membro da Sociedade Económica de Amigos do País da Habana.

2– Ramón Armada Teixeiro: como Xefe do Negociado de Cortes e Prisións (1898).

3– Manuel Hierro Mármol; comerciante que pertenceu á Dirección do Partido Autonomista.

4– Fabio Freyre: Gobernador de Pinar del Río.

5– José F. Pellón e Pedro Muria: rico industrial un e facendado o outro.

Ademais, esta forma de goberno tivo toda a simpatía de Manuel Curros Enríquez, simpatía que fixo oficial no seu artigo "Estrella Celeste" publicado en *El Figaro* en 1898.

Transcorridos 22 anos da súa chegada a Cuba, a vida de Armada Teixeiro está formada por unha longa suma de acontecementos. Algúns previsibles porque forman parte dun programa de vida que xa está trazado; outros, aínda que apartados, sorpréndennos. O desastre do 98 tal vez fose esperado, pero non desexado pola maioría dos peninsulares que viviron en Cuba. Armada Teixeiro era un deles.

Algúns autores opinan que o seu retorno a Galicia foi debido á posición ocupada na breve etapa do Goberno Autonomista. Carecemos de xuízos para formular unha causa. Ata onde chegan os nosos coñecementos, terminada a guerra comezou unha nova etapa nas relacións entre Cuba e España, e aínda cando ao día seguinte da vitoria mambisa se conta que fraternizaban cubanos e españois e que só ocorreron algúns incidentes, poderiamos pensar que el, o mesmo que outros españois que non se adaptaron ao novo status socio-político, decidiu retornar á súa terra. Este foi o caso tamén de Waldo Álvarez Insua e outros tantos homes con historia ou sen ela. Aqueles intres foron convulsos, morreu un mundo e naceu outro, pero ese mundo deixou un idioma e unha serie de costumes que nos vinculan á nai patria, pero esta vez cos lazos do corazón.

En canto á súa vida íntima, só podemos expoñer que ao igual que outros peninsulares que emigraron a Cuba, Armada Teixeiro fundou unha familia cubana e baixo o arrolo das nosas palmas naceron os seus fillos, por iso naqueles difíciles momentos do 99, ao irse no derradeiro barco, estamos seguros que xa lle nacera na alma ese singular fenómeno psíquico que o novelista galego Francisco Camba chamou "la otra nostalgia". Como tantos, Armada Teixeiro tamén sentiría as saudades de Cuba, feitos, recordos do triunfo, de gusto por aquel crioulismo amable e falangueiro, por ese atuamento noso que nos fai sentir máis unidos a todos.

Oito anos reside o poeta en Santa Marta de Ortigueira. Alí ocupa os cargos de xuíz municipal e voceiro da xunta de primeira ensinanza, ocupa ademais a secretaría do Concello entre 1903–1909. O mesmo que en Cuba alterna as súas tarefas burocráticas co seu labor literario. Funda o xornal *El Eco Ortigueirés* e publica interesantes "Efemérides" así como outras publicacións. Home de mundo, fai sentir a súa distinguida personalidade desde as fotos que ilustran as revistas e xornais do seu tempo. En Santa Marta ocupou o cargo de Presidente do Casino de Ortigueiras, e pronunciou o discurso da súa inauguración. En Viveiro, comarca próxima, obtivo o premio dos Xogos Florais.

Aos 51 anos volve emigrar á Habana, segundo os seus estudosos, por causa do caciquismo imperante en Galicia. Xa en Cuba, ocuparía unha pra-

za de redactor no *Diario de la Marina*, do que sería correspondente en Galicia e ademais estivo unido ao seu propietario por fortes lazos de amizade, como xa o uniran a Manuel Curros Enríquez ou a Vilar Ponte. Nese xornal compartía con eles vida ao mesmo tempo que colaboraba na dirección do Casino Español, así como na dirección da vicepresidencia do Centro Galego da Habana.

O primeiro de xullo de 1920 faleceu no noso país. Na Habana descansa o seu corpo, máis o amor á terriña xentil subsistirá na súa obra mentres latexe un corazón galego.


¡NON MAIS EMIGRACION!

*Armada Teixeiro levou a escena o drama da emigración que el coñecía moi ben.*

## Bibliografía


— *Actas del Centro Gallego de la Habana*, 1880–1892.

— Emeterio Santovenia, *Un día como hoy. 366 fechas en la historia de Cuba*, A Habana: Ed. Trópico, 1946.

— Fernando Portuondo del Prado, *Historia de Cuba (1492–1898)*, A Habana: Ed. Pueblo y Educación, 1975.

— Ramón Armada Teixeiro, *Aturuxos. Colección de cantares gallegos.* Limiar de Manuel Curros Enríquez, A Habana: Impr. e pap. "La Universal", 1898.

— Ramón Armada Teixeiro, *Da Terriña. Versos gallegos: Juicio crítico emitido en la prensa de Cuba*, A Habana: Editorial Ruiz, 1918.

— Ramón Armada Teixeiro, *Da Terriña. Versos gallegos: Milicroques. A la–las. Caldo de Grelos,* A Habana: Editorial Ruiz, 1918.

— Tesifonte Gallego, *Cuba por fuera*, A Habana: La Propaganda Literaria, 1890.

— Xosé Neira Vilas, "Significación de Ramón Armada Teixeiro", en: *Memoria da emigración*, I, Sada–A Coruña: Ediciós do Castro, 1994.

— Xosé Neira Vilas, *A prensa gallega de Cuba*, Sada–A Coruña: Ediciós do Castro, 1985.

# INTRODUCIÓN

# 2. INTRODUCIÓN

## 2. 1. *A Gaita Gallega* (1885-1889): CARACTERÍSTICAS XERAIS

Como ben é sabido, a historia da literatura galega, desde as súas primeiras expresións ata os nosos días, carece dunha evolución regular. Despois do obrigado esmorecemento a que se viu sometida durante séculos, o período decimonónico supón a revalorización da nosa entidade literaria e, consecuentemente, o seu incipiente renacemento logo do inicial latexar dos nosos Precursores e moi especialmente do emblemático *Cantares Gallegos* de Rosalía Castro (1863), fitos que espertan o serodio agromar da conciencia galeguista, reflectida a modiño en todos os ámbitos da sociedade. Evidentemente, non podemos falar dos trazos máis definitorios de *A Gaita Gallega* nin entender a súa repercusión e significado, sen considerar as circunstancias históricas e socio-culturais que a condicionaron e nas que se desenvolveu de xeito singular. Apuntaremos aquí de maneira sintética as notas máis caracterizadoras que nos poidan ofrecer unha panorámica global da intrahistoria desta revista da penúltima década do século dezanove, nada na emigración americana.

Foi na Habana onde se publicou discontinuamente, desde 1885 a 1889, *A Gaita Gallega*, revista galega que leva o indicativo subtítulo: "Repinica muiñeiras, fandangos y—alboradas, unha vez 'o mes", no tempo en que:

> "a Galicia da emigración (especialmente a de Cuba) acada unha importancia decisiva como motor da cultura galega, impulsando a creación de institucións económicas e culturais (centros galegos, sociedades filantrópicas, escolas, orfeóns, etc. e, finalmente, a Real Academia Gallega) e promovendo unha morea de actividades de signo galeguista eficazmente difundidas en publicacións periódicas"[1].

Resulta transcendente que neste panorama socio-cultural cubano no que emerxeu unha numerosa prensa galega e, moi particularmente, un considerable inventario de revistas que poderiamos calificar como galeguistas, xurdise en

1 Blanco Pérez, Domingo, "A LP na prensa", *Historia da literatura popular galega*, Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións da USC, 1994, pp. 127-128.

1885 *A Gaita Gallega*, primeira revista monolingüe en galego da emigración americana. Mais o feito de que estivese integramente escrita en galego non representou unicamente unha opción lingüística, senón que implicou, sobre todo, unha reivindicación da cultura galega, de máxima relevancia tendo en conta o epicentro de marxinalidade que a condicionaba, o que a individualizou notoriamente dentro do panorama no que participou.

*A Gaita Gallega* naceu o 5 de xullo de 1885 (data de aparición da primeira *tocata*), fundada por Chumín de Céltegos (Ramón Armada Teixeiro) e Roque d'as Mariñas (Manuel Lugrís Freire), que nun primeiro momento tamén se encargaron da súa dirección e administración. A publicación sobreviviu ata o 30 de setembro de 1889, a penas catro anos nos que se editaron vinte números ordinarios e un extraordinario (dedicado integramente á morte de Rosalía Castro). Como se poderá comprobar máis adiante, a revista singularizouse, neste eido, polo seu itinerario intermitente, sumándose así ao movemento de fluxo e refluxo da prensa decimonónica, rasgo moi natural se consideramos a escasa vida dos xornais galegos (inaugurada con *El Catón Compostelano* en 1800), amais da delicada época na que se publicou. Nembargantes, o mensuario foi desde a primeira tocata ata a última plenamente consecuente cos presupostos manifestos no editorial co que se inaugurou a publicación. De feito, o ideario e a liña programática de *A Gaita Gallega* inscríbense explicitamente no galeguismo e, precisamente, a introdución da ideoloxía galeguista en diversos ámbitos resultou ser unha das principais contribucións á cultura galega que os promotores da publicación realizaron ao longo da súa vida, levando a cabo, neste sentido, un vizoso e celmoso labor ideolóxico e cultural como intelectuais, xornalistas, escritores ou galegos. Nesta teima por recuperar, reivindicar e revalorizar a nosa matricidade ou identidade orixinaria é onde está, pois, a orixe e o fundamento desta revista de pequeno formato (28,5 x 20 cm.), activa propulsora do patrimonio cultural galego.

Unha sintética aproximación aos trazos máis definitorios de *A Gaita Gallega* pode atoparse, efectivamente, no citado manifesto, titulado "O noso pensamento" e asinado por Roque d'as Mariñas, alegato que ben cabería considerar como baluarte no vieiro da defensa da lingua e da renacencia literaria ou, por extensión, da renovación e vitalización da nosa cultura. De certo, na primeira parte do escrito antedito, que reflite as fontes e criterios nos que se basea a revista, declárase abertamente o anceio do mensuario de enmarcarse e ser partícipe activo no renacer que se está a producir nestes anos; exprésase claramente a idea de que a rexeneración da nosa patria vai paralela á rexeneración da nosa lingua e xustifícase, co seu prestixio ancestral, a creación dun xornal galego en América. O propio Roque d'as Mariñas di ao respecto:

> "O renacemento literario en Galicia vai collendo novas forzas, y—a nosa lingua ocupa hoxe un posto brilante entr'as rexionales. (...).
>
> Nosoutros que adouramos â nosa terra con verdadeiro amore; nosoutros, os gallegos de Cuba que siguimos (...) todol-os xeitos que tom'a rexeneración d'a pátrea; (...) non podemos por menos qu' axudar (...) á erguer d'a deixadez en que por longo tempo estivo, a dociña fala dós nosos abôs. — E de moita importanza pra nosoutros o protexela: (...) o deixala n-o olvido é aldraxarnos a nosoutros mesmos, é renunciar por compreto a que sea un feito o que para moitos é un tolo deseio.
>
> Inda qu'eisi non fora: nosoutros pensamos qu'a lingua qu'enxendrou ô portugués ô castellano; á lingua que n-o sigro XIII é XIV estivo en uso n-as Castelas, e casi n-a Spaña enteira, com'a mais própea pr'o linguaxe d'as musas; a lingua en qu' Alifonso o sábeo escribeu as mais brandiñas cántigas, a lingua co'a que Curros Enriques fai despertar n-o peito o santo entusiasmo pol-a pátrea, e Rousalía Castro fainos ouir a parola d'os anxeliños; a lingua en qu'as noxas nais nos insinaron a sentir as primeiras emociós; isa lingua é dina, é merecente de que teña n-o Novo-Mundo un periódico escrito sosmente n-ela."[2]

Así e todo, segundo puntualiza Núñez Seixas: "Neste órgano (...) non se abalroaban en absoluto temáticas de índole ideolóxica ou política, mais a aparición dun periódico en galego non deixa de ser significativa"[3]. É evidente, pois, que:

> "malia o seu carácter apolítico, trátase do primeiro órgano publicado integramente en idioma galego, e defendeu en toda circunstancia a dignidade e modernidade da lingua de Galicia, asemade contibuíu a difundir os mitos *nacionais* da súa Historia elaborados polo rexionalismo, e obras galeguistas de fasquía populista coma o *Catecismo do labrego de Lamas Carvajal*"[4].

Outro aspecto que cómpre salientar da primeira parte do alegato antedito, no que —como xa dixemos— se trazan os perfís máis significativos da revista, é o referente ás fontes referenciais que, en boa medida, condicionaron a confi-

2 Roque d'as Mariñas, "O noso pensamento", *A Gaita Gallega*, época 1ª, ano 1º, tocata 1ª, A Habana, 5-VII-1885, p. 1.

3 Núñez Seixas, Xosé M., "Os primeiros gromos do rexionalismo na emigración", *O galeguismo en América 1879-1936*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1992, p. 77.

4 Núñez Seixas, Xosé M.: "Inmigración e galeguismo en Cuba (1879-1939)", *Grial*, 115, Vigo, xullo, agosto, setembro, 1992, p. 361.

guración temático-formal da presente edición, pois, certamente, unha manifesta confirmación da traxectoria que se pretende seguir en *A Gaita Gallega* podémola atopar en textos como o seguinte:

> "O renacemento literario en Galicia (...) Despois d'unha gramáteca gallega, de dous diccionarios e de mui boas obriñas en verso, vai tamén tendo algús periódicos, e *A Gaita Gallega* vén a facer homilde compaña á *O Tio Marcos d'a Portela*, *O Galiciano*, e *Galicia*"[5].

En efecto, *A Gaita Gallega* amosa unha preocupación constante pola defensa da lingua como principal elemento de identidade, moi en sintonía coa nidia preocupación lingüística da época, derivada esencialmente do incipiente movemento galeguista e, así mesmo, do noso renacer cultural. En canto ás revistas citadas, *A Gaita Gallega* inscríbese, sen dúbida, nas directrices dos xornais unilingües en galego como *O Galiciano*, semanario pontevedrés que defendía vivamente o rexionalismo e no que a literatura tiña unha presenza notable; *Galicia*, semanario ferrolán de acusado compromiso galeguista ao distinguirse pola súa vontade de ennobrecer a lingua e a comunidade galega e, sobre todo, *O Tio Marcos d'a Portela*, primeiro periódico de Galicia publicado integramente en galego, baixo a inspiración do galeguismo, o populismo e o compromiso social.

O TIO MARCOS D'A PORTELA

PARRAFEOS C' O POBO GALLEGO

En liñas xerais, tamén os obxectivos e contidos de *A Gaita Gallega* aparecen explícitos na segunda parte da proclama "O noso pensamento":

> "Faremos por dar á coñecer o movimiento literario gallego (...). Todal-as sociedades gallegas d'esta cibdá teran en nosoutros un defensor, e todal-as cuestiós que á elas pertenzan serán de preferenza para nosco.

5 Roque d'as Mariñas, *art. cit.*, p. 1.

> ¡Dios queira qu'o pensamento que cobizamos cheguemos á velo realizado! (...): Pátrea quirida; imán d'o noso amor, xoya que mais queremos! Ahí tês a derradeira proba d'o noso amor sobr'o ten altar druídico. Galicia, ô fin eres a Suevia enxebre d'os nosos sonos"[6].

Consonte o afirmado con anterioridade, o protagonismo literario na revista é moi visible, mais non por iso podemos afimar que esteamos ante unha publicación xenuinamente literaria. Sería máis preciso considerar *A Gaita Gallega* como unha publicación cultural ou, se se quere, socio-cultural, cunha dimensión literaria moi representativa. Neste sentido, *A Gaita Gallega* non constitúe unha excepción tendo en conta que, conforme investigou César Antonio Molina:

> "Durante o período que poderiamos denominar como prehistoria da nosa prensa literaria, é dicir, a que abarca gran parte do século XIX, os conceptos de prensa cultural e de prensa literaria aparecen mesturados. As propias publicacións responden a esa confusión ó publicaren, xunto a traballos de creación e crítica literaria, outros relacionados con temas científicos, filosóficos e —sobre todo— sociais e políticos. A prensa literaria ten servido de ponte entre a literatura e o periodismo"[7].

Daquela, semella máis prudente falar de revista cultural que literaria, se ben a faceta literaria, en estreita relación coa lingüística e galeguista, é a predominante. Neste eido, non hai que esquecer tampouco que o despuntar da nosa literatura vai parello ao florecemento da prensa galega, de tal maneira que son moitos os autores que dan a coñecer e desenvolven a súa obra na prensa periódica, especialmente naquela comprometida coa causa galeguista.

Como se pode observar por todo o que levamos dito, queda ben confirmada a vea cultural, galeguista e apoloxética anunciada, implicitamente, na propia cabeceira da revista. Non é gratuíto, pois, que o título elexido para a publicación coincidise con obras galegas ou iniciativas culturais de gran repercusión e significado no ámbito histórico-social e artístico, e xa subxace nel a esencia vindicativa e singularizadora da publicación. Mesmamente na primeira tocata da revista inclúese un dos poemas ("Viva Galicia") do

6 *Ibíd.*, p. 1.

7 Molina, César Antonio, *Prensa literaria en Galicia (1808-1920)*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1989, p. 12.

volume de Pintos *A Gaita Gallega,* —primeiro libro do noso Rexurdimento— así como o poema "A Gaita Gallega" de Lamas Carvajal. A cabeceira da publicación tamén podería inspirarse no poema de Rosalía "A gaita gallega", de *Cantares Gallegos* —unha das composicións máis reivindicativas da autora— ou no xornal habaneiro *La Gaita Gallega* que, inda que era galego, estaba escrito en castelán. Así mesmo, o seu subtítulo "Repinica muiñeiras, fandangos y —alboradas, unha vez 'o mes" ou a separación da revista en "tocatas" ou "ruadas" non deixan de ser representativos do ton populista, festivo, folclórico ou satírico do mensuario.

Polo que respecta ao contido de *A Gaita Gallega*, a variedade temática e formal é notable. Tendo en conta a época da publicación, sorprende que a pesar dunha ampla presenza do verso, a revista integre, asemade, un amplo abano de rexistros prosísticos. Reprodúcense poesías, narracións, contos, lendas, fábulas, refráns, proverbios, traducións, comentarios diversos, artigos, crónicas, recensións varias, ensaios, traballos galeguistas, efemérides, semblanzas, evocacións, homenaxes, notas sobre música popular, pequenas biografías, etc.

Curiosamente, *A Gaita Gallega* non inseriu publicidade en ningunha das súas tocatas. Se cadra, este feito poida explicar, en certa maneira, a traxectoria irregular da revista. Unicamente rexistramos, neste sentido, apuntamentos nos que se anuncian ou describen actos socio-culturais. En canto ás ilustracións, só atopamos en *A Gaita Gallega* unha serie de debuxos que ilustraron os proverbios de L. U. GRIS que G. SUS recolleu en "Gallegos de por acó"; o programa de *Non máis emigración* e o aviso da venda de billetes para a representación desta obra de Armada Teixeiro ou, asemade, apareceu enmarcado en negro o número extraordinario dedicado á morte de Rosalía. Pola contra si pode afirmarse que, o igual que outras revistas do seu tempo, tamén *A Gaita Gallega* serviu ás veces de ponte de comunicación entre as dúas Galicias.

## 2. 2. Análise externa

### *2. 2. 1. O aspecto ecdótico e directivo-administrativo. Datación e cronoloxía. Traxectoria.*

É ben sabido que a emigración foi un feito determinante para o entramado social, económico, político, cultural e histórico do noso pobo. Na fondura e amplitude deste complexo feito da nosa historia moderna salienta, pola súa riqueza e densidade, o importante patrimonio documental, artístico e bibliográfico atesourado polos emigrantes galegos en América que, con paixón e esforzo, loitaron por facer presente unha identidade propia. A asunción das múltiples

actividades realizadas neste sentido polas comunidades galegas emigradas nesta etapa, tivo na Habana o seu espazo de referencia fundamental. De feito, Cuba configurouse como un núcleo de gran influxo no devir da concienciación da galeguidade e, consecuentemente, no desenvolvemento vertixinoso de organismos societarios así como na activa autoafirmación de Galicia e do galego.

*Ramón Armada Teixeiro (1858-1920).*

Como non podía ser doutro xeito, neste ámbito socio-cultural onde, efectivamente, as expresións culturais constituíronse, mesmo de xeito explícito, como manifestacións dun ideario galeguista máis ideolóxico que político-organizativo, emerxeu unha prensa propia, insospeitadamente fértil e diversa, que aínda cómpre estudar axeitadamente. Foi esencialmente nestas publicacións periódicas, voceiros moi significativos da nosa expresión e dos nosos degoiros, onde a nosa literatura tivo unha dimensión moi representativa. De certo, *A Gaita Gallega*, revista predominantemente literaria, non representou unha excepción neste sentido.

Na actualidade non é doado conseguir integramente moitas destas valiosas coleccións, fundamentais para un rigoroso coñecemento do noso patrimonio literario-cultural. A edición do facsímile de *A Gaita Gallega* insírese no proceso de revisión e recuperación da obra dos emigrantes galegos. Ao contrario doutras publicacións, a devandita revista consérvase na súa integridade e en bastante bo estado, polo que a súa edición contribuirá eficazmente ao contacto, estudo e investigación do noso pasado literario e da realidade cultural e social dos galegos da diáspora cubana.

A traxectoria da revista iníciase en 1885, ano no que, tal e como vimos de comentar, Manuel Lugrís Freire e Ramón Armada Teixeiro fundan na Habana, cos pseudónimos de Chumín de Céltegos (Ramón Armada Teixeiro) e Roque d'as Mariñas (Manuel Lugrís Freire), a revista mensual *A Gaita Gallega*. Como tantas outras revistas do seu tempo, non tivo unha traxectoria regular, feito motivado, en gran parte, por aspectos de tipo directivo-administrativo que operaron de xeito decisivo na evolución da revista. Neste eido cómpre ter en conta, amais, a produción, difusión e distribución da mesma, dado que o proceso creativo e

editorial da publicación tivo lugar na emigración nunha etapa de crise política, económica e socio-cultural que si se deixou sentir na nosa comunidade de Cuba.

Consecuentemente, o proceso de distribución e recepción da colección non foi tampouco masivo, posto que a revista estaba ideada polos emigrantes galegos asentados en Cuba, comunidade que non só tiña que loitar cos problemas económicos, burocráticos ou editoriais inherentes a publicación, senón tamén contra o alto grao de analfabetización que predominaba nos galegos da Habana e, sobre todo, contra a problemática valoración da galeguidade, o que provocou que moitos dos nosos compatriotas renunciasen ás súas orixes e se sentisen alleos a todo canto se facía por normalizar a situación, denunciando, incluso, moitas das iniciativas que se estaban a desenvolver para o rexurdir do noso patrimonio e para a educación do noso pobo. Inda así, moitos galegos desenvolveron no tempo de finais do século XIX e principios do XX unha frutífera e vizosa tarefa ideolóxico-cultural. Tal foi o caso de Manuel Lugrís Freire e Ramón Armada Teixeiro, cofundadores dunha revista que, alén da súa vida sincopada, constitúe, aínda hoxe, un fito para as nosas letras.

Conforme o que levamos dito, cómpre, pois, referirnos ao peculiar percorrido desta publicación, que coñeceu dúas épocas. Na primeira delas editáronse 18 tocatas: 7 no primeiro ano (1885), outras 7 no segundo ano (1886) e 4 no terceiro ano (1887). As sete tocatas correspondentes a 1885 foron publicadas mensualmente desde o 5 de xullo ata o 13 de decembro, se ben as datas nas que saía nunca eran coincidentes e, excepcionalmente, no mes de agosto saíron dous números: o relativo á tocata ordinaria, editado o día 2, e o pertencente á "Tocata fúnebre en honor de Rousalía Castro", editado sen numerar o día 16, trinta e un días despois da morte da nosa escritora máis universal. Os sete números de 1886 xa tiveron unha periodicidade moito máis irregular, tendo en conta que desde o 21 de xaneiro ata o 30 de xuño a revista mantivo a publicación mensual, mentres que a partir desta última data só se editou , durante 1886, unha vez máis, concretamente o 26 de outubro. Polo que respecta ao ano 1887, co que se pecha esta primeira época, pois no ano 1888 non se editou ningún número de *A Gaita Gallega*, a aparición da revista resultou moi esporádica, dado que só se publicaron 4 tocatas da mesma, de tal xeito que desde o 5 de xaneiro de 1887 non volveu saír ata o 30 de xuño de 1887 e a partir desta data tivo unha continuidade trimestral, polo que se difundiu dúas veces máis: o 18 de setembro e decembro dese mesmo ano.

Mais, contrariamente ao que cabería esperar, a época ou ruada segunda —encadrada no ano 1889—, foi, incluso, moito máis eventual, xa que só se publicaron 3 tocatas que saíron mensualmente o 20 de xullo e o 30 de agosto e setembro do devandito ano. Tanto a primeira época como a segunda manteñen as mesmas directrices, moitos dos colaboradores que están presentes na

primeira etapa tamén aparecen na segunda e as dúas xeiras principian as súas tocatas no mes de Santiago con pequenos manifestos autopresentativos e meta-explicativos, se ben na primeira fase se especifican a liña programática e as fontes referenciais da revista, namentres que na segunda se escusa a reaparición da mesma e se reiteran algúns dos caracteres que xa definían a publicación no ciclo anterior.

En estreita correspondencia con esta aperiodicidade, podemos valorar a dirección, xestión ou xerencia de *A Gaita Gallega*, pois tamén neste ámbito a revista significouse pola súa variabilidade, de tal sorte que: nas catro primeiras tocatas (ano primeiro, época primeira), así como no número especial dedicado a Rosalía (ano primeiro, época primeira), exerceron como directores, redactores e administradores os fundadores da colección, Chumín de Céltegos (Ramón Armada Teixeiro) e Roque d'as Mariñas (Manuel Lugrís Freire); na 5ª tocata (ano primeiro, época primeira) non se especifica quen exerceu a administración e dirección da revista; desde a tocata 6ª ata a 14ª (anos primeiro, segundo e terceiro da época primeira), revélase como director Chumín de Céltegos; desde a tocata 15ª ata a 17ª (ano terceiro da primeira época) edítase como "Suplemento a *El Eco de Galicia*", do mesmo xeito cá tocata 1ª da segunda época e, finalmente, as tocatas 2ª e 3ª da segunda ruada publícanse como "Folla d'o *Eco de Galicia*".

*Manuel Lugrís Freire.*

Conforme Neira Vilas[8], *A Gaita Gallega* publicouse como suplemento de *El Eco de Galicia* por dificultades económicas. Cabe sinalar, ademais, que inda que ata a tocata 15ª *A Gaita Gallega* non se difundiu como anexo do xornal habaneiro *El Eco de Galicia*, xa desde o primeiro número da revista podemos atopar estreitas vinculacións entre os dous medios periódicos. De feito, non só compartían o lugar de impresión, senón que, como se detalla nunha nota anónima referente á "Adeministración d'a *Gaita Gallega*", a revista se regalaba aos subscritores de *El Eco de Galicia* "en xusto homenaxe a haber sido o primeiro que n-o mundo de Colón despregou a bandeira d'a defensa

8 Neira Vilas, Xosé, "Introducción", *Índice da revista "El Eco de Galicia" (A Habana, 1878-1901)*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1988, pp. 8-9.

d'o nome gallego"[9], de aí que tamén na primeira tocata *El Eco de Galicia* recibise un "Saúdo" especial da redacción da *Gaita* por ser "o primeiro en defender e gabar as cousas gallegas"[10] na illa e que en varias das tocatas de *A Gaita Gallega* se realizasen, normalmente de maneira ocasional e laudatoria, referencias diversas a este medio periódico ou o seu director Waldo Álvarez Insua. Así mesmo, segundo se desprende da devandita nota de redacción, a revista vendíase en números soltos a cincuenta centavos, mesmo se a publicación se servía "ôs que d'e drento da insua os manden á pedir"[11]. Asemade, tamén se concretaba neste mesmo espacio cómo e ónde se debía mandar a correspondencia (a nome do Administrador, Apartado 43) e a sede da administración (O' Reilly número 21).

### *2. 2. 2. A dimensión histórico-social*

Resulta evidente que as circunstancias histórico-sociais de Galicia repercutiron de xeito determinante na hemerografía galega, polo que é indiscutible que para unha comprensión cualitativa desta publicación hai que partir dunha pequena panorámica contextual que nos axude a valorar axeitadamente os caracteres que operaron na edición e configuración de *A Gaita Gallega*, considerando, asemade, o seu senso histórico, social, literario e cultural.

O período 1885-1889, inscríbese nesa descuberta e toma de conciencia de Galicia, corrente cultural inaugurada anos atrás e que se prolongará, con máis ou menos folgos, ata a actualidade. Obras como *Queixumes dos pinos* (1886), de Eduardo Pondal; *Soaces dun vello* (1886), de Benito Losada; *Volvoretas* (1887), de Alberto García Ferreiro; *O divino sainete* (1888), de Curros Enríquez; *Los precursores* (1885), de Manuel Murguía; *¡Non máis emigración!* (1885), de Armada Teixeiro; *Cancionero popular gallego* (1885-1886), de Pérez Ballesteros; *El Idioma gallego* (1886), de Antonio de la Iglesia; *El regionalismo* (1889), de Alfredo Brañas ou *O catecismo do labrego* (1889), de Lamas Carvajal, entre moitas outras, aparecen nesta época de óptimo desenvolvemento para as letras galegas. Así mesmo, acontecementos tan notorios como, por exemplo, a morte de Rosalía Castro (1885), a creación da Biblioteca Gallega de Martínez Salazar (1885) ou o Certame Gallego-Literario-Musical de Pontevedra, convocado en 1886 pola revista *O Galiciano* e presidido por Murguía (quen realizou unha enérxica apoloxía do noso idioma), terán especial relevancia na evolución da nosa historia cultural.

---

9 Anónimo, "Adeministración d'a *Gaita Gallega*", *A Gaita Gallega*, época 1ª, ano 1º, tocata 1ª, A Habana, 5-VII-1885, p. 8.

10 A Redaución, "Saúdo", *A Gaita Gallega*, época 1ª, ano 1º, tocata 1ª, A Habana, 5-VII-1885, p. 1.

11 Anónimo, *op. cit.*, p. 8.

É evidente que a precaria situación do pobo galego condicionou este vagoroso agromar da nosa identidade, proceso iniciado polos Precursores e proseguido, admirablemente, polos autores do Rexurdimento, etapa última da que sen dúbida participou, desde a outra banda do mar, *A Gaita Gallega*. Así mesmo, pode percibirse neste lento e progresivo renacemento o anceio e esforzo por conformar xenuinamente un pobo con vida propia, ao abeiro dunha actitude contestataria, autorreflexiva e consciente de si mesma. Son anos nos que se perfila cualitativamente un compromiso directo coa realidade propia de Galicia, pero que comporta un posicionamento máis ideolóxico-cultural que político-social, polo que a prensa, a emigración, o galeguismo, a lingua, a literatura, a arte ou a cultura cobran especial relevancia.

Polo que ata agora anotamos, é evidente que *A Gaita Gallega* constituíuse nunha revista emblemática para a historia das nosas letras e tivo unha influencia decisiva no particular proceso histórico-cultural que viviu a comunidade galega emigrante de Cuba. Verdadeiramente, inda que a publicación tivo ilustres antecesores como *El Eco de Galicia* (A Habana, 1878-1901) ou célebres coetáneas como *Galicia Moderna* (A Habana, 1885-1890), *A Gaita Gallega*, significouse xa no seu tempo como un dos xornais máis importantes da prensa galega da emigración. Xustamente, esta especial relevancia pode verse reflectida non só entre os galegos, que deste xeito contaban cun órgano de expresión propio, redactado na súa lingua materna e receptiva a todo canto tivese que ver coa súa ben agarimada terra galega, senón que tamén podía apreciarse na prensa coetánea de Cuba segundo as informacións e notas laudatorias que reproduce *A Gaita Gallega* nas tocatas 2ª e 3ª, recollidas con posterioridade por Neira Vilas no seu volume *A prensa galega de Cuba*[12]. Neste sentido, pódense rexistrar fragmentos tan ilustrativos como os seguintes:

> "Todol-os periódicos d'a Habana (...) saüdaron o nacimento d'a *Gaita* con tenros agasallos. / Dediconnos unhos versos / Desd' *O Xeneral Tacón*. / (...) / Desd'as colunas d'a *Voz* / (...)/ Sigueulle logo *O Diario D'a Marina* (...)/ *Heraldo* (...) / *O Eco* d'o Señor Insua, / *O Pais*, *O Español* / *A Lealtá* de Cienfuegos / D'o Guaso a lebrega *Voz*, / *A Familia* de Matanzas / De Güines a leda *Unión*: / Y—en fin os colégas todos / Que se pubrican acó"[13].

Houbo, incluso, xornais como *A Constitución*, de Remedios, que celebraron a publicación de *A Gaita Gallega* con versos en galego, seguramente porque na

12 Neira Vilas, Xosé, *A prensa galega de Cuba*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1985, pp. 53-54.

13 Chumín, "Casos e cousas", *A Gaita Gallega*, época primeira, ano primeira, tocata segunda, A Habana, 2-VIII-1885, p.7.

redacción de *A Constitución* figuraba algún galego. Así e todo, cómpre rescatar aquí os versos de loubanza e alento que o devandito periódico dedicou á *Gaita*:

> "Por aquí tamén falamos / A lingua dá nobre Suevia: / ¡Canto ben nos fan as cousas / Que fala A Gaita Gallega! / Dios lles de a Chummin de Cétegos / Y— os que traballan en ela, / Sort'abonda, moita vida / E todol-o qu'eles queran"[14].

É indudable, pois, que a influencia exercida por *A Gaita Gallega*, motivada esencialmente polo seu nidio compromiso socio-cultural coa comunidade galega e reflectida na teima lingüística, foi un factor motivador para outros xornais e representou unha actitude exemplar para os nosos intelectuais polo que foi, desde 1885 ata hoxe, unha referencia fundamental na historiografía da prensa galega. Efectivamente, inda que, andando o tempo, xurdiron no ámbito da prensa periódica galega mostras tan sobranceiras como a revista *Nós* (1920-1936) e *A Nosa Terra* (1916-1932) en Galicia ou *Follas Novas* (1897-1908) na Habana —por mencionar só tres exemplos—, *A Gaita Gallega*, xunto con outras revistas e periódicos galegos, constitúe unha valiosísima contribución para a historia e a cultura de Galicia que foi recoñecida amplamente en medios moi diversos[15].

---

14 Chumín de Céltegos, "Casos e cousas", *A Gaita Gallega*, época 1ª, ano 1º, tocata 3ª, A Habana, 13-IX-1885, p. 7.

15 Poden atoparse, neste sentido, alusións en órganos periódicos tan variados como *Cultura Gallega* (Marcote, Ramón, "Nuestra prensa regional", *Cultura Gallega*, ano IV, 77-79, A Habana, Xaneiro, 1940, p. 23); *Agália* (Rabunhal Corgo, Henrique Manuel, "Lugrís Freire na cultura galega", *Agália. Revista da Associaçom Galega da Língua*, 22, Ourense, verán, 1990, p. 196) ou *Grial* (Núñez Seixas, Xosé M., "Inmigración e galeguismo en Cuba (1879-1939)", *Grial*, 115, Vigo, xullo, agosto, setembro, 1992, p. 361.), entre moitos outros; en traballos ou estudios xenéricos (como os xa mencionados volumes da *Enciclopedia Gallega* ou da *Historia da Literatura Galega Contemporánea* de Carballo Calero), así como en volumes máis específicos como a *Historia da literatura popular galega* (Blanco Pérez, Domingo, "A LP na prensa", *Historia da Literatura popular galega*, Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións da USC, *Biblioteca de divulgación*, 1994, p. 128); *Los gallegos y América* (Eiras Roel, Antonio & Rey Castelao, Ofelia, "Periodistas gallegos en Cuba", *Los gallegos y América*, Madrid, Editorial Mapfre, 1992, pp. 287-288); *Galeguidade e cultura no exterior* (Sixerei Paredes, Carlos, *Galeguidade e cultura no exterior*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1995, p. 73); *A lingua galega en Cuba* (Neira Vilas, Xosé, "A Gaita Gallega, precursora", *A lingua galega en Cuba*, Vigo, Consello da Cultura Galega, 1995, pp. 19-20); *Lingua e literatura galegas na Galicia emigrante* (Alonso Montero, Xesús, "Publicacións periódicas en galego e bilingües", *Lingua e literatura galegas na Galicia emigrante*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1995, pp. 60-61) ou en *Narrativa galega: tempo do Rexurdimento* (Hermida, Modesto, "As revistas", *Narrativa galega: tempo do Rexurdimento*, Vigo, Xerais, 1995, p. 37) e en monográficos dedicados á prensa, tales como *Radio e prensa na Galicia exterior* (Blanco Campaña, Xosé Luís, "Prensa", *Radio e Prensa na Galicia exterior*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1995, p. 93 e pp. 95-96), *Índice da revista "El Eco de Galicia"* (Neira Vilas, Xosé, "Introducción", *Índice da revista "El Eco de Galicia" (A Habana, 1878-1901)*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, 1988, pp. 8-9); así como os traballos de Núñez Seixas, Neira Vilas, Dolores Vilavedra, Peña Saavedra ou Santos Gayoso.

Despois da sumaria información aquí apuntada, queda ben confirmada a boa acollida e estimación da revista. Non obstante, poderiamos concluír este apartado coas verbas de Alonso Montero, quen non dubida en calificar *A Gaita Gallega* como un "fito importantísimo na historia das publicacións periódicas: a primeira monolingüe da Galicia Emigrante"[16] ou coas de Neira Vilas, quen sintetiza o ideario da publicación nun "firme patriotismo, que se asenta básicamente na lingua e no destaque da nosa historia"[17], xa que estas afirmacións conteñen, esencialmente, as diversas reflexións que ao longo destes anos se verqueron sobre *A Gaita Gallega*, ao tempo que deixan entrever tamén as óptimas valoracións que a devandita revista suscitou en todos os ámbitos.

### *2. 2. 3. Outras publicacións periódicas coetáneas*[18]*:*

Cando en 1885 *A Gaita Gallega* comeza a súa xeira, xa a nosa prensa emigrante en Cuba contaba cunha publicación periódica de gran interese, *El Eco de Galicia*, que en 1878 fundara Waldo Álvarez Insua, tamén director daquel semanario que para Neira Vilas "é decano da prensa galega de Cuba e de toda América"[19]. Pero no mesmo 1885 xurdía un ilustre veciño, *Galicia Moderna*, "Semanario de intereses generales", promovido polo ferrolán José Novo García, que mantivo as súas páxinas ao longo de cinco anos. Cómpre citar, así mesmo, a *Revista de Galicia* (1886), da responsabilidade do tamén ferrolán Xosé Fontenla Leal e mais de Secundino Cores, aínda que a devandita publicación tivo unha existencia efémera.

Como é natural, foron moitas máis as publicacións que apareceron en Galicia no período 1885-1889 e delas temos hoxe repertorios documentados

16 Alonso Montero, Xesús, "Publicacións periódicas en galego e bilingües", *Lingua e literatura galegas na Galicia emigrante*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1995, p. 60.

17 Neira Vilas, Xosé, "A Gaita Gallega", *A prensa galega de Cuba*, *op. cit.*, p. 53.

18 Vx. ó respecto: Santos Gayoso, Enrique, *Historia de la prensa gallega 1800-1993*, Tomo I e II, Sada-A Coruña, 1990 e1995, respectivamete (boa parte das referencias á prensa galega de Cuba de Santos Gayoso proceden das voces que a *Gran Enciclopedia Gallega* dedica a este tema, a maior parte delas da autoría de Neira Vilas); Vilavedra, Dolores (coord.), *Diccionario da Literatura Galega II. Publicacións periódicas*, Vigo: Galaxia, 1997; Neira Vilas, Xosé, *A prensa galega de Cuba*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1985); Peña Saavedra, Vicente (dir.), *Repertorio da prensa galega da emigración*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 1998.

19 Neira Vilas, Xosé, *op. cit.*, p. 48.

con máis ou menos precisión. En calquera caso, convirá ter en conta que foron coetáneas de *A Gaita Gallega* publicacións como *Galicia Cómica* (1885), semanario "festivo-caricaturesco", dirixido en Pontevedra por Torcuato Ulloa; *Café con gotas* (1886), de Santiago de Compostela, da dirección de Manuel Carballido y García na súa primeira etapa e de intención igualmente humorística; a pontevedresa *A Tía Catuxa* (1886), de Francisco Portela Pérez, revista monolingüe en galego definida como "semanario de intereses e literatura rexionales"; *Galicia* (1887), que dirixiu, na Coruña, Andrés Martínez Salazar e que tentou reflectir o "movimiento intelectual en Galicia"; *Álbum Literario* (1888), de Ourense, auspiciado por Luciano Cid Hermida, xeneroso na publicación de textos poéticos en galego; *El País Gallego* (1888), fundado e dirixido por Enrique Labarta Pose, quen no mesmo ano creara e dirixira a interesante *Galicia Humorística*; *O Novo Galiciano* (1888), da dirección de Juan M. Rodríguez de Cea, semanario pontevedrés no que a literatura galega tivo importante presenza; *A Monteira* (1889), tamén "de intereses rexionales e literatura", da responsabilidade de Amador Montenegro Saavedra e algunhas máis.

## 2. 3. Análise interna

### *2. 3. 1. Notas lingüísticas*

Manuel Lugrís Freire, baixo o pseudónimo de "Roque d'as Mariñas" abre, o 5 de xullo de 1885, *A Gaita Gallega* cunha declaración de intencións, nun primeiro editorial titulado "O noso pensamento" en que trata de expoñer os motivos que o levan a el e a Ramón Armada Teixeiro (que utilizará o pseudónimo de Chumin de Céltegos) a idear e sacar á luz a primeira publicación periódica da Galicia de alén mar integramente redactada en galego. A excepcionalidade que supón esta publicación (non só entre o conxunto de obras publicadas en Galicia[20], senón tamén entre a prensa da emigración cuxa opción lingüística era frecuentemente un bilingüismo desequilibrado a prol do castelán, ou máis exactamente, o castelán con algunhas colaboracións en galego entre as que a poesía –o verso en xeral– tiña especial presenza) aparece xa reflectida nesas primeiras palabras con que se inicia unha xeira que durará ata o 30 de setembro de 1889:

20 Os precedentes en Galicia son mencionados no propio parágrafo introdutorio: *O Tío Marcos da Portela* (1876-1880, 1883-1889, Ourense) , *O Galiciano* (1884 a primeira época e 1887 a segunda, Pontevedra) e *Galicia «Ciencias-literatura-artes»* (1885, Ferrol). Desta última publicación parece ser que existiu un único número publicado o 10-5-1885. Non son todas as publicacións integramente en galego que existían mais si algunhas das máis coñecidas. Carme Hermida en *Os precursores da normalización*, Xerais, Vigo, 1992, pp. 232-233 menciona entre outras: *O Seor Pedro* (1882, Santiago de Compostela) e *A Fuliada* (1883, Betanzos).

> O renacemento literario en Galicia vai collendo novas forza , y-a nosa lingua ocupa hoxe un posto brillante entr'as rexionales.
>
> Despois d' unha gramáteca gallega de dous dicionarios e de mui boas obriñas en verso, vai tamén tendo algús periódicos, e *A Gaita Gallega* ven á facer compaña á *O Tio Marcos d' a Portela*, *O Galiciano* e *Galicia*.

A observación feita por Lugrís neste primeiro editorial da publicación non podía ser máis clara, afastándose así da tendencia habitual da época de reservar o primeiro editorial dunha publicación que está a facer a súa presentación para unha serie de cumprimentos e saúdos case protocolarios que neste caso serán confinados nunha breve nota posterior, con especial mención a Waldo A. Insua e *El Eco de Galicia*. Constátase, neste caso, a existencia de certo número de manuais de referencia para a lingua galega. O problema principal que suscita esta afirmación deriva do feito de que o autor non fai mención algunha dos títulos ou autores que el coñece, senón que se limita a facer unha descrición cuantitativa. A existencia á disposición do público dun número maior de manuais que os que son mencionados fai que nos sexa imposible saber con exactitude que obras son as que toma como referencia aínda que, rastrexando determinados indicadores –como o éxito editorial, a difusión dunha obra en concreto ou a presenza doutros textos dos mesmos autores en diferentes números da revista–, si nos sexa posible facer unha estimación bastante aproximada. Deste xeito podemos supor a posibilidade de que a gramática da que fala sexa a de Saco Arce, a *Gramática gallega* (Lugo, 1868), cunha difusión moito maior na época que o *Compendio de gramática gallega-castellana* (1864) de Francisco Mirás. A *Gramática gallega* de Saco pode ser, ademais, a fonte empregada para a extracción dos refráns galegos que constitúen unha das seccións de *A Gaita Gallega* desde o número publicado o "28 d'o mes de xaneiro de 1886" (Tocata 7ª. Ano segundo), aínda que o propio Saco recoñece que están tirados da *Historia de Galicia* de Manuel Murguía. Tamén algúns dos poemas que Francisco Mirás inclúe na parte final da súa obra han de aparecer publicados na revista que nos ocupa ("Apólogos", II, nº 3) mais é evidente, mesmo pola estruturación e tratamento do idioma que fai na súa propia gramática (1922) que Lugrís sempre considerou como principal fonte de referencia a obra de Saco Arce.

Canto á mención dos dous dicionarios, esta resulta aínda máis problemática. A principal dificultade reside neste caso en determinar se entre as dúas obras que Lugrís computa se atopa xa o *Dicionario gallego-castellano* de Marcial Valladares (publicado en Santiago de Compostela en 1884, só un ano antes da aparición de *A Gaita Gallega*) ou, se polo contrario, a referencia inclúe o *Diccionario gallego: el más completo en términos y acepciones de todos los publicados hasta en día, con las voces antiguas...y su pronunciación*, por Juan

Cuveiro Piñol (Barcelona, 1876) e o –case descoñecido mesmo para os seus coetáneos– *Diccionario gallego-castellano* (1863) de Francisco Javier Rodríguez. Malia ser verdadeiramente esta última a primeira obra lexicográfica publicada, o dicionario de Rodríguez non tivo apenas difusión entre as clases ilustradas da época, por outra parte a posibilidade de que o dicionario de Valladares estivese en Cuba tan só un ano despois da súa publicación é practicamente unha certeza, a publicidade feita con motivo da publicación da obra chegou aos territorios americanos e foi realizada activamente en publicacións como *El Eco de Galicia*,[21] dirixida por Waldo Álvarez Insua, amigo e compañeiro de vicisitudes de Lugrís Freire e Armada Teixeiro (ademais de amigo do propio Valladares) e revista coa que primeiro foi entregada *A Gaita Gallega* para pasar a partir do número do 20 de xullo de 1889 a ser "suplemento a «*El Eco de Galicia*»"[22]. Sobre o dicionario de Cuveiro Piñol, a seguridade de que Lugrís coñecía e empregaba esta obra é case completa dada a propia difusión da mesma, que era considerada por moitos como o primeiro dicionario de galego por mor do descoñecemento da existencia do texto de Francisco Javier Rodríguez.

O feito de que se trate da primeira publicación da prensa da emigración que decide empregar a lingua galega integramente para todos os seus contidos, cunha idea clara e constante de dignificación e de fomento dos usos lingüísticos, incluíndo sen reparo algún traducións de textos ao galego, fai que resulte particularmente interesante facer unha análise, sequera parcial, de determinados trazos da escrita e dalgunhas formas fonéticas, morfolóxicas e semánticas presentes nestas páxinas. As consideracións previas sobre a gramática e dicionarios utilizados por Lugrís Freire axudarán, nalgúns casos, a comprendermos mellor determinadas escollas ou opcións dos directores da publicación. Aínda así, cómpre sinalarmos que as dificultades dunha panorámica ampla neste sentido son numerosas, posto que non se trata unicamente de facer unha análise da lingua empregada por Lugrís e Armada Teixeiro, senón de abordar un *corpus* textual moi amplo e pertencente a diferentes sinaturas. Os responsables da publicación non manteñen en todos os casos os textos dos colaboradores nas súas formas orixinais. Deste xeito só nalgunha colaboración son mantidos os rexistros, dialectalismos, castelanismos, etc de cada autor, mentres que noutros os textos son sometidos á corrección (e hipercorrección en moitas ocasións) dos responsables da revista.

21 Para máis información sobre o *Dicionario gallego-castellano* de Marcial Valladares e sobre a súa edición e distribución véxase "O Dicionario Gallego-Castellano (1884) de Marcial Valladares", Xosé A. Fernández Salgado en *Verba, Anuario Galego de Filoloxía*, vol. 31, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 2004, pp. 361-397.

22 Este lema aparece na cabeceira da revista desde a tocata número 15, ano 3º, 30-6-1887.

Ademais disto hai unha outra característica dos textos que deberemos ter en conta, trátase da heteroxeneidade das súas orixes. Hai textos procedentes da literatura popular, textos da literatura culta e textos populares pasados pola reelaboración dalgún autor (Rosalía de Castro, Francisco Añón, etc.) o cal engade máis unha dificultade á hora de facer unha panorámica xeral sobre a fisonomía da nosa lingua no século XIX aplicada a estes textos. Esta multiplicidade de fontes e orixes pode darnos unha primeira idea bastante axustada da realidade ortográfica e gramatical que imos achar na nosa análise. A variedade de escollas é unha das características máis acusadas, que se fai patente en numerosas cuestións gramaticais, mais de xeito especialmente rechamante nas cuestións ortográficas. Xa Carme Hermida[23] sinala que

> O problema presentábase, xa que logo, nas contraccións, nas palabras que non tiñan equivalente en castelán, nos fonemas que este non posuía, como o prepalatal fricativo xordo e o nasal velar e tamén no xeito de distingui-las palabras homógrafas. Durante toda a época considerada non apareceu unha proposta ortográfica global.
>
> A elección da ortografía era un acto individual e non se dispuña dunha autoridade ou dunha institución capaz de fixala axeitadamente, axiña se observaron diferencias e axiña comezaron ás críticas ás escollas realizadas.

Esta multiplicidade de opcións segundo o autor de que se trate e a corrección que, posteriormente, se lle teña aplicado, é unha das características fundamentais dos textos que compoñen *A Gaita Gallega* mesmo chega a darse o paradoxo de que un mesmo autor realice escollas diferentes segundo os textos. É este o caso do propio Roque d'as Mariñas (Lugrís Freire) que aínda que recomendará a utilización de *i* en todos os casos, afirmando que *y* é unicamente un "signo eufónico", é posible achar nos seus textos eleccións diferentes: "i a lingua" ("O noso pensamento", 5-7-1885, I, nº 1, p. 1), "¡E vaya si a entenderon!" ("A festa do Tacón", 2-8-1885, I, nº 2, p. 1), "y-outros mais que agora non lembro" ("A fala gallega ı", 13-9-1885, I, nº 3, p. 1). Nestes tres exemplos podemos apreciar que a conxunción copulativa *e* [ɛ], non mantén a pronuncia aberta que lle é característica senón que se fecha ata chegar a [i], feito que acontece especialmente cando vai antes dunha vogal[24] como podemos ver nos exemplos primeiro e terceiro. No caso do segundo a conxunción ten a grafía axeitada (vai antes de consonante), mais a apreciación debe estar no valor consonántico que se lle outorga a *y* en *vaya*.

23 *Op. cit*; p. 187.

24 *Vid.* Ferreiro Fernández, Manuel: *Gramática histórica galega ı. Fonética e Morfosintaxe*, Editorial Laiovento, Santiago de Compostela, 1999 (4ª edición), p. 369.

A confusión entre os usos que se lle conceden a *i* e *y* é un dos máis importantes problemas ortográficos da época, mais non é o único. É habitual o uso indiscriminado de *b/v* sen ter en conta aspectos etimolóxicos e moitas veces partindo do castelán, ao igual que acontece coa presenza ou ausencia do *h-* (especialmente en posición inicial). Foron tamén moi problemáticas as decisións do uso de *x*, *j* ou *g* que é a cuestión que máis discrepancias xerará entre os diferentes autores e estudosos, xunto con algúns aspectos da acentuación (en especial a acentuación das palabras homógrafas e das conxuncións) e a utilización de contraccións e apóstrofos. Nos textos que compoñen *A Gaita Gallega* podemos atopar todo tipo de exemplos derivados de cada unha das opcións que se estaban a debater:

— Uso de *i* (con valor vocálico) e *y* (con valor consonántico): A recomendación é o uso de *i* para todos os fonemas vocálicos restrinxindo *y* para os consonánticos mais isto non sempre se cumpre: *foi* ("Saúdo", A Redacción, 5-7-1885, I, nº 1, p. 1), *hai*, *vai* e *mui* ("A vida d'o campo", José García Mosquera, 31-3-1886, I, nº 9, p. 3), *sei*, *fai*, *verei*, *foi* ("A ponte d'o demo. Lenda", M. A. M., 30-6-1886, I, nº 12, pp. 3-5) cumplirían co uso recomendado fronte a *afiey*, *foy* e *semey* ("A fouce do abó", Manuel Curros Enríquez, 20-7-1889, II, nº 1, p. 7), *moy*, *foy* ("O mar castiga bravamente as penas", Rosalía Castro de Murguía, 28-2-1886, I, nº 8, pp.2-3) e *hay*, *muy*, *vay* ("Meditación d'un famento", Marcos d'a Portela, 11-10-1885, I, nº 4, pp.5-6). O valor consonántico de *y* aparece na maior parte dos textos cuxos autores tamén lle dan valor vocálico, así está presente en casos como *soyo* ("¡Pra a Habana!", Rosalía Castro de Murguía, 28-2-1886, I, nº 8, p. 2), *xoya* ("Catro cousas", Benito Losada, 18-12-1887, I, nº 17, pp.2-4), *leyal* ("A gaita gallega", Valentín Lamas Carvajal, 5-7-1885, I, nº 1, p. 3), *vaya*, *oyan* e *oyo* ("Meditación d'un famento", Marcos d'a Portela, 11-10-1885, I, nº 4, pp. 5-6) e mesmo casos como o da palatalización dun *i* epentético en casos como *mayestro* ("Pastor Díaz", Chumin de Céltegos, 30-8-1889, II, nº 2, p. 1)

— Uso indiscriminado de *b* e *v*: ao igual que acontece co emprego de *h-* este uso débese en gran medida ao non teren en conta os autores un criterio etimoloxista e partir, en moitos dos casos, das normas ortográficas do castelán. Atopamos múltiples exemplos desta vacilación: *abôs* ("O noso pensamento", Roque d'as Mariñas, 5-7-1885, I, nº 1, p. 1), ("A fouce do abó", Manuel Curros Enríquez, 20-7-1889, II, nº 1, p. 7), *bermellos*, *maravilas* ("De riola por Galicia", Valentín Lamas Carvajal, 2-8-1885, I, nº 2, pp. 2-3), *vagoas* ("Xan", Rosalía Castro de Murguía, 13-12-1885, I, nº 6, p. 3, un dos casos correxidos polos responsables na publicación xa que na primeira edición de Follas Novas, Rosalía emprega bágoas), *espavila* ("A leiteira", Francisco Añón, 30.6-1886, I, nº 12, p. 8), *oubiuno* ("Casos e cousas", Marcos d'a Portela, 26-10-1886, I, nº 13, pp. 7-8), *bran*, *avós* ("A campana d'Anllóns",

Eduardo Pondal, 11-10-1885, I, nº 4, pp. 2-3). Ademais hai determinadas palabras que se repiten coas dúas grafías ao longo da maior parte dos textos, como é o caso de *orvallo/orballo* e *carabel/caravel*.

— Presenza ou ausencia de *h-*: na maior parte dos casos de tipo antietimolóxico. É especialmente salientable o uso constante do verbo achar como hachar (en diferentes persoas e tempos) e o substantivo hirmán por constituír dous dos exemplos máis evidentes de que a norma que se segue parte do castelán; así como a colocación dun *h-* no artigo indeterminado cando este forma parte dunha contracción: *hacho* ("A leiteira", Francisco Añón, 30.6-1886, I, nº 12, p. 8), *hachar* ("Presentimentos", Eladio Rodríguez González, 5-1-1887, I, nº 14, p. 8), *hovos*, *hirmán* ("Xan", Rosalía Castro de Murguía, 13-12-1885, I, nº 6, p. 3), *hirmán*, *hirmanciño* ("Contos de rapaces", tradución de Marcial Valladares, 28-1-1886, I, nº 8, pp. 6-7), *d'hun* ("A campana d'Anllóns", Eduardo Pondal, 11-10-1885, I, nº 4, pp. 2-3).

  Resulta tamén de interese sinalar aquí que Lugrís Freire aconsellará na súa gramática que "non debemos escribir con h- as palabras ôso, orfo, irmán"[25]

— Uso de *x*, *j* ou *g*: Carme Hermida[26] sinala que se trata da cuestión máis polémica do momento, chegando a haber grupos enfrontados pola grafía que se lle debía dar ao fonema fricativo prepalatal xordo. A polémica resulta, en certa medida, comprensible, posto que se trata dun dos fonemas característicos do galego, non presente en ningunha outra lingua aínda que, con frecuencia, se recorre ao francés (pronuncia do *ch*) para poñer un exemplo. Saco Arce opinará sobre a cuestión que a grafía a empregar debe ser *x* para todos os casos pois resultaría moi dificultoso atender ás orixes etimolóxicas ao ser estas moi diversas e propiciar graves dificultades para o posterior estudo da ortografía galega. Os textos de *A Gaita Gallega* seguen esta recomendación nunha importante maioría mais si aparecen algunhas excepcións á tendencia xeral: temos así *Lage* ("A romaria da Barca", Rosalía Castro de Murguía, 18-9-1887, I, nº 16, pp.5-7, aínda que é probable que este caso sexa unha simple errata, posto que a forma *Laxe* está presente no resto do poema ao igual que na edición de *Cantares Gallegos* de 1863), *O Fojo*, *dijoll'* ("Veliños", Marcial Valladares, 18-12-1887, II, nº 1, pp. 4-5) *San Joan* ("A campana d'Anllóns", Eduardo Pondal, 11-10-1885, I, nº 4, pp. 2-3) e *geografía* (" O amor", Marcos d'a Portela, 31-3-1886, I, nº 8, pp. 3-5).

25 Lugrís Freire, Manuel: *Gramática do idioma galego*, Imprenta Moret, A Coruña, 1931 (2ª edición), p. 12.

26 *Op. cit*; p. 189 e seguintes.

— A acentuación: é neste punto onde aparecen maior número de variacións entre as colaboracións de *A Gaita Gallega*. Por regra xeral os textos de Ramón Armada Teixeiro e Manuel Lugrís Freire seguen o precepto de Saco Arce; así, emprégase o acento agudo (´) no uso habitual de marcar graficamente a sílaba tónica e para a distinción entre as palabras homógrafas e o acento circunflexo (^) para marcar as vogais de pronuncia aberta "especialmente en sílabas que han sufrido apóstrofo o contracción"[27]. Lugrís Freire parte desta consideración na súa gramática, mais aumenta os posibles usos do circunflexo:

> O circunflexo, ademais de servire para abrir e alongar o son da vocal, fai as veces d'acento tónico, principalmente na derradeira sílaba. Irmâ (femenino de irman), abô, xenerâs.[28]

Estes preceptos serán seguidos como norma xeral para a acentuación como veremos nos moi numerosos exemplos existentes ao longo das diferentes colaboracións: *arrechégate*, *aló*, *só*, *bô* ("Unha aperta", Lisardo Barreiro 13-9-1885, I, nº 3, p. 7), *brétema*, *pés*, *qu'ô mundo relembra*, *d'aló* (" arco d'a vella", Xan Barcia Caballero, 30-6-1886, I, nº 12, p. 7), *língua, encollerse ô curruncho*, *própeo*, *pátrea*, *ô ver o noso renacimento* ( "A fala gallega I", Roque d'as Mariñas, 13-9-1885, I, nº 3, p. 1) e así incontables exemplos máis.

Unicamente resta advertir a habitual confusión (erro moi frecuente na época) na acentuación de *a* cando é artigo por confundilo en moitos casos cunha contracción.

— Contraccións e apóstrofos: Lugrís recollerá na súa gramática que o uso de apóstrofos é indicado para sinalar a supresión na escrita dunha grafía por certa, ou total confluencia fónica cun fonema anterior, o signo que se emprega para grafalo é (') mentres que para a contracción é utilizado un trazo (-) que sinala a unión entre dúas palabras. Os textos da época presentan unha abundancia extrema de exemplos deste fenómeno –ata o punto de que o propio Lugrís advirte contra o seu abuso por parte de moitos dos autores da época–, o que constata máis unha vez o desexo de reflectir na escrita a fala tal e como era realizada foneticamente. Os exemplos destes fenómenos (como acontecía coa acentuación ) son moi numerosos, polo que unicamente constatamos algunhas das contraccións e aglutinacións presentes nos textos: *todal-as*, *n-o*, *qu'o*, *d'o*, *pr'o*, *pol-a*, *co'esto*, *c'os*, *s'estivera*, *d'usuras*, *d'a*, *c'unha*, *d'hun*, *d'ela*, *co-aquel*, *mercou-as unhas e-os outros*, *y-os*, *n-un*... exemplos

27 Saco Arce, Juan: *Cromática Gallega*, Imprenta Soto-Freire, Lugo, 1868, p. 188.

28 *Op. cit*; p.9.

mediante os que podemos apreciar que a práctica da contracción e o uso do apóstrofo son especialmente habituais cando son as preposicións *de* e *en* as que van en primeiro lugar.

Os aspectos fonéticos máis rechamantes dos textos que configuran *A Gaita Gallega* son fundamentalmente a presenza na escrita de gran número de dialectalismos, un deles o seseo implosivo ou explosivo: *sirigüelas*, *lus*, *infelís* ou *simenteiro*; outro, a tendencia maioritaria a transformar os grupos cultos *pl-*, *bl*, *gl-* e *fl-* en *pr-*, *br-*, *gr-* e *fr-*: *groriosas*, *púbrica*, *notabres*, *subrevación*, *sigro*, *tempro*, *esprica* ou *infruenza*.

Aparecen tamén algúns fenómenos causantes do cambio fonético que veñen a ser particularmente característicos da fala popular. Teremos así casos de harmonización vocálica: *quiridas*, *siguimos*, *antusiastas*, de disimilación: *malenconía*, *menumento*, *rixón*, de aférese: *inda*, de síncope: *vran*, *espranza*, *disintrês*, *difrente*, de apócope: *ramax*, *fertunada*, de prótese: *amora*, de epéntese: *y-alma*, *i-auga*, de anaptixe: *caravel*, de paragoxe: *amore*, cantare e máis de metátese: *cadavre*, *dreito*.

Polo que respecta a aspectos de tipo morfolóxico debemos atender, en primeiro lugar, ás terminacións dos substantivos e á formación dos plurais. Teremos en conta as diferentes solucións que aparecen nas nasais procedentes das terminacións latinas -ANU / -ANOS, -ENES -ANA(S), -ONES, -UNES, isto é, as solucións do tipo *-ión* e *-ón*, *-an* e *-a*, *-ans* e *-as*, *-ons*, *-os* e *-ois*. Antes de sinalar os exemplos existentes dos diferentes resultados presentes en *A Gaita Gallega* cómpre ter en conta as indicacións de Ramón Mariño Paz[29] cando advirte en referencia a *Proezas de Galicia* (1810) algo que é ben doadamente aplicable a *A Gaita Gallega* dado o seu necesario carácter de miscelánea ao tratarse dunha publicación periódica composta de textos de diferentes etapas e distintos colaboradores:

> En non poucos aspectos a lingua das Proezas de Galicia é unha especie de galego interdialectal que non se corresponde coa fala de ningunha área en concreto, senón que presenta unha mestura de formas dialectais de procedencia diversa convivindo polimórficamente no mesmo texto.

Explicado isto resulta máis comprensible o feito de que poidamos atoparnos coa maior parte das solucións para a realización dos plurais nas terminacións nasais antes sinaladas:

— ANA(S): *catalás* ("A fala gallega I", Roque d'as Mariñas, 13-9-1885, I, nº 3,

29 Ramón Mariño Paz: Historia da lingüa galega, Soleto Blanco, Santiago de Compostela, 1999 (2ª edición), p. 451.

pp. 1-2), *lan* ("Ir por lan é...", R. Pesqueira Crespo, 31-5-1886, I, nº 11, pp. 5-6), *mañán* ("Adevertencias", O galiciano, 30-6-1886, I, nº 12, p. 7)

— ANU / -ANOS: *bran*, *bergantiñán* ("A campana d'Anllóns", Eduardo Pondal, I, nº 4, 11-10-1885, pp. 2-3), *hirmán* ("Xan", Rosalía Castro de Murguía, 13-12-1885, I, nº 6, p. 3), *románs* ("A fala galega II", anónimo, aínda que probablemente de Roque d'as Mariñas, 8-11-1885, I, nº 5, pp. 1-3), *marraus* ("¡Alma en pena.....Requírote!", Marcos d'a Portela, 31-5-1886, I, nº 11, pp. 3-4)

— ES: *refrás* ("Refrás gallegos (A)", anónimo, 28-1-1886, I, nº 7, pp. 7-8), *cans* ("Mirand'o chau", Manuel Curros Enríquez, 28-2-1886, I, nº 8, pp. 4-5).

— ENES: *bés* ("Unha boda en Einibó", Manuel Curros Enríquez, I, nº 10, 27-4-1886, pp. 2-4).

— ONES: *tradiciós* ("O zapateiro de Cangas", Marcos d'a Portela, 5-7-1885, I, nº 1, p. 3-4), *rexiós* ("A fala gallega I", Roque d'as Mariñas, 13-9-1885, I, nº 3, pp. 1-2), *guarniciós* ("A romaria da Barca", Rosalía Castro de Murguía, 18-9-1887, I, nº 16, pp.5-7), *rixóns* ("Os rixóns", Manuel Amor Meilán, 20-7-1889, II, nº 1, pp. 6-7), *ilusións* ("A campana d'Anllóns", Eduardo Pondal, 11-10-1885, I, nº 4, pp. 2-3), *corazóns* ("A campana d'Anllóns", Eduardo Pondal, 11-10-1885, I, nº 4, pp. 2-3).

— UNES: *comús* ("A fala galega II", anónimo, aínda que probablemente de Roque d'as Mariñas, 8-11-1885, I, nº 5, pp. 1-3).

Canto á terminación –TATE tamén están presentes no texto as formas do tipo: *antigüedade* ("A fala galega II", anónimo, aínda que probablemente de Roque d'as Mariñas, 8-11-1885, I, nº 5, pp. 1-3) e *verdá* (no mesmo texto) ou *tempestá* ("A ponte do demo", Manuel Amor Meilán, 30-6-1886, I, nº 12, pp. 2-5) . Neste caso achamos a convivencia da solución tradicional galega *–dade*, coa que aparece por influencia do castelán: *-dá*.

Por último, sobre a flexión de número dos substantivo rematados en *–l*: *especiás* ("A fala galega II", anónimo, aínda que probablemente de Roque d'as Mariñas, 8-11-1885, I, nº 5, pp. 1-3), *rexionales* ("O noso pensamento", Roque d'as Mariñas, 5-7-1885, I, nº 1, p. 1), opción que pode aparecer por influencia do castelán (substituíndo a *rexionais*) ou por tratarse da forma natural de formación do plural a partir de *rexional*.

Xunto con estas formas aparecen outras opcións para o plural como *leises* ("A fala galega II", anónimo, aínda que probablemente de Roque d'as Mariñas, 8-11-1885, I, nº 5, pp. 1-3).

Polo que respecta aos pronomes é de salientar, fundamentalmente, a utilización frecuentísima que fai Lugrís Freire da forma "nosoutros", en referencia neste caso aos galegos emigrados na illa de Cuba e que vén a ser un pronome de tipo excluínte, como sinala Fernández Rei:[30]

> Nós é un plural inclusivo, isto é, non pon límites ó número daqueles que xunto con eu forman parte do nós, mentres que nosoutros é a forma do plural exclusivo, porque representa un grupo pechado no que está incluído eu, pero que se opón a outras persoas ou a outros grupos que non teñen cabida dentro dese plural, co que se quere salientar que quedan excluídos del.

Alén disto certas vacilacións na colocación dos pronomes átonos son moi frecuentes en toda esta época, na que a influencia do castelán sobre a norma do galego é enorme dada a inexistencia dunha norma institucional e única e o feito de estaren todos os autores educados nun sistema castelanfalante que non deixaba espazo algún para o galego, aínda máis, contando o galego con férreos detractores de cara á posibilidade do seu ensino regrado.

No tocante ás preposicións é frecuentísima a utilización indistinta das formas *hasta* e *hastra* como influencia directa do castelán durante todo o século XIX, mais a de maior rendemento nesta publicación é *hastra* ("Gallegos enxebres. Waldo A. Insua", Secundino Cora, 28-1-1886, I, nº 7, pp. 1-3), ("Fillos de Galicia", Xan Manoel Rodríguez de Cea, 30-6-1887, I, nº 15, pp. 1-2).

O derradeiro dos aspectos a tratar dentro da morfoloxía é o que ten a ver coas formas verbais utilizadas. Se ata chegar aquí a variedade de fórmulas que podían aparecer nos textos dada a súa diversidade de orixes era enorme, no caso do verbo as vacilacións canto ao uso dos verbos irregulares son moi frecuentes e van desde a realización (ou non) das alternancias vocálicas correspondentes, ao emprego de formas verbais arcaizantes ou dialectais e, mesmo, a oposición entre a presenza dalgunhas formas moi influenciadas polo castelán e outras que resultan incorrectas pola hipercorrección que se lle aplica para afastalas desta lingua.

Os verbos da terceira conxugación son os que presentan un maior número de vacilacións, en especial na P3 entre *-eu* e *-iu*: *escrebeu* ("O noso pensamento", Roque d'as Mariñas, 5-7-1885, I, nº 1, p. 1), *sufreu* ("A fala galega II", anónimo aínda que probablemente de Roque d'as Mariñas, 8-11-1885, I, nº 5, pp. 1-3), *fuxeu* ("Rousalía Castro", Roque d'as Mariñas, 16-8-1885, I, nº extraordinario, pp. 1-2) ou *abreu* ("Casos e cousas", Céltegos, 16-8-1885, I, nº extraordinario, p. 4), polo que podemos apreciar o claro predominio da uniformización

30 Fernández Rei, F: *Dialectoloxía da lingua galega*, Xerais, Vigo, 1990, p. 75.

en favor das formas rematadas en *-eu* aínda que estas constitúan unha incorrección da conxugación.

No verbo *ser* aparecen algunhas desviacións do paradigma, habitualmente debidas a castelanismos: *eres* ("O noso pensamento", Roque d'as Mariñas, 5-7-1885, I, nº 1, p. 1). Estes castelanismos fanse extensibles ao uso de formas compostas co verbo *haber*, inexistentes no galego: *haber sido* ("Adeministración d'a Gaita Gallega", anónimo, 5-7-1885, I, nº 1, p. 8) ou *había morto* ("O Fidalguiño d'a Pinhoa", L. De G. , 28-1-1886, I, nº 7, pp. 4-5).

As formas máis rechamantes nunha primeira achega aos textos son os verbos *faguer* ("O zapateiro de Cangas", Marcos d'a Portela, 5-7-1885, I, nº 1, pp. 3-4), *traguelas* (de traguer) ("Veliños", Marcial Valladares, 18-12-1887, II, nº 1, pp. 4-5), derivadas estas formas a partir das primeiras persoas *fago* e unha suposta forma *trago*, conservadas ámbalas dúas aínda hoxe nalgúns territorios do galego. Estas formas constitúen unha excepción ás máis empregadas que son as derivadas de *facer* e *traer*.

Hai outros verbos irregulares que presentan gran número de vacilacións ata nos seus radicais, tal é o caso, por exemplo, do verbo *oír* que aparece como *oyo* ("Cousas de mozos", Andrés Muruais, 5-7-1885, I, nº 1, pp. 5-6), ("A campana d'Anllóns", Eduardo Pondal, 11-10-1885, I, nº 4, pp. 2-3), *oeu* ("¡Unha caridá gallegos!", A Comisión, 5-7-1885, I, nº 1, pp. 5-6), *ouciuse* e *ouciu* ("O Fidalguiño d'a Pinhoa", L. De G. , 28-1-1886, I, nº 7, pp. 4-5), *ouvir* ("A festa do Tacón", 2-8-1885, I, nº 2, p. 1) e *ouir* ("O noso pensamento", Roque d'as Mariñas, 5-7-1885, I, nº 1, p. 1), recollendo todas as posibles variantes que presenta este verbo e mesmo algúns dialectalismos.

Por último, para rematar este breve repaso feito sobre a lingua de *A Gaita Gallega,* faremos mención dos aspectos de tipo lexical, onde cómpre salientar especialmente un feito: os castelanismos, tanto polo uso que se fai de termos tomados directamente do castelán como pola corrección que realizan moitos dos autores en palabras cuxa forma galega concorre coa forma castelá de xeito que o resultado é un hiperenxebrismo. Hai un conxunto de castelanismos (moitas veces non percibidos como tal) que son moi habituais na lingua decimonónica e que están tamén presentes nas colaboracións de *A Gaita Gallega*, tanto con incorporacións directas do castelán como con formas espúreas camufladas con algún fonema ou grafía propios do galego, entre eles destacan: *color*, *dolor*, *campana*, *olvido*, *reina*, *Dios*, *rey*, *perdiz*, *zorros*, *Mayo*, *señal*, *dolce*, *Virxen*, *robre*, *adios*, etc. Outros resultan menos frecuentes mais responden, polo xeral, á tónica habitual de tratarse de termos cun certo matiz máis científico, erudito ou intelectual e son calcados ou tomados directamente do castelán: *almendra*, *geografía*, *encina* ou *grulla*. Finalmente as ansias de afastamento do castelán

fan que moitas veces os autores incorran en erros por hiperenxebrismo ou hipercorrección. Así, é posible que atopemos entre estes textos formas como: *orgulo*, *sonos* (co significado de ilusións, fantasías), *soberba*, *brila*, *inoranza*, *tortelas* ou mesmo *Rousalía*.

Como conclusión xeral se algo debe ser especialmente sinalado en *A Gaita Gallega* é o esforzo que para Manuel Lugrís Freire e Ramón Armada Teixeiro tivo que supor sacar á luz a primeira publicación da Galicia da emigración integramente en galego e cun proxecto claro, exposto desde o primeiro momento, de dignificación da lingua, empregándoa con toda naturalidade para tratar todo tipo de temas e poñéndoa en igualdade de condicións con outras linguas mediante técnicas tan eficaces como a inclusión de textos traducidos. Os directores da publicación realizan, en numerosas ocasións, correccións dos textos de diferentes autores para axeitalos ás fórmulas que consideraban correctas. Isto supón un grande esforzo xa que, aínda que é evidente que os estudos lingüísticos se non se achaban na fase aínda incipiente en que –non moitos anos antes– Rosalía de Castro se situaba no momento da publicación de *Cantares gallegos* (1863):

> Sin gramatica, nin regras de ningun-ha clás, ó lector topará moitas veces faltas d' ortografia, xiros que disoarán ôs oidos d' un purista, pró ô menos, e prá disculpar en algo estes defectos, puxen o mayor coidado, en reprodusir ó verdadeiro esprito d' ó noso pobo, e penso qu' ó conseguin en algo... si ben de un-ha maneira débil e froxa.

O baleiro arredor dos estudos lexicolóxicos e gramaticais era aínda grande e os responsables da publicación de *A Gaita Gallega* deberon pór moito da súa parte para loitar non só contra a ausencia de materiais de apoio, senón tamén contra uns prexuízos lingüísticos moi arraigados na poboación, tanto entre as clases máis populares, que admitían como moito o uso oral mais con dificultade o escrito, como entre as clases altas, que renegaban case maioritariamente do galego. Estes feitos no seu conxunto dificultaban a aparición dunha publicación periódica activamente comprometida coa defensa da súa terra e da súa lingua, como queda demostrado tanto na práctica lingüística adoptada pola revista como en moitos dos editoriais desta publicación pioneira, que foi quen de levar a lingua do país aos galegos de Cuba.

### *2. 3. 2. Estrutura, números e seccións*

A estruturación da revista, consonte ao seu pequeno formato, resulta moi sinxela e, agás o número extraordinario dedicado a Rosalía que aparece sen numerar, todos os números —editados en tocatas de oito páxinas (agás a tocata dedicada a Rosalía)— responden ao mesmo molde. En efecto, combínanse invariablemente e sen ningún tipo de criterio, composicións líricas, textos en prosa,

homenaxes, refráns, manifestos metaliterarios, ensaios, notas de redacción, etc.

Tampouco as seccións que amosa a revista responden a unha traxectoria totalmente regular, non só en canto á súa periodicidade, senón tamén en canto á súa autoría. Así pois:

a) Non hai ningunha sección presente en todas as "tocatas" da revista nin tampouco que apareza asinada sempre do mesmo xeito.

b) Normalmente, agás algunha excepción, son seccións bastante esporádicas. De certo, poderíanse considerar como traballos editados por entregas. Este feito tamén nos leva a sinalar que inda que as seccións manteñen esta peculiar liña programática, si hai traballos que se poderían adscribir a un mesmo núcleo temático e agruparse nunha sección (concretamente as homenaxes varias, os temas relacionados con Galicia e o seu ámbito histórico-social ou cultural, etc.).

As seccións propiamente ditas son:

*A) CASOS E COUSAS*

O epígrafe e contido desta sección ten unha clara influencia do xornal *O Tio Marcos d'a Portela*, que contaba cun apartado homónimo. En *A Gaita Gallega* a devandita sección combinou verso e / ou prosa e nela integrábanse crónicas, noticias ou informacións socio-culturais da comunidade galega en Cuba e Galicia, ás veces acompañadas de epigramas ou versos que ilustrábanse (na súa maior parte de maneira humorística, burlesca, irónica ou laudatoria) o que se viña de comentar. Caracterizouse pola súa espontaneidade, idea expresada en máis dunha ocasión polo autor encargado deste bloque temático, quen recibiu en ocasións a visita de *A Gaita Gallega* (unha nota pintoresca que podería entenderse como unha disculpa relativa a este acusado perfil espontáneo). En ocasións serviu, ademais, de ponte de comunicación entre as dúas Galicias.

É a máis duradeira e a única que sobreviviu ás dúas épocas de *A Gaita Gallega*. As sinaturas que a compoñen e os números nos que se editou poderían sintetizarse do xeito seguinte:

1) Ramón Armada Teijeiro, que colabora como:

Chumín de Céltegos (tocatas 1ª, 3ª, 4ª e 5ª da primeira época)

Chumín (tocatas 2ª, 6ª, 7ª, 9ª e 11ª da primeira época)

Céltegos (tocata fúnebre en honor de Rosalía Castro, sen numerar)

2) Valentín Lamas Carvajal, que asina como Marcos d'a Portela (tocatas 13ª e 17ª da primeira época)

3) Anónimo (tocata 1ª da época segunda)

4) Xan d'as Zocas (tocatas 2ª e 3ª da época 2ª).

"Casos e cousas" non se incluíu, pola contra, nas tocatas 10ª, 12ª, 14ª, 15ª e 16ª da primeira época, se cadra porque foi unha das etapas máis irregulares da publicación (non hai que esquecer que nas tocatas 10ª, 12ª e 14ª só figurou como director Chumín de Céltegos e nas tocatas 15ª e 16ª a revista apareceu como suplemento de *El Eco de Galicia*.)

### *B) REFRÁS GALLEGOS*

Trátase, como indica o seu título, dunha compilación de refráns galegos, acorde co trazo popular da propia revista, organizados por orde alfabética. Despois de "Casos e cousas" é a sección que ten máis continuidade. Só aparece na primeira época da revista e sempre como anónima. A súa presenza pode rexistrarse nas tocatas 7ª (A), 9ª (B e C), 10ª (D), 11ª (E, F e G), 12ª (H, I, L, M e N), 13ª (N e O) e 17ª (O).

### *C) (ULTEMA HORA) PARTES TELEFONICOS D' "A GAITA"*

Baixo este singular título aparecían unha serie de noticias moi recentes, polo que se expresaban telegraficamente e se integraban na derradeira folla da tocata da que formaban parte. Esta sección, que poderíamos calificar como social, só se editou nas tocatas 8ª e 9ª. Na 8ª o título ía encabezado, amais, polo subtítulo "ULTEMA HORA" e as informacións case ocupaban unha páxina. Na 9ª só se publicou como "Partes telefónicos d'a Gaita" e a súa extensión era tan pequena que case podería pasar desapercibida.

Tamén o apartado "Noticias escolleitas", asinado por Xan de Tomeza, participa dos caracteres e o contido socio-cultural de "Casos e cousas" e da sección que vimos de comentar. Mais o feito de que só se editase unha vez baixo este epígrafe (concretamente, na tocata 6ª) e nun número no que tamén aparecía a antedita "Casos e cousas", fai pensar, inda que tampouco podemos aseguralo con certeza, nunha intencionada agrupación á marxe, polo acusado matiz pintoresco das informacións que ofrecía, rasgo que non compartía cos outros dous bloques. Non obstante, resulta estraño, tendo en conta o perfil da publicación, que non tivese máis protagonismo na mesma.

*D) GALLEGOS DE POR ACÓ*

Probablemente, este epígrafe fora configurado como unha sección de semblanzas dalgúns dos creadores galegos emigrados á illa e, polo tanto, tivese unha presenza notoria ao longo de *A Gaita* dada a súa importancia no seo da comunidade galega. De feito, mesmo G. Sus, o responsable deste apartado, anunciou esta idea coas seguintes verbas: "Hase de continuar ¡ind' así eu medre![31]. O certo é que só saiu dúas veces, concretamente: na tocata 15ª (na que G. Sus realizou un bosquexo sobre K. Inzo —pseudónimo, este, co que ás veces asinaba Enrique Novo, irmán de Adelardo Novo, colaborador asiduo de *Galicia Moderna* e membro da Xunta Directiva da Sociedade Coral y Polifónica *Aires d'a Miña Terra*—) e na tocata 16ª (na que G. Sus insertou diversos ditos ou proverbios populares e humorísticos de L.U.Gris, ilustrados, amais, cunha serie de debuxos, os únicos da publicación).

Polos trazos que os caracterizan, posiblemente poderiamos facer o mesmo comentario sobre "Centro Gallego" e "Apólogos", inda que, contrariamente ao caso anterior, non se indique unha presenza asidua desta orde de publicacións. No anónimo "Centro Gallego" temos (tocatas 3ª e 5ª da primeira época) noticias varias relacionadas con esta importante institución galega da Habana e en "Apólogos" Francisco María de la Iglesia (tocata 2ª da ruada 2ª) e Farruco Mirás (tocata 3ª da ruada 2ª) inseriron un conxunto de relatos didácticos.

Tendo en conta o que acabamos de sinalar, a distribución en seccións, máis ou menos estandarizadas e fixas, afectaría unicamente a "Casos e cousas" e a "Refrás Gallegos", mentres que "(Ultema hora) Partes telefónicos d'a "Gaita", "Gallegos de por acó", "Centro Gallego" e "Apólogos" habería que consideralos como pequenos apartados independentes.

En canto á publicación fascicular, só se editarían por entregas "Fillos de Galicia" (tocata 16ª e 17ª) de Xan Rodríguez de Cea; "O catecismo d'o Labrego" (tocatas 2ª e 3ª da ruada 2ª) ou "O amor" (tocatas 8ª, 9ª e 10ª da primeira época), asinados por O Tío Marcos d'a Portela e "A fala gallega" (tocatas 3ª e 5ª da primeira época), pertencente a Roque d'as Mariñas.

### *2. 3. 3. Xéneros*

Aínda que *A Gaita Gallega* se inscribe dentro da dinámica das revistas culturais da época e, polo tanto, comparte con estas unha serie de trazos

31 G. SUS, "Gallegos de por acó", *A Gaita Gallega*, época 1ª, ano 3º, tocata 16ª, A Habana, 18-IX-1987, p. 8.

comúns, tamén é evidente que supuxo unha excepción dentro do xeral protagonismo case exclusivista que se lle viña concedendo á lírica, feito que pode verse como resultado do inevitable maxisterio que, polo seu valor e galeguidade, exerceron Rosalía, Pondal, Curros, as primeiras gramáticas e dicionarios ou algúns xornais (como *O Tío Marcos d'a Portela*, *O Galiciano*, ou *Galicia*), entre moitas outras fontes, da reivindicación lingüística que latexa nas súas páxinas, amais das distintas circunstancias histórico-sociais que vimos contemplando ao longo desta análise introdutoria. De tal xeito que se ben a maior parte destes escritores se iniciaron literariamente na poesía (de feito, como ben salienta Modesto Hermida[32], "poucos son os poetas que teñen publicado en prosa" e, certamente, "máis difícil resulta atopar un prosista que non publicase versos") pódense rexistrar en todo o decorrer de *A Gaita* un abano de xéneros ou subxéneros relativamente amplo: manifestos, saúdos, poemas, contos, semblanzas, notas de redacción, lendas, traducións, refráns, ditos populares, crónicas, noticias, ensaios, homenaxes, baladas, notas, anuncios culturais, epigramas, sátiras, composicións burlescas, reflexións, cantigas, cartas, pezas dramáticas, diálogos ou parrafeos, imitacións, transcricións, versións, himnos, apólogos, etc. son algúns exemplos deste inventario interxenérico no que o rexistro lírico é o máis recorrente.

## 2. 4. Noticia de colaboradores

Acertar co nivel de información pertinente dos distintos colaboradores dunha publicación como *A Gaita Gallega* é unha tarefa condenada de antemán ao fracaso. O especialista poderá estimar que sobran datos; pola contra, o lector que non teña frecuentado o ámbito da nosa literatura na segunda metade do século XIX, pode botar en falta algunhas referencias bio-bibliográficas en certos casos.

Pola nosa conta, non caeremos na tentación de aludir sequera a figuras tan sobranceiras como Rosalía de Castro ou Curros Enríquez. Só teimaremos nos seus fondos e múltiples vínculos co mundo da emigración en Cuba, mundo responsable, en boa medida, do proceso de mitificación da autora de *Cantares Gallegos* e ámbito que foi para Curros non pouco conflitivo. Omnipresente na práctica totalidade das cabeceiras da prensa galega da illa, a relación de Rosalía coa Galicia emigrante en Cuba foi xa estudada con pormenor por Neira Vilas[33] e case o mesmo acontece no caso de Curros. Omitiremos tamén todo tipo de alusións detalladas ou datos minuciosos de autores ben estudados ou coñe-

32 Hermida, Modesto, *Narrativa Galega: Tempo do Rexurdimento*, Vigo: Xerais, 1995, p. 15.

33 Neira Vilas Xosé, *Rosalía de Castro e Cuba*, Santiago de Compostela: Edicións do patronato Rosalía de Castro, 1992.

cidos como Valentín Lamas Carvajal, Francisco e Antonio María de la Iglesia, Francisco Añón, Enrique Labarta Pose, Eduardo Pondal, Marcial Valladares Núñez ou Nicomedes Pastor Díaz.

Rosalía foi homenaxeada en cabeceiras como *Follas Novas* ou *Rosalía*. Numerosos datos da súa vida e morte, da súa obra e das homenaxes das que foi obxecto en Galicia e Cuba en anos posteriores á súa morte (pero especialmente unha morea de poemas da súa autoría) están espallados polas páxinas de *Galicia Moderna*, *Santos e Meigas*, *Vida Gallega*, *Nós*, *Eco de Galicia*, *El Eco de Galicia*, *La Patria Gallega* e *Cultura Gallega*, entre outras. Cómpre tamén lembrar a axuda dispensada á escritora polo Centro Galego e outras entidades galegas de Cuba, auxilio que abrangue desde a subvención da edición de *Follas Novas* ata innumerables actos de homenaxes, certames poéticos, envío de cartos, etc.

Se de Rosalía temos en *A Gaita Gallega* un total de catro poemas, son sete as achegas poéticas que rexistramos da autoría de Curros Enríquez, que pasou en Cuba varios anos da súa vida e morreu na illa en 1908. Cabeceiras de prensa como *Curros Enríquez*, "Órgano de la Sociedad Pro Cesures, Ares y Souto", ou *Aires da Miña Terra*, "Boletín oficial de la sociedad de este nombre", rinden unha clara homenaxe á súa figura, sempre crítica e polémica. Por outra banda, Roberto Blanco Torres, creou en 1915 *La Tierra Gallega,* homenaxeando así a Curros, quen en 1894 fundara e dirixira coa mesma cabeceira o "Semanario de intereses regionales". Ademais, os seus poemas e artigos apareceron en *El Eco de Galicia*, *Follas Novas*, *Galicia*, *Pro-Galicia*, *Galicia Moderna*, *La Patria Gallega*, *Suevia*, *Santos e Meigas*, *Rosalía*, *Cultura Gallega*, *A Terriña* e aínda no *Diario de la Marina*. A relación de Curros co Centro Galego, o seu labor xornalístico, a súa participación activa na creación da Asociación Iniciadora y Protectora de la Academia Gallega (institución da que foi presidente) ou outras dimensións e realizacións do seu quefacer cultural teñen chamado a atención dos seus biógrafos e estudosos e delas temos comprida información en traballos de Neira Vilas, Alonso Montero e Núñez Seixas.

En canto á nómina dos autores, contamos con moitas e moi variadas firmas que desde Galicia ou América foron inseridas en *A Gaita Gallega*. Certamente, a revista contou con 71 colaboradores e / ou corresponsais que achegaron un total de 174 colaboracións nas que o verso tomou un protagonismo esencial, posto que 63 creacións compuxéronse en prosa, 85 en verso e 26 combinaron a prosa e o verso. Destes autores destacou a ampla presenza de Lamas —o escritor que máis publicou en *A Galita Gallega*—, seguida da de Armada Teixeiro e a de Lugrís Freire, os tres escritores que, por outra banda, tamén se caracterizaron na revista por ser os creadores que máis veces asinaron con pseudónimos. Asemade, rexístranse con bastante asiduidade as firmas de Curros ou Secundino Cora e, en menor medida as de Amor Meilán, Losada Astray ou Rodríguez Barreiro.

Mais, sen dúbida, —reiteramos— as sinaturas de máis relevo son as de Rosalía (da que se reproduciron postumamente 4 creacións), Pondal (quen publicou 2 poemas) e Curros (quen colaborou con 7 creacións), as tres figuras emblemáticas do Rexurdimento galego. Así mesmo, a publicación contou coa colaboración de coñecidos escritores do momento, cunha traxectoria amplamente recoñecida, como Marcial Valladares Núñez (con 3 traballos), Valentín Lamas Carvajal (cun total de 24 colaboracións, 9 firmadas co seu nome e 15 baixo pseudónimo), Francisco María de la Iglesia González (con 2 escritos, un asinado como Farruco Mª d'a Igrexa e outro como Francisco d'a Iglesia González) e Francisco Mirás (cun traballo, asinando como Farruco Mirás).

Cun itinerario máis modesto pero tamén moi valioso dende o punto de vista histórico-social e artístico-literario temos a Antonio de la Iglesia González (cun único relato), Alberto García Ferreiro (cun único escrito), Enrique Labarta Pose (con 2 composicións), Benito Losada Astray (con 5 escritos) ou Aureliano José Pereira de la Riva (cunha única creación).

Outros escritores foron académicos e / ou cofundadores da Real Academia Galega (algúns deles logo presidentes), como: Manuel Amor Meilán (con 6 traballos, tres asinados co seu nome e tres coas iniciais M. A. M.), Juan Barcia Caballero (con 2 composicións), Lisardo Rodríguez Barreiro (con 5 colaboracións) ou Eladio Rodríguez González (cun único escrito).

Pero tamén autores de menor renome contribuíron a enriquecer o contido da revista amais de difundir, dalgún xeito, a cultura galega a través da escrita, denunciar lacras sociais ou facerse un nome nestas páxinas periódicas, particularmente: Rogelio Cibeira (cun único traballo), Secundino Cora (con 7 escritos, 6 asinados como Secundino Cora e un coas iniciais S. C.), Inocente Filgueira (cunha única creación), Francisco Lourido Sánchez (con 2 composicións), Francisco Romero Blanco (con 2 traballos, un asinado como F. Romero Blanco e outro coas iniciais F. R. B.), Xenaro Mariñas González (cunha única creación), Adolfo Mosquera Castro (cunha única produción), Roque Pesqueira Crespo (con 3 composicións), Xan Manoel Rodríguez de Cea (con 3 publicacións) e Xavier Valcarce Ocampo (cunha única composición).

Asemade, poden rexistrarse as sinaturas dos seus notables fundadores, directores, administradores, redactores e colaboradores: Ramón Armada Teixeiro (quen difundiu un total de 19 escritos, sempre baixo pseudónimos: 1 como Céltegos, 2 como Ch., 7 como Chumín e 9 como Chumín de Céltegos) ou Manuel Lugrís Freire (creador que, nas súas 11 colaboracións, tamén amosou na revista unha heteronimia moi acusada; firmou 1 composición como K. Ñoto, 3 como L. U. Grís, 1 como M. L. F., 6 como Roque d'as Mariñas e, incluso, publicou sen asinar un dos seus artigos).

Coma merecida homenaxe, tamén se inseriron postumamente na publicación composicións de escritores salientables, tales como: Alberto Camino Sigüer (do que se reproduciron 4 achegas), Francisco Añón Paz (do que se difundiron 4 creacións), José García Mosquera (do que se reproduciu un único traballo), Andrés Rodríguez Muruais (do que se reproduciron 3 textos), Xan Manuel Pintos Villar (do que se reproduciu unha única creación) ou Nicomedes Pastor Díaz Corvelle (do que se apareceu unha única composición).

Polo que respecta ás sinaturas heterónimas foron moitos os autores que asinaron as súas obras baixo algún tipo de alcume. Destacan, neste sentido, os significativos pseudónimos de *Marcos d'a Portela* (que apareceu en 13 ocasións) ou *O Tío Marcos d'a Portela* (que apareceu en 2 ocasións) correspondentes a Lamas Carvajal (quen compaxinou estas firmas co seu nome propio, co que asinou en 9 ocasións); a de *O Galiciano* (que apareceu nunha única ocasión), correspondente ao director da revista homónima, Rufino Ribera Losada, ou a de *G. Sus* (que apareceu en 3 ocasións), correspondente a Jesús María de Caula ou as devanditas sinaturas que empregaron Armada Teixeiro e Lugrís Freire. Entre os pseudónimos non identificados figuran algúns tan heteroxéneos como: *Canteiro, Fungueiro, Gelabert, L. de G., Loureiro, P. Nadie, Perucho, Riveira* ou *Xan de Tomeza* (colaboradores que só aportaron un escrito cada un) e *Xan d'as Zocas* (autor de dous traballos). Podería engadirse nesta última nómina composicións asinadas con iniciais, das que tampouco podemos establecer unha identidade fidedigna , figuran así: R. M. E (autor de dous escritos) e V. P. (escritor que só colaborou cun traballo seu). Outras inicias que apareceron na revista e que si podemos identificar son as de M. A. M. (coas que Manuel Amor Meilán asinou 3 dos seus traballos e que alternou co seu nome propio, co que tamén firmou outros 3 escritos); as de S. C. (coas que Secundino Cora asinou un único traballo e que alternou co seu nome propio, co que firmou 6 escritos); as de F. R. B. (coas que Francisco Romero Blanco asinou unha composición e outra co seu nome propio) ou as xa comentadas M. L. F., correspondentes a Lugrís Freire.

Como é propio de case todas as revistas, moitos dos traballos que nelas se editan son anónimos ou, se teñen relación cos aspectos de tipo directivo-administrativo, están asinados, normalmente, cunha firma de trazo impersoal. Tamén *A Gaita Gallega* responde a este patrón. Así por exemplo, os artigos "¡Unha caridá, gallegos!"[34] e "Saúdo"[35], foron asinados, respectivamente por A Comi-

34 A Comisión, "¡Unha caridá, gallegos!", *A Gaita Gallega*, época 1ª, ano 1º, tocata 1ª, A Habana, 5-VII-1885, p. 5.

35 A redaución, "Saúdo", *A Gaita Gallega*, época 1ª, ano 1º, tocata 1ª, A Habana, 5-VII-1885, p. 1.

sión e A Redaución. Con respecto aos anónimos (un total de 21), son moitas as circunstancias que motivan unha firma deste tipo, polo que non nos imos deter nas causas desta actitude particular, xa que en moitos casos só poderiamos falar hipoteticamente. Con todo, entre as composicións anónimas foi posible identificar ao autor de "A fala gallega. II"[36], pois aínda que o ensaio foi publicado sen asinar, pertence seguramente a Roque d'as Mariñas (Manuel Lugrís Freire), quen xa con anterioridade editara, baixo a sinatura devandita, un artigo homónimo sobre o mesmo tema e cun estilo semellante.

## 2. 5. Os directores

### *2. 5. 1. Ramón Armada Teixeiro*

(Santa Marta de Ortigueira, A Coruña, 14-9-1858 / A Habana, 1-7-1920)

Xornalista, escritor, pedagogo, funcionario público, etc., Ramón Armada Teixeiro, coñecido como Chumín de Céltegos, significouse principalmente polo seu vital labor cultural, sempre proxectado cara a comunidade galega, converténdose, pois, nun dos mellores embaixadores da Galicia do seu tempo. Paralelamente ás diversas actividades que desenvolveu e aos moitos cargos que ocupou, Armada realizou unha dilatada obra literaria, ben como Armada Teijeiro / Teixeiro ou ben empregando pseudónimos moi variopintos, sinaturas que empregaría en escritos de moi diverso rexistro. Como ben sinalaron Vicente Saavedra e outros investigadores da obra teixeiriana, aínda hoxe, e a pesar das diversas homenaxes e recoñecementos que se lle tributaron ao autor, boa parte do itinerario bio-bibliográfico de Armada permanece eclipsado, se cadra porque na súa vida, activa e solidaria, o inquedo intelectual, tamén instaurador —como algúns dos seus coetáneos— do galeguismo, significouse máis polo seu labor social, cultural ou xornalístico que pola súa faceta literaria, inda que acadou neste eido unha resoante popularidade no seu tempo.

Como ben é sabido, Armada Teixeiro viviu entre Galicia e A Habana, dous mundos converxentes moi agarimados polo noso escritor , nos que compaxinou a súa labor literaria e xornalística coa súa faceta socio-cultural, así como cos diversos cargos que ocupou. Oriúndo de Ortigueira, xa dende moi novo tomou contacto coa literatura, pois o seu pai, médico de profesión, foi un escritor vocacional que exerceu unha notable influencia en Armada. Por outra banda, o acomodado posto profesional do pai —Juan Armada Iglesias—, propiciou, asemade, que o autor de *D'a Terriña* puidese contar cunha formación académica en

36 Roque d'as Mariñas, "A fala gallega. II", *A Gaita Gallega*, época 1ª, ano 1º, tocata 5ª, A Habana, 8-XI-1885, pp. 1-3.

Galicia, logo completada na Habana. "O abandono da patria permitiralle o noso autor sentir no propio ser o mal endémico que atingue a Galicia dende onte deica hoxe, e conformará a semente para matinar nos lerios que de contado van cristalizar e atopar cabemento na súa obra intelectual"[37]. Efectivamente, en 1873 Armada (quen mereceu o mote poético "Marinela", acuñado por Pardo Bazán) emigrou a Arxentina, onde non permaneceu moito tempo ao gañar un premio de lotería que lle permitiu regresar cun relativo desafogo a Galicia, en 1876. Con tan só vinte anos, concretamente en 1877, emigrou á Habana, terra que tamén adquiriu en Teixeiro unha especial relevancia e significado (feito explícito nalgunhas das súas poesías) e na que viviu experiencias cruciais na súa vida (alí casou, naceron os seus fillos, creou a maior parte da súa obra, realizou unha interesante tarefa cultural e institucional, etc.).

Desta primeira etapa migratoria á Habana, na que harmonizou as súas actividades comerciais, burocráticas, administrativas, socio-culturais ou artísticas, entre moitas outras, cómpre salientar dous importantes acontecementos, como logo veremos: a cofundación (1885), con Lugrís Freire, do mensuario monolingüe en galego *A Gaita Gallega* ou a creación (1885) e representación (1886) de *¡Non máis emigración!*. De certo, estes dous relevantes feitos culturais, xunto con algunhas oportunas iniciativas galeguistas teixeirianas (como as súas activida-




*O Heraldo Ortigueirés homenaxeou a Armada Teixeiro en 1943.*

37 Peña Saavedra, Vicente, R*amón Armada Teixeiro: Anacos dunha Vida e unha Obra a prol da Educación*, Santa Marta de Ortigueira, Imprenta Fojo, 1985, Separata de *La Voz de Ortigueira* nº 3577-3608, p. 6.

des no Centro Galego, na súa Sección de Instrucción ou noutras sociedades galegas), foron a contribución máis destacable de Armada á nosa comunidade, pois "Non foi Armada Teixeiro un gran poeta nin un gran dramaturgo, nin siquera un gran xornalista, mais tiña ao seu favor que amaba a Galicia e ao pobo galego"[38]. Tamén nesta etapa formou parte da "Cova céltiga" cubana ("un reflexo tropical da que había na Coruña"[39]).

En 1899 voltou á súa terra natal, onde permanecerá ata 1909, data na que voltará novamente a Cuba. Neste período instálase en Santa Marta de Ortigueira e segue a desempeñar cargos oficiais, paralelamente conxugados coa súa escrita interxenérica e o seu pensamento galeguista: funda *El Eco de Ortigueira*, publica parte da súa obra, ocupa a presidencia do casino de Ortigueira, gaña os xogos florais de Viveiro con "Misión del Municipio y su importancia como vehículo de enseñanza primaria, intelectual, artística y física", é eloxiado no Congreso Pedagóxico de Santiago de Compostela (1906) por "Labor de las Sociedades Gallegas de América que sostienen planteles de Enseñanza", exerce como corresponsal galego do habaneiro *Diario de La Marina*, etc. Vítima do caciquismo (suceso que motivou a destitución de Teixeiro do cargo municipal que ocupaba), viuse na obriga de emigrar novamente á Habana, en 1909, onde reside ata a súa morte. Alí continuou desenvolvendo incansablemente a súa vocación literaria e galeguista e traballou como xornalista, redactor do *Diario de La Marina*, como vicepresidente do Centro Galego da Habana, secretario do Casino Español e da Confederación de Colonias y Casinos Españoles, etc. Foi enterrado no cemiterio da Habana, no gran panteón da Sociedade de Naturais de Ortigueira. Os seus restos repousan nun monumento funerario, coroado simbolicamente por unha lira, no que poden lerse en galego o título dalgúns dos seus libros. O monolito fora ideado polo arquitecto ferrolán, tamén emigrado á Habana, Calixto Loira.

Polo que se refire ao expediente curricular teixeiriano, contamos cun acopio referencial bastante completo. Incluso Vicente Peña Saavedra incluíu no seu estudo *Apuntes autobiográficos de Ramón Armada Teijeiro*[40] un escrito de 1903 (conservado na Sección de Personal do Arquivo Municipal de Ortigueira) que Armada Teixeiro presentara, coa súa correspondente documentación, certificación e tramitacións legais, para acceder á praza de Secretario-Contador do Concello de Ortigueira, posto que, finalmente, ocuparía. En canto á súa traxectoria

38 Neira Vilas, Xosé, *Memoria da emigración I*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, *serie / Documentos*, 1994, p. 245.

39 Ibíd., p. 245.

40 Peña Saavedra, Vicente, *Apuntes autobiográficos de Ramón Armada Teijeiro*, separata de *La Voz de Ortigueira*, 3523-3530, Santa Marta de Ortigueira, do 6-I-1984 ó 24-II-1984.

académica, Armada principiou, continuou e completou a súa formación en Galicia e na Habana: por medio de oposición pública acadou o Premio ordinario correspondente á materia de Aritmética e Álxebra (diploma expedido polo Instituto de Lugo en 1877); cursou as materias de Peritaxe Mercantil nos institutos oficiais de Segunda Ensinanza de Lugo e da Habana e obtivo nestes exames, así como nos exercicios de Grao a calificación de sobresaínte, nota coa que tamén conseguiu, na Escola Profesional da Habana, a titulación de Profesor Mercantil (os oportunos títulos foron expedidos, en 1895, polo Gobernador Xeneral da Illa de Cuba). En relación á súa vida administrativa e profesional, na Habana exerceu como Vocal da Xunta de 1ª Ensinanza da cidade da Habana; como Inspector de Ensinanza do 6º Distrito e Presidente dos Tribunais dos exames regulamentarios; como Oficial 2º da Xunta de Colonización e Inmigración da Illa de Cuba (1895-1897), como Oficial 1º do Goberno Xeral de Cuba (1897-1898); como Xefe de Negociado e da Sección de Cárceres e Presidios da Secretaría de Gobernación e Gracia e Xustiza (cargo que só desempeñou ao longo de 1898 e que deixou o 21 de decembro dese mesmo ano para manter a cidadanía española, conseguir a súa repatriación e non xurar fidelidade ao Goberno dos Estados Unidos); como Tenente Supernumerario do Batallón de Urbanos Voluntarios da Habana (na última etapa da guerra de Cuba) ou como Secretario-Contador do Centro Galego da Habana, Presidente e Vicepresidente do mesmo. En Galicia formou parte da Xunta Local de 1ª Ensinanza de Ortigueira; traballou como Xuiz Municipal Suplente do Término de Ortigueira; desempeñou interinamente a praza de Secretario-Contador deste Municipio ou figurou co número 21 no Escalofón de Oficiais 1º, cesantes do Ministerio da Gobernación.

Respecto á obra teixeiriana, dado o itinerario vital e a personalidade de Armada, é evidente que a súa traxectoria bibliográfica, moitas veces asinada con pseudónimos (como Chumín de Céltegos, Céltegos, Ch., Chumín ou Amador Marán), non foi en absoluto limitada, tanto pola cantidade dos seus traballos como pola diversidade das súas creacións, motivadas polas múltiples tarefas que levou a cabo. En efecto, a bibliografía teixeiriana abrangue xéneros moi heteroxéneos. Rexistramos, neste sentido: crónicas, recensións ou memorias varias (de asociacións mercantís, institucións culturais, etc.); monográficos ou ensaios de distinta índole; creacións literarias; reivindicacións socio-culturais; escritos xornalísticos ou estudos sobre o ensino e as Sociedades de Instrucción (creadas na Illa coa finalidade de establecer escolas en Galicia). Do seu traballo xornalístico, pódense salientar as súas colaboracións na publicación coruñesa *Revista Gallega* "Semanario de literatura e intereses regionales" (1895-1907) ou na habaneira *La Tierra Gallega* (1894-1896) de Curros, amais da dirección da sección "Céltigos" no *Boletín Oficial do Centro Galego de Avellaneda* (1903-1930). Mais a contribución máis notoria no ámbito xornalístico foi, como vimos salientando ao

longo desta introdución, a cofundación, xunto con Manuel Lugrís Freire —na Habana e o 5 de xunio de 1885—, de *A Gaita Gallega* (1885-1889), mensuario no que exerceu, así mesmo, como director, administrador, redactor ou colaborador e foi o seu promotor máis constante.

É indudable que no aspecto literario a obra máis lograda do autor foi a súa composición dramática *¡Non máis emigración!*, denominada polo propio Armada como "Apropóseto líreco-dramáteco en dous autos e sete cuadros" e que constituíu un fito para as nosas letras ao ser a primeira zarzuela do teatro galego e ter, segundo Carballo Calero[41], "o interés histórico de ser a máis antiga peza teatral da Renacencia, dempois de *A fonte do xuramento*, de 1882". Pero a obra, que extraordinariamente chegou a alcanzar catro edicións (tres en América e unha cuarta en Galicia) —un feito insólito para a nosa historia literaria do século XIX—, tamén contou con importantes innovacións, posto que "abría canles novos para o teatro galego: a reivindicación social e o abandono do verso"[42]. Certamente, trátase dun alegato contra a emigración, entendida como unha lacra social resultado dunha política nefasta, mesturado este cunha convencional historia de amor de carácter costumista na que os diálogos están escritos en prosa, recurso atípico para a época.

*¡Non máis emigración!* (obra impresa nos talleres de La Correspondencia de Cuba e que está composta por dous actos e sete cadros nos que as escenas cantadas se combinan con outras dialogadas) foi estreada, con música do galego —tamén emigrado na Habana— Felisindo Rego, no daquela Teatro Tacón da Habana, o 10 de abril de 1886, e representada principalmente pola emigrante Dorinda Rodríguez (muller que nalgúns actos culturais da Habana cantaba ou recita-

*Xerardo Álvarez Gallego fala no acto de homenaxe a Armada Teixeiro (A Habana, 1943).*

41 AA. VV, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. II, Gijón, Silveiro Cañada Editor, 1986, p. 190.

42 Ansede Estraviz, Alberte & Sánchez Iglesisas, Cesáreo (dirs.), *Historia da Literatura Galega*, t. I, Vigo: Asociación Socio-Pedagóxica Galega, 1996, p. 319.

ba poesías e que realizou o papel de Marica) e Rexino López (pai dun popular comediante cubano do XX que fixo o papel de Farruco), cunha exitosa acollida segundo se desprende das críticas. O feito de que fose representada tamén foi todo un reto, pois, consonte Leandro Carré, non se volveu a levar a escena unha peza de teatro en galego ata 1903, data na que a coruñesa Escola de Declamación representou en verso *Filla,* de Galo Salinas, e pouco despois e en prosa *A ponte,* de Lugrís. Se cadra, boa parte do óptimo resultado desta obra poida derivarse do seu pronunciado trazo social, a penas existente na época, pois haberá que agardar ás obras de Lugrís Freire para que apareza novamente o teatro social galego.

Cómpre salientar ademais o acerto de inserir na segunda edición da obra un acopio de críticas que nos permiten valorar como foi a acollida de *¡Non máis emigración!* e nos ofrece unha serie de datos sobre a mesma, feito tamén loable para a historia da dramaturxia galega, xa que contamos, neste sentido, con moi escasas referencias das actividades teatrais e obras dramáticas do XIX en Galicia e moi especialmente na emigración, exceptuando neste nivel a obra de Galo Salinas *Memoria acerca de la Dramática Gallega. Causas de su poco desarrollo e influencia que en el mismo puede ejercer el Regionalismo* (1886), na que pode palparse a preocupación dos rexionalistas polo teatro e o seu interese por pescudar nesta materia co fin de realizar unha nómina da dramaturxia galega. En *¡Non máis emigración!*, peza precursora que constituíu a achega máis significativa de Armada ao renacemento literario galego, o autor tamén exaltou o labor da Sociedade de Beneficencia (entidade que verdadeiramente estaba moi sensibilizada cos problemas dos galegos emigrados).

En definitiva, a obra tivo unha proxección entusiasta xa na súa época, da que non só se deixou constancia, como sinalamos anteriormente, na segunda edición de *¡Non máis emigración!*, senón que apareceu reflectida en moitos outros medios como, por exemplo, en *Memoria da emigración II,* de Neira Vilas[43]. Vilas recolleu neste traballo reseñas de Manuel Espada, Secundino Cora, Álvaro de la Iglesia, Waldo Álvarez Insua, etc., amais de facer un acopio dalgúns dos xornais que dedicaron parte das súas páxinas (fundamentalmente de xeito laudatorio) á obra teixeiriana (entre outros órganos periódicos americanos: os habaneiros *El clarín*, *El Popular*, *La Voz de Cuba* ou *El Eco de Galicia*; na *Revista de Galicia*; *El Heraldo de Asturias; La Lealtad* de Cienfuegos; *La Constitución* de Remedios; *El faro* de Caibarién; o *Diario* de Cárdenas ou *El publicista* de Porto Rico e entre os órganos periódicos da Galicia territorial: *El horizonte* de Cedeira; *El regional* de Lugo; *O Galiciano* ou *O Tío Marcos d'a Portela* de Ourense). De

43 Neira Vilas, Xosé, "'Non máis emigración', peza teatral precursora", *Memoria da emigración II*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1995, pp. 303-309.

todas estas notas críticas merece a pena resaltar a recensión de Waldo Álvarez Insua quen "fai un comentario laudatorio da peza, anque sentencia que pouco ou nada incidirá nos que teñan o propósito de ir a América, porque *la emigración es una enfermedad social para la que no se encuentra remedio fácilmente*"[44], sentenza que, xunto co que se manifesta na obra, dá unha idea clara da situación ou do ambiente migratorio decimonónico e das súas motivacións.

Outras obras literarias do autor son os seus poemarios *Caldo de grelos* (A Habana, 1895) —no que aparecen creacións como "Himno gallego", "Cántiga fúnebre" en honor de Rosalía, "Cuba e Galicia" ou unha composición sobre os mártires de Carral—; *Aturuxos* (A Habana, 1897), volume prologado por Curros Enríquez (única prosa galega do poeta de Celanova, ademais dunha longa carta) no que "Armada segue a evocación da terra lonxana de par de coplas amorosas e denuncia do caciquismo e do malvivir dos nosos labregos (...) e un mellor fluír da lingua"[45]—; *Da terriña* (A Habana, 1918), obra na que o autor reuniu toda a súa obra poética, organizada en tres partes (algunha delas publicada con anterioridade): "Milicroques", "A-lalás" e Caldo de grelos"; o seu monólogo *Mexamorno en Viveiro* (1912), alegato contra a emigración no que o autor alenta aos galegos asentados en Cuba a volver a Galicia.

En castelán publicou obras como *Galicia, su agricultura, industria y comercio* (discurso inaugural do curso escolar 1895-1896, no Centro Galego da Habana); *Misión del Municipio y su importancia como órgano social*; *Memorias del Centro Gallego de La Habana*; *Efemérides de Ortigueira* ou opúsculos correspondentes ás memorias de casinos españois en Cuba.

En canto ao ensino, foi Vicente Peña Saavedra o que máis traballou este aspecto específico do autor ortigueirés nos seus monográficos *Apuntes autobiográficos de Ramón Armada Teijeiro*[46] e *Ramón Armada Teixeiro: Anacos*


MIÑA RULA

MELODÍA GALLEGA PARA CANTO Y PIANO

LETRA DE

BERNARDO BERMÚDEZ JAMBRINA

MÚSICA DEL MAESTRO

JOAQUÍN ZON

*En 1922 a Asociación Iniciadora e Protectora da R.A.G. homenaxeou a Armada Teixeiro.*

44 *Ibíd.*, p. 306

45 Neira Vilas, Xosé, *Memoria da emigración I*, *op. cit.*, pp. 243-244.

46 Peña Saavedra, Vicente, *Apuntes autobiográficos de Ramón Armada Teijeiro*, separata de *La Voz de Ortigueira*, 3523-3530, Santa Marta de Ortigueira, do 6-I-1984 ó 24-II-1984.

*dunha Vida e unha Obra a prol da Educación*. Efectivamente, Armada Teixeiro proxectou unha boa parte da súa traxectoria intelectual e profesional á problemática do ensino, tratando de solucionar algunha das lagoas que freaban o desenvolvemento progresivo e integral do ensino galego. De feito, como salienta o propio Saavedra, inda que Teixeiro non exerceu como profesional do ensino nin elaborou unha sistemática teoría pedagóxica, a educación ocupou un lugar destacado no seu ideario e dedicou moitos escritos a este tema, tales como *La Misión del Municipio y su importancia como órgano social para la propaganda de la enseñanza primaria en sus aspectos intelectual, artístico y físico* (memoria ilocalizable, posiblemente editada, que o autor presentou nos Xogos Florais de Viveiro de 1904); unha serie de artigos agrupados como *Galicia en 1907-1909* (crónicas sobre educación, literatura, historia, comercio, industria, política, etc., publicadas no habaneiro *Diario de la Marina*), numerosos traballos de índole socio-educativa difundidos na prensa cubana e galega ou a súa obra precursora *Labor Moralizadora de las Sociedades Gallegas en América que sostienen planteles de enseñanza. Su importancia educativa y patriótica*, estudo central da produción educativa de Armada que o autor presentou, en Xullo de 1906, no Certame Pedagóxico celebrado na Escola Normal Superior de Mestres de Santiago de Compostela, estruturado en 22 áreas temáticas e no que Teixeiro acadou o primeiro premio do tema XVIII, suxerido polo *Diario de la Marina*. O significativo ensaio pro-educativo, do que se publicaron tres edicións, foi organizado en tres capítulos. Comprende, fundamentalmente, a historia e o labor das Sociedades galegas en América e reflexiona, en liñas xerais, sobre a rexeneración socio-cultural da comunidade galega e moi particularmente sobre o ámbito educativo e societario. En síntese, e consonte as verbas de Saavedra[47]:

> "En primeiro lugar, (...) o vencellamento de Armada coa educación (...) xurde dunha inquedanza reflexiva arredor dalgúns dos problemas máis sobranceiros e significativos do seu tempo no tocante á instrucción pública (...)
>
> En segundo lugar, o tratamento que Armada Teixeiro arela facer da educación é (...) cáseque exclusivamente publicista e divulgativo, na percura de dar a coñecer ás xentes en xeral o papel que cumple a instrucción no progreso dos pobos. (...)
>
> En terceiro lugar, (...) acadou uns obxectivos certamente dignos de méri-

47 Peña Saavedra, Vicente, *Ramón Armada Teixeiro: Anacos dunha Vida e unha Obra a prol da Educación,* separata de *La Voz de Ortigueira*, 3577-3608, Santa Marta de Ortigueira, do 18-I-1985 ó 23-VIII-1985, p. 21.

to, polo rexo compromiso que entón representaba abordar, defender e propaga-lo labor societario dos galegos da diáspora.

Xa como remate, centrándonos en Labor Moralizadora..., estimamos conveniente extrae-los seguintes aportamentos creadores de louvanza e de encomio:

A) A actitude crítica que adopta frente a problemas seculares de Galicia (...)

B) A análise bulideira pero crarexadora que fai das deficencias escolares do noso País, revertendo as responsabilidades sobre os poderes públicos (...)

C) A postura decidida en favor das Sociedades Galegas de Instrucción e a esperanza (...) na súa obra rexeneradora, nun intre caracterizado pola arrexuba e o escepticismo no tocante á acción dos emigrados."

Asemade, a integridade e responsabilidade que Armada mostrou ao longo do seu decorrer vital, motivou que se tributase ao autor de *¡Non máis emigración!* diversas homenaxes, honores ou condecoracións, tanto en vida como postumamente. Así pois, na Habana a Secretaría do Goberno Xeral de Cuba concedeulle en 1896 os Honores de Xefe de Administración; en 1897 o Goberno Xeral e o Ministerio de Ultramar honrouno coa Cruz de Cabaleiro da Real e Distinguida Orde de Isabel a Católica polos servizos que Teixeiro prestou ao Goberno; a Secretaría de Gobernación e Gracia e Xustiza distinguiuno coa Cruz de 1ª clase do Mérito Militar, con distintivo vermello polos servizos especiais que Teixeiro levou a cabo na guerra de Cuba; en 1898 o concello da Habana otorgoulle a Medalla de Ouro, creada especialmente como recoñecemento de 1ª categoría para o Corpo de Honrados Bombeiros, polos seus destacados servizos nesta entidade; foi nomeado Socio de Mérito e Secretario de Honor perpetuo do Centro Galego da Habana.

En 1932 oficiouse na vila natal do noso escritor un acto de homenaxe —con motivo do 74 aniversario do seu nacemento—, posteriormente recensionado no volume anónimo *Homenaje al poeta ortigueirés Don Ramón Armada Teijeiro (Chumín de Céltegos)*[48] e organizado por Ramón Álvarez Fustes, Manuel Bermúdez Alfonso, Dámaso Calvo Moreiras, Manuel Casariego Bares, Julio Dávila Díaz, Federico Maciñeira Pardo, Vicente Sandomingo Crego e Adolfo Luís Teijeiro Botana. Despois dunha pequena nota alusiva ao nacemento e morte do homenaxeado, así como á lápida conmemorativa do mesmo, insírense na obra algunhas reseñas da celebración publicadas en xornais da época (*La Voz de Galicia* ou *La Voz de Ortigueira*), unha mensaxe de gratitude (manifesta por Rafael

48 Anónimo, *Homenaje al poeta ortigueirés Don Ramón Armada Teijeiro (Chumín de Céltegos), celebrado en la villa de Ortigueira el 11 de setiembre de 1932. Reseñas del acto y discursos*, Ortigueira, 1932.

Armada Sagrera, en nome da familia) e os discursos da efeméride devandita, pronunciados por Julio Dávila Díaz, Federico Maciñeira y Pardo de Lama, Eladio Rodríguez González (daquela presidente da Real Academia Galega), Ramón Álvarez Fustes (presidente da comisión da homenaxe) e de Manuel Lugrís Freire (quen sintetizaría a personalidade de Armada como "verbo ardido, entusiasta, elocuente que decote mantiña nas almas as inmorrentes arelas patrióticas, (...) poeta que soupo perpetuar o seu pensamento na redención de Galicia"[49]).

En 1941, segundo se recolle no mensuario da Habana *Heraldo Ortigueirés* "Órgano oficial de la asociación de beneficencia 'Naturales de Ortigueira'"[50], colocouse, ao compás do *Himno Galego* e da *Alborada* de Veiga, unha lápida de bronce na casa natal do escritor (Rúa Real, núm. 4, vila de Santa Marta de Ortigueira), promovida polo concello de Ortigueira e financiada polos cidadáns da comarca, así como pola asociación "Naturales de Ortigueira". Neste mesmo xornal, tamén se editaron, en 1943, os traballos "La Biblioteca 'Ramón Armada Teijeiro'" e "Armada Teijeiro, poeta de dos siglos". No primeiro, Antonio Senra realizou unha recensión sobre o desenvolvemento e as iniciativas da fundación habaneira "Naturales de Ortigueira", entre as que salientou, de xeito particular, dada a súa importancia, a "Biblioteca Ramón Armada Teijeiro". Para a devandita entidade cultural:

> "No podía haberse escogido para bautizar este rincón apacible de nuestra Sociedad, mejor nombre que el del ilustre hijo del corazón de Ortigueira, que supo cantar con maestría a las dulzuras de su patria y llegar con el lenguaje popular de su poesía a lo profundo del sentimiento cuando descubría sus estados de ánimo que no podía liberar de la nostalgia de su curruncho como él llamaba a su idolatrada tierra"[51].

No segundo, "Armada Teijeiro, poeta de dos siglos", estudo editado a raíz da velada que se realizou en honor do escritor, o 14 de setembro de 1943, con motivo do 85 aniversario do seu nacemento, sinálanse os aspectos centrais da homenaxe e trázanse os perfís máis sobresaíntes do creador, tanto da súa vida como da súa obra. En canto á velada, a conmemoración foi organizada pola Sección de Cultura e a Xunta Directiva da institución "Naturales de Ortigueira"; contou co descubrimento dun cadro co busto de Armada (que ocuparía a Biblioteca que leva o seu nome); coas recitacións de poesía —algunhas do propio Teixeiro— a cargo de

49 Ibíd., pp. 28-29.

50 Ano 1º, núm. 4, xullo, 1941, s.p.

51 Senra, Antonio, "La Biblioteca 'Ramón Armada Teijeiro'", *Heraldo Ortigueirés, Publicación mensual. Órgano oficial de la asociación "Naturales de Ortigueira"*, ano 3º, 12, A Habana, outubro, 1943, p. 8.

Consuelito Vascós, Consuelito Vidal e Joaquín Riera; coas verbas eloxiosas de Leopoldo Rebollar ou coa conferencia de Gerardo Álvarez Gallego, transcrita nesta crónica que leva o título xenérico do seu traballo. Polo que respecta á obra teixeiriana, resultan ilustrativas as verbas do propio Álvarez Gallego, quen non só estableceu unha panorámica vital do homenaxeado, senón que ademais sintetizou a escrita do autor na vea patriótica, folclórica, migratoria, social e lírica, entre as máis importantes, e incorporou unha interesante valoración de conxunto. Cómpre rescatar deste compendio crítico xuízos tan interesantes como:

> "Armada Teijeiro es técnicamente un poeta de rima fácil, asunto sencillo y la métrica comúnmente usada de octosílabos, endecasílabos, y generalmente el romance. (...) 'Poeta espontáneo, natural, sin artificio, sus versos son canciones, quejas, suspiros y lágrimas', escribió de él Álvaro de la Iglesia. Fraiz Andón loa la estructura, valentía, facilidad de versificación, corrección métrica, inspiración electrizante y deliciosa y sonoridad admirable de las poesías de Armada (...). El Presidente de la Academia Gallega y gran poeta vernáculo Eladio Rodríguez González, pronunció: 'Nas cordas da sua lira (...) tiveron decote vibrazón tódol-os cobizos da nosa raza e tódol-os engados da nosa terra. Por eso, a sua Musa é como encarnación viva de canto hai de engaiolero e de aloumiñante nas nosas aldeas e nas nosas campías.' (...) Curros Enríquez (...) dijo: 'Canta, paxariño, canta. Teus arpexos son nuncios de paz, heraldos de vida, promesas de felicidade. (...) O teu canto e (...) unha aspiración o ceo. Inxenio, tenro e sinxelo' (...). Más adelante añadió: 'Por sus tendencias, podriamos dividir sus composiciones en dos grandes grupos: objetivas y subjetivas. En el primero, deben figurar aquellas que se dedican a cantar a la patria y los gloriosos hechos de Galicia, a celebrar sus poetas y sus guerreros y a describir sus tipos y sus costumbres. Entre las subjetivas, aquellas en que el poeta, (...) reproduce en verso los estados de su ánimo, cantando los afectos íntimos o evocando los recuerdos del hogar y de la familia. Difícil es decidir qué género de los dos domina más en el poeta (...) porque si en las objetivas revela inspiración y sentimiento, (...) en las subjetivas, hace gala de un gran conocimiento del corazón humano (...). Resaltan en Armada sus condiciones de poeta descritivo. (...) No siempre observa bien; pero cuando logra observar, sorprende la verdad con que traslada a los versos el objetivo que analiza, el relieve con que lo dibuja y el calor con que lo anima'.
>
> Unha valoración crítica da Armada Teijeiro, podada de hipérboles amistosas y (...) de adjetivoa cordiales"[52].

52 A cita pertence ó discurso de Gerardo Álvarez Gallego, transcrita na crónica "Armada Teijeiro, poeta de dos siglos", *Heraldo Ortigueirés*, *Publicación mensual. Órgano oficial de la asociación "Naturales de Ortigueira"*, ano 3º, 12, A Habana, outubro, 1943, p. 15.

En 1970 celebrouse, na sección Galega do Instituto de Literatura e Lingüística da Habana, unha exposición sobre Armada con motivo do cincuentenario do seu pasamento, efeméride na que a familia tivo un papel transcendental e na que tamén colaborou activamente Neira Vilas. Unha das últimas homenaxes que se lle tributaron ao intelectual ortigueirés tivo lugar en Galicia, nun acto cultural celebrado o 14 de setembro de 1982.

Foi, despois de Lamas, o autor que máis colaborou en *A Gaita Gallega* e sempre baixo pseudónimo, actitude máis que xustificada tendo en conta a súa asidua presenza na revista e que foi, amais, o que máis tempo permaneceu ao cargo da dirección da mesma. Como "Chumín de Céltegos" responsabilizouse da sección "Casos e cousas" nas tocatas 1ª[53], 3ª[54], 4ª[55] e 5ª[56] e editou os seus traballos "¡26 d'Abril de 1846"[57], "O alalaa...[58]", "Sitio d'a Cruña en 1589. María Pita"[59], "Himno gallego"[60] e "Pastor Díaz"[61]. Como Chumín encárgase de "Casos e cousas" nas tocatas 2ª[62], 6ª[63], 7ª[64], 9ª[65] e 11ª[66] ademais de publicar "Lembranzas e saudades"[67] e "A Pelengrina"[68]. Como Céltegos escribe novamente en

53 Chumín de Céltegos, "Casos e cousas", *A Gaita Gallega*, época 1ª, ano 1º, tocata 1ª, A Habana, 5-VII-1885, pp. 6-8.

54 Chumín de Céltegos, "Cassos e cousas", *A Gaita Gallega*, época 1ª, ano 1º, tocata 3ª, A Habana, 13-IX-1885, pp. 7-8.

55 Chumín de Céltegos, "Casos e cousas", *A Gaita Gallega*, época 1ª, ano 1º, tocata 4ª, A Habana, 11-X-1885, p. 7.

56 Chumín de Céltegos, "Casos e cousas", *A Gaita Gallega*, época 1ª, ano 1ª, tocata 5ª, A Habana, 8-XI-1885, pp. 7-8.

57 Cumín de Céltegos, "¡26 d'Abril de 1846!", *A Gaita Gallega*, época 1ª, ano 2º, tocata 10ª, A Habana, 27-IV-1886, p. 1.

58 Chumín de Céltegos, "O alalaa...", *A Gaita Gallega*, época 1ª, ano 2ª, tocata 11ª, A Habana, 31-V-1886, pp. 1-2.

59 Chumín de Céltegos, "Sitio d'a Cruña en 1589. María Pita", *A Gaita Gallega*, época 1ª, ano 2º, tocata 12 ª, A Habana, 30-VI-1886, pp. 1-2.

60 Chumín de Céltegos (letra) & Felipe Pereira (música), "Himno gallego", *A Gaita Gallega*, época 1ª, amo 2º, tocata 13ª, A Habana, p. 4.

61 Chumín de Céltegos, "Pastor Díaz", *A Gaita Gallega*, ruada 2ª, tocata 2ª, A Habana, 30-VIII-1889, p. 1.

62 Chumín, "Casos e cousas", *A Gaita Gallega*, época 1ª, ano 1º, tocata 2ª, A Habana, 2-VIII-1885, pp. 7-8.

63 Chumín, "Casos e cousas", *A Gaita Gallega*, época 1ª, ano 1º, tocata 6ª, A Habana, 13-XII-1885, p. 8.

64 Chumín, "Casos e cousas", *A Gaita Gallega*, época 1ª, ano 2º, tocata 7ª, A Habana, 28-I-1886, p. 8.

65 Chumín, "Casos e cousas", *A Gaita Gallega*, época 1ª, ano 2º, tocata 9ª, A Habana, 31-III-1886, pp. 7-8.

66 Chumín, "Casos e cousas", *A Gaita Gallega*, época 1ª, ano 2º, tocata 11ª, A Habana, 31-V-1886, pp. 7-8.

67 Chumín, "Lembranzas e saudades", *A Gaita Gallega*, época 1ª, ano 2º, tocata 10ª, A Habana, 27-IV-1886, pp. 4-6.

68 Chumín, "A Pelengrina", *A gaita Gallega*, época 1ª, ano 2º, tocata 13 ª, A Habana, 26-X-1886, pp. 1-2.

"Casos e cousas"[69]. Tamén coa sinatura Ch. asina traballos na devandita sección[70], firma que empregará así mesmo na tradución "Farruco Añón"[71].

No tocante ás publicacións da Galicia americana, a presenza de Armada Teixeiro pódese atopar nos seus traballos na publicación arxentina *Boletín Oficial del Centro Gallego* de Avellaneda "Publicación mensual" (1903-1930, con varias interrupcións), onde contaba, amais, coa sección "Aturuxos" e na revistas habaneiras *La Tierra Gallega* (1894-1896) de Curros, *Pro-Galicia* (1912) ou *Diario de la Marina* (onde exerceu como colaborador, corresponsal e redactor) amais das semblanzas-homenaxes do, tamén habaneiro, *Heraldo Ortigueirés* (1941-1944).

A xeito de conclusión e como boa sinopse da personalidade teixeiriana, poderiamos rematar coas verbas de Peña Saavedra[72]:

> "o noso recoñecemento, a xeito de homenaxe 'in memoriam' para un home bó e xeneroso que soubo facer frente ós atrancos do seu tempo para desenguedella-lo mal e deixar constancia ó porvir do sempre pouco chufado labor sociocultural da nosa emigración".

### *2. 5. 2. Manuel Lugrís Freire*

(Sada, A Coruña, 12-2-1863 / A Coruña, 15-2-1940)

Natural da súa ben agarimada vila mariñeira de Sada, Manuel Lugrís Freire, pai do notable pintor Urbano Lugrís, foi, en palabras de Henrique Manuel Rabunhal Corgo:

> "(...) um home enormemente valioso nom apenas polo seu labor literário e dramático mas também por simbolizar a evoluçom do regionalismo político decimonónico ao nacionalismo galego do primeiro quartel do século XX"[73].

69 Ch., "Casos e cousas", *A Gaita Gallega*, época 1ª, ano 2º, tocata 8ª, A Habana, 28-II-1886, pp. 7-8.

71 Ch., "Farruco Añón" (Traducido d'o castelao de W. A. Insua), *A Gaita Gallega*, época 1ª, ano 2º, tocata 10ª, A Habana, 27-IV-1886, p. 6.

72 Peña Saavedra, Vicente, Ramón Armada Teixeiro: *Anacos dunha Vida e unha Obra a prol da Educación, op. cit.*, p. 21.

73 Rabunhal Corgo, Henrique Manuel, "Lugrís Freire na cultura galega", *Agália. Revista da Associaçom Galega da Língua*, Ourense: 22, verao, 1990, p. 196.

Efectivamente, a súa actividade artístico-intelectual e política (principiada en Cuba, onde residiu desde 1883 a 1896 e onde traballou exercendo a teneduría de libros así como no espallamento afervoado do noso patrimonio), nucléase no galeguismo e, consecuentemente, nas correntes que xerou ao longo deste tempo, nas que participou abertamente. Non é de estrañar, pois, que as manifestacións culturais do noso autor estivesen, mesmamente de xeito explícito, contextualizadas na óptica do rexionalismo e nacionalsimo e, así mesmo, non cabe dúbida de que o culturalismo foi, non só para Lugrís senón tamén para todos aqueles que compartían esta ideoloxía, un abeiro estratéxico da conciencia galeguista. Neste sentido, o seu acérrimo compromiso queda ben confirmado na súa oratoria ou nos seus escritos como poeta, dramaturgo, narrador, ensaísta, intelectual ou gramático, así como na súa dinámica actividade no ámbito histórico-social e político-cultural.

Certamente, boa mostra destas constantes que caracterizaron a vida e obra lugrisiana atópanse en feitos tan representativos como os que seguen: na Habana cofunda, con Ramón Armada Teixeiro, *A Gaita Gallega* (1885-1889), da que, amais, Lugrís foi durante algún tempo, xunto co devandito Teixeiro, o seu director, administrador e redactor, e que, como vimos salientando ao longo deste traballo introdutorio, constituíu un acontecemento histórico-social de primeira magnitude. Asemade, neste medio Lugrís colaborou cun amplo abano de textos que asinou, segundo o seu costume, de moi diversas maneiras. Publicou como K. Ñoto "Os dous abogados (Conto xurídico-retranqueiro)"[74], moi semellante ao seu relato "O parecer", editado en *A Nosa Terra*); como L. U. Gris "N-a morte de Rosalía"[75]; como L.U. Grís "N-o cimenteiro" (Traducido de F. G. Vergara)[76] e "Inconstanza" (Mágoa)[77]; como M. L. F. "N-a noite de Santiago"[78] ou co seu pseudónimo máis prodigado, Roque d'as Mariñas "O noso pensamento"[79], "A festa de Tacón"[80], "Rousalía

74 K. Ñoto, "Os dous de sempre (Conto xurídico-retranqueiro)", *A Gaita Gallega*, época 1ª, ano 1º, tocata 2ª, A Habana, 2-VIII-1885, pp. 6-7.

75 L. U. Gris, "N-a morte de Rousalía", *A Gaita Gallega*, época 1ª, ano 1º, tocata fúnebre en honor de Rousalía Castro (sen numerar), A Habana, 16-VIII-1885, pp. 2-3.

76 L. U. Grís, "N-o cimenteiro" (Traducido de F. G. Vergara), *A Gaita Gallega*, época 1ª, ano 1º, tocata 3ª, A Habana, 13-9-1885, p. 5.

77 L. U. Grís, "Inconstanza" (Mágoa), *A Gaita Gallega*, época 1ª, ano 1º, tocata 4ª, A Habana, 11-10-1885, pp. 6-7.

78 M. L. F., "N-a noite de Santiago", *A Gaita Gallega*, época 1ª, ano 1º, tocata 2ª, A Habana, 2-8-1885, p. 6.

79 Roque d'as Mariñas, "O noso pensamento", *A Gaita Gallega*, época 1ª, ano 1º, tocata 1ª, A Habana, 5-VII-1885, p. 1.

80 Roque d'as Mariñas, "A festa de Tacón", *A Gaita Gallega*, época 1ª, ano 1º, tocata 2ª, A Habana, 2-VIII-1885, pp. 1-2.

Castro"[81], "A fala gallega. I"[82], "Non máis emigración"[83] e "A fala gallega. II"[84], que aínda que aparece anónimo seguramente pertence tamén a Roque d'as Mariñas, porque xa con anterioridade se editara en *A Gaita Gallega* un artigo homónimo sobre este mesmo tema e baixo a sinatura devandita.

Mais cabe dicir tamén que durante a súa estancia en Cuba (1883-1896), onde emigrou moi novo, Lugrís traballou no espallamento afervoado do noso patrimonio e na produción da súa propia obra, embarcándose, deste xeito, na dinámica cultural desenvolvida polos nosos emigrantes na Galicia de alén mar. Xa de novo en Galicia instalouse definitivamente, no ano 1896, na Coruña, cidade na que formou parte da emblemática Cova Céltica que:

> "foi para Lugris, como el própio reconhece, a sua universidade livre, 'a inesquecente sagra escola en que sepuliron e nidiaron os meus conocimientos; en que se afincaron /.../ o meu amor e a miña decisión a favor da patria dos galegos'. Na Cova fixo amizade com Pondal (a quen Lugris atendeu no leito de morte), com Martínez Salazar, com Salvador Golpe, com Carré Aldao, etc. Naquela tertúlia surgiu a idea de fundar umha Liga Galega em 1897. Essa agrupaçom político-cultural, que tinha o galego como idioma 'social', tinha por objecto a defesa dos intereses políticos económicos e culturais da Galiza e trabalhou especialmente para construir um monumento aos mártires de Carral"[85]

Lugrís colaborou nesta significativa homenaxe, realizada o 23 de abril de 1899, non só economicamente senón tamén pronunciando un discurso en galego. Así mesmo, amais de competer á comisión da devandita Liga Gallega (da que tamén formaban parte Galo Salinas, Carré Aldao, Pérez Ballesteros e algún outro), ocupouse da súa dirección en varias ocasións, traballou nela como secretario en 1897 e como presidente en 1906. Neste mesmo ano participou na fundación da Real Academia Galega, da que foi membro numerario e desde 1934 o seu presidente ata 1935, data na que renunciou ao cargo por

81 Roque d'as Mariñas, "Rousalía Castro", *A Gaita Gallega*, época 1ª, ano 1º, tocata fúnebre en honor de Rousalía Castro, A Habana, 16-VIII-1885, pp. 1-2.

82 Roque d'as Mariñas, "A fala gallega. I", *A Gaita Gallega*, época 1ª, ano 1º, tocata 3ª, A Habana, 13-IX-1885, pp. 1-2.

83 Roque d'as Mariñas, "Non máis emigración", *A Gaita Gallega*, época 1ª, ano 1º, tocata 4ª, A Habana, 11-X-1885, pp. 1-2.

84 Roque d'as Mariñas, "A fala gallega. II", *A Gaita Gallega*, época 1ª, ano 1º, tocata 5ª, A Habana, 8-XI-1885, pp. 1-3.

85 Rabunhal Corgo, Henrique Manuel, *op. cit.*, p. 197.

motivos de saúde. No seo da Real Academia Galega asistiu a feitos históricos representativos para a nosa historia literaria como os ingresos de Risco e Otero en 1929, e impartiu, moi en consonancia coa súa enérxica defensa da lingua galega —non hai que esquecer que foi considerado polos seus coetáneos como "Mestre da Fala"— un curso de galego para os membros das Irmandades. Pero a súa radical apoloxía da fala non se limita só a estes feitos ou á súa produción creativa e lingüística, así, por exemplo: foi o primeiro orador que usou a nosa lingua nun acto público, inaugurando a oratoria política en galego nun mitin en Betanzos; en 1924 traduciu en galego os títulos dunha adaptación ao cinema da zarzuela homónima de Luis Pascual Frutos e Amadeo Frutos, *Maruxa* (rodada en Vigo e arredores, estreada no Royalty de Vigo en 1924, uns meses despois de que se fixera no Goya de Madrid); en 1930 colaborou na campaña en defensa da lingua, etc. No ano 1907 adhírese ao sindicato agrario Solidaridad Gallega (ao que pertencen, xunto con Lugrís, Rodrigo Sanz, "tódolos rexionalistas coruñeses agrupados na Cova Céltica e na Academia, o doutor Rodríguez, o vello sacerdote federalista Moreno Barcia e, como tradicionalista, (...) Vázquez de Mella"[86]), fundado neste mesmo ano, data na que pronunciou un discurso en galego nun mitin deste sindicato (editado, o 19-X-1907, en *A Nosa Terra*), nun acto claramente político celebrado en Betanzos e no que se fixo unha teimuda defensa do galego.

En relación con Solidaridad Gallega está o xornal *A Nosa Terra* (órgano de expresión desta coalición xunto con *Galicia Solidaria*), que inicia a súa andaina en 1907 e no que Lugrís, que representa o sector máis galeguista, terá unha presenza destacada desde o primeiro momento, ben como colaborador, ben como redactor, ao longo das dúas épocas que coñeceu o autor. É precisamente neste xornal comprometido onde Lugrís fai popular o seu pseudónimo "Asiumedre", empregado maioritariamente na narrativa curta. O 18 de maio de 1916 acudiu nos locais da Academia ao chamamento de Vilar Ponte para a fundación da primeira Irmandade da Fala, participou nas súas asembleas e desde 1917 foi vocal do Consello da Irmandade coruñesa amais de intervir nos actos de Lugo e Santiago. En 1923 ingresou como socio correspondente no Seminario de Estudos Galegos, no que pronunciou o discurso "Eduardo Pondal. Discurso de ingreso no Seminario de Estudos Galegos, de Santiago, o 20 de novembre de 1923", inserido na súa edición de *Queixumes dos pinos y Poesías inéditas de Eduardo Pondal* (1935), froito da súa declarada admiración polo poeta de Ponteceso, ben patente tamén en moitas das súas creacións de influencia pondaliana. No ano 1924 pronunciou na Coruña un discurso para conmemorar o IV Centenario de Camoes; dous

868 Hermida, Modesto, *op. cit.*, p. 29.

anos despois, en 1926, colaborou na revista *Nós* e en 1927 foi obxecto dunha serie de homenaxes.

Así mesmo, no ámbito da súa intensa dedicación á política nacionalista foi un gran animador da Federación Republicana Gallega, participou na elaboración do programa do Partido Autonomista Republicano Agrario, ingresou no Partido Galeguista en 1931, foi un dos membros do Consello Executivo que redactaría os Estatutos do Partido Galeguista e o anteproxecto do Estatuto de Autonomía de 1932, formando parte, xunto con Bóveda, da comisión encargada da redacción do anteproxecto e do proxecto definitivos do Estatuto.

*Manuel Lugrís, por Cebreiro.*

Ademais, Lugrís cultivou, cunha clara dimensión social e galeguista —de aí o seu afán edificante, moralizador, didáctico, apoloxético ou propagandístico—, a poesía lírica, o teatro, a narrativa breve e o ensaio lingüístico ou literario. Neste último ámbito, en estreita relación coa súa oratoria, na que sempre tentaba fomentar unha solidaria conciencia lingüística e supradialectal, cómpre resaltar a súa *Gramática do idioma galego* (1922)[87] por ser a primeira escrita totalmente en galego, pois, inda que houbo outras gramáticas anteriores á de Lugrís (concretamente, as de Francisco Mirás, Juan Antonio Saco y Arce, Juan Cuveiro Piñol e de Marcial Valladares Núñez), estas estaban redactadas en castelán e cabe dicir tamén que aínda que todas elas, incluída a de Lugrís , tiveron como obxecto de estudo o galego, conservaron o castelán de fondo sen chegar a realizar unha gramática do galego como lingua independente, pese a que, contrariamente á práctica totalidade das linguas románicas, as nosas gramáticas non apareceron ata época moi recente, na etapa do Rexurdimento, cando a nosa lingua pulaba por recuperar a entidade sociocul-

87 "Esta obra leva como aditamentos os nomes de persoas, / toponimia, meses e días, denominación dos ventos, táboa de castelanismos / mostras literarias e vocabulario galego-castelán/" (Carballo Calero, Ricardo, *op. cit.*, p. 483).

tural que acadara na Idade Media. Non obstante, realmente esta obra (que coñeceu dúas edicións en pouco tempo):

> "pretende ser una *Gramática sintética do Idioma* en la que consten las reglas precisas y comprobadas referentes a la *Composición e axuntamento das palabras* (...)"[88], na que Lugrís "trata de hacer una gramática de autoridades, cuyos exponentes son Rosalía, Curros, Pondal, Lamas y otros; (...) no es más que una traducción de la de Saco (...), eliminando observaciones de Saco y poniendo otras propias, con lo cual la obra salió perjudicada"[89].

En relación á poesía, Lugrís comezou a súa traxectoria poética en Cuba coa publicación de *Soidades* (1894), libro que integraba un "prólogo de Curros Enríquez, no que este non ten reparo en evidenciar algunha das eivas do volume, situado na liña da poesía tópica e apoloxética"[90] así como un "Aditamento en prosa" no que o autor falaba da composición dos primeiros versos e facía unha defensa da lingua galega. Séguenlle os poemarios: *Noitebras* (1901), dedicado á súa finada muller Concepción Orta Iglesias, cunha expresión máis madura e un léxico máis elaborado; *Versos de loita* (1919), volume publicado como suplemento do xornal *El Noroeste*, no que se recollen composicións éditas e inéditas con reminiscencias modernistas; o seu mellor libro de versos, *Ardencias* (1927), tributado á "xenerosa e ben encamiñada mocedade galega, que mantén acesas no corazón as ardencias pola nobre causa do noso rexurdimento"[91], no que, cun múltiple rexistro temático (fundamentado no amor, a patria galega e a saudosa natureza) e cunha versificación afortunada, pódense recoñecer as influencias de Cabanillas, Vaamonde Lores, Curros ou, moi especialmente, a estética e o celtismo pondaliano. O ciclo poético de Lugrís péchase con *As Mariñas de Sada* (1928), libro de exaltación á súa vila natal e aos seus contornos. Segundo Carballo Calero:

> "Lugrís, xa no estilo de Pondal, xa no de Vaamonde, xa no de Cabanillas, chegóu a poseer o suficiente dominio do verso para nos deixar un fato de poemas apreciabres. Pero non poseéu o sostido vigor do primeiro, nen a cultura do segundo, nen o tacto esquisito do terceiro: polo cal cai a miudo na pura declamación, ou no franco prosaísmo, ou na inoportuna derivación

88 AA. VV., *Gran Enciclopedia Gallega*, *op. cit.*, t. XIX, p. 194.

89 Ibíd., p. 194.

90 Vilavedra, Dolores (coord.), *op. cit.*, p. 356.

91 AA. VV., *op. cit.*, t. XIX, p. 252.

> propagandística. Un auténtico estilo persoalnon consegíu crealo. No fondo era un romántico con tendencia á poesía oratoria. Onde se atopaba máis no seu elemento é nos romances heptasilábicos salpicados de endecasílabos, de ton pondalián, xeralmente de inspiración celtófila"[92].

Merece para nós especial consideración a obra teatral do codirector de *A Gaita Gallega* por inaugurar, con *A ponte*, o drama galego en prosa e asentar, pois, con extraordinario alento, os alicerces do teatro prosístico na nosa lingua. Deste xeito, formou parte da Escola Rexional de Declamación, fundada en 1903 pola Liga Gallega e desaparecida en 1904 polos conflitos xerados entre o seu primeiro presidente —Galo Salinas— e o propio Lugrís ao impoñer este a representación das súas obras (de feito a devandita escola estreou tres dos seus dramas: *A ponte*, *Minia* e *Mareiras*), así como da Escola Dramática Galega, que en outubro de 1922 celebrou unha velada-homenaxe no seu honor na que contou coa admiración de Leandro Carré. O teatro lugrisiano caracterízase basicamente polo seu ton social e romántico, de corte apoloxético, didáctico ou propagandístico, con certas vetas maniqueístas e o tema amoroso como fío condutor. Malia que o seu quefacer teatral "(...) apunta xa uns logros técnicos, que se hoxe nos parecen pura artificiosidade, no seu tempo supuñan un avance notorio que anuncia o movemento dramatúrxico das Irmandades"[93]. De certo, o teatro de Lugrís:

> "(...) é tremendamente literario e idealista, (...) estraordinariamente convencional, e non supuxo ningunha orientación fecunda, inda que polo relativamente numeroso das pezas constituiu un feito histórico literario que non podíamos silenciar. Lugrís aportou á literatura galega o melodrama romántico de ambiente mariñeiro[94]" cun idiolecto máis propio da burguesía que mariño.

Dentro deste corpus teatral poden citarse, no eido da dramaturxia: *A ponte* (1903, estreada no mesmo ano no Teatro Principal da Coruña), obra simbólica e sentimental en dous actos, precedida dunha "Nota do autor", que consta, amais, dunha tradución inédita do propio Lugrís; *Minia* (1904, estreada no mesmo ano no Teatro Jofre de Ferrol); *Mareiras* (1904, estreada no

92 Carballo Calero, Ricardo, *op. cit.*, p. 480.

93 AA. VV., *Gran Enciclopedia Gallega, op. cit.*, t. XIX, p. 252

94 Carballo Calero, Ricardo, *op. cit.*, p. 483.

mesmo ano no Teatro Principal da Coruña), obra en tres actos dedicada a Pura González Varela, segunda muller do autor e que constituíu o primeiro drama longo galego, obra coa que Lugrís demostrou as posibilidades teatrais da nosa lingua e na que satirizou a cobiza clerical, ou *Esclavitú* (1906, estreada en 1910 no Teatro Emilia Pardo Bazán da Coruña), derradeiro drama lugrisiano. Xa no ámbito da comedia, rexístranse as composicións: *O pazo* (1917), a obra máis representada do autor, na que Lugrís se mofou do exotismo, e *Estadeíña* (1919), coa que se burlou da superstición. En xeral, nestas pezas teatrais conviven a historia ou o conflito amoroso coa conciencia rexionalista ou nacionalista, a ideoloxía progresista, a actitude solidaria ou moralizante, a denuncia das inxustizas e o final violento (nos dramas) ou venturoso (nas comedias). Así mesmo, consonte Couceiro Freijomil e Neira Vilas, na Habana Freire "escribeu e ensaiou a peza teatral *A costureira da aldea* (1885)[95]".




Ampla resulta tamén a produción contística freiriana, espallada nos medios xornalísticos da época, principalmente no xornal *A Nosa Terra* (1907-1908), e reproducida en numerosas ocasións na prensa periódica. Todas as narracións editadas co pseudónimo de Asiumedre en *A Nosa Terra* foron recompiladas en 1909 no volume *Contos de Asiumedre (Manuel Lugrís Freire)* con debuxos de F. Cortés, inda que cabe sinalar que moitos destes contos apareceron noutras publicacións con sinaturas varias, sobre todo co pseudónimo rexistrado no propio título da obra da que ían formar parte, que é o máis prodigado na narrativa do autor. Asemade, agás "O mellor amante", "Ir por lan" e "O primeiro sangue", todos os contos acopiados foron editados co antetítulo "A carón do lar". Inclúense neste repertorio: "Os dous abogados"[96], "O vimbio e mai-lo pino", "Bótalle terra",

95 Neira Vilas, Xosé, *op. cit.*, p. 97.

96 O primeiro conto que inaugura a publicación desta serie de relatos, precisamente en *A Gaita Gallega* (tocata 2ª, 2 de agosto de 1885) e uns días despois en *O tío Marcos d'a Portela* (Parrafeo 93, 30 de agosto de 1885), medios nos que "Os dous abogados (Conto xurídico-retranqueiro)" aparece asinado como K. Ñoto.

"Boa resposta", "O aforrón", "Entre compañeiros"[97], "O francés", "O lobo e mailo can", "O xiro do sancristán", "O raposo e mailas galiñas", "Os lobos" "Unha regueifa", "A espada do fidalgo", etc. Entre os relatos non compilados en libro cómpre citar: "O penedo do crime. Lenda d'as Mariñas"[98], con claras reminiscencias romántico-folletinescas e que representa "posiblemente a peza narrativa de maior interese entre as que compoñen a obra deste autor"[99]; "Os primeiros versos"[100], narración lírica acometida cunha "concepción celtista da patria"[101], ou a composición patriótica "Pol-a Patria. Episodio da Guerra da Independencia en Galicia"[102]. Consonte Carballo Calero e outros críticos, as narracións breves lugrisianas son "maormente apólogos ou historietas edificantes, (...) literatura de propaganda rexionalista, en estilo popular, escrita para fomentar na xente o gosto polos testos galegos"[103]. Mais, segundo Modesto Hermida:

> "esta narrativa de Manuel Lugrís Freire, que efectivamente ten moito de literatura propagandística e que non resulta de todo coherente, pola carencia de concordancia entre a intencionalidade do autor —que a desexa didacticamente popular— e as marcas ideolóxicas ou os formalismos literarios dos que non dá fuxido, hai que recoñecer que non resulta tan carente de valores literarios como ten anotado Ricardo Carballo Calero"[104].

Polo que se refire ás súas facultades como orador e conversador, poden recollerse as palabras de Otero Pedrayo, como claro expoñente desta faceta tan apreciada polo noso autor:

> "(...) Lugrís era alma de tertulias, palabra rexa, pintoresca, expresiva. Nin acedo, nin irónico. Era home de peito pra atacar de frente e pra recibir e responder ós ataques. Había unha rara elegancia de tribuno (...) na

97 Así mesmo, tamén apareceu no núm. 41 de *Aires d'a Miña Terra* como "Contos da terriña. Entre compañeiros"

98 Foi asinado co anagrama L. U. GRIS e editado por entregas no ano 1884 no xornal Habaneiro *El Eco de Galicia* (núms 116 e 118 de setembro, 123 e 126 de novembro e 130 e 131 decembro).

99 Hermida, Modesto, *op. cit.*, p. 136.

100 Asinado como L. U. GRIS e editado en maio de 1886 en *O Galiciano* (Parola 86).

101 Hermida, Modesto, *op. cit.*, p. 136.

102 Asinado co pseudónimo Roque d'as Mariñas e publicado en 1898 na *Revista Gallega* (núm. 164) e, un mes despois, no bonaerense *El Eco de Galicia* (núm. 240).

104 Hermida, Modesto, *op. cit.*, p. 138.

maneira de erguerse Lugrís pra falar en púbrico e deitar as primeiras verbas, mainas, vougas, dubidosas, e ben logo confiado lume"[105].

Tamén notables foron as edicións dos seus textos na prensa dos emigrantes galegos en América. Poden rexistrarse textos seus nas arxentinas *A Terra* "Revista mensual. Órgano del Centro Gallego" de Córdoba (1920-1924), *Boletín Oficial del Centro Gallego* de Avellaneda "Publicación Mensual" (1903-1930, con varias interrupcións), *Acción Gallega* (1919-1925), *Aires da Miña Terra* (1908-1909), *Boletín de la Unión Hispanoamericana Pro Valle-Miñor* "Órgano de la Unión Hispanoamericana Valle Miñor. Publicación Mensual" (1909-1935), *Boletín Oficial del Centro Gallego de Avellaneda* (1903-1930, con interrupcións), *Céltiga* (1924-1932), *Correo de Galicia* (subsistiu con varias interrupcións durante 1898-1945, reaparecendo logo con novas cabeceiras e directrices), *Galicia* "Revista del Centro Gallego de Buenos Aires" (1926—ata a actualidade, sucesora do *Boletín oficial del Centro Gallego de Buenos Aires)*, *Lugo* "Órgano del Centro Lucense" e "Publicación del Centro Lucense de Buenos Aires" (1943-1980), *Orientación Gallega* (1962-¿?), *Suevia* "Revista gallega" (1916) ou en *El Orensano* (1944-1945); nas habaneiras *Aires da Miña Terra* "Boletín oficial de la sociedad de este nombre" (1892-¿?), *Airiños da Miña Terra* "Revista decenal ilustrada: consagrada a la propagación de la literatura gallega y órgano de los gallegos emigrados en América Latina" (1909), *La Antorcha Gallega* (1913-1914), *El Eco de Galicia* "Revista semanal de Ciencias, Arte y Literatura" (1878-1901, cunha pequena interrupción), *Galicia* (1902-1930), *Galicia Ilustrada* "Revista científica, literaria, artística y humorística" (1891-¿?), *Galicia Moderna* "Semanario de intereses generales" (1885-1890), *Labor Gallega* (1914-¿?), *La Patria Gallega* "Revista semanal ilustrada. Órgano de los intereses gallegos en la isla" (1912), *Terra Gallega* "Órgano da Xuntanza Nazonalista Galega d'a Habana" (1921-¿?), *La Tierra Gallega* (1894-1896) ou en *Vida Gallega* "Órgano Oficial de la Sociedad de Beneficencia Naturales de Galicia: Publicación mensual" (1938-1954) e na uruguaia *Revista del Centro Gallego* de Montevideo "Órgano de la colectividad gallega en el Uruguay" (1925-1929), na que ademais se recensionou a publicación do libro lugrisiano *Ardencias*.

## 2. 6. Consideracións finais

A presente investigación e publicación facsimilar pretende contribuir decididamente a que o herdo dos emigrantes galegos non fique condenado ao

105 AA. VV., *Gran Enciclopedia Gallega, op. cit.*, t. XIX, p. 252.

esquecemento e poderiamos lembrar aquí aquelas verbas da célebre exiliada, María Zambrano, cando aseguraba que "o que chamamos pobo é o receptáculo do pasado nun perpetuo presente; o depositario da comunidade"[106] para xustificar, se é que o precisa, esta pescuda e exhumación dunha parte da nosa historia transterritorial. Resulta obrigado, pois, o necesario reencontro coa vida cultural de ultramar, porque, efectivamente, é de xustiza devolverlles aos galegos emigrados, como xa ben afirmara o doutor Agustín Sixto Seco no Centro Galego de Bos Aires, "un pouco do moito que nos deron"[107], en homenaxe e xusto recoñecemento.

Un legado como o que agora presentamos nestas páxinas debe servirnos como fermento na lembranza activa desa Galicia peregrina, tan alumeante como pouco coñecida. Nesta liña, a presente publicación pretende contribuír de maneira operativa na recuperación dunha parte fundamental da realidade cultural e social da diáspora galega, que constitúe un capítulo imprescindible da nosa existencia como pobo. Reincorporar á terra a obra daqueles autores que, desde a amarga distancia das raíces, levaron a cabo fitos tan relevantes para a nosa historia como o de crear en América o primeiro periódico monolingüe en galego, conleva, asemade, un achegamento máis directo aos nosos sinais de identidade alén mar, amais de facilitar, ao mesmo tempo, o labor hemerográfico de moitos dos nosos estudosos, investigadores ou lectores interesados.

Resulta, pois, fundamental o coñecemento de *A Gaita Gallega* e a súa circunstancia, non só polo seu significado e incidencia na comunidade galega, non só pola súa repercusión histórica, senón tamén porque constitúe un documento fundamental para coñecer con exactitude as realizacións e inquedanzas da comunidade galega, porque latexa nesta revista o pulo cultural da Galicia cubana, porque contén escritos literarios de gran relevo para a hemerografía galega do dezanove, porque vive nela unha entusiasta fervenza do galeguismo e porque estamos diante do primeiro órgano periódico da diáspora americana escrito totalmente en galego, con todo o que implica esta significativa concienciación lingüística. Somos perfectamente conscientes de que o esforzo renovado e constante é imprescindible no íntegro coñecemento das nosas letras emigrantes, pero temos a plena seguridade de que o interese destas páxinas, o inestimable valor de *A Gaita Gallega*, xustifican por completo a súa publicación.

106 Amarelo de Castro, Fernando, *A galeguidade: un sentimento común*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1995, p. 89.

107 Blanco Campaña, Xosé Luís, "As publicacións", *Radio e prensa na Galicia Exterior*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1995, p. 207.

Contén, en definitiva,

> "a pequena historia dunha ruptura, como testemuño de consideración a cantos nos precederon na ardua tarefa de dotar a un pobo dunha historia que lle é propia, e como signo de esperanza para as novas xeracións [...] que, desde a liberdade e a ciencia, farán posible descubrir o rostro dunha Galicia distinta en cada momento, pero sempre a mesma"[108].

## 2. 7. BIBLIOGRAFÍA


— Alonso Montero, Xesús, *Constitución del gallego como lengua literaria. Datos de una problemática cultural y sociológica en el siglo XIX*, Lugo: Ediciones Celta, 1970.

*Escritores desterrados, namorados, desacougantes, desacougados...*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1981.

"Publicacións periódicas en galego e bilingües", *Lingua e literatura galegas na Galicia emigrante*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1995.

— Álvarez Insua, Waldo, "Poesía", *Cultura Gallega*, 59-60, ano III, A Habana, setembro de 1938, p. 21.

Waldo, "A una dama", Cultura Gallega, 71, ano IV, A Habana, maio de 1939, p. 14.

— Amarelo de Castro, Fernando, *A galeguidade: un sentimento común*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1995.

— Anónimo, *Homenaje al poeta ortigueirés Don Ramón Armada Teijeiro (Chumín de Céltegos), celebrado en la villa de Ortigueira el 11 de septiembre de 1932. Reseñas del acto y discursos*, Ortigueira, 1932.

"Gran velada necrológica artístico-literaria, organizada por la Sección de Bellas Artes, en memoria de Waldo Álvarez Insua y demás Socios Fundadores Desaparecidos", *Cultura Gallega*, 71, ano IV, A Habana, maio de 1939, pp. 18-24.

"Lápida de bronce de, ...", *Heraldo ortigueirés*, ano 1º, 4, A Habana, xullo, 1941, s.p.

"Armada Teijeiro, poeta de dos siglos", *Heraldo Ortigueirés*, ano 3º, 12, A Habana, outubro, 1943, pp. 12-17 e 20.


108 Barreiro Fernández, Xosé Ramón, "Introducción", *Enciclopedia Temática de Galicia. Historia*, Barcelona: Ediciones Nauta, 1996, p. 11.

— Ansede Estraviz, Alberte & Sánchez Iglesias, Cesáreo (dirs.), *Historia da Literatura Galega*, Vigo: Asociación Socio-Pedagóxica Galega, 1996.

— AA. VV., *Gran Enciclopedia Gallega*, Gijón: Silveiro Cañada Editor, 1986.

*Galicia e América. Cinco séculos de historia*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1992.

— Araújo García, María Teresa (ed.), *Baixo do alpendre e outros relatos. Manuel P. Amor Meilán*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia-Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades,1998.

— Barreiro Fernández, Xosé Ramón, "Introducción", *Enciclopedia Temática de Galicia.* Historia, Barcelona: Ediciones Nauta, 1996, pp. 10-11.

— Blanco Campaña, Xosé Luís, *Radio e prensa na Galicia exterior*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1995.

— Blanco Pérez, Domingo, "A LP na prensa", *Historia da literatura popular galega, Santiago de Compostela*: Servicio de Publicacións da USC, 1994, pp. 127-128.

— Calé Torres de Quintero, Emilia, "A la memoria de Andrés Muruais", *El Eco de Galicia*, época 2ª, 179, A Habana, 29-XI-1885, p. 5.

— Calveiro, A.V., "Waldo Álvarez Insua ha muerto", *Cultura Gallega*, ano III, 59-60, A Habana, setembro, 1938, pp. 14-19.

— Calveiro, Adolfo V., "Enrique Labarta Pose", *Cultura Gallega*, ano II, 27-28, A Habana, maio, 1937, pp. 6-8.

— Carballo Calero, Ricardo, *Historia da Literatura Galega Contemporánea 1808-1936*, 3ª ed., Vigo, Galaxia, 1981.

*Da fala e da escrita*, Ourense: Editora Galiza, 1983.

— Cores Trasmonte, Baldomero, *A Constitución da galeguidade*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1995.

— Couceiro Freijomil, Antonio, *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*, Santiago de Compostela: Editorial de los Bibliófilos Gallegos, 1951-1954, 3 vols.

— Curros Enríquez, M., "Andrés Muruais, muerto. Soneto", *El Eco de Galicia*, época 2ª, 179, A Habana, 29-XI-1885, p. 5.

— Dobarro Paz, Xosé María, "Prensa e literatura galega no século XIX", *A nosa literatura: unha interpretación para hoxe*, Sada-A Coruña: Agrupación Cultural Alexandre Bóveda, 1988, pp. 65-84.

— Eiras Roel, Antonio & Rey Castelao, Ofelia, "Periodistas gallegos en Cuba", *Los gallegos y América*, Madrid: Editorial Mapfre, 1992, pp. 287-288.

— Fernández del Riego, Francisco, *Diccionario de escritores en lingua galega*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1992[2a].

— García Acuña, José, "Enrique Labarta y Pontevedra", *Cultura Gallega*, ano II, 27-28, maio, 1937, pp. 18-19.

— González González, Manuel & González González, María (eds.), *Xesús Rodríguez López, A cruz de salgueiro e outros relatos.* Santiago de Compostela, Xunta de Galicia-Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, 1997.

— Hermida, Modesto, *Narrativa galega: tempo do Rexurdimento*, *Universitaria*, Vigo: Xerais, 1995.

— Hueso Montón, Ángel Luis & Folgar de la Calle, José María, *Filmografía Galega. Longametraxes de Ficción*, Santiago de Compostela: Publicacións do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Xunta de Galicia, 1998, pp. 217-219.

— Instituto de la Literatura y Lingüística de la Academia de Ciencias de Cuba, *Diccionario de la Literatura Cubana*, Ciudad de La Habana, Cuba, Editorial Letras Cubanas, 1980, 2 vols.

— Landín Tobio, Prudencio, *De mi viejo carnet: crónicas retrospectivas de Pontevedra y su provincia*, Pontevedra: Diputación Provincial, 1984[2a], pp. 117-125.

— Marcote, Ramón, "Nuestra prensa regional", *Cultura Gallega*, ano IV, 77-79, A Habana, xaneiro, 1940, p. 23.

— Molina, César Antonio, *Prensa literaria en Galicia (1808-1920)*, Vigo: Xerais, 1989.

— Monteagudo Cabaleiro, María Teresa (ed.), *Alira de Elfe. A Reina Loba e outros relatos. Manuel Lois Vázquez*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia-Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, 1998.

— Neira Vilas, Xosé, *A prensa galega de Cuba*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1985.

*Índice da revista "El Eco de Galicia" (A Habana, 1878-1901)*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, ensaio / serie bibliografías, 1988.

*Rosalía de Castro e Cuba*, Santiago de Compostela: Edicións do Patronato Rosalía de Castro, 1992.

*Memoria da emigración I*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1994.

*Memoria da emigración II*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1995.

"A Gaita Gallega, precursora", *A lingua galega en Cuba*, Vigo: Consello da Cultura Galega, 1995, pp. 19-20.

*Memoria da emigración III*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1996.

— Núñez Seixas, Xosé M., "Os primeiros gromos do rexionalismo na emigración", *O galeguismo en América 1879-1936*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1992, p. 77.

"Inmigración e galeguismo en Cuba (1879-1939)", *Grial*, 115, Vigo, xullo, agosto, setembro, 1992, p. 361.

*O galeguismo en América 1879-1936*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1992.

— Peña Saavedra, Vicente, *Apuntes autobiográficos de Ramón Armada Teijeiro*, separata de *La Voz de Ortigueira*, 3523-3530, Santa Marta de Ortigueira, do 6-I-1984 ó 24-II-1984.

*Ramón Armada Teixeiro: Anacos dunha Vida e unha Obra a prol da Educación*, separata de *La Voz de Ortigueira*, 3577-3608, Santa Marta de Ortigueira, do 18-I-1885 ó 23-VIII-1985

(coord.), *Galicia-América. Relacións históricas e retos de futuro*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1993.

(dir.), *Repertorio da prensa galega da emigración*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 1998.

— Rabunhal Corgo, Enrique Manuel, "Lugrís Freire na cultura galega", *Agália. Revista da Assocciaçom Galega da Língua*, Ourense, 22, verao, 1990, pp. 196-202.

— Rodríguez Fer, Claudio, *Arte literaria. Catálogo, descrición e teoría crítica para a comprensión e comentario dos textos*, Vigo: Xerais, 1991.

— Rodríguez Galdo, María Xosé & Freire Esparís, Pilar & Losada Álvarez, Abel (dirs.), *Galicia e América. Unha contribución bibliográfica*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 1992.

— Rodríguez Valcárcel, María José, *Aureliano J. Pereira no Rexurdimento Galego*, Lugo: Fundación Caixa Galicia, 1996.

— Santos Gayoso, Enrique, *Historia de la prensa gallega 1800-1986*, t. I, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1990.

*Historia de la prensa gallega 1800-1993*, t. II, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1995.

— Senra, Antonio, "La Biblioteca 'Ramón Armada Teijeiro'", *Heraldo Ortigueirés, Publicación mensual. Órgano de la asociación de beneficencia "Naturales de Ortigueira"*, ano 3º, 12, A Habana, outubro, 1943, p. 8.

— Sixerei Paredes, Carlos, *Galeguidade e cultura no exterior*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1995.

— Soto López, María Isabel (ed.), *Obra narrativa en galego de Heraclio Pérez Placer*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia-Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 1998.

— Taboada, Nicolás, "A Pontevedra al morir Andrés Muruais", *El Eco de Galicia*, época 2ª, 179, A Habana, 29-XI-1885, pp. 5-6.

— Tarrío Varela, Anxo, *Literatura Galega. Aportacións a unha historia crítica*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1994.

— Valladares, Marcial, "A la memoria de Andrés Muruais", El Eco de Galicia, época 2ª, 179, A Habana, 29-XI-1885, p. 5.

— Varela Puñal, *Ramón, Galiza, un pobo, unha lingua. Pola lingua cara a liberdade*, Santiago de Compostela: Follas Novas Edicións, 1980.

— Vázquez Ferro, Eladio, "Discurso del sr. Eladio Vázquez Ferro", *Cultura Gallega*, ano IV, 71, maio, 1939, p. 23.

— Vicenti Rey, Alfredo, "Andrés Muruais", *El Eco de Galicia*, época 2ª, números 120, 121, 122, 123, 124 e 125, A Habana, 12-X-1884, 19-X-1884, 26-X-1884, 2-XI-1884, 8-XI-1884, 16-XI-1884, pp. 1-2, 3-4, 2-3, 2, 2 e 2-3, respectivamente.

— Vilavedra, Dolores (coord.), *Diccionario da Literatura Galega I. Autores*, Vigo: Galaxia, 1995.

— Vilavedra, Dolores (coord.), *Diccionario da Literatura Galega II. Publicacións periódicas*, Vigo: Galaxia, 1997.

# A GAITA GALLEGA

A Habana (1885-1889)

EDICIÓN FACSIMILAR

# A GAITA GALLEGA.

MUIÑEIRAS, FANDANGOS Y-ALBORADAS, UNHA VEZ 'O MES.

Direutores, Redautores y-Adeministradores:

Chumin de Céltegos. Roque d'as Mariñas

ANO PRIMEIRO. N-a Habana: 5 d'o mes de Santiago de 1885. TOCATA PRIMEIRA.


## O NOSO PENSAMENTO.

O renacemento literario en Galicia vai collendo novas forza, y-a nosa lingua ocupa hoxe un posto brilante entr'as rexionales.

Despois d' unha gramáteca gallega de dous dicionarios e de mui bons obriñas en verso, vai taméo tendo algús peródicos, e A GAITA GALLEGA ven á facer humilde compaña á *O Tio Marcos d'a Portela*, *O Galiciano* é *Galicia*.

Nosoutros que adouramos â nosa terra con verdadeiro amore; nosoutros, os gallegos de Cuba que siguimos c' o cariño d' un bô fi lo todol-os xeitos que tom'a rexeneración d' a pátrea; —nosoutros non podemos por ménos qu' axudar, c'o qu'as nosas pequenas forzas poidan, á erguer d'a deixadez en que por longo tempo estivo, a doci'iña fala d'os nosos abôs.—E de moita importanza pra nosoutros o protexela: verbe divino en que coñecimos os primeiros e mais ledos sentimentos cando picariños; acento brando n-o que aínda viven as nosas santas tradicións; úneca *nota* qu' o corazón d'o emigrado atopa pra lembrar a quirida terra; lingua dolce en que se reflexa o noso xenio; en que ruxe a armonía d'os regatos e se sente a vaga melan conta d'a Suevia; o deixala n-o olvido, é aldrarnos a nosoutros mesmos, é renunciar por completo a que sea un feito o que pra moitos é un tolo deseio.

Inda qu' eisi non fora: nosoutros pensamos qu' a lingua qu' enxendrou ô portugués e castellano; á lingua que n-o sigro XIII é XIV estivo en uso n-as Castelas, e casi n-a' Spaña enteira, com'a mais própea pr'o linguaxe d'as musas; a lingua en qu' Alfonso o sábeo escribeu as mais brandiñas cántigas, a lingua co'a que Ourros Enriques fai despertar n-o peito o santo entusiasmo pol-a pátrea, e Rosalía Castro fainos ouir a parola d'os auxeliños; a lingua en qu'as noxas nais nos insinaron a sentir as primeiras emoció-; i a lingua é dina, é merecente de que teña n-o Novo-Mundo un peródico escrito sosmente n-ela.

***

Faremos por dar á coñecer o movim literario gallego; as poesías mais nota pubricadas e que se pubriquen; contos, lêndas, tradicións, todo o que poida dar interés á ista Revista.

Todal-as sociedades gallegas d'esta cibdá teran en nosoutros un defensor, e todal-as cuestións que á elas pertenezan serán de preferenza pra nosco.

¡D os queira qu'o pensamento que cobizamos cheguemos á velo realizadel Aquil día poderemos decir:—"Pátrea quirida; imán d'o noso amor, xoya que mais queremos! Ahí tês a derradeira proba d'o noso amor sobr'o ten altar druídico. Galicia, ô fin eres a Suevia enxebre d'os nosos sonos.

ROQUE D'AS MARIÑAS.

## SAÙDO.

Facemos o mai cumprido á to l' á prensa peródica d' esta fusua, y en particular á "*O Eco de Galicia*," que foi o primeiro en defender e gabar as cousas gallegas.

O mesmo saúdo facemos ôs peródicos d' a nosa terra, que levan n-a bandeira os ideás d'A GAITA GALLEGA.

A REDACCION.

## VIVA GALICIA.

Queira Dios qu' esta *Gaita* ben tocada
Cu recordo lle valla ô bon gaiteiro,
E que milenta mais ond' o primeiro
Señan tocar tamén a *Gaita* amada.
Anda premita Dios sexa soada
Cando mui vistoso o meu prumeiro
Arrolando c' os chöis d' o pinteiro,
Garrido se amostrando c'a alborada.
Vaste vaya en tod'as romarias
Levada pol-as vilas y arredores;
Anda seia a maesa d' as folias;
Ca ada nunca estea: e de primores
Bozando os sons preñados, y alegrías,
Y busquen homes regos e doutores.

XAN MANOEL PINTOS.

## UN CONTO.

—Pois, señor, alá vai.

Había aló n-un lugar, onde tod' era paz e gracia de Dios un honrado labrador d'o seu e non d'o alleo, pai d' un rapaz arriscado e valente

poucos, bon mozo ¡Dios me valla!, bailador luz nos ollos d'o bébedo y a mais d'isto, amorado, que Cupido está c' él que tira s.

edeu que Culasa, rapariga de daz nove san , meténuselle n o fondiño mais fondo d'o corazón, ô coitado de Leonardo d as Leiras, qu' así se cham' o falcatrúa d o rapaz d'o noso conto. O mesmo foi vela aló un día n-unha tasca, e craval os ollos n ela, que pampeou como si vira a pantasma que corre por riba d'os eidos e brinca os valados sin pôr pé nin siquera n unha herba. ¡Xa se ve! Unha nena bonita com' o alabar á noso Señor c' uns olliños que cando miran feros consolan e cando doces, sintes' así como algo d' a gloria que nos ten prometid' o noso Pai d'o Ceo.

E o caso qu' o siguente domingo atopáronse n o adro ô sair d'a misa...mais ben, fixose Leonardo o atopado, y entón dixoll' él:

—Abaixo sia Dios que me dou vista n estes ollos! Bendita a santa Locía que ben conta d' eses., gardandoos de corvos e pezoñas; que poidera ser moi ben tan solasmente por cobiza. acabar c' eles! Bendita a nai que vida che dou, y-o pai que pra ti gana pan, prendiña!

—Vélo, vélo,—dix' ela, póndose roiba com' as fr riñas que medran su d'a fonte d'o lugar;—¡E qué can che trabou ou que cobra che picou pra que veñas hox' á dirme tanta cousa bonita?.. Anda, landán, anda, que pouco ten que facer a prove que che da creto.

—Mira, Culasiña,—dixoll' él;—tí sabes ben, y-eu non o nego. que son un pouco apegad' ás trouleadas, que me gustan moito as penas d'o lugar pro eiche de contar un conto, y é que s' houbera que facer unha reina entre vos todas, ¡vaya que non te decatas á quen en facería reina, á ver s'ela faciam' á min rei?

—Home, si tí n'o diz!...—contestoull' ela, es emorecéndose com' a folliña n-o álbore, cand'a empux'o nordés.

—¿Quén habia de ser, pombiña sin fel, quén había de ser, non sendo tí?...

—Vaya, vaya.—dixoll' ela acurtando o andar: —deixam' en paz, qu levo moita presa.

—Non t'hei deixar non garridiñ , namentras non me digas se das creto ô meu conto

—¡Ve o!...Pr' home, xa fa aremos d' iso...Eu non che digo que sí...¡Dios m' aparte!...Tampoco che direi...que non...Pro xa ves, o señor pai está diante tod'o mundo de sorte que xa falaremos de tod' iste enguedello.

—¡Ai miña prendiña!—dixoll'—é ;—este enguedello hai que desenguedellal-o presto, sinon seica morio de malenconía...

°
° °

Pasou un ano entr' arrulos e namorios, hastra qu' o bon de Leonardo dix' á seu pai n-unha ocasió:

—Ñor pai, ñor pai, teño que falar con vostede d' un conto que me trai todo escanabeirado fay algún tempo.

—Fala, meu fillo, fala. Xa sabes,—dixoll'o pai, —qu' eu pra tí son mais que pai, un bó amigo, e sempre ch' hei topar algún consolo.

—Pois ñor pai, sucede que estou namoriscado que da medo, de Culasa a filla d' o tio Sidro d' a Pedragalla. Xa d' isto vai un ano, e d' entón acó nada temos que botarnos u a cara entrambos á dous. De modo e maneira, ñor pai, heille pedir, s' estima d' o seu aprobamento este xuntoiro, vaya cabo d' o tio Sidro, e lle pida seu consentimiento.

—Home, ben...Sidro é moito meu amigo, e fólgome qu' así vos queirades Culasa e mais tí. Coido que Sidro non atopará falla en tí nin n-a tua xente, que sempre cumpriu c'os seus deberes pra con tod'o mundo; pro de calquera maneira é méster veñas comigo, e iremos falar c' él.

O siguente día feirado foron pai e fillo cás d'o tio Sidro, que [faltando aquí pra contra tos] xa sabía algo d'o conto por mor de qu' ela, como boa filla dixerall' algo; a maneira que cand' os ven chegar dix' é contr' o seu chaleque:

c ...s o deño, casi vis pro meu encanto.
d ...miño...Prove do min que me vas ...ño d' ela.
...as saian como d'o cano d' unha fonte
d ...iños cansos. Por iso, brilaron dem-
p ...nco c'o vivo relumear d'o lóstrego, e
f ...xeito:
...oso Señor sab'o que fai. ¡Qu'a sua
...a os faga tan afortunados com' o fun

...hegaban pai e fill'o; y o primeiro, di-
...sobrado dixo,berrando non pouco para

...o ¡hai 'ecencia?
...ite a boa xente respondeu o tio Si lro.
...ol os saudars'e falar d'as suas cousas,
...á ver qu' era d'a boa de Culasa namen-

c
° °

...a probe sentada n-a pedra d'o lar ô

tempo que fervía n-un ca'deiro a encaldada pr'o gaio, e fixo los ollos n-o lume pensaba d' ista sorte:

— Casarse, meu Dios! ¡E valerei en pr' iste fregado! Miña nai Santísimiña d'as Neves m' axud' e m' alumee. Que sexa tan boa casadiña com' a miña probiña nai, que Diol a teña na groria. ¡Ay meu corazón, case que me bule drento d'o peitiño!

Baixou á catar lume pr'o cigarro o pai de Leonardo, pois esquecerab'o esqueiro, e como vis' á rapaza que miraba sempre pr' un mesmo lugar e c'os beiciños apertados como quen vai subiar, coidou q' afellas asubiaba quediño a nena. Eisí foi que pondo teimad' a mouteira e choscand' o ollo ezquerdo:

—Ai rapariga,—díxolle;—seiq'asubias'...Non, pois como sia certo o que dicen alí drento, ha che custar car' o asubiamento....Ejem, ejem...

o
o o

Aquí morreu o conto. A nena xa sab' hoxe s'o asubiamento costoull' ou non pois vai pr' un ano qu' isto sucedeu...e podo xurar qu' estab' eu diante miu caud' o conto contaronme.

V. P.

N-o Ferrol á primeiro de Maio 1885.

## A GAITA GALLEGA.

Vago concerto que trae o vento,
Que fire as cordas d'o sentimento,
Eco d'o ceo, coro d' amor,
Voz d'os espritus anxelicales,
*Gaita Gallega* ti moito vales,
Arrulo brando d' o curazon.

¡E quen te fixo? Ninguen-o sabe:
A tua armonía dolce e suave
Solo creála poidera Dios,
Dios que n'as nosas verdes montañas
Puxo as suas galas mais soberanas.
Hinos de brisas, xardís de frol.

¡Gaita gallega! bendita seas,
Ti que feitizos tés n'as ideas
Cando par eira te cando vas,
Ti que secretos doores ca mas,
Bendecidiña por tod' às almas
Sempre en Galicia, sempre serás.

Eres o embrema d'á no a fala,
E'l semellanza dise *alalala*
Canto d'o noso pobo infelís.
Cantos encantos, canta armonía
Ten tarde e noite, mañan e dia,
Todos atopo xuntos en tí.

Xá dés ó vento d'unha alborada,
A melosiña dolce balada,
Xá d'as muñeiras o ledo son;
Sempre me praces, gaita gallega,
Y-a tua tocata facendo chega
Eco n'o fondo d'o curazon.

¡Ay cantas veces, veira unha fonte
Sentin teus ecos que dende o monte
Me trouxo ó vento fresco é sutil!
¡E cantas veces sonando amores
'O brando arrulo d'os teus rumores
As miñas coitas adormecin!

Eres amante sentida queixa.
Que xa se chega.....que xa s'aleixa....
Entre concertos de vibrac ós;
C' un mismo todo ti ris e choras;
Ris co-as tuas notas arrouba loras
Choras c'o rouco que fai teu fol.

Queixaste, falas, sospiras choras,
Ti tes d'as augas murmuradoras
Ise constante prácelo son,
A voz d'o xenio qu'o mundo corre,
O ay doorido d' aquil que morre.....
Os dolces cantos d'o rousinol.

Non hay un peito de bo gallego
Que non che teña gaita, un apego
Tenro e subrime cal eres tí;
Cantos soni los o mundo encerra,
Mú ec branda d'a nosa terra,
Ti todos xuntos deixas sentir.

Fillos d'a nobre leyal Galicia
Nou despreciedes ista delicia
Facede á gaita mais popular:
Ben-a muñeira, ben-a alborada,
Deixádo sea sempre tora la,
N' aldea e souto, n'o monte e val.

VALENTIN LAMAS CARVAJAL.

## O ZAPATEIRO DE CANGAS.

Non foi un personaxe, pero ten relembranza e xusta fama n-a no-a terra. É conecido d' ou idas como todol-os heroes antigos A non ser pol o seu zapateiro, a vila de Cangas faria esquecida com' outras moitas que gardan recordos históricos, e tradicios groriosas, e cinsas de xenios ilustres, sin que poreso teñan verdadeiru lembradía.

O zapateiro de Cangas, n aquela celebre axuntanza de bruxas que foi o comenzo d' un espello a fotografía d' o caranter gallego dado a revoltas e retranqueiras, nemigo de rifar con nadie en aparencias, pol a calada alguirante e capaz de xogarde unha mala pasada ó mesmo diaño en presoa como sucedeu n o caso de que vos falo.

O zapateiro de Cangas arrenegaba ó demo sin terlle medo cands'oubia pronunciar o seu nome faguia a sinal d' a cruz por costume e porque ansi ll' o deprenderan cando neno; mais ala pr' os seus adrentos tomaba de risa ó faguer aquela cirimonia, e que Dios non ll' o tomase en conta, pasáballe ás veces pol-o pensamento a idea d' entropezar c' o demo en calquera congostra, pr' arrénegalo c' unha boa asentada de pau n-o medio e media d'o cernizo c' o fungueiro que manexaba a concencia, pol o menos en opinion d' os mozos d' alcaldía, que co a sinal d' a cruz pois inda que non aprendera n a escola o zapateiro mais que á faguer garabatos y a turrar d' as letras pra

que saiseu as palabras, tiña deprendudo, ou metóraselle na cabeza que o demo á forza de ser arrenegado co asinal d' a cruz, fórase afacendo a vela sin renogar, como se afai un labrego á comer bronce feito e cocidiño d' unto, anque non lle leve o estomago por non ter outros manxares de mais apetencia que levar á boca.

As cornas d' o demo non lle podian tampouco poñer medo, porque dende que tiña olios na cara adiviñaba que soñase en colerlle a subela, xa virara as cornas d' as vacas e d' os bois, e sabia por esperencia que as cornas d' a nosa terriña campan nas testas d' os animaliños por adorno e non pr' afaracar bandullos. Además—segun as eróneas botaby esta conta—a ma tamen ten os seus cornos, e dando por os ceos andan, non é milagre nin cousa de mal agoiro que o demo os leve na cabeza. No tocantes ó rabo, tiñao por *pecata minuta*; millor que millor, de se chegar a ver diante d' o demo aduanaria o collerllo entre portas como se lle colle ós ratós na ratoeira, sempre que o rey d' os infernos lle dise motivo pra que o zapateiro lle xogase unha mala pasada.

Co-estes pensamentos andaba ó zapateiro de Cangas devanando os meo os, cando a sua muller que s' asemellaba á unha sogra pol o oroño na que era cando rifaba, pol o xeneral á todal as horas, lle botaban a cara os seos defeu os, que non pasaban nunca á maores pois non tina outros, que durmir a moua dende o luns hast' ó miércoles, e rebaixar pol o medio e medio as ganancias que tiña no trato. De festa en festa cando unha rapaciña de ollos churrusqueiros e xeitosa de corpo facia le encarga d' us zapatos, o zapateiro de Cangas, non porque levase picardía no feito, sinon pra se desquitar d' as falcatruadas d' a muller, facíalos de balde y esmerabáse no traballo de tal modo, que saían d' as suas maus acabadiños de ben feitos e dinos de levar o aguinaldo ninha especision de obra prima.

O xuneras d' a muller xa cansa de que o seu home non escarmentase con berros e churimicadas, aculeu a razos mais contundentes. Un dia tiroulle e, unha forma os fuciños e con tal coraxe que lle guindou os dous dentes diantoiros «¡Hoxe é dia santo na miña casa!" esclamou ó zapateiro con voz de trebon. "¡Hoxe c' o tirapé vou a repinicar nas tuas costas como repinican as campás cando non paran os bulales?" E dito e feito, o tirapé catalle ribá d' o lombo unha duas, vinte, corenta, cen veces, y a pobre d' a muller levou unhas fregas de coiro, que foran d' abondo pra lle barrer cantos puntos de costa do poideran afrixila anque vivise mais anos que Matusaleu.

Pra que o seu home non volvese a dar mais dias santos pol o estilo na casa, colleu ela a diantoira d' as disculpas e díxolle que lle tirara a forma os fuciños porque a atentara o demo

Non quixo saber mais o zapateiro de Cangas, Xa como bon cristiano lle tiña ó demo e collen la de renegon cando soubo que ó principe d' os infernos, como si fose calquera mal veciño que dispuxera de vagar, se metia nas cousas d' a sua casa, baixándose a cativez de lledar aqueles consellos á sua parenta

E como en Cangas habia n'aqueles tempos bruxas—pol o menos ansi ó dixo D. Antonio Neira de Mosquera—o zapateiro entrou en tratos co-elas pra se vengar d' o demo, e dem pois d' impoñerse ben nas aduanerías e falcatruadas d' o gremio, de s' exercitar no manexo d' as ferramentas para rubir pol a gramalleira, e de saber montar d' acuchilla; erguendo no pau d' unha baseira, ed alcender como quen alcende un misto, os lumes d' os difuntos restregandoos contr as paredes, e d empr-estar servicios na *Campaña* pol-as aldeas cuasíque bruxo feito e dereito, capaz de servir en casos d' apuranza es tudeuña, ou d calquera d esas zaramalladas d' a bruxeria ó zapateiro de Cangas misturado ent' as bruxas e sin esquecerse de lebar a subela, por un si acaso, voou pol-a carrilleira d' os infernos sintindo sede e fame de venganza.

Cando chegou ó cabo d' o viaxe, retando ó demo dixo pol a calada: «¡Vasmas á pagar todas xuntas!» é soceden o que todol os gallegos sabendes que o demo estaba recibindo Córte, que todal as bruxas lle bicaban o traseiro e que cando lle chegou o turno ó zapateiro de Cangas, lonxe de lle dar o bico de cirimonia, enterrou'e a subela hast' o reduño, e que o demo non deu o brinco porque ten o pelexo muy duro e tomou a picadura por unha cóxega, contentándose con perguntar:

—¿Quén bicou?

—O zapateiro de Cangas, responderon os condanados

—Pois que non volva á bicar porque lle pican as barbas, añadeu o demo.

*Marcos d'a Portela.*

## LONXE D' ELA.

*¡Terra terriña!*
*¡Terra a miña!*

Meus amigos, triste estou,
Moitas soledades teño
D' a terra que me crion:
¡Mal haxa a sorte d' o deño
que d' ela cho me sacou!....

Os que amoriño lle tedes
'O chan donde vos rolaron
E que lonxe d' el vos vedes,
Pol os qu' en vos se afincaron,
O meu delor mediredes.

Quen non o sinta dirá:
—«¿Por qué tamaña tristeza?
¿N' eras probe alí?»—«É verdá...»
—«Pois si non perdes riqueza,
A que têr tal soledá?»

—"Non mellorachos?—Concedo"
—"¿Quen protexerte alá queira
Têsl"—"De ningunha maneira;
E si hai, que levante o dedo.....
¡E fóracue a vez primeira!....."

—"Pois si nada á tua terra
Lle têsque agradecer, di:

¿Por qué a recordas así?.....
¿Por qué che da tanta gueria
Estar tan lonxe d' alí?»

—"Eu ch'o direi: son amores
Por ela o que tal me perde:
Feitizanme as suas rores,
O seu chanciño tan verde
E airiños consoladores.

É garrida: e como tal
Teume todo apasionado:
Fago pois, cal namorado
Que mais quere, por seu mal
Cauto mais é desviado.

E n esta amarga porfía
Vivirei sempre pensando:
¡Queira Dios que chegue o día
D' encamiñarme buscando
Terra en que tan mal me veia!

Porque eu quérovola ben:
Sempre por ela suspiro
E que, si â verdá eu o miro
Esa culpa non a tên.

Mais déixome de queixar
D'aquesta desventuriña,
Que afellas me fai chorar,
E direi, por acabar,
que n' hai terra com' a miña."

ALBERTO CAMINO.

¡UNHA CARIDA, GALLEGOS!

Unha desgracia, d' esas que acougan os ánimos e que conmoven a y alma hastr' o mais fondo su ceden â vila de Marin n-o dia 5 d'o derradeiro Mayo.

A lancha nomeada *Virxe d'o Carme*, tripulada por dazanove mariñeiros que n unha mañan de bon caris, saíron ô mar pra buscar o cobizado pan pr' os seus filliños ou familia foi tragada por un temporal desfeito, afogando doce d' eses probes mártires d'o trabalho.

Mais de trinta e catro presoas, horfos, viudas; pais sin fillos, fillos sin pais, quedan envoltos n-a miseria e agardando pol o retorno d'as xoyas d'o seu corazon! ¡Mais de trinta e catro infelices non terán quizais un probe codelo de broa con que matar a fame, e verterán un rigueiro de lágrimas ô pé d'a lareira, onde n un tempo habia alegria, e n-o presente asemélase á un cimenterio, n o que s' espertan mil lembranzas e conocen o triste que è o eterno alexamento de presoas pra eles tan quiridas.

Nosoutros, fillos d' aquela terra pra nos tan amada; nosoutros, que sentimos correr pol as venas o sangue d' eses desgracia os; nosoutros, non é posible que-scámos xordos cando-a santa carida chama âs nosas portas pidindo un anaquiño de pan pr' os disgraciados, pr' os nosos quiridos hirmás que quizais estén sufrindo fame.

Sempre o noso corazon oen ô desgraciado; e hoxe demostrémolo unha vez mais. N-o treato d Irixoa váise' a dar unha funcion o dia catro d'o mes de Santiago en qu' estamos, cuyo diñeiro será pra aiviar en parte as desventuras d'os nosos peisanos de Marin

Os gallegos estamos certos de que irán en ringleira ô treato n a noite indicada. ¿E como non si é pra facer unha obra de caridá, pra dar unha limosna ôs nosos hirmás!

*¡Deus fratesque gallaici!*

N-a Habana, 1° de Santiago de 1885.

A Comision

## COUSAS DE MOZOS.

Sitio do conto, un muiño
Que ten unha porta vella,
E tapase con salgueiros
Postos en duas fileiras.
Un regato fuga anti' eles
Moi noxado porqu' o apertan,
E retórcese n o cubo
Pra poder fuxir âs veigas.
Cant' o reiseñor metido
Antr' as poulas máis espesas
E muiño agros, e álbores
O luar branco alumea.
Marica, moza garrida,
Branca com' a neve mesma;
Cando menos pol' a cara
Qu' a ten de fariña chea,
Esta de tro d'o muiño
C' a roca n-a man direita,
E ten n-o regazo a man,
O fuso guindando â vera,
O queixo chimcando ô peito
E' scarranchadal-as pernas,
Fiaba n' un fol sentada.
¡E xa durme ¡a preguizeira!
O luar pol' os buracos
D'a porta fechada entra;
Bule axoña o tarabelo,
Pioga o mil o d'a monega,
Da voltas rumxindo a moa
Y anda Marica e a presa
A quen máis ronque, as porfias,
E gan' a moza, abofellas.
N isto oiso bater n a porta,
Ergue Marica a cabeza
E' spreguizándose toda
Como si alguén lle fixera,
Sin que e a se procatara
(échegas pol' as costelas,
Co léu outra vez a roca.
Volven á bater, e berra:
—¿Quén demo é?
—Son o mesmo
De fora' unha voz contesta.
– Ben te conozo.
—I'ois abre.
—Non oyo.
—¡Séica rabeas!
Heirhe de decir un conto.
– X' o sei.

—¡Qué demo de meiga!
Xa me tes fai un bocado
·O luar.
—Tamén branqueas.
—Com' un pote....! ¿ómo xia....!
—Vaite quentar á lareira.
—Pois logo, adiós, inda estoupes
—¿E logo vaste?
—'As carreiras.
—Si non ves á facer bulra....
—¡Eche boa! Non, afellas
Marica, non sendo tí
O qu' é outra non m' atenta,
—¡Mentireiro!
—O corazón
Quéresme votar de perda·
E·gueuse d'o fol a moza,
E foi abrir muy de presa;
E catade x 'ós dous xuntos,
For' a alm , macho e femia.
Dempóis d' un pouco palique
Comenzón a brincadeira,
Rindos' os dous.... Eu que sei
E que d' alguns enredeos
Veñen choros xuro seica
Qu' inda van andar á tombos.
¿Non o dixen? X' escomenzan.
—«Ponte quedo Bras; ¡Dios diante!
¡O que demoro! ¡Bah! Leria!
¡Ti seica ves re·oueado!
¿Q ne che mordo n unha orella!
—¡Condanada. que me rachas
A chaqueta nova! deixa!
—¡San Silvestre, bruxas fora!
Está quedo, non remex is
¡Nunc' entra se me pasou!"
Así Marica se queixa
Por un pouco. que dempóis
Rise Bras c'a boca aberta.
Como o galo bate as aas
N' o alto d' capoeira
E dí *¡fixéchela boa!*
C' a sua voz de trompeta,
Bras camiña dando atruxos
E cantando pol' as veigas
Esta copra que Marica
Así qu' a escoita rabea·
"Antes de pasar o río,
Dinche un bico y-unha aperta.
E dempóis que me pasaches.....
Un corno por ser tan besta."

ANDRÉS MURUAIS.

## A C.....

(TRADUCIDO DE A. OPSSO.)

Sabes ó qu' os meus ollos,
che dicen ó mirarte,
non, non te rias:
eu sei qu' o sabes.

Sabes ó que ch' escondo
nas encubertas frases:
¡boh! non n e negues:
eu sei qu' o sabes.

Sabes porque estou triste,
si non podo falarche;
dim' o que queiras:
eu sei qu' o sabes.

Sabes que che din bicos
durmida, contemprándote;
¿Viche? riëste
¡Si tod'o sabes!

Sabes que te adoüro
ca n'a d' amarte naide;
¡ai! si ti non me q eres.....
non digas á ninguen ó que tí sabes.

SECUNDINO CORA.

## CASOS E COUSAS

N-o Ferrol acabase de formar unha sociedade coral- lirico-dramateca, nomeada *A Lira* e que xa c nta c'un número de socios bastante mais que rigular.

Que se sosteña sempre
Ise orfeón,
Que compoñen rapaces
D'os de Ferrol.
Viva mil anos
E de cote que vivan
Os ferrolanos.

÷

A Diputacion provincial dea Cruña, votou, sin dimes nin diretes, unha pension de 24.000 reas, pra que poida continuar os estudios de vio in n-o Conservatorio Nacional de Música, o fillo de Vigo An resiño Gaos. qu'apesar d'os seus poucos anos ten recibidos mais aprausos que cartos lle impoñia de contribucion ás frabicas de saidiña en Galicia o Ministro d'a Facenda.

A Diputacion d'a Cruña
Merez'os meus agasallos
Por protexer ós gallegos.
N-as artes, aventaxados.

÷

Os labregos de Santiago, ademiranse de ver n-as follas d'as silveiras unhas figuras asemelantes a lagartos e qu'eles (os labregos) creen cousa mandada pol-o demo pra facerlles algunha falcatruada.

As tales figuras son debidas ás xeadas qu'este ano abondaron moito p r aló.

O demo meus amiguiños,
Está metido n o inferno,
E d'o menos que s'ocupa,
Segun eu entendo e penso,
E de facer falcatruas
'Os fillos d'o chan ibeiro,
Pois bastante teñen hoxe
C'o colera y-o goberno.

÷

N-o treato d'a rua de Dragós, propiedade d'o noso paisano Irixoa daráse hoxe sábado, unha brilante funcion á beneficio d'as probes familias d'os afogados en Marin.

Iñigo Varela, o noso apraudido tenor, terá ó seu cargo o papel de Xorxe n-a zarzuela *Marina* que se representará esa noite tomando parte ademais n-a bullangueira comedia *O Home é deble*.

Cantará duas pezas escolleitas d'o seu escolleito repertorio o popular *Coro Gallego* y o enxebre Farruco García Paredes [á] *Galleguiño*, darános a coñecer os seus tan nomeados tipos nacionás é provinciás.

Ista noite Irixoa
Estará *xic*,
Pois irán ve-la festa
Familias mil.
Así o esperamos
De todo-los gallegos
E d'os cubanos.

÷

NON MAIS EMIGRACION, *apropósito lírico dramático* escrito n-a lingua gallega pol-o redautor d'o *Eco de Galicia*, *Amador Marán*, empezaráse a ensayar n-a semana que ven.

Si quixera o redautor
D'o periódico primeiro
Que n-o mundo de Colon
Para groria d'os gallegos
Por Waldo se fundóu,
Abofé que de boa gana,
Abofé, don Amador,
Que veríamos ensayos
De «Non mais emigracion.»

÷

A nai abadesa d'o convento de monxas de Mondoñedo non só-o recomendou segun contan *O Heraldino* a candidatura conservadora pra concexás d'Axuntamentos, sinon que tamen se meten n-as eleuciós en Pastoriza.

Esa nai abadesa, pol-o visto,
Si poidera queimar ós liberás
Non deixaba nin un para semente,
Chamarase Perico ou fora Xan.
Eu apraudo o seu nobre pensamento,
E por él recomendo a Nocedal
Que de cote a isa monxa, cantineira,
Se lle nome, d'o exército *reál*

÷

Don Xusto R. Rada chegou a Quiroga c'ó fin d'estudiar os tarreos d'aquel partido xudicial, n-os cales poideran facerse sementeiras de remolacha, pra extraer azucro d'ese vexetal.

Gabarémonos moito de qu'o señor Rada froreza n-a industra prousima a esplotarse en Galicia.

Qu'a industra d'a remolacha
Que vai nacer en Quiroga
Froreza sin qu'o goberno
A faiga fuxir pra fora.

÷

*O Lucense* dille a Diputacion de Lugo que percure hermosear a praza d'o palacio provincial.

Noso estimado colega propón, con tal obxeto, que s'erixan n-ela duas estátuas: unha de Nicomedes Pastor Diaz y outra de Xan Farruco de Castro.

Unha ducia d'aprausós
Ledo lle don
'O colléga que pide
Esa creucion.

÷

'A sazon en que tiñan lugar en Galicia as últemas eleuciós pra diputados a Cortes, visitaba o pobo d'as Pontes de García Rodríguez, un fotografo acomodado pol-a empresa d'a *España artísteca e menumental* pra sacar vistas d'algunhos nomeados tempros d'a nosa terra.

O primeiro dia d'eleuciós erguense moi cedo o bon d'o fotógrafo e dirixeuse ô cimenteiro d'a parroquea, pra desd alí sacar millor a vista que se propuñía; mais como queira qu'atopou a porta pechada, dixoll'a un vello escangallado qu'anda ba preto d'alí recollendo estrume —¡Paisano! ¿Como é que non teñen aberto o cimenteiro?— ¡Ai! meu amigo, respondeull'o vello, os homes non l'estan hoxe ahí, e como quedaron solas as mulleres y-o nenos pecharou a porta, cicais por medo ó demo.—Mais como é iso?, preguntou o forasteiro

—Non lle ten nada d'estrano. Hoxe, como dia d'eleuciós, vanlle todos facer una *cabarcada*. Todos teñen dereito elentoral e non lle queda ningun d'os que foron enterrados n'esa santa coba qu' hoxe non s' haxa erguido pra depositar a papeleta ministerial n-as urnas.

—¡Que cousas! dixo o fotógrafo. ¡Que cousas! e c'os tarabelos n'as costas den media volta e foise.

O velliño d'o conto
Dixo verdad:
Pois os mortos, d'aquela,
Foron votar.
E Caramés
Diputado foi feito
Por esa vez.

÷

Xa se inauguron o camiño de ferro ¿que vai d' Ourense a Monforte.

Os monfortiños, poideron, con tal ocasion, admirar o Cristo, o ponte o xardin d'as Burgas e mais cousas boas qu'encerra Ourense.

Algús tamen se chegaron
Preto d'aquel vel'o enxebre
A quen noman *O Tio Marcos*
*D'a Portela*, vello forte
Vello churrusqueiro, é farto
De recibir n este mundo
Os mais tenros agasallos,
Xa por ser un bó gallego
De todos ademirado
Xa tamen porque de ende
'Os escravos d' o traballo
Conti' fisco y-o goberno
Qu' os deixan estamentados
Con direitos de consumos
Y-outras cousas que me gabo
De calar, pol-os *xivingas*
D'os *fiscales* d'o condado.

÷

Don Waldo A. Insua, direutor d' *O Eco de Ga-*

*licia*, foi agasallado pol-os socios d'a Foliada c' un xantar n-o' *Restaurant O Suizo*, propiedá d'o noso peisano Fraguiña

A comida compoñíase de manxares ga legos, comenzando pol-o caldo e finando c'os percebes e sardiñas cabezadas en escabeche

N os postres empezou a tornar a reunión un carís mais ledo. De todal-as bocas saían verbes de cariño pol a patrea Galicia. O señor Insua botóo unha parola qué foi atallada pol as sinales d' aprobación e aprausos léndo despois, por ha belo pedi lo ansi moitos d'o concurrentes unha poesía d'o birman *Roque d'as Mariñas*, que me recen laudes.

Cor ñ e, o bon amigo C ra lêu tamen unha feiticeira tradución d'os versos «Despedida d'o emigrante», d'o señor L. U. Grís; tradución qu' entusiasmou á todos, xa por ser inspirada e ben feita, xa porque o autor léuna como il sabe (e decir; muy ben.)

Aquela reunión tiña un siniñeado dino d'os nosos laudes. Era unha proba de cariño á unha presoa que traballou moito en favor d'a causa gallega en uha anqu' isto pese á algús zumezugas; era unha mostra enxebre d'o cariño qu'os fiños d'a Suevia, sinten pol-a terra en que naceron.

Namentras qu' a pátrea teña
us fil'os tan entusiastas,
debe têr n o seu por vir
de grandeza as esperanzas.

÷

*O Rexional* de Lugo danos a escolleita noticia de qu'a Diputacion d'a nela provincia, negouse, *previo un razonado informe* a sinalar como xorno o anu 1 50 ) pesetas a Don Manoel Murguía. *Cronista de Galicia* nomado pol-as demais diputaciós e Sociedade Económeca de Santiago

¿Que foi, *razonado informe*,
Dixo vosté meu amigo?
Pois escoite duas palabras
Que lle direi deu miño.
Ou vosté non quer meterse,
Por amore de partido
Ou por outra comenencia
Que desd'acó non distingo,
C'os fanfallas diputados
Que tal cousa suscribiron,
Ou vosté toca a viola,
Ou xamais tivo agarimo
'As resprandecentes grorias
D'aquel cornello garrido
En qu'un tempo froreceron
Os Sarmientos e Charinos.

÷

O mais tenro e inspirado d'os poetas gallegos, qu'hoxe por hoxe, non tén quen lle poña o pe diante n as Amerecas o Señor L U. Grís, vai a dar ás prensas un valente libriño de versos escrito na nosa fala, e qu' causará unha verdadeira revolucion n a literatura gallega

O Señor Director d'o *Eco de Galicia* D. Uvaldo A. Insua ocupase de facerlle un longo prólogo d' libro en cuestion que se titolará *Ecos d'as Mariñas*,

Si o meu rogo quer' oir
O rapaz ademirado
A quen noman L. U. GRIS
Que s' imprenten decamiño
Pra gabencia d'os d' aquí,
Esos *Ecos d' as Mariñas*
Que farau, creo, tum.

÷

Os nosos amigos Nelo e Xoquin Cores do da prateria A Acacia, son mais trafiquei qu' o mesmo demo.

N o ultemo vapor recibiron dez caixas de xoy que venderan dend' hoxe por calquera cousa.

Os nosos amigos Cores
Teran pois para Santiago
A mellor d' a prendería
Que se frabicou n-ó ano.

÷

Fai ben poucos dias sigun me conta un amigo qu'un gallego con mais flema que certos *escribidores* de novo cuño, visitou unha libreria d'as d'a calle T'a Muralla.

Cravado n'unha d'as portas d'a casa viase unha vista d'a cibdá de Lugo, n a cal vista, se dibuxaba o camiño de Brañuelas pol-o que baixaban con direccion a Galicia algunhos carromatos e varios arrieros con machos cargados de viño.

O dono d'a libreria, qu'era nado en Castilla, procatandose d'a chegada d'o noso paisano, quixo darlle unha groma e non de bon xénero, decíndolle, o mesmo tempo que c'ô dedo l'anos traba o camiño en cust on. ¿Laberco? ¡Cantos machos hai en Ga icia!—Te razon respondeulle o'nd do; pro fixe-e vosté nunha cousa; que todos os qu'hoi alí van a ela po lo camiño de Castilla.

De maneira qu'o castexao foi por lá e saleu...

Oigan ben señor libreiro,
Cando queira meter baza
Dando gromas d'ese xeito,
Coide sempre de meterse
Con calquera barruíe ro
Que non teña nin migalla
D'o que teñen os gal egos,
E decir, moito miolo
Moito *xic*, moito gracexo
Moita sabencia de letras
E moitísimo talento.
¡Enténdase, por si acaso,
Qu'estas condicións que lembro
Non chegóu á te-las nunca
O probe

CHEMÍN DE CÉLTEGOS.

## ADEMINISTRACION D' A GAITA GALLEGA.

Pra este periódico non s' ademiten suscritores.

Servirase gratis ós qu' o sean d'o *Eco de Galicia* que dirixe Waldo Alvarez Insua, en xusto bonenaxe a haber sido o primeiro que n-o mundo de Colon despregou a bandeira d' a defensa d'o nome gallego.

Venderáuse números so'tos a 50 centavos cada un e po l-o mesmo precio serviranse ós que d'e dreito d'a insua os manden á pedir.

A correspondeuza a nome d'o Adeministrador, Apartado 43.

Adeministración: O'Reilly número 21.

IMPRENTA D' "A CORRESPONDENZA DE CUBA."
Rua d' Obrapia núm. 24.

# A GAITA GALLEGA.

REPINICA MUIÑEIRAS, ALBORADAS E FANDANGOS, UNHA VEZ 'O MES.

Direutores, Redautores y-Adeministradores:

Chumin de Céltegos. Roque d'as Mariñas.

N-a Habana: 16 d'o mes d'Agosto de 1885.

## Tocata fúnebre en honor de Rousalía Castro.

### ROUSALIA CASTRO.

¿Porqué a pruma se nega á escribir? ¿Porqué non podo dar formas ôs pensamentos que agora sinto? Porqué as vágoas arrasan os ollos y-o mais fondo door anuda a fala n-a gorxa? ¿Porqué á luz d'o rechamante sol, é melancónica, é triste com'a amainada lume d'unha inmensa antorcha funeraria que sementa tristeza por todol-os cornellos d'o mundo? Porqué sinto frío e vaguedades sin nome n-o mais íntimo d'a yalma e n-o mais agachado d'o corazón?

¡Ah! é que Rousalía Castro morreu! Aquela amorosiña rula d'os nosos vales, aquel anxel gallego, aquela santa muller, toda bondade, toda sentemento, fuxeu d'entre nos, e Rousalía era a personificacion d'a nosa terra, o embrema enxebre d'a nosa casta, o ser mandado por Dios pra que fose o mais sinxelo e verdadeiro intéprete d'as magoas d'a pátrea que tanto adouramos!

Rousalía! Nome venerado que sempre vivira en nos, nome ilustre que escribiremos con ouro n-as follas d'a moderna literatura gallega.

.....

«¿Quen ô pasado volve
Os ollos compasivos?
Quen se lembra d'os mortos
S'inda non poden recordarse os vivos?» (1)

A idea que cobizaba Rousalía n-ises versiños non pode de ningunha maneira têr cumprida profecía n-os gallegos; non poderemos en xamais deslembrarnos d ela, por que era pra nosoutros moito mais qu'hunha poetisa; era e será decote un ser divino. á quen todol-os fillos d'a nobre Suevia adourábamos, e adouraremos con tolo cariño. Non poderemos deslembrar o seu recordo, com'os homes non poden deslembrar a idea d'un Dios, o escravo a espranza d'a libertá, a sociedade os deseios d'o terco progreso, o fillo de Galicia o agachado pensamento d'a santa rexeneracion que n-os «Cantares gallegos» latexa.

Pátrea quirida; infortunada terra sobre quen parece qu'a morte sacud'as mouras aas pra levarnos os mais escrarecidos xénios; ben podes dar púbrica sinal de tristeza, ben podes ir ô simenteiro de Padron á regar de vágoas e sementar de frores a tomba d'a rula amorosiña á quen tanto debemos.

«Ditosa pátria que tal filho teve,» dixo un escritor portugués n-o aniversario d'o inmortal Camoês; «desgraciada pátrea que tal fillo perde» decimos nosoutros remendando o dito d'o intelixente lusitan. Desgraciada, sí! ¿Quen vai agora á amainar as tuas fondas coitas, quirida terra? ¿Quen vai agora a darnos alentos pra sofrir as soidades d'o aleixamento d'o fogar? ¿Quen vai á mantêr en nosco a espranza d'o porvir que Rousalía Castro nos asinalaba?

Non podemos ser hoxe muy longos; o sentemento que non-os deixa acongar un anaco de tempo, embarga os nosos sentidos. Sólo vagoas temos n-as meixelas, e sólo debemos decir hoxe ôs gallegos d'Améreca, e principalmente ôs de Cuba, que Rousalía Castro è merecente, por todos conceutos,

(1) *Follas Novas*-Rousalía Castro

de que se lle erixa unha estátoa n-a capital de Galicia.

Unha estátoa, gallegos.—Tiñan os grecos a "Iliada," os latinos a "Eneida," os castellanos "O Quixote," os portugueses "Os Lusiadas" de Camoês; e nosoutros que dinantes carecíamos d'un glorioso monumento de literatura, têmos hoxe dous, os *Cantares gallegos* e *Follas Novas*, debidos á Rosalía; co'a difrenza de que n-aqueles libros non se refrexa hastra certo punto o xenio d'os pobos en que foron enxendrados, entramentres que n-estes últemos latexa o carauter noso, y-o d'a poesía gallega, vaga, melancónica, tenra, espiritual, queixosa com'o suspiro d'unha fada, mimosiña com'a sentida fala d'unha nai amante, armoñosa com'a misteirosa música qu'os antigos atenienses soñaban sentir n-os espazos interestelares.

Esto è o que debemos á Rousalía; unha brilante literatura de que carecíamos, e pol-o tanto unha patrea, pois sin aquela non pode hacharse estoutra. Honremos a sua memoria, paguemos d'unha maneira dina d'ela e d'a terra en que ro'ou o noso berce, a deuda que temos que pagar sin romedio â dolce poetisa, â amante patriota, â enxebre e intelixente mull'er que ergueu a nosa fala d'a deixadés en que própeos y-estranos a tiñan. Non haxa indifrenza, peisaniños; fagamos por qu'os extranxeiros nos digan, com'o dixo o célebre Victor Hugo â Grecia moderna cando esta comenzou á gabar os seus ilustres xenios:

«Ouh terra, xa eres dina
De tales fillos têr.»

A GAITA GALLEGA, escrita n-a mimosa lingua con qu'a nosa *rula* concibeu os conceutos mais subrimes que coñecemos, non podía pasar sin dar esta púbrica mostra de fondo cariño â poetisa ilustre qu'a nosa Galicia perdeu n-o día quince d'o derradeiro mes de Santiago fecha de triste recordo pr'os verdadeiros amantes d'a pátrea, e de eterna relembranza pr'os cultivadores d'a fala que dende hoxe debemos chamar *de Rousalía*.

ROQUE D'AS MARIÑAS.

Agosto 6.

## N-A MORTE DE ROUSALIA.

Non atopo sonidos n-a lira
pra espresar os mais tristes conceutos
que magöaron â yalma dórida
y-ó meu pensamento;
Non atopo alegría en ningures,
nin o sol brila xa feiticeiro,
nin o canto d'o xílgaro amaina
o door d'o meu peito:
Y-eu que sempre intentei que valente
fora á musa qu'inspira ôs meus versos,
e pensei qu'o chorar era solo
mui dino d'os nenos;
Y-eu que fun mais gustoso d'o núneu
de Camoens, de Quintana e d'Homero
que de rimas entecas, chorosas
indinas d'o suevo...
Hoxe sinto qu'as vágoas m'aqueixan,
e n-a gorxa sô áfogo lamentos;
hoxe sinto tristura n-a yalma
e frio sô teño;
Hoxe sinto os mais tercos capnichos
de que baixe á inspirar os meus versos
unha musa loitosa, cal sombra
d'un triste mosteiro:
Sinto e quero gnindar miña lira
d'un *chorón* ou d'un mouro salgueiro,
ou quebrala pra sempre, pois n-ela
non hacho o qu'eu quero.
—E por qué?—Quen pergunta? ¿quen quen
quen desein saber por qué peno?
¿Non sabedes qu'a patrea esta triste,
si sodes gallegos?
¿Non sabedes qu'a tenra poetisa
que roubou os mais dolces misteiros
a ce'este armoñia d'os âuxos
mais listos e ledos
¿Non sabedes peisanos, qu'a Diosa
que d'o ceo baixou pra facernos
coñecer o divino, o que nunca
nin soñar puidemos....
¿non sabedes qu'a gran Rousalía,
a nin ler mais ilustre, o xilgueiro
qu'amainou nesos fondos delares
volven par'o ceo?

---

Non morren Rousalía! non morre!
porque vive decote n-o peito
d'os gal egos, donde têa a *rula*
a tares eternos.
Non morren pois a gloria non morre,
pois de Dios non se barre o alente:
non se pode extinguir o divino
n-os mortales peitos.
Y-os seus libros de versos, pra noseo
serán sempre os *Cantares Gallegos*
que farán espaciar noso esprito
con dolces sagredos;
E pra sempre serán *Follas Novas*
novas follas, aunque anos a coutos
cheguen têr, pois d'o xenio os traballos
non poden ser vellos.
Pátrea amada! Galicia quirida,
leva hoxe de robre e loureiro
mil coroas, pra honrar a memoria
qu'agora relembro;
Abr'a storia, e coloca o seu nome
onde s'hache o d'Aguirre e Sarmiento,
aunque iñoro si cabe a sua fama
n-o libro d'os tempos.

E si cal esa fama intentamos
levantarlle un igual menumento,
¡pra sostér tanta groria, sería
o mundo pequeno!

L. U. GRIS.

Habana, Agosto de 1885.

## ¡ROUSALIA CASTRO, MORREU!

A dociña cantora d'as nosas desventuras é infortunios: á lira que vertia bálsamo consoador n-os peitos magoados, nos corazos feridos pol o mais terco delor: Rousalía Castro en unha palabra, que, con fé inquebrantabre soupo empuñar a bandeira d'a nosa rexeneraciou, facendo despertar n'o espritu de tod'os paisanos ó amor grande e acendrado á patréa, chorando ó mismo tempo, pol os que tuvemos á desgracia de probar o pan amargo d'a infanda emigracion - caén pra non erguerse nunca mais

Non vamos á facer un estudio d' esta subrime muller, porqu'hove solo podemos chorar, ademais que todo canto falaramos paledeceria ant'o que e la sinificaba, ant'o que valia é fixo en ben d'a terra que nos den á vida, que nos sirbeo de ber ce, e donde fomos, arrulados. Pra nosoutros era algo mais que un poeta; era un xenio creador, á groria mais alta d' estos tempos, era á estrela qu' alumaba ó noso porvir, ó ánxel qu' enseñaba ó camiño que debiamos emprender para chegar ó cabo d'a xornada.

¡Galicia, patrea querida, estás de luito: perdiche á filla que tanto te adourraba, á filliña que todo o sacrafiicou por ti, que sin ti nen quería nada n este mundo. A que cantou á tua hermosura, á tua grandeza é os teus eternos sufrimentos dorme xa pra sempre n-o fondo d' unha coba.

¡Probe *Rosiña*; cras os teus recordos tales, que nos postreiros momentos d' o teu existir, n' ese misteiro qu' hai entr'a vida é mai-á morte erguiche inda á tua cabeza pra decirlle á tua terra filla "Abre esa ventá que quero velo mar."

¡Mal pocadiño! o deixarnos quixeche qu'o derredeiro adios fora pra terra que tanto querias, pra terriña que inspirou os teus mais dolces e teuros cantares! ¡Quen sabe o que sentiche o despedirte d'ela! Acordachete que ainda está probe, aldraxosa, e por tanto esos recordos eran as acerbas penas qu'arrincaron ó teu corazon, e que tal vez axudaron á cortar ó fio d'a tu vida. Traballache con entusiasmo e chea d'esperanzas, pro morriche sin ver cumprid'os teus deseos.

¡Ouh desgraciada Rousalía, durme xa e descansa, que si loitando de boa fé solo consiguiche quebrar ó teu espritu, gastado e desfeito antes de dar ó postreiro suspiro, non loitache en vano pra tua terra que deixas nobres exempres de consagracion grande e xenerosa, nin tampouco sin groria pro tea nome.

Os teus peisanos: que coñecian o que ti valias, e que apreciaron ós teus valentes esforzos pol-o noso ben e od'a patrea que te contaba entr'os fillos mais ilustres e mais queridos, non poderan olvidarte, porque en cada nu d'os seus peitos "ergueronche un tempro de groria," nin tampoco han de negarche ó premeo que non tiveche vivindo.

Frores e loureiros medrarán n a tua coba; frores e loureiros, qu'o tempo non secará xamais; d'eso responden, o cariño, o amor e o agradecemento d'o pobo gallego.

SECUNDINO CORA.

### 'A ROLA DE GALICIA,
### ROUSALIA CASTRO DE MURGUIA.

Rousinol d'a miña pátria,
D'a nosa ribeira rola,
Pombiña con pico d'ouro,
Xénio esprendente de groria;
Non sei que teñen teus cantos,
Non sei que teñen tuas trovas,
Q'uo meu curazon inframan
Cando as digo de mamoria;
Desqu'as deprendin de neno
Decoto se me recordan.

Cando escribes teus versiños
Quizayes 'a pruma mollas
N'os rayos d'o sol, que tinguen
Os picoutos de lus roxa,
Ou de noite cando 'a lua
As augas correntes doura
N'o espello d'o craro rio
O mirarse melancólicas:
Ti dos niños d'os paxáros
As amantes queixas roubas,
E colles d'o val prefumes,
E lus e vida d'as hortas,
Sospiros de cantos sofren,
E vágoas de cantos choran:
Pra compoñer isas cántigas
Cheas que entretes e namoras,
Isas cantiguiñas brandas
Que falan de moitas cousas...
Ecos d'as voces d'os ánxeles,
Que ó pé d'o Señor revoan .....

Non sei que dera por ter
O teu xenio, miña xoya,
Rousinol d'a miña pátria,
D'a nosa ribeira rola.
Bendita sea a naiciña
Que t'arrulou coidadosa,
O pái que che deu alento
E 'o marido que t'adoura,
Os curazós que te queiran
E'as almas que te conozan.

Ti xa ben estar debéras
Pra gala d'a terra nosa
N'unha xauliña de ouro
Chea de pelras preciosas;
Deberan poñereche logo
N'a tua frente duas coroas.
Que xá l'as dech'a Galicia,
E son dolcisima ro a.
Unha, os *Cantares gallegos*,
E outra 'as últimas *Follas*.

VALENTIN LAMAS CARVAJAL.

## ROUSALIA CASTRO DE MURGUIA. (1)

Son-as notas d'a probe Rousalía,
O que diu ó caer as follas secas,
O dociño piar d'os paxariños
Antr'os laureiros d'as verdosas veigas,
O que falan as hedras gareando
Pol-as rendixas d'as negridas pedras.
As bagullas de sangre d'os hirmans
Qu'esgomian de fam'eu terra allea.
A lembranza d'as nosas rias baixas,
Os desconchados craustros d'as Igresias.
O que falan os albores c'as brisas,
O son d'a nosa gaita paroleira,
Y ese ardente cariño que lle temos
A esta Galicia, esta bendita terra.

LISARDO R. BARREIRO.

## CASOS E COUSAS

A rula d'o chan gallego, o roiseñol d'os eidos d'a Suevia, o xilgueiro d'os xardís d'Erin, a poetisa d'o sentimento, a escritora enxebre e patriota, Rousalía Castro, abreu as suas áas, e voou ó trono en que se pousa a churruaqueira virxen gallega, a virxen d'o Cristal.

Con tal feito Galicia adourada
Horfa sempre por sempre estará,
Os enxebres *cantares gallegos*
Non mais s'oirán.

—

Os lamentos e choros e queixas
D'a sofrida gallega rexión,
Xa non teñen quen pida por eles.
Morreu seu cantor.

—

Loito sempre vistamos, gallegos.
Pol-a rula qu'a Suevia perdeu;
Chora sempre Galicia querida.
Ten xenio morreu.

÷

Adolfo Mosqueira, inspirado poeta de Caldas, esprica o feito d'a morte de Rousalía n-os siguentes termos, que anque fillós d'a sua esprendente musa, levan ós nosos peitos a conformidade n-a perda que choramos.

"Para o ceo marcharon Vesteiro,
Murguía, outros moitos, é Añon,
é o oilos Dios, dixo:—*hacede*
*un orfeón.*"

—

"Axuntaronse todol-os vates,
comenzaron axiña á ensaár,
e cantáronlle a Dios a muiñeira
com'acá."

—

"Po-lo visto gustoulle a musica
que mandou repeti-la fancion,
e despois d'a muiñeira, a alborada
escoitou."

—

"*Faltan tipres*, Dios dixo, *a buscalas*,
*¿quen hai por alá?*
e Murguía moi humilde lle dixo:
—*Eu a hai.*"

"*Para os cantos gallegos n'hai outra;*
*xa lle chaman alá o ruiseñol,*
*repinica c'aquela gorxiña*
*qu'e un primor.*"

—

—"*Pois decideme o nome que axiña*
*xa por ela un arcanxe vai ir....*
—*Rousalía Castro—xa o oiche;*
*¡a bulir!*"

—

"Esto díxolle Dios o arcanxe
é o arcanxe votouse a voar
dereitiño com'unha sayeta
para acá."

---

"Aquí tendes por qué Rousalía
dís que quixo deixa-lo país,
e pra outro mellor (segun dicen)
foi soubir, foi soubir."

÷

O *Centro Gallego*, en canto tivo noticia d'a morte de Rousalía puxo as bandeiras á mitá d'o pau en sinal de loito, e non sospenden a festa qu'estaba dispesta porque n había tempo pr'anunciar o acordo n os periódicos.

En troque d'ísto propárase unha velada fúnebre en que tomarán parte moi apraudidos poetas e literatos. Nosotros entramentras diremos con Valentín Lamas:

Queixosa rula d'o noso outeiro
Que baixo as herbas d'o simenteiro
Asosegada dormindo estás:
Durme namentras qu'a tua mamoria
Cantos de trunfo, croas de groria,
Alí en Galicia revivirán.

÷

Tamen se proyecta por algus bos gallegos dirixir unha súprica o ayuntamento d'a Cruña, pra que se bautice c'o nome d'a autora de *Follas novas*, unha d'as ruas d'a cibdá herculina.

Pra honrar a mamoria
D'aquel gran portento
Que choran os mozos
Que lembran os vellos
Aind'é mui pouco,
Rapaces gallegos.
Por ela se deben
Erguer monumentos
Texer mil coroas,
Vertelas a xeito
N-a coba en que dorme
Tan doice cornello,
Y-en fin rapaciños,
Enxebres suevos,
Facer mil altares
A drento d'os peitos
En donde se poida
Chorar tan gran xemo.
Un d'eles xa fixo
(Sin ser o primeiro,)
Chamín, non de Vale,
Chamín ó de

CÉLTIGOS.

(1) D'a composición poética d'o autor, *Cinco lyricos*, que veu a luz n-o número 5º d'a *Escola Gallega*.

IMPRENTA D' "A CORRESPONDENZA DE CUBA"
Rua d' Obrapia núm. 24.

# A GAITA GALLEGA.

REPINICA MUIÑEIRAS, FANDANGOS Y-ALBORADAS UNHA VEZ 'O MES.

Direutores, Redautores y-Adeministradores:

Chumín de Céltegos. Roque d'as Mariñas.

ANO PRIMEIRO. N-a Habana: 2 d'o mes d'Agosto de 1885. TOCATA SEGUNDA.

## A festa de Tacón.

Sempre tuveron n-o peito d'os gallegos cariñoso agarimo as ideas de caridá misturadas c'o santo antusiasmo pol-a pátrea: n-a noite d'o veint' e cinco d'o derradeiro mes dimos unha proba d'ista verdá.

Pol-a tarde d'ese cobizado dia non pensaban os gallegos mais que n-a festa que se proparaba. Todol-os sembrantes revertian alegria, todol os corazós latexaban á impulsos d'os recordos mais leños e feiticeiros. As gaitas deixaban ouvir de vez en cando os seus tenros conceutos, xa co'a churrusqueira muiñeira, xa co'a vagarosa e sempre divina alborada.

Os foguetes estalaban taméu n-os aires semellándonos estar n-a nosa terriña, e relembrando aqueles tempos en qu'ainda non probáramos o acedo pan d'o emigrado. ¡Non sei que sentemento estrano teñen pra min os foguetes! "Eles—como dí *O Tio Marcos*,—son chamada d'outros tempos pr'os vellos, estrondo de pracer e barullo pr'os mozos e mozas, aviso d'o ceo que sai d'a terra pr'os rapaces.... Os de tres estalos son unha caste de castañolas aéreas toeadas por riseiras e fantásticas virxes que levan por manto o longo espacio, por ollos as estrelas, por alento as arroubadoras brisas."

N-a tarde de que fal'o, eran os foguetes á voz d'a Caridá e d'a Pátrea, y-os gallegos entenderon isa misteirosa parola.

o
o o

¡E vaya si a entenderon! Inda non eran as oito d'a noite, e xa unha mareira de xente entraba pol-as portas d'o treato de Tacón, que non chegaba á un dente pra dar achego a tanta alma.

Entr 'o numeroso púbrico vimos feiticeiras meniñas vestidas de gallegas, lucindo unhas ó garrido traxe de mariñanas de Betanzos, outras o sempre galano d'as rianxeiras. Eu, ô velas—penso de min que non é pecado o decilo—furmigábame o sangue n-as pernas e sentía cóchegas n-a gorxa, en que mais d'unha vez tiven que reter aturuxos antusiastas. Un amigo meu, compañeiro de monteira, por mais sinales, díxome ô ver tan lindas raparigas:—"S'os anxeliños d'o ceo gastan vestidos, deben ser, de verdá, ô estilo gallego."

As mulleres son o diaño, con perdón. ¿Pois non m'iban deslembrando d'a discricion d'a festa? ¡Xesus!

o
o o

A churrusqueira comedia "Entre veciños" foi manificamente desempeñada, y-ô sair á 'scena a xeitosa tipre Dorindiña Rodriguez recibeu unha tronada d'aprausos e vivas.

O Coro gallego, despois d'o "Himo á Santiago" cantou con maestría "N-o mar", merecendo aprausos á bao. 'O finar isto, pideu o púbrico que se cantase a Alborada, que fixo reverter ó entusiasmo d'os romeiros. ¡Qué melosiña é a nosa fala posta en música e cantada d'o xeito con que o saben facer os rapaces d'o Coro!

Chegaba o momento d'a representación d' *O Ruisiñol*. Dorindiña e Iñigo Varela foron mui aprauidos n-ista hermosa obriña. A primeira demostrou unha vez mais ser unha boa artista, aoque, por acharse enferma d'a gorxiña—cousa que da mais méreto a xeitosa gallega, porque dado o seu estado de saude, fixo un sacrificio con traballar—non puidemos gozar ouvindo a sua voz "semellante ôs concentos baixados d'o ceo;" y-o segundo, Iñigo, estivo moi feliz e demostrou crara-

mente os adiantos que adequire n-o divino arte de Pacheco e Patiño. Moitos laudes mereceron n-esto os dous enxebres gallegos.

*Unha noite n-a eira d'o trigo!* Esta cántiga, anque a escoitemos un millleiro de veces, en xamais se nos fai pesada ¡que lindo poema encerran os seus versos! Que sentemento teñen cada unha d'as notas de que se compon a música! Tres veces se repiteu a petición d'o púbrico: â segunda vez foron agasallados Dorindiña e Iñigo por dous cuadros en qu'a Beneficencia de naturás de Galicia demostra o agradecemento os dous artistas; por pombas ceibadas dend os palcos e por ramiños de frores e versos, que mais adiante reproducimos.

Tamen foi ousequiada Dorindiña, con unha vistosa coroa, que lle entregaron duas bonitiñas nenas vestidas de gallegas, y-acompañadas d'o noso bon amigo don Secundino Cora; cuya coroa tiña duas cintas de seda, mourada e branca, co'a lenda: "Os rapaces gallegos d'a Habana, â sua paisana Dorindiña Rodriguez." (1)

A *Muiñeira* y-a *Riveirana* foron punteadas enxebremente por doce parexas, en traxe provincial. Mereceron moitos aprausos e frores.

O "Hino á Galicia" y-"O home e deble" manificamente desempeñados.

A estudiantina "Nosa Señora d'as Mercedes" executou algunhas lindas pezas de música, que mereceron os honores d'a repetición, y-aprausos ó descallacrebe.

¡Ai que demoro! Xa non m'acordaba falar d'o *galleguiño* García Paredes que fixo rir ô púbrico co'a sua coleccion de tipos. Enxergou en lingua gallega—como é natural—a sua biografía feita maxistralmente. ¡Lástema que non houbera alí un taquígrafo que recollera a parola de Paredes, co'a que fariamos rir os mesmos valados!

o
o o

'O saír d'o treatro, formouse unha grande procesion c'oas Direutivas d'as sociedades gallegas, que acompañadas d'a música d'Inxenieiros, que tocaba unha alegre muiñeira, e de moita xente, encamiñáronse ô Centro Gallego, n-o que houbo un lucido baile que durou bastra cerca d'as seis d'a mañan.

En fin, a festa non puido quedar mellor. Xente a barullo; antusiasmo como nunca.

En nome d'os probes, e pol-o mesmo, en nome d'as mais santa d'as virtudes, á Caridà, damolas gracias a todos cantos tomaron parte n-a festa d'o dia vint'e cinco.

o
o o

De gran divirtimento foi pra min, y-o mesmo sería pra moitos mais, a noite de Santiago. A yalma solazábase o ver a íntima unión qu'entre todos había. A Pátrea y-a Caridá foron festexadas como os gallegos sabemos facelo.

¡Algunhas noites, com a de que falo fan falla ainda pra axuntar o modo de pensar d'os bos gallegos, e pra rempuxarnos pol-o camiño d'a cobizada rexeneracion d'a nosa sempre adourada Galicia!

ROQUE D'AS MARIÑAS.

1 Esto non é traducion; estaba escrito en fala gallega, ó que demostra o gusto que eiqui se desperta por tal lingua.

## DE RIOLA POR GALICIA.

Vamos á Ourense pra vel a ponte,
Alí non pode faltar quen conte
As escelenzas d'o Santo Cristo,
Que é d'o muy pouco bó que ten visto
A xente toda d'a cristiandá.

E de camiño xa iremos veudo
Botal as Burgas auga fervendo
¡Cantos milagres! ¡que cousas hay
Botan n'o inverno como no vrao,
¡Que maravilas ten iste chao!

Pra dar consolos ás nosas penas
Veremos nenas; pero ¡que nenas!
Teñen ús ollos que fan pecar;
Labios bermellos, longas pestanas,
Cabelos rizos; as ourensanas
Como xeitosas dan que falar.
Vamos pra Ourense, vamos pr'alá.
¡Ala que xa!

Vamos á Vigo, xoya d'os mares.
Ond' os barquiños chegan á pares
Por vel a virxen pelra d'o mar,
O pobo dorme cal pomba amante
C'o brando arrulo, c'o murmullante
Son, qu'unhas olas con outras fan:

Alí n'a tarde cando s'esmaya
O sol donrando montes e praya,
E cando brilan as augas mais,
É un protento d'a natureza
Ver n'a ribeira pra mor belleza
Botes que veñen botes que van,
Son d'os probiños d'os pescadores
Que drento as augas con cen sudores
Un anaquiño ganan de pan.

¡Queredes nenas muy graciosiñas!
Pois achegàivos pol-as tardiñas
De cara a Cangas veira d'o mar:
¡Que boas rapazas vos hay en Vigo!
Non son tan brancas com'o pantrigo
Son moreniñas ¡teñen un sal!
Volvennos tolos co seu cariño,
¡Por algo corre pr'o mar o Miño!...
Vamos á Vigo, vamos pr'alá.
¡Ala que xa!

Vamos agora pr'a Pontevedra
Alí nos temos baixo unha pedra
A Mendez Nuñez, xénio inmortal.
¡Temol os héroes sin menumentos!
¡Cando han honrarse nosos talentos?
¡Cando iso dia felis virá?
En Pontevedra, ciudá divina,
Vemol-a eirexa d'a Pelegrina
Resprandecente de maxestá;
Ten unha virxen tan feiticeira
Qu'a semellanza mais verdadeira
Evos d'a misma que é de Dios nai.

Veira d'o Lerez ó pé d'a ria
Vese á cindade qu' Andalucia
Tenlle abofellas ben qu' envidiar:
Ten azul ceo resprandecente,
Unha campiña muy frorecente,
Ten un conxunto muy celestial;
Os qu'ali moran viven n'o ceo,
Cantas grandezas forxa o deseo
Todas xuntiñas alí vos hay
¡A Pontevedra, vamos alá!
¡Ala que xa!

¡Seica nos vamos pra Compostela?
Si camiñemos, que é groria vela;
E nosa Roma monumental,
Alí veremos o corpo inteiro
D'o Santo Apóstol, que d'o extranxeiro
Veñen as xentes ant il a orar.

O tan lembrado *rota-fumeiro*
De nave á nave voa lixeiro
¡E canto fume votando vai!
Riba unhas andas, vai a cabeza
D'o noso Santo y en cada peza
Leva unha xoya que moito val;
Andan os cregos cubertos d'ouro,
N'unha capilla ten un tesouro (1)
Vaya unha pedra de catredal,
Xan non te volvas sin que lle toques
Ó misteiroso Santo d'os croques
Que n'a portada d'a Groria hay.

Alí veremos moitos conventos,
Moitas eirexas con cen protentos
¡E cantas torres hay n'a ciudá!
Alí á Escola n'a qu'aprenderon
Tantos ilustres xénios que deron
Á nosa terra nome inmortal.

Eiquí deixámos muy esquecidos
Dous nosos xénios escarecidos,
Aurelio Aguirre, Calros Fontan;
D'as nosas grorias vél eiqui a sorte...
¡Dormen o negro sono d'a morte.
Como si fosen calquer mortal!
Pero deixémos hoxe istas cousas;
¡Xénios dormide baixo isas lousas!
¡Sagradas cinsas dormide en paz!
Vamos pra Cruña, vamos pr'alá.
¡Ala que xa!

Corte d'a nosa quirida terra
Moitas grandezas á Cruña encerra;
Ten un castelo d'a antiguedá
Que naide sabe decir de fixo
Quen fói seu dono nin quen o fixo,
Isto n'os tempos perdéuse xa.

Inda n'a Cruña hoxe palpita
O feito heroico de Maria Pita
Nome qu'a fama decindo vai,
Muller valente, xénio esforzado
Que d'a codicia d'o ingrés odiado
A patria sua soupo salvar.

Eiquí as horas fuxen lixeiras;
Temos rapazas xá casadeiras
Que son pombiñas d'iste pombal:
Teñen os ollos que botan fogo;
Non as miredes sinon moy logo
A yalma enteira ll'habrés de dar.

Ós pés d'o pobo desfánse as olas
D'o mar que sempre consigo a solas
Anque sin logro loita n'o Orzan;
X'o mar á Cruña ten seu encanto,
Ten a sua groria, ten o seu canto,
A luz, a vida todo n'o mar.
Vamos á Lugo, vamos alá.
¡Ala que xa!

Pobo en Galicia tan relembrado
A Xesucristo Sacramentado
Decote mostra n'a Catreda;
Iste é recordo d'unha victoria,
Cantan os cregos himnos de groria,
Brilan as luces n'o santo altar.

Ten unha antigoa forte muralla
Qu'está agardando qu'unha batalla
Os seus nemigos lle veñan dar;
Frorón antiguo d'o chao gallego,
Por entre frores dános o rego
D'a sua rica fonte Miña.

Xa non vos falo d'os menumentos,
D'as maravilas e d'os protentos
Q'ueiqui esparxidos se ven brilar;
Os que falúdes mal de Galicia
Si llo queredes facer xusticia
Sin perder tempo vide pr'acá.
¡Ala que xa!

VALENTIN LAMAS CARVAJAL.

(1) A capilla d'as reliquias.

## Rousalia Castro de Murguia

Aquela rula amorosiña, aquel rolsiñol d'istes vales, aquela reina d'a nosa fala, n-a que tantas vágoas d'a'egria soupo arrincar d'os corazons gallegos; aquela maestra d'os teoros cantares háchase magoada, fondamente dorida.

¡Nosa señora d'as Angustias a console, sau Antón bendito nol-a garde pra groria d'o chan galiego!

Ai non! Dios non chamará inda pra si á quen com' ela ten que cumprir-o seu apostolado, a mansion de facernos amal-o chao n-o que nacimos. Non; Rousalia non pode, non debe fuxir de nos, mentras que non vex'o sol d'a xusticia brilar sobre'os picoutos d'as nosas montañas; non pode, non debe fuxir de nos, pois á Dios pidíndoll'o es tán os pobos gallegos.

Véde la.... Alí está no seu leito «cal dorida pomba [1] que se pousou pra sempre, c'os filliños xunto de sí.... Queizais ôs seus ollos veñen teu ras vágoas qu' escaldan as suas meixelas, y ô seu pensamento recordos d' outro tempo, alayos d' outras múnecas soidades e melancolias! ¡Ela que ten n-as suas cauturias,—qu'arrecenden ós pinares e tomillos d'as nosas montañas, as troes d' estes xardins, com' as estrofas d' Osián.—balsamiño pr'o peito magoado pol a pena fres' o balo pe' ós beizos mazados e secos que solloron o repouso d'a vixilia d'a frabic' ou d'a chouza, cancións chens de valentes notas pra cantal-a libertá d'a pátria!....»

¡Qu'as oracións que raben ó ceo dend' os lares pátreos, misturadas c'as vágoas e sospiros d' os corazóns, cheguen o trono d'o Altísimo, e sean abondo pra conter unha vida que se vai, un aleito que s'acaba!

## AMORES E DOORES

### Balada.

Elvira, d' ollos azules
A mais garrida d' Aldán,
Entre uns olmos e abedules
Mui sentadiña n o chan,
Afloxida,
Doorida,
Pois do seguro penaba,
Así consigo falaba.

Son desgraciada, desgraciadiña,
En vivo, en morro tola d'amor:
¡Porqué te fuches miña diviña!
¡Porqué, me deixas con tal delor!
Rosendo hermoso, cantas contigo
Noites de luar viñas pasar
En falas doces!....¡ai, meu amigo
Qué triste agora vexo o luar!
N este soutiño, n-o bran pasado,
Sobre estas hervas e flores, si,
Ti me decias: ' meu ben amado
Eu vivo, eu morro, todo por ti!

D'esta rosiña que tanto quero
Nunca n a vida m'apartarei:
Sempre contigo vivir espero,
Rula, rulliña, rula d'o rei.»

¡Quen te oira
Almiña que amor me chama!
¡Quen te vira
Xunto de min n esta grama!
Sale a luna....
N é branca agora, Rosendo .....
¡Ai fortuna,
Que aquí me tês padecendo.
Quizá mira
esa luar en tal instante
E d' Elvira
S'acordará o meu amante.

Quizá non sea
Cal meu corazón desea.

Lonxe vai, tan lonxe, tanto!
Mais alá d'o mar profundo,
Alá n-o cabo d'o mundo
E si m'olvida n'é espanto;
Pero é delor para min:
¿Quen meu amor me levou?
Si non te vés eu me voi
D'o mesmo mundo hastr'o fin.

¡Mais....como vou!..son doncella,
Son filla de bendición.....
¡Ai que delor! ¡que pasión
Nascida con mala estrella!
Conque, ¡adios!
—«¡Adios!» oyen,
Sin ver quen.....s'espavoriza
Corre e encontra a Pastoriza
Que foi a que responden;

Pois creera
Qu' Elvira adios lle dixera.

Alberto Camino.

(1) *Lisardo Barreiro*: Unha visita á Rosalia Castro.

## AS PATACAS.

A nova recolleita alcóntrase á frol de terra: as bocas que han de comelas xa fai tempo que s' están abrindo. Bô é que algo vos diga d'as patacas, mantenza que inda que non a leve o estómago ven á ser un consumo diario entre labregos.

En boa hora vaya dito que non é por soberba: as patacas deberan empregarse n-a terriña pra cebar os porcos, pois como alimento de cristiano, cola porque non hay outro remedio; pol-o demais sin a compaña d' unhas magras de xamon ou d' unhos chourizos, como as xantan os que turran d' o sacho, atrousause n-as gorxas

As patacas n-as nosas aldeas cómense á ferrados: fan as veces d' o pan e d' a carne, pero nunca fan gracia. Hai labregos que ô verse diante d' unha fonte de patacas non poñen boa cara por moita fame que teñan: aquelò de comer sempre d' unha mesma cousa, ralla, e bótaulles a mau—

porque as patacas nin con tenedor se collen – como quen mete os pés n-a auga pra pasar un regato.

O negocio d'as patacas trabállase n-a nosa terra mais c' o sacho que c' os dentes. Dinantes de recolleitalas hay que facer moitas precuras; dempois de recolleitalas, logo se derreten en cachelos ou n o caldo, ou cocidas enteiras.

As patacas conteñen moita fécula. Ilastra o nome non é corrente nin fartulento

O labrego dempois de levar unha farta de patacas, qué lase como si lle deran unha malla de paus n-o lombo.

As patacas dempois que se dixiren, xuneras leve sinon se volven fume n o estómago, porque o fan inchar como si fose un grobo.

Asemél anse as patacas os que gobernan, pol-o moito que enchen e pol o pouco que compracen.

As carnes d' os que viven mau idos á patacas son carnes fofas, e n o seu cerebro nin xiquera brila o lóstrego d' unha idea: non é milagre, non se soupo que ningun xenio concebise un gran pensamento estando facendo a dixestion d' unhas patacas.

Foron nadas en mala terra pra que teñan bós feitos. Trouxéronnas os mouros ou d' alá viñeron elas de seu, pra que sean comida d' apetencia pr' os cristianos enxebres. A garamalla d' as patacas dáselle ô gando; a fror d' as patacas non cheira nin loce.

As patacas teñen ollos como o queixo cando é malo, e como di o refran, ollos que non ven corazon que non sinte, en o que ven á ser o mesmo pol-a nova filosofía, patacas cegas, noupeñadas n-o estómago.

Hainas fariñentas e nabudas, mais nin unhas nin outras pasan de ser patacas, ou mantenza de fanfurriña.

Pol-a mor d' as patacas, en opinion de un sabido d' aldea que non deixará de ter razon pois fala por espere cia, sentimos a morriña os gallegos, e vamos á pousos pol-o camiño d' o noso adianto: namentres se abuse tanto d' as patacas en Galicia, será un sono a cobizada union gallega, pois sendo un alimento que non s' achega ô corpo mal pode estreitar os lazos d' os espritos. Os ingreses teñen union e medran porque apenas proban as patacas. Os catalos teñen forzas pra traballar e póñense ricos porque solo comen as patacas por un antoxo.

En Galicia socede pol-a contra: o rayo d' as patacas son a caráutula d' o pan de cada dia, e ansí hay tantos rapaces co-a riquitis, tantas mulleres opiladas, tantos mozos con morriña e tantos vellos arrangallados.

Nin como industria poden pasar as patacas, porque dan moi o traballo e son de pouco proveito. Ningun labrador foi adiante por precuralas Mais valera que se botasen á lameiro os eidos en que se sementan. pois de daren ferraña poderian criarse mais touras d' as que se crian é teríamos a carne millor e mais barata en Galicia.

As patacas son n-a nosa mesa un nemigo d'a alma; estannos atentando sempre c'os recordos d'a carne, sobre todo cando as poñen solas n a fonte. O fume que botan cando teñen quentes é unha relembranza d'o fume d'o inferno As patacas fritas parecen espritus de condanados; as patacas cocidas ánemas d' o Purgatorio que agardan pol-a resurrección d' a carne; en cacoelos son com' os afrixidos pol os trabucos que dempois de ferver a cachon soltan o coiro a pouco que lles turren; patacas ô natural pasadas por auga c' unha area de sal por bautismo pra difrenciala d' as que se lle botan ós porcos n os barcales. As patacas que s' asan ô lume son patacas cesantes que por quentarse acostuman a queimarse, como lle pasa a algús empregados que por s' arrimaren ô sol que mais quenta déixanos pra que se pasen n-a borralla d' a cesantia.

As patacas son com' o mal, que son benditas cando non veñen solas. Bendito seas mal si ves solo! ¡Benditas seándes patacas si non vindes solas. e vindes n-a compaña d' as taladas apetecentes e suculentas!

Os labregos que van o rianxo c' un saco de patacas asemél anse á bestas de carga; levan moito peso pra non ganaren diñeiro. A todo valer un saco de patacas val dez reás, o alquiler de calquer faco por xornada.

As patacas fan como a mala erba que aixiña reverdece, a pouco que se garden n a bodega sáense e bótannos cada cria! As crias d'as patacas que groman son pérdas. N este caso as patacas acaban por onde deberan comenzar, por serviren de forraxe ós marraos.

O mais famento non pode levar unha farta de patacas, porque é comida que logo s' atasca n-a gorxa, e non corren sin que lle boten auga. Non falo de viño porque o mosto non fai migas co-as patacas n-a nosa terra. Os que beben viño apenal-as proban.

Tampouco é cousa que se poida gardar n-a faltriqueira pra lle levar como agasallo ós nenos d'a casa, porque as patacas dempois qu' enfrian poñense acedas

E que mais ¡a quén se lle pasoe pol-as mentres agasallar á ninguen c' un rega o de patacas!

¡Nin pra nutar o carro sirven estes tubérculos!

O dia que os gallegos comen menos patacas e mais carne, cando non se cozan tan a miudo n-os potes d' os probes, aquel dia será o Xénesis d' a nosa rexeneración, e cantaranos outro galo.

Deprendei de min, meus compañeiros de monteira si querendes ser outros. Como agora botandes os garabanzos n-o pote con conta e razon pol-os dias de festa, botai as patacas de hoxe en diante e non sintirendes tanta morriña nin terendes tantas xenreiras, nin pecarendes de cachazados.

¡Atracarme eu de patacas novas ou vellas, cocidas, asadas ou en cachelos! ¡Un demoro! Namentras se podia, as patacas nin velas, e de velas que sea por antoxo ou misturadas c'o compango, unha sola vez n o ano como se compre c'o precento ou dinantes si se correse o peligro de non ter que xantar outra cousa.

MARCOS D'A PORTELA

# N-A NOITE DE SANTIAGO.

A DORINDIÑA RODRIGUEZ.

Dorindiña, cantora feiticeira
D' isa terra quirida que relembro,
Déixame qu' hoxe d' entusiasmio enchido
Poña ôs teus pés un eternal loureiro
Que che entrego ô escoitar d'a tua gorxiña
Dolce armonía semellante á un eco
Baixado d'as alturas
Onde viven os anxeles mais ledos.
Perdóname si gabo o que ti vales
E si á falarche en verso hoxe m' atrevo,
Pois ô verte vestida de gallega
E cantando n-a fala que mais quero,
Sintin bulir n-o íntimo d'o espírito
Mil recordos suaris e mil afentos
Pol-a pátrea, o imán d'os meus amores
Unica inspiracion d'os meus concentos,
Esperanza, recordo,
Que sempre anima o meu galiego peito.
Canta así, miña rula; canta sempre
N-a fala cariñosa d'os suevos,
Y-entonces xuntarás ós trunfos todos,
Os trunfos pátreos, de valor inmenso
P'r'os que, cal ti deseau
Inzar de grorias ô solar gallego.

M. L. F.

A IÑIGO VARELA.

¡Ouh garrido canto! ¡quen pensaría
Qu' esfarrapando d'a ignorancia o manto,
O eco d'o teu canto
'O ceo subiría
Espallando n-os aires armonía?
Casi ninguen teu nome coñecía,
Cando de pronto sin saberse como,
En alas d'a tua nova fantasía
Tras d'a fama, miramos que voache,
E d'o xenio n-o campo te lanzache
Con paso inui lixeiro,
Buscand'o seu arcano eo seu misteiro.
O pobo que t' aprauda fervoroso
Admir' o teu craro entendemento
Xuntiño c-un porvir esprendoroso.
Por tanto, sigue sempre ese carreiro,
Que despois d' alcanzar pa'mas é groria
N-o mundo, donde ti mismo te espallas,
O teu nome ha de verse aló n-a hestoria;
Pois d'o xenio val mais unha vitoria
Qu'os sanguentos loureiros d'as batallas.

S. C.

## OS DOUS ABOGADOS

(CONTO XURÍDICO-RETRANQUEIRO.)

O señor Xan è un labrego que sabe onde ll' apreta o zoco, [pois non poden magoálo os zapatos porque non os têu]; usa patillas semellantes á dous lacôs de Lugo, cirolas d'estopa, potainas de burél con botós de ferro, y-un sombreiro coro de fume, dexeneracion de cando era branco. En canto ô físico direi solasmente que se parece moito ô tio Marcos d'a Pitela, residente n-a Habana; è decir, que vos è un home de retranqueiras e sabidencia orixinal.

Háchase casado e tên dous fillos: è binculeiro d'os arcos daclos, anque non pode estirar moito o pé, pol-amor de que a manta non pasa de cinco de longo.

Non hai preito nin xunta, loita nin desúsion n-o auntamento n-a que il non meta baza. Sabe escribir un pouco, e leer algo mais, o tên metida n-a chencha os espritos d'as leises [falando xurídicamente] feitas dend'o tempo d'Enrico. Tamén entende algo de relixion anque os cregos, pra non prevertirlo, non lle premiten mais periódicos que a suscricion á Bula d'a Santa Cruzada.

N-o fondal d'a cira d'o noso personaxe, encón trase o pazo d'o *abogado de verdá*, don Costante Candelas andalús de nación, e mais fuchato qu' as figuras d'o Canton Grande d'a Cruña. A'storia d'este home—on señor, fora a yalma—está un pouco lixosa, pois, ô decir de moitos v ciños, non tiña mais bês cando veu pr'a vila q'unha *pompona* (sombreiro) boa pra gardar mazarocas, y un traxe de fufá ou lilaila; y-agora tên pazo n-a aldea y-outro n-a cibdá, y-axiña tera tamén o título de Marqués, que n-os tempos que levamos adequírise como quen merca unha cuxa.

Ben podía aforrar o decir que o tio Xan e don Costante entrambos á dous abogados, lévanse com'o can y o gato principalmente dende qu'o primeiro lle deu unha leucion d'abogacía que non enseñan n-as cátedras, nin o xurisconsulto señor Abel'a lembra en ningures d'os seus libros.

Éravos poil o caso de q'a horta d'o andalús que lindaba co'a d'o noso chumruscheiro labrego, tiña unhas cerdeiras que pol-o medio dia daban sombra de tal maneira n-o predio veciño, que non deixaban lograr froito d'o que alí se prantaba. O noso peisano fixo ver á don Costante o mal que tales arbres facían, e que encontrándose á unha vara d'o lindeiro y-ô lado d'o *saliente*, non era de lei o que s'houberan prantado alí as cerdeiras etc.; pro nunca lle fixo caso algún, c'o gallo de que ô probe non dan a razón os caziques.

—¡Qué caracho, señor!—decía o tio Xan un dia en que pasaba por debaixo d'os arbres de que falo;—¡qué non hei de tumbalos! Non podo sementar nada preto d'istas malditas cerdeiras; pro.... pol-a noite pensarei pra ver d'atopar algunha retranqueira.

En efeuto; debeu d'encontrala, pois ô dia siguente decíalle ô seu compadre Chiuto:

—Mañan tês qu'ir á vila, y estimaríache que me fixeras o favor....

—Si podo, ti xa sabes....

—Irás á onde un abogado á buscar unha consulta.... (o tio Xan rasca o curuto d'a cabeza) pro.... o abogado é que sea don Costante ¿entendes? Ti farás a pregunta tal como eu eh'ó vou á decir: atende; dirás eisi. "Don Costante, teño unha leira ô lado d'outra d'o meu compadre Xan, y-a d'este tên os arbres que dan sombra n-a miña

de tal maneira que non me deixan lograr froito algun. Eu quería saber si podo ou non tumbalos, pro.... pol-o que poida suceder deseo que vosté me dea un *parecer* por escrito, sin citar uo mes." E darach'o escrito, pol-os cartiños, por decontado, e logo dasmo á min.

—Mui ben; non sendo mais que así. Pro tên eu conta que como che quêr mal, vai a dar ô vultuntum o parecer de que se túmben.

—Cantél Compadre!—dixo o tio Xan ô ver que a consulta iba de camiño a dar os resultados cobizados;—ti descoida; fai como eu che mando, e ganarás....

—Fecha a boca, qu'eu non trafico qu'os amigos.

O outro dia pol-a tarde xa volvía Chinto c'o parecer d'o abogado; tan luminoso por certo, que despois de citar as páxinas ond'estaban os artículos d'a lei y-os nomes d'os qu' escribian á exposicion ou prólogo—cousa de moda n-os tempos que córren, principalmente pr'os qu'escriben pol-a moderna non querendo nada que cheire á vello—decía que habia direito á trouzar os arbres.

Cando o tio Xan colleu n-as maus o papel non acougaba de contento. Xa podía tumbar as cerdeiras, y-o abogado *lido* non podería queixarse, e si o facía peor pra il.

Sin dar tempo á nada colleu un serrón y un machado, y-acompañado d'un d'os fillos, fois'á leira de don Costante, e.... *prin*.... *pras*.... trouzou as cerdeiras.

Pasados catro dias, o alguacil citaba ô roso labrego pra que fose á un xuicio ou crella presentada pol-o abogado. O tio Xan nón desinou home bô - que moitas veces salen peor qu'os mesmos demos-e fiou a vitoria n-as retranqueiras de costume

Xa temos ô demandante e demandado n-o Xusgado de Paz, - como entón se chamaban, e cuyo nome lle sacaron con bastante acerto pois casi sempre son Xusgados de Guerra —O abogado retorce os bigotes con cirimonia que quêr decir: "voute á amocar", y-o señor Xan está facendo rayas n-o chan co'a moca como agardando o momento d'a vitoria. Despois de que o acusaron e de que o abogado ceibou unha parola xurídica de primeira fila pregunton o xues ô demandado, que contestaba ás acusasiós.

—Eu....—comenzou éste a decir con calma própea d'os picapreitos—è verdá... cand'un está n-o seu; cando a razón está d'o meu lado.... porque, sepa vosté....e dispense....que si tumbei as cerdeiras non foi por mal querencia, porque, así Dios me leve si querº mal a vicho viviente. O señor, don Costante, non p de decir, nin debe decilo que fixen mal e qu'eu non estaba dentro d'a lei.... porque, como iba decindo, il mesmo - e dispense, meu señor,—deu un pa el, que pido cóste en autos e se una ô espediente, n-o que dice que se poden tumbar.....

E decindo esto amostrou a consulta firmada por don Costante, u a que daba o parecer que xa coñecemós, e quên, ô vela, morden os labios, retorceu de novo a banda direita d'os bigotes, e dixo:

—Zeñorez; ezto debe arreglarze en paz y en grazia de Dioz

—Logo....todo s'acabou.....

—Ci, Ceñó.

—Está d'a miña conformidá,—dixo o tio Xan,—pero suprico que se me dea un certificado d'o arreglo.

—Darácelle o certificao.

Todo saleu como esperaba salise o abogado de silveira, que lograba co'esto un triunfo dino de Licurgo.

—Uste veu couza como cha?—dixo o andalús ô quedar solo c'o Xués.—Usté vé como un abogado de zilveira ze bu ron de min?

—Ben ô vexo, don Costante; os gallegos, aunque non vayan ás cátedras, saben facer chuscadas á mesma estrella d'a mañan.

K. Noto.

*N-a Habana: Santiago de* 1885.

## CASOS E COUSAS

Todol-os peródicos d'a Habana, menos un que se chama gallego, pro que non o é por razós que me gabo de calar anqu'as teño metidas n-as alforxas pra cando s'ofreza sacal-as ô sol, saúdaron o nacimento d' A Gaita con tenros agasallos.

Dedicounos unhos versos
Desd' *O Xeneral Tacón*,
Durante, rapaz enxebre,
Español de curazón,
Poéta d'os inspirados
E muy valente escritor.
Tamen o ledo Galiño
Desd'as colunas d'a *Voz*
A nosa Gaita Gallega
Feiticeiro saúdóu.
Sigueille logo *O Diario*
*D'a Marina*. Mais despois,
E decir, logo mais tarde,
Un semanario d'os bos,
Por *Heraldo* conocido
E d' Asturias defensor;
*O Eco* d'o Señor Insua,
*O País*, *O Español*,
*A Lealtá* de Cienfuegos
*D'o Guaso* a labrega *Voz*,
A *Familia* de Matanzas,
De Güines a leda *Unión*:
Y-en fin os colégas todos
Que se publican acó,
Menos o gallego ese
Que dis naceu en Ferrol
E que non ten pol-o visto
Anaco d'as condicións
Que teñen os bos gallegos:
Cortesia e ledo amor
O idioma d'o Rey Sabio
E Rodriguez d'o Padron.

÷

Ese mismo peródico gallego (sic), que non nomo por non pringar o fol d'a nosa Gaita y-a quen desd'hoxe retiramol-o canxe, di n-o seu último número que *Puebla de Sanabria* pertenece á provinza de Lugo, sendo que corresponde á rexion d'as Castelas (Zamora); que *Viana* é partido xudicial d'os d'a Cruña, sendo d'Ourense; que

*Villalba* tamen é d'a Coruña, sendo de Lugo; e que *Pontecaldelas* corresponde igualmente á nosa provinza d'a Torre d'Hércules, perteneciendo a Pontevedra

Vayas'a escola
Don barrufeiro
Que lle fai falla
Pasar un tempo
Con-as gallegas
Ad-prendendo.
Vayas'a escola,
Vayase pres o,
Vayas'axiña,
Vayase ledo,
Pois en lle xuro
Diante d'un leño,
Qu'usté non sabe,
(Y-aposto un peso)
De geografía
Nin un pimento.

÷

Fai unhos poucos dias que s'atopa entre nos un enxebre gallego, Pepe Bouchet, pintor d'os de primeira, discípulo agasallado de Blanes e que fixo os seus estudeos n-a escola de pintura qu'hai en Roma.

Foi aló pensionado pol-o goberno d'a Repúbrica Arxentina, é decir, alcanzou d'o goberno d'a Prata o que quizais n'alcanzara d'as Diputaciós provinciás de Galicia.

Pepe Bouchet, distínguese, sobre todo, n-os retratos ó oleo sacados d'o natural. Boa ocasion pra que se faga como Dios manda o busto d'o señor Ruibal qu'o *Centro Gallego* dispuxo colocar n-o albergue d'a sociedade.

Debe facer tal traballo
O pintor Pepe Bouchet,
Qu'é un pintor que non ten hoxe
Quen lle poña diante o pé
N'ista terra d'o azucre
D'o tabaco e d'o café.
¿Oyenme señor Riveiro?
¿Oyenme? Pois abofé
Que si m'oye, lle regalo
Anque non queira vosté,
Un fungueiro de sanguiño
Catorce cunchas de mel,
Un chaleque acotonado
Y-unhos percebes que ten
Aló n-a fonda *Suiza*,
Un rapaz para vender.
¡Ay quen-os vira, caruños!
¡Ay quen-os vira! Canté.

÷

Algus caixistas d'esta insua estanlle roubando á Sarmento, o de Bos Aires, unha d'as suas especiás mañas; a de reformar os idiomas.

N-os cartés que se fixaron n-as esquinas d'as ruas d'a Habana anunciando a función de Santiago, puxeron pol-a sua conta, *muñeira*, en vez de MUIÑEIRA.

Que s'escribe *muiñeira*
Probou Ruibal
Unha vez que fixeron
Burrada igual.
Non se repita
Por amor ô idioma
De Maria Pita.

÷

Sin decir de dond'os sacan, algus colégas d'os adreutos d'a insua, pubrican articulos e poesias que foron insertos n-o *Eco* d'o Sr. Insua, algunhos, mediant'os ochavos,

Tamen n'outras partes socede o mesmo Qu'o digan sinon os siguentes escritos; *María Castaña*, *Santuario d'os Desamparados en Abades*, *Meus apuntes: Vigo*, *María Pita* etc, etc.

De modo e mais de maneira
Que teñen unha tixeira
D'as de *fror*;
De modo e mais de maneira
Que teñen mais tragadeira
Qu' un buzón.

÷

N-o primeiro número d'a *Galicia*, churrusqueiro periódico de Ferrol, veu a luz o pequeno artículo inserto n'outro lugar e que leva por título *Rosalía Castro de Murguía*.

A nosa GAITA
Conforme está
Con tal traballo
Escrito alá
N-o pobo enxebre
D'o arsenal,
D'a rica eirexa
De San Xulian
E mais d'o dique
Fenomenal
A donde levan
Para limpar
Os barcos todos
D'a escuadra real.

÷

N-os istantes en qu'escribo, de presa e correndo, os *Casos e cousas*, andará de zeca pra meca, pol as ruas d'a Vila d'Ortigueira, repinicando a gaita, meu tocayo Chumiu o gaiteiro de Vale.

É qu'aqueles bos labregos
Mui gallegos,
Festexan a Santa Marta
Patrona mi'agrosiña
D'a Vilña
Conocida pol a farta.

—

En non poido e deseara
Irme para
Dond'a Santa se festexa.
Teño soïda por vel-a
Pois por ela
Sempr'o curazón latexa.

—

Pol o conún
D'a verde Erin
A morte o fin
Verá

CHUMÍN.

IMPRENTA D' "A CORRESPONDENZA DE CUBA"
Rua d' Obrapia núm. 24.

# A GAITA GALLEGA.

REPINICA MUIÑEIRAS, FANDANGOS Y-ALBORADAS, UNHA VEZ 'O MES.

Direutores, Redautores y-Adeministradores:

Chumín de Céltegos. Roque d'as Mariñas.

ANO PRIMEIRO. N-a Habana: 13 d'o mes d' Setiembre de 1885. TOCATA TERCEIRA.


## A FALA GALLEGA.

### I.

Si nos fixamos un pouco n-a'storia e desenvolvemento d'a nosa língua, que ven á ser a'storia d'a literatura e pol-omesmo a medida d'a sabidencia d'o pobo, entenderemos sin moito traballo, que nunca foi de mais importanza a nosa terra como n-aqueles tempos en qu'o gallego era a língua literaria n-as Castelas y-a lingua literaria e popular n-o oucidente d'a Ibeira.

Por razós que non son d'este lugar, e que n-outra ocasion trataremos, a fala romano-galaica volveu á encollerse ô curruncho onde era nascida; e mais tarde caéu en tal decadenza que soilo era usada pol-os labregos y-artesás, e deslembrada d'a literatura hastr'o estremo de que moitos lingüistas a aldraxaban poñéndoa n-a crâs d'os dialeutos.

A nosa decadenza foi súpeta, e obedeceu mais a isto que á outra cousa. Os poetas gallegos, que podían atopar a verdadeira inspiración n-a lingua gallega, que tan en carauter s'hacha c'o noso xenio, traballaban o castelán facéndose poucas veces notabres.

Este sigro, que si non é o d'as luces é ô menos o sigro d'a loita entr'as crênzas vellas y-o novo progreso, e que segun o paso en que camiña leva o xeito de facer morrer tod'o tradicional, fixo qu'os pobos volvesen o carís ô pasado, e, sin detrimento d'a axuntanza d'a nación, ollasen pol-a sua vida, pol-as tradiciós, pol-a lingua, por tod'o que lles é própeo, e pol-o mesmo mais fácile pra camiñar pol-o carreiro qu'o progreso lles asinalaba.

Galicia non foi insensibre co'iste santo movimento. Tivo fillos antusiastas, qne anque non hachasen mais groria qu'a de provincia—anque a nosa e groria de pátrea—precuraron decote pra erguer a fala d'a deixades en que se tiña. Eles, traballando sin agardar ningun pago, sinon c'o disintrês de verdadeiros petrucios; eles, desenterrando d'o pasado as nosas tradiciós, y-amostrando ô mundo a lingua mais dolce enxendrada pol-o latin e greco e misturada c'o célteco, firindo os nosos ouvidos c'os sôns brandos e melosiños própeos d'o gallego; analizando a'storia, facéndonos ver o qu'éramos, o que somos y-o qu'estamos chamados á ser, antusiasmaron os nosos peitos, e devolveronos unha pátrea, unha lingua, un orgulo que parecía deslembrado de nos pra sempre.

Rousalía Castro, Alberte Camino, Cid Rozo, os Igresias, Pondal, y-outros mais qu'agora non lembro, foron os primeiros apóstoles os primeiros rexeneradores d'a literatura que dera vida n-un tempo â de Castela.

Os bos resultados non se fixeron agardar. Os gallegos collimos d'aquela ese orgulo que ven á ser decote o cimento d'o mais antusiasta cariño pol-a pátrea. Xa nos considerábamos estonces tanto com'os catalás, e mais que moitas rexiós d'a España. Ese novo renacimento comenzou c'unha subrevación que levaba n-a bandeira un letreiro cuyas palabras ainda resoan hoxe n-o fondo d'a yalma com'a lexana voz d'a mais leda espranza:

España, que hastra estonces non tivera mais que desleigamentos pra nosco, fixou en Galicia a sua atencion, mirando, sinon con medo, ô menos con respeto à nosa quirida terra.

O mesmo Castelar, ô ver o noso renaci-

mento, dixo: «Non-os deslembremos que fai pouco tempo q'un escritor d'o reino veciño trazaba unha nacionalidá literaria composta de portugueses, brasileiros e gallegos. Istas cousas podían maxinarse qu'eran toladas d'a chencha cando non viñeran ainda harripiadas crisis, e non se viran certas tendenzas que poden volver mañan....»

Pra finar: Galicia foi grande e fíxose respetar, cando volveu os ollos ô pasado e comenzou a cultivar a lingua de Rousalía.

Sigamos nosoutros os pasos d'os nosos primeiros poetas, xa que non con tan bon xeito, con fé, que c'un solo grau d'ista, como dí un relembrado escritor, pódese cimentar un mundo. A nosa rexeneracion debe ser fundada n-as nosas cousas pra que sea dina de nos e puramente gallega. C'a nosa lingua, chamada por moitos a mais dolce d'o mundo podemos facer unha literatura muy rica. Deixémonos de charaviscadas própeas d'os que, anque queren â terra, non soñan n-a Suevia enxebre: sigamos pol-o camiño que outros nos asinalaron, hastra que poidamos decir com'o relembrado tribuno: (1) «Xa non somos us poucos, somos us moitos; xa non somos un fato, somos un exército; xa non somos unha secta, somos unha relixión; xa non somos unha tribu, somos un pobo; xa non somos unha escola enteca, somos toda unha literatura.»

ROQUE D'AS MARIÑAS.

## O GUEITERO.

"Sempre pol-a vila entraba
Con *aquel* de señorío."
(*Rosalía Castro.*)

Déndesd' o Lérez lixeiro
As veigas qu' o Miño esmalta
Non houbo n'o mund' enteiro
Máis arrogante gueiteiro
Qu' o gueiteiro de PENALTA.

Sempre retorcend' o bozo
Erguida sempr' a cabeza,
Daba de miral o gozo.
Era un mociño... ¡qué mozo!
Era unha peza.. ¡qué peza!

Despois d'o tempo pasado,
Pasado pra non volver,
Com' on profeta ispirado,
Inda m'o parece ver
N'a festa d'o San Trocado.

Calzon curto, alta monteira,
Verde faixa, albo chaleque
Y-o pano n'a faltriqueira,
Sempre n'a gaita parleira
Levaba dourado fleque.

Non houb' home máis cumprido
N'o mundo, de banda á banda,
Nin rapaz máis espilido,
Con máis riqueza vestido,
Nin de condicion máis branda.

Pr'as festas e romarías
Chamado, todol os dias
Topábase donde queira,
Anque por certas porfías
Solo tocaba a muiñeira.

Pois, como poucos teimado
Cand' unha venta lle pega,
Xura que, pr'o seu agrado,
Non se ten ind' enventado
Música como a gallega.

Neno er' en cando él vivia,
Máis non-o podo esquecer.
¡O qu' él n'a gaita sabia!
¡O qu' él c'os dedos podia
N' aquel punteiro facer!

Cando n'as festas maores
Era esperado o gueitero,
Botábanll' as nenas frores,
Ledas copras os cantores,
Foguetes o fogueteiro.

Tras d' él, en longa riola,
D'a gaita o compás levando
Con infernal batayola,
Iban correnđ' e choutando
Os rapaciños d'a escola.

Nunca se puidio avriguar,
Véndolla repinicar,
Por qué, o son d'a gaita ouindo,
Cantos bailaban sorrindo,
Acababan por chorar.

Pero cand' él n'o turreiro,
Cal n'a tré'bede a Sibila,
Pegaba o pio primeiro,
Daban ó vento o sombreiro
Todol-os mozos d'a vila.

Comenzado o baile enton,
Cansa era pr' adimirar
Aquel sembrante bulron,
Aquel aire picaron
Y aquel modo de mirar...

Y-era de ver con qué trazas,
Sin facer pausas, nin guiños,
Nin caso d'as ameñazas,
Furtaba un bico ás rapazas
D'os noivos diant' os fociños.

Ninguén soubo frolear
D'o xeito qu' él froleaba:
Verll' a muiñeira botar

(1) Balaguer.—*Discursos Académecos.*

Era unha nube mirar
D' anxeliños que pasaba.

Xentil, aposto, arrogante,
En cada nota o gueiteiro
Ceibaba un limpo diamante,
Que logo n'o redobrante
Pulía o tamburileiro.

¡Qué Orfeo se lle igualaba,
Si mesmo, dentro d'o fol
Que c'o cóbado apertaba,
Parecía que cantaba
Escondido un rousiñol!

Músic' ón tempo e poeta,
Algunha fada secreta
Tiña con que comovia.
Pois nunca d' unha palleta
Saíu tan doce armonía.

Tocaba.... e cando tocaba,
O vento que d'o roncon
Pol-o canuto fungaba,
Dixeran que se queixaba
D'a gallega emigracion.

Dixeran que esmorecida
De door a Patria nosa,
Azoutada, escarnecida,
Chamaba, outra *Nai chorosa*,
Os fillños d'a sua vida...

Y-era verdá ¡Mal pocada!
Contr' ou peneelo amarrada,
Crabad' un puñal n'o seo,
N' aquela gaita lembrada
Galicia era un Prometeo.

Un Prometeo cantando
Eternas melanconías;
Sempr' un consolo agardando
E sempr' as bágoas chorando
D'o desdichado *Macías*.

Por eso' cand' á tocar
Se puña o gueiteiro lindo,
Cantos viñan pra bailar,
S' escomenzaban sorrindo,
Acababan por chorar.

Por eso en vilas y-aldeas,
Por xentes propias y-alleas
Era aquel home estimado,
E por todos saudado
En camiños e vereas.

Por eso, dond' él chegaba
Dábanlle citas d' amores
As mozas por qu' él tocaba,
E sempr' á mesa xantaba
D' os abades e priores;

Que dend' o Lérez lixeiro
Ás veigas qu' o Miño esmalta,
Non houbo n'o mundo enteiro
Máis arrogante gueiteiro
Qu' o gueiteiro de PENALTA.

M. CURROS ENRIQUEZ.

## A TOLA D'AS ONDAS.

### A AMADOR MARAN, Y-A LISARDO UP.

A vosontros que com' a min levades acesso n-o fondo d'a vosa y-a ma o fogo á cuya calore viven a renóvanse de cote os mais fondos sentementos d' amor e ben querencia pol-a nosa querida terra, dedícovos este traballo que, como cousa miña, e probe, homilde e mais cativo.

*Francisco Lourido.*

Era de nóite e chovía, chovía sin compasión, a xarros. Por eso, e por non molarme, tíven que meterme debáixo d' unhas penas que como cresta de galo, escaleiradas e puntagudas, érguense xuntas n-a mesma orela d'o rego d'a areoura.

O tempo qu' estiven ali, n-o que pensei y-o que fixen, non o sei; recórdome tan sô que cando vin á pordecatarme iba o carriño pol-a cúme d'o ceo, qu' os galos cantaban n-as aldeas de Vilasindre, Burela e Vilachá, qu' o mar bruaba e estrelábase con forza n-a veciña aréa y-as augas corrian e borbollaban pol-as rodeiras d'o camiño abaixo.

'O fin, e como rato qu' atisba, saquéi a cabeza polo furado d'a coba, y-ó ver qu' escampara botéime mesmamente d' un salto n-o camiño.

A nóite, por eso, estaba ainda negra e medoñenta; así e todo saquei á andar, y-a andar tan axiña é tan de presa como as miñas forzas m'o premitían.

Pro cata qu' á pouco d' esto ouvin un canto, pro un canto tenro....doce.....suave e desmayado.

Era o alalaá cuyas brandas é melancónicas armonias voaban espalladas pol-o vento n'a valeira imensidá d' aquela nóite calada é paborosa.

Todo harripiado é sobrecollido pol-a máxica podrosa d' aquel canto, paréime sópeto, e sin tomar alento, quedo, quediño, púxenme á escoitar aqueles sons, qu' acababan solouzando céibos por enriba de toda-l as cumes é rilleiras.

Saído qu' houven d' aquel éstases, reposto de todo e dono de min, prodecatéime d'o que me pasaba, volvin a escoitar de novo, e cabizando saber quen cantaba d' aquel xeito, n-aquel sitio y-aquelas horas, botei á andar pra contra d' aréa onde escoitábase ou parecía escoitarse aquela voz.

Cheguei.

A pouco tréito de min, de pé, cábe d' as ondas y-ó rente d' unhas penas, vin á unha muller.

Aquela muller era á que cantaba o alalá, ise canto qu' apréix' e recolle n'un solo féixe toda-l-as cóitas y-alegrias d'o noso pobo.

Pro pra mellor ademirala e poder ver en que paraba aquelo, púxenme de modo que non botara de verme.

Así fói y-así me estiven algun tempo. Y-éla, namentres, seguía cantando, cantando sempre. Y-aboté que daba gusto de vela, deréita como estaba, cos brazos en cruz fixa, inmobre, car'o mar de costas pra min. ¡Dixeráse qu' era a encarnación batente d'as mellores obras d'o cincel pagano! ¡Qué cabeza! ¡Qué centura! ¡Qué cadris! .....¡Qué corpo de muller! ¡Eu estaba tolo, tolo de todo! ¡Y-exquencinme de min, e d'o sitio, e d'a hora, e de canto o meu redor facía!

Pro a pouco d' esto calou, deull' o mar as cos-

tas e quedamos cara a cara. Eu asusteime cru que me vira, e dixme por perdido; pro por fortuna non foi así, pois tan logo como deu volta, arrodillóuse e púxose a rezar.

Estonces alentéi, a'entéi e vendixen a miña sorte o ver qu' aquela mu ler tan guapa, tan garrida tan nova, tiñaa diante, á pouco treito, ô reute, rentiño de min.

Pro d' alí á pouco ergúeuse, parouse sópeto n'a area.

E cruzou de novo os brazos. e baixou a cabeza. e ceibou un laido triste, fondísimo, mollado por duas vágoas cristaiñas e tembrantes como gotas d' orballo.

Aquel laido, aquelas vágoas, a gárrida xuventú d' aquela muller....sua tristura esquencemento e soedade en que facía, déronme tanta lástema, despertaron n-o meu peito tan fonda pena..... que corrin pra cabo d' ela,e sin coidarme d'os meus propósetos, nin detérme siquera á pensar qu' a miña presencia por forza habia de cambear aquela escena, preguntéille, anque tembrando, o que tiña e por que choraba.

Ela, entón, sin responderm' unha palabra, nin móito ménos mostrar estrañeza ô verme de sopeto, ollóume de riba pra baixo, erguéu os ollos ô ceo, ceibou un laido' e miráudome fixa, atenta, sin parpadexar, dixome:

—Direicho, pro antes sentemonos. ¡Estou tan cánsa!

Dito esto, sentouse.

Eu sentéime taméu, e púxenme de modo que poidera vela de cheo, ô meu gusto. Y abofé qu' era-o que se dí toda unha moza de móito peso e móito vulto, garrida feiticéira si has hay.

Tiñabo-l o pelo negro, algo creicho, muy longo, e muy espeso: a sua testa era branca e páleda como, a lua, negras e un pouquichiño combas as suas celias, dereita a nariz, pequena a boca, roxos, acesos, agullados os seus beizos, cativos os dentes, ámprea a gorxa, aquela gorxa tan branca com' a neve e logo us ollos!.....¡Qué ol'os, lentor, que ollos aqueles!.....¡Aqueles ollos falaban, xemian!.....¡facian de todo, de todo abofellas.

'O fin, e com' aquel que se des'ai de tristes e coitadas remenescencias, díxome:

—¡Si, sí, diréicho todo! escóitame!: Non quero, por eso, nin-o estado d'o meu esprito dariame tempo e calma pra facelo, pensar antes, nin móito menos descurrir tocante d'a miña situación preto de ti; po-lo tanto, e deixándome levar pol-a corrente d' os sucesos, vou, sin esforzo nin pena, a decirch' o qué teño e por qué choro.

Escóitame logo.

Fai catr' anos que n esta misma area, perdín, despois d' os meus pais que Dios teña n-o ceo, mal pecadiños, o qu' eu máis queria n-este mundo.

Por qué, e como fôi, vou decirch'o agora.

Nascida e criada en Foz, horfa ôs dazaóito anos, sin amparo desde entón falta d' arrimo e de quen por min fora n-este mundo, atopéime, com' aquel que dí, tirada n-os primeiros comenzos d'a miña vida, sin saber que facerme, nin-o camiño qu' había de tomar.

Cega, cegniña de todo pol-as brétemas de aquela nóite sin têrmo, cuyo lóito e tristura imensa cubríanm'o esprito con sudario de morte; cánsa, sin forzas ni alento pra resestir aquel golpe rudo e de sópeto recibido; medosa de min e de canto me rodoaba.....cérrei os ollos e deixéime caer n o léito, n-aquel léito que desde entón empezaba a ser o triste e frio confidente d' unha probe horfa.

Pro Dios que da a chaga da o remedio.

Por unha d' esas transiciós, de que adoito e por natureza somos obxeto, insensibremente e pouco á pouco funme amañando c' aquel novo é repentino cambio d'a miña vida.

¡Sempr' o desconocido tén pra nosoutros dozuras incónitas, porque n-o fondo d'a penumbra creemos ver algo d'o móito qu'o noso esprito cobiza e vai buscando por enrramallados camiños!

Por eso e porque n este mundo n' hay nada perene e duradeiro, aquela miña tristura e desconsolo foron como nubres qu' arremprux' o veuto correndo sempre e de seguido pra contr'o ocaso d'as miñas penas.

Esto non quer decir que dia por dia e noite por nóite non puxera n'o altar d'as miñas devociós as pregarias ferventes que desd' entón tribútolle ôs meus pais que en paz descansen; si: Dios e mais eles son testigos d'o que digo.

É o caso que desd' entón botéium' a coser por fora pra pôr atender âs miñas necesidades, traballo que me viña d' encrino e qu' ademais sabia facer bastante ben, gracias á miña nai que me enseñon; así é qu' o pouco tempo era a costureira máis nomada e conecida en Foz.

Querida, querente, gasalladora e de todos agasallada, sentía, sin ânsias nin penas, esbarar á miña vida pol-o agro frondoso e ben regado d' a miña xuventú.

D' este xeito pasaron dous anos.

Pro unha tarde, cosendo eu en casa de Mañon, vin un forasteiro.

Non sei como nin porqué ollámonos de camiño.

Eu baixei os ollos e seguín cosendo....

El....el non sei o que fixo; o qu' é certo, o que recordo como si fora agora, é que—ó erguer os ollos pra miralo de novo, atopéime c'os d' él, abertos, fixos, crabados en min.

Aquel modo d' ollarme, fíxome dano.

¡Era, pecadora de min, á primeira vez qu' olláballme un home d' aquel xeito!

D' alí a pouco fóise, e eu quedeime pensando n' él, n' aqueles ollos y aquel xeito de mirarme.

Dia por dia nóite por nóite desperta ou dormida, soñaba, pensaba n aquel home.

Canto facia por esparexerme, de nada me valía

Aqueles o los grandes, negros, tristes, de reposado e fondo mirar, seguíanme, alouminñabánme de cote.

Estaba de Dios!

Tiña qué ser así!

N' habia máis remedio....!

Así pasaron pra min catro meses, pensando n'él.

Pro unha tarde ¡bendita tarde! atopámonos vindo d' o Bispo Santo.

El, de pagarlle unha promesa ó Santo milagroso; eu, de pagarll' outra.

Cánsos d' andar, sentámonos n-un cómaro, y alí, baixo d' unha pagá y ó rente d' o camiño, díxome:

"Rosiña: fai pouco tempo que te vin en casa de Mañon, ¿acórdaste?

Ti cosías e eu parolaba con Federico e mais doña Teresa.

Por éles e pol-a verba que tivemos, sabes que sou home de mar.....patron d' un cachamarin... pouca cousa por certo pra cobizar ó que cobizo.

Nada che díxen, verdá-é, pro os meus ollos buscándote de cote y-a furtadelas, falaban por min, dicianch' o que sentía e habia de sentir dend'aquela tarde.

Home de mar, afeito de loitar co-as ondas y os ventos irritados, non sei, n' adeprendín á decir mais que o que sinto, nin de verbas nin de rodeos entendo, ¿quéres pol o tanto, sel-a miña muller, Rosiña?.....

Viute dias despois, xuntos pra sempre y-en preo goce de unha felicidade por ambos cobizada, embarcábamos en Foz con destino o porto de Bure'a.

O sol agachábase trás d' os picos, y-a tarde estaba triste e melancónica.

Pouco á pouco e empuxados por un terral endebre e sofocante, saimos dó porto, pasamol-a barra e puxemonos en franquía.

Pro a pouco d' esto comezou a cabecear o cachamarin, o ceo oscurecéuse, o vento acoubou, y-a tarde, antes garrida e feiticeira, púxose d' un cór que daba medo.

¡Eu nunca tal vin! ¡Terra, mar e ceo vestían de loito, arroupabanse con nubres de caris cincento y arripiante!

Namentres él, o meu probe Roque, de pé n-a popa d-a cachamarin, ollaba pra todas partes e perguntábase que faría. Virar, ganal-o porto... eso n' era a sua corda, n' ostaba n-el. ¡Qué dería Foz!.....que os seus compañeiros? Non, o qu' e eso....¡antes morrer! Roque, o lobo d'o Cántabro o mais valente é esperto d' os mariñeiros de Burela, (1) non sabía, non podía recuar.

N-esto veu unha racha de vento forte, sópeta, y estremeceo, fíxolle ganir o cachamarin.

Roque astonces botou man o timon, orzou, pux' o barca en bolina; pro ainda máis forte, máis furacanada, ven outra racha o levou o trinquete.

Roque botou un xuramento.

Eu asustéime collín medo.

¡Era a primeira vez qu' oía xurar á Roque!

O mar, namentres bruaba, ruxía, retorcíase coma unha cobra.

Pro Roque.... Roque estaba ali, encorbado, retorcido o corpo.

Co-as maos n'o timou, páleda a testa y-a mirada acesa, loitaba, revolviase coma un titan contr' á furia d'o mar e mais d' o vento. Non!... aquel n' era un home: ¡er' o xénio endómeto e fero d' o mar qu' azouta as nosas costas!

Pro cando víñamos frente d' esta misma area, unha grande, créspa y-escumosa, barreu c' o-a mura de popa, crebou o timon, e logo.... ¡probe Roque!.... ¡Diolo-o teña n-o ceo!....

Dito esto calou, e bágoas como noces cairon-ll' a fío pol-as meixelas abaixo.

Eu, entramentas, quedeime pensando n-a viudez e fonda tr-estura d' aquela muller que de primeiro tomei por unha meiga, pro que máis logo semellóume ún ánxel.

Despois ..... despois ergúcuse de xunta min, miróume espantada, e, véira d' as ondas, botou á correr pol-a area adiante coma unha lébre.

Eu quedéim' alí, pro os meus ollos seguiron-a hastra perdela n-a fonda escurida te d'us penedos.

Así-é qu' entre lusco e fusco d'a mañá, deixei aquela area onde tantas e tan fortes emoción fíxome probar aque'a muller coñecida pol- A Tola D'as Ondas entr' a xente sencilla d' aquelas ribeiras.

---

Lentor: s'un dia, de Foz pra Bure'a, pasáres por alí consagrall' un recordo a aquela probe tola, branco, ¡miña xoya!, de toda-las cóitas e infortunios d' este mundo.

F. Lourido.

Arecibo-Puerto-Rico-1885.

---

## N.O CIMENTEIRO.

(Traducido de F. G. Vergara.)

I

Aquí deixei á miña nai un dia
morriño de dol lor...
A tarde estaba triste e melancónica
com 'o meu corazon.
Tocaban as campás onxe, mui louxe,
y agachándos 'o so
con derraleira lus tinxía estonces
ôs salgueiros de fúnebre verdor.
Entr 'as follas o vento murmuxaba
agoreiras cancións,
y-ós ramiños de froces amarelas
o meu pranto muschou.
Eu vin con miña nai, deixeina sola
e chëo d' africion
volvin chorando ô meu fogar deserto
onde xa non topaba o meu amor.

II

Despois de moitos anos, aquí volvo;
este é o triste campón,
pero garda esta cova outro calavre
y aquela crus o tempo esnaquizou.
A pedra eu qu' escribín o santo nome
d'a nai d'o corazón
n' está n-o mesmo sitio... ¡nai quirida!
¡nai quiridiña!.. Adios!

L. U. Gris.

A Abana, Xunio de 1885.

---

## AS VISITAS D' OS PROBES.

Quédanse pr' os pazos as visitas agasalleiras. N-as chouzas d' os labregos, como son probes, tadal-as visitas son noxosas. Os poucos que van á elas van pra pidir.

Oicais por esperiencia o tio Andreu de Barral soatiña que as chouzas d' os labregos debian facerse pol-a contra d' o que agora se fan: sin por-

(1) Fillo d' ali, pra s'i levaba a sua muller, n-o momento que nos ocupa.

tas de entrada ás ruas e con portas de saida ás eiras.

Os que ván ás chouzas d' os probes nin xiquera chamam. Corren o tarabelo e cólanse pol·o corral adiante como petiquiño pol·a sua casa: si as chouzas non teñen corral, os visitantes aparecen de súpito como si fosen pantasmas, o sin teren o traballo de dar os bôs dias – que c' os probes, n·este mundo non se gastan cumpridos – pan pan, viño vino, póñense á espricar ô que van, haxa quen haxa e oya quen oya.

As visitas que teñen os probes son pol·o xeito d' as que tivo n·o derradeiro inverno o Bastian de Busteliño, que se viu n·o caso de fuxir pra Bôs-Aires, deixando á muller y ôs fillos cuáseque por portas por se ver libre d' os avesouros que facían d' a sua chouza unha colmea.

Sentado n-o escano d' a cociña alcontrábase o noso vello quentando as pernas, rodeado d' as xentes d' a familia á veira d' un pote de papas que fervía á cachon. Aquelo era o seu xantar.

'O tempo chegou o recaudador, e de mala maneira dixolle que si dinantes de vinte catro horas non lle pagaba a contribución e os recargos, veríase co-a xusticia pra lle facer o embargo, Escusouse o pobre, mais o recaudador non entendeu d' escusas e saiu xurándollas.

Como si o recaudador lle dese aviso, apareceu axiña un usureiro d' o lugar pidíndolle vinte pesos que lle emprestara ô rédeto d' o trinta por cen, amenazando con demandalo si n·o término de dous dias non lle batía en rodas os vinte cinco pesos qu' en pouco tempo importaba o capital y·os rédetos.

Escusouse tamen, qu' en tocantes á escusas os probes xa por costume teñenas proparadas á forza d' espremer os meoles; mais o usureiro non se deu por satisfeito, como non se dan os d' a caste non vendo cartiños de por medio, e tanto s' anoxou, que facendo as cruces c' os dedos d' as maus, díxol e qu' en saindo d' alí, así como tiña que dar conta á Dios, iría ô Xuzgado á sacar a demanda, pois xa se lle acabara a pacencia e non habia pra que ter miramentos c' un caloteiro, que debendo vintecinco pesos, tiña a desvergonza de poñer o pote ô lume é xantaba n·a compaña d' a sua familia unhas papas feitas de farina de millo e leite.

O usureiro saiu rosmando y·ô promeiro que topou n·o camiño, contoulle qu' iba de un xenio enrabechado e como quen vai pr' o matadeiro, á verse c' o señor xuez de paz que lle prantar unha demanda ô pillo de Bastian de Busteliño, que tiña cartos pra encheutas e que non·os tiña pra pagar á quen lle debia

O veciño con quen atopou, lonxe d' aconsellalo en contra, díxol·e que facia ben, pois xa era sabido que o tal Bastian era un mal pagador, e que canto ganaba se lle iba pol·a boca en larpadelas

Namentres o probe d' o Bastian entretiñase en calmar ô apoderado d' o señorío á quen pagaba renda, que feito un can e sin atender razós reclamaballe a de cinco moyos de viño e vinte fanegas de centeo que venceran ó mes de Santiago.

Inda non se vira libre d' este zumezuga cando entron pol-a porta o animeiro pidindo pr· as ánemas.

—A boa parte ves con pititorios—respondenlle o Bastian fosco.

—Xa pasa de tres meses que non me den un ichavo pr' as ánemas.

—Haichas d' abondo n·a miña casa e têlas diante de os ol os.

—Cala relaxado—añadeu a muller.

—¡Pra facer ben pol·as benditas ánemas d' o Purgatorio!

—Xa che dixen que o Purgatorio está n·a miña casa e non hay quen traya un grau de millo pra él, nin animeiros que precuren pol·a soa recolleita entr' os veciños. Vai e pídelle ôs ricos que teñen pra dar e non perdas o tempo pidindo n· á casa d' os probes.

A muller d' o Bastian que se gababa de ser boa cristiana levou á mal o dito, non parecendolle ben que o seu marido lle respondese d' aquela maneira ô nembro d' a eirexa ó animeiro que faguia d' abondo con ter o traballo d' andar pidindo pr' as ánemas e sin ganar nin unha preixa de fariña á conta d' o Purgatorio, e cobizando non dar tempo á que cometese o seu home un pecado mortal, ergueuse súpitamente, foi de car' ô corra' y agarrando o galo deull ó animeiro·

O home que tal viu e que n-un menuto se lle pasou pol-as mentes a tolería d' o feito, alritouse, colleu o fungueiro que tiña á terbo e cego de coraxe foise de car' ô animeiro pra lle quitar o galo; mais non reparou ó erguerse n·o pote d' as papas, e tropezando n·él caiu de fuciños. O probe d' o Bastian mancouse y·á mais d' o pote que fixo n-a testa, viu con sentemento que o pote facía tumbada n-a lareira y-as papas se foran pol·o lume. O silencio d'os mortos reinou n·a cociña. Mais logo repoñéndose escramou a muller: «¡Sonche castigos de Dios!» e mais anoxado añadeu o home: «¿Qué ten que ver Dios co·estas cousas?

—Teñen que ver as ánemas.

—Tes razon, teñen que ver eses coitados fillos que se quedaron sin xantar.

—Os meus fillos non son ánemas.

—Pero piden con mais necesidade pan, que as ánemas d' o Purgatorio oracións. E mira como poñen as maus dereitas. ¡Eu non sei que mais ánemas queres!

—¡Xudio!, ¡relaxado! ¡pillo!, ¡mal cristiano!, ¡xa lle' o direi ô señor abade pra que che bote unha calenda!

—Sería mau de contarllo si me botase unha broa.

—¡Ave-maría purísima! ¡Qué home! ¡Xa está ardendo n·os profundos infernos!

—Ardo de coraxe ô ver que teño unha parenta tan desleigada, que non repara en dar un galo ás ánemas d' os cregos e que choraría cen anos si l·' o dise ás ánemas d' a sua casa.

—¡Cala relaxado, cala, xudio!

O Bastian non quixo oubir mais, convencido de que a sua muller non entendia de razós, botouse á ela á paus e deulle unha maila n-o lombo que lle deixou proido pra tres somanas.

A tal ver o animeiro foise zafando e como respondéndolle ô cristiana muller que berraba:

«¡Acodiy veciños que me mata o meu home!» iba pol-o camiño berrando: »¡Pra facer ben pol-as benditas ánemas d' o purgatorio!»

*Marcos d a Portela*

## UNHA APERTA.

Alomeaba o sol entr' os pinales,
y-aló n-a carballeira
piaban os paxáros saudando
o novo dia, en Vedra.

Collidos pol-a man e parolando
están, detrás d' a igrexa,
o sobriño d'o cura. Anton Muxicas,
e Pepa a de Sabela.

—¡Olvidarasme, Anton!—dill'a rapaza—
compriral-a pormesa
de casares conmigo cando volvas
feito un señor d'Amérecа!....

—Eu non te deixo mais, miña rulliña,
qu' eres pra min. tí Pepa,
anaco d'o meu peito sol brilante
que n-o ceo fogueirea....

E si quês unha proba que, si veño
non te deixo solteira,
arrechégate á min e dam' un bico
á troque d' unha aperta.

Puxo Pepa os seus beizos tan bermellos
coma duas cereixas,
pegados c'os d' Anton qu'agarimoso
deulle unha aperta á ela.

E foise e non volveu. E!a quedouse
c'unha filla n a aldea,
poñèndose tan fraca e tan cativa
como unha acha seca.

E non se soupo mais. Tan só as linguas
d'a xente rexoveira
chámanlle á Anton bô peixe y-a Pepiña
rapaza moi lixêira.

Cando alomea o sol antr' os pinales,
y-alo n-a carballeira
os paxariños chian saudando
ô novo dia, en Vedra....

A probe d'a rapaza esbagullando
vaise á detrás d'a igrexa
e tola pecha os puños, escramando
—¡Venm' á dar outra aperta!

LISARDO BARREIRO.

## CENTRO GALLEGO.

A xunta xeneral, celebrada últemamente n-este istituto pra dar conta ôs socios, d'o proyeuto de fundar unha sencion mais, a de *Beneficencia*, e dina de eterna relembranza pr'os gallegos, pois n ela reinou entusiasmo e axuntanza de pareceres que merecen os nosos laudes.

S'os fillos d'a Suevia siguen sempre tan unidos, o engrandecemento d'a pátrea non se fará agardar moito. O regramento que presentou a Direutiva, despois de discutido, foi aprobado pol a concurrenza, conviudo en que dend'o día primeiro d'outono. comenzará á rexir a casa de saúde pr'os asociados.

Esta nova reforma fai moito tempo que a cobizábamos, porque pensábamos. e Dios queira que non nos hachásemos trabucados, que sería proveitosa pr'o *Centro* e pr'os nosos peisanos en xeneral.

Segun têmos ouvido, o aumento de socios ascende xa á cinco centos; e crêmos nosoutros qu'este número ainda se tripicará, chegando a têr de dous mil cinco centos á tres mil asociados.

Rogamos ôs nosos compañeiros y amigos que non deixen de ningunha maneira de infruir pra qu'os que ainda s'hachan rezagados, s'apunten n-as listas de suscricion.

Non damos mais discricion d'a xunta xeneral de que fa'amos, porque xa outros peródicos s'ocuparon d'ela mais longamente.

A diante, peisanos, que por ahí se vai pol o verdadeiro camiño d'o engrandecemento d'a colonia gallega d'esta insua.

## EPIGRAMA.

Doña Sofia Fariña,
A muller de Xan Cazola,
Dixoll' a Rosa Cociña:
¡Ós homes todos Rosiña,
Eu conozos n-a parola!
Mais como esta s' *entendia*
Có marido de Sofia,
(E por él ardía n un fogo)
Contestoulle:—¡Aremaría!
Cando s' encontre enchouzado
O meu home, desde logo
Estará sempre calado.

SECUNDINO CORA.

## CASOS E COUSAS

A *Constitución* de Remedios falnos o favor d' acusar recibo d'a GAITA c' un agarimo que ll' agradecemos n-o que vale, e mais tendo en conta, qu' o saben facer n-o meloso idioma gallego.

Qu' o digan sinon, estos versiños que nos dedica o tal peródico en cuya redaucion figuran, pol-o visto, algus compañeiros de monteira.

"Por aquí tamen falamos
A lingua d'a nobre Suevia:
¡Canto ben nos fan as cousas
Que fala A GAITA GALLEGA!
Dios lles de a *Chumin de Céltegos*
Y-os que traballan en ela,
Sort'abonda, moita vida
E todol-o qu' eles queran."

o
o o

Unha historia de verdá, segun conta *O Faro* de Vigo.

Un rapaz de doz'anos, nado en Puxeiros, entrou n'unha taberna d'a vella Vicus, pra facer unhas mercas.

—¿Ten chourizos d'eses que matan os caus? Dixoll'o taberneiro.

—¿E ti pra qu'os queres? Respondeull'o preguntado.

—Ai, siñor. non l'o digo.

—Pois entou non ch'os vendo.

—Véudamos que son pra matar un can d'un veciño que ten unhas peras de San Xoan moi boas, y-eu quero ir a elas y-o can non me deixa, que ladra e mais morde.

'O taberneiro fillol e cochegas a sa'ida d'o pícaro, e vendeu le, casque de valde, y-a condicion de qu'el no' os probase, catro chourizos cheos de vermes, que pra maldit' a cousa lle servian.

—Toma, lle dixo, bótall' un, e si con el non morre, bótall' outro o dia siguente, e si despois aiuda vive, vaille botando QU'O CAN A DE MORRER.

—Ben está, si señor, moitas gracias.

Y-o rapaz foise brincando que daba xenio.

Oito dias despois alcontraronse outra vez n-a tenda os nosos parrafeadores.

—¿Y-o can morreu? Dix' o taberneiro.

—Non señor.

—¿Enton, non lle botach' os chourizos?

—Si señor, boteill' os catro, cada dia o seu.

—Pois tes que mercar mais pra botalle.

—Ai non señor.

—E porqué?

—Agora xa són amigo d'o can, vou ás peras can do quero e nin me ladra nin me morde.

Os refrás as mais d' as veces
Menten mais qu' os diputados.
C'o dito ben se demostra:
C'o dito queda probado.
"Nin come nin comer deixa
O cadelo d'o *hortelano*"
Diz' o refrau d' as Castelas.
¡Pois non é verdá, carafios!
Que si ó can lle dan chourizos,
Cal socedeu n-este caso,
Non so'o deixa comere,
Sinon qu' anqu' o leve diaño
Sab' el comer os chourizos
Anque s'alcontre ben farto,
Anque rebulan os vermes
Mais qu'a y-auga n os regachos.

°
° °

Os números d'a GAITA que repartimos n-o *Centro Gallego*, en canto chegan corren bolina.

Roub' os por non pagalos
Algun larpeiro:
Si chego á velo doulle
C'o meu fungueiro
Doulle n-a testa
E lle dou cal si dera
Sobr' unha besta.

°
° °

Nin *O Tio Marcos d'a Portela* d' Ourense, nin *O Galiciano* de Pontevedra, nin *A Galicia* d'o Ferrol periódicos todos que falan n-o adro, vesitan ó noso, alboyo.

Compañeiros de monteira
Veñan acó de riola
Que se me meten n-a chola
Ir con vostés a unha feira
Pra xantar unha cazola
De berberechos d'a Oseira.

°
° °

'Os gallegos de Montevideo ocurreselles cada cousa, que nin ó ex alcalde d'o Carballino, ó xastre d'a custión c'o *Tio Marcos d'a Portela*; sosmente qu'as gromas d' aqueles son d' as que fan ardel o eixo, y-as d'o larpeiro d'o *cornetin*, cheiran qu' adoecen.

Meteuselles n-a chola bautizar unha gaita d'a terra, e fixeronlo con tal x-eito qu' abofé lles teño envexa, pol-o churrusqueiro d'a cirimonia.

O bautizo, meus amigos,
Si non menten, consisteuvos
En botar pol-o canuto
D'a gaita de que vos lembro,
Unhas pingas d' aquel viño
Que se colle n-o Riveiro,
E que d' Habana and' escaso
P'ra delor d' algus labreixos.
Esa chusca cirimonia
N-esta terra faceremos,
(E decir deben facela
Os que pensen cal eu penso)
Si n-a faltriqueira teñen
O qu' en agora non teño:
Tres ou catro sabeliñas,
Catro, cinco ou sete pesos.
Us propoñen qu' o bautizo
Debese facer a eiro
C'a gaita que volv' a vida
'O probe d'o cataleptico;
Mais eu, por si cola, digo,
Anque sexa en meu proveito,
Qu' ese bautizo se faga,
Sin que pase moito tempo
C'a nosa GAITA GALLEGA
Periódico churrusqueiro,
Que sabe falar n-o adro
E que repenica centos
D'alboradas e fandangos
Con bos modos e bon xeito.
¿Que les parece rapaces.....?
¡Que non se pode, dixeron?
¡Ai pode, pode, amiguiños!
¡Ai pode, pode, gallegos!
¿Sei que pensan qu' esta GAITA
Non ten roncon nin piteiro,
Por donde poidan de cote
Esparrallar medio neto
Cando xa dixen que se fixo
Aló por Montevideo?
¡Vaiche n-a misa de Conxo!
¡Si que ten! ¡Pois xa cho creo!
E enton, ¿Roque d' as Mariñas
Non ten gorxa ou como é eso?
¡Non sabe turrar d'a bota
Com' á calquera larpeiro?
¡Pois d' aquela non se diga
Que non sirv' o meu proyecto!
Fagas' o bautizo axiña
E xa veran os gallegos
Com' o viño non se verte
Llo xuro

CHUMIN DE CÉLTIGOS.

Imp. d' "ACORREOS DE CUBA".—Rua d' Obrapia número 24.

# A GAITA GALLEGA.

REPINICA MUIÑEIRAS, FANDANGOS Y-ALBORADAS, UNHA VEZ 'O MES.

Direutores, Redautores y-Adeministradores;

Chumin de Céltegos. Roque d'as Mariñas.

ANO PRIMEIRO. N-a Habana: 11 d'o mes d' Outubre de 1885. TOCATA 4ª

## NON MAIS EMIGRACION

A literatura gallega conta con unha xoya mais, feita pol-a ben cortada pruma d'o noso enxebre compañeiro don Ramon Armada, Amador Maran, ou Chumín de Céltegos, que, anque tres nomes distintos, é un solo poeta verdadeiro.

O apropóseto líreco-dramá'eco que tên por nome o qu'encabeza iste artículo, leva un fin dino d'os laudes d'os bos gallegos; digo, leva dous: gabar â Sociedade de Beneficencia de naturás de Galicia, e pintar os malos resultados qu'os nosos peisanos recollen d'a mal fadada emigracion.

¡Ataca e resolve con sorte o libriño de que trato esta últema e tan cacareada custión? Eu penso que non, e penso ainda mais; creio qu'esto solo pode resolverse en *folletos y-artículos* de peródicos, mais de ningunha maneira n-un libro que leva por ouxeto o engayolar ô púbrico e pintar sômente pasiós ou costumes, pro nunca resolver custiós sociás de semellante tracendenza.

A emigración, segun algús, é unha lei histórica á que obedeceron os pobos, dende os comenzos d'o mundo hastr'os nosos dias; segun outros, é rempuxada pol-as necesidades, pol-a moita pobración e pol-o mal goberno. A esto últemo, y-ô primeiro conceuto, penso eu q'obedece o q'os nosos peisanos deixen o fogar por outras terras. Denlle ô pobo gallego todo o que pide Curros Enriquez n-unha tenra poesía d'*Aires d'a miña terra*, e si despois non amaina a manía d'abandonar o nativo logar, deixade a ese pobo, pois

"A civilización y-as anduriñas
D'unhas terras á outras van e ven:
Querer que non emigren e matalas,
O mesmo ven a ser." (1)

Siguirei á diante n-o exámen d'o libriño "Non mais emigración." A amistade que me liga ô autor, impídeme de que non sexa mui longo n-os laudes que n-esta ocasion merece. Pro, *Roque d'as Mariñas* non se pára en barras, e con tal que diga a verdade desnuda—hastra sin cirolas—impórtalle pouco o que digan os demais.

O argumento é interesante y-está desenvolto con maesía, têndo peronaxes mui ben deliñados, prencipalmente Marica e Xan, protagonistas d'o apropóseto.

N-o cuadro primeiro d'o primeiro auto, "A tascar", penso de min qu'o autor debía estenderse un pouquiño mais, pois ven a ser o prólogo, ou a esposición d'a obra en que se d'a á conocer ô púbrico o novelo de fio que n-as siguentes escenas se desenvolve. Non penso, por iso, qu'esto sea un defeuto de talla, defeuto que queda dispensado ô lêr os siguentes cuadros, entr'os que merecen mil aprausos os nomeados "Cousas d'a emigracion" e "Volta ô fogar", n-os que se pinta d'unha maneira que non merece tacha, as escenas que suceden cando o emigrado, despois de mil infertunios, retorna ô colo d'a familia.

Faltábame por decir o mais importante. A obra de Chumín está escrita n-a mimosa lingua gallega; n-esa lingua con q'os anxeliños deben parolar n-o ceo.

O lenguaxe é enxebre, anque de vez en cando cheira un pouquiño a castelán. A versificación é tamén manífica e de bon xeito pra pôrlle música. Tên versiños que valen calquera cousa, e non podo resistir o deseio

(1) Curros Enriquez.

de dar a conocer algun. Escarrancho ó libro —con perdon — e ô vultuntun saco este anaco d'o duo qu'entre Marica e Xan cantan n-o cuadro segundo d'o primeiro auto:

"XAN.

Si xa tiñas
N·os ollos as bagoíñas
Dispostas pra m'engañar,
Y·ô vertelas
Procatabas que con elas
Meu amor ibas pillár,
Pra de cote
Deixarme sobr'o gañote
A ilusion d'aquel querer,
¿A qué ferías
O meu peito con falsías?
¡Trasn'ou demo de muller!»

¿Pode darse algo mellor? Eu penso que non. Nin o lenguaxe nin a rima poden mellorarse, pois ademais d'a facilidade que revelan n-o autor, teñen o gusto gallego, d' unha maneira moi marcada y-enxeòre.

O falado, é decir, a prosa, tên un encanto, unha forma tan natural, y-un coorido tan gallego, que n'hai mais que pedir. Mil lembranzas esperta iste libriño ô leer os modismos tan própeos d'a nosa lingua como por exempro:—"Aí que xente!—O que é hoxe —Ser son o demo—¿Seique tés gana de leria?—Nó, pois il." etc., etc.; todo moi natural e todo puramente com'ó qu'en Galicia se fala.

Mil cousas boas podía asinalar n o apropóseto d'o compañeiro Chumín, pro teño medo de cansar os meus leutores. Conearei sômente ista manífica paróla qu'enxerga un rapaz que preside n-o cuadro "Emigracion" á un fato de rapaces que saen â'scena vestidos con puchas de papel y-escopetas de cana, pretendendo asemellarse á unha compañía de tropa; paróla que parece feita pr'as circunstancias porque a España atravesa hoxe. Eiqui a tedes:

"RAPAZ.

¡Media vòlta pol·a dereita.... derei....! Alto....! ¡No seu lugar.... descansen! (*Pasalles revista un por un.*)

¡Compañeiros! (*Ap.*) Botareillel·a paró'a que, pr'o caso, m'ensañou ònte meu tio Xerome. (*Con moita enerxía.*) A patrea gallega chámanos a defendel·o fogár. Aventureiros de mala facha lixaron a nòsa bandeira e faise mestèr que cada migalla de pringo se labe co'a sangue de cèn corazós enemigos. Non temamos ó númaro nin às ventaxas d'o armamento. Con pòlas de figueira escorrentaron os betanceiros a miles de foraxidos mouros, cand'o famoso tributo d'as "cèn doncellas": con fungueiros e fouces, si n·hai outra cousa, escorrentarèmos nosoutros ós zumezugas d'o dia. Pardo de Cèla vixila os nosos pasos; Viriato·o Régulo·recórdanos o seu linaxe; os fusilados n'o Carrál, amostrannos seu valimento. Probèmos, póis, que somos dignos de leval·os nòmes que d'esos guerreiros hèrdamos; loitèmos, com'ós valentes d'o Medulio y·o Ponte Sampayo, e si a forza d'os alleos pode máis qu'a rosa, morramos apreixados â bandeira d'a pátrea, como morren o batallon literario de Santiago n'os montes d'o Vierzo. Galicia, enton, bendecirá os nòsos nòmes: pedirá vinganza ô ceo, e desd'o fondo d'a cratedal de Santiago ergueráse fero o héroe de Clavixo, pra machucár baíx'os cascos d'o seu famoso cabalo ós asesinos d'a honra d'a pátrea. ¡Compañeiros! Que nosos fillos non s'avergoncen nunca de que lles dimol·o ser; pelcèmos como bos gallegos, e namentras teñamos alento berrèmos por chaus e penedos en son d'aturuxo ¡Viva Galicia!"

Siga o autor de "Non mais emigración" o camiño comenzado por don Farruco d'a Igresia, o de donar â literatura gallega obras dramátecas que influirán moito pra erguer a lingua gallega; e teña en conta que recollerá aprausos á bau, comenzando eu por darlle os primeiros, qu'anque d'un compañeiro, non son aprausos nados pol-a amistá, si non pol-os seus merecementos.

ROQUE D'AS MARIÑAS.

Habana, 6 d'Outubre de 1885.

---

A CAMPANA D'ANLLONS.

Campana de Bastabales,
Cando vos oyo o tocar,
Mórrome de soledades.

E ti, Campana d'Anllons
Que roucamente tocando,
Derramas nos corazons
Un bálsamo triste e blando
De pasadas ilusions;

Alá nos pasados ventos
Primeiros da miña vida,
Oyo os teus vagos concentos,
Relós dos tristes momentos ·
Da miña patria querida.

¡Cantas veces te lembrou
O que marchou para a guerra
Cando a súa nai deixou,
E partindo à estraña terra
De *Baneira* te escuitou!

¡Cántas do mar africano,
Cautivo *bergantiñan*,
Oío n'hun sono tirano
O teu tocar soberano
Aló nas tardes do bran!

Cando te sinto tocar,
Campana d'Anllons doente
N'unha nuite de lunar....
Rompo triste a sospirar
Por cousas d'hun mal ausente.

Cando doída tocabas
Pol-as tardes à oracion,
Campana, sempre falabas
Palabras con que cortabas
As cordas do corazon.

Estabas contando a os ventos
Cousas do meu mal presente,
Os meus futuros tormentos,
Que dabas con sentimentos,
Segun tocabas doente.

Campana, se pol-o bran
Ves lumiar na *Ponte-Ceso*
A cachela de San Joan,
Dille a todos que estou preso
Nos calabozos d'Orán.

E a aquela rula inocente
Que me morría d'amor,
No regazo docemente,
Temblando com'unha flor
Sobre escondida corrente,

Dirásll'e que unha de ferro,
Arrastro, rouca cadea,
Castigo atroz do meu erro,
E que dentro d'este encerro
O seu amor me alumea.

E tí, golondrina errante,
Dos longos campos d'Arxel,
Si à miña terra distante
Te leva o voo constante,
Dille o meu penar cruel.

Se alguen por min preguntar,
Dille que estou en prisions,
E unha nuite de lunar,
Iráste unha ves pousar
No campanario d'Anllons.

Así triste en terra allea,
Aló nas prisions d'Orán,
Cantaba un mozo d'aldea
E nos grillons da cadea
Levaba o compas ca man.

«Oh nai da miña vida,
Adios, adios, mea pai;
Prenda de min querida,
Adios, oh miña nai:
Sombras dos meus avós,
Rio da *Ponte Ceso*,
Pinal de *Tella* espeso....
Acordávos d'hun preso
Como el o fai de vos:
Campana d'Anllons,
Noites de lunar,
Luna que te pòs
Detrás do pinar:
Adios....
Adioos....
Adioooos.....»

EDUARDO PONDAL.

## ROSALIA CASTRO.

«Son-as notas d'a probe Rosalía
O que din ó caer ás follas secas,
O docifio piar d'os paxariños
Antr'os laureiros d'as verdosas véigas,
O que falan as hedras gavëando,
Pol-as rendixas d'as escuras pedras.
As bagu'las de sangre d'os hirmans
Qu'esgomian de fam'en terra alléa
A lembranza d'as nosas rias baixas
Os descunchados craustros d'as Igrexas.
O que falan os álbores c'as brisas,
O son d'a nosa gaita paroleira,
Y ese ardente cariño que lle temos
A pátrea de Galicia, nosa terra.»

¡Morreu! Alá se foi pra sempre ó ruiseñor d'os nosos xardins; aquela que nos ademiraba cantando as noites de luar, os enfurruñados dias d'Outono en qu'hay follas amarelas e secas n'as lamedas, e côres de chumbo n'os ceos.....

¡Morreu Rosalía!... ¡Quén hay na nosa terra que non chore por ela!... Xa non terán as ruinas de bordada oxiva quen as can'e, nin os nosos hirmans d'a montaña quen recolla as suas copras; nin haberá quen leve á terra allea, as memorias d'a romaxe, o *alalá* d'aldea, o couto, d'a fiada.

¡Poetas de Galicia, compañeiros en *sentir* que sobides á cume d'o Ca'vario d'as nosas desdichas, con pé firme é corazón valente...; facede soar n'as vosas liras o cantariño elexiaco máis brando é triste...; segade todas as froles d'os nosos verxeles, e crobide a tomba de Rosalía de mirtos é de rosas.

¿Quén, mellor qu'ela, merece o voso aprauso, os vosos distecos, o voso choro...?

¡Mal pocadiño! ¡Probe Rosalía!

Alá lonxe, preto de Padrón, n'unha casiña de musgosas pedras que cuyamente teñen algunhas rendixas donde medran coucelos; agachada entre olmos é frotales d'a horta que deitan as ponlas n'o tellado cando a carcixeira non pode o'as cereixas nin a figueira c'os figos de San Pedro; alí, dond'hay unha solaina c'un niño feito á bicos pol-as anduriñas, estaba a dolce cantora de Galicia; Por aquelas veigas corre un rio que s'espalla, as veces, revullecendo n'as brañas; á Rosalía praciálle moito sentarse c'os seus filliños debaixo d'un ameneiro, á veira d'o rio, n'esas tardes d'o vrán, cándo esmorece o-dia, fuxen os páxaros pr'antre-as follas á facer noite, e as raus andan a brincos n'as augas paradas; as frolidas ribeiras d'o Sar recolleron máis d'un sospiro d'a probe rula, e as limpas ondas d'o rio máis d'unha bágoa. Pol-as mañans, n'algun tempo, tiña costume de baixar a horta, e escribia xunt'os laureiros, alguuha d'esas arboradas que tantos lle arrecadaron pr'a coroar sua testa purísima...; ó pasar pol-a sua porta, podía verse á Rosalía sentadiña n'a solaina, melancónica é muscba cómo pranta sin rego...; d'a noite pr'a mañan, cangada de penas fondas, acamon, á calandria fois'a pousar n'as pallas d'o seu niño..., e atoóu; desd'entons, n'a quel fogar calaron todos..; sólamentes s'escoitaba-o estralo d'algun bico n'a alcoba d'a enferma,

silabéos d'oracions diante d'algunha estampa d'a Virxen...; ¡Qué fillos non rezan por sua nai!....

o°o

Rosalía non tiña medo a morte, así e qu'a esperaba como nos un amiguiño d'ascola, unha muller amada, unha dicha, un consolo...; parecía unha santa pol-a pacencia, un anxel pol-a bondade, e a esfinxe d'o valor pol-o carautre...¡Mais, cómo n'hay palmeira que non se esgaze, sol que non se poña é torre que non esnaque... e'a inerinouse a forza de congoxas, de mordentes mágoas que lle roian-o peito! ¡Miña xoya!

Cand'estaba enferma no leito, non quería falar con ninguen, non podía; os seus'ollos, negros como as suas coitas, miraban tristiñamente cal si dera-a y'alma n'as suas miradas, e-a sua man apertaba cariñosa a man amiga... Moitas veces choraba, coidando no-na visen os seus filliños.

¡Cantos poemas d'amor encerrarían aquelas secretas bagullas!

Rosalía amaba á soidade, cál-ó gallego-ó terruño, com-a águila-as alturas d'o ceo: cozáias por eso fuxira d'as barafullas d'o mundo para encerrarse n-os soterráneos d'a sua alma, como dixo Maine; xamáis se quixo retratar; e-as cántegas saian d'a harpa sin saber porqué ni-á donde irían á parar como as rimas de Becquer...

¡Benía-á lingua d'a terra, qu'as recollía como pelras, en fio d'ouro!..

D'a sua modestia, d'o olvido en que cobizaba gardarse, naceu-ó seu creto de escritora,-a sua groria expréndida: O nome de Rosalía Castro tuvo sempre tantos feitizos pr'a todos nos, falába tanto-á-ó corazón, foi sempre tan dolciño, que se lle tuvo afeuto de nai, é-ó respeto, é querencias qu'encende-ó inxenio de verdade, aquí dónd'hay tanta poma literaria, é tanta pantalla... fofa. Rosalía sempre será-á cantora d'o noso pobo, cómo Beranger ó será aló d'os Pirineus; éla sabía todas as ternezas qu'hay n'a fala d'a nosa terra, adiviñaba ó verbo que nos alentará mañan n'as eternas loitas d'a vida, sintén-ó frío d'as chouzas sin lume, porqué ¡quén sabe si algunha vez tuvo -ó seu lar morto!

Por eso-os versos d'a autora de *Follas novas* saben a asentes e recenden á carabeles,—porqu'os verdadeiros sufrimentos teñen sempre-algo qu'endulza.

o°o

Eu vexo en pensamento aquela casiña, donde Rosalía tiña o seu tempro, os lugares d'os seus recordos, o ben d'as suas espranzas douradas. Hoxe, á porta estará fechada botada-as contras, habrá meixelas moratadas de chorar, loito n'o peito..é soidá, tristeza e frío n'aquela alcoba donde Rosalía se quedou morta cómo-un paxariño..

¡Tamén as letras de Ga'icia están de loito é choran tan grande perda!

Pitoreises que pisan os salgueiros d'o Sar, cancions sin nome que cantan os ventos nos tarais ó chopos, xunt'o muiño; pomba que sab s aquela casa... íde á levar unha lembranza tenra, unha frol amarela, un xemido d'as-entrañas-á ó camposanto d'a veira d'o camiño, dónde Rosalía dorme pra sempre. Cando en pase por alí, xa irei á bicar a sua sepultura, y-a deixar á bagoa mais ardente n'as froles qu'e d'ela nazan, n'a ciudade d'os mortos.

¡Adios Rosalía!

LISARDO BARBEIRO.

## UNHA DE PAUS

N'o adro de Santa Comba
n'a hora en qu'a noite chega,
cando saen os morcegos
e o raposo o tobo deixa,
e as campás doridas soan
aló n'o alto da igrexa,
e sacho o lombo, cantando,
deixan os homes as veigas,
e os cáns ladran sobr'os valos
e as chamineas fumegan,
e o saín n'o candil votan
c'a roca n'a man as vellas,
e os galos están calados
no alto das capoeiras,
e o mocho sobr'os penedos
os ollos lle relumean,
e o merlo foxe pitando
á acurruchars'as silveiras,
¡quentáronme ben ó lombo!....
¡Jesús! ¡Nunca Dios me dera!—
Tocab'a gaita o Canexo,
o tamboril o Pancira,
e o bombo Can de Pelleiro
o fillo da Xouba seca.
O *agarradiño* beilando
atopábans'as parexas,
e os foguetes estouraban
e atroaban as orellas.
Dempois que s'inflou á *loba*
e asobiu é foi dereita
po'riba do salgueiral
á cair á nosa eira,
chegaron os de Touron
berrando pol'a vereda
e votando copras porcas,
batendo nas panderetas.
Eu, cand'os vin, xa lle dixen
á Calrota:—Seica seica
van á andar os estadeos
nos lombos e mais nas testas!...
e pr'abaixo, pola gorxa
pasoume o cuspe as carreiras.
Entrou Xan, Cunca de morros
capitan da canineya,
dand'un atoruxo atrós,
¡q'aturuxa que rabea!
e entrou na roda c'os seus
á beilar a muiñeira,
arrempuxand'os demais
¡o cara de vaca vella!
Saltou Anton ó do Pazo,
que ten ó coiro de pedra
é tén lambido mais paus
q'unha borrica famenta,
berrando:—¡Quen me dé un pau
gana un peso! e muy de prosa
contestou Cunca de morros

post'a man detrás d'a orella:
—Pois bou gañar roil reás,
¡que me coma unha centella!
E puxos'un car'o outro
e o redor deles á festa;
e encirrábanos as mozas
com'os cans cando pelexan,
e os mozos asubiaban
c'as maus postas n'as cadeiras
e c'as monteiras votadas
sob'á sen, o a vista fera.
Enton arrimoull'un soco,
Cunca de morros nas getas,
e Anton remangou de pau
é ¡adios! armous'a quimeria.
Paus de Dios, os q'alí houbo!
Eu, que estaba mais á veira,
unha mascada apañei
e tres veces un fungueiro
repinicoum'as costelas.
Alí todo Dios berraba;
¡aquela era unha comedia!
Fichéronme unha esmechada
e fun de morros a terra.
E cando me erguin do chau
e quixenlles dar pra peras ...
outra vez tocab'a gaita
e arrolábans'as parexas
e outras iban caladiñas
camiño da carballeira.
Eu, saugrando com'un porco
amarreim'a Filomena,
e fun beilar; é dempois,
quen queira saber q'aprenda.

ANDRÉS MURUAIS.

## MEDITACION D'UN FAMENTO

### I.

¡Aaaaaa!

N esta forma contense o *Genesis* d'os famentos. O aire que aun se lle pasea pol o estómago saille á boca.

Cando s' abre este aparato que pra min non funciona dixéronme qu' era bo facer a sinal d'a cruz. Que a fagan os que comen: en non teño pra que me tomar ese traballo. Co a cruz arre néganse ôs demos e n o meu estómago non hay medo qu' entren: xa quixera eu qu'entrasen cruos inda que semo indixestasen. E certo que son malos de dixerir; pro ansí e todo quen os enviase pol-a gorxa. Xa me daria c' un canto n-os peitos porque tal socedese, pois estaria dous anos facendo a dixestion, qu' é unha cousa que poucas veces fan n-a sua vida os que teñen fame.

¡Aaaaaa!

¡Volta e dalle! ¿Si terei que facer a sinal d'a cruz? Non hay de que: nin un mosquito pasa pol a gorxa.

Que me veñan dicindo que os homes sinten horror ô valeiro. Non hay cousa mais valeira que o meu estómago e nin por esas sinto horror: de ser ansí terfamo a min mesmo.

Non me dou conta como hai homes que gastan os cartos en dentaduras de quita e pon. Os dentes n-os famentos non sirven mais que pra gala. Si un poidese arrincalos y-os pagasen ben, ¡que tempo tai qu' eu estaria desdentado! Iríame gobernando co-as encias. Empeñados oñ vendidos iríame desfacendo d' eles pra mercar unha poya de pan.

¡Pan! Este monosilabo soua n-os oubidos d' os famentos com' o golpe d' un fungueiro ô cair n-un lombo, quero dicir que me doi ô lembralo.

¡Pan! ¿A qué ven eso? Parés que un queda chafado con decilo.

Mesmo me relaxo cando ll'oyo contar a moitos que se lle vay o estómago. Non sei como se compoñen pra que se lles vaya. Pior trato qu' eu lle don non ll' o dá ninguen e mais por eso quédase.

¡E como camparía pol-os meus respetos si o estómago se me fose!

Eu debo telo n-a cabeza. Alí é onde o sinto porque como de memoria. Mais non debe prestarme, ou esta casta de dixestiôs se fan mais a prêsa d' o que fora debido porque nunca me vexo farto.

Como.... como....como ¿como de qué?

Non recordo de que falaba. Eso de xantar de memoria ten-as suas contras; cando menos un pensa alcóutrase sin *sustancia*.

Din qu' a boa conversacion é manxar d' os espritos. O dito non pasa de conversacion. Ademais os espritos con manxares ven a ser o mesmo que poñerlle á un burro morto cobada ô rabo.

Din outros que non queren ser pratos de segunda mesa. ¡Soberbas, amiguiños, soberbas!

Mirándevos n o meu espello que sempre estou agardando a ser prato de calquera mesa e nunca chega a miña.

¡Cala! Deprocátome agora de que troquei as ideas. ¿Que sairia ganando con ser prato?

O ter mau d' algunha comida, qu' é me'lor que non facer boca con ningunha.

N-as boticas véndense meiciñas pra espertal a apetencia. Os que as mercan seica non teñen en que empregal os cartos ou deulles Dios unha apetencia muy durminana. A miña sempr' está esperta e por mais que a arrolo non dorme.

A fame é unha segunda natureza: distinguese d' a nosa en que non ten agarda. O mundo pr' os nosos ollos é muy grande. pr' os d' a fame non pasa de ser unha pildora.

Os famentos son n-a vida us tontos arrematados; vexan, oyan o que oyan sempre quedan en ayunas. Moito se fala d' o banquete d'a civilizacion. ¿Onde está ese banquete que alá von eu á sentarme, pois á elo teño dereito como home civilizado?

Os animales teñen os seus banquetes. Hainos pr' os burros (con perdon) n-os lameires; pr' os páxaros n-as alboredas e n-os sementados: pr' os peixes e pr' as rás n-os rios; pr' os pescados maores n-a mar: pr' os homes que teñen fame non hay banquetes como non sean de pensamento.

Cóntaronme que os protestantes comulgan con media libra de pantrigo medio neto de viño. ¡Lástema que a eirexa católica non estabreces 'á costume! De facelo, os famentos serían os mellores católicos. Ademais teria outra ventaxa: a ô' estaren mais a ben c' o que padrican, porque

sendo a cumunion o pan d' as almas non estaria de mais que s. achegase ó corpo un pouco, que pra eso ese corpo e alma compoñen un cristiano.

¡Aaaaaa!

¡E como s'esprica o estómago! Digolles á vostés que o lenguaxe d'os famentos non pode ser mais elocuente. C' unha so'a letra compoñen un poema.

Os que morren fartos deben morrer n a gracia de Dios porque iñoran pol·as que un pasa cando non come; ademais morrer n·a fartura é morrer n·o estado perfeuto.

O home mais sabido d' a terra foi o que inventon o refran que dí *morra Marta e morra farta.*

Digan o que queiran, o que tal sentencia boton deben n-algun tempo andar a elas co-a fame. Solo véndolle a cara á esta señora que non sei por que non deixa a miña compaña, como si lle dese palabra de casamento ou tivese compremisos co ela, chegaria a ter este rasgo de ispiracion subrime.

Hai algús que dempois d' unha enchenta, gomitan e queixanse e sinten as ansias d' a morte gomitando.

N·este nativo mundo ninguen se contenta co-a sua sorte. O que sai pra fora o por que non cabe drento, y·o que non cabe é pórque sobra, e onde sobra non hay valeiro, e onde falta valeiro está cheo. Vayan vostés collendo esta rastra de deducións lógicas. A mantenza non da mais que sabidencia.

¡Qué mais quixera eu que gomitar!

Inda que gomitase os figados teria duas ventaxas. A primeira facer o que nunca fixen: a segunda agarimar a riseña espranza de ter de reservas pra cando a fame troase, unha larpadela de figado, que non per ser meu deixaría do lambe'o namentres non me deixase esta fame que me corre, que voa, que non asosega hastra comer, xa cansa de bebel· os aires.

¡Aaaaaa!

MARCOS D' A PORTELA.

## CANTIGA.

N'o xardin unha noite sentada
'O refrexo d'o branco luar,
Unha nena choraba sin trégolas
Os desdés d'un ingrato ga'an.
Y·a coitada entre queixas decía:
«Xa n'o mundo non teño ninguén,
Von morrer e non ven os meus ollos
Os olliños d'o meu doce ben.»

Os seus ecos de malenconía
Camiñaban n'as alas d'o vento
Y·o lamento
Repetía:
«Von morrer e non vén o meu ben!»

Lonxe d'é'a de pé sobr' a popa
D'un aleve negreiro vapor,
Emigrado, camiño d'América
Vai o probe, infelís amador.
Y·o mirar as xentis anduriñas
Car' á terra que deixa cruzar:
«Quén pudera dar volta, pensaba,
Quén pudera con vosco voar!...»

Mais as aves y·o buque fuxían
Sin ouir seus amargos lamentos;
Sólo os ventos
Repetían:
«¡Quén pudera con vosco voar!»

Noites craras, d'aromas e lua,
Desde enton ¡qué tristeza en vos hai
Pr'os que viron chorar unha nena,
Pr'os que viron un barco marchar!...

D'un amor celestial, verdadeiro,
Quedóu solo, de bágoas á proba,
Unha coba
N'un outeiro
Y·un cadavre n'o fondo d'o mar.

M. CURROS ENRIQUEZ

## VELADA LITERARIA.

Os periódicos d'a terriña, recibidos n·o derradeiro correo, trân xa noticias d'a brilante velada literaria feita y·organizada pol·o *Circulo d'Artesás* d'a Cruña, pra gabar a memoria d'a nunca ben chorada poetisa Rousalía Castro de Murguía.

Pra saber si foi solene e dina d'o xenio que ali se lembraba, abonda con decir qu' ocupaba a presidenza a intelixente escritora Dª Emilia Pardo Bazán, en compaña d'o noso amigo don Anton d'a Igresia, y·o Sr. Perez Ballesteros.

Tamén honrou tal festa literaria o sin rival *parolador* don Emilio Castelar, quen enxergou unha prática encamiñada a gabar á *Rula* y·a demostrar o melosiña e tenra que è a nosa lingua.

Os leutores d'A GAITA xa terán conocemento de todo isto pol·a relacion feita n·o último número d'*O Eco*, asi è que n'ôs molestaremos de novo.

A cibdá d'a Cruña cumpreu c'o seu deber dando esa proba de cariño, que Dios queira non seia a derradeira, á isa intelixente muller, alma e pedra fundamental d'a nosa literatura.

## INCONSTANZA.

### MAGOA.

I.

Pol·as tardes de vran parolaba
con Catuxa n·o souto d'a aldea,
onde amor nos xurábamos sempre
co'a fé mais sinceira;

Xuramentos que nunc' olvidare
parecía a románteca yalma;
xuramentos nascidos en peitos
que tolos s'amaban.

II.

Unha tarde grabou Catuxiña
o meu nome n·un novo castaño,
y·eu taméu, baix'o d'ela, escribiulle
o seu nome amado.

III.

Ausenteime d'a aldea quirida
con gran dôr de deixar miña amada;
dentro un ano volvín ¡y·atopeina
con outro, casada!

Tod'o amor qu'eu lle tiña trocouse
n·unha tirria que nunca sentira:
¡son misteiros d'a chencha lixeira
qu'eu iñoro aínda!

IV.

Outra tarde volvín pol·o outeiro;
sin querer, tropecei c'o castaño:
ô medrar a cortiza borrára
os nomes grabados.

Un embrema d'amor mintireiro
n·aquel arbre mirei pensativo:
como n·él, s'esborraxa d'a testa
o amor que sentimos.

1885. L. U. Grís.

## CASOS E COUSAS

Nóso compañeiro Chumín de Céltegos tèn unha fame de cartos mais que doente.

C'unha ducia d' exemprares de *Non mais emigracion* baixo d'o brazo, bèn apertados c'o cóbado pra que non s' escarran, anda de cèca pra méca, precurando pequenas cigalladas de diñeiro. Con elas quér mercár moitas cousas: quér chourizos de San Croyo, mayólas de Barbos, percebes d'os Aguillós de Cariño, sardiñas cabezudas d' as que se collen n' Espasante, longueirós d' a barra de San Martiño, minchas d' o Peirál, berberechos de Cabalàr, xardas de Ladrido, y-en fín, pra non deixar miga d' as boas cousas que s' atopan n' o condado de Santa Marta, hastra se lle meteu n' a chòla qu' antes d' o mes de Xaneiro ha de convidar un fato d' amigos con pestrinos d' as..... (iba decir d' as *Petelas*; pro com' é alcume, péchom' os beixos)

En alaboll os seus desexos, pro mellor llos alabaría si pra iste gaiteiro houbera — anque mais non fora — un pouco d' o prebe ou d'o azucre d' isas lambicadas.

—A boa hora s' aparce vosté por eiqui, señor Chumin de Céltegos.

—Baixoll·a mau, señor Roque.

—¡Y·os *casos e cousas* qu' é d' eles!

—Lev' o dèmo un fixen.

—¡Y enton, vai deixar hoxe de repinicar alguna toada n' a nósa Gaita!

—E mais tén razon; pro cale, non s' enferrunxe, qu' ista mañá pillei n' a mau un librillo de Farruco Durante—música d' as Castelas—e d' il vou a ver si saco alguna tocata, dandolle xeito gallego. Aló vai.

—Pois veña d' aló.

### O VIAXE D'A VIDA.

(TRADUCIDO DE FARRUCO DURANTE.)

N'o vagón m'atopei sin saber como....
Alguen deu a siuál, chifrou a máquena,
e de còte, lixeira com'un rayo,
prencipiou a marcha.
Neno era entón, máis bèn m'acòrdo
qu'ô paradeiro aquel en qu'empezaba
viaxe tan pra min inesperado.
decíanlle d'a *Infanza*.

Cand'o trén arrancou, sentín de pronto,
horribres soidás, inespricabres ánseas,
y·un desexo infinito d'algo estrano,
e mil ideas vagas.

Atravesamos cómaros e chousas.
e farturentos rios e montanas....
¡Con qué satisfaucion de neno os vía!
¡Con qu'aquel os ollaba!

Corrimos pouco trècho. O trén detivo,
cal vello canso, sua carreira rápeda,
y·unha voz escoitei que me decía
mui preto istas palabras:

¡Estacion d'o *Amor*, cinco menutos!
Anqu'era pouco o tempo d'a parada,
baixeime n'a estacion.... ¡Ogallá nunca
a sitio tal chegára!

Era o lugar espréndido e manifico!
Cheirumes por do queira, moitas galas,
rumores n'as fontiñas, y·armunias
n'o aire tintinaban.

Moita luz, moita fror, moitos cantares,
moito barullo de músicas lonxánas....
Pro ¡ai! o hourizonte estaba cheo
cheo de mouras manchas!

Cando sallín d'alí, cand'o istante
chegou, e de nóvo escomenzou a marcha,
sentín moito calor n'a miña tèsta
e tiritar n'a y·alma!

¡Ouh, qu'estacion aquela tan hermosa
si n·houbera n'o cèo sombras tantas!
tan miserabre xente n'ista tèrra!
tanta muller leviana!

II

Sigueu o tren, pro paseniñamente....
Deixou despois de funcional·a máquena....
—Estacion d'o *Pracer!*....—¡Bendito sea..!
Amarmurei con ánsea!

Detivenm' un anaco. En van á todos
pol·o pracer, de cote, perguntaba.....!
Naide me deu razon...! Sò alcontrar puiden
eso pracer que mata;

Ese pracer qu'hastr'os sentidos chega,
qu'corroe en silenzo as entranas,
que pòdre o corazon, told'a mamoria
y·o pensamento dana.

¡N·era aquel o pracer qu'eu queria!
¡N·era aquel o pracer qu'eu buscaba!
¡e n'él vivín, como viviron moitos
d'outro pracer a falta!

III

De viaxe outra vez....! Recorrín moitos,
moitísimos tarreos sin labranza....!
T'an sò cativos y·enfermizos albres
atopei n'a marcha!

¡Xa chegui a estacion d'o *Desencanto*!
¡Xa detivo o seu andár a máquena
y·adiante non camiña, aquí se fica!
Acabous'a xornada!

Si o amor, o pracer y·a ventura,
Son sombras nada máis, fòfas palabras,
¡que pouco vales, corazon, que pouco
¡canta miseria gardas!

Chumin de Celtegos.

# ¡NON MAIS EMIGRACION!

Apropóseto líreco-dramáteco en dous autos e sete cuadros

POR

## RAMON ARMADA TEIXEIRO

*(Amador Marán) (Chumín de Céltegos)*

MUSICA

D'O COMPOÑEDOR GALLEGO

## DON FELISINDO REGO.

Esta obra, imprentada con todo luxo y adornada c' unha cuberta en once côres n'a que leguran, o escudo xeneral de Galicia, os d'as catro provincias gallegas, o embarcadeiro d'a Cruña, unha aldea d'a terra, a cruz de Santiago etc.; vèndese n'os puntos siguentes, a PESO E MEDIO B. DE B. o exemprar.

**Habana:** Adeministracion d' A GAITA GALLEGA, Aguacate 47; A Economía, O'Reilly 21; Imprenta A Correspondenza, Obrapía 24; A Propaganda Literaria, O'Reilly 54; Librería de Villa, Obispo 60; Peletería O Fenix, Praza d'o Vapor 45; Peletería O Ancora, Obrapía 14; Secretaría d'o Centro Gallego, Dragós e Zulueta; Secretaría d'o Coro Gallego, Dragós e Galiano; Fonda As Brisas de Paula, Oficios y Acosta; Café O Polaco, O'Reilly e Compostela; Tabaquería d'o treato d' Irixoa.

**Caibarien é Remedios:** Axencia d' A GAITA á cargo de D. Santiago Bermudez.

**Cárdenas:** Id. D. José Albitus, Real 43.

**Cienfuegos:** Id. Sres. F. Torres y Compañia.

**Matanzas:** Id. Sres. Sedano Hernandez, Ricla 43.

**Pinar d'o Rio:** Id. D. Serafin Ares, Praza d'o Mercado núm. 4.

**Punta Brava de Guatao:** Id. D. Francisco Mancera Deschamps.

**Güines:** Id. D. Antonio Bolado.

**Jaruco:** Id. D. Feliciano Diaz.

**Esperanza:** Id. D. Benito Couto Pulido.

**Santiago de Cuba:** Id. D. Benito Filgueira, San Francisco Alta 11.

**Luis Lazo:** Id. D. José Otero Recaman.

**Alfonso XII:** Id. D. Marcelino Abelenda.

**San Luis:** Id. D. Francisco Montero Aldao.

**San Xoan de Puerto Rico:** Id. D. Luis Pardo, casa d'os señores Vicente Cª

**GALICIA:** Id. D. Xoan Armada Iglesias, Santa Marta d' Ortigueira.

IMP. D' "A CORRESPONDENZA DE CUBA," RUA D' OBRAPIA NUM. 24.

# A GAITA GALLEGA.

REPINICA MUIÑEIRAS, FANDANGOS Y-ALBORADAS, UNHA VEZ 'O MES.

ANO PRIMEIRO. | N-a Habana: 8 d'o mes d' Novembre de 1885. | TOCATA 5ª

## A FALA GALLEGA

### II

Q'un pobo, empuxado unhas veces pol-a invidia y-outras pol-a icoranza, aldraxe á outro, pódese cavilar; pro qu'o pobo aldraxado acete sin chistar os insultos e non cobice a defensa, non é fácile d'entender. Galicia, que perdeu cand'os Reises Católicos os derradeiros anacos d'a sua nacionalidá, deslembrouse por compreto de que tiña unha língua sin comparanza, e logo mais tarde deslembrouse tamén que tal língua era a pátrea mesma, as tradiciós, o xenio, tod'o que lle quedaba d'a sua vella grandeza. Quitando á Sarmiento, y-algun mais escritor, cuase que ninguen se coidou de cultivar a nosa fala, é ainda ménos de defendela d'os insultos d'os estranos. Pode decirse que todal-as cousas boas, o mesmo qu'os xenios, son decote perseguidos, têndo tamén decote quen loite n-o seu favor: a fala vascongada é aldraxada por Cervantes, e mais tarde tên un Humboldt qu'a defende e nos encita pra qu'a respetemos; a gallega tên e tuvo os seus detrautores, y-encontra tamén, primeiro un Freeby e despois un Balaguer e Castelar qu'a poñen pol-as nuves; o catalan ou lemosín é aldraxado por Arago, e mais tarde Vítor Hugo cham'a isa língua «a mais viva d'Europa.»

Nosoutros, celosos d'a nosa, qu'anque non fose tan rica e melosiña, nada mais que por ser a língua pátrea, a defenderíamos; têmos o atrevemento—pois así debe alcumarse este traballo pr'o qu'é menester moita intelixenza e longos estudios que por disgracia non temos—de comenzar q'unha pregunta qu'espricaremos, namentres que poidamos, dentro d'as razós históricas e linguísticas:

*¿É merecente a fala gallega de levar o nome d'idioma?*

S'esta pergunta a lê un castelán de pouca chencha, rírase con desprezo e negará sin parar mentes, que non é dina de tal categoría; moitos peisanos, d'os que non estudiaron a fala, riranse tamén, e quizais pensen de que o cariño pol-o gallego nos leva a choucheces.

Nosoutros, sin medo nin receos, decimos qu'é merecente de tal categoría, con preferenza á cantas línguas se falan n-a Península.

Dialeuto, segun a Academia Española, é o linguaxe que tên con outros un orixen común, co'a diferenza sômente d'as desinencias; segun Orchell, entran n-a clâs d'os dialeutos aquelas línguas que, têndo por orixen ou nai û nacional, diferéncianse d'ista n-o cambio d'algunhas letras por outras y-algunhas veces n-a construcion.

¿A nosa fala atópase dentro d'estas razós? De contado ollamos que non, pois non solasmentes é difrente d'a de Castela n-a fonética, n-a eufonía, y-en condiciós de sintáxis, sinon que non pode caber de ningunha maneira n-esta definición, por ser mais vella qu'o castelan e casi dol-as línguas ibéricas. A fala gallega, anque non fose igual,—qu'esto é mui seguro—â d'hoxe n-o dia, e quizais mais vella qu'o mesmo latín. (1)

Todal-as falas reconocen un orixen común: o latin e gréco son fillos d'o peláxgico y-este era d'orixen ariano, anque o segundo foi en-

(1) Di Don Manüel Murguía n-as *Consideraciós xenerales d'a Historia de Galicia:*

"Pra nosoutros non deixa de ser d'importanza a reaparicion d'as falas vellas, n-os momentos en que esgazados os lazos qu'apreixaban ás provincias d'o imperio román, salían d'a escravitú en qu'estuveran, arrecadando o posto qu'habían perdido. Esto é unha cousa en que debe pararse a cheneba, sempre que quisiramos hachar o orixen d'os nosos dialeutos e idiomas; pois próbanos que, apesar de que tod'o que se escribía era en latín e que todol-os documentos púbricos se facían n-aquil idioma, ainda vivían, anque de mal xeito, as falas aborixenes, qu'ô hacharse en condiciós favorabres apareceron de novo, pro levando enriba de sí as sinales d'o xugo imposto pol-o latín."

xendrado despois d'o latín. Non ofrece dúbida qu'o greco é mais novo qu'a língua d'o Lácio, e segun investigaciós históricas, o gallego anterior â dominación d'os romans, era celto-ariano, é decir, d'a mesma póla qu' o greco. Si non tivésemos mais probas qu'as dos nomes d'os rios, montes, pobos, etc., podía demostrarse esto con algunhas palabras, entr'elas os artículos, e con certas regras eufónicas comús n-as duas línguas.

O gallego seguramente sufreu modificaciôs co'a infruenza d'o román, e mais tarde co'as línguas xermánicas, pro istas modificaciôs non foron seguramente tan grandes que fixeran desaparecer as condiciôs especiás d'a nosa fala, pol-a razón de qu'a dominación d' os primeiros non foi tan longa nin tan efeutiva que tivera forzas d'abondo pra impoñernos unha nova fala; y-encanto ôs segundos sabido é qu'acetaron as nosas costumes —como fixeron todal-as razas invasoras d'o Norte—e co'elas a fala celto-ariana, que debeu enriquecerse estonces con algús verbes mais.

O intelixente lusitán Farruco S. Luiz demostrou n-unha memoria cheia de maníficas e cachazudas observaciós, qu'o portugués xa se falaba n-a Lusitania n-os tempos d'o imperio roman, y-o doutor Hervas afirmou tamen qu'o gallego era n-afeuto d'orixen céltico-ariano. ¿Sería aventurado, pois, o demostrar qu'a nosa fala é quizais mais vella pu'o mesmo latín? (1)

Demostrada xa a antigüedade d'o gallego, superior en algús centos d'anos â d'o castelán, fáltanos por decir qu'aquél sirveu de língua literaria en Castela, e que tamén alí foi a fala vulgar. As Partidas, o Foro d'Avilés y-o Foro Xusgo, o mesmo qu'os decumentos pùbricos—pois os que non s'estendían en latin facíanse en gallego—están escritos n-a nosa fala. ¿Que quêr decir esto? Qu'en Castela non se conocía mais língua qu'a gallega, e qu'as leises, pr'o goberno d'o pobo, escribíanse n-a que tiña que ser forzosamente a d'aqueles manates. Ademais, os trovadores d'aqueles tempos, principalmente n-os sigros X e XI escribían as suas cántigas en gallego, y-éstes tiñan que ser entendidos por todos pra facerse valer. Alifonso VI choraba en gallego a morte d'o seu fillo, e Sandoval dinos qu'aquela era *a língua qu' estonces se falaba.* As cántigas e traballos d'o Arcediano de Toro, Pero Gonzalez de Mendoza; os laudes â Virxen, pol-o Rei Sabio; o cronicón de Servando (sigro XII), as historias de Vasco d'Aponte e Ruy Vazquez, afirman mais ista opinión.

Unha língua que servía de literaria en Castela, e tiña logrado semellante desarrollo, debía ser de verdá mais vella qu'o castelán, e pol-o mesmo debeu têr n-ésta gran infruenza pol-as razós de que aquela era usada en todo, tanto pr'os traballos xurídicos como pra cencia gaya.

¿Como, pois, â fala gallega, a primeira língua literaria en Castela y-ainda en Cataluña (1) quérselle quitar hoxe a categoría d'idioma? ¿Como é posibre qu'o gallego sea un dialeuto d'o castelan sendo mais vello que éste? ¿Como é posibre c'o fillo sea pai de seus pais?

Solasmentes unha crítica cega e douda; solasmentes algús que acostuman á ver n-o gallego unha fala sin regras poden cobizar o sacalo d'unha categoría a que tên direito. *Idioma* lle chama ô gallego Balaguer, *idióma* lle chama repetidas veces Castelar, e nosoutros, nosoutros mesmos, temol-a costume de chamarlle decote *dialeuto!*

Anque así non fora: ¿danlle ô portugués o nome d'idioma? ¿Pois enton, como negarllo â unha língua, nai d'esa fala segun reconocen hoxe n-o dia homes como Teófilo Braga?

Algús diráome qu'o gallego non é agora língua de ningunha nación é tampouco n-os tempos que levamos o son o latin nin outras falas que, fachendosas, levan o título d'idioma. Diranme tamen qu'a língua d'o Lacio foi oficial d'una nacion ou imperio; ¿e Galicia non foi tamén unha nación independente que fixo uso d'a fala gallega?

Quede, pois, por sabido qu'a nosa fala é un idioma, pro un idioma d'abolengo e tradiciós craras e ben definidas. Nosoutros que —como dixo un amigo meu—non podemos ou non quixemos levar á cabo os proyeutos, calificados por moitos de toladas, fundemos a independenza literaria traballando con fé

(1) Don Culás María Serrano, n-o seu *Dicionario Universal*, dice con respeuto á ésto: "N-os dialeutos que concurriron â formación d'o latin, o pelasgo, *o céltico y-o cántabro* tiñan os seus representantes."

(1) O trovador provensal Rimbaldo de Vaqueiras fixo os seus versos en gallego, que son os mais antigos que se conocen n-a S'paña.

pra que chegue á têr á importanza que logrou n-os sigros XIII e XIV. Respetemos esa santa herencia d'os nosos abós: «que non ruba nunca ás nosas meixelas o rubor d'o miserable que s'abergonza d'a sua fala nativa», (1) e poñámola n-o seu verdadeiro estado, pois deber patreótico é; chamésmolle *idioma* e d'esta maneira arrecadaremos un novo frorón pra nosa pátrea, pois, como dixen ô escomenzo, a língua representa o carauter enxebre d'a nosa querida Galicia.

## A GALICIA.

¡Probe Galicia! N'as maus escondes
á tua cara
é de cote rolar por tuas meixelas
sintes as bágoas....!
Pois ves que che firindo
están as tuas entrañas
como malditos corvos
qu' a os mortos s' abalanzan,
contribuciós atroces,
as quintas que ch' arrancan
d' os brazos a-os teus fillos
y-a emigración, qu' os chama
como chama y atrae a-o paxariño
á fea colebra n'o arbre abrazada¡

Galicia! D' hox' en diante
n' o fol d' a tua gaita
é d'as campás d' as tuas eirexiñas
n' as tristes bate'adas,
é n' as tristes é doces armunias
d' o teu alalálala
non chores as tuas coitas
Non vertas, non, mais bágoas
é convoc' a-os teus fillos,
qu' á hora xa chegóu d'a tua vinganza.
Qu' as campás d' as ermidas
y-os foles d' as tuas gaitas
repiniquen á morte solesmentre
contr' aqueles treidores que, sin alma,
che maltratan, che firen,
che insultan y-asoballan.

. . . . . .

Qu' a sombra d' aquel mártire grorioso
que por librarté á tí ¡ouh miña patria!
d' os malditos, tiraus, foi â Frouseira,
por treizón á morrer, érgase páleda
d'a sua coba, s' é qu' está durmido
n' o fondo d' as suas almas
o amor d' os fillos teus â liberdade
á que todol os xustos homes aman..
¡Pardo de Cela¡ Guíenos ten nome
â loita encarnezada!
¡Repiniquen sin trégolas á morte
as campanas y-as gaitas,
é morran os tiraus qu' á culpa teñen
d' os males que ch' aqueixan e che mágoan.

¡Gallegos a nosa terra
vinganza á gridos crama...
pois á vinganza é xusta
vôemos á vingala!

M. A. M.

(1) Prólogo d'a "Gramática Gallega" de Saco de Arce.

## PATREA, FIDES, AMOR.

Parece qu' algús gallegos cobizan o pensamento de facer n-esta cibdá unha velada literario-musical c'o carauter de xogos frorales.

A idea non pode ser mais dina d'os nosos laudes, e dende logo damo!-a nosa pequena axuda pra leval-á bô têrmo.

O noso amigo G. Sus, dend'as colunnas d' *A Voz de Castela*, di que *Roque d'as Mariñas* prestará o seu apoyo a tal pensamento. ¡Pois non faltaba mais! Tod'o que sexa pra erguer o nome d'a terriña ten n-o mariñan resoancia o agarimoso acollimento.

Hai qu' escoller o día en que tal festa se faga, e nomear unha comision que faga o programa e sinale os prémeos. Xúntense os antusiastas e tqdo se fará ben.

En canto ô día, pensamos qu' o mellor sería o de Santiago Apostol d'o ano que ven; e adianto os nosos desexos de que se asinale un premio ou dous á composiciós en fala gallega.

Adiante! Os gallegos levamos xa a honor de ser os primeiros que n-a America d'o Sur fixeron tales xogos frorales; levémola tamen n-as Antillas.

Outras provincias trouxeron aquí corridas de galos e touradas: os gallegos importemos eses palenques d'a sabidencia que levan a nobre lênda de *Patrea, Fides, Amor*.

A' storia daranos, si tal facemos, honrosos laudes.

## TRAS DE TEMPOS...

Rondoulle a porta cen noites,
votoulle un cento de copras,
fíxolle mil garatuxas,
y-a condanadiña....xorda.

. . . . . .

Era unha tarde de vran;
estaba o rapaz n'a chousa,
deitado ô pé d' un carballo
fuxindo d'o sol que tosta.
Pouco á pouco adormeceuse,
pensando sempre n-a *rosa*
que pr' outros tiña cheirume
e pr' él as espiñas solas.
Pasou preto d'o balado
a-desaborida moza:
viu ô rapaz que dormía
sin coidado, a perna solta;
brincou d'a parede enriba,
a man votou á unha pola,
arrincou unha variña
e brincou dentro d'a chousa,

Foise por tras d'o carballo
engordiño dand'a volta,
e co'a puntiña d'a vara
n-a orella fíxolle cóxegas.
'A primeira vez.....quietiño:
á segunda, cal si mosca
lle fuxícase as orellas,
deuse un lapo..... Ela destoncias
sinteu un escarbalieo
que ll'andaba pol-a gorxa;
abreu aquela boquiña
que sorrindo daba groria,
ensinou n-unha risada
hastra mais alo' d'as moas,
e fuxeu por ali adiante
com'unha anduriña louca.
Ergueuse él: mirou quen era;
chaquetas tirou e zocas:
*lévecheme Pepe*, dixo;
votou tras d'ela.... e pillouna.
Quixo fuxir a rapaza
e sacudeuse con forza.....
Como estaba escorredizo,
esbarou..... ¡ai miña pomba!
El, como a tiña colleita,
non sóltou.... y-é crara a conta
tamen esbarou, y-os dous
caeron n-unha revolta

.....

Dende d'aquela a rapaza.....
nin garatuxas, nin copras;
y-ela non lle ronda a casa.....
ou por medo, ou por vergonza.

A. J. Pereira.

## CENTRO GALLEGO.

Lémos n-*O Eco de Galicia*.

«O proyecto d'a nova casa pr'o *Centro Gallego*, foi aprobado pol-a Xunta directiva. Pol-o mesmo estanse facendo unhas circulares que se dirixirán ós socios, supricandolles que si lles gusta o proyecto de facer a casa pr'o *Centro*, d'o que será propiedade, teñan a bondá de dicir con que diñeiro permeten poñerse pr'o caso de qu'a Xunta xeneral acorde que se lle dea xeito ó proyecto; debendo advertir, qu'os cartos conque cada un s'interse, iranse entregando por prazos de tres meses.»

Mui ben: o pensamento non pode ser mellor.

A Gaita Gallega roga á todol-os peisanos que boten man ó peto, e d'esas medallas mais enferruxadas que teñan (aquí todo pasa) escollan unhas poucas pr' axudar á facer a casa nova. Ansi, pois, ademais de ser en noso proveito, faremos ver ós estranos qu'os gallegos somos francachós e xenerosos. Dicimos xenerosos, porqu' algús din ainda que nosoutos somos mui *agarrados*.

## O FALAR D' AS FADAS.

Fálame n esa lingua melosiña
que celestiales armunías têu;
fálame n-o lenguaxe d'a terriña
s' é que me queres ben.

Se dexesas probar d'o meu cariño
as tenruras, o fogo y-a pasion
probas con me chamares "amantiño"
que me tés moito amor.

Se che digo que fora meu encanto
vivir sempre onde á tí, xuntos morrer,
terás dito que sintes outro tanto
con escramar "¡cantél"

Chámame "mentireiro" s' engañada
d'o que che digo chegas á dudar;
"toliño" si ó falar pol-a calada
che roubo un bico ou mais.

Fálame n esa fala, qu' espresando
tristuras, fai sentir ó courazon
non sei que morno acabamento brando,
nin que vaga emocion.

Fálame n-esa fala pracenteira
que cando goces expresarnos quêr,
é mais leda qu'os tonos d' a muiñeira,
é mais doce qu' a mel.

N-unha sola palabra dinos tanto
este noso falar feitizador,
q'unha pulla, un poema, a risa, o pranto
condensa n-unha voz.

Arrólame c' os ecos d' esa fala
que tan ben fai sourrir como chorar;
múseca qu' os oubidos non regala
d' as xentes d' outro chan.

Falame n-o lenguaxe d' os gallegos
se me queres facer moito sentir;
n-a fala que hasta en lábios de labregos
non sei que ten pra min.

Arrólame c' o ritmo regalado,
co-a sonora infinita vibracion
d'o falar pol-as falas inventado
pra meigar curazós.

Xa de neno, esa fala melosiña,
o meu feitizo, a miña groria foi;
fálame n-o lenguaxe d'a terriña
s' é que me tês amor.

V. Lamas Carvajal.

## CARTA.

Tia Marica:

Vosté sabe que se ben eu son un rapáz novo que me gustan as gayoladas y-as troulerías, sin

embargo non deixo de ser *un home de peso* como vostedes as vellas, acostuman á decir d' os rapaces que lles parecen formales. Pois ben: quero darlle un consello que supoño non desprezará.

'A sua filla Pepa, gustalle moito traer un xustillo que lle parte o corpo en dous pedazos. Comprendo que o fai por facerse mais guapa, pro debe ter presente que tal xustillo está contr' á salú. Siguindo así vai á ter mál resultado.

Mire, tia Marica: á min gustame a sua filla, pro non pense que me gusta porque gasta xustillo, non señora; nin penso tampouco que a ningún home de xuicio lle guste que unha muller ande acinchada d' ese modo É mais tia Marica: a rapaza que busque en pra compañeira non quero que gaste xustillo; si por aparentar gracias que non teña, e tapár defeutos xa conocidos, a d'estar destragando o corpo, estou fresco! por moito que fixera non ganaría pra ir á botica; e do contra quedaríame tal vez sin muller!

As mulleres grecas, tia Marica, non conoceron o xustillo y eso qu' eran verdadeiramente bonitas. Tampouco ó levan as fermosas circasianas, nin as turcas.

¡Fan ben!

As romanas ó principio non levaron mais que á *cástula*, figura de semi-xustillo pra soster unicamente os peitos: mais ádiante adoutaron un cinto que levaban sobr' as cadeiras e que deixaban de levar cando estaban preñadas; entonzas estaban *incinta*, non apreixadas, e d' ahí ben o decirse en castelao qu' está en *cinta* a muller preñada.

As romanas nunca chegaron sin embargo a apreixarse e crebarse o corpo en duas mitades, que parecen ras ou avispas.

Catalina de Médicis introduxo o xustillo en Francia e fixo alí extragos de consideracion. Non causou menos en Alemanea; e tanto que visto o tan grande número de éticas é xibosas que iban pelulando por Viena, José II quitou o uso d'o xustillo n'as escolas das nenas.

É certo que hoxe temos xustillo d' alastico, pro val moi pouco tamen. Como queira que sea, o xustillo é contr'o desarrollo d'as nenas dando ó mismo tempo lugar á indisposicios y-enfermedades. Esto é a verdá, y-a'stadistica demostra qu' en Turquía, donde non se gasta todavía, (¡queira Dios que n'o conozan!) y-en Europa mismo, entr' as mulleres d'a crase traballadora, que de cando en cando suprimen o xustillo [porque lles fai falta soltura de movimento pra traballár e non lles sobra diñeiro pra costuras] *os partos traballosos y-as dislocacios son moito menos* a miodo que n'as nacións onde as mulleres teñen por costume apreixarse c'o demo d'o xustillo.

Po lo tanto, tia Marica, é un auto inhumano ó poñer xustillo ás nenas, por que en lugar de perfeucionalas ou formalas, a centura privalles ó desarrollo normal d'o corpo, y-enxendra n' elas as irritacios d' o peito que non poucas veces acaban por eticarse.

En verdá xa é tempo de qu' a xente *civilizada* entre n'a razon, e non faga consestir á bonitura d' a muller n'a deformación d'o seu corpo.

Esto é moi estupedo, por mais que nos creemos vivir nun pais adiantado, tia Marica.

¡Con que dereito podemos facer risa d'a estupidez d'as chinas, tolas por têr ó pe pequerrecho! Entre botar á perder os pés y estropear ó peito e maila barriga, á ventaxa está de parte d' as mulleres chinas.

Pra dar fin á esta carta, tia Marica, voulle á contár como fan n'a China pra qu' a muller teña corpo alto é pé pequeno.

Chegando a nena ôs cinco anos (s'ó de boa familia, a destinan seus pais pra brilar n'a sociedá;) collea un operador de pés, dóblallos sobr a perna, e prendellos en tal posicion por medio d' un forte vendaxe.

En seguida doblall'os dedos segundo e terceiro d'o pé sobro fondo e xuntando ben os outros tres, asegura todo cô vendaxe fortemente. Estos vendaxes mantañense apreixados de 60 á 90 dias; despois d'ese tempo queda xa á primeira hora o pe como soldado, cô a articalacion d'a perna. Esta forma ou mellor dito esta deformidá a medida que medra a muller vese obrigada á camiñar de punta, sendo por consiguiente mais alta.

Sin outra cousa porhoxe se despide de vosté seu amigo,

CÉSAR UNDINOCO.

## ¡ROSALIA CASTRO!

*(Primeiro premeo d'o Certàmen celebrado pol·a Sociedá d' Artesás d'a Cruña, en honor d'a distinguida poetisa.)*

Airiños, airiños, aires,
airiños d'a miña terra,
airiños, airiños, aires,
airiños *chorá por* ELA.

Craro luár, estrelas bulidoras,
sospiriños d'a brisa embalsamada,
amorosas fontiñas
que fuxides correndo cantadoras;
marmullos que brincades n'a enramada,
lixeiras anduriñas
que ledas reboades con donaire:
tezendo e destezendo po lo aire:
froles cheirosas, herbas d'a pradeira
pinos d'o monte, chopos d'a chanzada,
agreste son d'a beira mar salada,
que roncas n'a arreira,
e n'os penedos temeroso morres,
*ruxe, ruxe* d'as o'as que te escorres
po lo fondo socavo
chorando maino ou casquexando bravo;
ninfas, nereidas, náyades e ondinas
que vivides n'as augas cristalinas
d'os lagos e d'os mares e d'o rio:
meigas fadas e amores
de aas de gasa e de côres
que bobédes as pedras d'o rocío
revoando entre as rosas d' as silveiras;
sombras todas queridas, feiticeiras
que, buligando inquietas,
rebulides n' a mente d' os poetas;
apagadevos xa, calade preto

e non rompades d'a dolor a calma;
deixade que en sacreto
padeza e sofra, se retorza a y alma.
.....
.....

Aló..n'un dôce niño
por laureiros e buxos sombreado,
á onde chega maino, amorosiño,
o sospiro d'o mar, onde esmayado,
pousa o sol os seus rayos po la tarde
cando antre nubes e antre escumas arde:
allí arrolada po-l o blando encanto
que â-y alma dá d'a inspiración á llama
sintindo o lume santo,
que a labarada d'o entusiasmo inflama,
levando un mundo de quimerias feito
n'a tola fantesia
e outro mundo d' amor dentro d'o peito
a Virxe d'a gallega poesía,
d' amor *a terra* e d'a pasion escrava
cal namorado reiseñor cantaba.
Falas d' amores, queixas de tristuras,
sospiros, soedades, amarguras,
bágoas é risas, cántegas e choros,
canto garda esta terra
de romores suaves ou sonoros
canto Galicia n'o seu seyo encerra,
de ROSALÍA o nume peregrino
todo cantóu con tatexar divino.
Mas un dia chegou.. ¡Cativo dia!
que á desgraza traidora
cravou n'ela sua garra trouzadora;
e a tenra ROSALÍA,
de Galicia é d'o Arte namorada,
como rula magoada,
qu'os derradeiros layos
bota ó vento entre lampos é desmayos,
asi tamén cantóu, mentras lle daba
seu adios á esta terra que adoraba.
E dempois..como estrela que morrendo
pérdese n'o infinito;
coma sol que se apaga esmorecendo;
coma celeste grito
que n'o alto sona é que n'o vento espira
alexándose cego....
así morréu ó son d'aquella lira,
así morréu ó REISEÑOR GALLEGO!
.....
.....
.....
.....

Daime, alcipreses fúnebres rumores,
daime ventos, queixosas armunias;
quéro layos é dores
e amarguexos, e feles e agonías
para cantar ¡ou Galicia! teu crebanto..
Mais.. ¿pra que queres canto
que pinte a pena con que ò Ceo cramas?
Que mais canto qu' as báguas que derramas!

J. BARCIA CABALLERO.

# OS ARTABROS.

**ESCENA ORPEONICA.**

MUSICA D'O MAESO D. PASCUAL VEIGA.

DRUIDAS.

¡Aquí, aquí!
Artábricos leós.
¡Sallí! ¡Sallí!
Qu'è hora de loitar.....
¡Mirád'a'í
De Roma os escadrôs....
¡Mal haxa, sí,
Quén tema seus pendôs!

GUERREIROS.

¡A loitar¡ ¡á loitar!
O romano felón destrozar,
Con coraxe a cardeña brandir,
Dend'a cume d'a serra hastr'o castro
Non quede nin rastro
D'o seu existir.
¡A loitar! ¡á loitar!
C'o seu sangue fagamos un mar.

POBO.

Y-os que secumban
Gardand'os nosos lares
Sirvan d'altares
Ó noso corazon.
Mentras que brilen
D'o ceo os lumiares,
Terán cantares
De sagra bendizon.

DRUIDAS.

Temprad'as armas
N-a lábara sagrada,
Qu'o galo agoira
Victoria en seu cantar,
E n-as entrañas
D'a vítema inmolada
Lése que libre
Veráse o voso lar.

GUERREIROS.

¡Atrás! ¡atrás!
Idólatras de Roma,
O sol qu'asoma
N'aluma hoxe pra vos,
Pois ya n-o cume
D'os ceos, resprandece
O Dios qu'ofrece
Os trunfos para nos.

DRUIDAS.

Brigantís ¡avanzar!
¡E millor sucumbir
Que cadeïs levar,
Que cautivos vivir.....!
N'haxa dôr, n' haxa paz
C'o Senado tirán.....

¡Mórre tí....! ¡Céa atrás.....!
¡Ouh, maldito roman.....!

POBO.

Caeron n'o Letexo,
¡Ouh bravos de Brigancia!
Feridos pol-os rayos
D'a santa libertá.
Miráde esas escadras
Cochadas de vilancia....
¿Qué foy d'o seu empuxe....?
Galáicos, ¡atruxá!
¡Honor ô celta bravo!
¡Ouh Druida, ¡groria á tí!
Qu'ántes que ser escravo
'O ceo t'erguich'aquí.

DRUIDAS.

¡Ouh virxes d'estes vales!
Con mórdago e verbenas
Corré á soldar as venas
De quén por vos loitou....
Na méntres que n'o Castro
As cinzas recollemos
D'os que n'a groria temos
Y'a pátria consagrou. *(Anoitecendo.)*
E tí, piadosa lua
Qu'ateas noso peito,
'O seu erguido leito
Non páres de alumar.
Detén tuás rayolas
N'o carballal cerqueiro
Qu'é sagro compañeiro
D'o noso pátrio altar.

O GRAN DRUIDA.

*(Arredor d'o Dólmen acendido.)*
Cal orballo, d'os campos fartura,
Esforzo e vitoria nos deches ¡ouh Dios!

OBATES.

Por tal ben, nosa ofrenda máis pura
O Dólmen ardente libre ergue hastra vos.

CORO GENERAL.

¡Oh *Teut* infinito!
Escóitanos, sí;
D'os Céltas o'sprito
Recolle onda Tí.

FIN.

FARRUCO Mª D'A IGREXA.

Cruña, 30 de Decembre de 1880.

## ¡POR QUÉ VERGONZA?

¿Que tés vergonza dis
porque lev' unha peza o teu gaban,
é bulra che farán
os que n'el' arroparen?... ¡Infelis!
Anda, é non coides, non,
d'o qu'o mundo che diga sen razón,
coida, sí, qu'os que risa de tí fan
outra prenda, meu home, non ch'a dán.

***

## ¡SI FORA CERTO!

Perguntáchem' un dia s'eu amaba
y-os meus beizos dixéronte que non
ó tempo qué—¡E mintira! ¡Si!—berraba
n'o peito o corazón.

Pro tí non entendiches aquel grido
que m'arrincou á forza d'a pasión,
e dixeches con noxo, que ferido
deixoum' o corazón:

—¿Tí non amas? ¿Non sintes n'o teu peito
ise fogo docisimo?..¿Qué non?
Pois home..pra decircho-teño dreito:
¡Tí non tes corazón!

.....

E perdida pra semp' a leda espranza,
eu digo dend' entón,
d'o dito ten un frúnebe lembranza:
—¡Ogallá non tivera corazón!

R. M. E.

## CASOS E COUSAS

Pois señor; desqu'ô TIO MARCOS
A quen noman D'A PORTELA
Por amor d'un *carballino*
O leváron pr'a cadea,
Volveuse mal educado
C'os colégas de monteira.
Y-esto dig'o é correreino
Por fias, tascas é feiras,
Aunque leve n'o meu lombo
Mais paus, qu'unha besta vella.
Évol-o caso, rapaces,
Qu'o tal MARCOS D'A PORTELA
Recibeu n'o seu alboyo
A nosa GAITA GALLEGA,
Y-o condanado d'o vello
O saúdo â GAITA nega.
¿Y-enton por qué, señor Marcos?
¿Non falan os dous á lengua
Que falaba amorosiña,
Aquela rula parleira
Que morreu, en Iría Flavia,
Pra delor d'a nosa terra?
Fale, fale axiña, vello,
Fale correndo e de presa,
Que si non fala, lle xuro
Pol-a virxen d'a Saleta,
Que lle fago andar sin zocos
Anque vosté non o queira,
Que lle don unha somanta
Que se queda sin costelas,
Qu' outra ves fago que volva
Exconxurado â cadea,
Y-en fin qu'o nomo.....Ministro.
¡Que me coma unha centella!

÷

—¡Quen peta n'a miña porta
C'un petar de raparigaf
—Son eu, mi señora GAITA,
A *Revista de Galicia.*
—Pois entre, que n'esta chouza
Pode entrar hastr' â cociña.
¡Ai, que composta ben hoxe!
¡Ai, que graciosa! ¡Que linda!
¡Que mantelo churrusqueiro!
¡Que zapatos con fevillas!
¡Que dengue de muradana!
¡Que cófia branca e garrida!
¡Quen lle donou todo iso,
Señora doña *Revista?*
—Isto no llo dan a todas
¡Ai, non dan, non, miña amiga!
O mantelo deumo Espada;
A cófia o señor de Villa;
O Doutor Fernandez Castro
Os zapatos con fevillas;
Enrique Xosé Varona,
De Moutoro, en compañía,
Regaloume istes aretes
Que son d'ouro e pedras finas;
Curros Enriquez e Conte
As calzas de tá texidas;
Cora, Armada y-outros tantos
(Que son escritores lilas)
Deronme fio y-agullas
Pra que poidera ir vestida
Como deben ir aquelas
Qu' â coba de Rousalía,
Vayan levar cal eu levo
Coronas de semprevivas.
—Pois deme unha forte aperta
Señora doña *Revista,*
Qu' abofé ben-a merece
Pol-o ben que s'espavi'a,
E pol o qu' o traxe honra
'A nosa patrea, Galicia.

÷

Catro escritores gallegos,
Aveciñados n'a Habana,
(E que son us bos larpeiros)
Estan facend' un xoguete
Pra representar n'o *Centro,*
N'o cal xoguete feguran,
De meus amigos, un cento,
Entr' eles, os redautores
D'o enxebre colega *O Eco.*
Non sei si son presentados
Os meus amigos coa xeito;
Pro, pol-o que poida habere,
Vou proparal-o fungueiro
Pra largalles tinternazos
'Os autores, si cal penso,
Non están presofficados
Meus quiridos compañeiros
D'o modo qu' é de xusticia
Y a que teñen mais que dreito.

÷

Y-agora vou á decirlles
'Os que fan ese libreto
Catro cousas que me veñen,
Pra este asunto, mui a pelo.
Hai n'esta cibdá un veciño,
Que pregóa de gallego,
E que dirixe un periódico
Qu' está escrito con veneno,
O cal debe presentarse,
N'ese xoguete que lembro,
Vestido de sacarrancha,
C'o siguente aditamento:
N'a man unha geografía
Pra qu' estudie o chan ibeiro;
N'o sobáco un diccionario
D'o noso idioma gallego
Pra qu' adeprenda a falare
Como n'o lar de Sarmiento;
Colgado d'o seu fuciño
(Qu' é un fuciño de tres metros)
A gramateca de Saco,
Aquel ilustrado crego
Que nos legou isa xoya
Antes d'ir pr'o cimenteiro;
Y-en fin, a guisa de pucho,
Unha alcuza con veneno.
Si asi o fan eses autores
Eu, abofé, lles prometo
Convidalos á unha tasca
Que vai a facerse presto,
E donarlles dez retratos
D'o tipo qu 'hoxe presento,
Qu 'anque *novo* escribidore,
É mais *poeta* que Homero,
Mais *periodista* que Araus,
É mais *enxebre gallego*
Qu'este redautor d'a GAITA
Que firma

CHUMIN DE CÉLTEGOS.


¡NON MAIS EMIGRACION!

ZARZUELA GALLEGA

ORIXINAL DE

RAMON ARMADA TEIXEIRO

(*Amador Maran*) (*Chumin de Celtegos*)

MUSICA

D'O COMPOÑEDOR GALLEGO

DON FELISINDO REGO.

—

Véndese n'o «Centro» y-o «Coro Gallego,» á *peso e medio billetes* o exemprar.


IMPRENTA D' "A CORRESPONDENZA DE CUBA"
Rua d' Obrapia núm. 24.

# A GAITA GALLEGA.

REPINICA MUIÑEIRAS, ALBORADAS E FANDANGOS, UNHA VEZ 'O MES.

*Direutor:* CHUMIN DE CELTEGOS.

ANO PRIMEIRO. | N-a Habana: 13 d'o mes d' Decembro de 1885. | TOCATA 6ª

## A GAITOTERAPIA

Os gaiteiros están chamados á redimírense d'o esquecemento en que n-a nosa terra s'alcontran pol-a mor d'as murgas: si Diol-o quer farán os oficios d'os médecos â cabeceira d'os enfermos, e de sair adiante o novo sistema que se descobreu n-Habana, poránse ricos hastra encheren d'onzas o fol d'a gaita, solo con tocala, non por múseca n-os turreiros, sinon por meiciña n-os hespitales. Botarán por terra os chismes de raxetar faunchos, acabaránse pra sempre as cataprasmas, os sedazos, as bismas, os reparos y-as ventosas, e sin moler ôs enfermos, sin facer as xudiadas que agora se lles fan, sin obrigalos á tragar píldoras, nin á tomar brevaxes, nin á beber suliman en augas, pol-a contra escoitando as mais arroubadoras melodías, os tonos mais doces y-as mais rebolideiras notas, reconquerirán a saude os que s'atopan en vísporas d'estarrical-a pata á xuicio d'os médecos.

O novo sistema descuberto pra secura d' os males, penso de min que tempos andando, e dempois de que se coñezan as suas ventaxas, háse chamar *Gaitoterapia*.

Mentira parês que os homes de cencia non deran en ningures co-a milagreira meiciña. Latricouse d'abondo n'as academias, escribiuse abau n-as revistas médecas; os mais ilustres galenos espremeron os meolos pra lle ganar as revoltas á moitos males que á xeito de pauliña tiñannos acabados, que daban n-a focha c'os mais valentes mozos e facian debecer âs mais garridas e churrusqueiras mozas. ¡Falar por non estaren calados! Namentres que os doutores parolaban, os enfermos acoradiños e pasando pol-as que Dios sabe meses e meses, anos e anos, acababan por faceren a carantoña.

Fixo falta un soldado gallego, veciño d'a Peroxa, qu'estivese dormindo n-o hespital militar d'Habana medio cento e pique de semanas, sin pestanexar, con todal-as aparencias d'un morto, sin mover tan xiquera os lábios pra decir esta boca é miña, e sin estarrical-as pernas pra esparexer a nugalla: fixo falta que viñese ô mundo en Galicia un home con estómago pra dixerir e dentes pra rillar que non pedise de comer, que non sentira as apetencias que todos sinten e que aunase á todo aunar unha tempadiña de dazaseis meses; auno de traspaso que xuzgarán carouca os políticos d'a nosa pátria por non estaren afeitos mais que á estrapexar n-o comedeiro, y-a remexer n-as trécolas d'o Goberno co-as maus cheas, c'o papo acogulado de talladas, c'o estómago en dixestion de *prencipios*.

E mais por eso é tan certo como temos que morrer, que s'alcontraba alá lonxe, n-a pelra d'as Amérecas, tumbado n-o leito d'un hespital, un soldado veciño d'a Peroxa sin apetencia, sin movemento, sin chiscar pinga d'auga nin pitiscar farangulla.

Os médecos, como de costume dábano por morto; tiña unha catalepsia cróneca, e n-os vellos fárragos d'a cencia de curar, nin xiquera ventaban o remedio. Era o soldado d'a Peroxa un de tantos enfermos que fan n-os hespitales antesala ôs sepultureiros; un anaco d'o podricaño d'a natureza en agarda d'un furmigueiro de vërmes que o roeran pol-a xorda debaixo d'as malvas d'o cimenterio; un cadravre en porparacion, alarha d'un esqueleto, un númaro disposto á entrar n-a suma d'os difuntiños.

D'esta maneira viviu dende os derradeiros de Mayo d'o ano que pasou.

Iñórase quen foi, non se sabe á quen lle deu por alí, nin quen xuncras pensou n-a

gaita gallega pra empregala como meiciña; peru foi o caso que cando a catalepsia dempois d'estrozar os nervos iba esparexéndose hastra pol-a cana d'os hosos—e perdoen os médecos a comparanza—antoxóuselle á un médeco que tocasen a gaita, xa canso de tocar o violon, e lonxe d'ir â botica foise ond'á un gaiteiro que pol-a mañanciña cedo e sin esquecerse de mollar a palleta, dempois d' infrar os foles e de compoñer o ronco pra que non rallase e de recorrer o punteiro, soltou ôs ventos os maláncónicos acordes d' unha alborada. Como por arte d'encantamento, levou o cataléptico as maus ôs ollos. A múseca d'a terriña, cicais espertando aquel adormecido espritu, fíxolle o efeuto que non fixeran hastra d'aquela todal-as meiciñas d'o mundo. Destonces xa pensaron en erguelo, e soou a gaita de novo espallando pol-os airiños as rebolidoras armunías d'unha muiñeira. Nin que o demo se metese á gaiteiro. ¿Sabendes o que fixo o cataléptico? Pois lembrándose de que alí faltaba algo e de que o tiquis miquis d'a falta estaba n-as castañolas, non téndoas á mau, buscounas n-os dedos, e co-eles pùxose á romedar o ledo son d'esas picalladas de buxo que tanto e tan ben saben repinicar os bailadores de sona n-os nosos turreiros.

Aparbados alcontráronse os médecos diante por diante d'aquel efeuto máxico que nin en sonos aloumiñaban, e batendo co-as maus n-a testa c'una forza que non ll'a esfarelou porque a teñen dura, escomenzaron á decir: "¡Xa temos outro novo sistema de secura d'os males! ¡A gaitoterapia! Apriquemos a gaita pra todal-as enfermedás. ¿Qué se lle bara á un o espiñazo? ¡Pois golpe de gaita e frega de foles! ¿Non ll'anda á un o ventre? Nada de xeringazos, que as xeringas son instrumentos pol-a vella: á quen tal lle soceda, andaralle, ¿que decimos andar? correralle solamentres con ll'apricar en troques d'a xeringa o punteiro.

¿Que agonia unha vella d'o estómago? Xarabe de pau de ronco.

¿Que a unha mociña solteira se ll'e vay o color e se lle van as forzas e lle ven á tiricia? ¡Pois tocarll'o fandango!

¿Que un mozo ten calenturas ou frebe? Toque de muiñeira.

¿Qué á outro lle doi o fígado, ou á res, ou o cernizo, ou a cabeza, ou o bazo? Golpe de carballesa.

¿Qué ten un pequerrecho as vexigas? Inzaduras d'alborada. E por este xeito empregaranse pra raxetar furunchos as palletas, pra correr a espiñela o punteiro, y-os foles en troques d'as cataprasmas, y-o farrapo n-o canto d'as ventosas, y-o pau d'o ronco en lugar d'as bismas.

A gaitoterapia será d'hoxe en diante pra gallegas e gallegos a meiciña enxebre, a úneca farmacopea en uso costante, e serán gaiteiros os médecos y-os boticarios tamborileiros."

Non teño pra que vos decir que me prace o novo sistema: eu que non son d'os qu'inventaron a pólvora, xa tiña n-os meolos o xérmen d'esa nova cencia, e si non estiven ô cabo d'eses prencipios, foi porque nunca m' estrevín á propoñelos temendo que me tivesen por tolo non estando sostidos pol-a práutica; pro agora que chegou o caso, agora que o xénesis d'a gaitoterapia brila n-a outra veira d'os mares co-a esprendorosa luz d'un sol, agora q'un soldado gallego cuáseque morto rezusita rexenerado c'os infruxos d'esa meiciña milagreira, falando en prata como deben falar os homes, sin retranqueiras nin revoltas, decrárome o mais ardente apóstol d'esa idea e sosteño con xuramento si fose preciso, que a gaita ten virtudes d'abondo pr'a secura de todol-os males, ansí como a nosa fala tenas pra escorrentar todal-os saudades e tristuras.

Dende hoxe que non me falen de curandeiros, de zuruxanos e de médecos. Namentres haxa quen toque a gaita, nin esto se perde anque se cerren as escolas médecas. Namentres haxa quen fale a nosa melosiña fala, non teñen os químecos que se matar moito pra descobrir drogas e brevaxes, que ademais de vendérense caras non fan mais qu'esganar á un, e contaminalo.

Deixémonos de hespitales e teñamos conta d'os turreiros. Os cartos que se gastan en istrumentos crínicos, apricalos a mercar gaitas, e lonxe d'aconsellar que mozos e mozas vayan tomar baños, aconsélleselles que vayan ûs festas.

Presinto a Galicia qu'eu cobizaba, unha Galicia algueirante, rebulidora, falangueira, trouleadora, decote leda e satisfeita sempre; unha Galicia onde non haxa probes enfer-

mos que gasten o pouco que teñen forro, ou que por non ter que gastar pidan diñeiro a rédetos pra morrer, e pol-a contra que ricos ou probes, mozos ou vellos, pequenos ou grandes, morran de seu, sin lle ver a cara ôs médecos nin ôs boticarios, e dempois de se aproveitar o mais que pódian d'os incomparables aforros e ventaxas que trai a *Gaitoterapia*.

MARCOS D'A PORTELA

## XAN.

Xan vai coller leña ô monte,
Xan vai a compoñer cestos,
Xan vai a podá-las viñas,
Xan vai a apañá-lo esterco,
E leva o fol ô muiño,
E trai o estrume ô cortello,
E vai á fonte por augua,
E vai â misa c'os nenos,
E fai o leito y-o caldo.....
Xan, en fin, e un Xan compreto,
D' esos qu' a cada muller
Lle conviña un pó-lo menos.
Pero cand'o un busca un *Xan*
Casi sempre atopa un *Pedro*.

Pepa, a fertunada Pepa,
Muller d'o Xan que sabemos,
Mentras seu home traballa
E'a lava os pés n'o rego,
Cátall-as pulgas ô gato,
Peitea os longos cabelos,
Botalles millo âs galiñas,
Marmura c'o hirman d'o crego,
Mira s' hai hovos n'o niño,
Bota un ollo ôs mazanceiros,
E lambe a nata d'o leite,
E si pode bota un neto
C'a comadre, qu' agachado
Traillo en baixo d'o mantelo,
E cando Xan pol-a noite
Chega cansado e famento,
Ela x'o espera antr'as mantas,
Y-ô velo entrar dille quedo:

—Por Dios non barulles moito.....
Que m' estou mesmo morrendo.
—¡Pois que tés, ña-mulleriña?
—¡Qu' hei de tér? deita eses nenos
Qu' esta *madre* roe en min
Cal roe un can n' un codelo,
Y ô cabo ha de dar conmigo
N'os terrós d'o simenteiro.....
—Pois, ña-Pepa, toma un trago
De resólio qu' aqui teño,
E durme, ña-mulleriña
Mentras os meniños deito.

De vagoas s' enchen os ollos
De Xan ô ver tales feitos,
Mais non temás, qu' antre mil,
N-hai mais qu' un anxo antr'os demos,
N-hai mais qu' un atormentado
Antre mil que dan tormentos.

ROUSALIA CASTRO DE MURGUIA.

## PR'OS GALLEGOS DE LONXE.

Meus queridos compatriotas, pra vosoutros ôs que o destino vos levóu lonxe d'esta nosa terra feiticeira, pr' os que estades por Cuba, Amérecas d'o Sul, as Filipinas....e, sobre todal as cousas, pr'ôs bos gallegos que tiveron a mala fertuna de ter que deixarnos, uns pra sempre, y-outros que tardan en vire, pra todos, pra todos, escribo dend'o fondo d'o meu corazon.

Sei que non m' han d' ir ó lombo porque non seipa espricarme n'o noso galano falar, e por iso voum' espendellar ô meu gusto.

O tema obrigado, é o seguente:

"¡Hai bós e maus gallegos?"

Hainos; hai ¡miñas xoyas! anque por nosa fertuna son mui ponquiños, hainos que s'avergonzan de s' oir chamar gallegos; que cand' oyen falar n-a nosa fala subrime, fan carantoñas como se lles trabara un can doente; así è que n-outras porvincias dinlles algús: *anda tú mal gallego*. ¡Beni' a nai que paréu a quen tal lles di por iso motivo!

¿E sabedes o que lles acontece?

Que como negan a sua terriña atópanse sen agarimo: non teñen pátrea nin fogar. ¿E quén ha de querer a semellantes coitados?.....

Arripíntanse, sexan cad' un d'eles unha verdadeira Madalena, choren ô pé d' cruz n'a q' eles axudan encravar á nosa dorida Galicia, e ista nai cariñosiña, gunizando e todo, diralles.

—Vinde, vinde, escarriados filliños; q' aquí non vos faltará agarim' ô meu lado. ¡Negados!.. ¿Qué vos fixen, mal pecadiño de min, pra que me tratés d' ista sorte? ¡Eu que sola e abatida choro sin achego por vos!..... ¿Non vedes outros que pol-a sua terriña nai, perden hastr' a vida s' é preciso, solo porq' un s' atrev' á faltarl'e unha miaxa ô respeuto?.....

Eu non quero senon q' ô meu lado e lonxe, non me desprecedes, nin me maltraigades c'a vosa olvidanza; que son os dous doores que máis m' atormentan....»

Así fala Galicia c'os seús filos apátecos y endefrentes.

"Os bós nada lles dí, porque os bós, son ela mesma, e craro é q' á sí nada se ten que dir.....

.....

Cantas veces n' esas lexanas terras, c' algús de vos sourrín e chorei falando d' esta nosa velliña, esquecida por..... quen podía facer algo entón por ela; escarnecida por moitos que nunca tiveron a atención d' estudiar seu crima, sua situación nin seus productos.

¡Oánto, fora de tí, de ti me teño lembrado, Galicia!

¡Xa se vé!.. ¿Quén non s' ha de lembrar d'as primeiras alegrias que cando neno, un sinte, oindo n-o colo d'a nai o doce cantar garruleiro e arrulador com'o falar das nocentes pombiñas.

¡Quén non s'acorda d'os primeiros pasos, uns agora correndo pol-as ruas d'as vilas, xa os outros brincando por eidos e leiras?

En fin ¿quén esquecéu aquelas noites de inverno n-as que agarimadiños vellos e novos cabo d'a lareira, pensaban entrestecidos n-os probiños navegantes e camiñantes, que sofrían entón as iras

d'os soltos elementos, cando o pai ou a nai dí en son de sentencia:—»Ea, votade un Pater noster, pra que s' apraque Noso Señor, que parec' está enferruxado!»

.....

¡Prá qué cansarvos? Eu sei qu' en nos, é relixión o amor que sentimos pol-as nosas costumes, e, xa se ve, ¿quén s' ha esquecer d' elas?

Así pois, vamos ver si logramos quencel-ós frios, fervel-ós temprados; votemos a voar pol o mundo pubricacións escritas n'o noso galano dialento, seguind' o carreiro qu' ilustres paisanos nos insinaron, e d' iste xeito Galicia volverá d'o seu abatemento, y-os ecos d' iste chao de bendición levarán vol os prefumes d'os altos piñeiros, resoando elí onde s' hache un gallego.

PERUCHO.

Ferrol 1884.

# A ESPADELA.

## CONTO.

### I.

A calquera aposto
unha peza vella
a qu' hay moita xente
que, sendo gallega,
nin d'oidas sabe
o qu'é unha *espadela*.
Eu vou a espricarllo
d'a sorte que seiba;
mais, si non acerto,
n·é cousa de perda.
De todal' as prantas
que saen d'a terra,
quizais que ningunha
tantas voltas leva,
como leva o *liño*
dende qu'o *semean*,
hasta que *fiado*
e feito *madeixas*
para facer *lenzo*
vai á *tecedeira*.
Enxoito, e *mazado*
enriba d'as pedras
ás que *mazadoiros*
n·os campos nomean;
posto en *afusales*
e logo en *mancheas*,
c'o fin de limpalo
fans'as *espadelas*.

### II.

Xúntanse n'un dia
rapazas e vellas,
que ás veces á duas
ou tres ducias chegan,
baixo d'un cuberto,
ond'o sol non dea.
Aséntanse en tallos
póstos en ringleira
y·a *tascar o liño*
moi ledas comenzan.
Mallan n'el a eito,
xá o volven, xá o *estregan*
e can n·o chan xuntos
*tomentos* y-*arestas*,
quedando as *estrigas*,
que dá xénio velas.
Cantan as rapazas
e fungan as vellas,
nuha conta un conto
de bruxas ou meigas;
mermuran de Rosa
que comeu cireixas,
e quedoulle d'osos
a barriga chea.
Rinse unhas d'as outras,
y-algunhas pelexan.
Alí almorzan todas,
xantan e merendan,
que hay caldo e compango:
a eito anda a xerra,
e danlles de viño
unha cunca chea,
que todal-a beben
e nin pinga deixan.

### III.

Xa chegou a hora
en qu'o sol se deita:
recollen o liño,
posto en carabelas,
sacoden a roupa
e saen á eira.
As mais cantadoras
xúntanse. Co·a orella
sobre d'a man posta,
como quén se queixa,
o *Ala.... lala..... lala....*
a cantar empezan.
Veñen vind'os mozos
por moitas veredas
e trayen fachicos
c'os que s'alumean.
Xa se rin, xa cantan,
xa atruxan, xa chegan.
O gaiteiro estonces
a tocar comeza
e deixan as mozas
pandeiro e ferreñas.
Armas'a ruada....
a roda está feita
con mozos e mozas
sentadas n-a herba.
Oise o *traque, traque*,
xá d'as castañetas
e bailan os homes,
brincan e pernean;
e dempois qu'as *ganan*
saen tamén elas,
qu'en roda se poñen
mirando pr'a terra,
o mesmo que monxas:
co·as mans medio abertas,
cando'a esquerda baixan
erguen a dereita.

O gaiteiro cansa;
co·a sede rabea
e baise, pois quere
*mollar a palleta,*
c'un neto de viño
ou dous si ll·os deran.
Cando é média noite,
a marchar comezan
os que son de lonxe,
qu'os de preto quedan.
Por fin, vén o dia
a pór fin a festa,
e vanse pr'a casa
c'os mozos, as nenas.

IV.

Si algun mal ponsado
d'o curro s'arreda,
e dend'un curruncho
o que pasa axexa,
verá ¡Dios nos valla!
verá que Carmela
está con Farruco,
xuntos com' obreas,
e teñen c' un pano
cuberta!·as testas.
¿Qué farán tan xuntos?
¡Seique se confesan....!
Acolá. Marica
rise que rebenta
c'un mozo artilleiro
que estivo n·a guerra
e non lles importa
qu'as xentes os vexan.
Coidado; qu'as bombas
cand'o estoupan, queiman,
Alf.... mais non quero
fa'ar; ¡tente lengua!..

V.

En fin, as resultas
d'estaren as nenas
tan xuntos c'os homes
unha noite enteira,
pasado algun tempo
decilas poidera
o siñor Abade,
pois a conta leva
n-un libro que teñen
os cregos n·a igresia.
A culpa de todo
non·a teñen elas,
que a teñen os úsos
a que van afeitas
as probes rapazas
d'as nosas aldeas.
Xa se vé as probiñas
coidan que non pecan..
son de chicha e oso..
os boxes apértanas..
En fin, com'o Demo
mete en todo a perna,
fai que haxa ruadas
cando hay espadelas.

B. Lousada.

# PARRAFEO

entre dous labregos n'unha feira de Chantada.

—Boas tardes meu compadre, ¿qué hai de novo por alól

—Gracias á Dios, hai sa'nde; pr'o demais non è largo, non podo ter dous reas e decote traba'lando.

—Todos temos meu amigo d'esa mesma lan un sayo: eu nunca vin esta terra tan apañada de cartos.

—Afellas que xa coidei que tamen vos dera o trato de camiñar entre os mozos que xa pra Cais marcharon.

—Eses van fuxindo á quinta y o fusil elles pesado, mais ben queren en Cais servir de burros e machos; outros a Montivideo como negros van mercados, e como bestas de carga cargan as costas de fardos.

—Dentro de pouco, compadre, non hai quen pille un arado; porque as mulleres son froxas e bástalles ben o sacho.

As probes ben nos traballan, cosen e fan o caldo; espade'an, fian e laban, e tamen coidan d'o gando; pro si lles faltan os homes, ¡miñas xoyas!, ¡mal pecado!, non poden facer labores que piden o noso brazo; pero si os que gobernan non fan logo por contalos pra que traballen as terras, van a dar toxos os agros.

—A miña muller relonca e decote está berrando, como si ll'eu tuvera culpa d'a rapiña que hai de cartos.

Eu xa non vou ás romarias, xa me quitei d'o tabaco, xa non facemos filloas nin matei porco este ano, e nin siquera pode un home, n'a festa, botar un trago: cansou a vaca d'o leite e sin as papas quedamos, que aforraban moito pan e quentaban os rapaces: estes xa queren campar, afeitos están ôs diabros, todo se volve quimerias, cutifadas e trompazos; eu non lles podo valer e a vista gorda fago. Si vender quero algun millo, sin el quedo e pouco fago: si levo unha vaca á feira por ver de ganarme algo, volvo con e'a pr'a casa d'o que me daban, pasmado: si vou á casa d'o cura, buscar un peso prestado, dime que non llo devolvo e que vaya a outro lado.

—A nosa vida ell' unha hestoria., que si os que escriben nos papeles oiran os nosos contos, ainda se lle habian de rir; ¡pro se viran a negrura que temos no corazon.....!

—Hasta outra feira, compadre, celebro esta entrevista pra contar os nosos ma'es; dalle moitas memorias a Rosa e mais a Mingacho.

Encomendadas serán, que non me costa traballo.

## ROCORDOS D'A INFANCIA.

Sobre las rústicas floras
Sentado á orillas del Miño,
Un pastor á otros pastores
Los cantaba sus amores
Y sus recuerdos de niño.

Ainda me acordo cal si fora onte,
Cando eu era pequeno,

Salton vizoso, atravesado neno,
Ibame c'as obellas pol o monte
'A par d' unha garrida compañeira,
Tan pura como as augas de esa fonte,
Alegre, falangueira,
Estreito o van, o seu mirar sereno,
Pé curto, longo pelo, a sua cara
Era d' un anxel de lindura rara.
Ledos cantando, parolando ou rindo,
Con preguiseiro paso
Pol os outeiros íbamos subindo,
Escorrentando acaso
As labercas que voan trembadoras
Peneirando n'os aires cantadoras.
¡Con qué solás facia varios ramos
De froliñas d'o monte para Anxela!
(Este era o nome d' e'a)
N'a cabeza poñíallas en roda....
¡Oi! era un gusto máis gracioso ve'a
Que unha novia n'o dia da sua boda.
En ningúres me achaba ben sin ela,
Enredando decote corriámos
Pol a pradeira toda
Porque as obellas, cando queriámos,
Deixabásmosla soas
Depenicando os gromos d'as queiroas.
Si algun regueiro bachábamos de atranco
E derguia o meu ben as suas nágoas
Para botar as aguas
O seu fidalgo pé, cal neve branco,
Destónces ¡miña xoya!
Non marra d' Anxeliña quen se doya.
Pillábaa n'os meus brazos,
Guindando a outra banda c'os zapatos,
E entre doces abrazos,
Como a hedra s' enreda a un tronco forte,
Pasabámos, e d' esta mesma sorte
Por entre toxos e bravíos matos.
E si quezais d' un fresco rio á beira
Baixabámos a xunt'a os mais rapaces,
Aquelo era unha feira,
Argallando e brincando n'a pradeira
Como bravos cabirtos montaraces.
De carballo unha póla retorcida
En dous gallos no medio dividida,
Servíanos alí de randeeira
Para as calores refrescar d'o estío
Arrandeando n'ela.
Xogábamos o trompo ou á estornela,
Méntras outros patuxan pol-o rio
Para pillar as troitas,
Outros a reboladas,
Por non poder c'as mans
Estragaban as árboles e froitas
Ainda non logradas.
Chacina, leite, noces e mazans
E puchas cugu'adas
De cereixas ou doces cirigüelas,
(Sendo n'o tempo d'elas)
Era a nosa merenda
Cando á sombra deitábase a facenda:
Ibámos por devesas e silveiras
Moras buscando ou niños
De merlos, estorniños,
Rulas, vichelocregos, caruiceiras,
E dabámos ás nosas compañeiras
Os tenros paxariños.

Así pasou aquela idá primeira
Con tanta lixeireza,
Cal lóstrogo sutil que as nubes racha,
Cando un metido se hacha
En noite horrible de negrura espesa.

FRANCISCO AÑON.

## SALAYOS D'UNHA NAI.

Cando a fúlxida luz d'o sol morria,
ou cando viña a luz d'o novo dia,
tembrorosa chegaba ó pé d'o altar,
pra lle pedir á virxen d'os Delores
qu'o fillo qu'era imán d'os meus amores
viñese pr o seu lar.

Cando ó morrer a tarde n'as cañadas,
n'os montes e n'o val-as batelládas
resoaban d'o toque d'oracion,
eu n-as fogaxes d'alborada, cando
soaban as campás repinicando,
por él roguei á Dios.

De rodillas n-as lousas d'a eremida
en súpricas d'amor pasei a vida
chea de fé, d'espranzas e d'afan,
non viña dia que á rezar non fóra,
y a negra noite, o lumiñar d'aurora
víronme sempre igual.

Diante d'aquela virxen dolorosa,
nai a mais grande, nai a mais chorosa
qu'o morto fillo n'o seu colo ten,
xemendo e con bagullas lle pedia,
que ó fillo, miña santa idolatría,
n'o trouxese con ben.

¡Cántas veces, namentres n as romaxes
posta' as mais con churrasqueiros traxes
gozaban d'os praceres d'a funcion,
eu soliña por él loito vestindo,
car'o sagrario camiñei sintindo
morrer o corazon!

¡Cántas á virxen n-a solónia calma,
muda, pero falándolle n-a alma
e pondo os ollos n-ela lle pedin,
que aquel filliño tan chorado agora,
sano, feliz e probe como fora
volvése pr'onda min!

¡Mais non volveu! N-aquel país ardente
que pr'a gallega xuventú presente
mais atraucion qu'a d'os abismos ten;
n-aquela sepultura nunca chea,
n-aquel mónstro famento, n'a sirea
d o mar d'o noso edén;

n-aquela terra; ay Dios! qu'a sangre nosa
fixo forte, bellida y-abondosa,
n-as malditas Amérecas, morreu....;
como cantos pr'aló marchan, ¡probiño!
salús, vida, porvir, páis e cariño,
todo....tod'o perdeu.

Eu tamen o perdin, tamen coitada,
sin agarimo, sola, esconsolada,
vella enganida, sintome morrer:
non terei unha man que compasiva
me peche os ollos, nin quen mentras viva
faga por me soster.

Tóla viuda son, que pol-vento
lembrando vai o croel esquecemento,
y os salayos que ten n-o corazon,
alma que vive en pena n-esta vida,
nave n as augas d'o delor perdida,
xardin sin froles son.

Inda parés qu'o teño n-o meu colo
dándolle bicos en suave arrolo
e non podo creer que xa o perdin....
¡Qué negra e fera foi a sorte miña!
Morreu..tamen eu morro..coitadiña..
¡coitadiña de min!

VALENTIN LAMAS CARBAJAL.

## NOTICIAS ESCOLLEITAS.

Un artesano de Paris, por unha aposta que ganou, comeu tod'a sopa que contiña unha so peira de familia, seis libras de carne, quince chourizos, vinte morcillas, un gran prato de lentexas, outro de guisantes, unha libra de queixo e oito de pan, bebéndose ademais vintecatro cuartillos de viño.

¡Y-el haberá corpo que tal resista?
Dempois qu'o fenómeno ise
quedou asina ben farto.
quixera vel-o roullar
por uns petoutos abaixo.

Fai pouco tempo naceu en Cáseda (Navarra) un miniño.

Isto non tén nada d' estraño pois a frábica esa saca froito d' abondo; pro o que, si, chamará seguramente a atencion de todos, é qu' a ise miniño vivenlle inda seus pais, seus abós, seus bisabós e seus tartarabós. E non solasmente viven todos iles, sinou que traballan habitualmente

Iste caso é de concencia,
de concencia, si señor.
N-e verdá que cal mio pensas
meu quiridiño lentor?

Non sei cando mil demoncres s' acaba d' inventar o qu' a xente viva n' iste puñesfrero mundo sin que necesidá teña de comer; porqu' ó que se vai rendo, seica soilo iso hoxe nos falta.

Antr' os últemos inventos que se trouxeron d' Anstralia, ninguno tan extraño e curioso com' ó d' a máquena pra faguer chover.

O aparato anstrálico tén a forma d' un grobo cheo de buracos xeitosiñamente dispostos; debaixo hai unha carga de dinamita.

O grovo rúbese cando se quér que veña a chuvia; e n'o momento en que s' inframa a dinamita, reventa o grobo baixo ista aucion poderosa, e a y-auga espállase po'-a terra.

Figuéronse esperimentos d' esta máquena n-a Nova Gales d'o Sur, y os resultados, ô decir d' os colonos d' o pais, foron moi satisfautorios.

Pois era de mais cubiza
(ó meu modo d' entender)
qu' en vez d' a máquena isa
qu' inventou un non sei quén,
se pensase en algo que
nos aforras' o comer.

Por portér ás regras d' economía moderna, damos a siguiente noticia.

Unha casa de Nova York puxo á venta unhas camisas especiás y hastra agora desconecidas. As camisas son de papel, y as tabras d'o peito teñen seis follas sobrepostas, que poden quitarse sucesivamente, com' as follas d'os novos reportorios.

Pol-o tanto c' unha soila camisa pode levarse seis dias a tabra d'o peito limpa, ou trocarla duas veces ô dia segun se queira.

Agora trátase d' imprimir, n'o rivés d'elas, capítolos de novelas, pois asina os aficionados á lentura trócanas mais á miudo.

O conto pasa en Cesures.

Unha muller vai á doutrina, e dempois de dala, ben ou mal, dixolle ô Crego que non podia darll' os hobos porque non tiña galiñas, nin cadelos porque lle comprian pra comer. O Crego refunfuñand' un pouco mandouna con Dios; mais ô chegar a muller a fora d' a Irexa, dand' uns golpes n-a faltriqueira, díxolle á unha amiga: «Amoquei ô Crego, lev' eiqui os cartos é no ll' os dei.» Isto sup' o conto, e sin perder tempo n'a pormeira misa, pux' á dita muller, *como dicen donas*, y asegurou que ll' habia pagal'as pascoas con rédetos.

*Mulier qui decepit Abbati*
non pod' alcanzar perdon
por moito que se confese
e por mais que pid' a Dios.

E sin tempo pra mais, fai eiqui punto voso,

XAN DE TOMEZA.

## NAI CHOROSA.

¡Qué noite aquela en que eu a vin xemindo!..
¡Qué noite aquela en que eu a vin chorar,
A triste nai d'un picariño lindo,
Que a horrible Parca veuno a gadañar!....
N'o seu regazo a morta criatura
Como a Virxen d'a Angustia a Xesus tén;
Así desindo chea de amargura·
¡Ai meu filliño, eu morrerei tamen!.....
¡Eu morrerei! porque vivir non podo
Sin ver teus claros ollos a'umear.....
Sin verte rir; que meu placer foi todo,
E aquel teu tan grasioso rebu'dar.
Xa non «mamai» ti me dirás, meu neno,
Nin nestes probes peitos ti porás,
Meu coitadiño, o labio tan pequeno,
Nin as mansiñas neles pousarás.
¿A quén agora, a quén, miña prendiña....
A quén, miña Xoiña, l'os darei?.....
¡Morra eu!.. ¡morra eu!.. ¡seque a fontiña
En que bebeu este anxel que adorei!.....

¡Adios, meu corason!....adios, miniño,
¡Los dos meus ollos, meu garrido amor!....
¡Adios xa para sempre, meu filliño!....
¡Vas para a cova!....déixasme....¡ai dolor!
Deixas á tua mai....non, non a deixes....
Queda con ela, queda.... ¿qué é quedar
Si non te vas, meu ben?..non máis m'aqueixes..
Ti dormes....¿né verdá?....voute arrolar.
Eh, eh, miniño, eh....durme, ruliño ...
Pero fame terás....toma d'aquí....
¡Qué frios tél-os labios, queridiño!....
¡Válla te o ceo!... ¿por qué estarán así!....
¡E as mans..o todo...e ti non tomas...oite!..
¿Non me dises nauai?....¿por qué razós?....
¡Louca son!....¡ti morreche!....¡negra noite!....
¡¡Ai meu filliño, para sempre adios!!

ALBERTO CAMINO

## A FARRUQUIÑA SAGRERA,

N'AS SUAS BODAS. (1)

[IMPROVISACION

Ese rey de tod' os reyes
que sentado está n'o ceo,
e que guia os nosos pasos
n' este mundo de tormentos,
á muller un certo dia
señaloulle estos preceutos:
—"Pr' alcanzar a miña groria
ó mester qu' antes primeiro
con amor nunca finxido,
con cariño sempr' intenso,
derramár sepas n'a vida
d'ese probe compañeiro
que pra seres mais dichosa
che brindei con du'ce anhelo,
esa paz, ese consolo
que s' aniñan n' o teu peito;
e si logo tes filliños
prodigár tamen afeutos,
e de santa relixion
enseñarlles nobre exempre."
Así, pois, si cumpres ti
o sagrado xuramento
qu' ante Dios e mail-os homes
cu che vin facer n'o templo,
ademais de ser tratada
n'este mundo con respeuto,
cando morras, un cantiño
ha de haber pra ti n'o ceo.

SECUNDINO CORA.

(1) Esta linda rapariga uneuse pra sempre, c'o Director d'a GAITA Sr. Armada, o dia 5 d'este mes, n'a igresia d'o Espiritu-Santo d'a Habana

## CASOS E COUSAS

Hoxe ard'o eixo ¡rapaces!
N'o trento de Tacon,
Pois se dará a beneficio
D'o chusrrusqueiro tenor
Varela, noso peisano,
Unha garrida funciou.
O programa qu' aqui copio
Vos dirá si minto ou non.

1ª Parte

A REGATA VENECIANA,
Cantada pol o *Orfeon*
(Enténdase qu' é o gallego,
E decir, o mais mellor)
MARINA, linda zarzuela,
Escrita por Camprodon.
E n'a que fará de *Xorxe*
O beneficiado actor.

2ª Parte.

O PIRATA, leda, enxebre,
E churrusqueira cancion,
Orixinal de Vidales,
Músico compoñedor.
Tiros pol-o *Galleguiño*,
Un gallego de *mistó*,
Que falará en italiano,
N'a xerga d'os de Canton,
En francés, en cata'an,
N'o idioma de Albion,
N'a fala dos negros congos,
E n'a fala de Feixóo,
Seguirá nova zarzuela
Titolada O RUISEÑOR
E daráse fin á festa
Con un baile d'os d'aló
Un baile como n-hai outro
N'este mundiño de Dios,
A celebrada MUIÑEIRA,
A MUIÑEIRA ¡sí señor!
Que bailarán—n'o escenario—
Dez parexas *comm il faut*.

÷

'A miña porta chega
Nova visita
D'a sempre ben composta
Doña *Rerista*.
Viva anos mil
Para honor d'o süero
Lar de

CHUMIN.

IMPRENTA D' "A CORRESPONDENZA DE CUBA"
Rua d' Obrapia núm. 24.

# A GAITA GALLEGA.

REPINICA MUIÑEIRAS, ALBORADAS E FANDANGOS, UÑHA VEZ 'O MES.

*Dreutor: CHUMIN DE CELTEGOS.*

ANO SEGUNDO. | N-a Habana: 28 d'o mes de Xaneiro de 1886. | TOCATA 7ª


## GALLEGOS ENXEBRES

### Waldo A. Insua

Galicia que por tantos anos estivo postrada, qu'hastra fai pouco tempo era desconocida, non somente d'os estraños sinón d'a misma España de que forma parte integrante y-a cuyo sostenimento axudou en todol-os tempos con increbantabre patriotismo, cansada xa d'a postración en qu' estaba, desperta d'o seu longo sono, despóxase d'o manto de sombras qu'a cubría e y-erguese altiva ó toque d'o crárin d'o progreso, á tomar parte n'as grandes evolucións d'este sigro. Sí: preséntase á espeutativa d'o mundo civilizado, non como ténix que renace d'as suas cinzas sinon cal misteiroso berme qne se convirte en brilante volvoreta, pra voar libre pol-os aires.

¿A quen se debe tal despertamento? Ben pouco caro costa sabelo. Os nobres fillos de Galicia convencidos de que nada se pode esperar d'os d'enfrente, d'os que pra nosoutros non tiveron nunca mais que despegos e malos agradecementos, puxéronse todos baixo á bandeira d'a unión pra decir ó mundo enteiro: c'o noso esforzo crebaremos as cadeas que atan a patrea ó carro d'a desgracia; Galicia será grande por qu'ha de ser libre; será libre por qu'ha de ser sábea.

Así, pois, nosoutros qu'amamos á Galicia con tod'a nosa y-alma, que sin ela non queremos riquezas nin honores, parécenos un deber patreótico facer un estudeo de todol-os gallegos qu'en Cuba se destinguiron, e que merecen, en unha palabra, chamarse: gallegos enxebres.

N'estes estudios ten dereito á ocupar o primeiro posto o señor Insua cuyo retrato s' acompaña ôs suscritores c'o este número d' A GAITA. Lexan sinon os nosos leutores o rápedo bosquexo que d'él vamos á facer e logo dirán si temos razon.

En Xunio de 1857, n'a Estrada—provinza de Pontevedra—naceu Waldo A. Insua. Fixo os seus estudeos de 2ª enseñanza n'o Instituto de Santiago, en donde deu á comprender qu'era un xoven de talento e que prometía ser unha esperanza d'a patrea. Desde á edá de 14 anos, colaborou n'o *Heraldo Gallego* d'Ourense, n'a *Gaceta de Galicia* de Santiago, n'a *Revista Galaica* d'o inmortal Vicetto y-en vareos outros peródecos gallegos.

En 1877 veu á Cuba, e n'os primeiros meses de 1878, fundou ó *Eco de Galicia*. N'este peródeco defendeu con brío e con calor, os intreses de Galicia. Indicou á comenencia de fundar un círculo gallego, e d' esta nobre idea, naceu o qu' hoxe é frorecente *Centro*. Pubricou un libro, titulado *Xuicio crítico* d'os *Aires d' a miña terra*, cuya edicion vendeuse toda. Foi direutor de *La Aurora* d' o Yumurí de Matanzas, redautor d' a *Sombra*, peródeco satírico que se facia en 1877.

Hoxe, n' autualidá, é sócio honorareo de case todal-as Sociedades d'a Habana e corresponsal de moitos peródecos importantes de Madríd.

Mirade aquí rápedamente esposta á carreira recorrida por este home de indisputabre mérito. Pro estos estudeos non deben concretarse á probeza d'os datos biográficos. E mester pintar o home moral e inteleutoalmente. Analicemos, pois, os feitos baixo o punto de vista filosófico, dándolle así o verdadeiro caraute qu' ôs nosos ollos revisten.

***

Waldo A. Insua ten condiciós pra ser un bon polemista: escribe c'unha facilidá pas-

mosa; os argumentos qu'emprea, nunca carecen d' inxenio e ten o privilexio d' estar sempre moi pronto á réprica: ten esa pasion que moitas veces cega, pro que tamen ilumina.

O *xuicio crítico* d'os *Aires d' a miña terra* y-os tantos e tantos artículos qu' un dia tras outro fomos lêndo n'o *Eco*, dos cuales, á mayor parte foron reprodúcidos en Galicia, Montevideo e Bos Aires, proban perfeutamente qu'Insua é un delicado literato. Como talento crítico non terá quizais á sagacidá nin á refreusión que tanto distinguen á Emilia Pardo Bazan ou á Menendez Pelayo, pro non pode negarse que ten cualidades pra ser un d'os nosos máis distinguidos escritores. Ten outra cousa que tamen é mester decir aquí:

Insua, entr'os seus talentos, ten o d' *organizador*: naide mellor qu'él dá corpo á unha idea; forma, á un proyeuto, nin vida á un pensamento.

***

Duas grandes ideas foron as que sempre xerminaron n' a sua chencha; o amor á libertá y-o amor á patrea. D' estas duas ideas conven ocuparnos separadamente.

O xoven Alvarez Insua, nacido ó calor d' a libertá e d' a revolucion, desde que saleu d' a infanza, n' a prensa, n' a tribuna y-en todas partes, defendeu con verdadeiro antusiasmo os principios democráticos. É un demócrata decidido, un amante d' o progreso, e pol-o tanto, un enemigo. franco e decrarado de todos aqueles que s'aferran ás antiguas formas, que defenden as vellas teogonías, e que parecen entrar en escolas d' onde nada se pode nin se debe xa aprender.

Non son moitos por certo os que mellor que Insua souperon aspirar o renome de patriotas. Insua n'é d' aqueles qu'ó son d'a patrea as veces o que buscan é solamente un proveito. Algus pode ser que non entendan este lenguaxe, pro a eses conven decirlles qu' Insua, lexos de medrar á sombra de Galicia, sempre lle sacrificou os seus intreses. Dous exempros probarán a nosa afirmación: a custion de D. Fernando Branco, y-as célebres contratas qu'en 1878 intentou ó *Circulo d' Hacendados* d'a Habana.

O que se pensaba facer c' os bés qu' o señor Branco había deixado pra fundar un Instituto de 1ª é 2ª enseñanza en Cee, non somos nosoutros os chamados á decil-o por que sempre seriamos tildados de parciales e despertaríamos ódeos que non serian nada proveitosos. A hestórea que non minte, que n' as suas páxenas non se consina mais qu'a verdá ha de contar os feitos tal cal foron. Nosoutros solo diremos qu' Insua foi o que mais traballou pra que se fundára esa escola, segun deixou mandado o señor Branco, ese gallego enxebre que d' el faremos mui pronto á sua sembranza. A fundacion d-esa escola, era un pensamento grande, patreóteco, e por iso bastou pra qu'o señor Insua fixera desinteresadamente toda crase de sacreficios sin que lle arredraran as dificultades que certamente encontrou. Decimos dificultades, e decimos ben. Todos sabemos que s'en Galicia foi mui apraudida á nobre conduta d'o señor Insua, pois o mismo Ayuntamento de Cee lle manifestou repetidas veces o seu agradecemento y-os veciños todos lle dirixiron cartas expresivas, que están pubricadas, en Cuba, mui ó reves de Galicia, aunque n'a concencia de todos estaba qu'él tiña d'a sua parte á razon, buscouse moitas enemistades, puxo-á vida pouco menos qu'en peligro, e gastou á pouca ou moita fertuna que tiña. Mais como se trataba de servir á patrea, o ben de Galicia, sobrepúxos' os seus intreses particulares.

¿E qué diremos d'as contratas? Aquí foi donde mais se destenguen o señor Insua. Cando os poucos d'hacendados, que se chamaban defensores d'a honra d'España en Cuba, que brasonaban de ser fillos d'a fidalga terra española, quixeron traguer contratados algus infelices gallegos, pra que viñeran á facel-o papel d'os escravos, esquencendose tal rez qu'os gallegos somos tamen españoles, que pol-as nosas venas corre sangre española, e que somos d'un esprito mais libre e independente qu'as encrespadas olas d'o turbulento mar d'a cantabrea, o señor Insua erguendo á sua voz protestou en nome de Galicia, facendo ver qu'os gallegos non podiamos nin debiamos consentir esa inumínia con que tan cobardemente pretendian lixugarnos algus *aventureiros de mala facha*. Ainda parece que sentimos as valentes protestas aquelas que n'a nunca esquencida reunion d'o *Casino*, s'umiron as d'o señor Insua, cando-este, sentindo pouco menos qu'estoupar o corazon de coraxe, decia

cheo de pasion que non solo debiamos impidir as contratas en Cuba sinón en calquera outra parte, por que parecia ser que en Montevideo se queria facer tamen ó que se intentaba aquí. Cand'o ó señor Insua saleu pol-os pobos d'o campo facendo esta propaganda, donde queira que chegaba era agasallado con banquetes e festas. En Galicia mereceu tamen aprausos xenerales e votos de gracias que lle foron dados pol a diputacion provincial d'Ourense e vareas corporaciós municipás de Galicia entre elas á d'a Estrada.

***

E vamos á poñer punto.

Insua, é un gran corazon: un amigo afeutuoso. Que non se diga que lle fixemos demasiadas alabanzas. Nosoutros apraudimos á todos aqueles que de veras s'esforzan pol-o engrandecimento e prosperidá de Galicia: teña, pois, ó señor Insua moitos imitadores n'ese sentido, que os'aprauderemos coa misma sinceridá, e con entusiasmo tan verdadeiro.

*Secundino Cora.*

## ¡BOA FEIRA!

CONTO.

*Quen vay á festa*
*rompenll' a testa*
*e perd' o que ten*
*boa festa lle ven.*

I

Sa'in d' a miña casa
un luns, pol a mañan cedo,
a cabalo d' o meu faco
q' é lixeiro com' o vento.
Levaba n' a miña alforxa
un 'acon cuaseque enteiro,
unha bola de pan trigo,
un bon anaco de queixo
e unha cabeza con viño,
un bon viño, viño bello.
N' a bursa levaba cartos
para mercar un xubenco,
n' a feira q' o vin eseis
hay acaron de Lestedo.
Puxen o faco en camiño,
e' nde chegando xa preto
de Marrosos, arredeime
pol' o medio d' unes centeos,
o' o fin de pillal o o atallo
e chegar á feira fresco.
Arrecadei o meu taco,
pois o chan e moy barrento
e estonces pidiam' o corpo
botar un grolo, e boteino.

II

Eran, así com' as oito;
moy auseute estaba o tempo.
Chiaban os paxariños,
o sol douraba os penedos;
entr' as herbas d' a curtiña
bulia a y-auga d' un rego.
Sobi' as follas d' os carballos,
d' as silvas, d' os castiñeiros,
moitas pingotas d' orballo,
que de noite foi caendo,
rellocian cuasemente
como estre as, dende lexos.
O ver tan garrid' ó campo
¡pardiolas que daba xenio!

III

Chegand' o pé d' un muiño
vín, sentada n'o portelo,
a rapaza mais garrida
que á terra roton o Ceo.
Unha cariña, mais branca
que un lim; o pano de lenzo;
uns ollos, que alumeabau
mais que á lua de Xaneiro.
Cando cheguei cabo d' ela
díxenlle—Leven' o deño,
si vin ollos mais garridos
que esos o' os que estou vendo;
nin boca mais pequeniña,
nin uns labres mais bermellos,
nin un corpo mais xeitoso,
nin unhos pés mais pequenos:
¿Cómo te chamau roxiña?
—Cando estou moi louxe, a berros.
—¡Sei que tes ganas de leria!
fala neniña, ¿tes medo?
—¡Boo'...xa sei que me non comes
pois teño duro o pe'exo.
—Non mo'as, dim' o teu nome.
—¡Pra que queres ti sabelo!
pois e o mesmo que me puxo,
deinpois de nacer, o crego.
Vaya sigue teu camiño
pois aquí perdel' o tempo.
—¡Ahofellas! ¡vaya un conto!
vidiña, non cheu dou creto.
¿Serás brava com' un toxo,
tan garrida cara tendo?
Vamos, ranaza, se boa
e dime axiña, n' un verbo,
cal é o nome que-n a pía
os padriños te p xeron.
—Pois ben; chamome Xuana,
Marica, Pera Remedios,
Cristoba, Esteba, Farruca,
Catuxa...—Tou, tou ¡que deño!
dí que te chamas prenostico,
e mais prest' acabaremos.
Pero, miña fi la, abasta
de parolas, que xa lelo
me vo'ves; fala ben nena,
dim' o teu nome de certo.
—¡Boite! pois chamome Andresa.
—Dende agora lle prometo
á San Andrés de Teixído
unha festa n' este inverno.

Agora, pois, miña xoya,
vamos, que inda teño tempo,
a botar xuntos un trago
e ademais un par de netos.
—Dios ch' o pague, mais non como
non tendo conocemento...
—¡Vá, vá! Deixate de contos;
un bon lacon aquí levo,
pau e queixo, e levo un viño
d' aquel que dá folg' o peito.

IV

Por fin, foi aquela nena
pouco a pouco amolescendo:
collín as miñas alforxas,
comimos como dous nenos
e botamos uns bons tragos
d' aquel viño milagreiro.
Oimos tocar as doce
n' a parroquia de Lestedo;
estabamos tan adiante..
chegáramos a poñernos
tan maduros como figos.....
cando (quixera esquencelo)
apareceron dous mozos,
fortes coma dous esteos,
e botaronsem' enriba
mallando en min tan a eito,
que, presto, n' o chan caínme
perdend o conocemento.

V

¡Moi oscura estaba a noite!
recordei.. e tiven medo,
cando volvín a o sentido
c' os meus ollos entrabertos.
Alembreime de Andresiña,
d' os q' o corpo me moeron,
d o meu faco, d'as alforxas,
d'a bursa, d o meu diñeiro.
Cacheeime.. nin un carto:
chamei o faco, busqueino,
e nin faco, nin a forxas;
todo foi a dar a o inferno.
Erguinme, non sin traballo,
con tan negros pensamentos,
ó corazon tan ferido,
tan doridol' os lomedros,
que camiñar non podía.
Aquí cayo alí tropezo,
poiden chegar hastr a casa
cand' estaba amanecendo.
atirisido de frio
e ben quent' o meu pelexo.

VI

Deprendan todos de min
os rapaces d' estos tempos.
Quen quixer coller a frpita
q' s' atopa no horto alleo,
perde, coma min. a besta,
as alforxas, o diñeiro;
e, de contra, sac' o corpo
que mesmo dá noxo velo,
con mais paus, que lev' o liño
para tirarll' os tomentos.

*Quen vai á festa,*
*rompenll' a testa*
*e perd' o que ten*
*boa festa lle ven.*

BENITO LOUSADA.

## O FIDALGUIÑO D'A PINHOA.

TRADUCION D'O PORTUGUES.

¡Qué linda rapariga era a ama d'o prior! ¡Tiña unha carne tan fresca, tan branquiña qu' atellas daba gana de fincarle os dentes! ¡Y-ademais, qué brazos: gordiños, rosados, bèn feitos! A tal rapariga era mesmo unha tentación d'o deño! Cabelo espeso, ollos d'acebache, e unha dentámia que parescía d'o mais puro marfil. Moi desembarazada, tiña sempre pronta rempôsta ôs piropos d'os mozos d'o lugar. Por estas é por outras cousas decían as malas línguas qu o siñor prior .....puntos suspensivos.

Pasemos adiante.

A verdá, o prior non tiña nada de santo.

Y-ò caso è que se contaban moitas hestoretas, non sei si inventadas pol-o despeito d'os mozos, ou pol-a envexa d'as raparigas, pro que non deixaban por eso de ter seus visos de verdá.

O prior non era home pra bromas; corpulento e forzudo, podía medir suas forzas c'o mozo mais forte d'o lugar. Por medo à sua pesada man as malas línguas non comentaban as relacións d's ama c'o prior sinon con moito sacreto, ô lado d'a lareira, dempois d' acabado o traballo. Y ainda asina.....

°
° °

Unha mañan d' Abril chegaron os marqueses ô seu bello pazo provinciano, aristócratas de *vieille roche* cheos de tradicions, todol-os anos ô encomenzo d'a primaveira retirábanse á sua propiedade d'a Pinhôa, onde os acompañaba esta vez seu fil o Alberte, rapáz esbelto e bèn parescido, por quèn se decía morría d' amores unha feiticeira rapariga de Lisboa. O fidalguiño d'a Pinhôa como lle chamaban as xentes d'o campo, o primeiro día que foi â misa, acostumado às mulleres d'a corte, prantas de estafa, impresionouse c'o aspento alpestre e vistoso d'a ama d'o *padre*. N'aquil domingo non oucin a misa con devoción. O deño d'a carne tentábao.

°
° °

¡Bonita espingarda era a que tiña o prior anque non fose mais que pol-a época antigua que representaba! Habia môrto media dúcia de franceses, e dempois d' estas fechurlas retirouse pra pasar sua vellez tranquila. Acostumada a vivir retirada n-o fondo d' unha arca, estrañaba hoxe verse limpa e relocente á luz d'o sol d' unha encantadora mañan de Mayo. ¡Qué sensacións ela non. sinteu cando o prior lle enfiou a baqueta pol-o cañon abaixo, despertando gozos, moito tacía non sentidos! A pó vora y-a bala producianlle sacudidas nerviosas. Maxinome ver saindo pol-seu cañon, vello e cascado, o antigo fulgor d'a sua mocedade, en que sorprendia co-a môrte idilios de galiña, amores de lebres e cónversacions de franceses!

A y-ama estrañára aquela fregadura repentina e dixera 'o prior:

—¿Qué vai facer, padre? ¿Dempois de vello vai ir á caza?

—Vou ò conexo rapaza.

E seguia co a mesma tarea, mirando revesadamente de cando en vez pr'o lado en qu'a rapariga traballaba n'as suas angueiras d'a casa. Dempois, de repente, como ataca'o d' un vértego, diraxeuse à rapariga, e colléndoa pol-os cabelos y-amenazándoa co-a môite si berraba:

¡Ingrata! ¿Por qué me engañas?

Y-ò mesmo tempo tiráballe d' o cabelo asegurando co-a outra man a espingarda.

—¡Eu bên sei teus amoríos c'o fidalgo d'a Pinhóa, pro íl m-as pagará. Dime onde o ves esta noite. sinon!.....

Y-ó decir eso apuntaba a espingarda ó redondeado peito d'a linda rapariga.

Ela, qu'ô principio protestaba d' a sua inocencia, pro que lle tiña mais cariño à sua vida qu' a d' o seu amante, dixo por último que n-a carballeira se encontraría aquela noite 'as nove con Albertiño d' a Pinhòa.

—Si avisas ò rapás, conta que che levanto a tapa d' os sesos, escramou o prior.

°
° °

N-esa noite, antes d' a hora d'a cita camiñaba a toda presa, camiño d' a Pinhôa, a y-ama d'o prior. Quería ver si ainda salvaba a seu amante. O dito prior adiviñando suas intencións, saleulle ó paso, y-obrigouna a entrar n-a carballeira.

Ouciuse lonxe un alegre silvido que se iba aumentando pouquiño á pouco, e de súpito apareceu 'a entrada d'a carballeira o esbeito fidalguiño.

¡Escapa!....—gritoulle a rapariga.

N-esto un tiro soòu de serra a serra, faguendo fuxir cheos de medo ós paxariños que se acollian n-os carballos

°
° °

N-a mañan d'o siguente dia as xentes d'o campo qu'iban pr' ò traballo, alcontraron empapado en sangue, o cadavre d'o lindo fidalguiño d'a Pinhòa.

L. DE G

## A PANTASMA.

Aló n-a alta noite
Cando en silencio dorm' o mundo inteiro,
Sin que en ningures nada mais se escoite
Qu' o murmurar d'as auguas d' un regueiro
Que atravesei lixeiro,
Dirixía meus pasos á deshora
A un cimenterio triste e pavoroso,
Para apañar un oso,
Según me tiña dit' o noso cura,
Qu' er' o remedio pra olvidar amores
D' unha rapaza qu' o meu peito adora
N-aqueles arredores.
Entrei por fin... A noite estaba escura:
O corazón n-o peito me batía;
O pelo se arrepía,
E n-as pernas sentía algúns tremores.
Todo cheo de medo, ás apalpadas
Boteill' a ponta á unha calivera;
¡Ay! nunca Dios me dera!
Apenas a toquéi ¡qué carcaxadas
Infernales oiu!... Logo un difunto
Se me presenta diante,
D' hábito branco e vagaroso andar.
Comencéi á rezar
Baixiño un *padre nuestro*; e n-aquel punto
Fixen un circo c'o meu pau d' oliva,
Que xa bendito (por s' acaso) iba,
E posto dentro d' él:—Eu te requero
De parte de...—lle dixen, treme ando.
El con grave ademán e voz altiva
Me interrumpeu:—¡Ah fuxe, temerario;
Non toques nada!!! —¿Si? Eu me retiro;
E apertei contra o peito o escapulario
Qu' é d'a virxe d'o Carme...
—Pero, aténdeme ben: has d' esperarme
N-o muiño de tal,— Preciso fouce?
—Non, miserable.. Vaite!—E deume un conce
Como nunca levéi n-a miña vida;
(Porqu' o difunto aquel gastaba zocos);
E para despedida
Inda me zorregóu dous soplamocos
Non parece sinón que pol-o aire
Tiña chegado ô señalado punto;
E cátame o difunto
Que xa ruxindo ven por entr' o millo:
Parece q' anda xa con mais donaire....
¡Cánto me maravillo,
Vendo d' aquel pantasma a linda cara
D'a lua que nacía ô claro brillo!
¡Ay, pecador de min, quén-o pensára!
Era a miña Mingucha en corpo e alma
C' unha sabua cuberta,
Que me estrobaba d' apañal-o oso,
Porque non acabase o amor noso.
Pasmado me quedéi c' a boca aberta;
Mais ela que era esperta
O pasmo me tirón con doce bico,
E ríndose a valer, me dixo:—Chico,
Xa estás ben castigado.
Trocouse' o medo en venturosa calma,
E entramos' n-o moiño; que era tarde
Para dormir n-a aquela noite xuntos
Pol-o amor d'os difuntos.

Dende aquela chuscada
Nô me chamen cobard ;
Pois sea noite clara ou de tronada,
Si paso ô pé d'o adro ou cimenterio
Rindo d'o vulgo a van credulidade
(Con perdón d'o Abade)
Quixera ver pantasmas (falo serio);
Pois maxinára ainda
Sel-a miña adorada Mingas linda

FRANCISCO AÑÓN.

## CONTOS DE RAPACES.

### Santiago.-Vilancosta.

I.

"Habia alá non sei ond' e en non sei que tempo dous hirmans, Bastián e Crispín; Bastián, de lexi-

timo matrimonio e rico, pro moi simplote e envidioso por añadidura; Crispín, ilexítimo e pobre, ben que moi espabilado, entrevérte e pillo. Casados ambos, vivían, pois, co as suas respeutivas mul eres, en condicions diferentes. O primeiro, en boa casa e con cartiños moitos que de seus páis herdara O segundo, n'un pequeno chopete e carecendo hasta d'o mais preciso, tanto que, dedicado á vender sardiñas po l-as aldeas, houbo d' empeñars'á fin de mercar un burriquiño que l'as porteára.

Lógo que se veu c'un duro en róda, dixo á sua muller.

—Pépa, meu hirman éche moi envidioso e, tan pronto seipa que teño besta, ha de querer mercarm'a: mira o que discurrin, pra que m'a pague bén. O nóso diñeiro é a róda que xa sabes; cámbio a en pesetas, doull' as á comer ô burro entr'a palla e, asegurando á meu hirman qu'o animal cisca pesetas, verás o que me dá por él.

—Ti xóga l-o todo po l o todo. E ¿se salen mal?

Déixam'a min. Sobr' un hóvo pón a galiña.

Fixo, n'afecto, que tragara o burro as cinco pesetas e, pasando co el seguidamente por diant'a casa de seu hirman; saleull' ô encontro esto e exclamou:

—¡Máma, Crispín! ¡Con que xa tés un burro e eu non!

—Sí, empeñándome pra merca-l o.

—Véndem'o e mérca outro.

Sei o que teño e n'o vendo. Est' animal é a miña fortuna. Él non tardará en facerme rico coma ti.

—Pois ¿qué milagres obra?

—Cisca pesetas e ahora o verás, que vai á gastear.

Gasteou o burro: rexistraron os dous hirmans e, topando ô istante entre'o gasto as pesetas que tragara, dixo entonces Bastián:

—Hirmanciño, véndem'o burro, que ch'o pagarei ben.

—E ¿canto me dás por él?

—Dareicho mil reás.

—Menos de dous mil n'o déixo e eso por ser pra ti

—Vayan lógo os dous mil reás.

Cobrou Crispín os cartos, deixou o burro en poder de seu hirman e volvéndos'á casiña, chamou po l a muller e díxolle:

—Pépa, esta non salen mal. Aquí tés dous mil reás que Bastián me dou po l o burro Escoita ahora o qu' has de facer cando veña á queixarse de que o engañei. Temos dous coenllos iguales; prendes un c'unha córdiña e ata l o ahí en calquera sitio; o outro, lévo o eu que vou ô monte á coitar toxo e volvo lógo Bastián de seguro, preguntará por mín; ti respondes que non estou n'a casa, só ta l o coenll-iño atado e mándasm' á decir por él qu' veña axiña. Veremos cómo te sacudes

Marchou Crispín pra o monte c'un d'os coenllos e Pépa quedou en execu ar ô pé d'a letra o encargo d'o seu home.

Bastián, por bén que rexistraba e rexistraba sempre qu'o burro facía de corpo, nada mais qu' esterco descubría e así non tardou en correr á casa de Crispín, por quén chamou moi enfadado. Pépa sa'eu á porta e, vendo o alí c'o burro, dixolle sin inmutarse:

—Bós dias, Bastián. ¿Qué s'ofrec'ía?

—Qu' ahí tén de l o vóso burro e volverm' inmediatamente dous mil reás qu'o teu hóme m'arrancou por él.

—E ¿eso?

—Que desfago o trato, por engaño. Teu hóme aseguroume qu' este burro era a sua fortuna, pois tiña a propiá de ciscar pesetas; merquei l'o en tal concepto e desque n'o meu poder está, maldito unha me ciscou: conqu'así, recolle-l-o burro e devolverm'os cartos.

—Crispín non ch'está n'a casa; eu nada teño que ver c'os vósos tratos; pró entra, mandarei n-o á buscar e falarás con él.

Entrou Bastián: desata entonces Pépa o coenl'o e, dándolle libertá, bota á fuxir pr'onde se il'antoxou.

Crispín quedára en vir á almorzar; entrou tamén á pouco c'o outro coenllo en brazos e preguntou á muller:

—¿Qu'hai de novo, que 'est'animaliño chegou xunt' á min correndo e díxome viñese de contado á casa!

—Hai que teu hirman no quére o burro e pide a devo ución d'os cartos.

—Sí—respondeu Bastián;—mais antes, dime Crispín, ¿e verdá que che levou recado de que viñeses es'animaliño que trás n'os brazos?

—¡Pois n'ha de ser! Non temos outro criado que somos pobres: se fóramos ricos coma ti, xa o teríamos; pro, amigo, n'hai con que paga l o.

—Hirmanciño, véndem' ese coen lo.

—¡Se!que 'estás tolo! Ti quéres acabar comigo. Non cho vendo; é un criado moi fiel e nada nos cósta mais qu 'a'gunha herbiña, con que se mantén.

—Hirmanciño, véndem'o e perdónoch'os cartos que po-l-o burro me lebache.

—Venderéich'o, xa que tanto t'empeñas, pró dándome mil reás

—É moito Crispín; non vale ese diñeiro.

—Xa verás se o vale e inda mais.

Arroutoulle, pois l-os mil reás e marchou, levando o burro e o coenllo.

Chegado á casa e alucinado c'o que seu' hirman li' había dito, fixol' a conta ós criados, despideu-n-os e mandá ô coen'lo c'o gando ô monte; mai-l-o animaliño, ô verse libre, fuxeu, como fuxira o compañeiro.

Pépa, moi contenta con tres mil reás que Crispín pescára xa á seu hirman e deseosa de non perde-l-os dixo ô hóme, cando li' os amostrou.

—Bastian háche de volver: preciso é armarll' outra.

—Córre d' a miña conta e ti axúdame.

—¿Qué discurres, pois?

—Matamos ese carneiro flaco qu' está n'a corte, henchemos de sangre d'él unha d'as suas tripas e, cando pete á pórta meu hirman, cinguest' a tripa ó pescezo, quéixas' él d'o nóvo engaño, en f dom' eu contigo o botandoch'a culpa toda, fago que te mato, dando unha puñalada n'a tripa; entonces ti quedaste como unha mórta; lógo, tócoch'eu á orella unha gaitiña e vas pouco á pou-

co avivecendo hasta porte de pé enfreut' á nós. ¿Enténdes?

—Si, sí, descoida.

Por la transcripción.
MARCIAL VALLADARES.

(*Concluirá*)

## O DESCONSOLO

D'esta fontiña á beira froleada
sentado á sombr·a de un chorón estou
doido o peito, a y·alma esconsolada
triste morrendo pouco a pouco vou.
Desde q'a negra morte aque'a prenda
que tanto quixen me arrancou sin dôr
solas non hacho eu nada, e so ta a renda
a pena, choro o meu perdido amor.
¡Quen·o·diria! tan garrida e nova
doce cal rula e branca cal xasmin
tan cedo habias de baixar á cova.....
piedade ceos ¡ay! piedá de min.
¡Solo quedei n'o mundo, solo, solo!
¡q'ei de facer?..... chorar..... e mais chorar!
e q'ainda te vexo n'o m·u colo
Sabeliña querida, maxinar.
Xa non iremos mais po·los roleiros
en compañía amor·sa às moras, non.
Nin baixo d'os follosos ameneiros
as coitas che direi d'o corazon.
¡Cantas veces d'a y·auga d'esta fonte
che din, miña viduña, po·la maul
cantas os dous deixabamos o monte
por tomar aqui o fresco aló n'o bran.
E n'as tardes de outono. ¡non te acordas?..
mais ¡que digo acordar! ¡si te perdin!!!
parteseme ¡ay! d'o corazon as cordas
penso q'inda aqui estàs...louco de min.
N'outono... pois con alegria moita
nos ibamos o·longo castañal
e a reboladas en guindaba froita
mentras ti regalabasme en cantar
E tamen cando...¡pero á que memoria
fago d'o tempo aquel ¡ay! calar i!!!
Mirame Sabeliña, desd' a groria:
Por ti decote triste chorarei.

ALBERTO CAMIÑO.

## Refrás gallegos

### A

A aldea, Diol·a dea.
A auga d'Abril, henche o carro y·o carril.
A auga por San Xoan, tolle o viño e non da pan.
Á boda nin bautizado, non vayas sin ser chamado.
Abril si por mal quer vir, as portas non deixa abrir.
A cabra c'o vicio, no cu da c'os cornos.
A carto vai a libra de vaca; o que non·o ten, non·a papa.
A casa de tua tia, non vayas cada dia.
A castaña qu'está n·o camiño, é d'o veciño.
A conducta d'o home bo, anda n·a man d'o home malo.
A corda sempre creba pol·o mais delgado.
A curiosidade e boa pi'a roupa branca.
Acha tirada, pra racha.
A danza sai d'a panza.
A facenda d'o crego, dall'a Dios, e léva'l'a o demo
A fame y·o frio, fan ir á casa d'o inimigo.
Afeita un cepo, e parecerá un mancebo.
A gaita quel·o gaitero.
Agosto e vindima non son cada dia.
A horta d'outono manten ó seu dono.
Aire solau, auga n·a mau.
Alábate coitelo, que á venderte levo.
Alá vai, alá vai o burro o burro tras d'a nai.
Alà vai serod·o con temporao, mais non n·a palla nin n·o grao.
Alegria, alegrote, que anda o rabo d'o porco n·o pote.
A leña canto mais seca, mais arde.
A leña torta ou bilorta, o fogo aporta.
Ali ten a galiña os ollos, onde ten os s·eus ovos.
Almorzo cedo, cria carne e sebo; almorzo tarde, nin sebo nin carne.
Á madrasta, o nome lle basta.
Amigos com'o can y·o gato.
A mala veciña dá a aguila sin liña.
Amigos e mulas, fal'an as duras.
Á hermosura, cómea a terra.
Á moita fame no'hai pan podre.
A muller qu'é coidadosa, deixa a gaita e colle a roca.
A muller y·a besta á nadia s'empres'a.
A muller y·a gata, é de quen·a trata.
A muller y·a loba d'o mais feo s'enamora.
A muller y·a mula, pol·a boca li'entra a hermosura.
A muller que pega n·o home, fai ben si pode.
A muller y·a sardiña por mais piquiniña.
A muller y·a troita préndense pol·a boca.
Ano de moita herba, ano de moita m....
Anque son grosas, non son nosas.
Anque non durma o oilo, descansa o oso.
Antes de compral·o becerro, facel·o cortello.
Antes torto que cego de todo.
A lengua vaya e veña, as maos secas e quedas.
A pascoa onde quixeres, y·o introido ond'as mulleres.
A pedra andando, non cria musgo.
A perna n·o leito, y·o brazo n·o peito.
A poesía está n·o cazolo e n·a chirouvia.
Á porco gordo, untarll' o rabo.
A pormeira n·a borra'leira, y·a segunda n·a cadeira.
A porta d'o rezador, non bótel·o millo ó sol.
A probeza non é vileza.
A quen coce y·amasa, non lle fúrtel·a masa.
A quen Dios quer ben, o vento lle apaña a leña.
A quen matárel·o pai, non lle críel·o fillo.
A quen non quer caldo, taza e media.
A quen queiras mal cómelle o pan: y·á quen ben, tamen.
A quen tanto ve bástalle un ollo.
Arden os cangos, quentémonos êles.
A rico non debas, y a probe non prometas.
A San Andres de Teixido, ou morto ou vivo.
Asáñanse as comadres, porque lle din as verdades.
As contas de Xan, son como as fan.
Así paga o demo á quen·o sirve.

Ás tres cai a vez.
Ás veces ruin cadela, roe boa correa.
As nove, déitate home.
Atar os cas con longanizas.
A terra ben labrada, ô seu dono dá ganancias.
A ucha sin centeo é com'o prado sin rego.
Auga e leña cada dia veña.
Auga en Mayo, pán tod'o ano.
A vaca d'a miña veciña, dá mais leite c'a miña.
A vaca que non come c'os bois, ou come ántes ou come despois.
A verdade anda n'herdade.
A volpe vai pol·o millo e non come, mais dallo c'o rabo e sacode.

(*Continuará*)

## CASOS E COUSAS

Como qu'é costume antigua
N'os peródicos enxebres,
Cand'un ano se remata,
Cando pasa San Silvestro,
Saludar ôs seus amigos,
Suscritores e mais xente
Que s'intresa pol·o diario
Qu'un escribo, (casi sempre
Sin ver nunca d'o traballo
Os laúdes que merece)
N·é posibre qu'ista GAITA
Sal a hoxe indiferente
Sin cumprir c'o regramento
Que l'impoñen esas leises
Tan galanas e cumpridas,
Tan xeitosas e corteses.
N·é posibre, n·é posibre
Inda qu'así Dios.....me leve
Ás ribeiras de Cariño,
D'o Ferrol ou Puentedeume.

Vaya, pois, un saúdo,
D'aquesta GAITA,
Ós co'égas y·amigos
D'acó d'a Habana.
Pra todos eles,
De moedas d'o *Banco*
Tres centos feixes.

Ós que mouran n'o slares
D'a nosa terra,
Que non pisen n'a vida
Ningunha allea:
Que non emigren,
Qu'emigrar é morrerse
Y·aló eles viven.

÷

¿Quen dixo n'un certo sitio
Que quedaba Rousalia,
Sin coroas n'a sua cuba,
Sin estatuas aló en Iria?
Quen era o larpeiro ese?
Quen era? ¿Quen-o decía?
Que pensaba d'os ga legos
Que vivimos n'esta Insua,
Ese escentrico d'os diabros,
Fi lo, seique, d'a morriña?
¿Quen tachou d'esquencimento
Entr'os fillos de Galicia,
Ós que sempre figuraron,
A eito, en primeira fila,
Cando se trataou d'honrar
Os bos xenios d'a terriña?
¿Quen foi o larpeiro ese?
Quen era? ¿Quen o decía?
Agarde e non se trabuque
Que vou darll' unha noticia.
N'o mes prousimo, Febreiro,
Pol os derradeiros días,
N'o treato de Tacon
Y·en honor de Rousalia,
Levarás'a feliz cabo,
Festa literaria e lirica,
N'a que falará Montoro,
Espada, o señor de Insua,
Gabiño, Mendive, Ruiz,
Secundino Cora e Vi la
C'os ochavos que recollan
D'as entradas e d'as rifas
Que se pensan en facer
Pra qu'as merquen os qu' asistan
A esa festa que. cal ela,
Non se pensa ver n'a vida,
Haberá ánque nada sobre,
Para erguerll' a Rousalía,
Unha estátua qu'a recorde,
N'as ceuturias que nos sigan,
Pois que n· esta todos, todos,
Veneramol as suas cinzas.
¿Satisfixos'o fulleiro?
¿Non se satisfixo ainda?
¿Non se convenceu c o dito
De que dixo unha mentira?
¿Non lle basta o que dixemos?
¿Todavia? ¿Todavia?

Daráll'e creto entonces
Ó noso anuncio,
Cando chegue Febreiro
Pra vernos xuntos
Texendo croas
Ó cantor inspirado
D'as *Follas Novas*.

÷

N'o mercado de Colon,
Qu'é un mercado d os d'a Habana,
Abreu unha tenda enxebre,
Un amigo d os d'a infanza,
Un rapaz qu'en Carbal iño
Veu a luz, e que se chama,
Si non ment o reportorio
Que *Amador* de cote garda
Valentin Gonzalez..... e
Outras cousas que se calan.

Leva por nome o posto
*Gaita Gallega*
Este título basta
Pr'a sua encomenda.
¡Ben Valentin!
E n·esquenzas te quere
Sempre.

CHUMIN.

IMPRENTA D' "A CORRESPONDENZA DE CUBA"
Rua d' Obrapia núm. 24.

# A GAITA GALLEGA.

REPINICA MUIÑEIRAS, ALBORADAS E FANDANGOS, UNHA VEZ O' MES.

*Direutor:* CHUMIN DE CELTEGOS.

ANO SEGUNDO. N-a Habana: 28 d'o mes de Febreiro de 1886. TOCATA 8ª


## A LENDA D' AS BURGAS.

Contáronma n·o Riveiro.....! Acordocheme bén: Sentámonos Sabela·e·eu n'a veira d'o rio que s' esmorecía xemindo xunt'os erguidos brisos, lambendo as follas d'a *lengua d'a ovella* e engarrando brilante n·as picoadas silveiras.

A noit'era de lua craríssima; mesmamente semellaba·o día: cómo fói pol·o tempo d·o vrau, as rans cantaban n'as augas paradas, e a'gun laberco d·os qu' estaban regando·a horta aturuxaba dicindo: *¡Vira·o Riveiro, rábea!*.....

Destouces Sabela preguntoume sonrindo:—¿Qués que ch' aconte?.....

E·escomenzou así á lenda.

°
° °

«Unha ves era·un pái e tiña tres fillos; ô mellor d'estes chamában le Pedro, é n'a casa adorabano pol·os vivires; os outros hirmaus sempr' andaban de treul'a por romaxes e fiados armandoll'as mozas cal c'oa gayola á·os meiros.

Pedriño, cómo le chamaban por toll'a redonda, era de bon facer: tiña un carautre moy manífico; xamás berraba encirrándose, daba consellos á todos de virtude, e sabia máis doutrina qu'o abade: era un sentido.

Unha ves corréuse pol·o lugar, que Pedro fuxira d·a chousa, porque seu pai no·no quería poñer á estodiar pra crego.....

Dispois de moitos anos sóupose dél; p'ro xa non era como nos: estaba feito santo.

°
° °

Acolá·arriba, n aquela serra dond'e hay tanto pedragullo houb'unha ermida agachada n·a creba d·o monte: pois n·ela estaba·o Pedriño facendo penitenci'antre·aúnos. Soio com'a fror d·o toxo·qu' amarga que ten demo, e gomos de viña, pol·o tempo: beber bebía augua d'a chuvia. ¡Ma! pocadiño, cantos traballos pasaba!

N'unha tarde me aucóneca d'outono, Pedriño enfermón como s'estivera tocado d·o peito; tiña unha tos de ovella.

Debén tomar medo, porque, ánque santo, era de carne·e hoso e chamóu·a un pas,or pr' a qu'o coidase.

°
° °

Aquí n·a vila, hay unha rua máis antigoa e vella qu'o andar á pe; ô cabo d' ela érguese unha casa que hoxe ten os lenzos d' as paredes escagallados e d'a cór d·a parromeira.....N·aquela casa hay unha taberna: *A taberna d·o Cristo.*

Aló, n·a remota edade en qu os condes vivian n'ese castelo que está·o comenzo d·o pobo de Rivadabia, qu'o presente ó lase desnoroado, sin almenas nin fochancas, dond'os homes caian cal si foran lousas, habia n'a taberna en custión unha mul'er tan bonita com un ouro; non contaba mais de quinz' anos, sua cara remembraba as d·as viuxes, ea sua alma achegábase á mirar por seus ollos negros como duas uvas tintas d·as ribeiras d·o Avia.....¡ay ser era un encanto·a tal rapaza: nomeábana Aurora....

°
° °

Certa tarde algareirónse á xente d'a vila, correndo medorenta pol·as estreitas calexas,arrempuxándose·e ceibando gritos: a guén dicía que' era o desleigado Pedro Madruga que viña fender cacholas é segar descozos.....; por fora d·os muros non se ouvia miga la nin se supoñía nada d·o que dentro pasaba. O·conto e que na empinada costa dond' estaba e·ainda se sent'a *taberna d·o Cristo*, viuse un corpo estirado e sin vida con cén feridas feitas á pedradas pol·os d·o pobo: xunt o morto viase un a modo de vaso de prata.....

°
° °

A·Aurora cortexabana os gal'aus de por aquí mais apostos e mais acomodados; ela non queria a ninguen.....; minto: estaba loucamente namorada d'un pastor....d·o criado d·o *santo* d·a ermita; el iñoraba a querencia d' Auroriña.

Por fin, vendo a rula qu'o cazador non ile facía caso, quixo vengarse.

Aspreron aquela tard' en que i'ia á compral·o viño pr o hermitaño; non podendo aturar o·ardente cariño que ll'encendía o peito. Aurora dixolle n'unhas faliñas cóm'a derradeira nota d' un harpa:

—¿Eu estou tola por ti; qnéresme?.....—E o decilo meteul'e, sinq' el se porcatase, unha cousa n'o peito, que relumbraba.....

—¿Non podo, auroriña; non m'e permite meu amo; dixoll'él!

—Xuroche que m'as has de pagar caras, repuxo á taberneira: e-o mesmo punto botóuno fora d-a tenda-e púxos'a berrar a porta cramando: *á de Dios que me roubaron unha copa de prata.*

°
° °

As pedras zoaron pol-os aires; homes mulleres e nenos agarraron d-o pastor guindáronno chán, morto....

N-o peto tiña un vaso de prata.

O corpo foi arrastrado, esbandallado e posto n' unha esquina front a taberna, pr'a escarmento: alí púxose dimpois unha crus de pau; e as mulleres devotas alcumaron con aceite.....

E-a tradicion alumaron á casa d' Aurora: *A taberna d-o Oristo.*

°
° °

O siñor Pedro espetou en vald-a volta d'o criado.

Cándo lle dixeron o feito-a rábecha púxollo cachenas; choróu e calóu, virando os ollos pr'o ceo *c'os puños fechados.....*

°
° °

Din qu'o santo viña botar aquí as augnas de ferro, quentes é frias. Pro eu venganza d'o sucedido, arrecadóu as limetas ond'as gardaba' cal a semento-, e como gato escaldado, fuxeu pr' a Ourense.

Xa, alí, cacheóu un bao corruncho, valdeiróu as limetas d'as augas e cáseq'ó mesmo instante comenzou á rebullecer as Burgas; unhas fervendo á cachóc'outras frèsquiñas e salitrosas cal-a névoa n' as prayas.....

°
° °

Dimpois col'endo á sua capiña remendada, estendéuna sobre d'o Miño, puxos'enriba d-éla, e deixouse ir c'oas maiuiñas ondas qu'o levaron á un remanso do rio, moy louxe; foi dar á Tuy, xa cadavre, pr o arrecendian as suas brancas cárnes cal as rosas d' un xardin de Pontevedra.

°
° °

N-a catedral de Tuy, exist'un letreiro que dí pouco mais ou ménos: "Por aqui naceu San Pedro Gonzalez Telmo, y-aqui s' enterrou".

°
° °

Xá caia moita xiada xunt'o rio.....Sabela calóu.

Entramentras xacund'amol-a terra d' estar sentados, un ruiseñor cantarexaba n-a poula de un olmo.....

—"Ven Todal-as noites de luar cantand'o pe d'o rio,-adevirteume Sabe'a:

"Por aquí sin que-é a-almiña d' Aurora encantada pol-o santo.

LISARDO BARREIRO.

## ¡PRA A HABANA!

I.

Venderonll' os bois,
Venderonll' as vacas,
O po e d'o caldo
Y à manta d'a cama.

Venderonll' ò carro
Y as leiras que tiña,
Deixarono soyo
C'a roupa vestida.

—María, eu son mozo,
Pedir non m' è dado,
Eu vou pò'l-o mundo
Pra ver de ganalo.

Galicia está probe,
Y à Habana me vou....
¡Adios adios prendas
D'o meu corazon!

II.

Cando ninguen os mira
Vènse rostros nubrados e sombrisos,
Homes qu' erran cal sombras voltexantes
Por veigas e campios.

Un, enriva d'un còmaro
Sèntase caviloso e pensativo,
Outro, ò pe d'un carballo, queda imovil
C'o à vista levantada hàcia ò infinito.

Algun cabo d'a fonte recrinado
Parès qu' escoita atento o murmurio
D'angua que cai, e eisala xordamente
Tristísimos sospiros.

¡Van à deixà l-a patria!....
Forzoso, mais supremo sacrificio.
A miseria està negra en torno d'eles
¡Ay! ¡y adiant'està o abismo!....

III.

O mar castiga bravamente as penas,
E contr'as bandas d'o vapor se rompen
As irritadas ondas
D'o càntabro salobre,
Chilan as gaviotas
¡A'à louxe!....¡moy louxe!
N'a pràcida riveira solitaria
Que convida ò descanso y ôs amores.
De humanos sères à compauta linea
Que brila ô sol, adiàntase e retórcese,
Mais preto e lentamente as curvas sigue
D'o murallon antigo d'o Parrote.

O corazon apertase d'angustia,
Óyense risas xuramentos s'oyen
Y as brasfemias s'axuntan c'os sospiros....
¿Onde van eses homes?
Dentro d'un mes n'o simiterio imenso
D'a Habana, ou n'os seus bosques,
Ide à ver que foy d'eles.....
¡N'o eterno olvido para sempre dormen!..
¡Probes nais que os criaron,
Y as que os agardan amorosas, pobres!

IV.

—Animo compañeiros,
Tod'à terra è d'os homes.
Aquel que non ven nunca mais que a propria
A iñorancia ò consome.
¡Animo! ó que se mu la Dio·l·o axuda!
¡E anque ora vamos de Galicia louxe,
Verés dês que tornemos
O que medramo os robres!
Mañan é o dia grande ¡à mar amigos!
¡Mañan, Dios nos acoche!

¡N'o sembrante á alegría,
N'o corazon o esforzo
Y a campana armoniosa d'a esperanza,
Louxe, tocando á morto!

V.

Este vaise y aquel vaise
E todos, todos se van,
Ga icia, sin homes quedas
Que te poidan traballar,
Tes en cambio orfos e orfas
E campos de soedad,
E nais que non teñen fillos
E fillos que non têu pais.
E tês corazons que sufren
Longas ausencias mortás,
Viudas de vivos e mortos
Que ninguen consolará.

ROSALÍA CASTRO DE MURGUÍA.

## O AMOR.

I

D' o amor faloase pol·os falares. ¿Quén non soñou c' os amoriños d' unha nena! ¿Quén non sentiu latexar o corazon n·o peito véndose diante d' unha d' esas garridas mozas que campan n·a nosa terra?

Pero aúnque se falou au todol·os tempos d' os amores como agora se fala d' as Carolinas, ninguén recolleu os decires soltos d' os homes que ademais d' estareu namorados sinten queimarse n·o lume d' outra pasion que os d' moña.

D' o amor poucos son os que teñen o mesmo xuicio; com' os tratantes falan d' a feira, asegun lles vai n·ela, os que falan d' o amor, espricanse asegun foron por el coitados ou venturosos.

A facer esta angueira, dempoixa de moito trabal o, vou eu, pra que as mulleres sepian por onde lles pega ôs homes, os xuicios que d' e'as forman y·as voltas e revoltas de que se valeu, non pra lles facer a rosca d' o galo, s non pra collelas de xeito que non fuxan e cayan n·a rede.

Escomenzarei pol os militares.

Pr' o militares os amoríos son unha *campaña*. 'O decrarárlle o amor á unha rapaza póñena en *estado de sitio*. N estas loitas nun queren mais nemigos que a muller. Calquera que s' achegue â dôña d' os seus pensamento·, teñeno por un *aliado* peligroso e persigueno de morte.

A muller pr' o militar ven á ser unha *escopeta*, pol·o menos sinten antoxos de manexala. Esta casta d' escopetas so'tan âs veces o tiro pol·a culata, pero non lle fai, os militares como se teñen por avisados n·eso de lle daren ô gatillo, cargan de novo pol·o cañon e trocan de puntería.

Non contan conquesomellantes escopetas estan sempre n·a falsa.

Os desaires que dan as mulleres non pasan de ser pr' os militares *disparos* á queima roupa. Pra e es falar c' unha moza sin conquerir cousa de proveito é *gastar pólvora en salvas*.

Cando un militar trona co·a sua noiva, faise de conta que lle deron a *ausolata*.

Aman pol·a *tautica* militar. Ven unha muller que lles enche o ollo e síguena: *paso d' ataque*: párause e *fan alto*. Miranos c' o rabiño d' ollo e miran tamen: *¡porparen armas!* Teñen ocasion de parolar co elas, e parolan: *fogo graneado* Van entrando n·a carril eira d' as confianzas, ¿escomenzan á pasarles a man pol·o lombo? *revista de comisario*. ¿Entran n·a casa e falan c' os pais?: *movemento d' avance*. ¡Rifan co·elas pol·a mor de calquera picallada, órguense e despertan d' o seu sono d' amor?: *toque de diana*. ¡Logran o que cobizan e non aparecen por ond' a rapaza en oito dias?: *media volta á dereita*. O ¡âi toma cartas n·o asunto e fala de casamento?: *carga de caballería* ¿Ateude aqueles consellos e casanse?: *rindan armas*. ¿Omos como quen oi chover e non quere casamento?: *en retirada*. ¡Algun mozo valente d' a familia fai esculeas pr' atopalo c'o gallo de lle pidir contas e de lle esfarelar os fuciños si cadra? *¡centinela alerta!* ¿Alcóntrase de súpito co·a airitada nai d' a nena?: *sorpresa n·o corpo de guard a*. ¿Daulle parte d' a falcatrúa ó xefe? *ronda maor*.

¿Casanse e festexan a boda?: *pasados pol·as armas* ¿Po·a mor d' o troque de guarnicion teñen que facer un viaxe? *:armas ò lombo*.

¡Morrel es a muller?: *franco de servicio*. ¿Cai n·a conta de que quedou viudo e volve pensar n·as rapazas?: *situacion d' embarque*

¡' liegan ôs cincoenta anos e xa non miran pra el as mozas?: *retirado*. ¡Non axexa, nin rixe, nin sinte antoxos de parolar d' amores?: *arma á funerala*.

MARCOS D'A PORTELA.

## MIRAND' O CHAU.

(IMITACION DE BERANGER.)

Dios, non atopando
Cousa en qu' entreterse,
Farto d' estar solo
Cavilando sempre
En forxar cadeas,
Traballos e pestes;
A razon buscando
Y-a causa en que pende
Que tan poucas almas
Po' as portas ll' entren,
D'o seu paradiso
Deixand' os verxe'es,
Saleu de apaseo
Certa maña quente
D'o reuma e d'a gota
Por esparexerse.
Como é xa vo.liño
Y-o coitado vése
Tocante á saúde
Moi pouco valente,
Cansóus' ós dous pasos;
Mais com' alí arrentes
Topas, un asento,
Sentónse y alegre
Por cima d'as nubes
Asomando a frente
Y-a terra buscando
C'os ollos celestes,
— *¡Caráspeta!* dixo
Falando entre dentes:
*Si dou c'o ese mundo*
*Q' o demo me leve.*

Debéu d' atopalo,
S'o conto non mente,
Por qu' él d' alí á pouco
Quedóu com' a neve,
C'os ollos crabados
Que espantan e feren,
N'un bulto qu' iñoro
S' é d' home ou de verme
Miróuno dispacio
E víu qu' era un ventre
Co'as sedas vestido
Máis ricas d' Oriente.
N'un sólio sentado
Qu' envidian os reises
Y en capa revolto
De tépedas peles,
Cerbando saudabres
Arrotos d' benchente,
D'a terra, sua escrava,
Recoll' os presentes;
E si hai algun louco
Que, pobre ou rebelde,
Diñeiro non teña
Y-á dárllo se negue,
O ventre que, mudo,
Falar sabe ás veces,
Con solo que diga:
¡Pauliña n'o herexe!
O herexe é borrado
D'a lista d'a xente.
Mirand' este monstro,
Dios dixo entre dentes:
—*Bah, bah!... Si "tu es Petrus,"*
*Q' o demo me leve.*

Volvend' áutro lado,
Sua testa solene,
Miróu levantarse,
Rodeado de plebe
Qu' espera ó verdugo,
D' él rindose mentres,
O *pau*, a cucaña
D'a festa d' os xueces.

A vítima chega:
Quizáis é un imbecil,
Quizáis nacéu tolo,
Quizáis é inocente!...
Millor que mátalo,
Tal ves conviñese
Méte'o n'o fondo
De catro paredes,
Ou, preso ó'h' argola
Q' á terra o suxete,
Mandálo abrir montes
E furar tuneles.
Dicíndolle: "sôfre,
Traballa é manténte,
Y a libertá chora
Que ti non quixeches."

Mais, non; é preciso
Que morra o que peque,
Y-o crimina morre...
Y o crime repétese.
Parvo á tal escándalo,
Dios dixo entre dentes:
— *Si ch' esto é xusticia*
*Q' o demo me leve.*

Suspenso y atóneto,
Non lexos moverse
Miróu de labregos
Un fato misérrime.
De malas patacas
Mantidos con leite,
Máis ben que non homes
Pantasmas parecen.
De cote fozando
N'a codia terrestre,
Toupeiras humanas
Que furan as seves,
O sangue d'as venas
Perdend' á torrentes
Traballan sin folgos
Un chan que n' é d' eles.
Trabal an... y-o fruto
Que tras doce meses
De loita reco len
D'os éidos que atenden,
Metá pró *dominio*
Metá pr' ós lebre'es
D'o fisco é d'a curia,
Todiñol o perden,

Quedándos' ó cabo
De tantos riveses
Siu pan pr'os seus fil'os,
Nin gráu pr'a semento.
Y en tanto n'a aldea
Tod' esto acontece,
"Leis hay, díu os ricos,
Q' ós probes protexen..."
—*¡Qué leis, nin qué rayos!*
Dios dixo entre dentes:
*Si valen tres pitos*
*Q' o demo me leve.*

Non pára inda n' esto
O q' o chau ll' ofrece;
Q' a través mirando
D' as suas gafas verdes
Viu deitarse méndegos
Que s' erguen marqueses:
Tal clás d' escrituras
Firmar indixentes,
Q' o cabo d' un ano
Non teñen albergue.
Soldados cobardes
Chegar á ser xefes,
E morrer sin groria
Os máis grandes héroes:
Pasar por honrados
Os q' honra non teñen,
Por santos os pillos,
Por xustos os débles,
Subir os a tares
Os q' á forca deben
Y arrastrar carroza
Quen debe un grillete:
Chegar á podrosos
Venteiros d' aceite,
E comprar o ceo
Prestando á intereses
Vend' esto, Dios dixo
Contr' o seu chaleque:
—*Si ch' outra vin nunca*
*Q' o demo me leve.*

Con noxo deixando
Tantas cativeces,
Iuda n'outras cousas
Parón Diol.as mentes.
Viu malos gobernos
Que falsos y aleves
C'o xugo d' os povos
Engordan e crecen;
Cregos que, feroces
Como cans doentes,
C'un fusil ó lombo
Predican ós fieles;
Ricos que roubando
As gavetas henchen;
Médicos d' as quintas;
Que dan por encrenques
(Mendiante cati' onzas
Cando non son sete)
Moziños, q' ó cabo
Tocan o pendengue
A seus pais perdendo
C' o aforro que perden:
Homes esfameados,
Emporras mulleres,
Espigados nenos
Que non saben lére,
Y en fin, cantas cousas
Que non deben verse,
Que Dios, barripiado,
Y as creces facéndose,
Conocid' a causa
De q' o inferno medre,
Meténse n'a groria
Decindo entre dentes:
*S' eu fixen tal mundo*
*Q' o demo me leve.*

M. CURROS ENRIQUEZ.

## CONTOS DE RAPACES.

SANTIAGO.—VILANCOSTA.

(*Conclusión.*)

Bastian volveu, n'aleuto, á noite, queixándose de que novamente se l'engañase. Mandára ü coello c'o gando ü monte e nin arriba, nin abaixo parecía. Roclamou, de consiguente, os mil reás que Crispín maliciosamente le llevara e amenazou-o hasta co a xusticia. Crispín contestoulle:

—A malicia, ou engaño, que n'esto haxa culpa será de Pépa, miña muller, pois ben recordarás que n'a casa u'estaba encand'á queixarte viñéche po·l·o burro.

—Tan bó és tí com'a tua muller.

—Vou á mata·l-a, pra que vexas e non digas que trato d'engañarte.

—Tanto coma eso, non.

—Sí; vai á morrer.

E, tirando de navalla, pinchall'a tripa de carneiro, chea de sangre, que pósta xá ó pescozo tiña Pépa. Cai esta n'o chan ó golpe, como se a matáran. Bastian entonces, abalando e arrepentido d'o paso dado, no sabía case que decir; mais Crispín, co a navalla n'a man, tinxida en sangre dixolle:

—Xa ves que, por causa tua matei a miña muller. ¡Qué vai á ser de nós ahora!

—Crispín, perdóname, responden Bastian, abrazando-o. Renuncio ós mil reás; pró ti estás perdido; fixèch' nuha morte e de seguro, vas pra carzle.

—Non o penses, que teño ahi una gaitiña e, entocando'l'a catro on cinco veces á Pépa, há de resucitar.

Trouxo Crispín un como pínfano de buxo e, meténdoll'o cane dentro d'un oído á muller, empezou tú, tuturutú. Éla, ós primeiros tóques, non daba señal de vida, tampouco ós segundos, nin terceiros. Bastian, fixo los ollos en Pépa, coidaba xa que non volvía en sí. Ó cuarto tuturutú, empezou á mover un algo o cerpo e dixo Bastian:

—Tóca, hirmanciño, tóca que xa rebóle.

Dou estonces Crispín quinto tuturutú, que foi

o mais ripinicado, é levantouse supetamente a finxida mórta, deixando á Bastian c'un palmo de boca abérta.

Lógo que o cerrou e, non escramentado ainda d'as xogarretas de seu hirman, díxolle con lastimeira fala:

—Crispín, vendem'esa gaitiña.

—Ti quéres acabar comigo, quitarmo todo-l-os medios de vivir. Non ch'a vendo.

—Hirmanciño véndem'esa gaitiña.

—E ¿canto me dás por é a?

—Pide ti qu'eu bastante fago se me defendo.

—Pois vale dous mil reás e nada menos.

—¿Nada menos, Crispín?

—Nada menos.

Entregoulle Bastian os dous mil reás e foise pra á sua casa co a gaitiña.

Un dia incomodouse co a mulher e tratando de a castigar deul'unha puñalada que a deixou realmente mórta, sin que, pra resucitala, de nada a gaitiña lle sirvise. Anoxado estonces de veras contra Crispín, enterrou, non sin cuantiosos gastos e disgustos á difunta; prescotouse lógo c'un saco grande en casa de seu hirman e díxoll'enfurecido:

—Mal hirman, estafador d'o meu diñeiro, agora si que chegou a tua; vás á morrer afogado, polas moitas veces que m'engañache. Métet'aqui n'este saco.

—Hóme, bén.

Metéu-e Crispín n'o saco, atou-o Bastian seguidamente e, botandos'a carga ó lombo, marcha co éla dereito á certo pozo moi fondo, d'entrambos coñecido. Mais eiqui que, pasando ó pé d'unha ermita, tocou alí á misa. Quixo Bastian oil-a; pousou sobr-unha pédra a carga e, deixando a así, entrou n'a capilla. Crispín namentras, non facía senon berrar ¡Ai de min! ¡Ai de min!

Un arreeiro, qu'iba ó tanto por aquel camiño, oyeu os laios, acercous'ó saco e preguntou ó que dentro d el estaba:

—Meu homiño, ¿que lle sucede? ¿Pr'onde o levan de tan mala sórte?

—¡Ai! Lévanm' á casar co-a filla d'o nóso Rei e, como'eu non quéro vou á forza.

—Hóme, ¡qué tonto é! Cambeemos e léves'usté a miña récua e odres de viño que n ela van.

—Féito: abra o saco pronto

—Desátall'a baranza, pois; sale d'a prisión Crispín e, pósto o outro n'o sitio de él, ata bén o saco e, dando brincos d'alegría, marcha pra a sua casiña co-a récua e odres de viño d'o cuvizoso arreeiro.

Bastian, ó que s'acabou a misa, saleu tamén d'a espilla, bótas'outra ves a carga ó lombo e, chegando ó pozo, guindou n a n'él, afogando, non á seu hirman e así á quén ind'o enriquecía, tanto qu'ó verse n'o lugar con récua própia e odres cheos de bo viño, a muller r a coma unha descosida e aconsellábale fixése de contado un meson con cuadras grandes pra as bestas; os veciños pasmábanse, chamábanlle xa señor Crispín, e Bastian mismo noticioso que foi d'a volta d este, correu á que o enteirase, de como sucedera aque'o.

—Crispín, tí é-l-o diaño, lle decía. ¿Non ibas no meu saco? ¿Quen senon eu te levou ó lombo eu'o pozo guindou a carga?

—D'ese pozo viñéron récua, odres e viño, que ti non maxinabas e muchos mil lores qu'os qu'eu tróuguien s'alópan n'o seu fondo.

—Hirmanciño, volvamos a a' os dous, que quéro unha récua coma á tua.

—Envidioso fuche sempre; todo quéres e todo che sale mal. Mañan, pois, de madrugada iremo l os dous ó pozo e mira que, se desta tampouco sales bén, escusas de virm' a pórta queixándote de engaño, cal hás d'oito.

—Hirmanciño, faim'este favor, que non virei, suceda o que suceda.

O dia siguente, ó raya l o sol, Crispín preparou á sua récua, monta n'un d'os machos e chegando á casa de Bastian, que xa n'a pórta o aguardaba, dille:

—Sube á calquera d'estes machos e vamos lógo ó pozo.

Mont u Bastian n'o que mellor lle parecen e, postos á camiño entrambos, non tardaron unha hora en estar ó pé d'o pozo. Apearons'alí n'un campo, levou Crispín á bebe l-a récua, que n a auga d'o pozo se dibuxaba, e dixo á seu hirman:

—Mira canto macho asoma por aquí.

—Parecen os mismos teus, contestou Bastian mirando.

—Os meus non estan n'a auga.

—Hóme, eso é verdá.

—Pois á busca l os, añadeu Crispín.

Guíndase Bastian ó pozo, con'un atolandrado e, dando vóltas n'a auga sin saber nadar, afogou ó istante Crispín estonces sin'eu especie de remordemento, de que ponco se coidou; pró falando con sigo mismo dixo: «O envidioso morreu; basta de falcatruadas, fagame-l-o meson que m'aconsella Pépa.»

E esto decindo, torneu pra-o lugar á pé, fixo o meson, xuntou riqueza moita e acabous,-o conto.»

Por la transcripción.

MARCIAL VALLADARES.

---

## O ALALALAA...

Si é que escoitades cando ó sol morre,
Cando á ovelliña no monte vala,
Un canto teuro, vago e sobrime
Que conmovida vos deixa a palma;
Un canto brando, pero queixuso,
Que de pasados recordos fa a,
É o melior canto da nosa terra,
É o *alalalaa*...

Cántan-o as mozas que o gando coidan,
Cántan o os homes que os eidos labran,
Cantando os nenos que san da escola
Van iso cántiga...
¡Ay que feitizos eiqui en Galicia
Ten ó *alalalaa*!...

Caud'os gallegos morren de coitas
Entr'os misteiros d'as suas montanas,
Entoan ó canto con moita forza,
Y euton semellan, n'as enramadas,
Ises gorxeos dos rou'sinores
Cando saudan á lus da yal'a,
Ises murmuxos que ten o rio,
Ises concertos que fan as auras...

Dempois qu'o entoan con moita forza,
Con toda a forza da sua yalma,
Van o baixando pouquiño apouco,
Hastra que 'logo na gorxa esmaya,
Como unha queixa que leva o vento,
Cal un sospiro qu'o peito garda.

¡Ay! non m'esquencen d aquela tarde
As oxe mortas legrias santas,
Cando eu ouvia por ves primeira,
Aló no monte, lonxe, o *alalalaa*!...

¿Qué canto e ise?—eu perguntéille
A unha garrida xóven a deana
Qu'un feixe d'herba, na sua cabeza
Chea de negros rizos, levaba,—
Y ela miróume co aquiles ollos
Qu'a duas estrelas s asemellaban,
E co-a sonrisa u'os roxos l bios,
Asina dixo con moita gracia:

«A cantiguiña qu'astra nos chega
»Conmovedora, doida branda,
»É o feitizo d'istas ribeiras,
»A compañeira da nosa yalma,
»É o consolo das penas fondas,
»O pano limpo que enxuga as vágoas,
»O millor canto da nosa terra.
¡É o *alalalaa!*...

»O meu cortexo veira da fonte,
»E n'unha noite de lua crara,
»Vendo que estaba cantando, estraida,
»Sonando amores, un *alalalaa*..
»Dixome 'logo qu'enchin a cla
»E cando ó pobo m'encamiñaba:
—»Por Dios che rogo que cando estemos
»Os dous soliños, miña Mariana,
»Si é que non queres me volva tolo,
»Fon mais entoes ise *alalalaa*..;
»Seica che deron iman as méigas,
»Seica che deron sua voz as fadas;
»Tí fasme dano, si é que me queres
»Miña xoiña, non cantes, ca'a.—»

¡Meu Dios! ¡qu'estrano é que se volvan
Loucas d'amores as aldeanas,
Si ti puxeches no chao gallego
As melodias d'un *alalalaa*..!
Ise lenguaxe do sentimento,
Isa amorosa doida cántiga,
Forte ó comenzo, tenra no tono,
E lastimeira cando s'apaga:
E necessiro non ter u'o peito
Un sentimento nobre, nin alma
Pra que indifrente pódea escoitarse
Un *alalalaa*..

Cando se queixan ox paxariños,
Cando murmuxan as frescas augas,
Cando os prefumes d'o val s'exparxen,
Cando sospiran as leias auras,
E cando as tristes campás d'a irexia
Dobran ás animas,
¡Ay! que feitizos eigni en Galicia
Ten o *alalalaa*..

VALENTIN LAMAS CARBAJAL.

## CASOS E COUSAS.

Propárs' a velada
De Rousalía,
(Si o que dicen as xentes
Non é mentira)
Pr' o vint' e cinco
D'o mes prousimo, Marzo,
Alo eu Albisu.

En efeuto: despois de rifar con mais de catro larpeiros pol a mor d'os trentos y-outras mil cousas, os señores Lopez e Vieites que son, com aquel que di dous galegos xordios, esquirtura. ron o treato d' Albisu pra que n' el teña lugar, a noite d'o 25 de Marzo a tantas veces anunciada festa en honor d' autora d'as *Follas Novas*.

Os gallegos, que non esquencemos nunca—como agradecidos que somos—os moitos agasallos e valeres que nos donou a ruliña d'o Sar, abriremol-a faltriqueira, valeiraremos as alforxas, recolleremos unhas *sabeliñas* d-o fundo d'a ucha. e, cal formigas que toman por asalto o pucheiro d'o mel, entraremos a feixes n'o teatro d' Albisu. a noite d'o 25 de Marzo, dispostos a qu' o mausoleo que pensa erguerse a Rousalía en Padron, sea unha verdá antes de muy pouco tempo.

Os gallegos d'a Habana
(Cousa é sabida)
Sempr' honraron os xenios
D'a nai, Galicia.
¡Como sinón,
Si lles rebule o seo
O'o patreo amor?

***

Ricas troitas me xante,
Con moito prebe,
Si a funcion d' os d'o *Coro*
Non foi enxebre.
Tod' o treato
De mozos e rapazas
Estaba farto.

O programa foi cumprido ô reverter. Dorindiña, a xeitosa filla d'a cibdá d'as Burgas, fix'unha *Marina*, que xá, xá. ¡N'era estrano qu'o *Xorxe* estivera d'ela namoriscado e qu'ô ferrapulgas de *Pascual* lle fixesen cóchegas as parolas c'o *Alberto!*

O Coro.... ¡non falemos d'iso!—decia o outro pol-a batalla de Trafalgar—qu'ainda se me fan auga n'a beca, cal si foran bizcoitos d'as monxas

de Viveiro, aquelas alboradas nomeadas *A Viguesa* e *Cantan os galos pr'o día*. ¡Y os paxáros, que mesmo semellaban melros e siris en tempo d'os niños? ¡Y a estudiantina *Nosa Señora d'os Mercedes* co'aquil pouporrit y aquela muiñeira tan vivaracha e melosa? ¿Y o Bouza? ¡Y o Meneadez? ¿E Vareliña, o agasallado tenor, que gorxeaba aquela noite cal si houbera roubado os secretos d'os trinos, ôs xi guieros d'os valles de Couzadoiro? ¡E Sapera c'aquilo de

O home que se casa
Con unha fea,
De que nunca lla pegnen
Leva as ideas,
Pois s'equivoca
Que non fa'tan cabalos
De boa boca?

Y o.....

Doblemol a folia
Pois abofé
Rita hoxe comigo
Ramil (Xavier)

CH.

# ULTEMA HORA.

## PARTES TELEFONICOS D' "A GAITA."

**O FENIX,**
**Praza d'o Vapor 45.**

*Anuncio representación zarzuela d' Armada, mui ben recibido gallegos barrio. Todos queren sea axiña. Manden lunetas venta.*

*CORTIÑAS.*

**O ANCORA,**
**Obrapia 14.**

*Embullo moito zarzuela* Chumin. *Fagan programa churruscqueiro.*

*LOPEZ.*

**ECO DE GALICIA,**
**Aguacate 47.**

*Gallegos preguntan fecha representación zarzuela* ¡NON MAIS EMIGRACIÓN! *Contesto 10 e 11 d' Abril figurando progroma Dorinda, Varela, Regino Lopez, Cauliña, Franco, fillo de Presa etc.*

*FRANCO.*

**Orfeon ECOS DE GALICIA,**
**Gallano 124.**

*Música zarzuela arde eixo. Rapoces atruxan contentos. Cantan xenio oilos.*

*MUJIA—PEREIRA.*

**ALMACES SAN JOSE,**
**Desamparados.**

*Decoraciós Ruiz pra zarzuela Armada, doilles ollo. Gustarán moito. "Praza d' Armas," ni mais ni menos. "Chouza d' Aldea" parece feita Galicia.*

*MOSQUERA.*

**TEATRO PAYRET,**
**Salon ensayo.**

*Cruña pintada Caula, cousa nunca vista. Barcos fulan. Castelo "San Anton" de primeira.*

*CORA.*

**CENTRO GALLEGO,**
**Calle Dragos.**

*Gallegos dicen represente Tacon zarzuela. Evaristo ofrece cantar copras. Recibida noticia traballan Dorinda e Varela, moitos aplausos.*

*XAN.*

**IMPRENTA,**
**Obrapia 24.**

*Barullo grande representación zarzuela. Vamos todos. Rego (Xerardo) quere poñase pronto escena. Puleu pide luneta. "Vigirita" merca palco Gallega e Roxa. Gallega busca dengue.*

*XAVIER.*

**A COLOSAL,**
**Praza d'o Vapor 60.**

*Vendidas cincuenta lunetas pra primeira representación zarzuela. Reparto programas marchantes gallegos. Dios queira non choiva.*

*CARBALLAL.*

**CENFUEGOS,**
**8 mañá.**

*Gallegos contratan ferro-carril pra ver zarzuela. Torello embarca Cruces. Eu levo bota viño Riveiro, queixo e roscas, pra soldados auto 2º*

*CACHI.*

**MATANZAS,**
**1 tarde**

*Sabedor tren "Bahia" representación zarzuela, rebaixa precios pasaxes pra asistir púbrico.*

*SEDANO.*

IMPRENTA D' "A CORRESPONDENZA DE CUBA"
Rua d' Obrapia núm. 24.

# A GAITA GALLEGA.

REPINICA MUIÑEIRAS, ALBORADAS E FANDANGOS, UNHA VEZ 'O MES.

*Direutor: CHUMIN DE CELTEGOS.*

ANO SEGUNDO. | N-a Habana: 31 d'o mes de Marzo de 1886. | TOCATA 9ª

## ABRIL.

Non m-estraña c'os antigos devotos consagrasen culto ò mes d'Abril porque n-iste mes, baixo o sino de *Tauro*, embrema d'a labranza, è cando o ano agrícola deixa ver n-un prazo xa prèto o froito que pode prometerse o escravo d'o traballo, o home d'o campo.

Os romanos, que puxeron os meses d'o ano baixo a salvaguardia d'as suas divinidás, dedicaron á Venus o mes d'Abril porque n-il se celebraban as *cereales*, as *floreales* y-outras festas en honor d'a terra, nòsa nai.

*Abril* quère dicir *aberto*; y-*aberto* quère dicir *parto*, porqu'iste dito mes figura realmente o parto d'a terra pois vemos que todas as prantas rompen os seus botons pra deixar fuxir ramalliños de tenras y-aterciopeladas follas; os frutás crúbense de brancas e sonrosadas froles; as vides rompen os seus gromos pr'amostrar o xérmen d'os tan cubizados recimos qu'aló por outono colman de felicidade, podemos dicir, ò labrador; o campo verde e frolecente...

N-unha palabra, estamos en prena primaveira, decantada pol-os poetas y-ansiosamente deseada pol os labradores. Ela tèn o dòn de trasformalo todo; a si como leva á outros paises os sabañons e reumas que mais de catro veces nos fan rabiar, tamen s'encarga de traernos, dende apartadas rexóns, o reiseñor, o paspallá, o cuco, a rula, a anduriña, o vencexo y-outros paxáros qu'aporveitarse veñen d'iste benino clime.

Pasaron pol-o tanto aquiles desdichados dias en qu'a natureza s'alcontraba envolveita antre xiada e neve qu'atiridos de frio nos puña; xa non hai aquelas niebras que crubian o hourizónte, nin tampouco aquela tristeza que n-un e noutro curruncho se notaba: xa soilo reina o xérmen d'unha nova vida; e co-a vida, as froles; e co-as froles, a esperanza; e co-a esperanza, as ilusions.

E n-esta nova vida entran as fatigas d'o labrador. O mais pequeno abandono que n-iste mes teña, pódelle traer a perda d'os seus traballos, ou cando menos a esperanza d'unha abundante recolleita. Nunca como n-a estacion presente tén que conagrar môr atencion òs sembrados, cumprindo ô pé d'a letra aquil noso refrán vèllo que non debe esquencérsenos:

A terra bén labrada,
ó seu dono dá ganancia.

Pro, os desvelos e fatigas d'o labrador, non sempre son o bastante pra conseguer esa boa recolleita: moitas veces se dá o caso, por disgracia, qu'aquela se perde sin ter nosoutros, lev'o deño, migalla de culpa. Refírome ò temporál, pois n-iste consiste tamén, como todos sabemos, o bon resultado d' aquelas: qu'o diga, sinón, ist-outro conecido refrán:

Abril e Mayo
son as chaves de tod'ó ano;

qu'é tanto como dicir que d'as chúvias e tempranza d'istes meses pende â abundancia d'as recolleitas y-ò ben-estár, por consiguente, d'o labrador.

Y-anque se dí: *en Abril, augas mil*, non sempre se cumpre o refrán, y-estonces hai qu'apelar a unha angueira mais, bastante traballosa por certo, cal é a d'a rega.

De sòrte que n-a presente estacion o labrador, anque queira, non é dono de ter un momento de sosego: decote n-a faena d'o traballo de noite e de dia, o mesmo que chova que faga sol, tèn que sobrelevar as moitas fatigas que lle son mèster si dempois quér ver isa guirnalda de froles qu'hoxe se lle presenta â sua vista, convertida en dourados froitos.

Non cabe dúbida qu'o labrador n-iste tempo è dino de toda lástema: regueiros d'auga baixan d'a sua têsta que non se detên en limpar, xa por non perder tempo, e xa porque caíndolle unha tras outra, sería inútele semellante operacion.

Pro todo está compensado n-iste mundo. A trôque d'aquiles pesados traballos, a primaveira, esa bonita edá d'a vida humana y-encantador perfodo d'a natureza, ofrece ò labrador os seus encantos, que tan soilo íl pode disfrutar, sole dicirse, n-a môr totalidá.

Á consiguente belleza qu'as verdes enramadas lle proporcionan, añádaselle o verse rodeado de toda canta crás de paxáros hai, e môrmentes d'ises que conocemos por viaxeiros ou de paso e que veñen, n-iste tempo, dende lexanas terras, á rindir, estou por dicir ô labrador, xusto tributo d'adimiracion pol-a sua gran faena n-o traballo.

Alí, moi preto, descontra un pequeno loureiro, ouce o melosiño e sempre celebrado canto d'o Reiseñor, pirmeiro antre os cantores pol-a variedá e dulzura d'os seus acentos, que vên ô comenzo d'a primaveira e marcha, pasada esta, ou á mediados d'o vran, y-a quên o dito labrador de vez en cando, como queréndolle contestar òs seus trinos, lle bota unha d'as moitas sentimentás copras qu'íl sabe, poño por caso esta:

Unha mazán bermelliña,
picada d'un reiseñor.
Quén-a picou que a roya,
que lle levou o millor.

Un pouco mais aló, antr'os centeos, ouce d'a mesma sôrte o Paspallás, paxáro que portên ô xénero Perdís e que tamén vèn ô noso pais á pirmeiros d'iste mes e marcha á principios de Setembre atravesand'o Mediterráneo en grandes bandadas pasando d' Europa á Africa. Alcóntrase precedido d'o Roscon d'a terra, qu'ê o seu guiou ou rey. Debe o seu nome gallego de *Paspallás* ô seu mesmo canto, consistente en repitir esta voz de tres á cinco veces; e dice a vulgaridá qu'o ferrado de centeo correrá á tantos reás como veces repita o seu canto.

Tamén á iste paxáro o labrador lle bota unha qu'outra cantiga por iste xeito:

....Mais sedo madruga
ese paspallás
que, d'o pan n-os sucos,
¡vai bo de cantar!

Asina mesmo ouce, unhas veces mais prêto, autras mais lonxe, cantar o Cuco qu' anda d' eiquí pr' aló sin punto fixo de parada. A femia non fai niño, nin coida d'os seus fillos, sinon que, elixindo o niño d' algun paxariño que n-a sua edade s'alimenta tan soilo d'inseutos com'ó Ververolo, Reiseñor, Carruca, cómese os hóvos que n-il alcontra, deixando un ou dous, e pón alí os seus. Pol-o regular elixe o d'a Carruca, quén, non sollo ê boa nai, n-o tocantes ós fillos que non lle portéñen, sinon qu' abandona parte d' os seus própeos hovos por coidar os alleos. Os novos cucos están n-o niño coma unhas tres somanas y-hastra as cinco sígueos coidando sua nai adoutiva. O Cuco ê d'o antigo continente: chega ó noso pais n'os derradeiros de Marzo ou principios d' Abril e marcha soor'o once de Xulio. Anqu'os naturalistas non están conformes, n-o tocante â causa qu' obriga â femia d'o Cuco á poñer os seus hovos en niño alleo, crése como mais probabre ser á configuración d'o seu estámago que non lle premite tel-o comprimido contr'ós hovos. O seu canto *cu cu* ê sempr'o mesmo; á íl debe ó nome con que se lle conoce, y en Bretaña dise qu' iste canto anuncia o matrimonio.

Tamen o labrador saùda á iste paxáro con algunha qu' outra copra pol-estilo d' esta.

En bén vin estar o cuco
enriba d' un papalláo.
Se foi verdá, ou mentira,
mira á min que se me dá.

D'o mesmo xeito ouce cantare a Rula qu' pol-o regular, s'hacha enriba d'un moi alto ameneiro, paxàro que portên â familia d'as Pombas. Chega ô noso pais n-os derradeiros d'iste mes e marcha á últemos de Xulio ou principios d'Agosto. A Rula é de todas partes. O macho y-a fémia son tan fieles n-o seu amor conyugal, que, unha vez conecida unha parexa, non s'abandonan os seus individos, nin buscan outra, á non ser que morra algun d'os dous. O seu canto *ru-ru* ê sempr'o mesmo e d'íl vên o nome gallego de *Rula* que se lle dá.

A iste paxáro tamén se lle botan algunhas copras, y-entre elas, ista:

¡Cánta rula, cánta rula,
alo se dói n-aquil souto...!
¡Coitadiño d'o qu'espera
pol-o qu'está n-a man d'outro!

E..., compañeiros, basta por hoxe pois xa estiven pesado demais.

*Riveira.*

## A VIDA D'O CAMPO.

VERSION GALLEGA D'A ODA' D' HORACIO.

*Beatus ille, qui procul negotiis etc.*

¡Feliz quen vive, cal os d'outro tempo,
Lonxe de barafundas,
E labra os eidos que seu pai labraba,
Con xugada de seu, libre d'usuras!

Nin guerreiro clarin nin mar airado
O seu sono conturban,
Nin ás portas s'encorva d'os magnates
Nin postes leva n-o patin d'a curia.

Pero as ramas frondentes d'a videira
C'o vidueiro xunta,
Ou polastras ruis c'o podon tronza,
E polastras enxerta mais robustas.

Ou as vacas e bois desd'o picouto
Ve pacer n-a llanura,
Ou o mel que espremeu garda n-as olas,
Ou os rexelos d'o vellon desnuda.

Ou cando o rico outono ergue a cabeza
Coronada de frutas,
Revertendo pracer deścolga as peras
Co'a mao mesma que enxertou as pugas.

Ou á tí, Dios Priapo, á tí, Silvano,
Que d'os lindeiros curas,
A vos agradecido os acios novos
Vai ofrecer d'as coloradas uvas.

Ora á sombra deitado su d'a encina,
Ou n-a grama teimuda,
Choutar sinte n-o val sobre as areas
O cachon que d'a serra se derrumba.

E dorme ô son d'o rio, ô son d'as aves
Que cantan n-a espesura,
Ou dorme ô son d'a musical fontela
Que por entre o coyal salta e murmulla.

E n-a ruda estación que bota neves
E tormentas e chuvias,
Sigue ô porco montés que cara á trampa
Vai, fuxindo d'os cas que lle azapurra.

Ou colle n-a trapela o voraz tordo
Ou a lebre ou a grulla,
Premios d'o gusto seu. N-estas faenas
¿Quén non esquence as amorosas cuitas?

E s'bai unha muller que cuida a casa
E que os fillos educa,
Ou rubia de pudor, com'as Sabinas,
Ou morena d'o sol, com'as d'a Pulla;

Muller que antes que chegue o seu marido
Xa n-a lareira agrupa,
As rachas donde esbroncha a lavareda
Que arredor d'o fogon quenta y alumbra;

E lista acude á recadar o gando
Retozon de fartura,
Para munguir os ubres que as canadas
Enchen de leite rebordando espuma;

E vai logo á bodega e saca o viño
D'a recendente cuba,
E volve e pon a mesa, rica mesa
Que sin mercarse nada, en todo abunda;

¡Ai! por esta comida regalada,
Que amor e paz endulzan,
Eu as ostras deixára d'o Lucrino
Que á xente d'a ciudá tanto lle gustan.

Deixára o rodaballo y-os escaros,
S'acaso algus empuxa,
Á nosa costa o furacan soberbio
Que alá n-as costas d'o Levante bufa.

Mais que o francolin xonio, mais que a pita
Que n-a Numinia empruma,
Soupéranme as acedas, ou as malvas,
Que moitos corpos delicados curan.

Ou a aña d'as festas terminales,
Ou a verde aceituna,
Ou o pequeno chivo que d'o lobo
Fresca trai n-o cernizo a mordedura.

¡Oh mesa afortunada! E ¡canto prace,
Entre tanta fortuna,
Ver vaixar as ovellas d'a encorgada
Cando xa fartas a cortella buscan!

¡Ver os bois que xunguidos e cansados
De facer a decrua,
Trán n o xugo a rabela pendurada
C'o temon arrastrando pol-a punta!

¡E ver, en fin, de rústicos escravos
Unha riseira chusma,
Groso enxame d'a casa que de noite
Sentado n-a cociña o lar circunda!

Esto dixo un tal Alfio, un usureiro,
Mui resolto á vivir d'a agricultura;
Y-os cartos recolleu que tiña á logro,
Y-os quince dias xa volveu á usura.

JOSÉ GARCÍA MOSQUERA.

## O AMOR.

II

As mulleres pr' os estudiantes son libros n-os que deprenden á amar, co'a difrencia de que non-os ven pol-o forro com' os libros de testo. N-os seus amores precuran manexar a verba, apurar o ergo e volver a oracion por pasiva.

As mulleres á xuicio d' os estudeantes son gramátecas pardas con moita letra miuda, que se conocen á fondo solamentres con repasalas un pouquiño: escriben sin ortografía, aman sin réxi-

men, levan o corazon entre paréntesis, a verdá c' unha ringuileira de puntos suspensivos, y as intenciós subrayadas.

O que mais lles prace d' estas gramátecas pardas son as conxunciós copulativas, os verbos activos y as terminaciós femeninas. Os xerundios de presente representados pol as hirmás d' as suas adouradas, os participios de pretérito que son os pâis, anacronismos en figuranza d' abós, non poden vêlos

Si unha nena lles di «quérote moito,» o estudeante como si tivese o libro diante d' os ollos, conxuga sin errar o verbo *amo amas* por activa e por pasiva: cando falan os dous caladiñamente pra que ninguen os oya, fan o análisis gramatical á maravilla.

Pr' os estudeantes as oraciós non teñen verbo nin compremementos. Pra entendelas abonda con que teñan ouxetos.

'Os quince anos os estudeantes aman pol o romántico, *pitos*: ós dazaoito pol o suave, *pólos*: ós vinte pol o baixo, *potros*: ós vinteun pol o alto, *amatados*.

Os que teñen unha sola noiva son bachilleres, os que teñen media dúcea, catredáticos; aqueles que teñen todal as que poden drento e fora d'a vila ond' estudian, son doutores; os que se casan ó acabaren a carreira, licenciados.

N os esámes d'o amor poucos estudeantes deixan de conquerir a nota de *meritísimos*, e mais por eso ningun conquerín a de casado á méreto.

Os estudeantes teñen n o amor unha aritmética estrana. A unidá non a entenden sin dous pra formaren unha parexa. Un estudeante sin noiva é un cero à esquerda. Botan as contas asegun e como lles vai n os amores. Multripican o que poden, suman o que lles convén e restan o que non lles prace, todo por númaros enteiros, pois de quebrados non gastan pra non se parar en picalladas.

A lóxica n o amor anda pol as nubes entr' os estudeantes, que discurren por este xeito: «Nantronte ô sair d' a misa miroume unha rapaza, funa seguindo com' un can perdigueiro, enteireime d' a casa onde vive; onte desempedrei as lousas d' a rua, paseina e repaseina com' as leniciós que se deprenden ô pè d' a letra, volveu a mirarme co aqueles olliños churrusqueiros, estrelas que Dios puxo n o ceo d' a suna cariña; volvinme pr' a pousada, decrareime con falanqueiras falas por escrito, xa nos entendemos, xa estamos namorados un d' outro; mais ô xuncras d' o pâi meteusélle n a chola que a sua filla non me queira, sempre que me ve arregaña os dentes com un can de palleiro, non me deixa falar á sol nin a sombra, *ergo*, c' os pàis son unhos bárbaros que se meten á gobernar corazós alleos, e como secuencia todol-os estudeantes namorados están n o caso de lle facer o amor às fillas de familia *de ocultis*, sin que ninguèn se deprocate.»

As mulleres vélanse unhas d' outras como si fosen pardillos, proba de que non hay confianza n a caste; ô mellor porcalquera picallada d' amorisqueos estrapexan e rifan e fan sair á un pol a porta d os pavos, *ergo*, todol os estudeantes aproveitados deben procurar non teren un solo amor, pol a contra, por cada unha que os deixe que collan as que veñan.

De geografía xa non se fala, porque n o mapa d' o amor d' os estudeantes, hay tantos nortes como dias ten o ano.

Os códeos, que aman, á furtadelas e valéndose de latinorios pra namorar, poucos son os que colgan os manteos. Andan á merecer entr' as rapazas pra pasaren o tempo e saberen de que pé coxean.

III

Pr' os pescadores o amor é un rio mainiño con reverdescentes froles n a orela, ou un rio revolto con cobras n o fondo, ou un mar onde se botan as redes pra colleren ós homes. N este mar hai tiburós, as sogras; enganadoras sirenas, os churrusqueiros olliños d' as namoradas; costas onde s' estrelan moitos mariñeiros, as d' o matrimonio Algús viran en redondo denantes de chegar á ela.. N este mar hay tamèn piratas: os casados que andan às mozas, y os solteiros que teñen a maña de cortexar as casadas. Andan n él ademais centos e centos de náufragos esforcexando pra se coller n unha táboa: os que namoran as mulleres ricas e sin querelas casan pra se tender à bartola e disfrutaren o dote.

Hai mariñeiros que s' afogan en pouca auga, e son aqueles que s' esconsolan pol as falcatrúas que lle fan as noivas: outros que andan entre duas augas e bótanse de sulago n os amoriños d'as nenas degorantes de chegar ô fondo, y aboudan os mariñeiros que pasan o dia coidando pescar con caña sin cebo, e perden o tempo, porque solamentres pescan n o aire.

Esta caste de mariñeiros cobizan de cote loitar co as olas coraxudas; queren que o mar onde navegan estea picado e non haxa nos portos farolas porque se gobernan mellor às escuras.

As señoritas son buques de alto bordo con pólvora seca n a Santa Bárbara, pra volala n o caso de que queiran poñerlle a proa pra botalo á pique; as artesas bergantís velciros que van vento en popa camiñando sin carga nin pasaxeiros, que solamentres ademiten dempois de faceren escala n a bahía d' o matrimonio; as costureiriñas quisquilleiras que se dan tono de señoritas, non pasan de seren faluchos que levan e tran ò porto carga e pasaxeiros, que sirven pr' as escursiós marítemas de recreo e n os que s' embarcan os pescadores de afición que san á pescar n as baixas mareas: as criadas son botes salva-vidas d' eses que tran as embarcaciós, pra sairen de apuros e d' os que usan nada mais que cando ós mariñeiros lles chega a auga ó pescozo; as mociñas d' aldea son unha casta d' embarcaciós que non botan anclas sinon en porto seguro, e que dinante d' iren a pique recollen velas e soltan as amarras.

As vellas son vapores con averías n a máquena e buratos n o casco.

Por este xeito considerando as mulleres, ademitiránse á libre plática as que sean guapeiras, á corentena as que sin selo prazan, e serán decraradas como barcos de patente súcia cantas mulleres, ademais de seren feas, vivan á maores de medio centos de anos.

Pr' os usureiros a muller e unha moeda falsa,

y·o amor unha escritura de préstamo sin hipoteca. Pr' os labregos a muller ven á ser unha compañeira, pois ámbos á dous forman a xunta que turra pol·o traballo.

O amor pra eles é unha necesidá; de non sentiren amor morrerían denantes de pasar pol·a escravitú e pol·as amarguras que pasan.

Pr' os manates o amor é un pasatempo y·a muller unha cousa obrigada pr' arrematal·as orxías.

MARCOS D'A PORTELA.

## VAICHE N-A MISA EN CONXO.

Galicia, probe Galicia,
que sin paz e sin consolo
car' o Calvario camiñas
decote co·a cruz ô lombo;
patria, infortunada patria,
que aló en países remotos
sabes que os teus fillos morren
probes, esluaiados, horfos;
terra que pr' os que sementan
patriotismo non dá froito:
nay que con vágoas de sangue
chora os infortunios d' outros,
álbore espído de follas
pol·o vrau e pol·o outono;
víctima que calas sempre
e sempre vistes de loito;
aquelas grorias que soñas,
aqueles delirios tolos
d' a redencion que t' alenta
porque vives d' os recordos,
com' o fume desfixéronse,
foron a ilusion d' un sono,
a venturanza d' un dia.
xa fuxiron, xa se foron,
e non agardes por eles,
¡vanche n·a misa de Conxo!

Aqueles nobres proyentos
de laudar os nosos mortos
que n·un hospital estrano,
sin compaña e sin consolo,
o sospiro derradeiro
diron n·este mundo solos,
aqueles versos subrimes
que algun tempo gala foron
d' este parnaso gallego
que solamentres tén toxos
pra cantos por él viaxan,
tidos n-o mundo por tolos,
nin se pubrican en tomos,
e pasan dias e meses
e voan os anos logo,
e non se ven nin parescen,
porque van n·a misa en Conxo.

Aqueles tempos, tempiños,
sosegados, venturosos,
en que os nosos ascendentes
tiñan vinte pesos forros,
e pagaban os trabucos
sin coller diñeiro á logro,
e mercaban por seis cartos
unha dúcia ou duas d' hobos,
y·andaba o viño á rodar,
de balde a carne de porco,
e por unha cativez
mercábase un galo groso,
aquel tempo en que a fartura
tiñan n·a mesa os colonos,
y·en que ningús emigraban.
se vian por portas poucos,
n·aqueles tempos, tempiños,
en que o tamboril y·o bombo
á par d' a gaita tocando,
d' aldeas vilas e pobos,
eran n·as nosas romaxes
a gran múseca pr 'os mozos;
aqueles tempos, tempiños,
xa fuxiron, xa se foron,
non hay que agardar que volvan
¡vanche n·a misa de Conxo!

Hoxe faltar non nos faltan
latricantes avesouros
que nos rosmen ôs oubidos
con zumbares armuñosos;
ô que traballa, n·as nubes
van poñelo deica á pouco:
din que o sacho pol a espada
deben trocar afanosos,
cantos cobizan a groria
y·a venturanza d' os pobos,
que o labrador estimado
debe ser n os tempos novos,
e que o progreso consiste
d' o traballo n·os esforzos;
pero d' un xeito n·as nubes
poñen os sachos, que coido
que ô poñelos tan enriba
véndonos tan baixo á nosco,
é pra que caya unha chuvia
cando o tempo estea revolto,
que cayan sachos por pingas,
e que nos choba n·o lombo,
pra que nos fendan a res,
pra que nos mallen os ôsos,
de sorte que pra contalo
non quede un labrego solo.
De tantas faladurias
como agora tran á couto,
unha cousa solamentres
sacamos en limpo nosco,
que os que barullan comendo
van ás talladas adoito
e que por falta de dentes
á nós déixanol-os ôsos,
qu' eles o millo aproveitan
con sorna morna de zorros,
namentres que nós estamos,
roe e roe n·o carozo,
que namentres eles cobran
miles e miles en ouro,
nós cadeliña á cadela
pagamol-os vidros rotos,
pois hay pra eles políteca
políteca e río revolto;
y·hay contribución e rendas
e cánimas pra nosoutros,
pois é pra nós a políteca,

política de pelouro,
que á pouco c' un se descoide
esfarélalle os meolos.
Por eso cando relembro,
por eso cando recordo
o que din y·o que parolan,
de súpito a cara volvo,
e fágolles unha figa
e pra un lado a cholla torzo,
e digo sin cirimonias
como eles fan con nosoutros.
¡agardar nós por vostedes?
¡Vaiche n·a misa de Conxo!

V. LAMAS CARBAJAL.

## UNHA ALBORADA·

Morrian as estrelas n·o ceo cal si foseu ollos que pestanexaseu n·a inmensidade.....

A noite arrecadaba seu enloitado e longo pano envolvéndoo alá lonxe n·os subidos curutos d'os montes, coroados de brétema....

N·a braña e n·os outeiros oubiansa marmullos e revolementos qu' ás veces semellaban falas de xente, y outras rozamentos de follas, bulir de reguéiro ou calado zoár d' avellóns....

O porto repousaba cal un pobo sin veciños: soilo n·o medio d' o chaprado erguianse catro paus que tiñan n·a punta un reducio pra soster *unha madama*, *un serrador* e duas *rodas* de fogo.

O mar lambia amorosiño as orballadas ribeiras y·as ondas estralaban engarrando bicos n·as penas qu' o faro d' o cabo alomeaba de cando en cando, ó mesmo tempo qu' algunha dorna varaba co·a quilla n·a deserta praya

Ponquiño á pouco sintíronse, preto e lonxe, cacarexos d' os galos que s' espreguizaban batendo as aas piteirando n·o poleiro; algunhas portas d' as chouzas d' o porto runxian c' o abrir e pechar d' a xente que s' erguía pra ir á misa d' alba; algúns verderóns puxeronse á cantar en riba d' a ponla mais alta d' os ameneiros qu' hay xunt' o rio.

Destonces, aló, d' autr' o mar e·o ceo, comenzou á brilar unha fogueira que axiña ceibou labaradas qu' encheron de córes o mundo.

¡Xa era dia!

°
° °

Estralou un foguete, deixando n·os aires catro moxenas que s' apagaron, e fumo que s' espallou c'o vento

As campás d' a igrexa deron unhas badaladas alegres e churrusqueiras, facendo saltar os nenos d' o leito pr'a calle que, cuasamente, tiña algunhas tendas abertas e rosquilleiras n·os corruchos.

O adro d' a igrexa fois' enchendo de xente de todal·as castes, había rapaciñas d' aldea xeitosas e boniteiras c' os mantelos dobrados enriba d' a cabeza d' os alisados cabelos: pequenos, c' os dedos cheos de coteladas d' os croios d' o camiño, e co·a camisiña branca chea de remendos e sin boton n·a fita, ond' as pulgas lle puxeron dibuxos de pintigas; bellos co·as mans n·o peto d' a chaqueta de pana c' unha *xarra* n·o lombo, que se arriscaban enfurruñándose ó falar d' as pencas d' as contribucións.....

Houbo un anaco de tempo en que todos calaron virando a cabeza car' á porta d' a sacristía; un xuncras d' un rapaciño, torto, de marinera e sudeste pegou un brinco en redondo contento com' unhas páscoas; os seus compañeiros seguírono correndo; os homes déronll' a última trompada ós chicotes qu' esborrallaron d' o lume meténdoos detrás d' a orella; as rapazas colléronse d' os brazos estiricand' os pauiños n·os dedos e sorrindo....

N·aquel mesmo punto apareceu o gaiteiro n·o adro.

Ceibaron dend' o campanario outro foguete qu' errou....sin estralar; os rapaces berraron de goce formando riola o choutando diante d' a gaita.

Era o dia d' a festa d'o porto: o gaiteiro tocaba unha alborada.

°
° °

Eu non sei qu' encantos ten pra min esa música d' a nosa terra, que tanto me fai sintir.

A alborada é o tenro cantariño, o esmorecente alayo d' e corazon namorado, a meiciña d' as fondas coitas.

Ela fálanos d' as melancónecas brétemas d' outono, d' as anduriñas que foxeu, d' os hirmaus que van pr' a Améreca; as notas que repinican n·o punteiro son como asubios d' o melro n·a carballeira; o soar d' o ronco, lembra queixas, bagoas e esquecementos.

Ela recórdanos o lar agachado n·a creba d' o monte someado por pinos; as noites de luar d' ó turreiro, as romaxes, as fiadas, ó chan quirido!

°
° °

Xamais se m' esquencerá d'o pensamento aquela alborada que oubin n·o porto pol·o vran; as notas de aquela gaita engarceinas cal pelras n·os meus recordos de neno.

Eran as oito d' a mañan cand' ó gaiteiro entrou n·a última taberna pra remollal·á palleta.

Pol·as ruas ciscaran feixes d' espadañas e ñun cho, que recendía ó dia de Córpos: os rapaces xogaban n·a praza facendo *nunús* d' as espadanas pr' á tocar, namentras non saían os santos d' a igrexa.

°
° °

Non sei canto tempo fai d' esto....pero aquela alborada báseme d' acordar sempre.

N·o mesmo dia en que a oubía souben que fora deara n·a bahia d' o porto un barco que viña d' Habana: alí tiña á meu hirmau e esperaba carta d' él.... Cando a leín quedei sin alento..... Meu hirmau morrrera d' o peito e soedades e un amiguiño dábam' a nova, dicíndome: «Teu hirmanciño morreu a alborada»

D' estonces, pra min, a alborada soilo me dá sofrementos e tristuras.

°
° °

O mar foise p'cando pouco á pouco; o ceo estaba limpo e crarísimo.....

Alá, lonxe, ó cabo d' o porto inda se oubía ás veces o deixe d' alborada que voaba pol·os aires en sospiros....

LISARDO BARREIRO.

## REFRAS GALLEGOS.

### B

Bebe o viño onde come á perdiz.
Ben s' alegra o lobo d' o que come o zorro.
Berza, porqué non cocichesí porque antes non me metiches.
Berzas que no' has de comer, deix' as cocer.
Bès cantos vexas, e casa canta quepas.
Besta de herba, besta de m...
Bèsta grande, ande ou non ande.
Bestas en pelo, bainas en Monterroso.
Bezou a vella os beldros, e lámbes' os dedos.
Bô es, bô es, con que tra-lo lar n' estés.
Boca que s' abre algo quer.
Bon ou mal pleito, ten o escribano d' o teu xeito.
Bon vai o romeiro, desque ll' esquece o bordon.
Bòs e maos manten a cidade.
Burro morto, cebada ô rabo.

### C

Cada cousa é pr' o que é.
Cada probe goberna como pode.
Cada un fala d'a feira, segun lle vai n-ela.
Cada un busca o pan d' o seu mastigo.
Caldo sin pan, n-o inferno o dan.
Cando a Candeloria chora, metá d'o inverno vai fora.
Cando a carballeira zoa, sabe ben á broa.
Cando a auga falou, dixo: D' os moitos e d' os poucos veñan os afoutos.
Cando a mora madura, xa pinta a uva.
Cando a pita cacarexa, algo sinte.
Cando a zorra anda ôs grilos, mal pol-a nai, mal pol-os filios.
Cando comeres antes de ir á igrexa, despois non ch'o porán á mesa.
Cando a fame pica, sabe ben a bica.
Cuando á rulíña rular, colle o foliño e vai sementar.
Cando chove e fai sol, vai o diaño pr'o Ferrol, cargado de tenedores pra espinchar ôs homes.
Cando falan de Roma, logo sona.
Canto mais probe ménos limosna.
Canto temos, ô lombo o traemos.
Cando dan a ovella, coller á corda e ir por ela.
Cando fores a Torbeo, leba o pan n-o seo,
Cando fores ô consello, acorda n-o teu e deixa o alleo.
Cando o trigo é louro, é o barbo com'un touro.
Cando Abril recacha, queima a vella á maza.
Cando o can quer a cadela, ofrécelle farela.
Cando vayas á misa y-ô muiño, non chames pol-o viciño.
Cando vai torta, o demo á guia.
Cada un arrima a brasa pr'a sua sardiña.
Carne d'o peito, moita sona e pouco proveito.
Casa vella, toda é goteira.
Canta mais presa, mais vagar.
Cantar como payo, e comer como pito.
Cávame tarde e réndame cedo, qu'eu che pagarei o que debo
Cegos, pegas e choyas, dou ô demo estas tres xoyas.
Cerco n-a lua, enxuga á lagúa.
Cigarro de guapo, moito papel e pouco tabaco,
Co'a autoridá y-a inquisicion, chiton.
Como te percuras, duras.
Compra n-a casa, e vende n-a feira.
Con pan e viño, pasase ó camiño.
Con peras, viño bebas, non sea tanto que naden as peras.
Corta canto ve, e deixa canto topa.
Cousa de moitos, có men-a os lobos,
Coita faz, velha choutar.
Corren as nubes pra Lugo, auga n-o puño.
Corren as nubes pra Ourense, sol que nos quente.
Chamolle tia, pra que me dia: e si me non dá, chámolle tia d'acolá.
Chova por Abril e Mayo, e non chova en tod' o ano.
Chove, chove n-a casa d'o probe.
Cristo ganado, cristo papado.

## CASOS E COUSAS.

¡Veña d' aló! marmuraban
Os paganos d'as lunetas;
¡Veña d'aló! repetían
'O salir o *Coro* á escena,
Os que n'as funcións s'atopan
Mais ô rente d'as estrelas,
E decir, os d'a cazola,
Ou mais ben, os d'a forneira.
¡Pois vaya xá! dicen eles,
Os d'o *Coro* y.... escomenza
O preludio d'a *Cantata*
Que figurab'a cabeza
D'esa churrosqueira festa
Que en honor de Rousalía,
A gran filla d'a Suevia,
Unhos poucos propararon
Anque moitos aparezan.
¿E logo, que che parece?
¡Tén ispiracion Pereira!
Pergunt'ab' un tatabello
*'O Tio Marcos d'a Pitela.*
—Sempr'o tal se pintou solo
Pra facer esas angueiras—
Contestaball' *O Tio Marcos*
Con moita prosopopeya.
—¡Hai qu' aplaudilo!—Aplaudamos.—
—Ben-o merece—¡Abofellas!—
Y-aplaudiron a rabiar,
Y-o *Coro* foise d'a escena.

E sin máis tempo qu'o que se necesita pra sacar lume n'o esqueiro cando sirv'o esalabón y-a pedra bot'a boas chispas, aparceeu n'a tribuna o mais enxebre d'os oradores cubanos: o señor don Rafael Montoro, nomeado—con xusticia—o Castelar d'as terras d'o Yumurí. Y-empezou a falar pol-os falares, primeiro, d'o por qué d'a sua presenza n'aquil sitio, despois, de Rousalía, logo, d'os *precursores* d'o noso renacimento, máis tarde, d'a revolucion d'o 46, e por último, d'a emigracion d'os gallegos e d'o afeuto qu' a todos nos teñen os fillos de Cuba, como que todos—son as suas palabras—costituimos unha lexion de xente honrada, sufrida, traballadora e valerosa.

Pol-a parte que nos toca, baixamos ll-a mau ó señor Montoro y—¡abofé! que lla baixáriamos

máis si n'os tocantes ò asunto d'a emigración estivéramos d' acordo, que non o estamos, nin podemos estalo, namentras a emigración non deixe de ser o qu' é hoxe pra Galicia: unha grandísima calamidá que fai maor a disgracia d' aquila hermosa terra qu' esnaquizan, pouco a pouco, as gabelas y·a usura, o fisco y·o goberno.

Pol·o demáis..... bendita sea a nai que te pareu, defensor antusiasta d'o nome Gallego!

Cantou despois Varela
Linda romanza,
E sigueull'o estuche
De Garcy·Camba.
Ambos e dous,
A barullo outaberon
Mil ovaciós

Tocoull'o turno entonzas
A Dorindiña,
Sendo de tod'a xente
Mui aplaudida.
¡Ten ela un xeito
Pra leer poesías,
Que dár dá xenio!

E si despois de lère
Nos canta un pouco,
E canta á melodía
*Bajoas e Sonos*,
Enton, d'aquela,
Paresces'a calandra
Cando gorxea.

Y·agora entramos n'a segunda parte d' isa gran velada, cuya fecha—o 25 de Marzo- non s'esquencerá en moito tempo, como qu'a ila se debe o qu'a colonia gallega d'a Habana soupese honrar, como honrou, a mamoria d'a gran rula d' Iria.

Y·ahí temos ò Doutor Espada, ilustrado fillo d'as Burgas, subind'o pasadoiro d'a tribuna, desde donde—menutos antes—nos agasallou ós gallegos, o Demóstenes cubano. Conociamos a Espada, como literato d'os de máis nombradía; vaisenos revelár agora como discípulo aventaxado d'a ceucia de Ciceron.

Xa empez'a parola. Escoitemos.—Qu'a fala gallega fora a italiana, é a mais melosa de cantas s'usan n'o dia. ¡Bravo! Qu'a muller gallega non é soilo a muller d'a sua casa, qu'é unha muller *xic*, amante, espritual, patriota, verdadeira madroa d'o bó, d'o santo e d'o nobre.—¡Ixuxú!—Que cand'ós gallegos lles chegou a disgracia e tiveron que liar as bandeiras d'a sua xusta causa, non atoparon unha mais a xeito en què conservalas, qu'o corazon d'as xeitosas hirmás de María Pita.—¡Hurra! - Que Ga icia pode „presentar á España unha trinidá de mulleres capaces d'abrilantar, por si solas, o libro literario d'a pátrea hestoria: Conceucion Arenal, Emilia Pardo Bazan e Rousalía Castro.—¡Bravísimo!—Qu'ista últema, poetisa líreca por escelenza, non é somente unha groria d'o chan gallego, sinou d'a España enteira, y en fin, qu'os gallegos d'as duas veiras d'o mar, honrabans'a si mesmos, honrando—como s'estaba facendo—a mamoria d'a inspirada autora d'os *Cantares Gallegos*, *Follas Novas*, *En las orillas del Sar*, *El primer loco*, *Ruinas* y *El Caballero de las botas azules*.

Espada—como pol·o dito se desprende—pronunciou un discurso enxebre que foi aplaudido hastra pol·os máis escéntricos.

¡Dios o bendiga, y·a pátrea lle premè os seus esforzos por veneral·as grorias d'a terriña!

E tras d'os ¡bravos! e ¡hurras!
Y·aturuxos que rabean,
Outra vez apareceron
Garcy Camba e mais Varela.
Nova ovacion pr'o primeiro;
Pr'o segundo, nova ofrenda
D'o antusiasmo e d'o cariño
Que sinten e lle profesan
Todos cantos miran n'él
'O reiseñol d'a Suevia,
Y....hastra logo, meus amigos,
Qu'hoxe teño moita presa,
Pois *¡Non mais emigracion!*
Traime de *ceca* pra *meca*.

NOTA.

O treato presentaba
Un aspeuto que ¡abofellas!
Non se veu, hai moito tempo,
Unha cousa com'a ela.
Adornaron os seus palcos,
A nobre *Beneficencia*,
*O Eco* d'o señor Insua,
A *Xuventude Gallega*,
A *Revista de Galicia*
De Cora e Pepe Fontela,
A *Sociedá de Instrucion*
*E Recreo* d'os d'a Suevia,
Y·en fin, de branco e mourado,
Con escudos e bandeiras,
Lazos, cintas, gallardetes,
Coronas y·outros emblemas
Feitos, pr'o caso, por Brocos,
Qu'é un rapaz d'os de primeira,
Ista probiña *Revista*
Nomad'A GAITA GALLEGA.

OUTRA.

O produto d'a velada,
Si a miña conta non erra,
Chegará a *dez mil reas*
En sonantes boas monedas.

CHUMIN.

# PARTES TELEFONICOS D' "A GAITA."

PRAZA D'O VAPOR 15.

*Os gallegos d'u barrio, antusiasmados c'o anuncio d'o estreno de ¡Non mais emigración! inventaron o siguente refrá que pode poñer n' A GAITA, pois, ¡así en medre! non está descamiñado.—"O que o DEZ d' de Abril non vaya á Tacon, nin é bó gallego nin sabe o qu' é bó."*

*CORTIÑAS.*

PRAZA D'O VAPOR.
(Cambio d' ouro.)

*Os que tiñan onzas vellas, n'o fondo d'a ucha, reñennas e trocar por papel cheiroso do' Banco, pra poder adequirir localidades pr'o estreno de ¡Non mais emigración!*

*CANOSA.*

IMPRENTA D "A CORRESPONDENZA DE CUBA"

# A GAITA GALLEGA.

REPINICA MUIÑEIRAS, ALBORADAS E FANDANGOS, UNHA VEZ 'O MES.

*Direutor: CHUMIN DE CELTEGOS.*

ANO SEGUNDO. N-a Habana: 27 d'o mes d' Abril de 1886. TOCATA 10ª


## ¡26 D'ABRIL DE 1846!

'A mamoria d'os mártires d'o Carral.

.....

Salve, salve, inmortales campeones
Que arrebatados por la santa idea
De libertad, sus ínclitos pendones
Desplegásteis con honra en la pelea
Dando ejemplo sublime á las naciones:
La patria que habiteis el cielo sea.....
Mientras la fiel Galicia que os adora
En vuestras tumbas se entusiasma y llora.

*Aurelio Aguirre Galarraga.*

Qu'unha rexión esnaquizada pol·o fisco y·a usura, aldraxada pol·os gobernos y·escrava sempre d'a máis fera e despótica tiranía, precure, podendo ter vida propia, romper d'unha vez pra sempre, as cordas qu'a cinguen ô carro d'a comun nacionalidá, é un feito que máis debe mercer os aprausos qu'os esconxuros; d'a mesma maneira qu'o aditamento d'apóstatas está ben apricado ôs pobos que, sin xusticia n'a causa que procraman, desfán en mil cachos as amarrallas qu'o sangue, o amor, o idioma, a relixion y·as costumes, teceron pra viviren sempre unidos e sempre hirmáns.

Qu'a *Xunta Superior provinzal de Galicia*, creada en Santiago á raíz d'a revolución qu'en 3 d'Abril de 1846 estralóu n'a antigua Lucus ô mando d'o valente xefe d'o segundo batallón d'o reximento de Zamora, don Miguel Solís, pregoase—n'a sua famosa procrama d'o 15 d'o propeo mes e que suscribía, entr'outros, o seu autor don Antolín Faraldo—o lema de *Non queremos ser máis que gallegos*, dando así un carautre completamente oposto ás ideas que xerminaron o levantamento, e que n·eran outras qu'o destrono d'o goberno—xá n'aquela fecha conseguido—d'o antiguo adito a Calros V, Xeneral Narvaez; qu'o feito que lembramos e que tan pouca acollida tivo pol·a falta de preparación, sea, ou non, merecente de censuras, non somos nosoutros os chamados a xuzgalo, posto que sentimos, pensamos e queremos, o que querían, pensaban e sentían as lexiós d'o direutor d'*O Porvir* de Compostela, si ben, á nosa vez, seamol·os primeiros en reconocer qu'a ocasión non era a máis oportuna, apesar d'estáren—n'aquel· antonzas—máis remachados que nunca os eslavós d'a cadea que nos suxeta ô lar alleo.

D'unha maneira ou d'otra, as cinzas d'os que confiados n'a falsa palabra d'o Marqués d'a Habana capitularon n'o convento de San Martiño de Santiago e qu'o 26 d'Abril d'o 46 foron fusilados n'os arrentes d'o pobo de Carrál, deben ser veneradas pol·os gallegos que sintan rebulir n'o seo o amor á causa d'a rexeneración de Galicia.

Non basta qu'o goberno d'España—por lei d'o 28 de Novembre de 1855—haxa decrarado *bene méritos d'a patrea* ôs mártires d'o Carrál, mandando—ô propeo tempo—qu'á sua mamoria, e por conta d'o Estado, se lles erga un menumento, non. Non basta iso, porqu'iso—caso de facerse, que pol·o d'hoxe está esquencido—non enche as aspiracións d'os gallegos enxebres, d'os qu'ollamos en *Miguel Solís*, *Vitor Velasco*, *Manoel Ferrer*, *Xacinto Daban*, *Fermín Mariné*, *Ramón Xosè Llorens*, *Xan Sánchez*, *Íñigo d'a Infanta*, *Santiago Lallave*, *Farruco Márquez*, *Pepe Martín* e *Felipo Valeiro*, ás primeiras vitimas—despois de Pardo de Cela—sacrificadas en aras d'o altar d'a patrea.

Menumento, sí; pro menumento noso, con epitafio feito por nos y·atributos xenuinamente nosos.

Iso y·ainda máis, debemos os fillos d'a Suevia ôs derrotados en San Estebo de Palco, y·A GAITA, qu'hoxe—aniversario d'o sangrenta hecatombe—enloita a sua primeira prana en xusto homenaxe d'ademiración e relixioso respeuto os patriotas finados d'o 46, faltaría ô deber que se impuxo, si con motivo d'a triste efeméride lembrada, non recordas'os seus suscritores y·amigos o deber en que todos estamos de pagar axiña o débeto contraído.

Namentras..... digamos ô lugar d'o crime, o qu'o autor d'*Espiñas, Follas e Frores* decía ô monte Medullo:

.....n'a tua fonda coba
A morte as cinzas d'ises héroes garda;
¡Si a vella patrea en veneral·as tarda,
Ten esperanza n'a Galicia nova!

CHUMÍN DE CÉLTEGOS

26 de Abril de 1886.

## UNHA BODA EN EINIBO.

### I

—Cómo te chamas, rapaza?
—Chámome Ádega Silvan.
—Ai, Ádega! Entr' esas *silvas*
Quixéram' eu enredar...

Tal dixo á certa miniña
Certo diaño de rapaz,
E dend' estonces antrambos
Queréns' á non poder máis.
Toda-l às noites d' inverno
N'as fiadas d'o lugar
Están de groma e palique
Dend' enton Ádega e Bras;
E non hai festa n' aldea
Nin precesion n'a cibdá,
Donde xuntos non s' atopen
Un galan y-outro galan.

Cand' hai danza n'o turreiro,
E Bras ó turreiro sai,
É sempre Ádeg' a primeira
Que co' él se pon á bailar.
S' éla vai á romaría,
Él á romaría vai;
S' éla dá un ichav' ón cego,
Él outr' ichavo ha de dar;
Y-espello de namorados,
D'o seu cariño eu sinal,
S' éla un caravel n'a boca
Leva por cuaselidá,
Él outro caraveliño
Ha—de por forza—levar.

Envexa de tod' as mozas,
Cando xuntos vén ou van,
Moitas ó son d'o pandeiro
Cantáball' este cantar:

"Non te chegues moit' ó lume,
Volvoretiña real,
Non te chegues moit' ó lume,
Mira que te vas queimar."

Mais fas tanto caso d' ésto,
Tanto d' esto se lles dá,
Como si rousára un carro,
Como si ladrára un can.

Un ano pasóu y-outr' ano
Pr' os namorados en paz;
Si dinantes se querían,
Quérens' hoxe moito máis.
A lei q' os dous se tiveron,
Temend' ó cabo faltar,
Por que toda corda creba...
Por onde esprica ó refran,
Unha miaxa d' estado
Tratand' ó fin de tomar,
Ádega e Bras d' esponsallas
Fixeron xuro formal,
E pra casarse pediron
Lisenci' e vénia á seus páis.

### II

Y-alí van de car' a igrexa
Alí van ambos á dous,
Pol-os dous sogros gardados,
Seguidos de seus abós,
Éla de alegria foncha,
Él morréndose d' amor,
Parecían dous paxáros,
Conform' un d' outr' á caron
Mirábans' á furtadelas
Cal si tiveran rebor.

Ádega estaba tan cuca
Que dab' admiración:
D' aqueles seus ollos negros
Aumentábanll' o negror
A cófia y-a palramenta
Y-a saya, que negras son.
As mapolas d' seus beizos
Collían roxo inda mór
D' o colar de coraliños
Qu' o noivo lle regalóu.
—¡Qué hermosa vas! marmuraban
Detrás d' éla algús chismós:
¡Dio-lo queira que che dure
Moito tempo esa color!...

Pero s' éla en compoñerse
Puxo tod' o seu teson,
Bras non vai menos composto,
Qu' atrás non se lle quedóu;
Pois anqu' era por Agosto
E queima que pasma o sol,
Lev' unha capa tan longa
Que non hai outra millor.
Qué calados n'a camisa!
Qué zapatos de mallós!
Qué cutin o d'a chaqueta!
Qué rizo o d'o pantalon!
Qué ben lle dí a escarapela
Que cusida c' un liñol
Lev' á un lado d' o chapeyo
Desque d'as quintas librón!
¡Traballos que pr' esculirse
Pasára n' aquel entonl.....
¡Meciñeiros qu'o roubaron!
¡Diñeiro que lle costóu!

Mais aquelas agonías
Pasadas, gracias á Dios,
Todo pra Bras hoxe é groria,
Felicidade y-amor.

A par d' Ádega, moi teso,
N'a igrexa ó rapaz entróu;
Déull' á noiva auga bendita,
Ouíunos o confesor,
E logo, o señor Abade
Botóulles as bendicios,

Dend'á víspor' avisado,
Por ser d'uso en Einibò,
Está esperand' ós cortexos
O gueiteiro que chegón.

E cando, por fin, d'o tempro
Safron ambos á dous,
D' a gaita ó *ti ilirilo*,

D'a caix'ó *tromporrontron*,
Caindo as doce d'o dia
D'espadaina n'o relós,
Descontr'a casa d'o noivo
Apatuleya marchóu.

III

Mais xa de Bras n'a cociña,
Roxe o rixon n'a sarten,
Ferben á cachon os potes
E cheir' aurego e prixel.
Perparada n'o sobrado
Unha mesa d' oito pés,
Con catro mantés cuberta
Por que non chega un manté,
Fumegan enriba de éla
Tres barcales, todos tres
De chourizos cugulados,
Lacon e vaca, á escoller.
Panochas por onde queira
De pan Albeiro se ven,
Bicas de centeo e millo
Pra gusto de quen quixer;
E n'o corruncho, con netos
Alá por corent' e seis,
Toupa de chea unha cántara
De purrela com' a mel.

Chegados á casa os noivos
Y·os convidados tamen,
Fixeron a crus n'os pratos
E puxérons' á comer.

¡O q' aquelas probes vellas
N'os seus fillos se revén!
¡Cás' envidian ós casados
Os qu' están pra merecer!
¡Qué olladas lle botan éla,
Qué olladas lle botan él,
Solteiriñas e solteiros
Cando non·os ve ninguén!

Mentras ús falaban y·autros
Non paraban de comer,
Os páis d' os noivos decian
Quediño, con certo aquél:
—O meu..leva unha xugada
Y·on carro...¡y·a de vosté?
¡Unha uchiña chea..d' honra!
—Pois mire, abóndalle ben;
Por q' ond' hai honra e saúde
Estánll' os millores bés.

Perdidos un pol·o outro,
Tras d' unha vez outra vez.
Os noivos chúscans' o ollo,
Com' o qu' a cousa non quer.
Alá debaixo d'a mesa
Rebulía non sei qué
Qu' Adega púñase roxa,
Roxa com' on caravel....

—Marcha can, deci' onha vella,
¡Hor' o demo onde te vés!
Váite roer pr' outro lado,
¡Ou seique tes gana de..?

N' esto, ó viño comenzaba
N' as cholas á remexer,
E bébedos éles y·élas
Todos puxérons' en pé;
Y·as xerras levand' á boca
Y·escurrichand' o pichel,
Ó son pecador d'a gaita
Que toca tocatas cen,
Os convidados brindaron
D' esta maneira cortés:
«¡Viv' a noiva! ¡Viv' o noivo!
¡Vivan homiñ' e muller!
¡Por moitos anos se gocen,
Por moitos anos, amen!»

IV

A francachela acaboúse,
Qu' afé que non foi ruin:
Xa e de noite: a branca lua
Alá d'o ceo n'os confís,
Entr' un exame d' estrelas
Com' almendras d' Allariz,
Inda loce que parece
Un pandeiro de marfin.

De frescos cheiros cargada
Pasaba soprand' a bris
Y·os paxariños n'as pólas
E n'as chousas a perdiz,
Nos seus buracos os grilos
Y·as ovellas n'o cubil,
Us c'os seus roucos cantares
Y·autros con trinos xentís,
Compuñan unha armunía,
Qu' era o qu' habia qu' ouir!
Parece qu' a Natureza,
Nai querendósa e felís,
Daba o paraben ós noivos,
Qu' eran esposos por fin.

¡Miráinos! 'O son d'a gaita,
D' o bombo e d' o tamburil,
Estan bailand' a muiñeira
El y·éla, ó pé d' o patin.
¡Cóm' él torce aquelas pernas!
¡Cóm' éla estroza o mandil!
¡Cóm' recoll' él a faixa!
¡Cóm' éla move os cadrís!

Arredor d' éles, en roda,
Mozas é mozos alí
Bailan tamen, entramentres
Que pegando atruxos mil
Esmoen o pan d'a boda
Un fato de pelingrís.

Tant' alegria mirando
Os vellos sin dentes rin,
E senten non tel·as pernas
Pra choutar e rebulir.

Érguen cen nubes de polvo
Co' as chancas os bailarís,
E tanto castañetexan,
Que naide s' entende alí.

Gneiteiro que máis ben toque
Nunca en Einibó se viu,
Qu' anque toc' á secas, toca
Qu' non hai máis que pedir.

Vendo como repinica
N' aquel punteiro sutil,
Todos quedans' asombrados
Un instante sin sentir;

E cand' ó cabo repostos
D' o asombro, volven en sí,
Perguntan todos:—¡Y-os noivos!

.....

¡Vai böa! Nin c' un candil!

M. CURROS ENRIQUEZ.

## O AMOR.

### IV.

O amor pr' os xogadores é unha baraxa que non ten sotas. Non hay home que non teña por unha vírxen â dòna d' os seus amoriños.

Co-esta baraxa xogan homes e mulleres, â birisca às veces, pol-as giñaduras d' ollos e pol-as apertas de pés que se dan: outras veces xogan ô tresillo e non falta quen leve codillos d' aquela caste. De cando en vez os mozos collen a baraxa n-a mau e degóranse por lle *tirar o pégo* às mulleres; pro elas vélanse e non apuntan. N-estes xogos d' o amor danse moitas xudías e contraxudías, poucas vizcas, e cuasque nunca contravizcas. As maores e menores veñen á feito, y-os *muchachos* por tempadas.

As noivas salen en porta, ou â volta cando as amarran os pâis pol-a mor de que non boten parrafeos c'os mozos.

N-o amor os entreses son condanidos; cuasque sempre saltan pol-a ventana.

Entr' os xogadores, namorar unha rapaza é correr un albúr. Si o que namora sai co-a sua, *dáse* xogo rodado: si a rapaza non lle dá creto ou se burla d' os seus xuramentos, *está de mala*.

N-a banca d'o amor poucas veces se bota galo, e lévase de que os galos n-os amores pasaron de moda: si cadra, e sin que ninguen se deprocate, bótase o medro, ou *solta o touro* algun pai enrabechado.

Todol-os mozos andan á *vélas vir*, pro tendo tino de fuxiren d' as *cargadas*.

Cando say unha filla á porta y-o pai â volta, mal agoiro, proba de que o que talla non baraxa limpo.

Cando as mulleres collen esta baraxa n-a mau non fan mais que trampas, porque amarran que nin o diaño pra que os homes perdan hastra quedaren tronados.

A muller que se casa fixo a sua xogada; o home que rifa c' unha e ponse á ben con outra, vay ô desquite e decote sairá perdendo.

A que dempois de moitos anos d' amoríos s' alcontra solteira e dá c' un home que lle fala de casamento, colleu un momio; a que dempois de rifar c' o sen cortexo volve às andadas, fai as paces e cólleo pra leva'o â eirexa, *levanta un morto*; a que se casa mais de duas veces e vese viuda, probe, vella e con fillos, tronou; a que casa c' un home rico, de súpito e sin contratempos, armouse; a que cansa d' escoller entropeza c' un home mais guapeiro, mais acomodado e de millor xenio que os outros, deulle os tres polpes á unha fragata: a que lle saca o noivo â compañeira, copou a banca, a que n-os prometros amores ten un entropezo, quebroulle o xogo; a que sin ter entropezo divírtese e troca d' amantes como de camisas, gana sin espoñerse á perder; a que fala con todos sin facer caso de ninguén, cobra por dereita; a que se casa con un que ll' enche o ollo, pranta; á que sendo casada gânalle as voltas ô marido pra parrafear d' amores c' un casado, xoga cobrando e pagando; a muller que n-os nagocios d' amor vaí c' os d'a feira e ven c' os d' o mercado, a que ten pra todos falas falangueiras e miradas tenras, a que sempre xura que ama pol-a promeira vez n-o mundo, a que con mintireiras faladurías embarulla á cantos pode, xoga con baraxa marcada.

As cartas d' a baraxa d' o amor non teñen pinta, pero escúlcase. Si unha muller ten a costume de falar con mozos ricos, pinta d' ouros: si parola solamentres con militares, pinta d' espadas: si parrafea con cosecheiros, vinculeiros ou xente que teña bodega, pinta de copas: si conversa con mozos que non teñen oficio ni beneficio e non estudean nin traballan; pintan de bastos.

Mais nin por esas deben os homes fiárense, porque as mulleres *dan o salto* con lixeireza e corren a pinta por arte de bruxería.

A todol-os que chegan ôs vinte anos escoméncanlle á tócar os ases: ôs que pasan d' os corenta, de levaren parte n-a banca pra pagar as cargadas que os banqueiros botan: ôs que pasan d' os sasenta, fan os oficios d' os xogadores que perderon o que tiñan y empeñan o que poden pra xogar; os que pasan d' os satenta, xogan de boquilla; os que xa casados andan às mozas, xogan fora de porta; os que namoran às costureiras pra conseguiren algo, xogan en volvendo; os que namoran às rapaciñas que non chegaron ôs dazasete, xogan a promeiras; os que rondan às casadas, xogan pisando; os que lle fan a rosca d'o galo á todas, xogan ô elixan.

N-esta banca hay moitos xogadores d' albur e galo.

¿Quén fai de tapete? ¿Quén corta?

Pol-o mundo anda moitos doutores que poderán responder.

MARCOS D'A PORTELA.

## LEMBRANZAS E SAUDADES.

*Carta de "Chumin de Céltegos" às suas hirmás.*

I.

Fai catorce ou quince dias,
Qu'aló por *Cárlos Terceiro*. (1)
Un neno tamborileiro,
Seique fillo de Padrón,
Tarareaba unhas copras,
D'a nosa terra â maneira,
Unhas ô son d'a muiñeira,
Outras d'o fandango ô son.

(1) Rua d'a Habana.

Era leḍ'o rapaciño,
Listo, guapo, agarimoso,
De xenio alegre, gozoso,
Y·acostumado á ruár;
Choraba por ir ás festas:
Era, en fin, bo descendente
D'aquela bendita xente
Que nacen preto d'o Sar.

O xeito con qu'entoaba
As cancións mais populares
D'os galicianos lugares,
Maormente, o *a là lá*:
Levoume d'o neno ás veiras,
Pois estaba desviado,
Pra máis de preto, ò meu lado,
Otlo tarareár.

Levaba xa un bon anaco
De tempo, ò rapáz mimando,
Cand'un capatáz bufando
Con moito aquel e tesón,
Fix'o fuxir ¡mala y·alma!
Correndo máis que lixeiro.
Séique, pórque ¡barrufeiro!
Non lle gustaba aquel son.

Solo me quedei d'aquela,
N'a miña terra pensando,
N'a y·almiña agasallando
Recordos d'o meu lugar:
Feitizos d'aqueles tempos
En que neniño brincaba,
En qu'a miña nai bicaba
Sin qu'a poidéra deixar.

Morfeo, entón, feiticeiro,
Votoume cen amarrallas,
E cal si en leito de pallas
Me tendéra pra durmir,
Así me deitéi n'as pedras,
Servindome de regazo,
Dous coyos que d'un ribazo
Arranquei preto d'alí.

Canto me gocei soñando,
¡Miñas hirmás queridiñas!
Cantas cousas garridiñas
Ollaba n'aquel estár:
Cantos homes e mulleres,
Alboyos, árbores, frores,
D'eses vosos arredores
Via ò pe de min pasár.

II.

Soñei que frente por frente,
Ou, máis ben, diante por diante
D'a ribeira d' *Espasante* [1]
Donde bate fer'o már,
Iba, en popa, nabegando,
Caminiño d'ese pobo (2)
En que nacin, e donde nobo
M'enseñaron a falár.

O tempo bon parecía,
Pois, si ben por algús lados
Alcontrabans'espallados
Catr'ou cinco nubarrós,
Moitas veces sucedéra
O mesmo, sin que ventára,
Chovéra mis chuviscára
En dez legoas ô redór.

Xa enfrentábamol·a barra
De *Ladrido*, cand'o mare
Escomenzoum'a enxordare
Con un louco remexér;
E sin póder procatarse
Naide, d'o que sucedía,
O certo é, que chovía
Como nunca vin chovér.

Timon, ferros e mesana,
Foques, cordas e cociña,
Cadeas e canto tiña
N'a cuberta o bergantin,
Foron n'o már espallados
Pol·as rachas d'aquel vento
Que trocon noso contento
N'o máis choroso xemir.

Todos, supricand'o ceo
Que nos concedese amparo,
Chorábamos sin ver faro
D'o seu divino favor;
Y·o vento non s'aplacaba,
Y·o mar máis bravo parecía,
Sin un milagre..... n·habría
Pr'os naufragos salvación.

De pronto cen asuvíos
Ferironm'as duas orellas,
E por encima d'as tellas
D'unha chouza ô pe d'o mar
Aparcen unha neniña,
De mil luces rodeada,
De galleguiña arroupada:
Er'a VIRXEN D'O CRISTAL.

¡Que garrido e feiticeiro
Caris, o d'a santa nena!
¡Que consolo á miña pena
Cando desd' o barco a vín!
¡Cantas veces, hirmanciñas,
Lle supriquei fervoroso,
Qu'hastr'o regaciño voso,
Deixas'o naufrago dir!

'Os seus pés levab'o vento
Cen mil, mais que tenros, mimos,
Rogos, bicos y·agarimos
De feridos corazós;
Bagoiñas d'a fé cristiana
Que adeprendín ô nacere,
E n'a que penso morrere,
S' outra cousa non quer Dios.

—¡Tede fé!—dixo de lonxe
Aquela nosa estreliña;
—¡Tede fé!—dixo a neniña
Novamente con mais voz;
—Qu'a vírxen non desampara
'Os que con delor profundo
Lle piden n'aqueste mundo
Remedios pr'a salvación.—

(1) Parroquea d'o Ayuntamento d' Ortigueira
(2) Santa Marta.

Tal dixo, e, mirand'o ceo,
Desaparceu decamiño,
Deixand'o mar tranquiliño,
Sin ruxir nin estroulár;
Fuxeu o vento pra lonxe,
E cando menos pensamos
N-esa Vila fondeamos
Mesm'o rente d'o *Peirál*.

III.

Corrín entón a apreixarbos
Mais qu' unha lebre lixeiro,
Gozosiño, feiticeiro,
Por vosos beixos bicár;
Saltéi d'un brinco a escaleira,
Fun de cote pr'o sobrado,
Y-ó chegar ó voso lado.....
Empecei a despertar.

Abrín os ollos, e vinme
Solo, miñas hirmanciñas;
Sin vosoutras, garridiñas
Frores d'o meu curazon;
Sin miña nai, nin aqueles
Feitizos a quen adouro
Com'o úneco tesouro
Que cobix'o meu amor.

Cando así me contemprei.
Maldecín d'a miña sorte
Xurei escapar pr'o Norte
D'a terriña de Feixóo;
Pois, vivindo en *Santa Marta*,
Y-o lado d'a miñas nenas,
Xa non pode sofrir penas
Quen tantas sofreu acó.

CHUMIN.

## FARRUCO AÑON.

*(Traducido d' o castelao de W. A. Insua.)*

Oito anos fai hoxe que finou pr' a vida, máis non pr' o recordo, o insine e popular poeta gallego Farruco Añon.

Chamabanll' algús o Berauxer d' a nosa patrea y-á verdá non fóra de xeito posto que ben pode competir c' o poeta francés, o autor d' *A Leiteira*, poema xeitoso e sentido qu' ó igual de *Nai chorosa* d' Alberte Camiño está revertendo ternura e gracia, belleza e sentimento.

Nacen Añon n'a primeira viutena d' o presente sígalo, e com' o sígalo foi revoldeiro e demócrata. N' aquila gran revolta d' o 46 que tanta sona tivo en Galicia y-a tan lonxe puido levala si a traición non sorprendes' á boa fé, tomou parte inui direnta Añon, e como Romeiro Ortiz y-outros máis, veus' obrígado a pedir albergue ó reino lusitán pra librarse d' un fin tráxico.

Estudeante de teoloxía e dereito n' a cibdá de Compostela, era mais conocido pol-os seus preciosos versos, qu' antusiasmaban cada vez qu' os lía ós seus compañeiros, que por amante d' os estudeos xurídicos. Importabanlle menos os prolegómenos qu' as regras d' o arte poéteco e d' eiqui qu' abandoase de bon grado os seus fríos maesos, pra dedicárse tod' ó estudeo d'a natureza y-o esame d'as impresións que n' a sua y-alma deixaban o bello y-o subríme.

Son d' aquíla época os seus versos, menos aliñados que sentidos e qu' en periódicos distintos—moitas veces n' *O Eco de Galicia*—viron a luz pública.

A musa d' Añon, pol-o xeneral algueirante y-epigramáteca, compracíase en dibuxar feiticeiros cuadros, y-él que tanto sofreu n' o seu viaxe pol-o mundo, verdadeiro cómaro d' espiñas, tívo sempre intrés en facer rir ós seus leutores.

¿Quen non lêu, sin destonillal-as queixadas, a sua célebre composicion *O Borracho y-o Eco*! N' ela demostrou Añon ser tan frorído poeta como rosmon escritor.

Añon non escribeu moito: enseñou moito máis.

Conocedor de varios idiomas consagrouse a ista clás d' enseñanzas e metendo, n' as duras chenchas de pícaros mal criados, palabras francesas, alemás, portuguesas e inglesas, atopou o pan qu' os seus versos lle negaban.

En Portugal, donde pasou varios anos, adeprendeu de tal sorte o idioma lusitán, qu' escribeu n' el difrentes poesías que foron recibidas con aprauso d' aquil afertunado país.

N' os Madriles, donde tamen vivéu moitos anos, formou parte d' isa valente lexión d' obreiros d' a intelixencia que se chaman perodistas, escribindo todol-os dias artícalos enxebres que morrían despóis d' o curto trunfo d' unha noite.

O 20 d' Abril de 1878, probe, enfermo y-esquencido de todos soltou o último alento n' o Hespital d' a Princesa en Madrí. Un rayo d' o sol d' a primaveira bicou a sua rebellida testa.

N' outro tempo vira él tamen o lógobre sobrado d' o hespitál en qu' un poeta xurdio, o autor d' *Os Lusiadas*, Camoens, finára en igualdá de circunstancias.

Este siquera tivo un escravo que lle pechou os ollos. Añon iría á coba c' os seus abertos, si a man santa d' unha "hirmá d' a caridá" non tivese lástema d' il.

Tal foi o vivir e tal o morrer d' Añon·
Xa descansa ¡benabenturado!

*Ch.*

Abril 20, 1886.

## O FIADEIRO.

I

Cando vai anoitecendo,
cando as campás d' a parroquia,
ó toque d' as oracións
dooridamente dobran;
cando d' os eidos s' aleixan
as xentes traballadoras,
namentres que pol-os mortos
as almas cristianas rogan;
camiño d' o fiadeiro
van os mociños e mozas,
mais satisfeitos e ledos
que pr' a festa d' a parroquia,
os us brincando c' os outros,
cantando entre dentres copras.

II

Alí n·a casa d' o crego
á luz d' un candil, que colga
d' unha baraza pequena,
vense as rapaciñas todas
en dous ringrilós postiñas
as unhas diantre d' as outras,
contando contos de bruxas,
turra que turra d' a roca.
¡Ay que cariñas tan brancas,
que xoviales, que xeitosas!
¡Cánto fogo n·as miradas,
cántas sourrisas n·as bocas!

III

Alí tedes a Marica,
rapaza traballadora
que fiou antronte á noite
dazasete mazarocas.
Unhas nove eran de liño,
as outras oito d' estopa;
pero meu Dios ¡qué fiadas,
que lisiñas e que boas!
Alí tedes a Carmela
que deprendeu de memoria
os cristos, o calandario
e moitos libros n·a escola:
ela divos as palabras
como o crego d' a parroquia,
esas cousas que se din
cando ván á erguer a hostia,
ela lee de corrido
facendo puntos e comas:
si é que teñen en Bôs·Aires
cortexos algunhas mozas,
ella escríbelles as cartas
onde o seu amor lle mostran,
en fin evos á Carmela
pra este lugar unha xoya.

IV

«Calade... ehi ven a trullada
d' os mozos de Santa Comba,
condergados... ¡cómo berran
o cantas cántigas botan!
Ca'ande... que tran pandeiro,
e tran ferreñas e conchas...
Está feito, hoxe hay ruada»
Y·asina din e reloucan
os mozos pol·o camiño,
e n·o fiadeiro as mozas.

V

«Xa chegan... chists... caladiñas
que xa están chamando á porta»
Pol·o burato d' a chave
guicha un mozo dende fóra,
c' o sombreiro car' atrás,
cal si á beber anga fóra.
Loitan outros por gaichare,
y·entre rempuxòs e loitas
arrebulladol·os mozos
fan abrir de par a porta.
Entou ármase o barullo,
entou empezan as gordas,
trema o candil n·a baraza,
arreconchéganse ás mozas
y·os condergados d' os homes
quéreulle queimar a estopa.
—¡Non pode ser!—berran unhas
escondendo ô tempo as rocas.
—Non seandes barafullas
qu' o liño cartiños costa.—
Mais ¿quén a ley alí pon
si ningun dito s' escoita?
Vense queimar as manelas,
os fusos pol·o chao rodan,
e cal si fosen o demo
trasfulcan cant' eles tocan.

VI

Comenza á tocal·o chifro,
logo a pandereta sona,
¡cata que demo!, calados
quedan cando tal escoitan.
—Peneira ben o pandeiro,
dícelle Xan á Calrota.
—¡Viva o fiadeiro, e vivan
os mozos de Santa Comba!—
Y·o pandeiro e pandereta,
y·o chifro, y·as castañolas
que dempois tañe o que baila,
e facendo duo ás conchas,
compoñen a leda orquesta
d' aquela trullada louca.

VII

Cando cansan as rapazas
o rapaces de dar voltas,
y·as perguiceiras d' as vellas
dan coteñadas ou roncan,
séntanse logo n·os bancos
e dempois historias contan.
Hay quen dí con xuramento
que viu pol·a corredoira
d' o muiño, unh' alma en pena
en duas sábas envolta;
esto que conta Xuliana
fai tremer de medo á todas.
Fala logo a tia Xacinta
(por nomeada *Cazola*)
e dí que viu a *Compaña*
sair de noite, á deshora,
e que n·o medio d' o adro
fixeron logo unha focha,
e que por ela fuxiron
as unhas dempois d' as outras.
Ansí vay correnď o tempo,
hastra que por fin escoitan
o ronco canto d' o galo
qu' e o rilox d' a parroquia,
de noite, pois pol·o dia
o sol sírvelles de norma.
Van deixando o fiadeiro,
pois ven que vay sendo hora;
e saen d' alí xuntiños
cada mozo co·a sua moza;
unhos van de parrafeo,
os outros cantando copras,
e chegan á casa e dánse
as boas noites á porta.

Pouco dempois, os aldeanos
entr' as brancas sábas folgan,
e sosega o pobo enteiro
agardando a luz d' aurora.

O fiadeiro pr' aldea
é o que n·a Córte a pompa,
o que n·a ciudá os casinos,
y·o que n·as vilas as gromas;
soilo que leva ventaxa
ás vilas y·a Córte louca,
en que traballan, ô tempo
que se divirten e folgan.

VALENTIN LAMAS CARBAJAL.

## REFRAS GALLEGOS.

### D

D'a boa nai busca a filla, e d'a boa cepa pranta a vide.
D'a anga mansa nos libre Dios, que d'a braba librámonos nos.
D'a besta a mular, e de home o de pouco falar.
Dao Dios n-a eira, e tolleo Marta n·a maseira.
Dar con tér, pra que nos veñan á ver.
Dar o pé, que tempo é.
Debaixo d'unha mala capa hai un gran bebedor.
De balde, tirandes pedras ós cás.
De bó boa prenda, e de mao non fies nada.
De burro abaixo no'hai ménos besta.
De can cadela, e de cadela can.
De coxo e can rabelo, líbrenos Dios como d'o demo.
De roxe, roxe, fanse os cascabeles.
De ovella negra, naco un año branco.
De palla ou palloeiro, henchél-o palleiro.
De piquiniño, verás qué boi terás.
De presuncion, anga e vento, cada un toma o que quer.
De Puga, quen poidere, fuga.
De ruin madeira, nunca bca astela,
Descubrir un altar pra cubrir outro, é cousa de loucos.
Desd' as cereixas ós nabos, ben estamos; desd'os nabos ás cereixas, todas son queixas.
Despois de San Martiño, deixa á anga e bebe o viño.
Despois de Dios a ola.
Despois que comen os cregos, non faltan culleres.
D'esta maneira, o que non ten fariña escusa peneira.
De tal niño, tal paxariño.
De vello, gaiteiro.
Dia de San Martiño, proba ó teu viño.
Dia de San Nicolao, está a nave de pao en pao, e si non n'o chao.
Dia de todo, vispera de nada.
Diga a miña veciña, é teña o meu fol fariña.
Dios nos libre d'a boca d'o lobo.
Dixoll'o poto á caldeira, tirate alá, no' me lixes.
Dios nos dea saude, e vamos vivindo.
Dios nos dé con que riamos, e non seyan fillos charros.
D'o contado come o lobo.
D'o lobo, un pelo, y-aquel d'o medio d'o lombo.
D'o millor, que faga o demo un tambor.
D'o monte mao, fuste n'a mao.
D'o pau de meu compadre, grando rebanda ô meu afillado.
D'o que ben sabe, dar pouco ô frade.
D'o que non pide, ninguen s'acorda.
Don ô demo todos, dixo o que araba c'os lobos.
Dous lobos á un can, ben o comerán.

*(Continuará.)*

## ¡NON CHORES!

Porqué choras, meu feitizo?
Porqu' hei de ver sempre bágoas
n' os teus ollos, si che conto
meu ben, o que a min me pasa?
Dí, porqué? ¿Xa non me queres?
Xa outro roubouche a calma?
Xa non me gardas siquera
aquela amistade franca
que me causaba as delicias
mayores de qu' eu gozaba?
Xa non podes dedicarme
nin siquera unha mirada
qu' apague a negra tristura
en que m' envolvich' a y·alma?
Antonte ainda o meu peito
tranquilidá rebosaba;
eu, sentíame gozoso
c' a tua sourisa galana
c' o mirar d' os teus olliños
espello en que reflexaba
o cariño que che teño,
a pasion que me maltrata;
mais hoxe, si algo che digo
non contestas, que calada,
miras pr' o chan e te quedas
c' a tua cabeza baixa,
y eu en canto así te vexo
sinto non sei que n' a y·alma,
m' estremezo, y·ô meu peito
parece que algo lle falta.
¿Que tès, ruliña? ¿que puido
facer en tí esa mudanza?
¿E quizais qu' os teus amores
correspondenza non hachan?
¿E quizais qu' o que ti queres
non supo secarch' as bágoas?
Pois ben, cobixat' eiqui
meu ben, qu' eu ei de secalas;
non vaciles, qu' o meu peito
¡ten para ti frores tantas....!
e d' elas soilo as espiñas
no meu corazon se cravan.
Non chores mais, que si choras
eu vou á perdel·a calma;
qu' isas bágoas, n·o meu peito
van caendo como brasas,
e quéimanme, si, me queiman
ou de celos, ou de rabia,
e paréceme qu' as bruxas
o meu corazon desgarran.
Cala por Dios, qu' eu non vexa
que tí sofres, que ben basta
que sufra eu soilo o martirio
d' unha pasion desdeñada.

G. Sus.

IMPRENTA D' "A CORRESPONDENZA DE CUBA"

# A GAITA GALLEGA.

REPINICA MUIÑEIRAS, ALBORADAS E FANDANGOS, UNHA VEZ 'O MES.

*Direutor: CHUMIN DE CELTEGOS.*

ANO SEGUNDO. | N-a Habana: 31 d'o mes de Mayo de 1886. | TOCATA 11ª


## O ALALAA...

Segun interpretación de R. David Kimchi, la voz *a-la-laa* viene á taner verdadera afinidad con las hebreas *Alah A lu-lah*, que significan pedir, imprecár, jurar y maldecir: *Hillel*, alabar, *Jalah*, *Hellil*, cantár, aclamár, voceár, de donde se derivan *Jelel*, *Jelalah*, cantando voceaso; y el *hélas* francés equivale al ¡ay! exclamacion en castellano. Puede tambien traer su origen de las palabras latinas *ejulare* ó *elulare*, que significan gritár lamentando, cuyas voces provienen indudablemente del hebreo.

*Benito F. Alonso.*

Legounolo a tradicion—dice o escritor gallego lembrado—y-a tradicion mesma lévanos como pol-a mau ô seu orixe pra decirnos qu' acollido pol-os griegos, istes, ô posesionarse de Galicia, inculcarono ôs celtas que n' aquel entonzas eran os seus pobradores" sin qu' os cartaxineses e romanos o mesmo qu' os suevos y-os mouros, que, segun seu orden, se sucederon n' as conquistas d' a patrea houbéran poidido desterrar d' os nosos lares.

"Só n' as rexiós d' Asturias e Galicia mantense intauto o privilexio de recordár isa epopeya subrime que despedida con xuveniles forzas desd' a pintoresca aldea, esparrama os seus acentos melodiosos pol-as nosas longas congostras, e cuyo canto, segun Eurípedes, "era lanzad' ô vento pol-as mulleres d' Ourente con dozura incomparabre, facendo co-íl qu' adormecidas as vítimas non sentíran os horrores d' a morte, nin os dioses—lelos de pracer—poideran parar mentes n'as queixas e lamentaciós."

¿Quen non o conoce ou n cordá? Il esperta n' o peito d' os emigrados os feitizos d' os primeiros amoríos; íl amaina de cote as desesperación d' os que lonxe d' a patrea finan de soidades, cramando, un y-outro dia, pol-o achego d' a parentela, a sombra d' os cereixales d' o terruño y-os agasallos d' aquela fresca e saudabre brís d' a primaveira.

Pórque nada máis feiticeiro e conmovedor qu' ise poema queixoso e sentido que repercute n' os valls d' a patrea, âs veces ô nacer ou acochars' o sol, outras despóis d' o fiadeiro, sempr' ô saír d' as romaxes e n'os istantes de mayor alegría ou tristura.

Pórque nada máis sentimental â vez qu' amorosa e doída qu' ísa cántiga qu' as mulleres d' a Libia—ô decir d' Homero—foron as primeiras en tarareár e qu' os exipcios, argíbes, tírrenos e romanos, entoaban n'as suas cirimonias relixiosas pr' agasallar ôs dioses anoxados y-ofendidos, ou pra docificar a morte d' as vítimas sacrificadas en méretos d' o máis ardente paganismo.

Galicia venera n' o *alalaa* o canto de máis valía entr' os moitos sunrís e xeitosos de que tan pródega se mostra, tales com' a *muiñeira*, a *alborada*, a *cantinela*, o *pelao*, o *cantar d' o pandeiro* y outros y-outros cuyo deixo ou reminiscencia parecen alcontrarse ora n' a balada de Pierroto—*A Linda de Chamounix*—ora n'a introducion d' a opera d' o compoñedor de Bérgamo—*Lucía di Lamermoor*—o mesmo n' os coros d' a *Sonámbula* e n' os *cuartetos* d' istiumentos de corda d' Hayda e Mozart, que n' a *Danza d' as Bacantes* de Gounod y-o *Bauxo* de Gostchalk.

Y-é qu' o canto escolleito d' as mulleres d' o Ulla encerra en sí tal clas de sentimento co-as suas entradas fortes e doces y-as suas caidas mainas, mainiñas, que soilo âs calandras de cófia e rianxo lles é dado topar co-il xeitosamente.

Naide—fora elas—s' astrevería a tarrealo sin desfollos, porqu' ise poema enxebre que deu ispiracion â romanza irlandesa *A ultima*

*rosa*, fái mestér de tod' a tenrura qu' atesouran as namoradas fillas de Galicia pra presentalo tal como il é, e tal com' ó concebiron os afortunados seres qu' inventaron o seu silabeo y-a sua melodía.

Certo qu' *alborada* como indíxena d' o pais gallego e por tanto popular n' as catro provincias, y-a *muiñeira* como melodía qu' algus supoñen canto guerreiro d' os antiguos suevos y-outros danza d' os griegos primitivos, tenen tales adimiradores e crearon entr' os gallegos tal partido que chegaron a considerarse com' as primeiras composicións d'o pobo.

Pero o *alalaa*—que n' está xeneralizado, gracias â causa lembrada—non ademite comparanza n' os tocantes a tocal-as frebas d' o sentimento; n' fi—como dice Varela Silvari—parece que depositaron os fillos de Galicia, os seus pesares pra trasmitilos ôs que se deteñen a escoitár acentos sentidos y-apasionados.

Popular é o *aturuxo* que debemos ôs galoceltas, pero o *aturuxo* máis ben sinifica pra nos un grito guerreiro ou de divertimento.

Pol-a contra, o *alalaa*, sí pode ser unha variante d' o *alelohuia* d' os hinnos fenicios, fálanos sempre d' a vírxen qu' adouramos, dá consolo ás nosas fondas penas, e convirte en notas tenras e melodiosas os suspiros d' o corazon magoado pol-o amor y-os sufrimentos.

¿Que moito, pois, qu' os gallegos tan dados como somos â melanconía y-â tristura, sintámos vértigos de pracer cada vez qu' ôs noseos ouvidos chegan as tenras notas d' un *alalaa*?

¡Ouh! ¡Quen poidera lanzar o último alento preto d' os bosques donde nacimos y-agasallados pol-as notas de

"ise lenguaxe d' o sentimento,
isa amorosa doida cántiga,
forte ô comenzo, tenra n-o tono,
e lastimeira cuando se apaga!"

CHUMÍN DE CÉLTEGOS

## O BAUTISMO.

Poida que non me creádes
Mais xúrovos qu' abofellas
Mirein-o con estos ollos
Que ten que roel-a térra,
E que nin estaba bébedo,
Nin c' unha gota siquera.
O caso foivos n'a ponte
Que din nombre á Pontevedra,
¿Vos seica nunca á esa vila
Fóstedes vender á feira?
Pois o qu' é á ponte é boa;
Dá xenio o longa qu' é ela!
N' o medio d' unha baranda,
Non me lembro si d' a esquerda,
Tén un cruceiro muy longo
E ó pé un asento de pedra;
N' outra baranda hay un peto
C' unhas animiñas vellas
Q' hay que gardar por de noite
Por mor de qu' alguen poidera
Rabuñar, o purgatorio
Qu' é lastima que se perda.
¡Non vos sabe ond' a ten!
¡Cantó si un home o soupera!
¡Non, oh! que as veces o demo
Sal onde menos se pensa.
Catade qu' era de noite
E qu' babia alguunha brétema
E que como dixo o outro,
Non iba a bolsa valeira.
Preto d'o medio d'o ponte
Estaban de centinela
Dous homes, cad' un c' un sacho
E asi que chegnei a beira
—Alto! dix' un, ¡non se pasa!
—¿E logo?
—Teña pacencia.
¡Eu por s' escaso pareime
E non fuxin porqu' as pernas
Entumironse c' o medo)
—¿Que demo é? non se metan
Con quen sigue seu camiño.
—Eiqui non se arma quimeira
Nin se lle fai mal á naide.
—Logo ben. Pois enton teñan
Si queren divertizion
Mais crianza e mais aque'a
¡Vaite con todos os diaños
Qa' inda arrenegados sean!
Deixenme pasar.
—Non podo.
—¿Que non podes? ¡Léria! ¡léria!
A isto o relós da vila
Guindou zoando n' a brétema.
D'as doce en punto d'a noite
A badalada primeira.
«O» oila os dous d'o sacho
Maino descubrim' a testa
E con moita cortesia
Sáltanme á decir:
—«Quixera
Si e que nos fai esa gracia
Que vostede á moza aque'a
Fixese un alma cristiana.
—¿A que moza eh? ¿Ti rabeas
Ou faste o adoecido?
—Home, non penso abofellas
—¿Pro qu' moza ninque xuncas?
—Esa, á miña muller mesma
Que está ó pé d'o cruceiro
Sentada, calada e queda,
—De min non facedes burra.
—Non porfie mais e veña,

Por que si non ven por ben
Por mal..... ¡nunca Dios me dera!
—Pro que queredes qu' eu faga?
—Bautizar o neno ou nena
Que Dios e María Santísima
E San Benito lle dean;
Pois dous qu' touvo morreron
E pra que non teñ' a perda
Dest' outro hay que bautizal-o
Un pouc' antes d' a nacencia
Un sabado com' é oxe,
Por quen pase vaya ou veña
O ponte, d'as doce en punto
A badalada primeira.»

.....

Non houbo xa mais remedio
E fomos as escaleiras
D' o ponte e preto d'o rio
Collin auga e á tal meiga
Fixeull' unha cruz no peito
A modiño e con concencia
Dicindo o que di a doutrina
E como Dios nos ensoña:
Logo fixeull' outra cruz
Mais abaixo, e non quixera
O lembrarme d' outro sitio
Onde fixen a terceira;
Que com' era boa moza.....
¡Mais d' unha vez se me lembra!
¡Ah de Dios! no istantiño
En qu' arrematei a festa,
—¡Vaiche sair torto e coxo
E c' os cadriles n' a testa!
—¡Ogallá che saia macho!
—¡Ogallá che saia femia!
—¡Ogallá naza con cornos!
—¡Ogallá naza sin pernas!
—¡Queira Dios saia con xiba!
—¡Ogallá que Dios ch' o dea
Ouberto de Carafunchos!»
Así berra que te berra
Houbeando como cans
Comenzou á caminea
D' unas lapadoiras d'a vila.
Que viran tod' a comedia
Caladiños n' un carruncho;
Mais nos tiramos a presa
Pra nou darlles moito creto
O que dentro d' unha cesta
Levaba miña comadre
E entre pan, viño e freba
E entre cacheira de porco
E entre de porco cacheira.....
¡Vaiche boa, lapadoiras!
Vind' á cheirar nosa cea!

ANDRÉS MURCAIS.

## ¡ALMA EN PENA..... REQUIROTE!

Nicolao d' o Fresnedal, era un d' eses algueirantes que barafullan d'o que non entenden, que duvidan de Dios e creen nas bruxas, n-os mortos aparescidos, n-a *Compaña* e n-outras cousas que a fantesía d' o vulgo pinta como quere. N-os promeiros anos d' a mocedá, non foi a promeira noite que paron co a cruz á costas pol-as carrilleiras d'aldea escontra o adro d' a eirexa pra escorrental-a *Compaña*, que andaba de ronda pol-a parroquia sete dias dempois de que morreu o escribao D. Liborio, alá pol-a media noite d' un dia d' inverno. fria com'as louzas que cobren as sepulturas, e negra com' a concencia d' un condanado.

Nicolao d' o Fresnedal tiña a superstición metida n a cana d' os ósos. Casouse c' unha mullier que por alá s' iba. A parenta, qu' en opinion d'o médeco tiña ó histérico, xuraba é perxuraba qu' indo sola pol-os camiños ô apardecer, via ringuileiras de difuntos envoltos en branoas sábanas, bruxas d' acanchaperna de paus d' escobas que botaban lume pol-os ollos é vermes de luz pol-a boca: alcontrouse mais d' unha vez con almas d' o outro mundo que, á berros que ninguen oubía, demandábanlle oracións é repousos pra sair d' o purgatorio en que penaban pol-as suas culpas.

N-aquela casa o renxer d' unha porta, o ruido d' os ratos, calquera cousa tomábase por un aviso d' os espritos, por un eco d' os mortos, por unha voz d' as almas en pena. Os males que padecían apúñanllos á calquera vella d'a parroquia que lles facía mal d' ollo, e si os filiños s' alcontraban enfermos, non tiña volta, eran causantes d' o seu mal as meigas chuchonas, que zugaban pol-as noites sedentas de sangre cristiana, os malpocados anxeliños que debecian é mirrábanse hastra daren c' o seu corpiño en esqueleto n a focha.

Nicolao d' o Fresnedal foi á feira de Santiago pra vender tres bacoriños que a porca d' a casa lle trouxera d' un ventre. Fixo boa feira é volveuse pr' a sua casa d' a Ulla, dempoixa de botar á satisfacion por unha xerra vidrada dous tragos n-a taberna de Santa Lucía. Por mais que alaucaba n o viaxe de volta, colleuno a noite n o camiño.

Mais medo que ós ladrós tiñallo-ás bruxas y ós mortos. Todol-os feirantes que viñan n a sua compaña colleron por outros camiños e deixáronno solo. As campanas d' a Ulla tocaban ás ánemas. Púxose á rezar por elas como de costume, con mais medrana que devocion, e volta á andar anda que anda como o xudío errante, e canto mais apertaba ó paso pra chegar eixiña, metéraselle n-a cabeza que mais tardaba.

Esparexía á lua entr' as brétemas d' a noite. non os ésprandores d' a luz d' os seus rayos prateados, senon ansí com' unha forforescencia pol-o xeito d' ad' os fogos fátuos que súpitamente brilan preto d'os cimeterios, ou n-os piñeirales, pol-as noites d' o vran.

Dempois d' andar moito chegou diante d' a porta d' a eirexa. O que viu non é pra dito: quedouse como si lle cravaran os pés ó chan: deulle a volta a sangue e puxéronselle os cabelos de punta como si vise ô lobo.

Unha man branca, d' a porta d' a parroquial movéndose acenáballe cicais pra que s' achegase ond' ela. Unha brisa maina movendo as follas n os álbores erguía un murmuxar semellante ós d' as augas d' os ríos.

A branca mau, dend' a porta d'a eirexa non

paraba d' acenar. Fixo a sinal d' a cruz pr' arrenegar ó demo, pro como si nada fose, a mau acena e mais acena como si lle dese voltas á un argadelo, ás veces pouquiño pouquiniño, outras.... de presa, muy de presa. 'O Nicolao de Fresnedal arripiábanselle as carnes. Quixera verse vinte brazas debaixo de terra denantes de ver aquelo pol-os seus ollos.

Canto mais os apartaba d' a mau que ll'acenaba dende a porta d' a eirexa [cousas d'as almas d' o outro mundo,] mais a mau medraba e se movía, como si fixese mentres d' a abranguelo pra esnaquizalo.

Intentou fuxir e vín que as pernas no lle rexían: quixo berrar é faltoulle a fala. Xa perdidiño sacando forzas de fraqueza, con voz que asomellaba sairlle d' as gorxas, escramou: ¡Alma en pena, viva ou morta, á nome de Dios requírote pra que me digas ó que queres, ó que recramas de min, si che fora de servicio n-esta vida pra te sacar d' as penas que padezas n-a outra pol-os teus pecados!»

O requerido non respondeu, pero a mau seguíu acenando de rábecha.—Este aparescido é mudo —dixo pra contra sí. Volveu á requerir....e nada. Estonces ó Nicolao d' o Fresnedal, c' o medo, foise por onde non se debera d' ir...pol-os cirigolas.

Acertou á pasar por alí un home e n-a sua compaña chegou hastr' a casa, n-a que a parenta agardaba pol-o seu marido chea de congoxas.

—Gracias á Dios home, coidei que quedaras teso n-o camiño—dixolle..

O Nicolao d' o Fresnedal nin forza tiña pra falar xiquera.

—Seica te metiches n-un cortello d' os marraus —añadeu a parenta.

—Metinme n-o inferno—repricou ó Nicolau relaxado.

—Ben ch' o creo, fedes que apestas, puxécheste debaixo d' o demo cando estaba....—rosmou a muller, que dempois de que se deprocatou d' o estado en que s' alcontraban os calzos d' o seu home, como supersticiosa d' as enxebres, creeu á pés xuntos e fora capaz de xuralo diante d' os evanxelios, que a noite d' o dia en que seu home foi á feira de Santiago, se lle metera o demo n-o corpo n-o punto e hora en que sentira degoramentos por faguer unha necesidá, que non se lembra por ser ben conocida d' o comun d' as xentes e pol-o escusado.

A min tamen, compañeiriños de monteira, escusado paresme decirvos que a mau que ll' acenaba á Nicolao d' o Fresnedal dend' a porta d' a eirexa d' a Ulla, era un pasquin n-o que s' anunciaba á perda d' unha xubenca, pasquin que despegado pol-as puntas d' enriba, maneábase movido pol a brisa d' a noite.

MARCOS D' A PORTELA.

## O "CIPRIANILLO."

Xan de Deza, bon labrego,
Que deixache tanta sona
N'as Castillas,
Onde, manso boy gallego,
Fuche a gala, a flor y-a tona
D'as radrillas.

Mau de ferro, brazo forte,
Fouce d'ouro a mais lucida,
Rey d'a sega,
Que sin medo algun d'a morte
T'afanache toda a vida
N'a refrega.

Xornaleiro que aforrache
Máis que toda a freguesía,
Traballando;
Que de teu á ter chegache
Unha terra regantía,
Carro e gando.

Triste pária que, por termo
D'un vivir curvado é combo
Sobr'a aixada,
Tópaste oxe probe e enfermo,
Y-a pedir c'un fol ó lombo
Pol a estrada.

Conta, conta, Xan de Deza,
Cómo foy ó te ir quedando
Tan esquío,
O perder tanta riqueza,
Adiquirida sudando
Fio á fio.

Cóntame, Xan, que che pasa
Fra, despois d' haber mercado
Casa e hortas,
Vender hortas, vender casa
Y-andar oxe atravesa-ío
Pol-as portas.

Hay quen dí que non sey cándo,
Non sey quén falóuche á orella
—¡Cousa estrana!—
D'un libro de contrabando,
Escrito n'a fala vella
Castellana.

Entre as follas, revesgadas
Dése libro, dánse señas
De tesouros
E riquezas enterradas
Pe d'os rios e d'as brañas,
Pol os mouros.

Quen as busque, tras de lél-o,
Moedas topa conservadas
D'os reis d'antes.
Pentes d'ouro pr'o cabelo
Y arcas fondas, cuguladas
De diamantes.

'O saberes tal notiza,
Maxinache d'o praneta
Seres dono,
E röido d'a cubiza
Dende entón nin paz compreta
Tes, nin sono.

Pra c'o libro te fagueres,
Travallache cal ferido
D' unha espora;
Fuche rico antes de o léres;
Mais agora que o tes lido,
¿Que és, agora?....

¡Probe Xan, que desengano!
Cantas terras rexistrache
C' os teus ollos,
Rexistráchel-as en vano:
¡O tesouro que topache
Foy de piollos!

Non a tí; d'o que che pasa
Culpo ó fisco, ó ruin goberno,
Xan de Deza;
Ése lobo que t' arrasa,
Que te fay meter n'o inferno
De cabeza.

Mais os fados teus adversos
Outros foran, si o mitrado,
Por seu brillo,
Como condena os meus versos,
Condenara ó condanado
*Ciprianillo.*

Olla, Xan: pra esas tristuras
Que t' afogan, pra eses doores,
Hay recetas.
D'os magos deixa as leituras;
Lee os gallegos escritores
E poetas.

Non máis soñes, bon labrego,
Non máis soñes montes d'ouro
Nin moreas.
Ten millor libro é o gallego,
Teu gran tesouro ó tesouro
D'as ideas.

Cando consultes Murguía,
Paz, Pondal, Añon e Lamas.
E n'o bico
As cancións de Rosalía
Teñas sempre, que tanto amas,
¡Serás rico!

Serás ricc, Xan de Deza,
Mal que pese á gorxa rouca
D'algun frade;
Que n'o mundo a mor riqueza
E' a virtude—c'unha pouca
Libertade

Si eses nomes soleireas,
Recobrar podrás d'un tombo
Casas y-hortas,
E de pan tuas tullas cheas,
Non irás c'un fol ó lombo
Pol-as portas.

Eses nomes téu virtude:
Son estrelas de fagueiro
Doce brillo,
Que dan bés e dan saúde:
¡Son á Pátria—o verdadeiro
*Ciprianillo.*

M. CURROS ENRIQUEZ.

## IR POR LAN, É...

Touxeiro era un d'ises gallegos que anque somellan á boa fé, teñen mais malicia n-o corpo qu'un condergado. Tocantes á traballador, non atopou quén lle puxese o pé diante; e como era aferrado, e de xeneroso non tiña un pelo, á volta de alguns anos chegou á xuntar corenta é cinco pesos e tres pesetas. Aquil diñeiro y-a casiña que lle deixara seu pai, soilo era o que tiña; y-ó verse c'os corenta e piques, escomezou á cavilar e fixose estas contas: si sigo traballando, acabo c'o corpo e non gozo n-o mundo; si non traballo, é preciso buscar outro modo de vida. E consiguente c'o derradeiro acordo pensou poñer taberna; xustamente por aquil tempo o viño iba barato e con pouca cousa podería estabrecerse. Pra isto contaba co a tal casa que, pol o sí ou pol o non, mandou pintar de branco o siñor Pepe, caleador moi entendido.

Este laberco coneceu qu'ô facer Touxeiro tal obra, debia haber *gato en fól;* é cando daba á última man co a cóla de frábrica (era unha tarde) perguntoulle:

—Vostede qué vai facér, siñor meu amo?

—Por qué dis iso, home?

—Como vexo que pôu o eido tan bêu.... pensei escontra min....

—Que pensarías ti!....

—Pensei.... n-a irexa....

—Valente papanatas ¿qué tén que ver á irexa co-a miña casa?

—Por eso que chaman d'o agarimo....

—Xa te entendo; mais non tópo quén me queira: ti saberás por ehí d' algunha á quén agrade?

—¡Está boa péza vosté, e perdoe; quèn non conecera os bois con qué labra! y-a de xunto a fonte?....

—Cál?

—A Manoela de Xatrudes, que tanto beilou n-o día d'o nôso patron....

—¡Bah!, ¡bah!, logo por qué beilase; tamén beilaron outras comigo.

—¡Trúco!, á min cando me dá unha cousa ó corpo.... poderei inganarme, porque xusto soilo Dios, mais....

E.... vamos; qué che parece d'ela?—volven á preguntar Touxeiro, descobrendo o fio d'a madeixa.

—Penso que non hay outra que lle igoa'e porque xeitosiña pra lavar un cesto de roupa, pra apañar unha manada de toxo, pra dispór un traballo, xa as quixera eu mirar; seu pai pode dicir que lle ferron un carolo o demo con tér tal xoiña.

—Si dixeras verdá, Pepe!....

—Pol-os cravos d'unha pórta vella, xúrolle, que non minto; xa terá feito as suas escu'cas porque sei que lle chistou....

—Moito saber é ise—falou medio noxado o Touxeiro.

—Quèr negarme vosté que se lle atrixin o curazon cando éla beilou c'o fillo d'o ciruxano?

—Home, foi certo.

—E gustoulle que estivesen de conversa dempois que marchou a galta?: eu arreparei que non.

—Confésocho, Pepe; mais iso....

Iso, n'o meu pouco entender, dime que vosté a quiría xa n'aquil tempo.

—Tí serás bruxo!

—Dios me libre de tal oficio; son caleador.

—Cómo te botas á adiviñar!....

—E qué teño porqué!

—Fala logo; tí xa sabes que somos amigos; e si cèrtas, non ch'o nego.

—Recòrcio! Os motivos que teño pra decer que está loucamente namorado por Manoela, é que todal-as noites que paso pol-a sua porta....

—Cala, cala—dixo Touxeiro poñéndolle a man n-a boca sábel'o todo; dendo hoxe convídote pr'á boda.

—E cásase, por ún?....

—Drento de quince dias.

—Eu cabilei que non seria pr'agora; mais estonces que sea pra bén

Moito ch'agradezco o deseyo, e non te esquezas de vir....

—Non habendo mòrte ou enfermedá, eiquí estarei.

—Pois quedamos n'iso.

E sin mediar outra palabra, o Pepe seguen pintando á parede mentras Touxeiro saía pr'á pôrta á tomal o aire.

II

Touxeiro como lle pormetera ó Pepe, casouse e levou á Manoeliña pr'á casa.

Aquil pensamento que ll'andaba ós chocos pol-os miolos d'a cabeza n'outros tempos, volveu á rebulirlle logo que pasaron os pirmeiros dias d'a boda; e sin andarse en porparos n'in comprimentos, puxo taberna con duas pipas de viño que mercara por doce pesos cada unha; de modo e maneira que de súpito empregou a metá d'os afo rros de moitos anos. E como dín a í qu'a gaita è pr'ó gaiteiro, c'o gallo de facerse rico vendeu viño e mais viño; e por non perdel-a venda, tamén-o deu fiado pra non volver á crobal'o n-a vida d'o mundo.

Anque tarde, non deixou de comprendel-o; e pormeteu d'apañar o que poidese, y-o que non dálo por perdido, como xa estaba, sin que fixese promesas.

Pasaban somanas inteiras sin que n-a libreta de *púfos* houbese unha baixa; pol-a contra o *pétroleo* baixaba n as pipas, os nomes crecían n-a libreta y-á faltrica de Touxeiro iba enfraquecendo, ou como dín os sabidos, estaba *in articulo mortis*.

—Malos lobos me non coman si d' hoxe pasa naide sin afroxar as cadelas d'o que engòrxe—dixo un dia ô poñer os ol'os n'aquel simillelro de nomes sin crús.

III.

Unha tarde d'o mes de Santiago en que tanto era o sol qu'hastra as aréas pelaban com'a lume, estaba Touxeiro sentado á porta d'o estabrecerien'o cando chegan dous foreiros (d'aquiles que tiña apuntados n a libreta) con ánemos de botar un pingo.

—Boas tardes—dille un d'iles que traguia a chaqueta ó lombo.

—Boas teñan vostós—dixo o taberneiro mirando de lado.

—Bota pr'acá unha cunca—falou o outro.

Touxeiro trajo un neto de viño, y-ò qu'o pidira deu conta d'il n'un pronto.

—E pra min outra—dixo o d'a chaqueta ó lombo.

Tivo necesidá d'ir oito veces, d'a pipa á pôrta e d'a pôrta á pipa, levando viño e traendo á cunca sin gota. Xa non miraba as contas bèn paradas cuando lle dixo ó d'a chaqueta:

—Touxeiro, bota pr'acá outra cunca, oh!

(E van nove).

Botáron-a antre os dous, e logo perguntáronlle:

—A como véndes iste?

—A tres cadelos.

—E non é nada menos?

—Nin un carto; chimpai fóra d'a bulsa, e non andar con raposadas.

—Estámosche eiquí dous melros!....—falou o outro surríndose.

—Estaredes, estaredes....

—Non te enfades, Touxeiro; pol o d'agora nunca che negamos o qu'è teu; canto nos vas levar por esa piuguiña?

—Cinco reás e dous cadelos.

—De sorte que nos toca.... á dous reás e medio—dixéronse.

Y-un cadelo, falou Touxeiro.

—E verdá.... y-un cadelo: apunta Touxeiro, para que dempois non haixa ingano; cinco reás e duas cadelas; entendes?

Touxeiro non respondeu; vía con door de curazon qu'aquiles *papadorcs* trataban de ferrarlle outro púfo, y-estaba pensando cómo crobar ó seu diñeiro.

Os outros fixeron ademán de camiñar.

Entou Touxeiro, d'un salto, púxose á par d'o d'a chaqueta; e tirándol'a d'o lombo, díxolle todo noxado:

—¡Carafio con vós! ¿é donde ibades sin pagarme? afrouxar, que si sodes melros, eu tamén son melro.

—Pois non o pareces dixo rindo o compañeiro.

—Y-ò d'a chaqueta, ô verse sin ela, faloulle moi humildiño.

—Dama, home, que domingo pago.

—Non hay domingo que valla, ôu veñen os cartos, ou de non quédome co-a prenda, escollei!

—¡Arrenegote! e non fias de min?....

Xudas que vos love, s'inda querredes que fie mais; ¿veñen os cartos?

O dono d'a chaqueta estivo cavilando qu'il y ó compañeiro eran dous contra un; pero daban c'un home forte e sano coma un buxo, y-eles xa estaban vellos; isto obrigou ó probe d'o melro, *qu' iba por lan*, á dár as vintesete cadelas pois tíñas anque decia que non.

Dende aquel dia, Touxeiro, deprendeu a non perder un céntemo c'os parroquianos.

*R. Pesqueira Crespo.*

## REFRAS GALLEGOS.

### E

En Abril, augas mil.
En Abril, déixame durmir.
En Agosto as castañas arder y en Setembro beber
En Agosto está a auga tras d'o toxo.
En Agosto dá ó frio n'o rostro.
En Agosto secan os montes, y en Setembro as fontes.
En boca cerrada non entran moscas.
En casa de Gonzalo, mais pode a galiña c'o galo.
Encargos sin diñeiro, chegan á Sigüeiro.
Encargos sin diñeiro, chegan ó primeiro regueiro
Engrole, engrole, enterrál-o, qu'é probe.
En Marzo espigarzo.
En Marzo, nazo: en Abril estou n'o cubil: en Mayo xa sayo: en San Xoan, xa fuxo ó can, en Santa Mariña, xa pillo a galiña: y en Agosto, xa son bo raposo.
En Mayo, de meu mo cayo.
En Mayo, inda a vella queima o tallo.
En Mayo, inda bebe o boi n'o prado.
En ruin gando, pouco hai qu'escoller.
En San Xoan a sardiña molla o pan.
En tempo de figos, no' hai amigos.
En terra de cegos o torto é rei
Entre folla e folla o diaño escolla.
Entre Loiro e Ventraces, patacas novas.
Entre Marzo y Abril, sal o cuco d'o cubil, que co'a neve non quer vir.
Entre Marzo y Abril, si non ven o cuco, quer vir a fin
En Untes bebe e non perguntes.
En Xaneiro vaite ó outeiro: si ves verdegar, pont' á chorar: si ves terrexar, pont'á cantar.
Escudeiro mancebo, déitate tarde, levántate cedo.
Esterca, e non poñas marcos.

### F

Fame, sono ou ruindá d'o dono.
Febreiriños corto c' os teus dias vinteoito, si duráras mais catro, non paraba can nin gato.
Fillo alleo, brasa no seo.
Fillo es, pai serás, conforme fixeres, asi encontrarás.
Fillo de lobo, sempre tira ó monte.
Fillo de lobo, tea a orella parda.
Fillos criados, traballos dobrados.
Fillos e pitos, nunca son moitos
Fun á Marin, tal fun tal vin.

### G

Gana un bo ganador pra un bo gastador.
Gando fraco, todo é carrachas.
Gárdete Deus de can lebrel, casa de torre e de muller sabidora.
Gasta e non ter, non sei como pode ser.
Gata roxa, tal as fai e tal as coida,
Gato berrador non é o mais pescador.
Gato escaldado, agua fria lle fai daño.
Gracias á Dios y ás nosas labores, as nosas barrigas parecen tambores.
Gracias á Dios, que cosemos sete petadas e nove debemos.
Gusta á traicion, y-o traidor non.

*[Continuarà.]*

## CASOS E COUSAS.

N'a paróla *ochenta e catro*
D' *O Galiciano*, coléga
D'aqueles que sempre poñeu
N'o seu lugar a monteira,
Perguntannos con retranca,
E decir, con moita aquela,
O nome d'o zumezuga
Qu' apelidado *Riveira*,
Suscribia *O mes d' Abril*,
(Articalo que ¡abofellas!
Ben merece os agasallos
D'a xente entendida en letras)
E que ven a luz n' hai moito
N'a nosa GAITA GALLEGA.
E como naide a corteses
Nos gana n' aquista terra
Y-ademais lle damos sempre
'O Cesar o qu' é d' o Cesar,
Diremos sin perendengues,
Nin tapuxos, nin molendas,
Qu' o artícalo en custión,
(Segun conta Painceira,
Qu' é un rapaz pontevedrés
De moita prosopopeya
E que foi o qu' ó inserteu
N' aquesta GAITA GALLEGA)
E debido ó *Galiciano*,
A Don Rufino Riveira,
Nado n'a cibdá d' Ourense
Ou, cicais, en Pontevedra,
E qu' é fillo d' un gallego
Que morreu preto d' Antela,
Nomeado, sinon menten,
Luis Riveira Verea.
(¡Que Dios o teña n'a groria
Con Rousalía ás suas veiras!)
Xa ve, pois, *O Galiciano*
Que non houbo retranqueira
N'a pubricacion d' *Abril*,
(Articalo que ¡abofellas!
Ben merece os agasallos
D'a xente entendida en letras)
Y.....hastra outra, compañeiro,
En que poñamos *Riveira*,
Director d' *O Galiciano*
De Tenero ou de Pontevedra
'O pé de calquer trabalio
Que nosos lándes mereza
E que haxa feito a xeitosa,
Ben curtada e sempre destra
Pruma d' o escritor enxebre
Señor Rufino Riveira.

***

—' Habana treiuta de Mayo
D'o ano d' ochenta e seis.
—Señor Direutor d' A GAITA.—
—Paisano e mui señor meu:
Estimára pubricase,

S' inconvenente non ten,
Ises *Casos* y-esas *Cousas*
N'a *tocata* d' este més.
Son d' *O Marcos d' a Portela*,
Gallego enxebre ¡abofé!
Si os pubrica, como penso,
Darall'as gracias—Xosé"—
Compracido, e non s' esquenza
Que CHUMIN o quere bén;
Pro antes.... agarde un pouco,
Deixe qu'escriba siquér
Vinte ou trinta ringuileiras
De berzas (o mesmo tén)
Tocantes ô que ben pode
Valerme catro parnés,
Porqu' houbo un amigo xurdio
Que me rifou fai un mes
Por mor de que non lle puxen
Un prefaz ò libro meu, (1)
E quere, y-hai que facelo,
Por non á rifa volvér,
Qu'hoxe supra n'esta GAITA
A falta qu'eu ¡abofé!
Nin pensei en cometela
Nin cometela quixér.
Vaya, pois, ese prefaz,
E logo.... o compracerei
Si poido, que pol-o d'hoxe
Non lle vai a poder ser.
Por si escaso, lle prometo
Servilo pr'o mes que ven.

'O QUE LEA ¡NON MAIS EMIGRACION!

Como é moito atrevimento
O d'imprentar unha obra,
Tratándose d'un autore
Qu'é unha cativa presoa,
Sin t tolos literarios
Que vallan unha miñoca,
Premiteme que che diga,
Pra esculcarme, catro cousas
Que se m'esqueneceron onte
D'escribir, e escribo agora.
*Primeira:* que non maxino
Qu'o meu libro sexa xoya
D'a literatura enxebre
En que froreceu a rola
"Pombiña con pico d'ouro,
Xenio esprendente de groria"
Qu'antes de ficar pra sempre,
N'os adrentos d' unha coba,
Donou á gallega terra
*Cantares* e *Follas Novas*,
É'decir, os máis pulidos
Diamantes d'o suevo idioma,
Diamantes qu'abrilantaron
O libro d'a patrea historia.
*Segunda:* que ben conozo
Qu'a maneira, a que din forma,
De precurar non emigren
Os gallegos d'as suas chouzas,
Non é d'aquelas qu'acaban
O'an mal de raices fondas, [1]
Cal é o mal d'a emigración
Qu'a Galicia ten chorosa,
Si ben—acó pra entre nos—
Pense qu'unha pedra y-outra,
Cento mais enriba d'elas,
Por man coidadosa postas,
Poden facer os cimentos
D'o balado ou d'a congostra
Que debe d' interpoñerse,
Entre outras terras y-a nosa,
Pra que n'a vida os hirmans,
Anque quixeren, non poidan
Emigrar, cal ó fan hoxe,
Deixando süa patrea horfa.
*Terceira:* que non pretendo
—Anque desexos me sobran—
Ser conocedor d'o arte
Qu'a Talia lle deu nota,
Que inmortaliza a Valero
Y-a Vico texe coroas.
E *cuarta:* que, pol-o tanto
Nada que valla s'atopa
N'o meu libro qu' hoxe volve
A dar, pol o mundo, voltas,
Mais qu' o testimonio ardente
D'a pasion feitizadora
Qu'o mais humilde d'os fillos
D'a *verde Erin Española*
S'nte pol-a patrea enxebre,
Pelriña d'a ibeira concha;
Cogollo d'o paraiso;
Asento d'a inspiradora
Musa d'os grandes poetas,
Autores d'as grandes trovas;
Paleta que, rica sempre,
N'o seu regazo atesoura,
Os refrexos d'a alborada,
Os tintes d'a leda aurora,
Os discos resprandecentes
D'o sol qu' os picontos doura;
Caixa armonica que garda
—De ricos sons cobizosa—
"Os ecos d'a voz d'os anxes
Qu' ó pé d'o Señor revoan.....
.....
.....
Vel-ahi tes, lentor amigo,
Pra esculcarme, as catro cousas,
Que se m' esqueneceron onte
D' escribir y-escribo agora,
E que d' enton ¡abofellas!
Sinto rebulir n'a chola,
Por ser moito atrevimento
O d' imprentar unha obra,
Tratandose d' un autore
Qu' é unha cativa presoa,
Sin títolos literarios
Que vallan unha miñoca.

CHUMIN.

[1] Lease "fondas raices."

[1] Aproposeto lireco-dramáteco ¡Non mais emigracion!—2º tirexe—en prensa—aumentado con artículos bibliográficos d'os reputados escritores Espada, Iosua, Iglesia, Soli, Cora etc. y o xuicio que d'a obra fixeron a prensa cubana, porto-riqueña e gallega.

IMPRENTA D' "A CORRESPONDENZA DE CUBA"
Rua d' Obrapia núm. 24.

# A GAITA GALLEGA.

REPINICA MUIÑEIRAS, ALBORADAS E FANDANGOS, UNHA VEZ 'O MES.

*Direutor:* CHUMIN DE CELTEGOS.

ANO SEGUNDO. | N-a Habana: 30 d'o mes de Xunio de 1886. | TOCATA 12ª


## SITIO D'A CRUÑA EN 1589.

MARIA PITA.

N'os murallós d'a Cruña ergueu airosa
A frente sua diante d'o estranxeiro:
Sostiña n'unha mao, taxante acoiro,
N'outra mao, a bandeira vitoriosa.
Así loitou valente e aerenosa
Corpo a corpo d'o ingrés que osou primeiro
Domeñar o valor d'o chan Ibeiro.
Pra mór iniquida n'a terra nosa.
'O fin venceu: a causa d'a xustiza
Contra a torpe invasión forza e que venza
Trunfou o patriotismo d'a codicia
Sópian cantos nos ven con indefrenza,
Que tamen hai mulleres en Galicia
Que loitan pol-a nosa INDEPENDENZA.

*V. Lema- Cubaja!*

O forte poderio d'o gran imperio que n'os derradeiros d'o siglo XVI costituía Spaña, escomenzaba a dar as últemas boqueadas.

O Catolicismo y-o Protestantismo, representado aquil por Felipe II e iste pol-a rexicida de Maria Stuard, Isabel d'Ingraterra, amostraban-s'os cotovelos dispostos à loita con tod'o poder qu'acarrea a difrenza de razas e sentimentos relixiosos.

Acentuadal-as irias c'o envío d'a escuadra que contr'os mandatos d'o destino se nomeou *A Invencibre* e que non chegou a posesionarse ou destrozar as insuas de Xan Sin—Terra pol-o esnaquizamento que sofreu n'o Mediterraneo a causa d'unha terribre tormenta, esnaquizamento que non puido ou non soupo evitar o xefe d'a flota Duque de Medina Sidonia, a revaucha d'a escravizadora d'Irlanda non se fixo esperár.

Y-o pobo gallego qu'outras veces e con valor heroico rechaxara ôs invasores—ingreses moitas d'as ocasiós—tivo que dispoñerse novamente à defensa d'os lares, póis xa unha armada de setenta navíos mandada por Drake con catorce mil soldados às órdes d'Enrique Norris, xeneral adrestado e d'esperencia, facía por tomal-a Cruña c'un dobre ataque por mar e terra, iste co'as forzas que pr'o caso e sin resistencia fixera desembarcar n'a cibdá d'o Mandeo.

Ventaxas e moitas levaban às forzas gallegas que mandaba Don Xan de Padilla, Marqués de Cerralvo (1), as forzas d'o antiguo pirata ingrés: mayor número, mellor armamento e disciplina asegurada. Pro tiñamos en troque o valor y-a puxanza d'o leon ibérico, ise valor y-esa puxanza de cote innatos n'o peito d'os descendentes d'o gran Teodosio; e d'ahi que desd'o punto e hora d'o desembarque hastr'a fuxida d'as tropas de Drake, o 19 de Mayo de 1589, a posesion d'a cibdá herculina fose disputada barrio a barrio, rua a rua, cuarta a cuarta, dando todos exempros de valor, paisanos e soldados, arcabuceiros de Don Alvar de Troncoso e loitadores d'o capitan Lourenzo de Montoto a quen se debe o que n'a noite d'o 16 non fose o pobo envolto n'unha terribre fogueira a qu'o queria condenar o sanguinario xefe britano.

Tamen às mulleres lles cabe a groria d'haber axudado n'a pelea e n'a matanza, y-a unha prencipalmente o ésito d'a xornada.

A MARIA MAYOR FERNANDEZ D'A CÀMARA E PITA que n'o istante de mayor peligro e n'os momentos en qu'a insinia d'o leopardo iba ser encravada n'os muros d'a Porta Real, soupo arrincala d'as mans d'o xefe d' Albion, hirman de Norris, a quen deu morte c'unha pica que d'o chan recollera e qu' algús supoñen fose a mesma con que acababa de loitár o seu espirante marido Grigorio de Rocamonde.

¡Honor a ila! ¡Honor a isa muller incomparabre, groria d'o chan gallego, "qu'a semexanza d'aquilas visiós celestes qu' Homero n'a sua *Ilíada* fai baixár pra dar ánemo ô desalento que s'apoderara d'os soldados d' Aquiles n'o sitio de Troya, apareceu n'o memorabre d'a Cruña, izando a bandeira patrea, isa groriosa bandeira dond' a historia, non en valde, escriben os nomes de Covadonga, Salado e Lepanto!"

[1]. Crónica xeneral d'España: Cruña, por Fernando Fulgosio, póxina 72.—Outros escritores din que se chamaba Don Xan Pacheco Osorio.

Galicia débelle un monumento y-erguerallo, antes cicais, que n'o libro d'as patreas efemérides se conte o terceiro centeario d'a sua heroicidá, pórque "si a historia d'os homes sobr'a terra é a historia de Viriato, d'o Cid, de Gonzalo de Córdova, de Washington, a historia d'o sitio que sofreu o valente pobo d'a Cruña en 1589 é a historia d'a sua célebre heroina; y-esquencerse de María Pita é squencerse d'un pobo que soupo comprender a sua independenza, o que valia a sua patrea y-o que significaba a sua relixion." (1)

CHUMIN DE CÉLTEGOS.

## A PONTE D'O DEMO.

### LÉNDA.

I

Saude miña Galicia
pequeno anaco d'o ceo
que Dios puxo eiquí n'a terra
para qu'os homes en vendo
tanto feitizo acó xunto
maxinen que feiticeiro
e que fermoso e que doce
non debe de ser o ceo.
Hay en tí, bosques sombrisos
e regatos marmoleiros
e frondosos vals floridos
e montoutos y-abanqueiros
y-un ceo azur é fermoso
y-un mare quediñ' e inmenso
y-antr' os arbres ascondidos
mil paxariños parleiros
e noites craras e chéas
de docísimo mesterio.
Esto és tí, miña Galicia
esto tí és n' a qu' eu vexo
eiquí n' un val, nuha ermida
qu' enche de fervor o peito,
aló n' o erguido curuto
as ruinas d' un castelo;
d' un monte ó pe, brancas chouzas
as que d'o sol a-os refrexos
somellan brancas pombiñas
vosand' antr' un bosqu' espeso.
Esto és tí, miña Galicia
pequeno anaco d'o ceo
que Dios puxo acó n' a terra
para qu' os homes, en vendo
tanto feitizo eiquí xunto
maxinen que feiticéiro
e que fermoso e que doce
non debe de ser o ceo.

Galicia! Cando lonxe de tí m' eu alcontraba
todol-os meus recordos soyo eran para tí
e ¡cantas! cantas veces cand' eu en ti pensaba
po-las meixelas miñas o pranto rosbalaba.....
¡quizáis non volvería xa nunca mais eiquí!

Mais non tan malfadada conmigo foi á sorte
e quixo te volvese ¡miña Galicia! á ver
e quixo que n' o trance tan trist' coma forte
cand' os meus hosos veñ' a reclamal-a morte
n' o teu chanciño poida cov' ó meu corpo ter.

Cantei miñas lembranzas en terra forasteira
e nádia os meus dóres Galicia, compréndia
mais hoxe qu' á tí volvo ¡óuh terra feiticeira!
non verterei mais bágoas pois que ventura enteira
endes qu' a ver volvinche meu curazon sintíu.

Non verterei máis bágoas! Cantand' as tuas grorias
ireí d' a miña prob' e triste lir' a-o son,
y-en pátrea, d' os teus fillos chamarei ás memorias
contándolles antigas tradicions hestórias
que pasman e s' ascoitan con ademiración.

Que pouco son pra tanto! Que non han valer nada
as cántigas qu' eu fagal Hastr' olvidal' ó sei;
pro non en elas vexas ¡óuh miña pátrea amada
mais qu' unha probe prenda d' unha alma astruiasmada,
y-así comprido estonces meu afanar verei.

II.

Fai centos de anos
que n' o seu castelo
vivian felices
cheos de contento
os condes d' Andrade
á quenes o ceo
lles dera unha filla,
lles dera un luceiro,
pois era fermosa
canto poden sélo
n' a terr' as mulleres
as frores n' o outeiro
n' a mar as sirenias
os anxes n' o ceo.
Minia se chamaba
segun contos vellos
que din qu' os amores
niño n' o seu peito
—com' o millor sitio—
ó fin tiñan feito;
e que gardaba
a nena o segredo
d' os seus amorios
d' os seus evaneos
sin mostralo' á nádia
pois sempre tremendo
istaba, soubesen
amaba—¡mesterios
d' a y-alma!—a homildose
e probe mancebo
que d' un rio que corre
ó pé d'o castelo
á-outra beira tiña
o seu lar modesto
Ledan se chamaba
y-era o seu emprego
cóidar d' as suas cabras
e d' os seus carneiros.
Era un pastor probe
aquil que n' o peito
ispertóu de Minio
o amor: o mancebo
xentil er' y-aposto,

(1) Rafael de Nieva.

de longos cabelos
rizados; de ollos
moi grandes e negros,
de ollar dóc' e triste....
Comprendias' ó vélo
qu' encender poidera
de Minla n' o peito
un tan grand' amore
e tan verdadeiro.
Ama Minl' e cala;
Ledan fai ó mesmo
pr' ó fin, seus amores
foron escubertos
pois andan n' a boca
de mozos e vellos
d' os úns e d' os outros
maravilla sendo.

III.

Era unha noite
trist' y-escura;
todo eu negrura
somid' está.
Ditras d' as nubes
a branca lúa
a lume sáa
foi acochar.

—

N' unha barquiña
Ledan, lixeiro
o marmoleiro
rio cruzóu
e d'o castelo
súas maus batendo
Ledan chamón

—

Por unha porta
desemulada
a namorada
Minla sallíu
e d' os amantes
rebustos brazos
n' os dóces lazos
á neus caiu

.....

——

Dempois u' a chouza
d'o namorado
xentil mancebo
est' olvidado
d'o mundo, á Minla
se consagróu
e sobr' os xoves
o dios sáado,
Cupido, as suas
aás espallóu.

IV.

Entramentras n' a chouza s' alcontraban
Minla é Ledan
d'o seu amor segredo parolando
roxiu á timpestá.
Os antres qu' atopaba n'o camiño
dobraba o vendabal:
os lóstrogos brillaban a tras d' eles
ós roucos tronos cuíanse bruar.....
As augas d' o Eume saironse d'o berce
y-ancharcáron ó val

.....

Y-os amantes, estonces, asustados
d'o seu amor de xaron de falar.
Minla, abrazou, tremando
á seu ben á Ledan
dicíndolle:—Meu ben, vóume que x' é hora
—Pro Minla, ti-onde vas?
preguntoulle Ledan; deixa que pase
siquer' o vendabal....
Pr' ó fin Ledan, seu rogo conoscendo
qu' enutil era xá
entr' as augas chimpouse
á sua débre barca pr' agarrar
pro contr' as olas bravas
loita e reloita en van
pois afrixida Minla mirar puido
sin ós seus ollos mesmo fe lles dar
com' as augas d'o rio agurgulladas
cada vez ainda mais
arrastraban cosigo
ó co'lado Ledan
que Dios tan só dempois conoscer puido
adonde foi c' o seu cadavre á dar.

V.

Minl' aspantada
quer antr' as sombras
escobrir algo
pro nada atopa
Por Ledan chama
e soyo ascoita
suvial-o vento
coma resposta.
Estonces Minla
póstras' e chora
y-á Dios chorando,
lle pide a volva
ó seu castelo
antes qu' á aurora
co-a lume sua
crebant' as sombras.
E pas' ó tempo,
pasan as horas
y-a probe Minla
qu' en van invoca
de Dios o nome
destónces, louca,
casque sen vida
di con vos ronca
—Si a-o demo mesmo
posibe fora
antes qu' á lume
d' a branc' aurora
a espallar veña
as negras sombras
tender un ponte
riba d' as olas
porqu' ó castelo
chegar en poida,
eu lle daría
canto a sua boca
pedir poidera
por mais que fora
a miña vida.
Si quizais tola
¡ay Dios volvinme!
Ti me perdona.—
Ainda non Minla

estas parolas
habia dito
cando d' as olas
saíu un xoven
que perguntoulla
—¿Dasm' á tua y·alma
Minla?
—Si; doucha
s' a ponte tendes
antes d' a aurora
porqu' a·o castelo
tornar eu poida.

VI.

Destonces, Minla
a namorada
viu acorada
unha esombrosa
triste vesión
qu' á un tempo mesmo
enche de loito
y·alegra moito
seu corazón.

Milleiros
de demos
bruaban
brincaban
voaban
corrían
pasaban
volvían
d' acá par' alá
as pilas
d' a ponte
labrando
e sentando
y·as pedras
sacando
d'o fondo d'o mar.

No cèo
os relampos
brilaban;
bruaban
os tronos
que daban
a·os homes pavor
y·as olas
d'o rio
muxian
roxian
en tanto
as vencían
d'o demo a lexión.

D' un lado
pr' ô outro
mandando,
pasando
iba Satanás
a obra
qu' a hora
d' aurora
había
xa feita d' estar.

VII.

O galo
cantou
y·o demo
tremóu.

O dia iba' xiña
n' Ourente' apuntar
y·apenas d' a ponte
vians' esomar
algús d' es pilares.
Destonces Satán
votóu tan gran berro
que s' ou n soar
á par d'o roxido
d'o atróz vendabal.

E cal si milagro fose
a filla d' os condes vín
tanto aumental·os obreiros
que sono seu tal creía.
A ponte avantaudo iba
n' o medio d' a confosión
que d'a escuridá era própea
e de noite tal de berror.
Caían supeto estadas
y·os obreiros de Satán
sostiñanse n' o mesmo aire
hastr' outra estada chegar.
¡Ante cadro tal, d' ispanto
enchías' o corazón
y·o sea lair sentía Minla
con mais precipitazón.
Pouco xa faltab' á ponte
e iba o dia alborear....
y·os obreiros traballaban.....
o iba e viña Satanás.

VIII.

Más súpeto, d' unh' ermida
deixóuse onir á campana
anunciando que n' Ourente
o dia xa despuntaba,
y·ô seu són, aquela tropa
de demos e de pantasmas,
afundiuse d'o rio Eume
n' as agurgulladas augas
Soyo Satanás n' a ponte
maldicindo se quedaba,
cando s' escoiton soar
á segunda batelada.
—Minla, vén; dixoll' o demo,
eu levareich' á tua casa,
eu levareich' ô castelo;
ven, que x' os teus pais t' agardan.

Minla de Satanás quixo
fuxir todiña espantada
pr' o demo seguiuna e x' iba
n' os seus brazos a agarrála
cando n' a ermida sonóu
á terceira badalada.
Satanàs destonces, louco
guindou á Minla coitada
n·o chan y·el desparecéu
d' o rio dentro d' as augas.

IX.

Cando, xa dia, os veciños
tendid' á ponte miraron,
quedáronse cal parviños
c' o qu' iles s' ademiraron.

A sua familia, o cónde
chama, e qu' á vexa tamen;
pro Minla ¿onde s'asconde
que nou' atopón ninguen?

Somentres cando cruzado
s' houbo á ponte, s' alcontrou
o seu corpo inanimado
onde Satán o guindéu

¡Probe Minla! Quen pensara
d' o teu malfadado amor
que solesmentres durára
ó que viv' á probe fror!

X.

.....

Dend' entonces chamouse aquela ponte
A PONTE D'O DEMO,
y hoxe, hoxe *Pontedeume* se lle chama
e ainda mozos e vellos
si lles preguntas quen a ponte fixo
dirán—*Señor, o demo,*
e contaránch' a hestória c' os amores
de Minla e d'o cabreiro
pernunciand' os seus nomes con visibre
relixioso respeuto.

M. A M.

## CERTAME GALLEGO LITERARIO-MUSICAL

EN PONTEVEDRA

## PR'AS FESTAS D'A PELENGRINA

PROMOVIDO POL-«O GALICIANO».

Unha proba prena d'a civilizacion moderna é, sin dúbida, os certámes qu'a cotio se veñen repitindo xeneralmente en Europa.

Por iles consiguen os pobos dous bens, á cada cal mellor: istrución e benestar. A pirmeira, porque, como sabemos moi bén, os certámes, mais qu'outra cousa, son torneos d'a cultura que representan un paso n-o camiño d'o progreso, onde poetas e mais literatos e compositores, estimulados por un premio que lle poñen por cebo persoas entusiastas de amor patrio, cativo en valor, pro grande, moi grande aliciente de honor e groria, fan qu'ises vates e compositores euristren as armas d'o seu inxenio apurando hastra mais non poder sua intelixencia en búsca de novos ideás, qu'é a lamareda atrautiva d'a civilizacion, d'o progreso; y-o segundo,—o bénestar, —porque acarrexan milleiros de persoas cubizosas d'asistir á ises solenes espentáculos (que, con razón, lle vimos chamando a ésta mór d'os pobos); quéns, por forza, ademais de qu'a iso veñan dispostas, soltan cadelas de Dios d'as suas repretas faltricas, que deude logo se reparten, coma por encanto, antre as diferentes crases d'a sociedá d'os pobos onde aquiles teñen lugar.

En verdá que estremecernos debemos ante o recordo d'ises aigros pasados qu'apenas se cita a esistencia d'un filósofo, d'an sábio, d'un poeta; pol-a contra, lémbranos a historia moitos capitás de invencibre brazo, moitos soldados inhumanos que, co-as suas *fazañas*, sómente serviau pra autivar a destracion.

Conservemos, pois, ise recordo de compasion n-o tocantes á tais desdichados tempos, duros e crueles, de xeneral iñorancia, en que todol-os amores d'as castas doncelas tiveron por ideal a consagración d'a forza, conquistando seu cariño quén mais se destinguise n-as loitas, pol-o xeito —vália a comparanza—d'as mais aterradoras féras; pro vanagroriémonos, moito, de que, por isa colosal trasformación, chegésemos á persiguir ise craro y-espellante sol d'o renacemento, qu'é pr'a humanidá unha nova e compreta redencion.

Certáme é tanto coma decer: movimento, vida, adianto e prosperidá n-a endustria e n-o comercio.

¡Felices, pol-o tanto, d'os pobos onde os taís certámes alcanzan compreto desarrollo!

E xa que temos a fertuna de conecer qu'istes torneos d'a cultura figueron desaparecer o indiferentismo que n'a Edá Media anubraba as intelixencias e se opuña á marcha progresiva d'os pobos, como tamén de que, n-o tocantes ó saber, inda hay *un mais alá* á que debemos de chegar ¿non será xusto que todos, e cada un d'a sua parte, botemos unha presiña d'area pra cegar isas fochancas d'a congostra pol' a que podemos rubir á onde outros pobos de mais sórte chegaron, poño por exempro Cataluña?

Xusto, si, si é certo qu'estamos revestidos de ese entusiasmo pátrio que tanto enaltece as nacios y os seus escolleitos fillos.

Y-*O Galiciano*, que non terá d'outra cousa, pro d'entusiasmo pátrio..... ¡válame Dios! tén mais que d'abondo, comenzou á remexerse á sua maneira, cicais nou con acerto pro asistido d'os millores deseyos de arrombar pr'as próusimas festas d'a Pelingrina un Certáme que, ô mesmo tempo que contribuya ô esprendor d'as letras, d'as artes pátreas, sirva pra relembrarnos d'antigas costumes d'a nosa rexión, tan acariciadas por nosos antepasados.

E levado d'ese mesmo entusiasmo, astreveuse *O Galiciano* á chamar ás portas d'aquelas persoas que, pol-a sua sinificacion, pol-o seu amor pátrio, pol-as suas especiás condicións de carante, creu sería oucido; e... ¡un milagre!, compañeiros, ¡un milagre! Seique a Virxe me tocaba n-o curazón onde eu debia dirixirme porque todos, todos afeito, coma si estiveran falados, respondiau benevolamente á miña invitación

¡Eu por eso inda hay moitas persoas qu'escoitan os salayos d'a nosa nai pátria! Soilo fai falta iniciativa, aucion.

Dios ll'o colla á todos n-o peso d'o bén, xa qu'éu ¡coitado! non podo mais que sinificarlle meu humilde, pro prepétuo, reconocemento.

Y-ó ver tan satisfautoriamente coroados meus propósetos, non hay quén me conteña de contento, gabándome moi moito de haber percurado, co-a axuda d'os meus amiguiños, tan grande similleiro de premios que, fóra d'os que inda están por vir, contén o siguente:

# PROGRAMA

## SEUCION LITERARIA

I.—Fror natural e diploma de suscritor honorario, premo d'*O Galiciano* á millor poesía con libertá d'asunto, estension e metro.

II.—Premio d'o Excmo. Auntamento d'a capital, pendente de designacion e tema, que se anunciará oportunamente.

III.—125 pesetas, ofrecidas poi·a Sociedá "Liceo-Casino" á millor *Poesía humorística.*

IV.—Azucena de prata e ouro e diploma de sócio de mérito, ofrecido poi·a Sociedá "Recreo de Artesanos" á millor *Biografía* de D. Manoel Ventura de Figueroa.

V.—Ouxeto de arte, ofrecido por D. Eduardo Vincenti, Diputado á Córtes pol·o distrito d'a capital, á millor Memoria co·iste tema: "Fillos de Galicia que cultivan n·a autualidá n·o libro e n·a prensa o dialecto gallego. Lixeira idea d'as súas obras."

VI.—Pensamento de prata, ofrecido pol·o Excmo. Sr. D. Filiberto Abelardo Díaz, ex-gobernador civil d'a provincia, á millor novela de costumes gallegas.

VII.—Pruma de prata, ofrecida por D. Eduardo Cobian Roffignac, Diputado á Córtes pol·o distrito d'a Cañiza, á composición poética que censure con mais acerto os sortilexios que tan comús son en Galicia, com'o de *botar as cartas, a peneira*, etc., etc.

VIII.—Ouxeto de arte, ofrecido por D. Eduardo de Cea e Nabarro, ex-Diputado provincial, á millor *Comedia* ou *Drama*, n·un ou mais autos, en verso ou en prosa.

IX.—Duas onzas d'ouro, ofrecidas por D. Prudencio Otero e Sanches, ó millor *Canto á Pontevedra*.

X.—Ouxeto de arte, ofrecido por D. Xosé Mª Rodrigues de Cea, á millor composicion poética que describa as costumes de Galicia n·o tocantes *ós feitizos ou meigallos.*

## SEUCION MUSICAL

### Composicion.

I.—Un ouxeto de arte, de D. Xusé Casal e Lois á *"Coleución d'a música de cantos populares."*

II.—Lira de prata e ouro, ofrecida por D. Baltasar Piñeiro á millor *composicion* de *Gallegada pra canto de orfeón.* A letra á qu'a mesma haberá de axustarse, é a que se inserta a continuación d'iste programa.

### Execucion.

I.—Batuta de prata, ofrecida pol·o Excmo. Sr. D. Agustin Cobian de Seijas, Presidente d'a Diputación provincial, á banda militar que execute e interprete millor o *Poupurrit gallego "Unha festa en Galicia"* por D. Felipe Paz.

II.—Estandarte de seda e ouro, ofrecido por varios entusiastas d'a capital ó Orfeón que mil'or interprete y·execute á Alborada, por *Varela Silvari.*

III.—Coroa de prata, ofrecida por D. Miguel Xendra, pr'a banda popular que, composta cando menos de vinte números, interprete y·execute millor a *"Gallegada" de Milpgheer.*

IV.—Pensamento de prata, ofrecido por D. Prácido García á quén millor cante, con acompañamento de piano, a melodía *"Bágoas e Sonos" de D. Marcial Adalíz.*

V.—80 pesetas, ofrecidas pol·*O Galiciano*, ó gaiteiro que, con *gaita tumbal*, ou sea composta de ronco, ronquillo e punteiro, y·acompañado de tamboril sómente, millor interprete y·execute a verdadeira *muiñeira.*

VI—30 pesetas, ofrecidas pol·*O Galiciano*, ó que con mais oportunidá, gracia y·acerto cante, acompañado de zanfona, e con lazarillo, segun acostuman facelo n·as romerias de Galicia.

VII.—10 Pesetas, ofrecidas pol·*O Galiciano* como segundo premio ó anterior.

VIII.—40 Pesetas, ofrecidas pol·*O Galiciano* á parexa que millor baile a *Riveirana.*

## BASES D'O CERTAME

1ª—Os Xurados, qu'oportunamente serán anunciados seus nombramentos, atenderán, pr'a adxudicacion de premios, ó mérito absoluto d'as composicións literarias e musicais.

2ª—Ditos Xurados, reservaráuse o dereito de otorgar *accesit ou mención honorífica* en cada tema.

3ª—As composicións deberán ser orixinales e inéditas.

4ª—É condición precisa que todol·os traballos estean esquirtos en gallego.

5ª—O director d'*O Galiciano* facilitará, á quén as solicitare as partituras á que se refiren os catro primeiros premios de execucion, n·a Seucion musical, c'o ouxeto de sacar a copía ou copias que se precisen.

6ª—Todol·os traballos deberán ir acompañados d'un priego cerrado e lacrado que conteña o nome, apellido e domicilio d'o autor, e n·o sobre un lema igual ó que debe esquirbirse n·a cabeceira de cada un de ditos traballos.

7ª—N·o auto d'a adxudicacion de premios, queimaranse, á vista d'o púbrico os pregos correspondentes ás composicións non laureadas.

8ª—O prazo pr'a asmision d'as composicións terminará o dia 1º d'Agosto Estas dirixiranse ó Director d'*O Galiciano*, calle Real, número 26.

9ª—*O Galiciano* reserva a propiedá d'os traballos premiados, durante medio ano, á contar dende o dia d'o Certáme; e si acordare imprimilos, regalará algús exemprares ós autores d'os mismos.

10ª—Os gaiteiros, seus tamborileiros, y·as parexas de baile, presentaranse ó Certáme en traxe d'o país.

11ª—As bandas de música e orfeós terán que tocar e cantar, respectivamente, unha peza de libre eleucion.

12ª—Os gaiteiros deberán tocar á *Riveirana* pr'o baile indicado n·o último premio d'a seución.

13ª—Os que tomen parte n·a dita seucion musical de execucion, deberán avisar, cando menos, con cinco dias d'anticipación.

### ADEVERTENCIAS.

Os gaiteiros de fora d'o partido xudicial que se presenten ô Certame, abonaránselle, pol·*O Galiciano*, os gastos de locomoción, entendéndose somente compreadidos n·este beneficio os seis pirmeiros qu'o soliciten.

Letra á que ha de axustarse a GALLEGADA pra orfeón.

I.

¡Qué ten o mozo?
Ay! ¡qué terá?
Ponm'agora unha cara d'inverno,
Despois u·a finda ¡sonrisas de tal!....
Quér que baile con él n·o muiño,
Y aló pól·a vila, nin fala quizais....
¡Qué tén o mozo?
Pois....¡qué terá?

Unhas veces, canciño de cego,
Por'ond'eu andare seguindome vay
Nin hay sitio dond'eu non atope
Un Brau con cirolas, y·os zocos n·a man.
Ay! que mosiño....
Ay! qué rapáz!
N'outro istante ¡mira qué fachenda!...
Atruxos qu'asombran ó mesmo lugar.
Brrr!!! parece que pasa soberbo,
Mandando n·os homes su real maxestá.
Mociño ¡és tolo!
Ay! ¡s'o serás!

En non podo entender meu amore,
Qu'airiños te levan, qu'airiños te trán,
Nin tampouco cal xeito te cadra,
Tratándose, mozo, d'o teu namorar.
Ay! Dios me libre,
De tí, bon Brás!

Que n·o meu entender t'acomparo,
Ó mesiño de Marzo marzal:
*Pól·a mañan, cariña de rosas;*
*Pól·a tarde, cara de can.*
¡Mala xuntanza
Facemos! ¡Ay!!

(Primeira parte d'o núnaro 27 d'os *Cantares Gallegos*, de Rosalía Castro.)

O GALICIANO.

## O ARCO D'A VELLA.

I.

Orballaba: n'os altos curutos
D'os montes a brétema
Engarrada n'as silvas deixaba
Sua túneca negra.
Y·os anacos qu'o vento barría
En longa ringleira
Temerosa roméx de pantasmas,
De trasnos e meigas
Somellaban, que xa escorrentados
Foxian d'a terra.
A rayola d'o sol foi abrindo
Nas nubes vereda;
E chegando ás pingotas d'a yauga
Trocounas en pelras
Que brilando c'a luz buligaban
Brincando antr'as herbas.
D'o seu soño d'amor despertáno
As roxas Nereidas
Que n'o fondo d'os regos durmían
N'as cóvas espréndidas
Pol·os dóceos Amores chamaron
Que préto d'a orela
C'as pingotas d'a yauga tezian
Pintadas cadeas;
Y·estricando suas alas de prata
Qu'o sol cintilea,
Rebuldando tenderon n'os aires
O *Arco d'a Vélla*.

II.

Alí está carió sol relumbrando:
N'as nubes a tésta,
E c'os pés n'o regato bebendo
Barbullas ás cheas.
Sobrio negro d'o ceo reloce
Sua cinta berme la
As suas bandas azuls que namoran,
Sua ciuta marela:
O seu verde color d'esmeralda
Qu'invidia a pradeira;
O morado que tiñe a ascondida
Cheirosa violeta;
Y·aquel cór que festona e de'uxa
Con man feiticeira
N'os encaixes d'o leito d'Aurora
Douradas cenefas.
Alí está como ponte d'esmalte
Erguida e direita
Cal si pór en xuntanza quixese
O ceo c'a terra.
Alí está coma enseña perene
Qu'ô mundo relembra
A de paz e d'amor validosa
Devina promesa.

.....
.....

Mais xa o vento a bater con mais furia
Suas áas escomenza
E d'aló dende o cabo d'o mundo
Trai nubes moi feras
Qu'as brancuras d'o ceo recroben
De loito e tristeza.
Ven con elas un duro curisco
Qu'as forzas enxerga
Y·ó seu sopro tolleito; os Amores
Y·as roxas Nereidas
Recolleron as húmidas cintas
Qu'enantes tezeran;
E pregando suas alas de prata
Leváno con elas
Pra seu niño d'escumas e froles
O *Arco d'a Vélla*

XAN BARCIA CABALLERO.

## REFRAS GALLEGOS

**II**

Hai galás con fortuna, y·hay galás sin ningunha.

Hastra que morre o arrieiro, non se sabe de quen son as bestas.
Home de barba ruiba, unha dice, outra cuida.
Home de moita lengua, todo é m..
Home morto non fala.
Home pequeno, fol de veneno.
Home pequeno, tente n·a viña, que anque non caves, fas cuadrilla.
Home probe, todo é trazas.
Home reñidor, cabalo corredor, odre de bon viño, nunca dura muito.
Home sentado, non fai bon mandado.
Hónrame n·a casa, qu' eu t' honrarei n·a praza.

**I.**

Inda é mais cara a sa'sa c' o peixe.
Inda non asamos e xá pingamos

**L.**

Lanza larga pol·a neve, non hay diaño que ch' a leve.
Levantouse o preguizoso, e meteu lume ò palleiro

**M.**

Mais fai queu quer, que quen pode.
Mais vale unha asna', que cento de pardal.
Mais vale n·a casa ser, que n·a festa mal parecer.
Mais vale fame con pan, que fame sin pan.
Mal anda o paxariño, que anda n·as mans d'·o meniño.
Mal derrengado, morte n·o cabo.
Mal lle vai ò raposo, caud' anda òs grilos.
Mal vai à corte, onde o boi vello non tose.
Mal vai òs gatos, cando andan òs gorriós.
Manda e faxe, escusarás paxe.
Martes d' antroido, cando bas de vir, casquiñas d' ovos, casi habés de ruxir.
Maruxiña teu bo viño: si o ten, el o dirá: o que fore, sonará.
Marzo, iguarzo.
Marzo marzan, pol·a mañan cara de rosas, pol·a noite cara de can.
Marzo marzola, torbon e rayola.
Maula comprar, e maula vender
Mau por mau com' o pardau.
Memorias sin diñeiro, mo'esta ò pasaxeiro.
Méntres moza, boo pasar, pero de vella choutar.
Meu dito, meu feito.
Meu parente e Pedro beo, tanto me da, tanto ll' eu só.
Miña comadre Pelonia, non hay muller como e'a: os osos dallos ò home, y·a carne cómea ela.
Moito come o louco, e mais louco e quen ll' o dá.
Moito pode o moucho n·o seu souto.
Moito e ben, no' o fai ninguen.
Muller que silba e fia de pé, nunca boa é.
Muller d' o cego que se compon moito, non se compon pra él, que se compon pra outro.
Muller morta, sete à porta,
Muller que sabe latin, é mula que fai hin, arrenegar d' ela hastra o fin.

**N.**

Nadar, nadar, y-agora il afogar.
N·a casa d' o abade, comede e levade.
N·a casa d' o ferreiro, cuitelo de pau: é n·a d' o carpinteiro, senta:se n·o chau.
N' alleo souto, un pao on outro.
N·a mesa chea, ben parece a fogaza allea.
N·a noite d' a boda, cal a achares, tal a toma.
N·a terra d' aquel home, o que non traballa, non come.
N·a terra d' os lobos ouhear com' elas.
Non de sabugueiro bon vencello, nen de cuñado bon consello.
Nido feito, pega morta.
Nin bo coxo, nin bo noxo.
Nin bon Pedro, nin bon burro negro, ni bo lameiro por riba d' o rego
Nin bo Xan, nin bo Pedro, nin boi marelo encima d' o rego.

*(Continuará)*

## A LEITEIRA.

Ergome a'o abrir d'o dia
inda alumea o luceiro,
e'en chegando a algun regueiro
bautizo con auga fria
o leite d'o meu pucheiro,
porque mellor aproveite,
¿Quén merca o leite?

Madrugueiros estud antes
hacho ò pasar pol-a veiga
e deteñenm'os tunantes
pediudo nata, manteiga,
o que sei eu.... Banadantes!
mal fogo de Diol·os·deite,
¿Quén merca o leite?

Cando eu entro pol-a Vila
todos inda están n'a cama
in doce calma tranquila,
¿quén de sono os espavila?
eu que vou chama que chama
hastra qu'algun s'endireite,
¿Quén merca o leite?

E desperta algun señor
abrazando à compañeira
entre suspiros d'amor,
pero gracias à Leiteira
qu'entre seus brazos a estreite,
¿Quén merca o leite?

Corro a Vila sin parar
n'a cabeza pósta a cesta
que relouco por comprar
un adrezo para a festa,
figa, rosario e pieite,
¿Quén merca ó leite?

Tamen hoy comprar xabon
e unha cartilla de aceite,
mas ¡ay! don un tropezon,
adios figa, adios pieite;
¡Dios mio! ¡qué compasion!
adios adrezo, adios leite!!!

F. AÑON.

IMPRENTA D' "A CORRESPONDENZA DE CUBA"
Rua d' Obrapia núm. 24.

# A GAITA GALLEGA.

REPINICA MUIÑEIRAS, ALBORADAS E FANDANGOS, UNHA VEZ 'O MES.

*Direutor: CHUMIN DE CELTEGOS.*

ANO SEGUNDO. N-a Habana: 26 d'o mes de Outubre de 1886. TOCATA 13ª

## A PELENGRINA.

Fondas e mui fondas raices tivo sempre en Galicia a supresticion ou meiguería.

Sairse d'os lindeiros d'as cibdades ou Vilas e non atoparse c'algunha rapaza a quen por encima d'o dengue se lle diouxe un delgado fio d' estopa ou seda c'o ichavo *milagroso* y-a bolsa con pedra d'ara, dentes d'allo y-arenillas de *santo*, é tan imposibre, como dificil o pretender desterral-a crêncía de qu'os pícaros se volverán débles e cativeiros si algunha galiña choca lles brinca pol-a cama en qu' iles estén deitados.

E non é qu'os labregos d'as montañas d'a Suevia desconozan os preceutos d'a relixión d'o país, que tanto condena ises feitizos, sinon que de tempo inemorial, cicais desd'a epoca d'o xentilismo, viñeron trasmitindose de xeneracion en xeneracion y-hoxe ademítense sin esamen hastra pol-os máis entendidos y-espavilados.

Non negan iles qu' a meiguería s opon ás predicaciós d'o abade, si é qu'iste—que de todo hai—non profesa as doutrinas d'o presbítero D. Anton o Vello, famoso pol-os seus tumbos d'estola n'as costas d' algús enfermos a quen o demo, en figura d' avellón, se lles entrara pol-a boca; pro non por isto deixarán de santiguarse catro veces c'o pulgar d'a man dereita sempre que enxabecen, nin entrár n'a igresia c'o pé dereito, porque n' aquil caso se lles meterá o meigallo n'o corpo, e n'iste últemo, mala fada ou mal agoiro vai a presidir todol-os seus feitos y-auciós.

Moito se dixo e moito s' escribeu tocante a isas preocupaciós d'o vulgo, maormente, n'o que respeuta ô *espiritu malino*, â *compaña* ou *santigua*, ô *avellón*, as *fontes santas*, os *negrumantes*, a *estadea* ou *santa compañía*, as *voces*, o *bautismo n'as pontes*, etc., etc. Esquirtores e poetas, pruma en ristre, propuxérons' en máis d' unha ocasion, acabar pra sempre, ridiculizandoas, esas crências cuyo estudeo a todos interesa, e non son xa os primeiros xogos frorales d'os que se celebran en Galicia en cuyos programas feguran máis ou menos premeos, con mais ou menos cebo, ô fin de conseguir semexante resultado.

Nada, pol-o d' hoxe, chegou a lograrse como secuencia, sin dúbida porqu' ises estudeos non foron o bastante popularizados pol-as diputacios d'as provincias y-ayuntamentos rurás, que son os chamados a facelo, costeando d'os seus fondos a impresion d'isas mamorias y-ordeando a sua púbrica leutura n'as aldeas os dias de vagar, como se fai—porque lles conven máis direutamente—c'os pregós d'as pagas de territorial e consumos ou c'o chamamento d'as quintas.

Tempo chegará, sin embargo, en que se logre semexante apetencia, mausime si como pensa un literato d'os de máis nombradía d'a nosa terra, a *Hermandá d'a prensa liberal gallega*, ou sea, a *Liga contr'a inorancia*, se costituye, sin dimes nin diretes, dentro d'un anaco d'anos.

Ela alcazará—n'ó dudamos— o ésito que sobr'os libros de caballerías alcanzóu o manco de Lepanto co'a pubricación d'o seu famoso *Don Quixote d'a Mancha*.

***

A *Pelengrina* é unha d'as moitas preocupaciós qu'os labregos d'os arrentes d'o cabo Ortegal teñen por cousa certa e d'o outro mundo.

A fegura ten semexanza c'un cadelo ou coenllo d'os máis novos, branco com'a leite, brincon com'os cabirtos e seguidor d'as xentes com'a sombra ôs camiñantes. Aparce pol-as noites, maormente n'as d'escuro, e

persigue ôs mozos que cortexan mulleres con outros apalabradas, ou ôs casados qu'andan requebrando âs solteiras. N'algus tempos, Xaneiro vai por caso, a *Pelengrina* non se achega âs xentes: vese relocír e síntese dar ayes, como si grandes delores a magoasen.

Pra escorrentala, n-hai máis qu'un medio; fincarse n'o chan, rezar dous padre-nuestros e prenunciár con verdadeira fé os verbes que siguen: *¡Virxen Santísima! ampárame, e fai porque fuxan de min os malos pensamentos.* A *Pelengrina*, enton, desparece, y-en isto si que non hai meiguería como se desprende d'o que se dí máis adiante.

Temos, póis, duas crases, n'o feitizo y-aparicion de que falamos: unha que chamaremos muda—siñal de qu'o delito é d'os de pouca monta—: outra, queixosa—proba crara de qu'os feitos d'a presoa a quen a *Pelengrina* persigue, son d'importanza maor.

Y-eiqui temos máis que crara a spricacion d'ambos fenómenos. A *Pelengrina* muda, son os fogos fátuos que se desprenden d'algunha préa, can ou bicho morto qu'está ô rento d'o camiño e que por lei física siguen ô que pasa, pol-a corrente d'aire que leva tras sí; a *Pelengrina* queixosa, *é*, ni máis ni menos, qu'o que n'outras partes se conoce pol-a *Zorra de Morrazo*, (1) e que tan ben describe un amante d'o *Folk-Lore*, D. Ramon Somoza Piñeiro.

"As zorras en Xaneiro andan ô celo, e cedendo ô natural deseo, berran, pra dar noticias ô macho d'os sítios donde s'atopan."

"O fogo que pol-a boca lles sai, ten por causa a scitacion en que se alcontran."

E isto e todo.

CHUMIN.

## A VOLTA D'O SOLDADO

I.

Unha probe nai xemia
Por un fillo que loitaba
N'a guerra cruel, impía;
A triste nai que choraba
Chea de door decía:

«Dios maldiga a quen levou
'O meu filliño pr'a guerra;
Sin achego me deixóu
E soliña n'ista terra
Onde morrendo me vou.

«¿Il morrerá? ¡pode ser!
Cando estroban os cañós
¡A cantos farán morrer!
Seica non·o volvo á ver.....
¡Mais non....non mo leves Dios!..

«Virxen santa d'o Carmelo
Si é que cara â morte vai,
Fai por libralo e detelo,
Con solo bicalo e velo
Morre feliz esta nai.»

Agardou, mais non volvéu
O fillo xunto a naiciña
Que de soedá morreu.
¡Ay, morreu a coitadiña
Foi pr'a cova e non· o veu.

II.

Era unha tarde de vrao
Cando camiñaba un mozo
C' un pau con moca n'a mao
E colgada d'o pescozo
A cinta d'o licenciao.

Logo paróuse; ô refrexo
D'o sol, vín n' unha ladeira
Un pobo, e dixo perprexo,
¡«Será verdá que te vexo,
Santa Marta d'Ortigueira!

«Teño n'o teu lar a nai
Qu'amante coidou de min,
Ti gardas morto meu pai
¡E xa canto tempo fai
Meu pobo que non te vin!»

Dixo asina; e mais lixeiro
Camiñou pol·o carreiro
Tal ves porque cobizaba
Que n'o instante en que chegaba
O vise o lugar inteiro.

Mais nón; qu'outro fin mellor
Outro deseyo mais grande
Lle dá forzas e valor
¡Non é estrano que ande
Por ver a nai, seu amor!

Xa canso chegou á porta,
Chamou, agardou e dixo:
«Estará regando a horta
Non ven agora de fixo.»
¡Ay probe, que estaba morta!

Non tivo a quen preguntar
Foy dempois anoitecendo,
Sintín a oracións tocar,
Foise a xente recollendo,
Mas naide viña ô seu lar.

(1) Vexase o Tomo 4º paxina 107, d'a *Biblioteca d'as tradicións populares españolas.*

Por fin un home chegou;
Con ansia lle preguntou,
¿«Que foi d'a tua áma Andreu?»
Quen solo lle contestou:
«¡A tía Xuana, morreu!»

—¿Qué morreu?—Si é que non erra
Pr'o conto á miña mamoria,
Un ano n'o Agosto cerra;
Está debaixo d,a terra;
Que Diol·a teña n'a groria!

III.

N'a casa entrou sin consolo,
E viu n'a parede solo
Unha estampa d'o Carmelo
Fixa n'as puntas con miolo;
¡Canto padeceu co·aquelo!

¡Cantos recordos chegaban
Con son amargo e doido
Ó seu corazón ferido.....
¡E cantas cousas falaban
D'un eco xamais oubido!

Y·é que certos sentimentos
Contan á yalma que chora
Os seus pasados concentos,
Os santos encantamentos,
D'a vida feitizadora.

Recorda que pequeniño
Felix e ledo vivira
Co·a prenda d'o seu cariño,
Oxe faltalle ¡proviño!
E sofre, chora e sospira.

¡Canto pranto esconsolado,
Meu Dios, que fondo dcor
Sinte un pobre d' un soldado
Cando volve licenciado
Pr'o niño d'o seu amor!

VALENTIN LAMAS CARBAJAL.

## MARIQUIÑA Y·EU.

.....

Eu era un rapás. Era Mariquiña unha nena bonita com'un ouro. Os dous nacéramos n·o mes de San Xoan d'o mesmo ano, n·un mesmo rueiro, cara con cara a porta d'a sua casa y·a miña. ¡Cantas cousas non falábamos pol·o postigo!

Nin eu nin ela falábamos n·outra fala que n·aquela qu'ndeprendéramos n·o berce, arrolados por nesa nai.

Mariquiña queríame pol·os vivires, y·eu a ela tamen. Pol·a mañan cediño ó albrexar ó dia, cand'os paxariños cantau a alborada, sempr'oía a Mariquiña chamarme pol·o postigo d'a sua porta: —¡Farruquiño! ¡Farruco!—y·eu folgábame d'oila, e, brincando, fuxia pra xunto d'ela e dabámonos apretas e bicos.

Dimpois, Mariquiña y eu, fuxíamos de contado: ela d'a sua casa y·eu d'a miña, como si n·elas nos tuveran presos com'ós ladrous n·a cadea. E co·rríamos moito, moito, e cando Mariquiña oía qu'a sua nai a chamaba:—¡Marica! ¡Marica..... ¡Ai! Que demo de filla!—Mariquiña y eu agachabámonos detrás d'un turreiro, y·ali, baixiño pra qu'a nai d'ela non oise, cantaruxábamos os dous:

Canta rula n·a gayola;
Canta rula, canta rula,
Canta que vou para fora,

E dimpois tornábamos a correr buscándo eiqui ameixas, aló cirigüelas, peras barburiñas n·outro lado, en todol·os corrunchos unha cousa, e maxinábamos por derradeiro como lle furtariamol·os péxegos d'a hortá ó crego, M'acordo qu'unha ves Mariquiña, pois era mui pilla, quixo burlarse d'el porque non salía d'a horta, e cantoulle ista cántiga:

O cura d'a miña aldea
Mentres lé o brebiario,
Non se cuida d'as ameixas
Que lle rouban n·outro lado.

Pro pagounas ben Mariquiña. Cando n·aquil ano fumos á doutrina, qu'ela ben a sabía y·ademais era arriscada, ó crego douli'o carneiro.

N·estas troulas andábamos Mariquiña y·eu, e por unhas nou deixábamos outras andainas.

Cando chuvia, por antr'a porta d'ela y·a miña corría a xurrada, e facíamos moiños, así como quen queu.

Outras veces metíamonos *sub* horreo e pillábamos gorrions con visgo.

S'oíamos cacarexar as galiñas, apurrábamos os cans e corríamos ó raposo hastra bouza, e, dimpois de meter os cans n·ela collíamos amoras.

O que mais queriamos era andar ós niños. ¡Inda non ni'esquenceu, unha vez qu'andábamos a iles, un que vin de pega n·a pola d'unha subreira! Xa tiña paxariños sin tiña, paxariños grandes; eu vialles estirar o pescozo, erguer a sua cabeciña y·abrir o peteiro. Mariquiña gateaba mellor qu'eu e foi ela quen suben a coller o niño e iso qu'a curtiza d'a subreira era nova. Pro ¡ay! era unha cróbega ó qu'estaba drento d'o niño!

N·o tempo d'as mazans verdes saltábamos d' unha n·outra maciñeira, buscando algunha mazan aviñada, d'as picadas pol·o verme Algunhas veces hachábamos así todas as d'unha pola y·era qu'estaba ó verme n·o pau. Collíamos as mazans aviñadas e ibámonos pra un corruncho: ali comiamolas e xogábamos ós pelouros.

Cando mais rebuldábamos era n·o tempo d'as cereixas. Dimpois de ben fartos d'elas, collíamos as troyas e como si quixéramos estruxalas autr'os dedos faciamol·as brincar de Mariquiña a min e de min á ela. Unha vez deume c'unha carabulla n·un ollo, por fora. Eu choraba e Mariquiña tamen. Achegous'ela entouzas a min: mollou un dedo seu en cuspe e levouno ó sitio magoado, e, com'aquilo non era nada, deume, a mais, un bico n·o sitio y·eu a ila unha apreta bos.

.....

Aquil tempo foise..... A derradeira ves que vin a Mariquiña, era unha moxa xa, unha moza

d'as festas. Pasou preto de min, miroume de lado, e dimpois cantou:

M'olvidas porque son probe,
E vexo que tés razon....
Amor probe e leña verde
Soilo cando é ocasion.

Non lle fixen caso. Eu, d'aquela, xa non falaba con Mariquiña.

F. Romero Blanco.

## HIMNO GALLEGO

*Letra de Chumin de Céltegos.—Música de Felipe Pereira.*

I.

«Galicianos a patrea ou a cova;
Libertade ou de cote morrér,»
Qu' é de pobos valentes e nobres,
Seu honor y-os seus dreitos sostér.

II.

A bandeira gallega ondeemos
Desd' o Miño hastr' o Landro y-o Sar,
*Deus Frates que Gallaici* atruxando
Por congostras e cerros e valls.

III.

Fora, d'hoxe pra sempre, os tiranos;
Xa máis nunca calar á opresión,
¡Guerra ó fisco y-á usura y-ás leixes
Qu' esnaquicen o lar de Feixóo!

IV.

Mil coroas fagamos a eito
Co' as cadeas que cinguen á *Erin*;
Y-en trofeo levemoas á foxa
De Velasco, de Cela e Solís.

V.

Groria! ós nobres fidalgos d'a terra
Que defendan d'o pobo a vertú;
¡Hurra' ós suevos qu' a patria rediman;
¡Os enxebres petrucios ¡Sa!ú!

## TRISTRAS.

De cantas poesías teño lido d'o vate L. U. Grís, (que por certo lin algunhas ben malas) ningunha me puxo de tan mal xenio como as versos que, baixo ó titulo de *Presentimentos*, pubricou fai algus dias n'un pereodeco d'esta cibdá. ¡Vaya que son malos os *Presentimentos!*

A verdá: si L. U. Gris non pode darnos algo mellor aconséllolle que crebe á lira, e non se acorde máis de cantar; pois versos com'os *Presentimentos*, por moito que llos chufen e llos gaben os seus amigos, non por eso han de pasar pol-a porta d'o *Parnaso*.

E pra que vexan vostedes qu'eu non falo por falar, irei á proba.

"E unha noite d'outono: o vento zoa
*pol-a apretada* fraga,
y-o pedrisco rebota n'os te'llados,
y-o mar retumba n-a cerqueira praya."

Esta poesía ten *fecha* de Setembre de 1886, e o poeta empeza dicindo: "*E unha noite d'outono*:

¿Como s'entende esto? Si dixera: "*era unha noite* etc, estonces menos mal porque daba á comprender que se referia á un d'os outonos xa pasados.

Tan pouco non sabia eu qu'as fragas eran *apretadas* bastra que o-dixo L. U. Gris.

"O moucho, enriba d'un mosteiro vello
onde solo hai pantasmas,
entoa unha canción *qu'e mensaxeira*
de non *lexanas mágoas*."

¿Conqu'as cancións d'o moucho son mensaxeiras de non lexanas mágoas?

¡Si será tamen L. U. Gris d'os que pensan en bruxerias!

"A campana d'a igresia, ó banearse
pol-as *lixeiras rachas*
está *tocando* tristemente agora
como s'alguen morrera n-a comarca."

Esto si que ten que ver: as rachas facendo de campaneiras.

"Está de loito e n o regazo acocha
un pedazo d'a y-alma,"

¿De que y-alma?

"Un filliño *tan* roxo com'o ouro,
*tan* branco com'a nata."

¡Tan, tan! A este poeta debe gustarlle moito ó toque d'a campana.

"A lume d'a lareira está morrendo,
o candil xa s'apaga"

¿Que s'apaga o candil dice? Será por que non ten aceite.

"Y-a cociña vai póndose tan *moura*
cal funeral fuchanca.
Estonces vese avelaiña *moura*
que d'o faneiro baixa
*comezar* á voar d'a lus ó rente
hastra morrer queimada."

Pro digame Sr. L. U. Gris, ¿quen lle dixo á vosté que n'unha *composición* asonantada se poden usar dus consonantes xuntos e de contra consonantes iguales? Ademais, querido vate, as avelaiñas que pol-a noite andan moitas veces ó rente d'a lus, non todas son mouas. Asi, pois, s'avelaiña esa que vosté dice, era moura, ben puido habelo determinado.

—"Meu Dios! que triste aquesta noite encontro
—a tia Pepa FALA—
presentimentos solamente *sinto:*
mui presto debo ter unha disgracia
A avelaiña com'as *penas moura*
*agoira unha mágoa.*

TROUXERON *o outro* dia, á tia Pepa,
unha carta d'a Habana;"

¡Virxen d'o Carmelo cantos disparates!

"De que morrera ó fillo, o seu Pepiño
sosten d'a probe nai esconsolada.
Morreulle ó fillo, aquel filliño tenro,
a quen tanto ela amaba,
úneca estrela que n'un triste ceo"....

Cinco versos e catro asonantes.
O Sr. L. U. Gris dirá tal vez que por moito pan nunca e mal ano.

Cando ATOPEDES unha nai que chora
sin que *seipa por que;* cando ela agacha
tristes presentimentos
de quelle vai pasar unha disgracia
e ten un fillo ausente
*fora* d'o *fogar*, lonxe d'a patria;
COMPADECELA, *si;* qu'é mui sabido
c'os corazós d'as nais *nunca se enganan.*

Quen verdadeiramente nou se engana, e o que diga que vosté non naceu pra poeta nin escribe siquera como manda á gramatica: "*Cando atopedes unha nai que chora, compadecela.*"

Mire Sr. L. U. Gris: Vosté pensa sin duda que pra ser poeta, non hai mais que saber midir versos. Pro [perdóneme que llo diga] está compretamente trabucado. N'estos tempos qu'atrabesamos ou que nos atrabesan, como diría Larra, os qu'han de pasar por poetas, teñen que facer versos coa *chencha* e non cos *ouvidos.*

Cansados xa d'a poesía de simples imaxenes, pidimos á d'as realidades y-á d'as ideas. ¿Vosté comprende?

LOUREIRO.

## BRUXERIAS

*(O meu bô amigo R. Buch.)*

O crego de Listanco
detrás d'o trafagueiro ten un banco,
non moi compreto n'o tocante á pès
porque en vez de ter catro tenche tres.

Cando vai pol'as noites â cuciña
pedirlle lume ô crégo unha veciña
(qu' houbo sémpre a costume pol'a aldea
d'ir buscar o que compre â casa alléa)

O crego, con bôs modos
(como Dios manda que se fale á todos)
din que lle dí â muller sin comprimento:
«El ten ese banquiño.... tome asento....»

Y'a muller, s'é qu'a presa nou'a apura,
obedece *pra darlle gusto ó cura.....*

Y'ô por o cú n'o demo d'a *argallada*
vai dar de rés ô chan a desgraciada,
e bate c'os cadrís contr'a lareira,
e roda como roda unha peneira....

Hastr' eiqui todo é craro y'é corrente
Mais entra agora o caso soprendente.

*qu' habendo duas presoas n'a cuciña*
*O crego vése e non se vé a veciña.....*

¿Non che parés pol'o que levo dito
(e perdoa s' hai erro n'este escrito,
qu'o demoro d'o crego de Listanco
podería servir *de pé pra un banco?*

ALBERTO G. FERREIRO.

## O QUE DURA A LUA DE MEL

Fará como cousa de dous anos casóuse un individo, que tal vez non o conozan vostedes, chamado Marcelo *que sei eu cantos*, pois non m'acardo d'o seu apelido; y'a crer ó que decote ripite Frorinda, a'sua muller, ainda *lles dura* á eles *á lua de mel*, manténdose en tal concepto entrambos como se foran *dous ruliños.*

Sin que trat'en de desmentila, pois non seria ben, limitaraime á consinar con toda verdá algus pasaxes d'a vida d'os susodichos casados, e vostedes sacaran d'eles o qu'o seu entendemento lles dite.

Hay qu'adevertir, desde logo, que éste é un matrimonio probe; que n'a casa non hay mais criados que unha rapaza de oito anos, qu'a nai a puxo ali pra que a *enseñen;* e que Marcelo, pol'o tanto, fai de todo ó que hai que facer, pois e bon, moi bon, e quere moito á Frorinda, quen, pra non darlle o mais pequeno disgusto, *deixase querer;* pro d'unha maneira tal, que Marcelo ten qu'estar sempre ideando o modo de darlle novas provas de cariño e de facerlle outros tantos agasallos, posto que cada dia ten que querela baix'un aspeuto distinto y'en mayor esca'eira que a quixo antes.

Tamen teño qu'adevertir que teñen un neno de seis meses, que é o primeiro fillo, d'o que Marcelo eo *manexador*, principalmente pol'a noite, pois á criada e tan pequena que non pode con *Miguiños* que xa pesa; ademais que tampouco se desperta ela nin á tres tiros, unha vez que prega n'o sono.

Con estos antecedentes xa poderán vostedes ir vendo si será bon home ó que se ergue de madrugada á facer o lume, á ferver á leite, á barrer y'a canto mais s'ofrece; nou facendo tamen ó almorzo, por que lles guisan fora por ben pouca cousa, o que basta pra supoñer qué tal será o *conto.*

Mentras tanto, Frorinda, istirada tan longa é n'a cama, goza âs suas anchas d'un sono moi fondo, hastr'as oito, hora en que despertándose ó pequeno, desperta á ela cos seus repitidos berros. Non se move, sin embargo, d'o leito, sinon que chama á Marcelo, pra que o *colla*, si él non ven xa ó escoitar os choros d'o pequeno, acaso por que n'aquel istante está pra ferver á leite posta o lume, e non pode separarse d'a lareira. Cando o pai, ô fin, quita ó fillo d'o verce, e llo canta y'o baila y'o pasea n'as maus, e logo lle pon á mamadeira, ón sea unha botella cou un teto de goma, Frorinda á todas éstas, disfruta d'ese pracer de que fala Xavier de Maistre, que consiste en sintirse dormixar; ou cando mais, cambia algunhas parolas co seu home referente ô neno, que moitas veces resulta ser á indicación de que leve Min'

guiños á un lado calqueira donde mellor poda entretenelo, o que quere dicir, pra que cale e non o amosque nin a moleste, mentras qu'está deitada n'o seu leito.

'As nove d'a mañá ten qu'irse á traballar Marcelo, y estonces érguese Frorinda, sempre queixándose d'a cabeza, e prántase n'unha *butaca* a agardar á volta d'o seu home, que volve, case sempre as catro ou as cinco d'a tarde, durante ese tempo, deitado *Minguiños* n'unha esteira, berra, chora, arrólase e fai ali canto poden vostedes imaxinarse. A nai, como si tal cousa, contempro desd'a *butaca*, facendo solo qu'a criada Andrea se poña acaron de *Minguiños*, e que lle dé á este á leite cando seña mester.

Cando volvo á casa Marcelo, encontra á Frorinda con unha cara tan desencaixada, con us ollos tan amortaxados e un caris tan desconsolador, que se pon tremante e melancóneo e pensa qu'a probe vai á dar xa o derredeiro suspiro.

—Como te sintes, miña xoya? pregúntal'e, pulsandoa é poñendo'le a man n'a testa.

—Moi mal, morrendome de devilidá. Ves tan tarde.... Logo o choro d'o neno atorméntame d' unha maneira tal, qu'a cabeza se me creba. Mírame que exerosa estou.... Teño os pes como neve, us delores en todo o corpo y un desfallecemento tan grande, que non vexo, que m'entran us sudores frios e *tod'as carnes* me treman....

Supoñan vostedes como se poñerá Marcelo, y o que s'intresará pra sanar á Frorinda, que se deixa *apaxear* e ponse ó mais melosa d'o mundo.

Acostuman á visitala duas veciñas, que van alí á facer ouservacións, pra marcharse logo á *comentar* canto ven e canto oyen, en éstas ou parecidas parolas:

—¿Qué me dice vosté, tia Marica, d'a veciña d'enfrente, cómo lle ten acabada á vida o burro d'o seu home cos finximentos y os miliudres?..

—¡Ay, doña Eusebia, que lástema de fungueiro! Eu lle quitaria á ela os delores d'o estómago y os desmayos finxidos, con unha man de lavadeiro que'a fixera sudar ben. ¡Sin vergonza que s'enche mentras ó *larpacodas* está fora, e logo faille crer, cando ven, que s'está morrendo de divilidá, sin que poda comer bocado!

—Ten atrevimento de falar d'algus homes, añade á tia Marica, rindose con moita aque'a; como si todos non estiveran tallados pol'a misma tixeira. Dan con unha muller boa, traballadora, que se desfai por eles, y a ésta trátana coa punta d'o pé, acabando por poñerlle unha quirida. Pol'a contra, a muller sáielles folgazana, vividora, sin rafa de vergonza, como esa *d'ahí*, é xa os ten vosté que non saben que fagan pra contentala....

—Pois é craro, contesta doña Eusebia; pra vivir unha ben n'este mundo, non hay como botarse á y'alma atrais. ¿Vosté no me ve á min? Sacrafiqueime pol'os diferentes noivos que tive, e todos me deixaron *prantada*. Si soupera estonces ó que sei agora, outro galo me cantara, e hoxe estaría feita unha señora, con un home que se rompese á y'alma traballando pra min, mientras eu tiría unha vida de *princips*, digo, de princesa, como esa Frorinda sin vergonza, dicindo sempre qu'está pouco menos que morrendo.

—O *mocoso* que teñen por fillo, e o que paga os testos, ouserva á y'outra. ¡Que chorar de muchacho e que modo de berrar, virxen d'o Carmelo! Xa se vé, á sua nai non se *move* en todo dia d'a condonada d'a *butaca*, anqu'él se desgorxe. Hastra qu'o pai ven, non se cala ó moi *choron* e y'é por qu'estónces o acalenta D. Marcelo, e ponse á zarandealo hastra qu'o fin o dorme. ¡E moito conto ó demo d'a muller esa!

—Eu, tan infirmiza, tan dilicada, que non podo valerme, teño á fertuna de que non solo m'atende él á min, sinón que manexa e acalenta o pequeno *¡con unha gracia!* qu'eu misma non podiria facelo mellor.

—¿Pro vosté está enferma Frorinda? pregúntanlle; en verdá se diga non'o parece, con *esas carnes* y esos colores....

—E pra que vexa, eiqui donde vosté me mira, non teño un dia bon: qu'e o diga Marcelo.

—Si, miña xoya, ten pouca salú, e moi nervicsa, moi impresionable, contesta él.

—A non ser pol'o qu'o meu home *m'axuda*, estaria xa n'o cemenleiro, añade Frorinda.

—Se conoce que Marcelo, non ten precio ' que é un home d'os mellores; dice unha d'as que visitan, amostrando á Marcelo.

—¡Que, si ten un xenio!.... E os *meus pes y as miñas mans*, insiste Frorinda, mirando feiticeira. mente pr'o seu home.

Logo, cando se quedan solos, Marcelo págalle tantas celebracións e tantas chufas, con novos agarimos e novas caricias. Ela queixase d'algo estónces, e y'él, axiña, ferve ponse afrixido, porque quixera curala d'o mal qu'amata, con lixeirez d'o pensamento.

Pol'o esposto, penso de min que vostedes han comprendido o que quere dicir Frorinda, cando, rifrindose á Marcelo, decrara qu'a *entrambos lles dura ainda* á lua de mel.

GELABERT.

## REFRAS GALLEGOS.

### N

Ninguen faga conta sinon d'o que ten n-a man.
Nin sirvas á quen sirvíu, nin pidas á quen pidíu.
Nin sirvas á quen sirvíu, nin roubes á quen roubou.
N-o bico d'can non cátel'o pan, nin n'o fociño d'a cadela cátel'a manteiga.
N'o camiño de Santiago tanto anda o coxo com'o sano.
N-o chao dá coce, quen non puder andare onte.
N'hai mais mala cuña c'a d'o mismo pau.
No'hai pior portela c'a d'a casa
N-o marzo, abrigo, noces e pantrigo.
Non comas lamprea, que ten á boca fea.
Non comer por ter comido, non e enfermedá de peligro.
Non louquea quen non pode.
Non dá millo ós páxaros.
Non é esa a nai d'o año.
Non erra quen ós seus semella.
Non fagas o qu'eu faga, fai o que che mandan.

Non hai galiña gorda por ponco diñeiro.
Non hai sábado sin sol, nin romeiro sin frol, nin dama sin amor.
Non hai tal feitizo como o bon servizo.
Non hai tal vicio, com'o pan de trigo o leite mocizo.
Non se collen troitas con bragas enxoitas.
Non se doi o farto d'o famento.
Non todos van á misa por rezar, nin á feira por comprar.
Non ten un mais fama c'a que lle queren dar.
Non vai por ahí a auga pi'o rio.
Nunca hai o acordo com'o trasacorde,
Nunca ven unha sin outra.

O

O aldeano gallego, por unha cunca de leite quer outra de aceite.
O beber quer comer.
O boi solto de seu se lambe.
O can n'o oso y'a cadela n'a costa.
O cardo que ha de picar, con espiña nace.
O caro é o que sabe.
O criado y'o galo, soilo sirven pra un ano.
O demo ós seus quer.
O diñeiro d'a Habana ponco custa e ponco dura.
Odre vacio, coiro lle digo.
O falar, todo e parola.
Oficio d'albardeiro, mete palla e saca diñeiro.
O fillo d'o lobo ten o bico pando.
Ofrenél'o ó pez, que á cera vai cara.
O home fiel, tel'o pol'o cordel.
O home rico ándalle ben ó pico; pero sí é probe, ou se canse ou se dorme,
O leite y'o viño fan o vello mociño.
O lume ond'a estopa, ven ó demo e sópla.
O malo, amal o.
O mal y o ben, â cara se ven.
O mao vaya e veña, y'o bo nunca se perda.
O medo garda á viña.
O millo por San Marcos, nin n o saco nin nado.
Odre por odre, un ha de salir podre.
O lume apágase con auga, pero a auga non s' apaga con nada.

(*Continuarà.*)

## CASOS E COUSAS

¡Ingrés tiña que ser! Eu denantes adoecía que facelo, e non-o digo porque as rapazas s'estrevan á darme bicos si me collen descoidado, porque xa sei que por acó non s'estila dalos sinon pedilos.

¿Non sabendes que o ingrés d'este conto levou á xusticia (¡lampantin!) á unha moza porque lle roubou un bico?

¡Arrenégote! De ser eu xuez, sin escrúpulo de concencia, cargáballe as costas d'o preito, botábao tres dúceas de anos á presidio e fallaba en favor d'a moza.

Agora si unha vella me bicase esfachicáballe os faciños d'un fungueirazo.

÷

Un rico vinculeiro en Payosaco
misa n'o altar de Baco
y é tan bò sacerdote
que nunca sai d'arrente d'o pipote.
Si n'o tempro de Baco houbera obispo,
ningnen con mais xusticia
poidera ter a mitra acó en Galicia
porque sempre está chispo.

÷

Inaugurouse n' Ourense un Istituto de Vacunacion pra que os nenos non morran d'as vexigas.

Non s'inaugura un Istituto pra que os labregos non morramos á mioca.

Teríannos que vacunar con recaudadores, y'é vacuna que prende solamentres n-os cartiños.

N-as faltriqueiras levantan vinchocss.

÷

Unha viuda xóven d'a Cañiza
n'unha xaula meteu unha carriza,
y'unha casada nova de Viloucho
ten n unha xaula un moucho,
e duas nenas casadas de Valdecorras
n-unha xauliña teñen duas cotorras.
Os cobizos d'as nenas por paxáros
fanas chegar á ter os gustos raros.

÷

Anuncia un pereódico que se curan as xordeiras por catro pesetas, os males d'os ollos por cinco, y'as qrebaduras por seis.

Bouba, bouba, anzuelos que lles botan ôs peixes pra que os traguen e dempois sacárenlle o redaño.

Os que anuncian pol'a nova estrévense á moito; pr'o nin xiquera de groma s'atreven á anunciar que hay meiciña pr'a secura d'os xordos d'a polîteca que non oyen as qneixas d'os que pagan, pra que se chegnen á mirar con bôs ollos liberás e conservadores, ó pra soldar as qrebas que n'a adeministracion d'o pais fan os zumezugas que s'empoleiran n'o Goberno.

÷

Estando a lua en crecente
un boiro d'o Carballiño
que bebeu en agardente
como se bebese en viño,
mirando ô ceo borracho
berrou n-o medio d'a rua:
«¡Ay mátenme eiquí c'un sacho,
que me pon cornos a lua!»
Oubiuno a sua muller
e contan que responden:
«¡Hastra c'on lua que ver
ten este marido meu»!

÷

Diante d'a xusticia de Rusia síguese un preito merecente de ser lembrado.

Unha señora rica—d'esas que agora deron en deixar por herdeiros ôs animaliños—deixou en testamento dez mil pesos pra que coidasen unha cadela que tiña n'a sua compañia.

Non faltou quen comprise o mandado; pro morreu a cadela, y'o que s'alcontraba coidándoa pol'a mor d'os miles de pesos, víuse demandado por unha señora que alega como dereito pra dispoñer d'a manda, ser dôna d'un can qu'é *fillo*

*lexítimo* d'a cadela herdeira, e como secuencia, lexítimo herdeiro d'a cadela morta.

De me ver en n·o caso, leve xuneras si nn pito se me daba pol·a demanda, porque anque non teño de letrado nin esto, como bô labrego de Galicia seille dar unha revolta ás leises e conozo as retranqueiras que pódian surtir efeuto n·o Xuzgado.

Diante d'a señora xusticia solamentres valen os decumentiños. En pol·o mesmo diría que m' apuña á demanda por non reconocer a personalidá d'o demandante, promeiro por non asistire o poder en forma d'a cadela, e segundo porque a poderdante, inda que dese o poder diante d'escribao, non ten autitú legal pra contratos nin pra celebrar xuicios.

Que por un milagro—que non sería o promeiro que se fixese n·o mundo d' esta xeitura—o demandante mostrábame poder d' a cadela. Pois seguiríame apoñendo á demanda namentres non se me dise traslado d' o auto d' o señor xuez reconocendo a representación d' a parte.

¿Qué había xuez que tal fixese? Pois xa nos veríamos n·a Cruña, ande non habían fallar en contra min, porque supoño que non hay cregos nin xueces municipales, que certeficaran de que o can vivo d' a señora que demanda, era fillo lexítimo d' a cadela morta, d'a señora difunta que testou, e como a cadela d' a señora difunta morren *abintestatu*, e como non correría en autos a partida de casamento d' a cadela representada pol·a demandante, c' o pai d' o can á nome de quen se me demandaba á xuicio de testamentaría, amen d' outas voltas e revoltas que se lle buscarían á custión, ergo o demandante sairía perdendo o preito con costas, y·en pol·o fallo d' o tribunal, quedaríame c' os dez mil pesos donados pol·a señora rusa como froitos por alimentos d' a cadela morta, e sería dôno d' o herdado sin nin xiquera ter a cadela que me ladrase.

Pol·o que vexo aló por Rusia non entenden d' as trécolas d' a curia como nosoutres

÷

Duas páxaras de Redondela seica s' entreteñen en facer o niño n·un forno· namentres que algús mozos andan co·a mau n·a masa,

¡Uy! ¡uy!.... páxaras e masa....¡malos lobos me non coman si nou cheira á empanada!

Forneiro qu' en Redondela
tés paxariñas n·o forno,
ármalle a gayola ôs meiros
ou ponlles cara de sogro.

÷

A un tendeiro d' Orense todal·as noites lle roubaban chourizos, non d' a parrumeira, que alí non·os tiña, sinon d' unha bodega, á rente d' o piso.

A bodega ten unha bufarda n·a parede d'a rua.

Todal·as mañás ô erguerse caía n·a conta de que lle remexían n·os chourizos, pol·os que lle faltaban ou pol·as rostras tumbadas n·o chau.

O bô d' o home debanaba os meolos facendo esculcas, e non deixou de se lle pasar pol·as mentes que o ladron era d' a casa, pensamento que foi causante de que lle pasasen pol·as costas algús fungueirazos á un fillo.

Dempois d' esculcar moito caíu o gato n·a trapa y·ó rato n·a ratoeira.

¿Quén era o agarapiñante?

Non tiña maus, pois as maus non lle tocaban ôs chourizos; non tiña corpo, pois a corpo *botábase d' a parte d'afora*. O roubo era unha sangría solta dada n·as longanizas pol·a lanceta d' un que non era zuruxano.

O agarapiñante collía os chourizos pol·o xeito con que se collen os peixes pol·o rio: á pesca.

E collíos dempois que o sereo cantaba ¡as duasss..... e chovendo!

Chovía longanizas.

÷

Aparecen un feto n·unha alcaldía d' Asturias, y·o señor Alcalde ordeou que comparecesen diante d' él todal·as rapazas solteiras d' o consello.

Os veciños tamaron o feito como aldraxe. Pra meu ver non levan razon.

Tratándose d' un feto e pra esculcar quen·o deixara en somellante abandono, non había de chamar pol·os homes.

÷

Entraron n·un café d' Habana dous alemás e dixéronlle ô mozo que lles servise duas Carolinas.

O mozo, galiego d' os de Mondoñedo, acostumados á non sofriren as picadelas d' as chinches, agarrou un vaso y·esfachiconllo n·os fuciños á un de aqueles compatriotas de Bismarck, dicíndolles de Camiño: ¡alá vay a Carolina!

O mozo que me dispense, pero pra min non fixo ben o mandado.

¿Non lle pidiran duas Carolinas? Pois dándolle unha solamentre, servíunos á medias,

÷

Os membros d' un Concello que non quero lembrar, celebran as sesiôs xantando.

O mesmo que fan os políticos de Madril.

Supoño que ningún pedirá á palabra denantes de mollala

Os veciños marmuran d' o feito e pra min non teñen razón, porque namentres comen non pensarán en....comer, e dándolle ôs dentes non disporán de tempo pra cargar a mau n·os repartos de consumos.

÷

N·as revistas de modas vénse nomes de telas que deixan á un parbo.

Hainas hastra de coor de *ra·namorada*.

Pol·o mesmo xeito poideran chamarlle ôs coores d' a tela, de croca vinda, de cabalo d' o demo *virxe* e de cucaracha solteira.

÷

N·o treato de Pontevedra traballa unha artista, que respira, bule e dorme debaixo d' a auga.

Moito ten adiantado pra troita.

*Marcos d'a Portela.*

IMPRENTA D' "A CORRESPONDENZA DE CUBA"
Rua d' Obrapia núm. 24.

# A GAITA GALLEGA.

REPINICA MUIÑEIRAS, ALBORADAS E FANDANGOS, UNHA VEZ 'Ó MES.

*Direutor:* CHUMIN DE CELTEGOS.

ANO TERCEIRO. | N-a Habana: 5 d'o mes de Xaneiro de 1887. | TOCATA 14ª

## AS MOZAS GALLEGAS.

### I.

Churrusqueiros mozos que andades de festa en festa e de feira en feira, de riola e de trullada pol-as aldeas, inda que co-elas tendes tratos, non sabendes o que son nin o que valen, nin a onde chegan, nin d'o que son merecentes as feiticeiras mozas d'a nosa terriña.

Hainas, e non-as houbera pra degoramento d'os arrangallados vellos, hainas de todal-as castas, de todol-os xeitos e de todol-os gustos, dende as moreniñas como as amoras d'as silveiras, hastr'as brancas com'as neves que âs serras coroan pol-o inverno; dend'as fortes e rexas e corpudas, capaces de tumbar un boy d'unha puñada, hastr'as de corpiño axeitado que se arrendean com'os xuncos veira d'o regato, e que sin estaren fracas com'as ánemas, aseméllanse pol-o aéreas á espritus d-ánxeles encarnados en corpos de mulleres.

¡Qué mulleres! ¡Qué mozas, María Santísima, son as mozas de Galicia!

Longos cabelos espállanse pol-as suas espaldas á maneira de manelas d'ouro si son roxas, e de madeixas de seda moura si son moreniñas. Elas non precisan pra se peinaren d'andar pondo d'armadillo trenzas de pelo de morta, mercado n'unha barbería, nin anacos d'a cola d'os cabalos vendidas en troques de pelo pol-os traxinantes d'a moda. Pra se lavaren escollen as augas d'os regatos en vez d'esas augas cheirosas que nos tran d'o estranxeiro â forza de cartiños. O mesmo se lavan n-as augas d'ó rio que n-as d'un murmullador regato que n-as d'asosegada fontela. Véxanas ou non, pra facer o tocado non andan con arrodeos. Péinanse d'unha asentada y-entrenzan os cabelos n-un suspiro.

¿E qué me decindes d'as que gastan muradana e dengue?

¡Alabado sea Dios que n-aquelas cariñas e n-aqueles corpos se ven lostregantes todol-os feitizos d'a fermosura, todal-as galanías d'a gracia e todol-os donaires d'a muller!

¡Qué mozas, meus mozos, que mozas!

Nin xiquera botan polvos pra enfariñar a cara. Non fan como as señoritas, que de botalos, bótanos diante d'a xente. As nosas mociñas, que teñen mais vergonza e mais aquela, si botan polvos, de s'enfariñar, fanno âs furtadelas.

As mozas gallegas campan de seu e parés que van dicindo por onde camiñan: «Eiquí non vai trampa.» Non gastan d'arrumallos nin de pomadas, nin d'ungüentos cheirosos pra finxir o que non son. Van ô natural e si non teñen o andar lixeiro, pois d'unha pisada n-un callo mozas hay que lle fan á un ver as estrelas, tampouco levan n-o traseiro (con perdon sea dito), esa casta de sillís de cabalos que levan pol-o mandado d'a moda e seica c'o gallo de lle chamar a atencion ôs ollos d'os homes as fidalgas d'a vila, eses agutíos de muller ou esqueletos enfaldrados que andan ôs catro ventos padricando as cativeces d'a natureza y-as traquezas d'a carne.

A moza d'aldea vese e cuasque se palpa con vela. A señoriteira moza d'a víla adivíñase solamentres emperifollada entr'as telas á xeito de fermosura fofa ou de pantasma de fume que se vai d'as maus ô cobizar tocala.

Creéndeme que son can vello n-estes nagocios. Darlle unha aperta á unha moza, e coller un atracon de venturanza, sentir algo de felicidade. Darlle unha aperta á unha señorita ven á ser vivir d'ilusiós, estreitar entr'os brazos algo que se vai e

non se sinte, algo que se goza e non empresta. Sempre tiven medo que ó darlle unha aperta á unha señorita se m'esfarelase.

¿Señoritadas á nosoutros? ¡O aire!

Esquecíaseme. X-esto d'os nagocios d' as apertas enténdase que a boa intencion vai á salvo e dito sin malicia.

As mozas gallegas enchen o ollo. ¿E como non han d'enchelo?

Os ôsos de telos téñenos ben acultos.

¿E que vos parecen cando van c'un feixe d'herba ô lombo? ¿E que se vos pasa pol-as mentres cando as topandes n-o monte arrecadando o gando arrente d'aquelas vacas grosas con ubérrimos peitos prontos á encher a canada de leite á nada que se mungan? ¿E non vos ademirades d'a sua fortaleza cando andan ô *¡perico toupa!* c'os carneiros d'a raza merina que cuasementres teñen a alzada d'os cabalos? ¿E que me diriades ô velas c'o rodo n-a man tornando as augas pr'o seu cido co-a saya entalada, descalzas de pé e de perna e cuasque—por mais que a comparanza non arresulte propea—asomellando a Venus surxindo d'entre as escumas d'un rego?

¡Abofellas que vos son moito mozas, as mociñas d'a nosa terra!

As d'Esparta non chegan co-elas n-o tocantes á sentementos varoniles: o mesmo emborullan un rapaz que o levan n-o colo pol-o camiño, que amasan o pan, que tanguen os bóis, que mungen as vacas, que acomodan os porcos n-o cortello, que lavan a roupa, que lle fan o xantar ós homes d'a casa, que parolan d'amores, qu'entoan melosiñas cántigas e queixosos alalálas, que botan unha beilotada n-o turreiro, que rezan o rosario n-a eirexa, que fian unha libra d'estopa, que andan ás loitas c'os mozos n-ós sementados, que abantan un portelo, que brincan un regato ou suben unha costa sin xiquera tomar alentos.

¡É moito pulmon o pulmon d'as mozas gallegas!

II.

Quedáramos falando sobre d'as mozas gallegas.

¿A quén non lle prace a conversa?

¿'Os vellos? Inda que anden con revoltas finxindo arrenegar d'elas comod'o demo e por estaren acabadiños, xurando e perxurando que nin ánemos teñen pra falalas, á min que non me veñan con andrómenas, ende vendo unha moza rezusitan ôs tempos d' onte, sinten rebulir a sangue n-o corpo e bater o corazon como si s'alcontrasen n-os seus millores anos. E inda mais: míranas c'o rabiño d'o ollo, e n-o chiscar d' aquelas olladas lagarteiras parés que van dicindo: «Sinto non te valer, miña xoya.»

¿'Os casados? A non ser pol-as-uñas d'as sogras, si son tan desgraciados que as teñen, ou pol-as arrantadas que poidera facer a mulleriña, os casados camiñarían detras d' as mozas gallegas patexa que patexa e pia que pia com' os pitos ô rabo d' as galiñas.

¿'Os solteiros? ¡Ora o demo! Eses nin viven, nin beben, nin comen, nin folgan, nin fuman louxe d'as mozas gallegas. Non dan un paso á satisfaucion, nin sinten legrias, nin soñan esperanzas sin estar preto d' elas. Eles son o aceiro: elas o iman. Eles as volvoretas: elas a frol. Eles os rios: elas.. a mar.

Vellos, casados, viudos e solteiros, sendo nados en Galicia, e non-o sendo tamen, porque as nosas mozas son cobizadas por todos, diante por diante d'unha d'esas mozas enxebres de mirar atentador e churrusqueiro que tanto dí si como non, de meixelas d' escarlata, de rêxos peitos e d'infrados mofretes, de longo cabelo e de pestanas longas, de corpo xeitosiño, d'andar pouson e rebolidor ôn tempo, d'esas de natureza agradecida que pesadas n-esas que pol a nova chaman básculas botarían cen kilos anque o sudan a miudo n-as angueiras d'o campo; d' esas que asomellan as Venus de Médicis anque pra contrariar a somellanza gasten muradana e dengue, d'esas que non se sabe á cencia certa cando rin ou cando choran, porque teñen n-a sonrisa as malancónicas vaguedás d' unha serenata de Xuve e n-os salayos e n-as vagoas os latexantes lóstregos d'a poesía e d'o amor, diante d'elas, volvo á decilo, arrastrados por unha sacreta forza, os homes de toda-las castas e de todol os estados, esquécense d'o que son, volven de seu ás andadas d'os tempos mais saudosos, e perdoando a comparanza póñense de pé com'os gatos, arríscan os dentes com'os burros, y-están sobre d' aviso com'os centinelas pra si cadra rendírenlles preitesía e facérenlle os honores debidos á maxestá, galanía e fermosura d' unha real moza gallega.

¡Nunca Diol-as dera pr'o noso tormento n-este mudo cativo!

Eu perdoando tamen a compararanza co-nozo as mozas gallegas pol-o cheiro com' os cas conocen as cadelas. Non preciso d'as ver pr'atinar onde s' alcontran.

Alí onde haxa festas, aturuxos, runflas e cántigas, non marra, non pode marrar, alí hay mozas gallegas. Onde se vexa unha fror, onde sonen armunias, onde s'esparexa unha luz, onde se sintan eses docísimos arrolos de tenros falares e de melosiños arroubamentos, alí, d'a maneira que a lua brila entr'as estrelas, y-o sol refulxe entr'os arreboles d'as nubes, alí hay unha moza. Esto pra lle dar sinal ôs que non estan n-o intríngulis d'a mocedá: pr'os outros, pr' os que se lle vai o santo ô ceo e perden as horas escorrentando musarañas, hay outras sinales mellores, outros mais seguros síntomas d' a esistencia d' unha moza gallega.

N-a rua onde anden os mozos rodando, n-a chouza onde âs altas horas d'a noite vexades os refrexos d'unha luz ou sintandes os ladridos d'un can de palleiro: n-a ventana onde vexades un cacharro con albayacas, alí, alí, podendes xuralo, alí ten o seu trono unha d'esas reinas que sin reinar goberman e que se chaman porque a dinastía é muy abondosa e cisca á miudo herdeiros, á secas é simpremente, moza gallega.

¿E que vos falarei d'as suas costumes n-o tocantes ó amor? Pol-a contra d'as demais mulleres, anóxanse hastra chamarvos marraus si lles falandes d'aquelo que non sea d'o seu gusto. Eu sei d'algunhas que prefiren que as maus non acouben á que s' esparexa á lingua; pro tende tino, libraivos como d'o lume d'o inferno de pretender impoñelas n os misterios d'o amor: as amorosinas ovellas volveranse lobas doentes.

Mozos, meus mozos solteiros, fálovos por esperencia: n-os xogos co-as mozas gallegas sempre tiven que sentir mais pol-os ditos que pol-os feitos. Por coller c'os dentes as rosas d'unha meixela, costoume, á todo costar, unña sourrisa; por botar á paseo a lingua, por lles dicir unha picardia, inda hoxe se me recorda, unha moza gallega que non chegara á cheirar as froles de dazasete primaderas, estando segando a herba n-un lameiro hóubome d'arrabanar c'unha fouciña os cinco dedos d'a mau direita. E non vayades á pensar que s'apurou pol-o peligro. Viume ô descoberto cuasque os hosos d'o dedo maumiño e, como si acabara de pelar unha pataca, díxome con sourrisa d' ánxel, que pra min d'aquela pareceume unha carcaxada d'o demo: «non é milagre que paguen as maus as que fai a lingua.»

¡Hainas.....hainas! ¡Ogallá que non-as houbera! que teñen un corazon que dá tanto de sí como si fose de goma. Outras que o teñen á xeito d'unha caixa de múseca: dáselles ô resorte e sonan: déixaselles de dar.... e paran. Non vos fiendes d'os xuramentos d'as mozas gallegas si vos xuran amor. A todos din que os queren e non queren á ningun. Pra elas o verdadeiro amor estavos n-a sancristía d'a parroquia. O dia que se casan escomenzan á querer. Namentres ese dia non chega é pra elas como pelar a pava ou pelar un polo, ou debullar chícharos.

O víspera de se casar con outros oubin á moito ¡mais me valera ser xordo! xurar non s'esquecer de min namentras vivira.

¡Que condanadas pro que lindas e churrusqueiras son as mozas gallegas:

Diol-as cria pero o demo méteselles n-o corpo.

Así é todo non arrenego d'elas.

¿Hay por esas aldeas de Dios unha moza non pasando d'os trinta ou duas de quince-pol-a mor de partiras difrencias pol-o medio—que s'arrangalle co-este vello?

¿Haina? Pois alá vou.

**Marcos d'a Portela.**

## A NOITE DE SANTOS.

I.

Vois'o vran, o outono vaise,
chama n-as portas o inverno
co-os seus curiscos e chuvias,
neves, axidas e ventos.
Cómprenos queimar o tallo,
xunt'a lareira poñernos,
co-os pés á caron d'o lume,
sin os zocos, pra quecelos.
Non hay roupa que nos chegue
pra n-os acochar n-o leito,
e imos alí atiricidos,
arrepiados, sin tentos.
¡Quen estivera casado!
Entonces non fora ó mesmo:
sendo dous ¡cata que xuneras!
o frio síntese menos.
Com'as noites son tan longas
cos dias tan pequerrechos,
pra se botar un afora
cuasemente non hay tempo;

e, co-a folganza, unhas cousas
nos veñen ó pensamento,
de troulas, de tolerías
e de...¡arrenegote, demo!

II.

Esto pensaba Cremente
Ferradans, n-os seus adrentos,
dia de todol-os Santos
pol-a noite, en Cerracedo;
entramentres que, encolgado
n-a gremalleira un caldeiro
todo cheo de castañas,
estab'á cachon fervendo.
Rosa sopraba n-o lume
mais qu'os foles d'os ferreiros,
e borralla e charamuscas
voaban xuntas, á eito.
Pon logo enriba unha artesa
o viño novo, n-un xerro,
entramestres qu'as mamotas
iban n-o lume cocendo.
Gard' o forno a bola quente
c'os rexons d'o porco, enteiros,
que, dendes d'a mesma porta,
arreceden que dá xenio.

III.

Xa van chegand' os veciños
d'o pe d'a porta, hastr' os vellos,
c' asentándose n-os tallos,
n-artesa e n-o chan os nenos.
Falan e barullan todos,
hastra que Farruco, o périto,
cont'algús contos de frades,
de meigas e encantamentos.
Os mozos cabo d' as mozas
parolan, e segun penso,
en moitos d' eles a boca
era a que falaba menos.
As vellas coteleaban,
caéndoll'ó pigo, á eito;
esprigizábas' un mozo,
ou crebnldaba algun neno;
esbirra Pedro, e din todos:
«¡Xesús; Dios t' axude, Pedro»
solo Anton que berra; «Amodo;
non che se cayan os sesos.»
Mayan os gatos, ulindo
d' os rexons quentes o cheiro,
e o can, erguend' o fuciño,
degoxa ventand' un queixo.

IV.

Tras de pasaren un pouco
mortos de fame, o que menos,
érguese Cremente e dilles:
«Xa están os zonchos, ergueivos.»
Entr'él e Pedro, cun tranco,
collen pol-o aro o caldeiro;
escéano, e d' a cociña;
póñeno n-medio e medio.
Trague Rosa á bola quente
e os rexons que tiña drento
d'o forno, n-unha tarteira;
cuncas de pan e dous queixos.
Comenza a enchenta: o pricipio
din cuase todos: «Non quero»
pero logo qu'a vergonza
pouc' á pouco van perdendo,
sol-as tonas d'as castañas
deixan, pois hastra as d' os queixo
lle non dan o can e os gatos
aquel fato de larpeiros.
Si vos conto o qu' alí houbo,
as chistes qu' algús dixeron,
pensarendes que son contos.
C'alareime pol-o mesmo.
direi, si, qu' aquela noite,
un xerro tras d' outro xerro,
foisell' un moyo de viño
á Cremente, ou pouco menos.

V.

Cantou o galo e n-o punto,
—Vámonos deitar—dí Pedro—
Hoxe é o dia d' os defuntos
e compre erguernos ben cedo,
pra oir duas ou tres misas
pol-os nosos qu'alá tenos,
e que lles bote us responsos
pol-a alma, o noso crego.
E dille Andrucho Cabanas,
qu' estaba com' un pelexo:
¡Ay tio Pedro! Non queredes
ir ond' eles, o que vemos,
pois coméchedes por vinte
e bebéchedes por cento.
¡Muy bon proveito vos faga!
Dios ten os mortos n-o ceo
e estean alí pidindo
por nós, vint' anos, ó menos.

VI.

Fórons'indo todos eles,
co-androga com' un pandeiro.
pois as compañas desfanse
dempois qu' o pancho está feito
Todos rian, atruxaban,
cantaban, ou daban berros
sin s' acordaren d' os mortos,
que pra os chorar queda tempo.
Ben pensado, eles non eran
os que o facian, e penso
qu' era aquel demo de viño
qu' alegra hastr' os mortos mesmos.
Cuando xa moitos estaban
durmind' a mona n-o leito,
n-a beira d'o lar, Cremente
dicia: «Soliño quedo
aquí, co-a vella gaiteira
de Rosa ¡Levem' o deño
si pr' o ano, si non morro
estou, coma hoxe, solteiro!
E facerá ben Cremente,
pois, n-estas noites d' inverno,
sendo dous ¡cata que conto!
o frio síntese menos.

BENITO LOSADA.

## O CONVITE D'O RAPOSO

Certo raposo convidou un dia á un lobo, seu viciño, á que lle axudase á facer unha roza, quedando él obrigado á emprestarlle axudas n-a sua, en canto a d' él fose acabada, supricándolle ademais qu' o acompañase á mercar unha ola de mél pra co-cla celebral-o góste.

Mercada esta, propúxolle o bon d'o gólpe, qu'á fin de conserval-o mel moi fresquiño, lonxe d'a calor d'a roza, que sería ben deixal-a ola metida n-un buraco d'o bosque, cuberta c'unhas ramallas pra que nin as moscas lle poidesen ir á él.

Unha vez conformes e disposto todo n-a maneira dita, dirixíronse os dous ô tarreo onde se habia de dar comenzo ô traballo; mais ainda o zorro non habia pegado n-o chan un par de ligoñadas, guindando c'o ligon o chan e deixando sorprendido ô seu compañeiro, esclamou cheo de pesar e cabiloso:

¡Ay, nunca Dios me dêra, meu amigo Bertolo!

—¿Qué che pase ôh? —contestoulle o lobo.

—Tí que qués que me pase? Que dende agora vexo perdido o meu crêto pra sempre en toda esta redonda.

—E logo, ¿qué hay? Acaba d'unha vez e quítame d'a incertidume en que me pôs.....

—Que cando tan ledo me atopaba dando xa como concrusa á miña ceifa co-a tua valente axuda, lémbrame que n-esta mesma hora estou apalabrado d'asistir coma padriño de bautismo á miña curman á Rosa, á señá Pepa d'o Souto, e á miña comadre Marta d'a Devesa. Alá vai, pois, con todol-os diaños tod'o noso traballiño d'hoxe e'o noso animado géste que bó mór me prometía. ¡Ay, malia á miña memória!

—¿E por tan pequecha cousa te atordoas, Pedro? Há, há, coidei qu'eras home de mais peito. Vaite aló á carreira, e fai o que facer debias e déixate de todo o demais. Ou hay confianza entre nôs ou non-a hay..... ¿Qué pode ser? Qu'o traballo qu'habiamos de faguer os dous en tres horas fareino eu en seis, e nada mais. ¿Non farias ti outro tanto por calisquera d'os teus amigos? Bota, pois, á andar qu' éu me encargo de levar as farramentas ô teu quinteiro e percura sair ô bosque onde a ola d'o mel nos espera pra endolzar a tua coraxe.

Dadal-as gracias á tan leal compañeiro, bota arteiro ó raposo pol-a chouza arriba; e como decote o lobo seu tén várias entradas, meténdose por unha d'elas non coneclda de Bartolo, foise direito á ola d'o mel qu'estaba tras d'as ramallas que daban vista ó monte d'a roza, ollando pr'o lobo, estomballado á sombra come que te come e rite que te rí acabou n-un santiamén co-a larpeada d'os dous alí escondida.

Asina qu'o sol foi cayendo, o lobo puxo fin á sua dobre caba, prantoulle lume ôs cadullos e soando coma burro de alquiler, cargou c'os ligons ó lombo e foinos levar á casa d'o raposo, dando a volta pr'o bosque, punto d'a cita conveñida.

Mais o zorro qu'estaba alertando detras d'un cómaro, deixoino ir hastra darlle tempo sobrado pra que chegar poidese á caron d'a ola. Destonces botou á correr coma quén vén ansioso á dar gracias á tan leyal compañeiro. O primeiro que fixo él foi darlle unha aperta, enxugar o suor e perguntalle.

—E ¿que tal? ¿hay moito que chegaches?

—Acabo de vir. A ceifa queda acabada y-a roza ardendo. Xa ves case fumega.

—Ben-a vexo. Gracias, meu bó amigo; non agardaba menos d'a tua amistade. Agora, vamos á nosa merenda, pois dou á Dios que bén ganadol-a tragués. ¡Pro cala!.....Vexo que as ramallas non están d'o xeito qu'as deixamos. El tí andiveches co-élas?

D'o demo, nin tempo tiven pra eso.

Y-o bó d'o larfon d'o zorro engurripando o fuciño, dirixiuse á ola quitouna d'o escondrixo e, dimpois de revistala, volveuse cara o lobo escramando:

Eu coidei qu' un favor non era unha venda..... Xa me parescia á min, que algo cara debería de sairme tamaña xenerosidade.....

—Pedro, teñamol-a conta en paz!.....¿Por qué me insultas d' ese xeito?

—Porqu'a ola está valeira, e quén di lobo dixo todo. Está visto que

entre amigos,
un notario e cen testigos.

—Xa os hay, xa os hay, mal raposo.

—¿E cales son? ¿alos?

As moscas, que deixándome libre á min, á ti n-este mesmo istante che aburan o fuciño.

E dando a volta, deixouno, dempois, de decirlles

Quên contrate con raposo,
nunca espere comer carne:
gracias si lambe algun ôso
Pro gárdate de poñerte
nunca mais n-o meu camiño,
q' anque tél-a carne dura
meus dentes non son de liño

ANTONIO DE LA IGLESIA.

(D' *O Galiciano*.)

## GALICIA PINTORESCA

SANTA MARTA D' ORTIGUEIRA

(IMITACIÓN.)

Si d'as Pontes a Cariño
e d'o Barqueiro a Cedeira,
somente d'unha mirada,
leutor, abarcar poideras
aquil xardin delicioso
que baña o Mayor y-o Mera,
e que ten fama e renome
en tod'a patrea gallega
pol-as minas qu' atesoura
y-os recordos que venera,
o verdor d'as suas campiñas
y-a fartura d'as suas terras,
a riqueza d'as suas augas
y-o méreto d'as ostreiras,
atopáraste alelado
cal si o paradiso veras,
que si Galicia é o xardin
d'a madroa natureza,
o cogollo y-a fragancia
d'a mellor frol d'a Suevia
é o terruño que relembro:
*Santa Marta d'Ortigueira*.
Seus petoutos y-aguillós
que rubindo ás nubes chegan

e que n'as nubes esconden
as enrivescadas crestas,
máis que pol-o seu tamaño
son grandes por sua belleza.
Tropézase eiqui c'un *castro*
cicais feito pol-os celtas
pra combatir invasiós
de xentes d'estrañas terras,
on empregalo en *medorras*,
*mámoas*, tempros ou igresias.
Máis aló bosques frondosos,
bosques de verdor eterna,
toxales que fan mil bouzas
d' impenetrabre maleza.
Acó unha fonte que nace
entre frores y-entre herba,
alá un regacho que salta
pol-as xunturas d'as penas.
N'aquila retauma un merlo,
n'iste ameneiro unha pega,
sobr'o ribazo un buxato
qu'atisva o lugar d'a presa.
Enriba retumba o trono,
o lobo n'o bosque ouben,
o porco bravo c'os deutes
vai ozando as sementeiras,
y-as pombas n'o pinar cantan,
y-as rulas sallen d'as veigas,
y-a perdiz fux'ôs toxales,
y-a zorra gruñe famenta,
y-o verderol y-o carrizo
escondense n'as silveiras:
todo á vez qu'o vendaval
contr'os petoutos s'estrela
trasmitindo d'un a outro
o *ruxe-ruxe* d'as fieras,
o *brua-brua* d'as rias
y-o *run-run* d'as arboledas.
Ista salvaxe hermosura
que n'os montes amedrenta,
contrasta c'o delicioso
de mil cultivadas veigas,
sempre verdes e froridas,
qu'ô pe d'os montes s'asentan.
Si n'a cume d'os petoutos
non se ve máis que maleza,
toxales impenetrabres
on enrivescadas penas,
n'as llanuras hai a eito
esparramadas aldeas
co'as suas chouzas sempre brancas,
tan brancas como azucenas.
Si n'o monte o vendaval
nin un castiñeiro deixa
que non desgaxe co-a forza
d'as rachas qu' hastra iles chegan,
o céfiro n'os pomares
amoroso xugueteu.
Si os berros d'o lobo s'oyen
d' estrana e fea maneira
á sazon en qu'a invernía
lles dá fame que rabean,
y-o gado non vai ás rozas,
nin se colle nin sementa;
n'as chousas e n'os prantíos
balan de cote as ovellas,
y-as rulas y-os ruiseñores
n'o souto ledos gorxean.
Si enriba brinca o regacho
pol-as xunturas d'as penas
hastra que n'o fondo abismo
con forte enpuxe reventa;
n'os valls d'a parroquia, os ríos,
mainos, mainos, culebrean
entre centos d' espadañas
que crecen n'as suas veredas,
baixo a sombra d'os perales,
níxaros e maciñeiras
que cobertizan co-as polas,
sempre de froito cubertas,
o curso que sigue o rio
e qu'a fresca bris ourea.
Si o lostrego n'a montaña
ás mulares escorrenta,
y-os tronos c'o seu retumbo
fan espreguizar ás vellas
—ises pequenos papulos,
fartos de fosforescencias
que relocen entre'o musgo
n'as tardes de primaveira—
y-ambos a dous, a unha vez,
o corazon amedrentan;
ises tronos e relampos
docifícanse n'as eiras
co-a doidez d'os cantares
qu' entoan as guapas nenas,
os suspiros y-os atruxos
d'os rapaces qu'as cortexan,
o punteo d'os bailables
que toca a gaita gallega,
ou a enxebre melodía
d'o *alalá* e de *cantiga*
que repercute por soutos,
por congostras e por serras.
Y-é qu'o delicioso lár
que baña o Mayor y-o Mera
é que tan fama e renome
en tod'a patria gallega,
pol-as minas qu' atesoura
y-os recordos que venera,
o verdor d'as suas campiñas
y-a fartura d'as sus terras,
a riqueza d'as suas augas
y-o méreto d'as ostreiras;
a un esceutico alelara,
cal si o paradiso vera,
pois, si Galicia é o xardín
d'a madroa natureza,
o cogollo y-a fragancia,
d'a mellor froi d'a Suevia
é o terruño que relembro:
*Santa Marta d'Ortigueira.*

## CONTOS GALLEGOS

### A ORELLA D'O DEMO

Mingos era un home moi valente que pouco afeito a domeñar o lombo pr'as labouras d'o campo, ocordou irse pol-o mundo en busca d'a sorte; á este fin encargoulle á un ferreiro, seu viciño, lle frabicase un bastón de oito quintales de peso; e logo que ll'o arrombou, pechou a casiña, pois era soilo, tomando pol-a vreda que viu ô paso.

Canso d' andar, chegou ô empardecer á un sitio onde non había xiquera chouza en que pasal-a noite; e resolto á non durmir á campo raso, deuse á esbigoar pol-os arredores hastra que, topando uns labercos que volvían d'o traballo, perguntoulles:

—Quérenme decir si por eiquí dan pousada?

—Somentes hay unha casa ô remate d'ese carreiro d'a direita—respondeulle un;—pro alí naide se atreve á ir porque é sona qu'o que entra non sai.

—E logo? é algún tobo de ladrons? tanto mellor, irei alá.

—Dios lle faga mais ben, non vaya.

—Qué pode ser, si non conezo o medo?

E despreceando as escramacións d' espanto d'os coitados labercos, botou á andar de cara ô sitio que lle asinalaron.

—Pouco dempois estaba â porta d'a casa, que se abreu sin que naide lle puxese man.

Arrepiarónselle os cabelos ô valente; mais dísposto á todo, rubiu as escaleiras, e xa n-a cociña, fixo lume c'o gallo de quentar o que levaba de comida: estando en tal operación, oubiu unha vóz que dicía, dend'o alto d'a chaminea:

—¡Ay que me cayo!.....

—Caite con mil cornos; pro coidado co-a ola, non m-a esborralles.

E inda non acabara de dicilo, veu unha pata de gato á darlle n'a cabeza.

O rapás xa non-as tiña todas consigo.

D' alí á un istante repitiu a vóz:

—¡Ay que me cayo!.....

—Xa podías estar embaixo.—dixo Mingos, tremendo coma un bimbio.

Y-outra pata de gato fixo compaña á que caira dinantes.

Cando menos deprocatado sacaba a ola d'o lume, escoitou outra vez:

—¡Ay que me cayo!.....

—¡Caraile! e quén ch'o priba?

—Pois alá vou—ruxiu descolgándose pol-a chaminea o demo.

—Valente visita me cadra recibir boxe—malmurou Mingos erobando ánemos.

—¿Qué fás eiquí?—dixo Lucifer botando fogo pol-os ollos y-a boca.

E quén eres tí pra virme á tentar; vaite ô enfierno, ¡ai renégote!

A estas palabras alritouse o demo e quixo coller á Mingos pra feitizalo; ma's él lixeiro, abrangueu o *paxiño* de ferro e deixouno sin unha orella, que tivo a ocurrencia de gardar n-a faltriqueira.

A legría que sentiu trocouse en pesar porque os salayos d'o demo fixeron que se afundise o piso, dando voltal-as paredes e canto habia n-o eido, de sorte quo Mingos, sin darse conta, atopouse n-unha sala en qu'habia mulleres moi bonitas, logo n' outra onde alumeaban lámpedas de pelras e diamantes; andando mais, ademirou toda crás de frores e paxáros; pro nada viu que comer, y-a fame era cada vez mais negra, porque non poidera dar conta d'o que tiña n-a ola.

En tal sitoacion, vjulle às mentes a orella, e ferroulle os dentes.

—¿Qué quères?—dixo aparecendo o rey d'as trîboas.

Mingos saltou de legría ô conecer a vertu d'a orella, e respondeulle:

—Trai algo pra comer.

—Eiquí non hay o que pides.

Por toda resposta Mingos trabou con forza n-a orella.

—¡Ay!.....¡ay!!.....¡ay!!!—escramou o demo—¡que me matas!...¡pára.....agora vou servirte!

E decontado trouxo unha mesa que cubriu con limpo mantel, coroándoo de milleiros de viandas.

O rapáz comeu hastra fartarse.

Entón agarrou de novo a orella.

A travadela foi Satanás brincando por riba de mesas e sillas pra chegar de presa.

Agora mesmo pósme fóra d'a casa—berrou con voz de mando ó mozo.

—Iso non pode ser.

Non agardes á que ch'o rípita—insistiu, levando á man ó bulso.

—Teño órde pra que vivas e morras eiquí; naide entron que se vise fóra.

—¡Malo raxo!—dixo Mingos ceibando os dentes n-a orella.

—¡Tod'o farei, acouba!.....e non mordas—contestou o demo póndose de rodelas.

—Bén, pois cumpre o que quero.

E rosmando púxoo fóra d'aquel sitio en dous meiutos

Co-a orella n-a faltrica y-o baston baixo d'o brazo, camiñou tod'o dia siguente, e un anaco de noite.

Cando lle praceu tirou d'a orella y-o demo presentouse.

—Agora—díxolle—quèro que m'ergas un Pazo.

—Meito pides pra ser home; eu non me meto n' esa obra soilo por darche gusto.

—Verémolo—repricou Mingos facendo que levaba a man â faltrica.

Satanás adiviñouno.

—Mañan comenzarei—dixo renegando.

—Ha de ser hoxe.

—Pois será.

Y-emprencipiou á abrir os cimentos acarrexando pedras e soparando terra con tal arte que, cando lociu a alba, xa estaba o Pazo frabicado, e Mingos durmía en môi leito.

Asina qu'o espertaron os pornigiros rayos de sol que entraban pol-as ventanas, vestiuse facendo comparecer ô arquiteuto de bruxerías.

—Cando me deixarás en páz—dixo persentandose e sacondido o rabo.

—Lévame ô teu niño.

—Anda—repúxo o outro con legría.

E montando á cabalo d'el, chegou á sala onde estaban as mulleres bunitas, ascollendo á mellor e mandando ó demo qu'os volvese ô Pazo.

—¡Nin tanto, carafio!—refunfuñou Lucifér encarándose c'o rapáz,—esa muller non será tua; escolle calisquera.

Ou calas, ou.....

O demo non lle deixou acabar, temendo pol-a orella, e cumpliu as órdes que se lle deron.

Descantada á muller, Mingos casouse co-éla e viviron moitos anos desfrutando de todol-os bens apetecibres á conta d'o demo, quén asina qu'os veu mortos, non perdeu tempo pra ir ô Pazo e roubar á orella que tantas angueiras e rábachas lle custara.

«Conto arrematado,
pol-a chiminea
vaise ó tellado.»

R. PESQUEIRA CRESPO.

Madril, 1886.

## PRESENTIMENTOS

**Ó ispirado poeta gallego R. Pesqueira Crespo**

Parece que xa Galiza
pol-os seus encantos goza
o grande porvir qu'adoza
d'un pobo a vída sombriza.
Non sei s'esta lus roxiza
qu'a esparramar escomeza
resprandores de grandeza
pol-a pátrea con cachaza,
será ilosion que se traza
n-a miña inquieta cabeza.
Non sei s'os grandes destinos
qu'eu vexo n-os meus ensoños
serán estéreles sonos
só fillos de desatinos.
¡Mais qué! ¿Non somos nós dinos,
cal son todol-os humanos,
de podernos, sin enganos,
gozar xiquer pol-o menos
os porgresos mais pequenos
ganados a desenganos?
¿E de crér que miña mente
alucinada me pinte
esa redencion que sinte
grande, risoña e fulxente?
¿Tal ves meu afan ardente,
pol-o entusiasmo xigante,
é solo él o causonante
de ver o sono hourizonte
brillar tras lexano monte
c'o sol d'a groria trunfante?
¿Tal ves nós non merecemos
ser algo mais d'o que somos
comparado c'o que fomos
n'outros tempos qu'esquencemos?
¡Pois qué! ¿Tal vez non debemos
adourar cal adouramos
a terra en que nos criámos?
¿Quén iñora o que sofrimos
mentres logrado non vimos
o porvir que buscabámos?
Hoxe que d'os seus primores
gozas, Galicia, á millares,
premite que meus cantares
che auguren días millores.
Os teus pasados delores
fuxiron; non mais esperes
verte infeliz; teus praceres
serán entramentes durgs.
a insinia pra qu'en ningures
iñoren que feliz eres.
N-a inmensidade sombría
con qu'o tempo te coróa
xa parece qu'afervoa
o teu cobizado día.
Xa as cancións de Rousalía
pol-a vila e pol-a aldea
procraman á boca chea.
co-a moita dozura sua.
a nova redencion tua
que loce limpa e seréa.
¡Gallegos! A pátrea nobre
en belleza incomparable,
xa, con luz inimitable
seu sol glorioso descobre.
Védea, si, pero non pobre
sinón ridimida e libre
gozando con indecibre
pracer y-ardorosa febre
a redención mais enxebre
considerada imposibre.
Non temás que novas penas
treizoeiras y-enhumanas
veñan turvarlle tiranas
suas dolces horas serenas.
Por hoxe n-as nosas venas
de nobre sangue inda hai minas;
e pra ensalzar nosas ruinas
co-as grorias de que son donas,
non se atoparán coronas
de tantas grandezas dinas!.....
¡Qué epopeyas inmortales
encerran nosos verxeles!
¡Cántas églogas hai n'eles
de subrimes ideales!.....
Lendas, odas, madrigales,
Idilios, poemas á miles,
ispiracións pastoriles
y-endechas de rouseñoles.....
¡todo gardan antre froles
nosas pradeiras xentiles!
Por eso, Galicia, ás veces,
teus fillos por darche goces,
mesturan os ecos dóces
d'o teu nome c'as suas preces;
si algo mais qu'esto mereces
d'os coitados infelices
que lonxe de tí bendices
mostrándolle novas luces.....
bástenche as pesadas cruces
que lle dan os seus deslices!
¡Desleigados! Non reparan
qu'o ben estar que sospiran
tamen eiquí o consiguiran
si d'eiquí non se eleixaran.
A calma qu'hachar coidaran
pr'as disgracias qu'os acoran,
inda hoxe por ela choran.
Si mór cariño tiveran
ó país onde naceran.....
¡cánto mais felices foran!!—
¡Patrea miña! Eu esquecerte
non podo, anqu'a negra sorte
me leve hastr'os pés d'a morte
sin poder engrandecerte.
¿Coidas nunca felis verte?
Non temas: teu estandarte
xa loce n-a esfera d-o arte
c'o fulgor pra redimirte.....
¡Poderán tal vez rendirte,
mais non podrán domeñarte!.....

ELADIO RODRIGUEZ GONZALEZ.

Leiro—San Clodio—Outubre de 1886.

Imprenta: Rua d' Obrapia 24.

SUPLEMENTO A "EL ECO DE GALICIA.

# A GAITA GALLEGA.

REPINICA MUIÑEIRAS. ALBORADAS E FANDANGOS.

ANO TERCEIRO. N-a Habana: 30 d'o mes de Xunio de 1887. TOCATA 15ª

## Fillos de Galicia

QUE N-A AUTUALIDADE CULTIVAN
N-O LIBRO OU N-A PRENSA O DIALEUTO GALLEGO.
LIXEIRA IDEA D'AS SUAS OBRAS.

Por Xan Manoel Rodriguez de Ceu.

*Lema:*

.....Solo digo
Que es criminal desidia en los gallegos
no dedicarse á recoger su idioma
que bien merece algun estudio serio.
Juan Manuel Pintos – Gaita Gallega.

Si este asunto houbera de tratarse fai unha dúcia de anos, ¡qué enxebre, variado e compreto cuadro non poderíamos ofrecer n' estas cativas páxinas, xuntando ôs nomes d' os fillos d' esta nosa feiticeira terra que n-a autualidá cultivan o gallego, os inmortales e groriosos de Xan Manoel Pintos, Saco Arce, Añon, Muruais, Rosalía Castro de Murguía, José Benito Amado y-outros que n-a hora presente dormen esquencidos ô eterno sono d' a morte!

Non cabe dúbida algunha que Galicia foi sempre unha d' as rexións que en primeiro término presentan môr continxente de esquirtores e poetas n-a nosa pátria, n' esta pátria onde tantos son os poetas y-os esquirtores qu' a honran e lle dan nome.

Galicia – non me cega o cariño que lle teño á nobre terra en que se arrolou meu berce – é hoxe a pirmeira en figurar á cabeza d' os antigos reinos que n-a época presente forman a heróica e altiva nacion española.

Ehí estan, pra probar noso aserto, a incomparabre esquirtora Pardo Bazan, astro qu' alumea dendes d' a veira d' a torre de Hércules hastr' os mais apartados curruchos d' o estranxeiro: Murguía, o intelixente e ilustrado historiador d' o noso grorioso pasado á quèn acaban de nombrar as catro Diputacións cronista de Galicia; Armesto (D. Indalecio), metafísico de gran soa, de quèn dixo o insine crítico Revilla que, dempois de Balmes e Sans del Río, ningun libro se pubricou en España de tanta importancia filosófica como as «Discusiones sobre la metafísica» que n-o ano 78 deu á luz iste fillo d' a linda ciudá d'o Lerez; e outros moitos esquirtores que n-a prensa diaria d' a rexión decote mostran seu valer e seus raros conecementos. Y-esto sin meter n-a conta non cativo número de gallegos distinguidos que, portendo ó profesorado xa d' a nosa Universidade, como Parga, Gil, Rodrigues Seoane, xa d' os Istitutos como Muruais, Leyes Pose, Lopes Ballesteros, Caula, etc., contribayen d' unha maneira visibre á enriquecer a pátria literatura. Tampouco meteremos n a conta esa prèyade de periodistas y-esquirtores que alá n-a Corte, y-ainda n-as Amérecas, levan a palma con gran ventaxa d'as demais provincias españolas.

Esto n-os tempos presentes, que si d' os pasados nos lembramos, nón queda á menos altura a pátria de Feixó, Sarmento e Pastor Diaz.

Mais esto, con gran sentemento o consinamos, non quér decir que todos ises ispirados poetas, ises notabres esquirtores galáicos que un y-outro dia dan indubitabres mostras d' o seu xénio ou d' os seus talentos, canten y-esquirban n-esta nosa fala, n-iste dialeuto (1) docísemo e suave que como ningun se acomoda ô noso modo de ser, que non tén comparanza con lengua conecida pra espresar os mais dilicados sentementos, os afeutos mais puros d' a y-alma: que non hay n-o mundo outro que poida porlle o pé diante en canto a melosiño e mais á propósito pr' a armonía imitativa; d' esta fala, en fin, que entusiasma e cautiva como ningunha.

¿E por qué son tan poucos, relativamente, os fillos de Galicia que se dedican ô cultivo d' a garrida fala en que trovou o Rey *Sábio*?

En tres causas, ô noso modo de ver, debemos fixarnos pra dar cumprida remposta á tal pergunta.

A pirmeira consiste n-a crencia, manía ou prevención que algús teñen respeuto á que o renacemento ou conservación d' a lengua gallega poidera ser un peligro pr' a unidade nacional.

Parécenos qu' os qu' asina pensan enquivócanse de vez, porque non discurren, non meditan bén sobre o asunto; y-afellas qu' é lástema grande que persoas de talento e valer, non paren mais a atención n' iste trascedental asunto.

Nosoutros, pol-a contra, temos por seguro qu' o sostenemento, o cultivo, a conservacion d' o gallego lonxe de perxudicar y-oporse á unidá d' a pátrea, será un traballo patreótico o estudiar e propagar canto posibre sea, xa n-a prensa, n-o libro, n-as académeas, n-os ateneos, en todos partes, en fin, o noso amorosiño dialeuto.

Hoxe, percisamente, que tanto se fala d' o iberismo, que tanto s' estende esta idea d' a cal se acupa un y-autro dia a môr parte d' os pródicos d' as nacións veciñas, hirmans, pol-a situación geográfica,

(1) Dizo dialeuto por seguir á custume establecida d' os qu. asina lle chaman, mais eu son d' os que crén o sosteñen qu' o gallego é idioma.

pol-as suas costumes, pol-a sua hestoria, e pol-as suas tradiciós, ¿non é de supoñer que Galicia poida prestar n' esta grande obra un inmenso, incomparabre servicio?

Si algún dia chegara á realizarse este ideal, á verse satisfeitas as aspiraciós d' a maoría de lusitanos y-españoles, Galicia serviría estonces, pol-a sua costitucion física, pol-o caraute d'os seus habitantes, pol-as facilidades de comunicaciós, qu' hoxe presta a ponte de ferro sobr' o Miño, pol-a sua igual hestoria e semellanza d' a fala, de fel intérprete pra tan deseada unión.

Vemos, pois, que por iste lado, lonxe de ter que temer, deberiámos pensar en que sairiámos ventaxosos.

A segunda causa depende d' aquiles que crén qu' o cultivo e propagación d' o dialeuto gallego, non sirve pra nada, que non tén ouxeto.

¡Deprorabre error que non merece perdon de Dios!

¡Qu non sirve pra nada o conecemento d' o gallego!

Si esta fala se estudiara e se conecera como debéramos estudeala e conecela ¿estariámos tan atrasados como estamos, permanecerían n-a escuridade tantos e tantos feitos d' a nosa groriosa hestoria, estarían tan esquencidas centos de tradiciós que tan útiles poderían ser hoxe?

Si non tén ouxeto, ¿por qué n-a escola de Diplomatica de Madrí costituye pra esta carreira unha asinatura o gallego?

Sobre iste punto é moito o que poidera dirise si as condiciós d' iste traballo o premetiran.

Volvan en sí os que de tal modo pensan e verán qu' o estudeo e conservacion d' o dialeuto gallego, non solo non é inútele, sinón altamente neresario.

Por último, y-esto é o mais triste, pro non por eso menos certo; non faltan, por disgracia nosa, fillos de Galicia que renegan d' a sua fala nativa, d' a fala de seus abós, d' esta fala en que cicais arrolados por suas amorosas naiciñas, mais de unha vez durmiron o inocente sono d'os pirmeiros anos.

Triste, moi triste é isto, en verdá, e indinación nos causa decilo; pro hay tantos que se avergoñan de ser gallegos, qu' hastra, cando a ocasion chega, cometen a baixeza, a vilanía, de negar sua pátrea.

Eiquí, antre nosoutros, n-a mesma Galicia, ¿cántos non conecemos que se crén pasar por persoas intelixentes e ilustradas, falando o castellano, e figurándose qu' os tomarán por iñorantes si usan o gallego? D' istes necios, que disparatan e asisinan o maxestuoso idioma de Cervantes cando falan ou esquirben, hay moitos que, si pra algunhos poden pasar pol-o que pertenden, pra outros non son mais qu' unhos infelices que non merecen outra cousa que compasión, indiferenza, desprecio.

Istes son os que, impricitamente, lle dan a razón á aquiles, hoxe tan poucos por fertuna, que nos xusgan ôs gallegos unhas bestas, de cativa intelixencia e incapaces de facer nada en favor d' o universal progreso.

Unha cousa, n-ostante, debe servirnos de consolo, y-é qu' os qu' asina obran son xentes de pouco valer y-escaso talento, si ven non por eso deixan de ser oustáculos, anque pequenos, pr' a propagación e cultivo d' a lengoa gallega.

Prescindamos, pol-o tanto, d' istes últimos, que bén merecían ser calificados d' unha maneira dura, sí, pro merecida, e fagamos todo o posibre porqu' aquelas persoas de talento, xénio e inspiración, se deixen de certas prevenciós, y-esquirban en gallego de vez en cando, pra levantar d' o abatemento en qu' hoxe s' alcontra a nosa literatura rexional, e contribuyan co-as suas poderosas forzas ó renacemento literario, con tanto aprauso e contentamento d' os bós gallegos iniciado d' algunhos anos á esta parte.

Y-asina, co-a axuda, co-a proteucion d' os poetas y-esquirtores de valer, que por fertuna nosa non son poucos os que hoxe tén esta privilexiada terra, moi logo poderá contar Galicia c-unha literatura própea, que, sin desmerecer en nada, se pódea pòr á par d' a vigorosa e frorecente de Cataluña onde se pubrican hastra pródicos diarios e se dan á luz, á miudo, obras d' importancia, esquirtos todos n-o dialeuto d' aquela rexión.

E non se preocupen nosos homes de saber, co-a custión d' a unidade nacional, pois, como deixamos dito, lonxe de perxudicar á pátrea comun, España, o despertar d'as adormecidas literaturas rexionales, será un gran bén, non soilo pra esa mesma unidade que tanto paresce temerse por algús, sinón pr' a mesma lengoa oficial, que, como dixo o insine vate catalan, siñor Balaguer, n-o seu discurso de recepción n-a Académia d' a Lengoa, terá mór forza, e mais virtude ha de ter, canto mór a teñan as literaturas rexionales; que n-estas, non n-as estranxeiras ha d'ir buscal-os vocablos, as frases, os modismos que pr' a sua perfeución lle falten. N-a opinión de dito Académico, que é tamén a nosa, o desarrollo d' as literaturas rexionales é a aurora d' un dia espréndido pra España, e sobre todo pr' a lengoa e literatura castellanas.

Fóra, pois, preocupaciós; ilustrados poetas y esquirtores gallegos, y-a traballar todos pol-o melloramento e progreso d' a nosa literatura rexional.

Pasemos agora ó traballo que nos propomos dar á coñecer, os «FILLOS DE GALICIA QUE CULTIVAN N-A AUTUALIDADE, N-O LIBRO OU N-A PRENSA, O DIALECTO GALLEGO, por órde alfabético d' apellidos, dando unha lixeira idea d' as suas obras, segun o tema proposto.

*(Continuará.)*

# REVISTA D'UNHA CORRIDA DE ¿TOUROS?

## N-A VILA DE NOYA,

## FEITA POR UN LABREGO.

(POESIA HUMORISTECA)

LEMA:

Co-a miña móca ó lombo,
capa e cirolas,
e hay toureiro niu rayo
qu'a min me tosa

—1—

Serían as tres d' a tarde,
pouco mais ou pouco menos,
d' o vintecatro d' Agosto
d' un ano que.....non me lembro,
dia en qu'a vila de Noya,
alegre com' un pandeiro,
fái a festa ô seu patrono,

o Santo Bartoloméo;
e pol as calles e prazas.
e por todol-os cornechos.
bulía a xente d'a vila
o mesmo qu' un formigueiro.

—

Y-en médio d' aquel enxámio
soilo se oucía este berro:
—¡Ós touros!—y en son de trompa
—¡ós touros! gritaban nenos,
—¡ós touros! gritaban mozos,
—¡ós touros! gritaban vellos,
Y—¡ós touros!—todos berraban
sin tomar siquer' alento:
e tanto, —¡ós touros!—se oucía,
que dend' aquel día, penso
qu' alá dentro d' as orellas
metidol-os touros teño.

—

E revolto antr' o xentío
e, como todos, correndo,
mais alegre qu' unhas páscoas
e mais foncho qu' un gaiteiro,
co-as miñas polainas novas,
o meu chaleque ben feito.
cuello branco hastr' as orellas,
capa longa hastr' os tobelos
y-en fin, pra ser todo longo.
hastr'a nuca o meu sombreiro,
antre todos eu marchaba
mais teso qu' un padre crego.
Y-algun chusco d' os d' a vila,
miña capa longa vendo.
anqu' era n-o mes d' Agosto
y-o sol queimaba de demo.
dicía: —¡Qué frio tai!
¿cándo nos virá o bó tempo?—
Ou botábame' un:—compadre.
non sabe canto lle' aprecio
que me garde algunha cria
si esa capa chega á netos.—
Ou:—si se desfái d'a prenda.
avise pol-o correyo.

—

Mais. facend' o mesmo caso
que s' estivese chovendo.
pol-a calle adiant' eu iba
marchando. *teso que teso.*

—2—

Per fin, andando y-andando.
metímonos n' unha praza.
qu' á présa pol-os costados
uns homes tapeando estaban.
Y-alá n-o fondo de todo,
pegado á carón d' as casas,
erguíase un gran taboádo.....
¡qué taboádo. Vírxen santa!
¡ay, parescía aquel onde
ós axusticiados matan'
Y-outras táboas inda había
enriba d' aquelas táboas.
formand' un arco de ponte,
e tan vellas e pintadas,
qu'hastr' o demo, con ser demo,
xoro á que non acertaba
si era aquelo unha grileira
ou s' aquelo era unha casa!

—

¿Ond' estamos? ¿Ond' estamos?
(tembrando coma unha cana
pol-o medo que tomei
ó ver aquel panorama,)
dixen á grito pelado;
e tod'a xent' en voz alta:
—¡N-a praza de touros, home!—
contestóume moi finchada.
Y-ó ver qu' a praza de touros
era unha praza de casas.
lembreime de D. Quixote
qu' o probe tamén tomaba
por xigantes, os muiños.
por exércitos. as crabas.

—

—¿Y-aquel taboádo, qué fai?
perguntéi, [pol-o de *marcos.*]
e respondéronme: E onde
a múseca está sentada. —
Eu —¿Y-aquelo que tên enriba?
A XENTE —¡Vostede seiqu' está en bábia!
ê o palco d a presidencia.
onde se senta a xente *alta.*
Eu —Ná o vexo: o menos están
á unha altura de tres varas.
A XENTE —¡Non ll' ê alta pol-altura!
Eu —Bueno: será pol-a baixa.
A XENTE —Chámase alta á xente *gorda.*
Eu —¡Xa entendo bén, camaradas!
*xente gorda e de bó ano,*
chámase á qu' está *cebada*
A XENTE —¡Qué malas entendedeiras
tên este cara de páscoas!
Prá qu' entenda... a xente gorda.
ell'o alcalde y-a compaña.
Eu —¡Acabaran de parir!
pois as cousas dinse craras!

—

N-estas e n-outras conversas
con tod' a xent' eu estaba.
cando, sin mais e sin mais,
como si non fora nada,
dixeron:—¡Ahí vèn o touro!
E dixen en:—¡Santa Bárbora!

—3—

Y-aco teñen xa vostedes
n-a praza o touro pirmeiro,
(que tiña de touro *bravo.*
o que tèn de *manso* o demo;)
y-ó mirar que tod' o mundo
quería alí ser toureiro.
y-hastra se botaba á touro.
(por darse tono,) un becerro,
y-ó ver, en fin, que n-o sitio
todos estaban con medo.
(empezando pol-o touro
y-acabando por min mésmo.)
dixen: —¡Eiquí soilo falta
qu' eu me meta á revisteiro!

—

E saltand' un valadiño
de táboas. metime dentro

d' un portal, pedín un tallo,
unha pruma e mais un prego
de papel longo de barba;
saquei d' o bolso dereito,
o meu tinteiro de corno
y-os meus anteollos vellos,
un bó polvo de tabaco
tomei d' o meu tabaqueiro:
e decindo escontra min:
—¡Eiquí, meu dito e meu feito:
que por moito que me digan,
non deixa de ter seu méreto
unha *corrida en Galicia*
discrita por *un gallego!*
Con perdon d' a Tauromaquia,
escomencei n' estes termos:

**Noya—Agosto viintecatro**
**¡¡¡Gran corrida estraordinaria!!!**
**E por si algun de vostedes**
**non entende esta palabra,**
**quer dicir: ¡Fora d' o orde!**
**(y-está moi bén apricada.)**

*Mallábanse*, tres becerros
d' as montañas de Barbanza;
presidían á funcion
o alcalde... y-a compaña;
compoñíase á *cuadrilla*
de tod' a xente d' a praza:
os que pinchaban pirmeiro,
eran *primeiros espadas*
*banderilleiros*... ¡os coxos!
*capador*... ¡quén tiña capa!
os touros ... ¡mártires dinos!
quizáis d' unha millor causa!

E con esto por sabido
escomenza... a foliada:

## Touro pirmeiro

Levantouse o presidente,
fixo c' un pano a sinal,
e.....saliu caladamente
o touro por un portal

Y-ó velo asín como entraba
n-a praza pol-o postigo,
paresía que baixaba
de visitar un amigo

Por sinal...levaba atado
o pescozo c' un cordel.
¡Mais lle valera, coitado,
que se aforcase con él!

Sómentes pelexo y-hóso,
n-aquel corpo un home vía.
Chamábase *O Milagroso*.....
¡e de milagre vivía!

Tiña o probe pouca talla
e tiña ademais tamén.....
¡mais gana de comer palla
que de trucar á ninguén!

Xente e touro, con recelo,
miráronse frente á frente.....
¡y-a xente fuxiu ó velo!
¡y-él fuxiu ó ver a xente!

De pronto.....¡Xesús!.....ergueron
cen mòcas duascentas maus,
e sobre as costas choveron
d' o touro.....¡mais de mil paus!

Dempois.....todos lle mallaban.
¡Santo Cristo, qué mallar!
e d' o rabo lle turraban
hastra quererllo arrincar!

Outros con puntas de ferro
picábanlle d' os balcons.....
—¡Asesinos!—O becerro
decía pr' os sens botóns.

E trato tan malo ó ver,
con ganas de *protestar*,
botaba un pouco á correr,
pero.....¡volvía á parar!

Y-asín n-o probe ferido
siguèn cebándose a xente,
hastra que, compaderido
d' o becerro o presidente.

Levantouse con cachaza,
deu c' o seu pano a sinal,
y-o touro saliu d' a praza
outra vez pol-o portál.

## Touro segundo

Tocaron os músicos
a marcha d' os grelos...
e mozos e mozas,
e vellas e vellos:
—¡Que veña outro touro!
berraron á un tempo.
Y-entón o alcalde
levantóu o dedo
y-entrou coma un rayo
n-a praza correndo,
o touro segundo,
levado d' o demo.

Era unha *formiga*
de còr muy bermello
e por ir as xentes
hastr' o rivés n-eso
por nome «*O Corando*»
quizás lle puxeron
pois si tiña cornos,
tiñ' ós tan pequenos...
¡que mais bén que cornos,
eran un *proyecto*!

O verse n-a praza
fóra d' o cortello,
de gozo saltaba
o infelíz becerro.
Y-a xente qu' o vía,
fuxía de medo
e pol-os portales

íbase escondendo.....
¡qu' unha *pitarega*
parescia aquelo!
e todos dicían:
—¡Qué touro tan fero! –
sin botal-a conta
de qu' inda era un neno.
E lédo brincaba,
segun o qu' entendo,
por esparexerse:
non con mal intento.

—

Mais logo qu' a xente
pensou esto mesmo,
saltóu sobr' o touro,
cal càns de palleiro
saltan sobr' un hòso.
prà dempois roelo.
Y-él, aquel encontro
recibéu sereno
cal un probe mártir
recibe o tromento:
!sin incomodarse
nin botar un berro!

—

¡Cántas xudiadas
alí lle fixeron!

—

Hast' un, por botarse
de *bandarillheiro*,
prantoulle con forza
n-o carto traseiro,
— con perdón d' a cara
d' os homes mais vellos, —
dous bús *subelazos*...
¡bén postos por certo!

—

Outro, más valente,
montou no-becerro
e touro e xinete,
tembrando de medo,
n-o medio d' a praza
rolando caeron.

—

X-esto o presidente
levantou o dedo
y-o touro mallado,
marchou pr' o cortello.
E dís qu' ó ir andando,
moi maino e moi quedo
prà que non ll' oucísen,
decía ó becerro:
Non os de *Barbanza*,
pasamos por feros,
e somos máis mansos
qu' os homiños estos:
*¡Uns levan a fama*
*y outros o parceito!* —

## Touro terceiro

D' a música á sonar volveu con forza,
o *prapachín* ferós e' destemprado.....
Erguéndose outra vez o presidente,
a sinal à facer volveu, c' o pano;
y-o becerro terceiro entrou n-a praza
con choroso caris: aire romántico.

—E se touro qu' ahí vèn, (todos dicían)
é aquel mèsmo que vén todol-os anos.—
¡Y-entón eu comprendín pol-o que viña
tan triste, malencónico e pausado!
¡Sabía o probe xá, por esperenza,
o que-ll' iba á pasar! ¡Ay meu coitado!

—

Chamábase *«O Abó»* quizàis porqu' era
d' os touros todos o infeliz *decano*:
y-era tan vello, qu' iba pol-a praza,
maino, sin folgos e c' os pés arrastro.
O velo entrar, a xente en remuiño
arremeteulle alí con furor tanto,
que cada vez qu' a xente arremetía,
caía o *touro pai* n-o chan deitado.

—

¿Que delito fixeche, meu *acaiño*,
prà que che dén os homes tan mal pago?
¡Tí, que nunca lles deche unha *cornada*,
nin pra fuxir, siquera, tinas ánemo!
¡Tí, tan manso, tan bello e tan cumprido,
qu' eras un touro xa *civilizado*.
¡Tí, que xá un bó *retiro* merecías!
qu' homes conezo eu, qu' o están *cobrando*
con moitos menos anos de servizos,
e sin tanta calceza nin traballo!...

—

En fin: o presidente enternecido
pensou o mesmo qu' eu estou pensando;
erguíuse d' o sillon, medio dormido,
y-a postreira sinál fixo e' o pano;
o touro, a rempuxós foise pr' a corte
a xente despideuse bastra outro ano,
deixouse o revisteiro de *recistas*.....
¡y-a corrida acabóu, d' os touros *brabos!*

—4—

## RESUME

Total d' a corrida, esta:
cabalos mortos, ningun;
sin contar pra fin de festa
qu' un home rompeuse a testa:
pois entón, diremos: ¡l' x!

—

¡A corrida, foi batida!
¡nunca millor o fixeron!
digan, pol-a miña vida:
¿n' había de ser corrida,
si todos alí correron?

—

Fin: os toureiros... *¡mallando*
sin perdon, en xeneral!
Os touros... ¡mil paus levando!
O presidente... *¡¡roncando!!*
O revisteiro.....¡moi mal!

Enrique Labarta y Posse.

Santiago.

## AS MULLERES DE CALVELO

*Elas eran de Calvelo,*
*elas de Calvelo son,*
*elas eran de Calvelo.....*
*d' as que levan o pegón.*

Perderían á conta os que a levasen d' as de

paus que s' armaron n-os turreiros c'o gallo d'as mozas e pol-a mor d'o viño habería estadullos pra todol-os carros que agora rexen n-a terriña, si se gardasen os fungueiros que n-as tempadas d'as eleuciós serviron pra mayar o lombo d' os eleutores en contra d' o Goberno; pero mais que todo eso renderían os paus que se deron n-antronte, e que se dan hoxe si cadra pol-a mor d' as mulleres de Calvelo.

Calvelo é un lugar de satenta veciños, qu' ergue as suas chouzas entr' a vila de Maceda y-a feigresia de Gustavalle.

Xa fai tempo e non pol-os anos mil, sinon pol-os comenzos d' este sigro, que vivia en Calvelo un rico vinculeiro, d' eses que teñen facendas pra se manter á fartura e rendas pra gastar en galas abao. E como tiña n-a casa duas fillas solteiras como dous soles, que tiñan sona en sete legoas á redonda de vestiren pol-o xeito d' as señoritas de mais perendengues d' as vilas, o vinculeiro víase n-o caso de ter pol-o ano adiante xastres e costureiras entretidos en facer ou compor traxes.

Os xastres que traballaban n-a casa d' o vinculeiro de Calvelo, non eran d'a caste d' o de Valiñas, que cosia de valde é paña á maores as liñas, nin tampouco d' os remendós que andaban á secas botándolle unhas palas ós calzós d' os veciños; eran xastres de lenbradía que ó mesmo facian traxes d' homes que de mulleres, e tan feitos e direitos saían d' as suas maus unha chaqueta, un chaleque y-us calzós de rizo que unha muradana, un xustillo y-un dengue. Traballaban n-a compaña de costureiras repinicadas, d' esas que teñen moita fantesía d'agulla, que conecen os novelos de fio negro pol-a fiaza, e que saben enredar a madeixa n-o tocantes a parolas d' amores: d' esas que se gaban de non turrar d' o sacho niu de luxarse n-a cociña c' os potes: d' esas señoriteiras con reviretes de sabidas que por cortexos escollen os millores mozos d' alcaldía, que teñen a moita honra que as conezan n-as festas pol-o dedal de prata que levan cirimoniosamente n-a mao, e que de cantaren algo escomenzan sempre co-a cántiga sacramental d' o gremio:

Fixo muy ben miña nai
en poñerme á costureira:
ven a anga, e non me molla,
ven o sol, e non me queimo.

Os xastres que xantaban como calóndrigos, y-as costureiras que s' alcontraban mantidas e folgadas como si foran filias de príncepes, andaban á elas en desafío de chuscadas, con gran pracer e satisfaucion d' o vinculeiro de Calvelo e d' as suas fillas, que rian a mais non poder as gracias e chistes d' as aduanerías d' agulla.

As mulleres que volven unhas pol-as outras e que saben que os xastres son muy pillos, axuntábanse pra lle xogar malas pasadas ós dous vellos que cosían n-a casa, e vez houbo que ó poñer o lume a prancha, deixárona quentar de xeito que ó collela o xastre pol-a asa s' aburase e lle saisen n-as maus duas vinchocas como dous pás centós.

Non eran os xastres homes que se deixasen levar pol-o xenio, e lonxe de s' alritar tomaban á groma a falcatruada, dándose por satisfeitos con lle decir ás costureiras que as cousas tómanse como d' a mau de quen veñen e que as vinchocas n-as maus d' os xastres non tiñan comparanza c' os hinchumes que pol-a mor de ter as maus quedas lle saían ás costureiras que s' arrombaban.

N-outras ocasiós deixábanse decir qu' inda qu' eran vellos n-o oficio cortaban millor unhas mangas que de costume, tendo díante d' os ollos costureiras tan xeitosiñas.

Cansas d' aquella loita de picardías de boa ley acordaron as costureiras pasárense á maores, facendolle ós xastres unha xogada que deixase sona e dese á entender que quedaran por enriba d' eles.

Unha tarde d' o vrau dempois de xantar e cándo o xastre mais mozo prendera n-o sono, atáronlle un adibal ós cadris, e fuxindo d' a sala paseniño paseniño, fóronse pr' a solaina, e dende alí escomenzaron á turrar pol-a corda, guichando pol-a rendixela d' a porta pra esculcar o que facia o xastre.

O que fixo, cálase, porque ven por mal conduto; pero non debeu ser cousa boa, cando o xastre que tiña por costume levar con pacencia as falcatruas d' as costureiras e d' as fillas d' o vinculeiro de Calvelo, anoxouse, tomou o feito por aldraxe e xurou-llas, rosmando que l' as habian de pagar ben pagas.

A venganza non se fixo agardar. Outra tarde cando as rapazas s' alcontraban durmindo, axudado pol-o seu compañeiro foi á bodega, colleu un pelexo vello, fixo co-as tixeiras us pegós redondos, quentounos ó lume hastra cuase derretelos e púxollos non sei onde—porque a noticia tampouco veu por bó conduto—á todal-as costureiras que s' alcontraban durmidas, e deprocotándose de que o feito non lle faría gracia ó mesmo vinculeiro, acostumado á rir as picardías d' as suas fillas e d' as costureiras, fóronse d' a casa pra non volveren mais á ela.

Inda ben non espertaron as d' o pegon, caíron n-a conta d' o conto, porque o anaco de pelexo turráballes mais de renegon que elas turraran pol-o adibal atado ós cadrís d' o xastre.

O facerse cargo d' o feito, alcendíanselle as meixelas de vergonza.

Falouse d' o caso en todal-as feigresías d' os arredores e dende aquela escomenzouse á cantar n-as trulladas, n-os fiadeiros, n-as romaxes, n-as sachas, n-os turreiros e n-as mallas esta cántiga, que tempo andando era ó maor d' os aldraxes que se lle poidera facer á unha moza de Calvelo:

Elas eran de Calvelo,
elas de Calvelo son,
elas eran de Calvelo.....
d' as que levan o pegon.

A ningures iban as mozas d' o lugar que non oubisen o xuneras d' a cántiga. N-as feiras de Maceda ó ver unha de Calvelo, axuntábase un fato de mozos pra abouxalas cantando. N-a festa de Gustavalle tiñan as mozas de Calvelo que morder os lábeos oubindo que ó pasar por onda ela os mozos que andaban de rexouba pol-o turreiro, marmuraban con sorna: «Esas sonche d'as d'o pegon.»

Un pái, cobizoso de que ninguén aldraxase ás suas filias, agarrouse c' un mozo que tivera o estremento de lles cantar n-a cara a cántiga, meteulle

unha navalla n-o bandullo, morreu de resultas, y-o probe d' o pai foi pagalas á presidio.

Pior que pior, o escandalo alcanzou mais sona e non habia feira nin festa, nin fiadeiro nin malla; que non armasen unha de paus pol-a mor d' a cántiga, os hirmaus, sobriños, cortexos e parentes d' as mozas de Calvelo.

N-esta loita de xenreiras axudábanos as mulleres vellas ou mozas dicíndolles que non tiñan lacha n-a cara nin sangue n as veas, nin forza n-as maus pra manexar un fungueiro, nin xenio nin fumes n-a cabeza pra facer, custase o que custase, e saíse por onde saise, que nin vellos nin mozos nin rapaces, se volveran á lembrar d'a condenida cantiga.

¡Mais nin por esas! Como si as algueiradas que s'armaban non surtisen efeutos n-o lombo, n a testa e n-os fuciños d' os cantores abadantes d' o pegón d' as mozas de Calvelo, hastra os que iban á xeitura á Maceda, pasaban pol-o lugar caladiños por si cicais os acantazaban as mulleres—que xa non era a promeira vez que o facían—mais en chegando á ermida de San Xoan que s' ergue á cen pasos d' as casas, púñánse á cantar berrando e respondendo á cada cántiga c' un aturuxo enxordecedor:

As mociñas de Calvelo,
as que de Calvelo son,
as mociñas de Calvelo,
todas levan o pegón.

¡Premita Dios que se vos tollan as pernas! Quera María Santísima que se vos bare a lingoa! ¡O gallá que malos lobos vos xanten n-o camiño cando tal canténdes! ¡Qué santa Lucía faga con que malos pegós vos seguen!—escramaban tremando de caraxe as vellas de Calvelo ouvindo o rayo d' a cántiga, que non parés sinon que foi semente de xenreiras n os lugares, aldeas e vilas d' a terra de Caldelas. ¿Quén foi o que calmou os ánemos alritados? ¿De qué figa se valeron as d' o lugar pra que se fose esquecendo a cántiga? As bellas crónicas nada falan d' o caso, e solo se sabe por un petrucio que morreu n-unhas pallas de fame dempois de servir trinta anos ô rey que duas mozas churrusqueiras e xeitosiñas de Calvelo que casaron con dous fidalgos de Caldelas, tomando a cántiga á groma púñanse á cantar alí onde oubián a autra esta que sigue e que non porá en dúbida que servise pra que lle puxeran a proba diante d' os ollos:

Anque son d' as de Calvelo,
anque de Calvelo son,
anque son d' as de Calvelo,
eu non vos teño pegón.

E sábese además por dous mozos d' Allariz que casaron en Calvelo e que pol-o mesmo son testigos de maor esceucion, que as suas mulleres nadas, criadas e deprendidas n-o lugar de Calvelo, e dempois de trinta anos que levan de matrimonio, tempo d' abondo pra s' enteirar de todal-as circustancias d' o conto, anque teñen cousa que se lle pareza, non teñen nin tiveron pegon. Dous testigos contestes afirman e sosteñen o dito, e d'elo poden dar fé todol-os escribaos d' a terriña inda que non se prautique a dilixencia d' unha *vista ocular*.

E pol-o mesmo eu que son amante de que desaparezan as xenreiras e vellos resentementos qu' inda hoxe latexan de vila en vila e d' aldea en aldea de Galicia, non sinto escrúpulos de concencia en botarlle á enrabechada cántiga que n-outros tempos traguían n-a punta d' a lingoa os mozos de Maceda e Gustavalle, un pegon pol-a contra d' o que lle botou o xastre ás costureiras, pra que de hoxe en diante a canten por este xeito:

As mociñas de Calvelo,
como gallegas que son,
non levarán nin levaron,
nin nunca levan pegon,
porque levan solamentres
aquelo que Dios lles dou.

*Márcos d'a Portela.*

## GALLEGOS DE POR ACÓ.

### K. INZO

Eche unha claraboya literaria.

Fai de tempo en tempo algus *pinitos* que, com'o que lle dedicou a Cora n'o último número, firman L. C. Gris é outros d'a especie d' as que firman o' que non poden facer.

Para serio, il.
Para sabido, il.
Para *leído*, il.
Para escribidor, il.
E pra rirse d' il, eu.

N'a Grecia non houbo n' un tempo mais que sete sabios.

N'a Habana, hay un K. Inzo, un L. C. Gris, e, ainda mais, unha "Galicia Moderna" que val mais d'o qu' ela mesma se pensou

—Eche unha especie de Reportorio d' os chistes que sirve pra facérnos reir.

—E logo dirán que n'o Ferrol non hay chispa nin en Sada sal.

K. Inzo naceu un martes que chovia.

Eu creia sempre que nacera pol-o menos en Bergondo, ou en Arteixo, qu'é a' terra cáseca d'o bombo.

Pro un ferrolan dixome qu' o conoceu des qu' era ben cativo, pillando paxaros ó rente d' Esteiro.

Despois, foi mecánico: pr'o fume d'o carbon feriall-os pulmós e meteuse á literato.

Faría *literas*, pr'o vapor d'o Ferrol pórque n'aquiles tempos non habia peródicos que se deixaran dirixir por calquera lambe natas. ¡Quen ll'habia de decir qu'andando pol-o mundo chegaria a direutor d'a "Galicia Moderna!

Ben e verdá que tampouco ó César lle dixera ninguen qu' habia de ser Emperador.

Nin ó Hermida lle dixeran nunca qu' habia de ser socio d'o Centro Gallego, durante un mes.

Y-entrambos teñen afinidá. Entrambos dirixiron á Galicia Moderna, quasque entrambos tiberon o mal xeito de dirixila n' os seus tempos de decadenza.

Iso e custion de fortuna.

Ainda penso de ver o L. C. Gris de direutor e d' aquela.....

Pro pasemos ó K. Inzo.

Pra sabido il..... ¡ei!... non sei que diaños me fai remembrar sempre iso de qu' o K. Inzo é un home sabido; sera porqu' il o di sempre.

Des que se fundaron os aires d'a terra d' iles, o K. Inzo non pensa sinon en sere Presidente.

Parés que ten feito prepóseto de figurar sempre. ou de revolvel-o todo.

Como quixo facer n'o Centro Gallego.

Pideu ser vocal d' unha Seucion.

Dempois foi metendo n' ela xente d'o *partido* e acabou por se decrarar Presidente.

Fixo como Xapoleon.

Cando veu qu' o sillon presidencial se tambaleaba armou a gresca e..... o que pasou despois x'o sabemos.

Mais il non perdeu o tempo.

Xa il mismo s' habia proposto pra socio de mérito (é maldit' o que tiña).

Tamen e verdá que non foi il solo.

K. Inzo non ten mais que 27 anos y un lombo mais alto qu' outro e sin embargo xa ten ben dadas mostras d'o *talento* que lle carauteriza.

K. non se chama K. Inzo.

Chámase Panizo ou Carafuncho

Non usa lentes com 'o L. U' Gris, sin embargo de que cando lée algun d'os nosos parrafeos ponse antiparras verdes pra non s' ofendel-a visual.

Cand'o K. Inzo escomenzou a facer literatura algus mal pensados decian qu' o K. Inzo era abogado.

Despois que viron que non o era nin d'as silveiras, ou que si o era non tiña preitos, torceronll-o fuciño e dixeron: ¡mé! como s'o K. Inzo fora un canteiro.

Tal aire sério tiña, e ten, que ben se facia pasar por un home *sabido*; pro tempo que tod'o desfai, desfixolle tamen á reputacion periodística qu'escomenzaba a se crear.

E quedou como quedan os qu' aparentan ser e non son, sin que isto poda ofender ô L. U. Gris, que si ben é verdá qu' usa lentes com os literatos de moda, non o é, nin var pr'áló. *O. Sás.*

## FUNGUEIRAZOS.

'O fin vémonos precisados a conqueril-o fungueiro e co-il poñerlles as peras a carto a certas limachas, non brancas nin pintarraxadas, sinon mouras e cheas de xurro, que por ahí andan facendo carreiras d' envexa e sementeiras de mala querencia.

Son ilas as ferrapulgas que desd' un certo cortello entretéñense en tirar chinas, de cando en cando, contra os bos gallegos que, pra groria d' a patrea, dirixen o goberno d' un *centro* mui querido.

Bon é que contr'isas chinas temos nosoutros pelouros e que sabemos xogal-a bisarma com' a calisquera, que si nón ¡vállanos a Santiña d' o Camiño! que ¡así eu medre! si hastra o sono non nos roubaban. Como que n'as suas fiadas, n-hai gaitero nin ronco y-o candil non alumea, andan levados d' o demo com' as bestas cando baixo d' o rabo lles meten un toxo.

Escomenzan por pradical-a union e por baixo corda andan rapallandˈ os que poden entr' os sócios d' o dito *centro*, pra levalos ô cortello de que falamos. Fan com' as martas: métense por baixo d' as portas estirand' o corpo, e cando sinten o *qui-qui-ri-qui* d' algun galo fuxen cal os zorros ô sentir o saúdo d' os cás de palleiro.

Din qu' as suas chinas no van dirixidas a ningunha sociedá gallega, pois as que n' Habana temos merecéronlles sempre e mereceranlles n' ó adiante os seus agasallos; e como quen non quer a cousa, bórranse d'as listas d'os sócios d'unha d'elas ou deixan de pagal-os recibos pra qu'a sociedá os borre.

Dician-ô primeiro qu' o seu cortello non facia mentes d' asoballar a ningun *centro*, pois soilo lles gustab' a música e canta máis música pol-as noites, menos folganza e mayer amor á terruño; y agora decraran que todos camiñan a un mesmo fin.

Veñen pradicando que todal-as sociedades gallegas deben ser birmás, e iles son os primeiros en cuchichear qu' a d' iles, e soilo a d' iles, é a úneca en que deben figurar os bos gallegos. ¡Disgraciados! Si os homes que tales cousas lles escoitan, lles deran c' o zoco n' o cu..... curucho d' a cachola, y-as mulleres gallegas os escorrentaran d' o sec lado a lorchazos ¡abofé! que farian unha boa obra pr' a descada union d' a colonia. Isas limachas, com' as suas conxéneres, lixugan e' a sua baba o carreiro por onde pasan.

Pro deixemolos seguir como siguen, qu' algun dia lles fará cóxegas á concencia, e vamos a cumprir c' un amigo que quér que contestemos á certas porcadas que viron á luz n'un peródico e d' o cal dixo *Gris* n' un tempo qu' A GAITA non debia mentar por no encher de pringo o seu lustroso fol.

❁

Di o tal papel que d'o seu seo non sallen Secretarios con paga.

Certo; pro é pórque nin sirven pr'o caso, nin teñen entr'os que poideran darlles o voto, o mais pequeno farangullo de simpatía. Si así non fora ¡vaiche n'a misa en Conxo!

❁

Di tamen y-en son de pergunta que como non se cobran tobol-os recibos d'o «Centro Gallego» posto qu'aparecen 5.000 sócios e n'o mes de Mayo soilo so recolleron 13.000 e pique de pesos.

Craro; porque algús non poden pagar relixiosamente, y-outros que poden, deixaron qu'os apuntaran n'o libro verde, en proba d'o seu amor á Sociedá. E sinon pergúntese s'isto é certo ó ex-Secretario d'o «Centro» Sr. Rodríguez, qu'é intelixente n'o conto: nosoutros facemosll'ista xusticia—ou ôs dous birmans Ruiz, ou ô Mocho, que, como son amigos e compinches, deben tamen sabelo.

Y-enténdase qu'o dito vai sin segunda: non ten máis que primeira.

❁

A pergunta anterior podíamol-a haber contestado dicindo o que lle dixo un amigo noso a un certo suxeto n'a Calzada d'o Monte e sobr'o mesmo tema. —«¿Y-a vosté que ll'importa? Si tivera direito pra sabelo y-o conto ll'interesara con ir perguntar á fonte quedaria satisfeito.»

Nosoutros, á verdá, como que esquirbimos pra que moitos nos lean, non podemos ser tan francotes é iso que ben o merecian. Sin embargo, en sacreto e con perdon, daremosll'a tal resposta a *Un gallego* que quer sabel-o que foi d'os *balances* qu'o *Centro* persentaba os pirmeiros de mes. Si fora sócio tiña ocasion de lélos cando lle dera a gana é sin mais que subir ô Centro, chegarse ô salon de leutura e pousar a vista n'un cuadro qu'alí se fixa sempre.

Como que non o é, ou non debe selo, hai que mandalo a que goberne a sua casa.

E por hoxe vai d'abondo. FUNGUEIRO.

Imprenta: Rua d' Obrapia 21.

# A GAITA GALLEGA.

## REPINICA MUIÑEIRAS, ALBORADAS E FANDANGOS.

ANO TERCEIRO. N-a semana: 15 d'o mes de Setembre de 1887. TOCATA 16ª


### FILLOS DE GALICIA

que n-a actualidade cultivan n-o libro ou n-a prensa o dialecto gallego. – Lixeira idea d' as suas obras.

POR XAN RODRIGUEZ DE CEA.

LEMA:

.....“Solo digo
Que es criminal desidia en los gallegos
no dedicarse á recoger su idioma
que bien merece algún estudio serio.”

*J. M. Pintos.*

*(Continuación.)*

A

Armada [D. Juan.]

As novas ideas, as correntes de civilización e progreso, van dando, como era natural, outro xiro á pasadas preocupaciós e créncias erróneas, e sinalan a verdadeira vereda por onde deben camiñar os pobos qu' aspiran á ser grandes, poderosos, envidiados.

Houbo un tempo, non moi lonxe inda, en qu'as chamadas XENTE D'A NOBREZA, miraban con desdén, tiñan á ménos saber ler y esquirbir, non xa correuta, sinón xiquera medianamente. Pr' os nobres, era d' abondo ter n-a porta d'a casa un escudo mais ou menos repinicado de cabezas de gato, crobas, liós, sapos..... ou cornos de boi: n'esto consistía tod' a sua nobreza, tod' a sua cencia.

Hoxe pensamos xa d' a outra maneira: nin a SANGUE AZUL, nin os pergaminos – enxebres pra fondos de pandeiretas dan nome, virtude, nin saber.

A sabencia, o talento, o estudeo, o conecemento de todo aquelo qu' ó home lle compre pra ir achegándose cada vez mais á perfeución ausoluta, é o qu' hoxe costituye a verdadeira nobreza.

Esto mesmo comprendeu o siñor Armada, xóven marqués de Figueroa, quèn, lonxe de infrarse con papés vellos y-executorias de seus ascendentes, quixo conquistarse por si mesmo un pôsto que xamais se pode adequirir por herencia.

Asina que, hoxe, ó lado d' os seus brasós herdados, pode xuntar outros de moito mais valer, de superior mérito: o título de Poutor en Direito civil e canónico, y-o que lle dan obras d' a importancia de EL ULTIMO ESTUDIANTE e ANTONIA FUERTES, gañados honrosamente a forza de traballo e costante estudeo.

O siñor Armada, que figurou sempre antre a mais escolleita sociedade de Galicia e Madrí, non se desdeña en acupar sua enxebre y alegante pruma en esquirbir algo en gallego.

Antre outras composiciós que non sabemos si pubricou, tén unha que leva por título: TEMPOS E TEMPOS. N-ela desarróllase, d'unha maneira dilicada, iste, ou parescido pensamento: [CANTO TÉS CANTO VALES,» que non ven á ser outra cousa as queixas que dá unha rapariga, ó comprar os agasallos con qu'a distinguían cando tiña cartos, y-a indiferenza conqu'a miran agora que non os tén, é por eso esclama a coitada:

.....
..... .....
»de ter cartos á non telos
o que vai.»

Esta é unha composición sumamente poética e filosófica.

Pubricou tamén o aristócrata poeta outra n-a cal describe as agunías que pason un paxáro n-as mans d'un certo rapaz.

Armada Teijeiro [D. Ramon.]

Nunca con mais forza se sinte bulir n-o peito o sintimento de cariño y-o amor d'a terra que nos viu nacer, que cando nos alcontramos lonxe d' ela.

Por eso vemos mais de catro veces que moitos fillos de Galicia qu, eiquí nunca colleron a pruma pra esquirbir n-a prensa ou n-o libro, non teñen reparo nin inconvenente algun, si s' alcontran ausentes, e sobre todo n-a Améreca, en cantar sentidos versos á nai pátrea, ou firmar artícolos n-as colunas d' os pródicos, ensalzando sua terriña, ou dedicándolle sentidas lembranzas.

Armada Teixeiro pode contarse n' iste número.

Fundou n-a Habana A GAITA GALLEGA, pródico que con aprauso d' os bós gallegos se pubrica mensualmente n-a illa de Cuba.

N-iste pródico acúpase o siñor Teixeiro de todo aquelo qu' afeuta ós nosos intereses morales e materiales, contribuindo d' iste modo á adianto d' a rexion que tén a grande honra contar antre seus amantes fillos, persoa que tanto traballa pol-a rexeneracion d' o noso pobo, espóndose, cicais, á ser mofa d' algús que non comprenden, ou non queren comprender, a honrosa tarea d' o siñor Teixeiro.

Ademais de pubricar A GAITA, o siñor Armada Teixeiro, esquirbeu ¡NON MAIS EMIGRACIOS! apropósito lírico-dramático en verso y-en prosa, en dous autos e sete cuadros, que se representou e pubricou n-a Habana o derradeiro ano de 1885.

O asunto de ¡NON MAIS EMIGRACIÓN! o mesmo tí tolo o indica; é combatir, pondo de manifesto os grandes males que causa á nosa terra a emigración, y-os disgustos e traballos que pasan aquiles

que, deixando o seu lar, atravesan o mar en busca d'unha maxinaria fortuna, en vez d'a cal solen alcontrar a morte.

Esta é a tendencia d'o autor, quén n-a escena segunda pón n-a boca d'un CORO DE HOMES os siguentes versos:

«Mal pocado
Vamos velo
Vamol-o desinganar,
Qu'é mintira
Qu' alí poida
Facer naide un diñeiral:
Que n'é certo
Qu' hoxe traya
Nin un rif o qu' aló vai
Qu' émoi falso
Qu' él topara
Onde cartos aforrar.»

n-os cais se trata de presuadir, pra que desista de seus porpósitos, á Xan, mozo d' unha aldea de Galicia, que se porpara á marchar pr'a Habana, sin que basten á facelo disestir d' o seu intento as bágoas de Marica, repoluda moza co-a que tén amores.

Y-asina, por iste xeito continúa desenvolvéndose o argumento, demostrando en cada escena os feitizos qu' o chan gallego encerra, y as penas, desconsolo e bágoas qu' esperan ó probe emigrante.

¡NON MAIS EMIGRACION! e a primeira composicion que se esqirbeu en gallego pra porlle múseca.

¡Y-esto acontece fóra d' a España!

---

Alvarez [D. Daniel.]

D' iste entusiasta y-apreciabre poeta cruñés, non conocemos mais qu' un APROPÓSITO en castellano e gallego qu' esquirbeu pra representar polas seucións de decramacion e múseca d' a «REUNION RECREATIVA DE ARTESANOS» n-o Treato principal d' a Cruña a noite d' o miércoles de cinza de 1885; e unha composicion poética, que leva epígrafe A FESTA DE CHINTO.

Aunque n' iste APROPÓSITO non se atopa nada de notabre, pois desde logo se bota de ver que seu autor non tivo pretensión algunha ó esquirbilo, non por iso deixamos de reconocer que tén seu mérito, e que non carece, en certos puntos, d'importancia literaria, como se pode ver pol os siguentes versos:

«Eu quero decirlle con franco lenguaxe
d'a parla gallega n-o tal dôce són
as coitas que firen d'os probes gallegos
as cordas sensibres d'o seu corazón.
. . . . . .
. . . . . .
Pra terra d'escravos parés que Galicia
n-o mundo tan soilo por sôrte naceu;
que n'hay outro eido mais engoumeado
qu' ó chan onde o berce de nós se meceu.
Eiquí, meus siñores, non vimos ainda
de qu'os gobernantes nos dén protención:
prométennos moito, pro nada n-os cumpren
en pago d'a nosa lisl sumisión
Decote as gabelas aumentan, deixando
sobrados e hórrios limpiños de gran,
y-os probes gallegos en vano garimos
agardan d'aquiles que probes os fan.
. . . . . .
. . . . . .
En coido qu'o mundo
xa soilo navega
e que Dios, cansado,
xa d'él non se lembra.
. . . . . .

A FESTA DE CHINTO é unha longa e maxistral composicion, n-a cal se describe, con apropeados coores y-acertados xiros, certa festa, d' a que é maordomo Chinto.

---

## RELEMBRO D' ALÓ

A FESTA DE GUNDIAN

A caron d' á Ponte-ulla
atópase, á man dereita,
unha carreteira boa
camiño parte á Bandeira.
Hay que deixala. Collendo
pol-á outra banda unha vreda,
camiño vello d' Ourense,
sobes' á costa d' á esquerda.
Ende chegando aló enriva,
vese unha cativa aldea;
é siguindo á corredoira,
coma todas ben estreita,
chegamos ó santuario
de Gundian, onde s' alberga
á Virxen mais milagrosa
que s' atopa en moitas légoas.
Miras' end' alí chegando,
qu' é moi pequeniñ' á igresia,
mais ¿qué lle fai, si gardada
ten á maor d' as grandezas?
O paráxi é tan garrido
que ningún sell' asemella:
pois, anque moi afundido
s' atopa antr' as altas penas;
vens' alí leiras, cortiñas,
parras e unha carballeira.
Preto está San Xuan d' a Cova,
que así un pozo se nomea
moi fondo, qu' as xentes todas
contan qu' e tobo de meigas.
O rio á sua veira pasa,
roxindo por antr' as pedras:
e, pardiolas, que pon medo,
á quen dende enriva ó vexa.
Xa que de Gundian falamos,
compre que conta aquí dea
d' ó que dixo un vello tolo,
d' eses que non perden festa,
á unhas rapaciñas novas
d' as mais garridas de Vedra,
ó antevíspora d' á Vírxen,
falando d' esta maneira.

Á ROMERIA

—¡Ay, rapazas! ¿Non pensades
ir, c' os mozos que falades,
á Gundian?
A ver si vos espelides;
pois eu vou, e si vos ides
eles van
O qu' á preguisa sacode,
afellas, alí se pode
adivertír.

E vou á misa de cedo
e con vosco, si tes medo
podo ir.
Peiteádevol-ó cabelo;
poñed' ó dengue, ó mantelo
mais millor.
Os panos novos d' as festas,
ben axeitados n-as testas
debés poor.
Levad' os vosos zapatos
n-a man; pois non son baratos
pra os mercar;
e si moit' ó pe s' axusta
magóase, e caro custa
camiñar.
Poñede n-as caravelas
chourizos, queixo, tortelas
e pernil.
Eu levo unha bota chea
d' o meu viño, qu' alumea
n-un candil.
Hai-vos n-a festa gaiteiros,
foguetes e zanfoneiros,
folion!
¿E de cregos? ¡Non é nada!
Vísporas, misa-cantada,
percesión.
Veredel-as rosquilleiras
que, postas en ringoleiras,
coma cans,
berran: «¡Bons retorcidillos,
xinetes, roscons, sucrillos,
mazapans!»
Mociñas, en caravelas,
venden peras, cirigüelas,
figos bons;
mazans, péxegos, pavías,
uvas, carolos, sandías,
e melons.
Hay unha pipa n-un carro,
vasos é cunchas de barro,
pra beber,
alí, un viño qu' é milagre
qu' outro mais ruin nin más agre
poida haber.
As panadeiras, sentadas
n-o chau, venden empanadas,
(que vos son,
por certo, de man d' amigo)
bons moletes de pan trigo
e de relon.
Outras cousas qu' arrecenden
en moitos postos se venden
que hay alí.
¡Probe d' ó que non ten cartos!
os que os levan saen fartos:
¡eses, sí!
A música de Caldelas,
que contan qu' é a millor d' e'as,
vai tamen.
*Botan un remcad' as gorras,*
e, coma foles de forxas,
sopran ben.
Levan tamburil e bombo,
que con él non pod' ó lombo
o rapas.
¿Que vai poder o probiño,
si é com' o pe d' o muiño,
de Tomás?
Acab' á misa cantada
e á percesion: á ruada
imprincipiou.
Toc' á músic' a muiñeira:
acod' á xente lixeira
e tamen vou.
Bailarei: pois fago uns puntos,
non os fan,-non, todos xuntos
coma min.
«O qu' adoita de bailare;
nunca quedo pode estare.»
Así din.
Pra que á Virxen as defenda
contr-as meigas, unha ofrenda
moitas fan.
E andando sobr' as rodelas,
que lle foxe ó sangre d' elas,
ali van.
Visten outras de defuntos;
xa dan cartos, polos, untos,
ou lacons:
liño, panos, millo, teas;
maus, pees de cera é candeas
á montons.
Alguns coindans' ameigados
e chorando ¡malpocados!
se lles ve.
Eu qu' en mengallos non creo,
penso qu' ofenden' ó ceo
de boa fé.
Moitas nais a os picariños
levanll' os pes, os fociños
e... acolá.
pois aquela auga bendita
que man' acarón d' á irmita,
saude dá.
Sobe á xent' á carballeira,
que quiznis más costaneira
non á hay.
Alí beben, alí xantan,
atruxan, din chistes, cantan,
e, algun cay.
Com' á tarde vai pasada,
encomenzan n' á rüada
á rebulir,
Ala van mozos e nenos,
e hastr' os vellos, pol-o menos
pra se rír.
¡Fai pasmar tanto xentío,
os cregos o señorío
que alí van!
Non vos send' á d' os Delores,
non se ven festas millores
que Gundian.
Ven á noite... os picariños,
empezan os faroliños
a' acender;
com' e pouco ó qu' alumean,
anque alguns *algo* se dean:
¡vainos ver!
Fais'a roda cuase á escuras:
en aquelas aperturas.....
¡eu que sei!
fan unhas cousas d' ó deño,

que, como vergonza teño,
calarei.
Un mozo, co-á testa quente,
campando alí de valente
e arrousau,
faille.....non sei que, á Grabiela.
e ó rapas, que está o pé d' ela,
dall'un pau.
Armas' unha, que pon medo:
o que alí-s' estivo quedo
perde mais:
prendeos á xusticia logo.....
e ¿quen perde n-este xogo?
¡probes pais!
And' á causa n-o xosgado.....
entre costas e letrado.....
¡qué sei eu!
deixan en corranchu axiña,
algun que d' aquela riña
nada veu.
Comenzan á hinchar-o grovo:
que todo de papel novo
feito está.
Cando xa n-as mans se move,
alguns din: -¡ay, que xa sobe!
outros: ¡á á!
Botan á centos foguetes,
e póganse de cachetes
pr'os coller
un fato de rapaciños;
que van n-ó chan de fociños
a bater.
Dis' alí atruxar con ganas,
repenique de campanas.
estoupar,
as bondas que haí n-unhas rodas
e os mozos e as mozas todas,
a cantar.
E-vos tanto ó revolicio,
qu' asemella qu' o xuicio
vai fuxir;
pol-o mesmo algunhas vellas,
tapan e-as maus as orellas
pra n' o oir.
Com' á noite vai pasada,
empez' á xente cansada
á se marchar,
que agard' o leito de palla
e, mañan cedo fai falla
traballar.
Rapazas: cando volvades
coidado c-ó que fagades.
debees ter;
Moita conta, c-os amigos!
¡non teñadel-os *formigos*
que comer!
Contan qu' á volta d' as festas
un pouco quentel-as testas
sempre van,
e ¡cando ó viño s' empeña!
¡e tan tolo.....! ¡Dios vos teño
d' á sua man!
Escoitad' estes consellos
que, coma cousa de vellos,
vos darei:
«Sardiña que lamb' o gato,
tarde ou nunca volv-o prato.»
E-vos lei.
«Mal acaba, quen mal anda.
Facad' o que Dios vos manda.
Compr' asi.
O que s' apilla emprestado;
ben collido, mal pagado.»
Din alí.
Conta no soltar' un punto!
dempois, por el, todo xunto
cab' o pe.
E «o can afeito a touciño;
aunque lle pele ó fociño.»
Así é.
Conque, ó dito, ¡quen vos chora,
s' ides á nosa Señora
de Gundian.'
¡Caráneo! ¿que sí, dicides?
endeben! Eu vou, vos ides
e, eles van. BENITO LOSADA.

## UN RECORDO.

Era bonita e feiticeira como non vin outra.

A miña soñadoura chencha non houbera nunca creado un ideal tan perfeuto, unha imáxen mais bonita e sedutora.

A gracia e o bó tono, á elegancia e o esquisito gusto, víanse n' ela lucir con naturalidá sorprendente.

Era un conxunto de perfeucións.

Era una divinidade.

Como boa filla de Paris, tiña en sí toda esa chea d' encantos que tanto distingue ás fillas d'o Sena.

Sin duda viñera ó mundo pra tormento d' os mortales.

Sin duda, tamen, viñera pra alternar coa aristocracia, tal era ó seu porte y a maxestá, tal á su grandeza.

Desprendianse de todo ó seu ser ese *nou sei que* que alela, é un prefume embriagador, envolvía en vaporosa nube de felicidá suprema, ó sensibre corazón d'o que tibera, como eu, á dicha de encontral-a n'o seu camiño.

'O mirala, adiviñábase un mundo de venturas: un paradiso, dond' á vida fora ó dia sin fin con que soña á todas horas esa tola xuventú que fai por estender as suas alas ôs primeiros albores d'o seu avenimento ô amor.

Eu vena vin.....

Vina por vez primeira e sin saber o que me pasaba, quedei contemprando a sua fermosura.

¡Que regocixo tan grande!

¡Que de cousas pasaron por min!.....

¿Enamoreime d' ela?

Eu creo de min que si.

Creo que houbo *algo d' eso*, á xusgar pol-o que ouin contar á outros, cando se sintiron feridos por ese *verme*.

Esto é: moitos afás por vela; moitos sonos dourados; unha esperanza feiticeira; un brilante porvir; un.....etc.

Y-a sua imáxe fotografiada n'a y-alma.

Aunque cerrase os ollos, non deixaba de vela. Abría os meus beizos soilo pra decir palabras de dolce y-armoniosa poesia.

Y-eslongaba os meus brazos como deseando pillar ó ben tan deseado.

Segun pasaban os dias, aumentaba ó meu cariño.

Pro cada vez faciase mais fondo ó abismo que nos separaba.

Ela tan rica.

Eu tan probe!.....

Y ademais, rodeada de tantos enamorados!

A miña situacion non podia ser mais mala. Pro sempre ouvin decir qu' a grandes males, grandes remedios.

Era mester, pois, cortar pol-o sano.

Eu, quéroa me dixen, e faise mester que veña ó meu poder.

Unha noite, en que á *melancólica* lua cubria co seu *manto* de *prata* o mundo todo, salin d' a miña pequena chouza con firme popósito de arrisgar ó *todo pol-o todo.*

Queriâ tanto!.....

A idea de roubala non se quitaba d'a miña imaxinación.

Encamiñeime á sua casa.

Estaba alí.....en todo ó seo esplendor, con toda á sua grandeza.

Fun entrando pouquiñ' a pouco n' aquela *mansion;* aprobeitei un momento de descoido; *boteille á man* e levcina.

N'a esquina agardábanos un coche. Subimos á él con toda á presa propia d'o caso, co demonio d'o coche marchou mas lixeiro que unha centella.

Cando nos vimos xa bastante lexos, ¡ay,.....que suspiro salco d'o meu peito!

'O fin era miña!.....

*Bótalle* á man de novo pra ulila!

Era de coiro de Rusia lexítimo.

Non me habia enganado.

Tiña n'o meu poder unha cousa boa; un verdadeiro tesouro.

Xa tí eres miña, abofé,
dixen eu con frenesí;
como me queiras con fé
eu xuro ser para ti
pan, mantequiña é café.

.....

Todo s' acaba n'este condanado mundo.

Qué verdá tan grande aquela de que non hay felicidá compreta na terra.

Unha noite en que a *melancólica lua* estaba acochada, íbamos ela e mais eu pra casa, á eso d'as doce d'a noite, e nos momentos de pasar por xunt'o convento de Santa Crara, dous *mulatos* que salian d'a rua de Samaritana, *rogáronme* que lles entregase canto levaba encima e anque éla ataba xunto meu amante corazon e non como aqueles *mulatos* habian indicado, voaron con ela como eu habia voado en outra noite de prácida recordacion.

¡Probe carteira *miña!*....

¡Tan bonita!

¡Tan feiticeira!

¡Tan boa!

¡Como qu' era de pelexo de Rusia!

¿Donde iria á parar, en maus tan *prosáicas?*

¡Adios miña amiga, nunca m' olvidarei de ti!

P. Xabie. (1)

(1) O autor de iste conto, adeprendeu *algo* d'o bliomia galiego n'a Rua d'o Villar de Santiago.—N. d'a R.

## A ROMARIA DA BARCA

¡Cánta xente.....cánta xente
Por campiños e por veigas!
¡Cánta pol-o mar abaixo
Vén camiño da riveira!
¡Que lanchas tan ven portadas
Con aparello de festa!
¡Qué bótes tan feituquiños,
Con tan feituquiñas vélas!
Todos cargadiños veñen,
De xentiña forasteira,
E de rapazas bonitas,
Cura de tódal-as penas.
¡Cántos deugues encarnados,
Cántas cintas amarelas!
¡Cántas cófias pranchadiñas
Dende lonxe relumbrean,
Cal si fosen neve pura,
Cal froles da primaveira!
Cánta maxeza nos homes!
Cánta brancura nas nenas!
Eles semellan gallardos
Pinos que os montes ourean.
Y elas, cogolliños novos
Co orvallo da mañan fresca.
As de Muros, tan finiñas,
Que un coidára que se crebau.
Co aquelas caras de virxe,
Co aqueles ollos de almendra,
Co aqueles cabelos longos
Xuntados en longas trenzas,
Co aqueles côres rosados
Cal si a aurora llos puñera
Pois así son de rosados
Como aurora que comenza;
Descendentes das airosas
Fillas da pagana Grecia.
Elas de negro se visten,
Delgadiñas e lixeiras,
Refaixo e mantelo negro,
Zapato e media de seda,
Negra chaqueta de raso,
Mantilla da mesma peza,
Con terciopelo adornado
Canto enriba de sí levan:
Fillas de reinas parecen
Gregas estautas semellan
Si a un rayo do sol poente
Repousadas se contempran.
Ricos panos de Manila,
Brancos e côr de cireixa,
Crúzanse sobre o seu sayo
Con pudorosa modestia;
E por antr' eles relocen,
Como brillantes estrelas,
Aderezos e collares
De diamantes e de pelras.
Pendentes de filigrana
E pechuguiñas de cera.
As de Camariñas, visten
Cal rapaciñas gaiteiras,
Sayas de vivos colores
Pol-o pescozo da perna,
Lucindo o negro zapato
Enriba de branca media.
Chambras feitas de mil rayas.

Azuladas e vermellas.
Con guarnicións que lles caen
Sobre a rumbosa cadeira.
Para tocar o pandeiro,
Non hai como tales nenas.
Que son as camariñanas.
Feitas de sal e canela.
As de C!, ¡Virxe do Carme!
¡Que cariñas tan ben feitas!
Cando están coloradiñas
No ruxe-ruxe da festa,
Cada mirar dos seus ollos
Fire como cen saetas,
Nin hai máis tan ben cortadas
Tan branquiñas e pequenas.
Com' as que amostran finxindo
Que non queren que llas vexan.
Son as de Lage unhas mozas.
¡Vaya unhas mozas aquelas!
Sólo con velas de lonxe,
Quítaselles a monteira;
Porque son vivas de xenio
Aunque son rapazas netas.
Bailadoras ... n' hai ningunhas.
Que con elas se èntremetan,
Pois por bailar, bailarian
No aro d' unha peneira,
Máis en tocando á que rezen,
En rezar son as primeiras...
Dan ó mundo o que é do mundo.
Pan á igrexa o que é da igrexa.
As de Noya, ben se axuntan
Cas graciosas Rianxeiras,
Pol-os redondos peiños,
Pol-os morenos lunares,
E pol-as agudas lenguas,
Que abofé que en todo pican
Como si fosen pementa.
Veñen dempois recatadas,
Aunque un poquiño soberbias.
Por aquelo que elas saben
De antigüedade e nobreza.
[Pois por acá todos somos
Tal como Dios nos fixera]
As meniñas ben compostas
D' unha vila quisquilleira,
Que por donde van, parece
Que van decindo: ¡canela!
¿Prantamos ou non prantamos
A cantas hai nesta terra?»
Máis si prantan ou non prantan,
Non son eu quen o dixera,
Que fora pouca cordura.
Que fora farta llaneza.
Baste decir que xuntiñas
Todas na porta da igrexa,
Máis bonitas parecian
Que un ramiño de azucenas.
Máis frescas q' unha leituga.
Máis sabrosiñas que frésas.
Na foren as de Rianxo.
Que fosen de Redondela,
De Camariñas ou Laxe,
De Laxe ou de Pontaréas.
Todas eran tan bonitas
Todas tan bonitas eran,
Que o de máis duras entrañas
Dera as entrañas por elas....
Por eso se derretiau.
Cal si foran de manteiga,
Diante delas os rapaces,
Os rapaciños da festa.
Os mariñeiros do mare.
Que dond' á Virxen vineran.
Porque a Virxen os salvára
De naufragar na tormenta.
Mais si salvaron no mare,
Non se salvarán na terra,
Mariñeiros, mariñeiros,
Que aquí tamen hay tormentas
Que afogan corazoniños
Sin que lles vallan ofertas.
Que oye a Virxe ós que se afogan
Do mar antr'as ondas feras.
Mais non oye os namorados
Que de afogarse se alegran.

II.

Ramo de froles parece.
Muxía a das altas penas
Con tanta rosa espallada
Naquela branca ribeira,
Con tanto carabeliño
Que reloce antr'as aréas.
Con tanta xente que corre,
Que corre e se zarandea
Ó son das gaitas que tocan
E das bombas que reventan.
Uns que venden limoada.
Outros auga que refresca.
Aqueles dulce resolio
Con rosquilliñas de almendra.
Os demáis alá sandías
Con sabrosas cirigüelas.
Mentres tanto que algun cego,
Ó son da alegre pandeira,
Toca un carto de guitarra
Para que bailen as nenas
Bendita a Virxe da Barca:
Bendita por sempre sea!
Miña Virxen milagrosa,
En que tantos se recrean.
Todos van por visitala,
Todos alí van por vela
Na sua barca dourada,
Na sua barca pequena,
Donde están dous anxeliños.
Dous anxeliños que reman.
Alí chegou milagrosa
Nunha embarcazon de pedra,
Alí porque Dios o quixo
Sempre adoradores teña.
A pedra, bala que bala,
Sírvelle de centinela;
E méntras dormen os homes,
Ela adomazon lle presta
Con aquel son campanudo
Que escoitar lonxe se deixa.
E a quen o mar con bramidos
Humildosos lle contesta.
Cando as campanas repican
E a música retombea.
Cal nun ceo, po las naves
Da recollidiña igrexa.

Cando os foguetes estalan
Nos aires, e voces frescas
Pol-o espazo, c'as gatiñas
E cos sambores se mezeran.
Entónces a pedra bala
Que anque un cento de presos
Brinca e salta enriba dela.
Coma si fose mociña,
Máis que unha pruma lixeira.
Alegre com' unhas pascuas
Salta e rebrinca con elas.
Chóven entónces presentes.
Chóven entónces ofertas,
Que lle traen os romeiros
En feitiñas caravelas,
Diante da Virxe bendita.
Os pés da sagrada Reina.
E por eso alí lle cantan
Cando se despiden dela:
*«Nosa Señora da Barca*
*Ten o tellado de pedra:*
*Ben o podía ter d' ouro*
*Miña Virxe, si quixera.»*

ROSALIA CASTRO DE MURGUIA.

## FULIADA.

Recibín unha invitación e con ela unha bonita tarxeta a maneira de programa con us letreiros que decian:

FULIADA DE SAN RAMON

1º Roscas lexitimas d' as Petelas.
2º Un pisco-labis de cerveza.

1º INTERMEDIO.

3º Unha hora de paróla.
4º Outra máis dandoll' ás gorxas.

2º INTERMEDIO

5º Lacoada con répolo, a falta de grelos
6º Empanadas de rolaliza.
7º Filloas.
8º Orellas de frade.
9º Mazás canoesas.
10º Viño branco é tinto d' o Riveiro, bastra darlle c'os zocos.
11º Moscatel, Resolio e Garnacha.

Como vostedes comprenderán non era d' o caso que, tratándose de *dar conta de tan interesantes manxares, faltara en a cet cite*: En efeuto: serian as 6 d' a tarde cando me presentei n' a casa d'o meu amigo Armada e despois d' os comprimentos qu' eran d' o caso, tomei asento entre moitos visitantes qu' alí habia, non sin haber votado, unha ollada os surtidos aparadores e sintindo qu' os meus fuciños recollian ó cheirume que deixaban escapar as empanadas y-a lacoada que fervia n'unha grande caldeira.

S' algus de fociños longos qu' eu conozo, estiberan por alí, sin duda que con oliren nada mais, sentirian renacer os seus amortigados espritus.

Logo que pasaron algus minutos, foron eluegando comisiós, chamando moito á miña atención unha que se chamaba *Comisión mista*, composta por rapaces de de todas ás Seuciós d' o Centro, e que traguia un cuadro de felicitación redactado en términos churrusqueiros e pintado de atributos y alegorias, como non habia mais que pedir.

Armada con agasallo y-unha cara mais alegre que unhas pascuas, [pro sin deixar de mirarse ó espello] facia recreución d' os visitantes que chegaban á felicitalo.

Satisfeita a miña barriga, non podo por menos que agradecelo hoxe. ¡O qu' eu sinto é que non fora San Ramon unha vez siquera cada oito dias!

O noso amigo Armada, presentounos ó seu filliño, que parece unha estrela, todo vestido de branco, e c'a medalla d' o Coro colgada ó peito. Pois han de saber vostedes, que desde que él naceo, fixose, quero decir, fixérono sócio de todal-as Sociedaddes gallegas d' a Habana.

Pronto se deixaron ouvir n' a rua os alegres acordes d' un brilante *valse*, que nos puxo penso menos que alelados. Era á Seución filarmónica d' o Coro que con Pereira ó frente viña tamen á felicitar o ben amigo e cariñoso compañeiro.

Despois d' esto presentáronse unha presa de rapaces d' Orfeon, que mandados por Muxia, fixeron entrada'triunfal entr' as alegres exeramacións de todol-os alí presentes.

Muxia, presentou un feiticeiro cuadro ó noso amigo Armada, que tiña o título de *Sócio de Mérito* con que facia poucos dias foi honrado pol-a Xunta Xeneral, solo que Muxia, acordándose sin duvida d' as empanadas, esqueneeu ó discurso que levaba preparado. Do que si s' acordou Muxia, foi de preguntar cantos lacós habia n' a caldeira. ¡Este Muxia non pensa máis qu'en enchel-a á barriga! Pro ten razon: O comer é o primeiro. Sin comer non se pode vivir; o di refran:

Deste mundo
levarás
panza chea
nada mais

O que me puxo un pouco en coidado foi o larpeiro de Brocos. Este Brocos cando lle dá por comer nom para. Cando o vin entrar pol-a porta, dixen pr'os meus adentros: a lacoada, os freixós e todo canto hay aquí hoxe, non chega pra Brocos e iso qu'os perniles d'os lacós contálanse por ducias. Mais como qu' eu sabia o que era este larpeiro, fun d' os primeiros que me chegnei a mesa, pol-o que poidera suceder.

O Coro y-a Filarmonía, alternando, fix'ronos ouvir as mais brilantes pezas d' o seu *repertorio*, que eran moitas veces interrumpidas por grandes aprausos, tan xustos como merecidos.

A eso d' as doce d' a noite os mais larchás deron principio ó *abordaxe* d' a repreta mesa. Tiña que ver como Brocos y'o Muxia tragaban empanadas e lacós. Brocos tragaba os lacós enteiros. ¡Condanado, que tragadeiras ten!

Gayarre, ó tenor que nunca canta e que come menos que unha custureira,sobeuse á unha silla e brindou, porque o fillo de Armada non aprendera á falar mais que en gallego e por que nos sacáramos á loteria. Non hay duda que o *tenor que nunca canta*, ten cousas muy boas. Brindaron tamen Cora.-Armada, Caula e non sei cantos outros.

Despois de tocar un pouco á música, recitaronse poesias que non eran *placiculas*.

As duas d'a madrugada con 80 libras de vapor, abandonei, aunque con sentimento, aquela reunión que segun me dixeron, durou hastr'as 4 d'a mañá.

¡Sabe Dios cando chegará outro San Ramon!

CANTEIRO.

## GALLEGOS DE POR ACÒ.

L. U. GRIS.

Naceu ó rente de Sada
unha noite de fiada.

Suas aficiòs infantiles
saliron zapateiriles.

Foi empleado en Oleiros
e xefe d'os zapateiros.

D'o revés e d'o dereito
sempre foi un lulu feito.

D'os libros d' outros autores
saca os seus versos mellores.




Quixo ser de puntería
e nunca branco facía

Foi de plaxiarios o galo
(sin deixar de ser muy malo.)

O xenio *bravo* que tén
sempr' o trae com' aquí o ven.

Como cuase nunca vía
sempre unha vela encendía.

Bó músico d' aficiom
toca agora o violon.

Pra poder ver mellor
ten lentes de Nueva York.

Soupo bailar con Marina
ó danzon d' *entre Cuabina*.

Ista cruz qu' aquí vedes á ganou
por os versos que n'un tempo
[plaxiou.



Como non é un home ledo
o señalan con un dedo.

(Hase de continuar ¡ind' así eu medre!)

C. SUS.

IMPRENTA: RÚA DE OBRAPIA 24.

SUPLEMENTO A "EL ECO DE GALICIA."

# A GAITA GALLEGA.

## REPINICA MUIÑEIRAS, ALBORADAS E FANDANGOS.

ANO TERCEIRO. N-a Habana: 18 d'o mes de Decembre de 1887. TOCATA 17ª

### FILLOS DE GALICIA

que n-a autualidade cultivan n-o libro ou n-a prensa o dialeuto gallego.—Lixeira idea d' as suas obras

POR XAN RODRIGUEZ DE CEA.

LEMA:

"Solo digo
Que es crimbal desidia en los gallegos
no dedicarse á recogor su idioma
que bien merece algun estudio serio."

*J. M. Pintos*

(*Continuación*)

A

**Amor Meilan [D. Manuel]**

Esquirbeu antre outras unha non despreciabre composicion que leva por epígrafe A MUIÑEIRA; outra, LEMBRANZAS E SAUDADES, romance en que canta as IDEM d' a sua quirida Crara.

Esquirbeu tamén QUEIXAS, n-a que di con gran acerto y-oportunidade:

.....
.....
qu' istes gobernos d' hoxe, cada dia
mais nos cargan á direitos,
contribucións e multas, e fan leises
soila pr' o seu porveito,
digo sempre:—¡Qué leises, que xusticia,
qué igualdá nin qué demos!

**Alvarez Gimenez [D. Emilio]**

Anque non é fillo de Galicia bén pode, pol-o moito que quér á nosa terra, e con especialidade á Pontevedra, seu pobo adoutivo, figurar antre os gallegos que cultivan o noso dialeuto.

Esquirbeu un drama n' un auto y-en verso titulado UNHA REVOLTA POPULAR, o cal outivo un prémeo consistente n'unha COROA D'OURO E PRATA, n-os Xogos frorales de Pontevedra, o ano de 1884.

Como iste traballo non se pubricou, ô menos que nosoutros sepamos, non podemos decer nada respeuto á il.

B

**Barreiro [D. Lisardo.]**

Lisardo Barreiro é un poeta xoven, entusiasta, que se distingue en primeiro término pol-os ispirados versos en que canta á sua adourada Galicia.

A môr parte d' os pródicos d' a rexión pubricaron xa notabres composicións suas, que mereceron dende a sua aparicion o aprauso xeneral; pro Lisardo non outivo a confirmacion de poeta, e de poeta enxebre, hastra o ano 1884 n-a sempre linda ciudá de Helenes.

Reunírause en dito ano n-as tranquilas orelas d' o Lerez varios representantes d' os pródicos gallegos con motivo d'a inauguracion d'o ferro-carril de Pontevedra á Redondela, y-aquiles apreciabres fillos d' a prensa, aporveitaron tan oportunos istantes pra darse unha proba mais d' o seu fraternal amor, dispoñendo a celebracion d' un modesto banquete que tivo lugar n-a fonda d' a siñora viuda de Martines.

N' o momento d' os brindis dedicados todos á prosperidade de Galicia, á peticion de varios compañeiros, Lisardo Barreiro recitou algunhas d' os suas composicións.

Xesús Muruais, que tamen se alcontraba n-o sitio, e que personalmente non conocera antes ô siñor Barreiro, escoitaba á iste con relixiosa atencion; mais ô oucir de lábeos d' o poeta a composicion titulada XOANA, unha d' as mais sentimentales e filosóficas, ispirada e tenra, Muruais, crítico tan ilustrado como esixente, que non se contenta así como se quér en angueiras literarias, levantouse escramando: Bén, moi bén, manífica poesia. Dedíquese vosté con preferencia ô gallego.

Pouco dimpois recitaba Barreiro, sempre á istancias d' os qu' o escoitaban con suma atencion, unha composicion en castellano que lle debeu agradar en estremo á Muruais, por canto iste, n' un arranque de admiracion, repuxo: Dedíquese tamén ô castellano, que n' ambas léngoas sabe vosté sentir e cantar.

Destonces, Barreiro esquirbeu algunhas composicións; mais sempre se incrinou ô gallego.

Alguns meses mais tarde, pubricaba n-a Cruña un tomo de poesías titulado MUESTRAS SIN VALOR, título que non cuadra c' o VALOR, e non pequeno, que teñen as bellezas qu' encerra.

En MUESTRAS SIN VALOR lénse composicións de man mayestra, y-antre elas pode citarse AS TRES HERMANS, lenda de tres pedras qu' hay á orelas d' o mar d'a dita Ciudá.

OS QUINTOS, UNHA BÁGOA e UN RECORDO, distínguense pol-o sentimento que n' elas campea e pol-os orixinales pensamentos d' o xoven poeta.

Fôra d'iste libro, pubricou Barreiro varias composicións mais, en prosa e verso.

Antre as d'esta última crase, non pode pasar en silencio a dedicada á Vítor Hugo, n-a môrte d'iste gran poeta, a cal comenza asina:

«Eu non trayo esas cordas douradas

d' as arpas d' os xénios,
nin cancións d' as que cantan, si cantan
n-o ceo...¡s' hay ceo!...
. . . . . .

onde o poeta dende logo demostra que non é alá moi crido, que digamos, en certas cousas.

Dubida o poeta d' as suas forzas pra cantar á tan grade xénio, y-escrama:

¿Quén s' astreve á trovar os recordos
d' o morto poeta?
pra cantal-o infinito n' hay pruma,
nin côres nin verba.
. . . . . .

Evoca logo os nomes de xénios que, cal relumbrantes astros, brilaron n-a poesía rexional, e dí:

¡S' inda Aguirre ou Añon levantaran
suas frías cabezas,
si s' ergueran co-a lira que dorme
n-as tombas de pedra...
poida ser que fixesen as cordas
soar feiticeiras
e poñer n-a elexíaca coita
reflexos d' estrelas.

Barreiro é, pois, un poeta qu' andando o tempo dará renome á Galicia, sua nai.

**Brañas Menendez [D. Alfredo]**

Anque esquirtor e poeta de méreto, non é seu fôrte o gallego.

Tén, n' oustante, composicións n-o noso dialeuto, de méreto e dinas d' aprecio.

O AVELLON, poesía premeada con ACCESIT n-o Certáme d' a Cruña en 1884, é unha bonita e bén feita composicion, n-a cal se describe unha costume que, segun o poeta, é moi comun en Vilanova d' Arousa.

A derradeira producion en gallego d' o siñor Brañas, é un SAUDO que fai unhos dias dedicou ô eminente dramaturgo don Miguel Echegaray á sua chegada á Santiago, saudo que escomeza:

Anque non teño a fertuna
de conecerte en presoa,
pol-o nome... ¡vaiche boa!...
conézote dend' a cuna.

Dempois de dedicar algunhas frases de cariño á tan distinguido huéspede, escrama o poeta gallego:

E n' este hermoso pensil
qu' escondido eiquí Dios puxo,
botaranche un ATURUXO
qu' ha de chegar á Madrid.

Perdóame iste lenguaxe
e que, sin razon, se metá
á saudar un poeta
UN CEGO D' UNHA ROMAXE.
Pero teño curazon
e non sei, queira non queira,
espresar d' otra maneira
a miña adimiracion.

**Barcia Caballero [D. Juan]**

Este é tamen un d' os bós poetas qu' esquirben en gallego e que n-un libro coleciounaron suas composicións. MESA REVUELTA titúlase iste, n-o cal, si ben se lén algunhas poesías en castellano, debemos confesar qu' a môr parte, y-as millores, están en gallego.

¡VIN EU ELÍ Ó PÉ D' O CARBALLO e CERRADA A NOITE, MORTA DE MEDO, son dous traballos DESCRIUTIVOS pol-os cales pode calquera conquistarse con xusticia o nome de poeta.

O ARCO D' A VELLA, é unha linda composicion que foi premeada en Vigo n-o Certáme de 1883. N' ela alcóntranse ispirados versos coma istes:

. . . . . .
«pol-os dôces amores chamaron
que perto d' a orela
co-as pingotas d' a y-auga tecia
pintadas cadeas:
y-estricando suas alas de prata
c' o sol cintilen,
rebuldando tenderon n-os aires
«O ARCO D' A VELLA.»

PORQUE INDA SON PEQUENO, N-O MEDIO D'A NEGRURA y-outras, son tamén dinas de mencion.

D'a composicion EU MORRO PORQUE NON MORRO, xeito de semellanza de Santa Teresa de Xesús, copearemos os últemos versos:

Por eso ¡ou Dios! dende qu' a y-alma miña
que en tí se garda a sua dicha soubo,
por chegar hastra tí tal se desvive
QUE MORRO, Dios de Dios, POR QUE NON MORRO

N-o certáme celebrado pol-o Liceo de Artesanos d' a Cruña en honor de Rosalía Castro, foi premeada a derradeira composicion que conocemos d' o Siñor Barcia, á cal leva por epígrafe ROSALÍA CASTRO.

## CATRO COUSAS

### I

Contan, que chegando
as pícaras novas
ós quince, andan sempre
c' o trasno às envoltas
Din que n-o seu corpo
sinten unha cousa,
á modo d' un verme,
á facerlle cóxegas;
y-as probes nin rexen,
nin un punto acouban,
nin pillan o sono
nin fan cousa boa.
Mais, coma n-o mundo
non hay mal que poida
chegar á cen anos,
nin corpo qu' o sofra,
as qu' hoxe se queixan,
e xemen, e choran,
por fás ou por néfas,
mañan se consolan.
Vou, en verbo d' esto,
xa que se m' acorda,
á contar un conto
que pica en hestoria.

### II

Gardando unhas vacas

que tiña n-a chouza,
mentras que fiaba
c' o fuso e co-a roca,
sentada n-un valo
topei unha moza,
unha vez qu' èu iba
camiño de Donas.
Chegueime á sua veira
sin s' éla dar conta,
e' dándolle á xeito
c' o sacho n-as costas,
díxenlle.—Antoniña,
¿qué fás, miña xoya?
¿Non ves qu' as tuas vacas
brincaron pra fora?
¿Non ves qu'anque molles
con cuspe as estopas
y-ô fuso antr' os dedos
lle deas cen voltas,
nin xiquera un xeme
medra a mazaroca?
Rapaza...¿en qué pensas?
Fixera unha aposta
á qu' andas co a testa
de todo, revolta.
Ti á eito sospiras,
os teus ollos choran;
nin pode sorrirse
xiquera tua boca!
¿Va que si te deitas,
cando o sono collas,
en cousas d' amores
solasmentes soñas?
¿Va que si despertas,
topándote soila,
á ver qu' a tua dicha
soño, non mais fora,
ou choras, ou sintes
un nudo n-a gorxa?
¿Va qu' hastra n-o aire,
n-o roxir d' as follas,
n-o deitar d' a fonte,
n-ô arrolar d' as pombas,
âs veces, paréceche
qu' unha voz escoitas
que di que te quere,
que di que te adoura?
¿Va qu' hastra n-a misa
fixarte non logras
n-o que fai o crego,
nin rezas nin ôras?
Antona, Antoniña...
¡véxote mal pôsta!
Qu' os deños me leven
si non estás tola.

III

A moza, pousando
n-o chan a sua roca,
mentras que ll' eu falo,
calada m' escoita.
Caud' eu acabara
mírame chorosa;
as fontes d' os ollos
bagullas lle soltan
que mesmo asemellan
o orvallo n-as rosas.
—¡Ay! – dime, limpando
os ollos co-a cófia:
«Morrer eu quixera,
qu' a morte consola,
pois xa se non senten
as penas de morta.
Amábame Pepe.....
co-a miña alma toda
eu decote o quixen
e inda o quéro agora.
Sintinme á su veira
tan bén, tan dichosa,
que, solo de velo,
miraba eu a groria
n-os seus craros ollos;
que n' eles amostra
unha alma d' un ánxel,
coma non hay outra.
N-aquelas miniñas
que luz crara soltan,
mirábanme á eito,
com' unha gaviota,
n-o azuado espello
d' o mar, cando voa.
Chegaron as quintas;
¡que nunca elas volvan!
deixoume morrendo
e foise co-a tropa.
Aló está n-a guerra...
quizais presto morra
de fame ou de frio,
sin pan ou sin roupa;
quizais, si unha bala
n-o corpo lle toca,
o mate ou o deixe
á pedir limosna,
sin brazos, sin pernas,
cego, sin qu' èu poida
n-os seus craros ollos
me ver outra volta.
Quizais de non verme
de min se n' acorda;
quizais terá postos
os seus ollos n' outra!
Si tal eu soubera!
volvérame tola,
y-andando camiños
á pidir n-as portas,
cabo d' êl chegara
pra axustarll' as contas.
Deixárao sin ollos,
sin dentes, sin moas;
quizais o mordera
coma doente loba!
¿E tocante á éla?
Ainda teño forzas
e o mesmo qu' á un polo,
torcéralle as gorxas.
Virxe d' os Remedios!
facede que volva,
que me sempre queira,
qu' as balas n-ó collan,
pois si un ano pasa
sin qu' á velo volva,
co-as penas que sinto,
quizais que m' eu morra.

IV

Pasárase un ano...
Eu estiven fora,
e cando pr' a terra
puiden dal-a volta,
chegou o domingo
e funme co-a dona
á misa d' o crego
d' a nosa parroquia.
Metinme n-a igresia
y-habia unha boda;
mirei cara os novios...
—estaban de costas,
y asin non é moito
qu'os eu non conoza.—
Perginteille estonces
á Pepe de Covas:
¿Quén son os que casan?
El díxome—«Antona,
a filla d'o xastre,
con Xan Figueiroa.»
Comenzou a misa
o crego; acabouna
e axiña sainme;
estando xa fora,
contoume un veciño
todas estas cousas:
«Que Pepe morrera
n-a guerra: qu'a moza
estivo dous meses
chora que te chora;
que logo, ô terceiro,
millor xa se atopa,
qu'ô carto, Xaniño.
buscáballe as cóxegas;
qu'ô quinto beilara
moi leda coas outras
y-ô sesto casaba!»
—Sea n'hora boa!
— dixen eu — n-o sesto
puxo fin á hestoria.

V

Volvínme pr'a casa,
senteime n-a sombra
e, n-os meus adentros,
pensei d'esta moda:
¡Como co-as rapazas,
coma se consolan!
¿Va que xa lle corren
as liñas n-a roca?
va qu'hoxe non xeme
nin ll'os ollos choran?
¿Va que non ten ganas
qu'a leven á cova?
Quén fia en mulleres
non ten nin vergonza,
pois nin pra romedio
s'atopa unha boa.
E certo qu'os homes
tampouco as milloran;
tan tolos son éles,
com' élas son tolas,

—

Decote anda o mundo
rola que te rola
y-as xentes rolando
con él andan todas.
Morren estas: veñen
outras xentes novas,
y-o mundo, entramentres,
sigue dando voltas.
E dempois eu dixen
pensando en Antona;
«En can que coxea,
en mimos de sogra,
parola de xastre
e bágoas de moza,
¡d' o deño quèn fie
n-estas catro cousas!»

Benito Losada

## A CAMA D' O SANTO

[Un conto.]

I

E un sitio bendito. Así o dí a xente.

Está n-a miña terra, n-o monte d'o Confurco, un monte alto onde soilo hay outeiro, toxos e carrouchas, bestas bravas, algunhas vacas e ovellas. Pr' o lonxe vese Rianxo, unha vila pequena con pintas brancas, unha paloma cuase negra: alá mais lonxe vese tamen Vilagarcia, unha vila mellor con pintas negras, unha paloma bonita, e vese Vilaxoan, a Arousa toda, o mar d'a Prola.

Tén o Confurco a forma d' unha forcada que mira ô mar; e n-a galla direita, n o mais alto d' ela está o santo, o santo Sanamede, e sua cama preto d' él, unha cama de pedra. Entr' os gallos d' a forcada, hay un sitio lonxe alá abaixo, un sitio fondo, e n-o fondo d' él un rego, que non tén de rio mais que d' home un neno que nace. Alí á veira d' o rio está o camiño de Rianxo e Vilagarcia, o camiño que ven de Noya. Alí houbo n-outro tempo unha carballeira, ond' os ladrós d' a gabilla de Tasende, levaron á Albora un veciño meu, dempois de roubalo, e atárono á un carballo, de noite.

A capilla de Sanamede é vella, ninguen sabe cando se fixo. Pro todos saben, porque o dí un letreiro que hay enriba d'a porta, que a compuxo n-o outro sigro un cura de Tallara, un cura bô d' a miña parroquia, que fixo moitas cousas n-ela, e está o corpo santo n-unha cova d' a sancristía.

Sanamede foi rico, porque hay santos ricos tamen, e hoxe é probe, dou en baixeza; pro dou o que tiña, as suas rendas, leiras e monte. Dábanlle tamen moita limosna, trigo, centeo e millo, nebiña e allos, galos e polos, o que levaban pra él, e un pouco d' o que traían pra vender n-a romería, e ll' o daban pra que o santo ll' axudase á vender ben. Si os taberneiros non lle daban viño nin as mulleres d'o polvo (1) un prato de peixe, era porque sabian que ô sancristan lle gustaban moito estas lambadas.

¡Cánto m' acordo d' esa romería! Eu iba á ela todol-os anos. Pol-a mañá cediño, ô albrexar o dia, iba miña aboa, que levaba as peras orraeas pra vender, porqu' estonces xa non se cantaba:

«As cereixas s' acabaron,
a mais froit' ainda non veu;

(1) Pulpo.

o mes de Santiago
é pelado como eu.»

Eu iba co-as vacas promeiro, e cando o sol xa picaba e as moscas lle facian levantar o rabo ás vacas levábnas muy contento pr' a corte, pra irme mais axiña pr' a romería. Pro algunhas veces picabam' a mosca á min primeiro, e eu estonces poñiallo ás vacas; facía eu d' abellon e decía: «¡Pica rabela!»

O qu' eu quería era chegar á misa mayor, oir todol-os foguetes, o gaiteiro tocar, cantar os cregos... ¡Qué bó era aquelo! Corría, corría moito pra chegar á tempo. O que mais tempo me levaba era a costa de Carantoña: tiña que subir, subir moito, pro ¡que alegría cando xa estaba n-o alto d'a costa! Nada via nin ouzaba hasta alí, pro chegado ó alto, via detrás d' ela n-un fondo pequeno, a romería, via a capilla, sobreiras ó redor, e xente, moita xente.

O promeiro que facía era ver a miña aboa. Dábame peras, e mollaba a boca co-elas. Dempois rezáballe ó santo: dáballe dous ichavos de catro que miña aboa me dera pra él, e traíalle á ela un ramo de mirto bendito, que me deran pol-o carto. Sin o ramo, maxinaba miña aboa qu' eu me gardara os catro ichavos pra rosquillas.

Meu pái, qu' inda hoxe non perde unha rundia, iba tamen á misa maor. Dempois d' él viña a nai co-a cesta d'o xantar. ¡Que gusto daba! 'A sombra d' un outeiro, mirand' ó mar, comíamos as empanadas; a peseada guisada e fritida, o pantrigo que miña nai trouxera. Nin faltaba o viño, unha bota chea d' él, que meu pai deixara disposta n-a bodega, antes de marcharse pr' a romería.

¡Cánta xente todo por alí entr' os outeiros, xantando! Os de Tallara e Lousame, os de Macend' e Bialo, Cespon e Boiro...Nin faltaba a xente d' a vila, a xente de Noya, que ben cediño pasou enchend' o camiño por diante d'a nosa porta. Mercaba alí empanadas, polvo e outras cousas, e non deixaba de facer tamen unha festa boa.

O cura d' a parroquia xantaba n-a sancristía c' os seus amigos. Alí tiñan feixes de mirto non bendito ainda, e guindábano n-o chan: facían unha cama de mirto, e deitados n-ela xantaban. O mais contento era o sancristan cando iba buscar viño n-un xerro. Tardaba moito e nunca o xerro viña cheo.

Hoxe a romería de Sanamede non val tanto. Din que n-a Proba hay un Sanamede novo, que lle rouba a xente ó noso santo de decote. ¡Qu' entrometida é sempre a xente nova!

## II

Todos querían ser donos de Sanamede: o cura de Tállara, que d' esta parroquia é o santo, o de Lousame e Bialo.

Formouse un preito, e preitearon os tres curas. Pro o de Tállara era mais letrado. ¡Ben m' acordo d' él cando eu era pequeno, e d' as copras que as rapazas lle cantaban cando él non ouzaba!

«Tan rapaz, mozo bonito
que non se pode casar,
o noso curiña Raña
non deix' as mozas bailar.»

A capilla está n-os terreos de Tállara, pro muy preto tamen d'os de Bial' e Lousame. O mais cabezudo era o cura de Bialo, que decía que o santo apareceu n-os terreos d'a sua parroquia, qu' esto ben o dicía a sua cama de pedra.

A *cama d' o santo*, está n-a mesma galla d'o monte que a capilla mais preto d' a punta d'a galla. Entr' a capilla e a cama hay a carreiriña d' un can.

E unha pedra muy grande, un outeiro bó, de canteira brava. Está partido pol-o medio, como si con unha machada o fenderan. Os dous anacos, pretiño un d' o outro, fan unha regaña ancha é fonda. Alí, metido n-a regaña, din que apareceu o santo, antes de facel-a capilla.

Todol-os santos son abogosos d' algo: sant' Outeiro, d'a rabia; santa Bárbora, d'os tronos, e d' o sol e chuvia calquer santo. Sanamede é abogoso d'a barriga. ¡Cántas mulleres y-algús homes fregaron a sua contr' os dentes d'a pedra brava, pra saudar os seus doores d'a barriga! O santo estivo alí noite e dia ó recio. Padeceu d' a barriga, e o que tén doores d' ela vaise alí, á *cama d' o santo*, á rezarlle: déitase de barriga sobr' unha d' as pedras, mete a cabeza n-a rendixa, e rézalle.

¡Cántas xentes, anos e anos, foron alí á rezar, e quen fora pedra pra velo e contalo!

O outeiro, por onde se sube de gatiñas, foise gastando, e gastouse ainda mais o sitio onde a xente se deita e frega a barriga: Hoxe hay n-a pedra un camiño, e n-o alto d' ela unha cova, unha cama ben lisa.

Esta é a *cama d' o santo*, n-os terreos de Bialo.

O xuez d' o preito, eu non sei si foi Mora, pro sei que non foi ningun Xinebra, ¡era ben espabilado, un Salamon! díxoll' os tres curas, que n-o mesmo dia e á mesma hora saisen os tres en procesión dend' a eirexa d' a sua parroquia, e que o santo sería d'o cura que chegase promeiro.

Todos tiñan que rubir, que rubir moito, hastr' o mais alto d'a galla direita d' o Confurco. Os que menos tiñan que rubir eran os de Bialo. Os de Tállara tiñan que rubir mais, que rubir mais que todos.

Xa sairon d' as suas eirexas: xa os de Lousame chegan ó Seixido, á casa d'a Gorriano; pasan por Carantoña os de Tállara, e os de Bialo, pra ter forzas, botan un vaso n-a Armada. Pro estos que tiñan xa unha gota, tropezan n-as pedras e dando coteladas mais senten o dolor que chegar tarde. Os de Lousame teñen mal xenio, e perden o tempo berrando ue c' os outros. Soilo os de Tállara, que son muy devotos e non teñen dolor d' o corpo, corren dereitos e caladiños, e suando, suando e rubindo, rubindo, chegan os promeiros á capilla d' o santo.

O xuez fallou o preito en favor d' os de Tállara. Esta era a xusticia.

## III

¡Cántos milagros leva feitos o santo! Contarei un d' os mais grandes, aunque pena me da contar cousas d' a mocedade, por aquelo de que a miña xa pasou.

O Droliño era unha rapaza bonita, unha rapaza d' as festas, alegre com' unhas castañolas. Daba xenio a sua cara de cereixa aviñada e aqueles ollos de frol de liño.

Eu non sei que viña buscar ó serau ás brañas de Pascoal, Xan de Berrimes; pro viña todal-as tardes, e non s' iba d' aldea hasta cantar o galo á media noite, aquel mozo forte com' un carballo.

O Droliño agardaba decote por Xan n-as brañas, qu' él viñese á axudarlle á erguer o cesto d' a herba.

Un serau detuvéronse mais que outras veces. Tiñan moito que falar e palicaron hastra que a lua xa viña. Xan estaba de pé, co-a ligoña metida n-o rego, e como era ligoña de rabo largo, ligoña de regar, Xan fincaba n-ela as maus e n-as maus o queixo. O Droliño estaba sentada, sin levantar os ollos: facia nudos co-a púnta d' o mandil, e falaba pouco. Eu, que pasei por alí, maxinei que Xan algo lle pedíu ô Droliño, e qu' esta non estaba muy dadivosa. Non sei que lle pedía Xan, pro ela falaba d' o confesor.

Dempois de latricar os dous, e como a lua comenzaba á enseñar un corno, trataron de marcharse. Ergueuse o Droliño, recolleu a ligoña Xan, e fóronse os dous achegando ô cesto d' a herba. Quirian erguelo, postos de cara o Droliño e Xan. Eu non sei o que se dixeron nin que lles pasou estonces, pro sei que ô Droliño barréuselle a vista e caeu. Non-a levantou Xan, que tamen caeu.

Non habia auga n-a braña, pro bastaba o orballo pra facerlle mal ô Droliño. Nunca ben lle foi dend' aquela noite. Mazouse aquela cereixa aviñada, a fror d' o liño quedou como si caera sobr' ela o lóstrego, e triste dend' aquela, esta fror sobada xa non foi a fror d' aldea.

O pior eran us delores de barriga que non-a deixaban. Ofreceuse ô santo Sanamede á levarlle unha barriga de cera e á fregar a sua e a de Xan contr' a cama d' o santo. ¡Santo benditol Fixo n-o Droliño un verdadeiro milagre.

Era esto n-o comenzo d' 'Outono. 'O facer os nove meses compretos dende que Droliño s' orballara n-a braña, sanou de todo. Xa estaban casados, e o 10 d' Agosto, o Droliño, Xan e un rapaciño de pouco mais d' un mes, que o Droliño levaba n-o seu colo, iban pra romaxe, á cumprir a promesa feita. Déronlle ô santo a barriga de cera; foron â cama á rezarlle, fregaron as suas barrigas, alí, contr' a pedra, e dempois, á todal-as rapazas qu' encontraban n-o camiño d' a cama d' o santo, agarradas c' os mozos pol a mau, lles decia o Droliño:

«Si querés vivir alegres decote,
non orballeis a barriga pol-a noite.»

F. R. B.

O 10 d' Agosto d' ano 86, n a romaxe, á sombra d' un outeiro.

## A FEIRA D'OS NENOS

O Xan de Madarnás vai car' a festa
alá pr' o Carballino,
qu' é festa d' o Setembre, y-hay muñeira,
rapazas, carne, pulpo e mais bô viño.
A fé, dá xenio velo
c' o seu chapeu de feipa e faixa nova,
e chaqueton de pelo,
y-a bufanda envolveita n-a corcoba;
baixando vay a costa con gran calma
que parece un fidalgo, for'a y-alma.
Chegou, por fin, â vila,
e foi botar tres copas d' augardente
d' a mais mellor d' a terra, qu' entre xente
e parba que s' estila;
mais tarde foi xantar, e pol-a traza,
de pulpo, pan, e netos
encheu mais o bandullo qu' un borrego:
despois foi dar un borde pol-a praza
c' os bofes ben repretos
arrotando decote com' un crego,
indo, logo o rapaz, con fumes tales,
á botar unha ollada ôs soportales.
—¡Oye chica!—(escramou berrando preto,
ô pasar por alí Sabel d' a Esgueba):
anque osté no s' estreva,
m' estrevo yo á falar, mas... con respeto.—
—Non te vira, inda eu arda, desemula.
—Aun tovía lo dudo, sin pergiicio,
te guro por la mesma santa Bula
que dende que yo viñen del servicio
reloucaba por verte,
y vamos... qu' inda tiven buena suerte.—
Así, Xan, principiou, muy espelido,
chegándos' á Sabel, con cortesía,
mentras ela, calada, retorcía
as trenzas d' o mandil, d' azul tinguido;
os ollos d' a Sabel eran espellos
en donde se miraba, Xan, decote:
roxo pelo, xentil, lábios bermellos,
dengue de grana e saya de picote.
Tal eran, mais ou menos, d' a rapaza,
os feitizos que tiña, á sua traza.
—Non mintas—repricou Sabel tembrando,
—Gamás usó de chanzas mi presona,
pues siempre yo t' estiven reneubrando
en todas mis esquelas de Fanfióna.
Al!... si tu me viras... ¡qu' elejante!
en trague d' artillero!...
el mesmo comendante
cobizába mi cuerpo y mi salero:
¡qu' andrómenas armaba con las chicas!...
¡los mesmos entremeses!...
y-aljunas eran ricas,
del tronco de fidalgos y condéses:
en verba d' hermosura, no é topado
tovía, quien te hubiese aventagado.
—¡Si son, ou non son guapa po'-o dia
eu ando á veira d' elas.....
y-alí...tanto me ten, e non t' estranes,
—Me agrada tu falar, ¡por vida mia!
y tengo de jastar unas *cadelas*
contigo, mi Sabel, y no te asañes.—
E sin falaren mais, perna tras perna
entraron muy xuntiños n-a taberna.

.....

De noite, Xan, andivo co-a rapaza
non sei por qué camiños..y-ás escuras..
de sorte que por mor d' estas loucuras
volveron tarde á praza.
Non viron nin os grobos ni-os foguetes,
pois fóiselles o tempo en dar monxetes..
e dironlle remate á tal xornada
c' un biquiño n-a Esgueba á madrugada.

.....

Pasados algús meses, eu vin solo,
á probe d' a Sabel, por un acecho
d' a casa, c' un necréme n o seu colo,
dicíndoll' ô curmau mais pequerrecho:
—¿Ti ves este miniño? ..
merqueino, pouco fai, n-o Carballiño.

ROGELIO CIBEIRA

## REFRAS GALLEGOS

Onde allos ha, viño haberá.
Onde allos ha, cebolas se collen.
Onde capan, escapan.
Onde hai, sai.
Onde irás, boi, que non ares? A Casares,
Onde irás, boi, que non ares? A cortadurria.
Onde moitos cospen, lama fán.
Onde non hai fariña, todo é riña.
Onde o crego canta, elí xanta.
Ondo non vexas corpos, non botes carga.
Onde quitan e non pón, logo chegan ó fondo.
Ond' hai galo, non manda galiña.
O ouro corre pr' o tesouro.
O pan de trigo fixoo Dios, y-o de millo mandoun-o facer.
O pantrigo e centeo, mais val n-a barriga que n-o seo.
O primeiro millo é pr' os paxaros.
O que á feo ama, bonito lle parece.
O que afora, bota fora.
O que come pol-a mau d' outro, come moito e engorda pouco.
O que de alleo se veste, n-a calle se espe.
O que dá o que ten antes que morra, merece lle den c' unha cachiporra.
O que d' o seu fai alleo, meta pallas n-o seo.
O que dá o que ten á quen-o entende, non-o dá, que ben-o vende.
O que debe e paga, fai unha festa.
O que debe e paga, viste camisa lavada.
O que e bo pr' o bazo, é malo pr' o figado.
O que espera, desespera.
O que fala mal d' a egua, é o que a leva.
O que foi e non é, é como si non fora.
O que lonxe vai casar, ou ten tacha ou bai buscar.
O que ll' has dar ô rato, darll' ô gato.
O que non bima, non vindima.
O que non cria, non pia.
O que non comeu allos, non cheira á eles.
O que non está afeito às bragas, as costuras lle fan llagas.
O que non queira ter cás á porta, que bote á cadela fora.

*(Continuará.)*

## O MAGOSTO

[FRAGMENTO]

A noite de San Andrés
crara como unha de vran
c' un bo rebolo n-a man
e a chupa d'o rivés
eu iba a paso de can.
C'o meu pau á cangalleira
caido à teima o chapeu
atruxei de tal maneira
que tembrou a carballeira
soando ò atruxo meu.
Aló n-a veira d'o rio
oyeuse outro forte atruxo
e dimpois un asubío:
era Alberto d'o Carruxo
que anda de noite ò recio.
Logo que o paso apretei
achámonos frente a frente,
rosmoume, eu tamen rosmei,
que anque o Carruxo è valente
a min non me pòn a lei.
Ancho sombreiro de palla
con tres buratos n-a copa
por onde o pelo s' espalla,
brancas cirolas d' estopa;
tal era a sua pantalla.
N-a man traguia ademáis
gordo fungueiro d' un carro
que era furtado quizáis,
n-a boca aceso cigarro
cuspindo á uso de Cáis.
Borrr! ¡quèn m'a empata,carau!-
decia Alberte bruando,
eu contesteille roncando
poñendo a xeito o meu pau
e fómonos achegando.
—Farruco!-Alberte!-¿Logo èlo?
—¡O mesmo!—¡Ai, bato a min!
—¿E de onde vès, pelegrin?
—D'o moiño d'o portelo.
—No atruxar te conocin.

FRANCISCO AÑON.

## CASOS E COUSAS

Nou se viron en pequeno apreto dous namorados de Monforte o derradeiro domingo.

Sairon de riola pol-os agros seica pra lle dar un verde ôs ollos ou pra esparexer as pernas. Estando lonxe d' a vila escomenzou a chover e non tendo onde acocharse metéronse n-un palleiro. Dous mozos d' eses que sempre dispoñen de vagar velaron a parexa, e dempois que se convenceron de que alcontrara acomodo n-o palleiro, pian pianiño fóronse poñendo a rente d' a porta, e como quen fala n-a confianza de que ninguen o escoita, finxindo que tiñan unha disputa, escomenzaron a falar d' a comenencia de lle por ou non lume ô palleiro.

Un d' eles apurando a verba c' o pensamento d' escorrentar ôs namorados pòlos, dixo con xenio: «teño dito, hoxe ou lle poño lume ô palleiro ou deixo que me coman os lobos.»

E como aquel que leva o dito ô feito, escomenzou a alcender mistos d' eses qu' estralan e que deberon resoar n-os oubidos d' os namorados com' un trono.

Nin por aquelas indireutas se deron por entendidos. O amor que os queimaba doulles valor e forza n-o espritu pra resistir a queima d' os corpos. Promeiro queimados que descobertos, dirian pra contra sí os namorados.

Un sabio d' Italia díu á luz un magnífico traballo n-o que se tasa o que valen as mulleres n-as terras salvaxes, que n-as nosas terras non teñen precio, pois ou andan tiradas pol-os bulleiros cuasementes de balde ou non se chega á elas como non sea no pé d' o altar d' a parroquia.

Vexamos a tasa.

Entr' os catres vale unha muller garrida setenta e cinco cabezas de gando. Como si dixéramos: cento e medio de cornos. Non me pasma; sin ser n-a Cafreria cústanlle outro tanto á moitos algunhas mulleres.

N-o estado de Mishmi n-a India cóntanse por cabezas de porco e val cada muller xeitosa vinte marraus.

O precio paresme caro: con coarenta xamós e vinte cachuchas, n-a nosa terriña faise calquera, diputado provincial, xuez d' a mantela ou alcalde.

En Timor as esposas custan douscentos búfalos. Por acó por alá se van, pol-a razon de que dempois de se casaren, as mais d' as mulleres cústanlle ós seus maridos douscentos bufidos.

Entr' os lamoxedas páganse por unha muller solteira coarenta rubros de prata, duas pelicas de zorro, seis varas de paño roxo, un pote de ferro e catro pelicas de castor. Estos xa son chirimbolos de máis pra unha muller sola. Algús que non teñen tanto pra mercalas, róubanas.

En España non precisan as mulleres de pelicas de zorro porque s' azorran os maridos, nin contan c' o pote de ferro, porque os namorados, pol-o menos n-os falares, non sinten apetencias de xantar; danse por satisfeitos con pan e cebola.

Os orampos dan pol-as mulleres duas vacas. Fan como San Brun, que daba cento por un.

E por último, os balakai mercan as mulleres con dentes d' elefantes.

Entr' os salvaxes pol o que vexo non se conocen as sogras, pois de conocelas farian os tratos de mercar mulleres asegun fosen: con sogra ou sin ela.



En Vilar de Barrio viven tres mozas churrusqueiras que sinten antoxos de parolar c' o *patron d' a Portela*.

¿Tres e con antoxos? ¡Arrenégote demo!

Moita herba moura crece n os lameiros de Vilar de Barrio.

D' ir eu por aquelas terras, dinme tamen, que m' agasallarían con lacon, bullós e cachelos.

Pol-o menos de fame non morrería, e Dios sabe o que lles agradezo a intencion.

Pero, ¿y-o viño? ¿Non habería unha cuba carballa que villar?

Eu sin turrar pol-a pinguiña non teño ánemos.

Esas tres rapazas son o demo en figuranza de mulleres. Aténtanme cando xa vou pr' as ancollas, e pra millor bulrárense de min bótanme o gancho con lacon d' os porcos d' a casa, con bullós feitos pol-as suas mancifias, e con cachelos cocidos n-o pote onde se fai o caldiño pr' elas.

Co-esto, co-a pinguiña e co-as suas rebolidoras faladurías, co aquel guiñar d' os seus churrusqueiros olliños, sentado n-o escano d' a cociña, veira d'o lume, entre párrafo ven e traguiño de viño vai, ¡ay nunca Dios me dera! rezusitaba d' un vello enganido en mozo feito e direito.

Pro non podo facer o viaxe pol-a mor de que xa non me rixen as pernas, e de que non me goberno solo pra me deitar n-a cama.

Agora si as tres xoifias non sentisen escrúpulos en me deitaren nin en dárenme unhas fregas pra escorrental-a reuma, enton non terei outro bagar de mais presa que poñerme en camiño. Inda que quede n-a estacada.



Non é conto. Pasou como vol-o digo. Hay testigos contestes que o contan.

Alcontrábase parindo unha filla d' as terras andaluzas, d' esas que teñen gracia inda facendo a carantoña.

Como de costume o nécoro viña de malas ganas ô mundo. Xa n-o craustro materno ventamos as que nos agardan e facemos a doca pra sair á luz.

A esconsolada nay en vísperas adoecia c' os delores. O médeco recomendáballe pacencia, cousa que pouco traballo custa recomendar ós que teñen a seguranza de que non han de porse á parir.

O marido estaba diante acongoxado e tremendo, sin pestanexar nin dar un pio. El era o causonante d' aquelo.

A muller n-unha arrautada, non podendo resistir máis e por desafogar de calquera xeito, escramou:

—¡Azú Azú debe ter unha cabeza tan grande com' o burro d' o seu pai!

—¡Tés razon muller tés razon!—Escramou o pai, que coidou que a sua muller seguia queixándose d' o que tardaba en sair d' o paso.

Pra que non vaya o preito á Cruña eu tamen lle dou razon.



Segun me dicen de Maceda, unha moza—rarezas d' as mulleres—ten sete cortexos, un pra cada dia d' a somana.

C' o promeiro vay ás festas; c' o segundo ás feiras; c' o terceiro á misa; c' o cuarto fala n-a casa; c' o quinto divírtese pol-o dia; c' o sesto divírtese pol-a noite, e c' o sétimo vay pol-o viño á bodega.

Eiquí tendes unha rapaza que non perde o tempo. pro non lle arrendo a ganancia. Os xogos c' o sesto pol-a noite non me chistan.



Un laberco d' Estrada, seica pra se bulrar de min, escribíume perguntando que si as mulleres son escopetas, onde teñen o gatillo.

¿Onde han telo?

Arrente d' a culata.

Solamentres con seguir a comparanza o mais boiro daria co-a resposta.



¡Xuncras de viño novo! Dous zapateiros d' esta vila foron á catalo, non por beber, sinon pra s' enteirar de como andaba o nagocio.

Un d' eles contentouse c' un neto; outro bebeu á fartura. ¿Pra que se parar en picalladas?

O que bebeu, él e mais a tabernoira sábeno pro debeu pasar d' a marca porque caín de bruces n-o chau e fixo á maores un pote n-a cabeza; pote que deitaba sangue como auga os que ferven á cachon.

MÁRCOS D' A PORTELA.

IMPRENTA: RUA DE OBRAPIA 24

SUPLEMENTO Á «EL ECO DE GALICIA»

# A GAITA GALLEGA.

*REPINICA MUIÑEIRAS, ALBORADAS E FANDANGOS.*

ÉPOCA 2ª | N·a Habana: 20 d' o mes de Santiago de 1889. | TOCATA 1ª

## OUTRA VEZ.

Cada pobo ten as suas costumes é cada maestro o seu libriño. N-esta terra, poñemos por caso, hay quen di que non pode comer sin aguacate. Os nosos labregos, pol'a contra, gustalles moito á gaita. E non lles fa ta razon. Naceron o son d'a gaita, e-o son d'a gaita pagan as contribuciós, danos fillos o goberno, traballan prá qu' outros coman, cargan con toda crase d' inxusticias como Xesus cargou á cruz n'o monte d' o calvario; e logo, en pago de tantas gracias se non dan co a testa n'a soleira d'a probeza teñen que fuxir pol-as portas d'a emigración. Por eso piden á gaita: cand' á sinten tocar, alegraselles á y-alma e logran escorrentar un pouc' á nostalxia qu' os ten amorriñados. Eiqui estamos, pois, dispostos outra vez á tocar muiñeiras, fandangos e todo o demais que se pida, unha vez o mes, cando menos.

Conque, veña d' aló: un ponco de viño boo d'o Ribeiro pra mollar á palleta, e ala que xa.

### A FONTE D'O DEMO.

¡Cantas meiguerias
Hai n'a miña terra!
Un hom' á unha moza,
Por moito qu'a queira,
Esquencela pode
Si bota unha mexa
D'a súa camisa
N'a manga dereita;
As pernas d' un sapo,
Dempois de bèn secas,
Postas sobre'o peito
De calquera nena,
¡Fan qu'ela descobra....
¡O que non quixera!
O que toma un baño
De San Xoán n'a véspera,
Xa tèn de seguro
A fertuna feita....
(Si non colle un punto,
Qu'é cousa mais certa),
S'ó sair d'a casa
N'o tempo d'a sega
Un home casado
Atopa unha vella,
Sinal de que logo
Lle morre á parenta.
Y-en fin, otras muitas
Cousas como estas,
Que teñen pr'o caso
Semellanza...., ¡a mesma,
Qu'a que tèn *aquelo*
*Co-as catro* témporas!
¡Cantas meiguerias
Hai n'a miña terra!

— 1 —

Pois, señor: antr'as moitas crèenzas
Que tèn o meu pobo,
Vou contarvos á mais pelegrina....
(E vaya de conto)

—

N'o camiño que vai car'a Igrexa
Y-ó pé d' un cruceiro,
Unha font' hai, que chaman as xentes
A fonte d'o demo.

—

Y-as mulleres qu' aló pol-a noite
N'a fonte se sentan,
¡Coidadiño, que n' abran á boca,
Qu' entr' o demo n' elas!

—

E dempois, moi calad' e moi quedo,
(Qu' o demo é moi pillo)
Din n' aldea, qu' é cousa segura
Que lles fai un fillo.

—

Certo dia, atopou n' o cruceiro
Anton á Carmela,
E-alí.... séi qu' estiveron xuntiños
Unha noit' enteira.

—

Eu non sei tanto temp' os dous xuntos
Que ravo farian;

Solo sei qu' Antonciño marchouse
O romper d' o dia.

—

Vend' os pais de Carmela qu' a filla
Faltaba d' casa,
Tod'a noite por for' andiveron
Por ver s. atopaban.

—

E por fin, xa cansadol-os probes,
Pol-a mañan cedo
Sentadiña topárona.... ¡á veira
D'a fonte d' o demo!

—

—«¿Ti que fás?» Arrabeádos dixeron
Os pais ó mirala;
Y-ela dixo, baixand' os olliños:
—«¡Eu..... non fago nada!»

—

—¿«Onde demo estivech' esta noite!
¿Que rayo fixeche,
Qu' andivémoste tolos buscando
E non parececheⁿ?»

—

—«Non me lembro; quedarme durmida
Debin eu por forza....
Solo sei.... qu' esta noit' acó mèsmo
Abreusem' a boca...»

—

«Y-o abrila.... unha cousa moi grande
Metéuseme n' ela.
E dempois... nada sei... nin tampouco
Que cousa era aquela.»

—

—«¡Santo Dios! (os seus pais escramaron)
¡Estamos servidos!
¡Foi... qu' o demo metéuseche drento,
E fixoch' un fillo!»

—

E chorosos, c' a filla, pr' a casa
Marcharon decendo:
—«¡Infelis d' a muller qu' abre à boca
N' a fonte d' o demo!»

— 2 —

Correuse po-l-a comarca
O meigallo de Carmela,
E-asustada foi á vela
Tod' a xente d' o lugar:
Y-ó mirar cal lle medrába
O buche dia tras dia,
Ademirada decía:
—«Esto, en qué vir' á parar?»

—

E-alguns mal entencionados
Pensaban, qu' a-criatura
A seu pai ¡cousa segura!
Tiñase que parecer;
Y-as vellas, aconsellaban
Matalo... ¡qu' o fin y-ó cabo,
Hastra de cornos e rabo
Tiña o probe que nacer!

—

¡Probe Carmela! N' aldea
Non houbo vella sin vello
Que non lle dese un consello
Prá facela malparir;
E'pra renegar ó demo,
Puxéronlle senapismos,
Botáronll' os esorcismos,
¡Y-a probe.... deixabas' ir!

—

¡Hastr' á past' auga bendita
Sin sede à beber lle deron!
Y-en fin, tanto lle fixeron
Seus veciños e seus páis,
Qu' a barriga de Carmela
Parescía qu' arrabeáda
Sin facer caso de nada,
Medraba cada ves mais.

. . . . . .

Pasaron uns nove meses,
E Carmela tivo-un neno,
Branco, bonito, pequeno,
E mais listo qu' un salton;
E con asombro de todos,
Ó demo n' asemellaba.....
¡Que n' aquela cara, estaba
Pintad', á cara d' Anton!

— 3 —

O mèsmo dia c' o fillo
D' o demo tivo Carmela.
Pasando car' ò lugar
Po-l-o camiño d' a Igrexa,
Vin' qu' acaron d' o cruceiro
Y-á veira d' a font' aquela,
Rebulian moitos bultos,
E-acerqueime.... ¡Ou gran sorpresa!
Sentadas en roda estiban
D' a famosa font' à veira.
De tod' aquela comarca
O menos.... seiscentas ¡vellas
Mirand' os caños d' as augas
E todas c-a boc' aberta...!
Esperaban.... esperaban....
Mais o demo.... ¡¡¡nin por esas!!!

ENRIQUE LABARTA.

## A RAYOLA DE SOL.

Furaba, furab' á rayola por antr' as tellas molladas e cheas de mosgo, n-o que buligaban aind' as últemas pingotas d' orballo, somellantes á cristaiñas pelras; furaba, furab' á rayola d' o sol, caindo obricuamente n-o lar, medio envolt' en sombras, e soyo, com' a probeza. Non s' escoitaba romor algun, somentres de cand' en cando, aló n-un curruncho, o can remexiase n-o seu leito de pallas algun rato, cruzaba pol-o leito de pontós de pino, ou algunha cucaracha perdendo o equilibro, daba

c-o seu corpo n-a terra, facendo a-o reventar un seco e tristeiro chasquido.

E tudo tornaba á quedar en silenzo. Súpeto, un gato, negro com' as amouras, entrou pol-a porta d' a cociña, e paso, paseniño, foise arrechegando á rayola d'o sol que facia n-o chau unha franxa de luz; quedar o gato, baixo a rayola, estricóu-as suas debres pernas tudo canto puido, arquexóu-o seu corpo, facendo brilar ô sol á sua pel, fina e lustrosa, é deitóuse n-o chan, coma si quixera recoller n-o seu corpo tudo aquel calor é tud' aquela luz que se filtraba por aquel buraquiño d'o tellado. Non tiña duda; á dona-ou dono d' aquel lar hachábase fora, pois alí non s' escoitaba romor algun qu' acusar' a presencea d' un ser humano.

N-a rayola d'o sol buligaban milleiros de átomos e microscópicos bichos, de tudol-os coores, verdes, azúes, roxos, dourados, anacarados... e tudos beilaban, brincaban, coma s' aquela rayola fose-o eido d' unha romaxe y-os átomos e inseutos, os romeiros que c' os seus traxes de mil coores, dan alegría ôs ollos.

Y- ô tempo que n-o ceo, o sol iña camiñando car' Ocidente, iña tamen á rayola correndose coma si camiñase tamen c-os milleiros de pés invisibres d' os inseutos e lixos.

Pol-o soya e pol-o calada, somellaba, aquela estancia, o lar d' as bruxas d' os contos vellos; á maxinación tola dábase á pensar cand' óllaría saír d'a pequena porta aberta n-a parede, algunha meiga, algunha bruxa, ou algun trasgo envolto n-a túneca negra con qu'é fama que se presentaron sempre ôs homes.

*
* *

A porta abriuse e saiu á meiga ¡e ben meiga qu' era!

Saiu, pro non envolta en negra túneca, sinon cubert' o seu corpo xentil c'o traxe pintoresco d'as nosas montañesas.

Axustaba o dengue o sou corpo xentil; e parescia qu'os seus coores, reflexábanse n-as meixelas d'a rapaza, asegun o roxas qu' as tiña. Seus ollos eran azúes com' as augas do Mandeo n-as que se refrex' o mais puro d'os céos; seu corpo era xeitoso, seus pés feituquiños e brancos com' as folepas d'a nave. Morena e garrida,, poucas podian uñanarse e campar á sua beira en todo cant' a vista ollaba endes d' o monte de Santa Marta, ou Guisamo, Rois e todos aqueles pobos d' alí preto.

Saiu á nena axustándos' o dengue ô seu corpo, y-ô pasar por baixo d'a rayola d'o sol, calquera qu' a ollase non tiña mais remedio que ceibar un grito d' ademiración. Era un abanqueiro de fermosura e de gracia.

Os seus ollos parescian más azues, tomaban destellos mais brilantes; o castano d' os seus cabelos, parescian madeixas de finisima seda e n-elas a luz d' o sol esparramábase facendo xogos incomprensibres de coôres, tomando n-un mesmo punto, endesd' o negro do azahache hastr' o dourado mais subido e mais buligador; era un ensono d' artista aquela testa xentil e fermosa; era un corpo dino do cincel d'o inmortal Ferreiro aquel corpo xeitoso e d' as mais puras é correntes curvas.... Posta á rapaza baixo d' a rayola parescía pol-o fermosa e subrime, unha virxe envolta n-un imbo de lus.

Pro d' istos pensamentos que puidera forxars' unha testa de poeta e d' artista, pouco debia d' entender á rapaza, pois aseguida volveu á acocharse antr' as sombras... Soyo un punto volveu á verse, cand' abriu á porta d'o sobrado; por alí entrou a gorgollós á lus d'o dia; o perfil d'a nena destacouse fortemente sobr' o fondo de verde azul que ll' emprestaban o campo y-o ceo... pro foy un momento, un instante nada mais. Tornóu á fechal-a porta e tornou á estancia á quedar acochada en sombras.

Soyo á rayola do sol, conforme avantaba o dia, conforme iba o sol erguéndose, iba ela tamen, correndose, correndose, paseniño coma si se movera c' os millós de pés invisibres d' os microscópicos inseutos e d' os dourados lixos que revoaban n-o aire...

MANUEL AMOR MEILAN.

## COUSAS D'A VIDA.

### CARTA

Carta qu' un quinto escribeu
enriba d'a sua muchila,
ende que chegou á vila,
á noiva que ten en Bueu.

«Sabrás, Sabel d'o meu ben
que xa n-a vila me vexo,
con saüde, cal desexo
que t'atopes ti tamén.
Vai logo pra unha somana
que m'alcontro n-o cuartel
con meu primo, o *furriel*,
curmán d'a tua tia Xuana.
E xa que sobr' a muchila
a pruma estas letras fai,
vouch' a contar ô que hai
de máis bonito n-a vila.
O que máis sorpreso vin,
d'o chegar ô mesmo dia,
foi ô demo d'o *tranvía*
que fixeron á Marín.
Ay, si ti viras, Sabela,
qué cousa máis condanida!...
Eu, nunca n-a miña vida
che vin outra coma ela.

En pouco máis d' un istante
fai ó viax' e-o retorno....
e vànche tocand' un corno
por tod' o camiñ' adiante.
Serei-un parvo cicais,
mais xuro que non é broma;
¡mala centella me coma
s' o demo ch'inventa máis!
Logo, temos n-a cibdade
un *palacio provincial*
máis grande qu' a *retoral*
que che ten n-esa o'abade.
Haiche de casas un cento,
y un *Campo* moi bó pra *feira*,
y-unha moi grand' *esterqueira*
que foi de n-antes *convento*.
Está pretiña d'as froles
d' o xardin d' unha alaméa...
¡Quén ch'a nos dera n-aldea
para somentar as *coles*!
Cando se remat'o día
outro *milagre* vou vendo,
que d'ò demo si ch'entendo
somellante *bruxeria*.
Arrifirom'ò alumbrado
que de noite hai n-a cibdà
que chaman... *leutricidá*
e que ch'o dan frabicado.
Eu non ch'entend' estes lios
anque che me volva tolo,
e d' elo che sei tan solo
que che vai por unhos *fios*'
Temos *Goberno civil*,
e *perodecos*.... ¡Dios m-asista!
hàiche cada *perodista*
qu' aluméa n-un càndil!
Hàich'un ponte sobr' a ria,
hàiche treato, hai Audencia...
y-en fin, que non hai pacencia
pra contar todo n-un dia.
Por tanto, miña Sabela,
punto-à miña pruma fai;
memorias à tua nai,
y-à miña vaca marela.»

Pol-a cópea

XAVIER VALCARCE OCAMPO.

## VELIÑOS.

Veliños era un gueiteiro, casado c' unha taberneira, un tontarron que no facia cousa ó dereito, tirado d' o seu oficio. Unha mañan, dia primeiro de mes, ou d'a feira d'ò *Fojo*, (1) dixoll' a muller:

—Veliños, xa que vas à feira, mércam' un carto d' agullas, pra coser, e n' as perdas; mércam' as non moi grandes, nin moi pequechas o que teñan bo' alfiestra.

Mercou Veliños as agullas e traías n' a man; pró atopando con seu compadre, que viña tamen d' á feira c' un carro de palla, met' entr' a palla-as agullas, sigue-o seu camiño-e, chegand' á casa, preguntall' a muller:

—¿Tràsm' as agullas?

—Logo ch' as darei; pois, por non traguelas n' a man, meti-n-as entr' a palla d' o carro de meu compadre que vén atrás.

—¡Xesús, Veliños! ¡Entr' a palla, cando debias trae-l-as cravadiñas n' o chaleque!

—E ¡dism' o agora! Dixérasm' o cando sain pr-a feira.

Chegou o carro à porta; saeu Veliños en busca d' as agullas e, n' as atopando entr' a palla, dix' ó compadre, dempois de remexerll' a toda:

—Vouch' a queima-l-a palla, por ver se n' a borrall, as atopo...

—Non fagas eso; deixa estar-a palla, que bén m' a remexiche xà e, se por duas tristes agullas ó, merca-l-as pódo eu n' outra feira dixoll' a muller:

—Cómpre-n-os un fé'ro d' arado; mèrca o nin d' os millores, nin d' os mais ruins e vei non che suceda o d' as agullas.

Mercou-no; rachou c' unha navalla o forro d' o chaleque e' ó chegar á casa, preguntall' a muller:

—¿Tràe-l-o que che encarguei?

—Trago; aquí o tés.

E, vendo qu' entr' o forro e-o pano d' o chaleque traia-o fèrro metido, excramon:

—¡Xesús, Veliños! Dios me dé pacencia contigo. S' habias de levar un bimio e prendel o férro por un d' os seus buratos, vas e racha-l-o chaleque.

—Dixérasm' o cando sain pr' o *Fojo*.

Vaya, home, vaya. Non sei cand' has de facer unha cousa bén.

Outra feira, chamau-n-o muller e dixolle:

—Quéro que compres un porquiño e-á ver com' o traes pouquiño á pouco sin fatiga-l-o.

Comprou tamen o porco; prendeu-n-o c' un bimio po-l-o pescozo, botou-n-o ó lombo, marcha asi co-el pra casa, mórrelle n' o camiño e-a muller, ó ver que ll' o entrega morto, excrama:

—¡Xesús, Veliños' moi rudo ès, que non deprendes d' unha ves pra outra. S' habias de prenderll' unha pérna c' un cordél e lógo c' unha xostriña n' a man decírlle: «Cach' aquí tó pr' aqui, cach' aquí tó pr' alí,» vas e tràesm' o afogado; matáchem' o porquiño è ganas me dan de matart' agora á ti.

—Dixérasm' o cando sain d' a casa

Outra feira, pois Veliños non perdía unha, dixoll' emporeso, á muller.

(1) Féria que se celebra en una de las parroquias del Ayuntamiento de Estrada el dia primero de cada mes.

—Cómpren cuncas e alguns pucheiros. Tés que merca-l-os; veremos como fás; non sea qu' haxa que rifarche.

Mercou-as unhas e-os outros; meteu todo n' un saco grande, atou-n-o c' unha baraza e, arrastand' o saco po-l-o camiño, pegándolle c' unha xostra, saeu d' a feira decindo: «Cach' aquí, tó pr' aquí, cach' aquí tó pr' alí.» Tal foi, que cuncas e pucheiros partiron en cen anacos. Entra Veliños n' a casa abre á muller o saco e, hachándose con toda aquela estragueira, excrama:

—¡Xesús, Veliños, xesús! Ti acábasme. Eu e ti somos dous tolos; eu, que non escarmento e ti, que todo fás ó rivès; pró deixa que d' aquí en diante xá quedarás n' a casa e serei eu quén mérque o que faga falla.

Chegad' o dia d' o *Fojo* e cand' a muller marchaba á feira, dixolle:

—Veliños, ahí te quedas n' a taberna; ten tino d' éla e de que nin as cabras, nin a cadeliña entren n' a hórta.

Marchou á muller; á pouco, saeu o home á cira e, vendo n' a hórta as cabras, colle a cadéla, prénde-a po-l-o rabo ó billóte d' un pipo e, chamóndo-a lógo, como se ll' a encírrara ás cabras, á fin d' escorrentalas, alármas' a cadéla' turra á un lado e outro, arranca ó billóte e, co-el n' o rabo, foxe de car, á hórta, mentra-l-o viño se derrama pol-o chan.

Veliños vens' estonces á casa; entra n' a cociña e non podendo atravesa-l-a sin molla-l-os pés en viño, guinda n' él tres grandes broas, pasa por riba d' élas, sóbes' á parrumeira, cólle dous sacos de fariña e espaxo-a tamen alí, pra qu' a cociña s' enxugára. Feito esto dou o home en cavilar e, temoroso de qu' a muller lle sacudise o polvo, ó volver d' a feira e hacharse co-aquel derramo, agarrou unha maza, tirou-n-a e dixo:

«Esta maza me mate.» Pró á maza caeu sobr' unha galiña qu' empolaba óvos e matou-n-a. Veliños cerrou estonce-l-a pórta e púxos' él á choca-l-os óvos. Ven a muller, chama por Veliños e responde él dentro: «Crou, crou, chócoch' os óvos e lógo che vou.»

—Abre, Veliños, abre. ¿Qu' é-o que fás?

Érguese de sobr' os óvos, colle a gaita, méte-a debaixo d' un brazo, toma á pórta ó lombo e bota á fuxir hastra qu' a dou en-cerrar, mentra-l-a muller quedou chorando e tirándose d' os pelos ant' os estragos feitos po-l-o seu home.

Soilo este n' unha carballeira e, tendo medo ós lobos, sóbe con gaita é pórta enriba d' un carballo e deitado alí sobr' a pórta mesma, ouservou alá po-l-a media noite qu' unha gavilla de ladrons facía lume ó pé d' o arbre en qu' él estaba; puxo ouido atento e comprendeu trataban de cear e repartir entre si diñeiro, pois olor de carne íballe chegando ás ventas e-os ladrons disputaban sobr' á quen s' habia d' axudicar un maravedí qu' á mayores resultaban n' a repartida... Allos e cebolas saían d' as suas bocas; Veliños estonces, vendo-os así acalorados, guindalles á pórta dend' o carballo; asústans' os ladrons e, abandonando diñeiro e céa, apretan á correr. Baixa Veliños d' o carballo, recólle todo, céa en grande aquéla noite e pons' á toca-l-a gaita d' alegría. Un d' os ladrons quixo volver ó sitio en que quedáran diñeiro e céa; pró, hachandose c' un gaiteiro, á quen non conocia, díxolle se o deprendía á toca-l-a gaita.

—N' hay inconvenente, contestou Veliños; ven pra junt' á min e enseñareíle.

Chegous' o ladron á él e dijoll' o gaiteiro ó punto:

—A primeira cousa que tés que facer é bota-l-a lengua fóra.

Obedeceu; pró Veliños vai e córtall' a enseguida; de modo que non pudo dar noticia ós máis ladrons d' o que pasaba e-o gaiteiro, levando á muller os cartos atrapados e reformándose foi logo un d' os principales homes d' o país.

Pol-a recolección.

MARCIAL VALLADARES.

## ¡ÉLA Á MIN NON M' AS PEGABA!.....

*(Os meus amigos don Vicente Smith Gallego e don Enrique Muñóz Santiago.)*

Mariquiña, muller con Xan casada,
sempre qu'este d'a casa se salía,
en éla namorada
ó cura d'a parroquia recibía.
Unha vez qu'os dous xuntos parolando
con cariñas de risa s'alcontraban,
ouviron que petando
con detemprada man n-a porta estaban.
A sunrisa d'e crego e compañía
desvaneceuse cal pol-o aire o fume...
¡Era Xan que volvía
máis cedo d' o que tiña por costume!...
—«¿Qué facemos agora—o crego dixo—
n'este apuro ¡Dios meu! en que nos vemos!
Hoxe si que de fixo,
amiga Mariquiña, nos perdemos»
—Non se poñ' asustado, pois eu teño
pr' este caso unha cousa discurrida
qu'aunque s'empeñ'o deño
con honra quedaremos e con vida.»
Esto dixo Marica, abotonando
a chaqueta qu'o seo ll'estreitaba...
¡Si ll'estaría dando
de mamar á aquel crego qu'alí estaba!...
Dempois de que Marica dix' aquelo
que por min máis arrib' está contado,
arregrand'o mantelo,
ó compañeiro ll'houbo así falado:

—«Xunt'a porta vosté póñase..¿m'entende?»
e cando aberto ll'haya ó meu marido,
calquera ben comprende
que tras el osté quédase escondido.
Entonces eu-á Xan lle falo un puco;
e cand' á cara vexa qu'eu lle tape,
vosté, que non é louco,
d'ali fai por salir á todo escape.
Así foi, pois; Marica, con cariño,
á Xan así lle dixo, cando entrou:
—«Non sabes, meu Xaniño,
o qu'inda hai pouco n-o lugar pasou?»
—«Non ouvin nada..¿e qué pasou, muller?»
Xaniño, perguntou medio confuso.
—Pois, home, has de saber
que cometeron dous un grand'abuso.
Foi o caso, qu'un home amancebado
d'unha muller casada, s'encontraba
falando namorado
cando n-a casa o seu marido entraba;
e pra qu'éste n'o vise, así lle fixo...»
(e c'o mandil tapoull' á Xan a cara.
para que d' o escondrixo
á toda presa ó crego s'escapara.)
Y-éla siguind'o conto comenzado,
cand' o crego s'escapou, así repuxo:
—...«E dempois de tapado,
os pés en polvorosa ó mozo puxo».
E Xan, que caso tan chocante ouvia,
d'aquel marido alegre se mofaba
e moy serio dicia:
—«Foi ben burro!..¡*Ela a min non m-as pegaba!*..

XENARO MARIÑAS.

## OS RIXÓNS.

O día vispora matárase o porco O tio Roque fixera de machatin, porqu' é home que sirve ó mesmo pr' un barrido que pr' un fregado; aquel día era o día de descuartizal-o animal. Era un bóo anaco de carne. Dempois de morto, e sacado todo o mondongo e ben limpeo coma Dios manda, pesara once arroas e pique. Y-o porco era de confianza. Mercárao á seña Tomasa n'unha feira d'o quince, cando era ainda pequerrecho; tiña, á tudo tèr un catro meses, y-endestonces ben coidado e ben cebado, foi o-argullo d'o cortello. Ollábase como cada día íbase poñendo redondo com' unha bola, y-agora xa lle tocára á sua vés. Os animales, o mesmo n-isto qu' as persoas non son aternos.

A seña Tomasa convidara a-os veciños pr' a proba d' os roxóns. Aquela mañán tivera xa bon tráfego pol-a mor d' as morcillas. ¡E que non era ela sabida n-isas cousas!

Pol-a noite cando comenzóu á chegal-a xente, xa o tio Roque tiñ-os coitelos ferros e macheta bén afiados é proparados. Púxos-a descuartizal-o porco y-a seña Tomasa á facel-o togo. Logo á lareira foi un pequeno vesubio de que saian roxas lavaradas. O tio Roque, cando chegóu a-o raxo do animal foi cortando con moito coidado e con moito aquel, á parte de grasa que tiña; y-ó mesmo tempo Xuaniña á criada de Tomasa e Roque iba levand-os anacos á sua dona. Ista botábaos n-un gran pote e iba estruxando con unha ferrada os xirós d'o raxo, sacándolles ben o xugo, y-ó mesmo tempo sacando n-a mesma ferrada á liqueda grasa que dempoixa colaba por un pano de fío posto enriba d' unha ola de barro. Asina iba quitándolle tud' á grasa posibre a-os roxóns, y esto repetíase unha, duas, tres veces, e cantas fora perciso. Os roxóns estaban ben con pouca grasa e freba d' abondo. Logo os roxóns, fervend' ainda, sacába-os co-a ferrada, tornaba á estruxalos outra vés, escontra ó pote pol-a parte d' adentro, y-asina, ben enxoitos, botába-os n-unha fonte moi limpa de louza, que mercara por seis cartos n-o campo d' a Leña d' a Cruña á seña Tomasa.

Mais d' unha hora—¡moito mais!—empregóu á boa muller n-iste trafego, e logo... ¡hála co-as morcillas! Estaban tenras y-eran d' a casa, ¿qué mais podian apetecer as gorxas mais difíciles de contentar? O cravo, as pasas, e figos, os piñós... tudo o mercára á seña Tomasa n-a Cruña e d' abondo pra qu' o mexunxe saíse coma Dios manda si é que Dios métese n-as cousas de cociña y-estómago.

Cortárons-as morcillas en grosas robanadas e douráronse n-a sarten..... Tudos s' as prometian moi felices, e con razón, pois a dona d' a casa non era muller que fixese as cousas á medias e cando ela poñía as maus n-unha cousa sempre había de ser pra bén e mais n-o tocantes á cociña.....

Cand' xa-as morcillas estiveron ben douradas y-o seu olido mareiaba o-olfato, crubioso a-artesa con un branco pano e fóronse poñendo enriba d' él as fontes c' os roxóns y-as morcillas, dous grandes moletes amasados e cocidos n-o mesmo día, pratos e vasos e xerros cheos de viño, d'o tostado d'o Riveiro, que non se podia millorar.

—Vamos á vér agora os bós xantadores—¡dixo a seña Tomasa co-a cara roventando d' argullo e de legría. ¡Aquí quérovos ver hoxe!

A ver ¡póñase cada un o que quixer! Sin medo! Aquí non s' anda con miramentos que n-a miña casa non es'amos diante d'o rei.

A cabeceira d' artesa, fixeron sentar ó señor Abade, quen tiñ-á sua beira a-o señor alcalde y-o xués en frente d'o Abade hachábase á seña Tomasa, o tio Roque, o médeco y-a sua dona, y-ademais había alí sentados o périto y algún qu' outro veciño y-á suas donas... ¡Ós mais escolleitos d' aldea! Diredes qu' tiña que ser

boa artesa. ¡Boa vos era! O tio Roque y-á seña Tomasa non tiñan fillo nin filla e non tiñan decote, que coidarse d'o porvir pois c' as suas réndas e c' o que traballaban tiñan mais que d' abondo pra vivir e gastábanno bén. Non escaseaban nada. Mandaran facer aquela artesa porque amasaban e cocian ademais d'o pan pra eles, pra o señor abade y-o médeco..

O' arredor d' artesa todol-os convidados, fixeron que se servira primeiro o menistro de Dios n-a terra e dempois todos foron poñéndose n-os pratos boas raciós de roxón e non peores rebanadas de morcilla...

E dend' os pirmeiros momentos tudo foi legría e confianza ¡tudos comían, bebian e latricaban com' úns descosidos! N-aquela casa tudo era asina; non parecía sinón qu' a confianza s' espallaba n-o aire antr' os leves lixos...

* * *

¡Ben comeron e ben beberon e ben se fartaron todos! C-a andorga chea e satisfeitos, (ya mediaba á noite), cando todos iban pra os seus lares; en todal-as maxinaciós habia un soyo pensamento.

—¡Cando volvan á matar, volveremos á probal-os rixóns!

M. A. M.

(D'o libro *Baixo d'o alpendre* en proparación).

## DESILUSIÓS.

(TRADUCCION.)

¿Dond'esta d'o meu amor á doce prenda
¿Dond'esta a niña amada?
¿En dond' á sua boquiña, que suspira
E cheirumes espalla?
¿Dond' estan seus brilantes negros ollos,
Que m'aluman á y-alma?
?Dond'estan seus cabelos encrenchados
Y-a sua testa tan branca?
¿En dond' a sua cintura, que s'axeita
Como treita n'a-auga?
¿En donde d'os seus beizos feiticeiros
As amantes palabras?
¿Dond' esta-o doce ben por quen eu peno?
Porque de min s' aparta?
¿Porque co seu cariño, o meu cariño
Amorosa non pago?
Dond' est' esa muller? Donde s' esconde
Esa divida fada?

. . . . . .

¡Dond' habia d'estar! Pois n'a cociña
Pelando n'as patacas.

## A FOUCE D'O ABÓ.

Tres vecel-a afiey: foy á primeira
cando, ardendo á seara é mail-as meses
segou tantas cachclas de franceses
que non colleran en montos n-a eira.
Foy á segunda cando, prisioneira
á patrea d'os teocratecos intreses
esgazón tras mil loitas é riveses
dó poder ausoluto á ruin bandeira.
Pol-a vez derradeira afioa agora...
--¿E para que, aboeliño? escrama ó neto
pondose diante d'el co-a faldra fora.
Para que segues ti, repuso inquieto,
o froito qu' eu semey, é que xa cora.
dixo, é sorriu con risa d' esquileto.

## MADRIGAL.

A...

A fada Loreley, d'o Rhin n-os picos,
Non mostra ós pescadores n-as suas pescas
Ollos máis dulces nin d' azul mais ricos....
¡Dan ganas de sorbelos en dous bicos
Coma si foran duas almexas frescas!
Non ten á senolentan e roxa Aurora
Cabeleira mais fina nin máis crara.
S' en vez de ser quen son, Diana eu fóra,
¡Con qué pente d' amor, miña señora,
Con que pente d' amor vos penteara!

MANUEL CURROS ENRIQUEZ.

* * *

Non descansan elas, non,
Pol-a noite n-os seus leitos
Cando lles chega a sazon.
¡Cántas voltas é xemidos
con doces áis namorados!
¡Cántos abrazos perdidos!
¡Cántos ardentes chasquidos
De bicos ó ventos dados!...

E. PONDAL.

## CASOS E COUSAS.

A festa d'e Santiago, que xa está preto, ha de ser unha verdadeira festa.

¡E canto me tarda! Fai algún tempo qu' o demo d'a morriña, puxome feito unhas sopas de leite. Pro cando chegu' á festa d'o dia 25, adios morriña: pillo-á miña gaita ó lombo e toca que te tocarás.

Teño unha pena n'o fondo d'o peito
teño unha pena que nunca me pasa,

si no me das o que ti me ofreciche,
si no me d'as un biquiño, rapaza.

¡oo oo oo!
ii ii ii

Touporroutou, porrouton miña gaita.

*
* *

A real órden d'o Ministro d' Ultramar, despoñendo qu' os vapores correos, durant' os meses d'a corentena, fixeran parada n'a Cruña por ser de xusticia e convenencia pra noso pobo, trata de modificarse, por qu' asi lle conven ó marqués de Comillas, en contra d'os intreses d'as provincias gallegas.

Asi pagan e pagàron sempre ò noso patriotismo y-as nosas virtudes os gobernos de Madri.

*
* *

Os nosos peisanos, tendo en conta o proceder d'o marqués de,,,,,,,,, deben facer xuramento de non embarcarse nunca mais n'os vapores d'a Compañia Trasatrántica. D' esa maneira darémos unha proba, e non pequena, de que s' o dono de tal empresa ten diñeiro, nosoutros temos, en troque, vergonza. Y-a demais:

Si pros que ben nos aprezan
temos cariñ' e agasallos,
pros que nos mandan desprezos,
temos centellas e rayos

*
* *

Un perodico de esta cibdá, fainos saber que n'un pobo de Montevideo, unha rapaza que está pra casar, foi á consultarse c' un médeco, por unha inchume qu' ela tiña n'a cabeza; resultando, según certificación d'o doutor, que tal inchume era un corno que lle nacía n'o medio é medio d' a testa, á probe d'a rapaza. Agora si que dirá:

Podo fiarme de cote
d'o proceder d'o meu noivo.....
¡inda non somos casados
e regaloume xa un corno!

*
* *

O corresponsal d'a *Lucha*, en Paris, dando conta d' unhas fillas d'o Brasil, que falaban en portuxés, dice: «Unha madrileña botando á conta de que falando en castelao, non podian entendel-as brasileiras, de preto, dixome en español:

—Ystas fillas d'o Brasil, son unhas gallegas civilizadas.

Unha brasileira volve á cabeza é en bon castelao, dixoll' á rapaza española.

—Gracias pol-o de civilizadas, e s' o de gallegas ten en si algo de desprezo, gracias tamen, por qu' entr'as gallegas hainas mais civilizadas qu'as fillas de castela que se teñen por moito saber. Eu viaxei por España enteira. Si vosté fixera ò mesmo, conocería mellor as gallegas».

Agradecemos n'o que vale a xusta defensa que d'as nosas peisanas fixo á garrida brasileira, mais parecenos, e non pensamos estar trabucados, qu'a madrileña d'o conto, aunque viaxara por España toda quedaria como estaba: feita unha vesta. Esa crase de madrileñas pensan que non son ilustradas as gallegas por que non se pintan á cara nin poñen algodon n'os peitos.

¿A que pintar a meixelas
frescas e coloradiñas,
nin qu' abultarse, cando elas
son bastante abultadiñas?

*
* *

Un diario de Paris pubrica á estadística siguente, que garantiza ser certa, con respeuto ó estado d'o matrimonio n'a ciudá francesa:

Poñan atención:

Mulleres que fuxiron os seus maridos, 1878.

Maridos que fuxiron as suas mulleres, 12,371.

Matrimonios desxuntados, 1245.

Matrimonios qu' andan á cocotazos sempre, 41,930,

Matrimonios que viven n' unha compreta indiferenza, 410,152.

Matrimonios que parecen felices, 1103.

Matrimonios que son felices, 11,135.

Matrimonios verdadeiramente felices, 225.

En resume: d'os 468,903 matrimonios que houvo, todos son desgraciados é solamente 225 viven en compreta felicidá, e quen sabe si en estos hay algo que non se sabe.

S'o que se vay á casar
bota á conta ben pirmeiro,
ten en verdá que excramar:
¡rale mais vivir solteito
que con tal peso cargar!

*
* *

O que teña que vender ou mercar ouro e prata qu' s' achegue po-la vidreira d'a Praza d'o Vapor nº 27--por Galiano,--onde Canosiña fai transacios de ouro e billetes á tipos de praza.

IMPRENTA: RUA DE O-REILLY 9.

# A GAITA GALLEGA.

(FOLLA D' -O ECO DE GALICIA-)

*REPINICA MUIÑEIRAS, ALBORADAS E FANDANGOS.*

RUADA 2ª | N-a Habana: 30 d' Agosto de 1889. | TOCATA 2ª


## PASTOR DIAZ

Xa era tempo. Aquil enxebre y-antusiasta fillo d' o Landrove, qu' en versos sentidos e queixosos soupo cantar as lindezas d' as alboradas d' a terra; o namorado poeta d' *A Sirena d' o Norte*, mayestro insine d' a Universidá centrista, que, probe e sin branca, morreu, lonxe d' o fogar, sobr' humildes xergós de folla: Pastor Diaz, en fin, politeco de concencia, pruma xeitosa, historiador sinxelo, víase, cal outros, esquencido pol-os escravistas d' o pobo e d' o seu nome folgábanse somente os que, un y-outro dia, sin vagares que firen, nin morriñas que matan, sinten rebulir a cito os afáis y-os antusiasmos d' o santo amor ò terruño.

Pedir qu' o Goberno, fixese, ò seu recordo, un auto de xusticia, era pedil-o imposibre; era pedir qu' o fisco y-a usura deixasen d' esnaquizar de cotio ós mártires d' a labranza. Foi mester, pois, qu' un puñado d' inxenios asoleados pol-o estudio d' *Os percursores*, dispuxesen facer revivir a memoria de Pastor Diaz, pra qu' o pensamento d' erguerll' unha estatua n-o pobo de Viveiro, crease forzas y-adequerise afeutos en' tod' o chan d' a patrea, maormente n-os lindeiros d' a provinza de Lugo e n-os pobos d' o mundo de Colon, dond' os ideás rexionalistas contan decote valentes e sofridos defensores.

Mais, ò fin y-ò cabo, o crime d' o esquencimento veuse, con isto, n-os comenzos d' a reparacion, y-os seus abbraxes encobríronse caos aas d' o recordo mais sumrris e feiticeiro. Chegou, pois, a hora d' o esforzo. O *Centro Gallego*, patriota sempre e sempre xeneroso, levantou a sua voz con antusiasmo ardente, en laudes de tan santa e nobre idea. Sigamol-o n-a sua campaña e todos, sin escepcion, ò levarll' as nosas dádivas, recibiremol-as bendicións d' a patrea.

Non nos deteñan, en modo algún, os amargores d'a loita; que n-hay corazon sin fel nin nixaros sin cauña; y-aqui as cauñas y-o fel valen de pouco: son miseraleres duas centas sabeliñas que, pra seixos d'as ruas, rebaixaron d'a donacion pr'a estatua, un fato de concexás d'o Ayuntamento viveirés.

A istes hay que decirlles o que Anton d' Orioste a unhos xogadores d'a Cruña. E vai de conto. Anton d' Orioste era un home de ben, a todo meter, rico, dadivoso e de concencia. Falaba pol-os falares e como ben fillo de Galicia o seu idioma era o idioma de Rousalia. En certa ocasion foi xogar ò monte n-unha Sociedade d'a Cruña, d'as de máis pitimini, donde non s' adometian as rolas fernandinas por mor d'as limaduras y-outras lindezas. Anton d' Orioste non estaba n-o sacreto. Tirou o galo o banqueiro e saleu un faco.—Ahi van dez onzas—dixo Anton.—Pois eiqui non s' admiten—repricoull' o banqueiro. —¿Máis com' é iso?—respondeu malcarizad' o punto—non s' admiten as onzas d' Anton d' Orioste ¡lévenm' os diaños! pois ..... pois..... ¡pois habédelas de roer!

Nosoutros debemos decirlles o mesmo ós calandracas d' o Ayuntamento de Viveiro: ¿Faivos cóxegas o monumento â memoria de Pastor Diaz? pois..... ¡pois habédelo de roer!

CHUMIN DE CÉLTEGOS.

## Á ALBORADA

¡Ay, miña pequeniña!
¡Qu'ollos bonitos tés! ¡Qué briladores!
¡Case salta á alma miña,
E vendo os teus colores,
Ver me parece todos os amores!
Agora qu'a alborada
Os dulces paxariños xa cantaron,
E d'a fresca orballada,
N'as perlas os ramiños se pintaron,
Agora ¡que diviños
Brillaran os teus ollos cristaliños!
¡Ay! asoma esas luces,
Asoma á esa ventana, miña hermosa;
Tú que sempre reluces
Con alas máis lustrosa
Qu'á Luna, cando nace silenciosa.
Verásme aquí cantando.
Xunto estas augas craras, estas penas,
Verásme aquí agardando
Que se rompan as lúgubres cadenas
D'a noite que m'aparta
De quén nunca alma miña se vén farta.
Mirame, si, querida,
Cando d'o brando sono te levantes,
Mais fresca, e mais garrida
Qu'estas frores fragantes,
Qu'á espuma d'estas ondas resonantes.
¿E aínda non parecen
Eses olliños teus? ¿Dormes, rosiña?
¿Dormes, e resprandecen
Os campanarios altos d'a mariña?
¿Aínda non oiche
Aquela dulce vóz que m'aprendiche?
¿Déixasme qu'aquí solo
'As áugas lles dirixa os meus acentos,
E non vés ó meu colo
Fartarme de contentos,
E amante aproveitar estes momentos?
Desd'aquí vexo os mares
Serenos, estenderse alá n o ceo;
Oyo d'aquí os cantares
D' a píllara fugáz, d'o merlo feo;
Pero o teu seno lindo
Non o vexo, meu bén, qu'estás durmindo.
Xa se foi o luceiro;
Desperta d'esa cama; miña rosa;
Desperta, e ven primeiro
Abrir a venturosa
Ventana d'o teu carto: ven graciosa.
Sál como sempre sales,
Mais diviña qu'á diosa de Citera
Salindo d'os cristales,
Máis galana qu'á leda primavera
Esparcindo rosales:
Venus pra min, amante,
Primavera, mañan, e fror fragante.
Xa te vexo salindo
Mirarme, e retirarte avergonzada,
¿E de quén vás fuxindo,
Tontiña, arrebatada?
¿D'o teu amor que canta n-a enramada?
Non fuxas, non, querida;
Ven aquí: baixa a escala sin temores:
Esa frente garrida
A miña man a cubrirá de frores;
Xa as teño aquí xuntiñas;
¡Qué venturosas son! ¡Qué bonitiñas!
Vén despeinada aínda
Darme o primeiro abrazo, darm'a vida.
¡Cánto és así máis linda!
Ven qu'a mañan frorida
Solo pr'os que se queren foi nacida.
Non, non, durme descansa,
Naide turbe o reposo d'o teu peito:
Plácida quietú mansa
Sin cesar vele o téu fermoso leito:
Durme, que non tés penas,
E acaso en min soñando te enaxenas.
Repousen os teus ollos,
Eses ollos diviños, venenosos:
Tamén finos cogollos
N'os rosales pomposos
Agardan por abrirse recelosos.
Si, miña prenda amante;
Eu cantarei aquí mentras que dormes.
¡Ay qu'o Landro brillante
Non é dourado Taxo: nin o Tormes
Alinda ó meu retiro!
Durme, si, durme, mentras qu'eu suspiro.

NICOMEDES PASTOR DIAZ.

## A RUADA. (1)

Xa se barreran c' o branco pano d' a mesa, as cóbeas que quedaran d' o xantar; xa mozos o vellos co-a andorga chea com' a d' un abade, marmuxáran c' os beizos trembantes e baixol-os ollos, a oracion en que déran gracias á Dios...

Os promeiros en fuxir d' a chouza pol-as escaleiras abaixo, foran os pequerrechos que, c'o bico cheo aínda de prebe, e c' unhas maixelas roxas como cereixas, baixaban berrando á Dios dar pol-as escaleiras de denegrido pino, chegaron ò lar y-alí pillaron por diante unhos loureiros, botáronos ò lombo e, somellando risibre feixe de soldados, saironse pr' á eira, aturuxando e facendo unha batayola d' abondo pra tornar os miolos ò mesmo xuicio.

Pro aseguida d' os nenos, foron os xa rapaces y-as rapazas, os unhos y-as outras lostregándolle os ollos de legría e vinturanza, e xa... ¡que demouro! os vellos non podían estarricars' e rebrincar com' os nenos y-os xoves por intr' as cerdeiras d' a horta, non poderían choutar por antr' os prexigueiros y-os laran-

(1) D' o libro *Burro d' o alpendre*, en preparacion.

xeiros, pro ¡qué deño!... Ollando como rebrincaban e choutaban mozos e nenos, lembrarianse éles d' aqueles tempos en qu' as pernas rexian bén e non se lles esvaian os miolos; e menos mal porqu' ó fin como di o refran «o que non xanta, por haber xantado, n-é mal de coidado».

Saironse, pois, todos á eira á esparexerse un pouco, cousa que solo poden permitirse os nosos labregos n-os domingos e festas maores.

Y-aquela tarde... ¡ah de Dios! ¡a qu' ali se iba armar! O dia tamen cunvidaba c' os feitizos á honralo como se merescía... O sol cintileaba aló n-o alto ceo, domeñando á terra n-o seu trono de brancas e tépedas nubes; os páxaros garulaban n-as poulas d' os ameneiros: o cuco asubiara, acochado n-o seu cubil; o grilo n-o burato ceibaba ós ventos a sua cantiga, sempre igual e monótona sempre... As sombras d' os álbres, d' as chouzas, d' os mainzos, d' as xentes, d' os hórreos, refrexábanse craramente n-o chan... Todo brindaba á legria y-ó contento, pois ¡á la que xá! Aturuxade, rapaces, e berrade todos comigo:

¡Ei Galicia!

* * *

Non tardou en presentarse o gaiteiro co-a gaita de pano azul dipindurando ó lombo, mentras pol-as costas lle caia a ringleira de bolras de todol-os coores. N-o alto d' o ronco traguia poste un alcendido caravel d' a onza.

Chegouse ós que pol-a sua conta falaban, choutaban e barafullaban, co-a man ezquerda quitouse a monteira, e, con voz chea de respeto, dixo:

—Dios dea boas tardes á todos.

—Co-El veñas, Goriños, dix' o mais vello de todos; un labrego de brancas guedellas como xirós de neve e co-a pel engurrada. ¿Tú queres tomar un neto?

—Bo, señor Anton, Dios ll' o pague, pro...

—Sin cumprimentos, Goriños. Xa sabes que eiqui non-os gastamos.

—Xa sei, señor, xa sei...

—Eche un viño d' a terra que mesmo arde n-un candil. Xa verás, xa verás...

—Destonces, xa que vosté s' empeña...

Y-o señor Anton, botou n-unha cunca, d' un xerro limpo e vidroso, un pouco de viño, non de cór negro y-escuma roxa, sinon d' un còr acarmiñado e unhas gurgullas d' escuma cuáseque douradas.

—Bota, pra drento, Goriños.

Non se fixo de rogar o gaiteiro e... ¡glo!... ¡glo!... mesmo se ll' ouvia correr pol-a gorxa abaixo.

—Agora, eses son os que che mandan e non eu,—dix' o señor Anton amostrándolle ós rapaces.

Estes formaron un corro á beira d' os erguidos ameneiros e baixo as longas ponlas d' os grosos castiñeiros, escomenzou *a ruada*.

As rapazas, deixando dipindurar as negras trenzas d' os seus cabelos pol-as garridas cóstas, e retorcendo co-as maus os negros mantelos; y-os rapaces ceibando atrás a monteira ou o sombreiro de longas aás—asegún o que cada un levaba—y-esterricand' os brazos ó alto, escomenzaron a beilar a nosa muiñeira, esa danza á ningunha outra somellante, esa danza tan bella com' a vella Suevia onde naceu e onde soilo loce os seus feitizos e primores...

De cando en cando oubíase unha cántiga que fendia os aires, escoitábase o célteco y-agudo aturuxo...

Os mozos resbalaban n-as brancas orellas d' as meniñas parolas d' amor, que caian n-os corazós a somellanza d' unha ringleira de pelras en concliña d' ouro... As nenas sentían que lavaradas de fogo rubianselles ás frescas meixelas, trembábanlles os beizos, n-os que latexaban amantiños bicos... os páxaros garulaban a mais e millor n-as ponlas d' os álbres... todo era luz, armunia, legria, feitizos, vinturanza, paz e amor...

O sol, sintindo deixar tan cedo a ruada, detiñase un instante n-o seu trono de luz e de nubes anacaradas...

Y-entramentres, d' o fol d' a gaita saían á gurgullós as notas e compases d' a muiñeira, unhas veces rebuldona, como sonrisa de nena namorada, outras veces tristeiras e melancónecas com' os sospiros d' os gallegos que morren lonxe d' este ceo azul e fermoso, lonxe de esta terra, niño de màxicos encantos...

Asina saían os sones d' a muiñeira.

Alegres unhas veces como piar de páxaros ó nacel-o dia... lánguidos e tristes outras, como sospiro que rube hastr' o ceo...

MANOEL AMOR MEILAN.

## O CASTELO DE SOBROSO

Por estreito camiño de cabras
de màis d'unha légoa,
que festonan espesos pinales
e valos de pedra,
respirando os saudabres cheiriños
qu'as brisas carrexan
d'as resinas que botan os árbres,
e d'as madres-selvas,
con un sol de xusticia qu'un pouco
d'o cenit correra,
abafando, e de dar coteladas
botando centellas,
descansando n-as sombras qu'habia,
bebendo en fontenlas,
enxugando o sudor que manaba
á fio d'a testa,

e mirando, envidiosos, pr'o guia,
que tiña unhas pernas
que nin feitas d'encarga pra lebre
eran máis lixeiras,
dend'o val de Troncoso rubimos,
en máis d'hora e media,
hastra ò pé d'o castelo Sobroso,
xigante de pedra,
qu'anque ten pol-o chán os meolos
d'a forte cabeza
inda s'ergue valente sonrindo
de cara ás tromentas,
confiando n-a forza d'o corpo,
que non abanea.
As paredes están cuasemente
vestidas de hedras,
que figuran tapis enredoso
de estrana aparencia.
'O seu pé, d'antr'as fortes murallas
cen prantas gatean
afincando n-as pedras salentes
as poutas lixeiras,
e por riba d'os muros máis altos
as copas cimbrean
d' alcipreses, carballos e pinos
que, cal centinelas,
domiñando as distancias, anuncian
ò castro quen chega.

Descansado que houbemos un pouco
deitados n-a herba,
mesmo ò pé d'un copudo carballo,
por certa escaleira
ascendimos á enrriba d'o muro
qu'o castro arrodea;
y-ò botar a cabeza de fora,
¡nunca me Dios dera!
presentóusenos diante d'os ollos,
cal cousa de meigas,
unha vista que nunca n-a vida
á vin como êla.
Era un val de verdura estremada,
n-o medio unha eirexa
cuya torre sinalando o ceo
co-a louca veleta
amostraba ónde mora a ventura
que fala n-a terra.
Casas brancas a vau costruidas,
ciscada n-a veiga,
ou marcando a figura y as voltas
d'unha carretera,
que se encolle y-alarga e retorce
com'unha colebra,
xa n-o val antre verde esmeralda
ou pol-a ladeira
d'a queimada montaña pelada,
qu'o toxo roxèa.
Cen regueiros rebulen n-o medio
d'a canle que estreitan
os salgueiros que beben frescura
n'as suas ourelas,
y-o silenzo máis grande premite
que chegue parleira
á cantata d'os grilos que grilan
n-o fondo d'a veiga,
mesturada c'o pío meloso
d'a alegre laberca,
y-o ladrido d'os cans que *dan xente*
ceibados n-as eiras.....
¡Panorama precioso! Imposibre
qu'eu soilo poidera
copearte con todos detalles,
qu'a tu vista encerra.....!

Eu sentín diantre tí como sinten
os grandes poetas;
pro, si quero pintar o sentido,
non alcontro ideas,
e resulta sin tonos e páleda
a miña paleta.....

.....

O Castelo deixamos xa antes
de que anoitecera,
non sin antes quedar emprazados
con palabra certa,
de volver as feudales paredes,
ond'alma se anchea,
y-as pasadas edades recorre
con pracer ou pena,
relembrando as costumes y-os usos,
as paces y-as guerras
d'aquel tempo en qu'as almas vivían
señoras ou servas...
¡Cánto fixo d'ençon o progreso,
cánto andivo a idea!...
Libertà bendecida e groriosa,
¡bendita ti sexas!

ADOLFO MOSQUERA.

## O CATECISMO D' O LABREGO.

P.—¿Cal é o pirmeiro mandamento?

R.—Amar a Dios sobre todal-as cousas.

P.—¿A qué nos obriga este mandamento?

R.—A adouralo e creer n-él e non desconfiar por moitos males que nos sucedan, pois xa sabemos que n-este mundo ten que haber de todo, bó e malo; de maneira que si hay raposos que nos leven as galiñas, tamen hay bois que nos axudan á labrar os eidos; si temos lobos que nos coman as ovellas, hay tamben cás que nos garden a facenda; si criamos porcos n-o cortello non faltan aduanantes que conten por adiantado c' os seus perniles; si temos fillos que nos axuden, non faltan reises qu' os levan pr'o seu servicio; si dispomos de viño pra quentar o estómago, tamen hay filoxera qu' estraga as viñas. Por eso debemos folgarnos d' o bó, levar con pacencia o malo, e Dios sobre todo.

P.—¿Cal è o segundo?

R.—Non xurar en vano.

P.—¿Quén peca contra esto?

R.—Os que relaxados pol-as que lles fan xuran e rexuran tomal-a xusticia pol-a mau, queimando palleiros, decotando cepas, arrasando labradios, botando herba d' os ratos n-os currales d' os veciños, armándose de moca pra lle meter co-ela as razós n-a cachola ò contrario e facendo outras cativeces d' este xeito; os que por unha poya de pan e tres netos de viño sirven de testigos falsos n-os preitos e n-as causas criminales; os que botan sapos e cobras pol-a boca á calquera contratempo que teñan; os que xuran acabar c' os bès d' o veciño, levados pol-a xenreira; y-os que por botarse de valentes non din tres palabras arreo sin misturar entr' elas unha porcallada.

P.—¿Cómo se xura en falso?

R.—De calquer maneira, porque non hay cousa mais fácele n-o país. Todal-as aldeas contan con picapreitos estrapexantes que poñen escola de testigos falsos, namentras as outras estàn pechadas. Por unha picallada e sin escrúpulos de concencia botan á presidio á calquer home de ben; por un par de pesetas non falla quen co-a man en cruz xure, que viu pol-os seus ollos, y-así Diol-o salve, voar os burros, vestidos de gardas civis os mosquitos, tirar d' un carro dous porcos e cantar misa unha ovella, ou facer un Alcalde boas obras.

P.—¿Cal é o terceiro?

R.—Santificar as festas.

P.—¿Quén peca contra esto?

R.—Todol-os labregos, porque ainda que oyamos a misa non podemos gardar a festa, pol-a mor de tornar a auga d' os lameiros, d' arrecadar o gando, de dar de comer òs porcos, de levar o grau ô muiño, e outras angueiras que non teñen agarda.

P.—¿Cal é o coarto?

R.—Honrar pai e nai.

P.—¿E qu' entendedes por eso?

R.—Darlle á nosos pàis a millor vida que podemos, namentras non chegamos á herdalos.

P.—¿Qué mais obrigaciós hay n-este mandamento?

R.—As d' os superiores c' os inferiores y-as d' os pàis c' os fillos.

P.—¿Cómo as cumprides?

R.—Maudand' os fillos á escola pra que non estorben n-a casa cando non temos que lles dar que facer; sacándolle a monteira ôs señores cand' os atopamos n-os camiños e facéndolle a figa por detrás; entrando co-a orella gacha n-a casa d' os que mandan pra saír d' ela botando rayos e centellas.

P.—¿Cal é o quinto?

R.—Non matar.

P.—¿Quén peca contra él?

R.—Nosoutros non señor, pois, por non matar, nin xiquera matamos á fame.

P.—¿Cal é o sesto?

R.—Non fornicar.

P.—¿Quén peca contra este mandamento?

R.—Vellos e mozos todos puxemos n-él as nosas maus. Pecan as mozas churrusqueiras que lles chiscan os ollos òs mozos n-as romarias; os rapaces que andan de noite ó sarau rondándollo a porta ás nenas; as parexas que se perden entr' os centeos botando perda o fruto; os que ventando unha muller escarramelan os ollos y-ensinan os dentes com' os burros; os que lle van á facer cóxigas ás muiñeiras y-as fan bulir mais qu' o rodicio, saindo dempois todos enfariñados; os que apagan o candil n-os fiadeiros pr' andar as apalpadelas; os que véndos' entre mulleres non poden ter as maus quedas; os que bailan o agarradiño n-os turreiros pra s' agarraren sin bailar n-as carballeiras; os que dando palabras de casamento non fan mais qu' as obras; os que ó volver d' as festas acompañados non chegan hastra media noite á casa; e pra dicilo d' unha vez todol-os que gasten calzós e monteira ou dengu' e muradana.

P.—¿Cal é o séutimo?

R.—Non furtar.

R.—¿Quén peca contra este mandamento?

R.—Os que non contentàndose c' o que Dios lles dou precuran apañar o alleo; os que andan co-as maus n-o pote d' o persupuesto; os d' a curia que fan letras coma garbanzos porque cobran por pregos os seus dereitos; os xastres que nos piden unha vara de pano pra facer unha monteira; os que se gobernan desgobèrnando; os médecos que con unturas d' ouro inutilizannos os fillos pr' o servicio d' o rei; os tendeiros que pesan co-a romana d' o demo e miden c' unha vara pol-xeito d' a d' a xusticia; os empregados que non teñen tempo pra despachar os nosos asuntos, porque todo él lles é pouco pra fumar cigarros e falar mal d' o Goberno; os que nos espremen o xugo finxindo que nos protexen; os que non-os fan ningun servicio non andando diñeiro por diante; os usureiros qu' encabalan os rédetos; y-outros moitos que fora largo contar, porque o mundo está cheo de gatos que andan sempre á caza d' os probes ratiños d' aldea.

P—¿Cal é o outavo?

R.—Non levantar falso testimonio nin mintir.

P.—¿Quén peca contra este mandamento?

R.—Os diputados que din n o Congreso qu' o país adianta e que o Goberno traballa por millorár a moura sorte d' os labregos; os partidos politicos que aseguran que contan co-as simpatías d' o país; os que casándose con muller rica, fea e vella sosteñen que se casaron namorados; os que á todal-as mozas lles dan palabra de casamento; a muller qu' ôs vinte anos

di, en certos casos, que n-a sua vida outra lle pasou; o Abogado que lle di á unha litigante que non lle cabe direito e logo resulta o contrario; o Médeco que consultando â ama d' un crego lle di que non ten cura; o sancristan que pide pr' as Ánemas; e todos nosoutros que ás veces esquencemos a verdá.

P.—¿Cal é o noveno?

R.—Non cobizar a muller d' o veciño.

P.—¿E pecades contra ese mandamento?

R.—Segun sea ela, señor.

P.—¿Cal é o décimo?

R.—Non cobizar os bés alleos.

P.—¿Quén peca contra eso?

R.—Todol-os labregos porque non hay un que non poña os ollos n-as leiras d' o veciño.

*O Tio Marcos d'a Portela.*

## OS DOUS COMPADRES

(Conto)

Compadre, bos dias.
—¡Hola!
Home estabat' agardando:
ven pra' acó, sentat' eiqui,
e botemos un cigarro,
que che vou facer un conto
que máis que conto é milagre.

* * *

Aunque son un pouco vello
segun o meu calendario
que me pon sesenta invernos
n'o medio e medio d'os cascos,
caseime c'unha rapaza
¡flor e nata d' estes barrios!...
qu' as idades s' eiquilibran
cand' un home tén dous cartos.

Ela dí que me quer móito,
e dáme bicos e abrazos,
e chamáme á sua groria....
e-alforxa d'os seus pecados;
pro esto, compadre....hum....
¡furam'e queimam' os cascos!....
¿Sabes ti, qué quer decir
a alforxa d'os *seus pecados*?

—Eso será, meu compadre,
qu'as veces xogach'os....vamos
c'as mulleres cando novas
fan todas como os muchachos,
gústalles xogar....¿pro quén
Lleis fai ós seus xogos caso?

—¡Compadre, ti tés razon!
¡Nin qué foras abogado!....
sabes qu' aquelo me iba
facendo eiqui un furado.

Pro vóuche seguil-o conto
que n' acabei de contalo,
e darch' as novas que teño
debaixo d'o meu tellado.

Como che iba decindo
cando empecei o relato,
caseime fai pouco tempo
c'o-a filla d'o Tostado.

Como' é tan fresca e rebusta
e mais forte que un carballo,
ós cinco meses, Farruca,
botoum' ó mundo un muchacho.

Pensei, xa ves, que sería
d'o grandore d' un cigarro....
e xuro á Dios, atopeime
c'un neno o mesmo que un xato. (1)

Cando vin o meu cativo
tan forte, tan arrufado,
quedeime c'oa boca aberta
e unhos fociños tamaños.

Vamos que se sigue asi,
cando sáiba o silabario
¡queiran ou non os cumicios,
vou facelo deputado!

¡S' estou tolo d' alegria,
mesmamente trastornado
ó ver que teño un filliño
tan atroz e recachado.

Pro vamos tomar, compadre,
dous netos de viño branco,
qu' a miña probe muller
débeme estar agardando,
e non quero que se pense
que con outra estou falando,
qu' a mais de ser boa, e madre
d'o fillo que quero tanto.

E logo á miña Farruca,
vale, compadre, un condado.....
¡tan fresca....tan dolce....tan....
Ou que bó é ser casado!

* * *

Tan entusiasmados iban
os compadres c'o relato,
que n'a porta d'a taberna
ambos e dous tropezaron.

A taberneira que os veu,
pensando qu' iban borrachos
botoulles un valde d' auga
por enriba d'o espiñazo.

E botaron á fuxir
por camiños é sembrados
cada un pra süa casa
coma un par de condanados.

E como iban correndo,
cada un pol-o seu lado,
deixaron m' ambos o conto
cas que roto pol-o rabo.

F. Lourido.

(1) Becerro, n'o litoral d a provincia de Lugo.

## APÓLOGOS

A MALDICIÓN D' A OVELLA.

Cando a Santísima Virxen andaba pol-as aldeas de Belen, fuxindo c' o seu filliño Xesús d' as persecucións d' os soldados d'o sanguineiro Harodes, qu' degolalo querian, o galo subido enriba d' un valado, cantou ós catro ventos.

—*¡¡Cristo naceu!!!!*

E o boi que' estarricando estaba o faciño por enriba d' a cancela, atraguido pol-o ruido d' o catraplinar d' os cabalos, mofándose d' él, preguntoulle:

—*¡¡O onde!!!!*

Cando a ovelliña, fuxindo toda tremorosa, diante d' aqueles verdugos e deixando pendelliñol-os seus guedellos de silva en silva, c' o medo de que a matasen, respondeu:

—*¡¡Beléen!!!!.....¡¡Beléen!!!!*

En d' estonces a Santa Virxen ó toparse descocha, apertando o seu filliño Xesús contr' o seu amorosiño peito, debaixo d' as ramas que preto d' a ovella lle daban abrigo, así lle dixo:

—Ovella ti eres,
ovella serás,
e anque te mateu
xamais berrarás.

Por eso a ovelliña, dendes d' aquela, en ningunha parte d' o mundo se sinte balar, nin cando lle pegan, nin cando a pillan, nin cando a traba o lobo, nin cand' o buxen ll' espeta o coitelo.

O ZORRO E A MELRA.

Cansado un zorro de correl-o monte todo sin atopar nomais que grilos pra xantar, chegou ó pé d' unha fontaiña escondida detrás d' unha comareira. Alí deitouse á sombra de un carballino novo, decindo:

—Esperemo, que

Aquel que boa espera,
boa lle ven.

A pouco d' estar deitado panza arriba, c' os ollos dormitando e as orellas mui abertas, sinteu rebolir n-as ramallas que lle daban sombra, arreglou os ollos e viu n-o mais alto d' elas unha melra qu' estaba chocand' os hovos n-o seu niño, e abrindo a boca y estarricand' o rabo, escramou:

—¿Eù n-o dixen?

O que boa espera
boa lle ven.

E endempois de dar voltas coma un sarillo d' arredor d' o carballo, escomenzou á falar co-a melra d' este xeito:

—Melra, cocha pelra,
¿cántos fillos tés á perna?
—Teño catro.
—Pois dame un.
—¡Non quero, non,
que meus fillos son!....
—Meu rabo, faremos de ti un machado
para cortar contigo este carballo.....

E sacudia co-él, facendo estremecer as pólas. Estoncel-a melra, chea de medo, soltoulle un hovo qu' el larpeou n' un Xesús.

—Melra, cocha pelra,
¿cantos fillos tes á perna?
—Teño tres.....
—Pois bótam' un.
—¡Ai, non quero non,
que meus fillos son!....
—Meu rabo, faremos de ti un machado
para cortar axina este carballo

E seguia sacudindo co-él. E a probe melra soltoulle o segundo qu' él machocou surrindo.

—Melra, cocha pelra,
¿cantos fillos tes á perna?
—Teño dous....
—Pois dácame un.
—¡Ai, non quero non,
que meus fillos son!....
—Meu rabo, fagamos de ti un machado
para guindar ó chao este carballo.

E seguia sacudindo con mais forza. Ela soltoull' o terceiro qu' el asorvetou com' os outros.

—Melra, cocha pelra,
¿cantos fillos tes á perna?
—Teño un.....
—¡Pois bótamo!
—¡Ai, non esperes pol-o fillo meu
pois c' un fillo solo, ben me vallo eu!

E pilland' o hovo n-o bico, abandonou aquel triste carballo, arrepentida d' haberlle soltado tan lixeira os seus perdidos filliños.

D' estonces o arteiro raposo quedou decindo:

—Maldito rabo,
¿por qué te non trocaches n-un machado?
S' obedeces ti, rabo ou morriña,
fillos e nai tiver n-a barriguiña.

FRANCISCO D' A IGLESIA GONZALEZ.

## CASOS E COUSAS.

Calesquera labrego, a primeira cousa que pensa, tan logo como bota os pes fora d'a cama, é n' un desayuno, que lle quente á barriga, pra dar comenzo ó seu traballo. En troques, como non penso n'o desayuno, porque supoño que non chegará pol-a miña casa quen pague algo, pois leve xudas s' un carto teño n' o peto, comenzarei esta seucion botando o con-

to d' unha fuliada, quero decir, recordarei o que comín outro dia, servíndome esa relembranza de desayuno, pra poñerme á traballar: cando non se vive de esperanzas, hay que vivir de recordos.

Conque alá vay o conto:.

Cándedo Muxía, un rapaz alto, ben prantado, muy xoven y ademais con catro pesos pra gastar, cousa que non podo facer eu, dispuxo, fai algunhas somanas, dar unha gran fuliada n' os salós d' Orfeon, c'o propósito de festexar o dia qu' os rapaces d' o Coro dispuxeron retratarse. ¡E qu' enchente, miña santa virxen! Xuro por San Andrés de Teixido, o santo d'a miña devocion, qu' inda penso de mín ir á cova sin deixar de recordar tal festa. Cento catorce larpeiros rondabamol-a mesa, unha mesa tan longa com' o mes de Mayo; e non lles digo nada o que n'a fuliada aquela se comeu: catorce cestas de patacas cocidas, douscentos vinte lacós, dazasete fontes de sardiñas asadas, sete pelexos de viño branco e tinto d' o Riveiro, cento catorce boletes de pan—tan grandes como cabezas d' homes—dous ferrados de mazás, unha fanega de peras, berberechos, queixos de San Simón, frexas en conserva; e logo tabacos qu' ardian sin poñerlles lume.

Paleu e Brocos, que pra comer patacas, lacós e sardiñas, parece que foron feitos, saliron d'a fuliada con cada un á sua barriga feita unha bola. Parecian algo así como unha muller entrada en oito meses de preñez.

Despois que comemos, e tomamos viño hastra deixal-o de sobra, brindouse pol-o Orfeon, pol-o *Centro Gallego*, Sr. Villasuso e D. José Ruibal. Muxía, qu' aquel dia estaba pr o caso, brindou tamen pol-o Sr. Villamil, o Sr. Edreira, Presidente e Vice-Presidente d'o Coro, respeutivamente.

'As dez d'a noite, acabouse a fuliada, e con 30 grados de vapor, y-á miña gaita ó lombo salín tocando:

¡¡Aa!! ¡¡oo!! ¡¡ii!!
Que cada mes, si non todol-os dias
N-este lugar se celebre unha festa.
Que cada mes, si non todol-os dias,
Poda o gaiteiro mollarl-a palleta.
¡¡Ooo!! ¡¡¡ii!!!
Tou porroutou....

* * *

N' a rua de O'Reilly núm. 45, hay unhas vistas de Galicia, feitas pol-o meu peisano señor Pacios, o que retratou ós rapaces d'o Coro, que d' á xenio mirar pra elas: ¡qué bonitas están! un fato de nenas e rapaces, mallando n' o trigo; dous homes cargando un carro de braña; unha nena que vay por un outeiro, con un cesto d' herba ás costas; dous pescadores n' a veira d' un río, que mainiño maino, vay por entre longos ameneiros; unha presa de nenas merendando n'a feira; todo iso representan as vistas de que falo.

Cando me fixei n' elas e pensei n' aqueles tempos d' a miña infancia, tempos que non han de volver, pro que viven n' a miña y-alma, como sagrados recordos, enchendóseme os ollos de bagullas, escramei con Rousalía Castro:

Airiños, airiños, aires,
Airiños d'a miña terra,
Airiños, airiños, aires.
Airiños levaim' a ela.

* * *

Unha peisana nosa, filla d' o Ferrol, determiña tomar parte n'o certame d'a fermosura internacional qu' ha de ter efeuto en París, n-o mes de Setembre. As fillas d'a Suevia, son garridas, feituquiñas e xeitosas; e pol-o mesmo

n'on está nada de mais
qu' a ferrolana graciosa,
sendo, cal din, tan fermosa,
se leve o premio, quizáis.

* * *

¡Ei, larpeiros! vid' acó
Que com' unhas lambicadas
Qu' ontes n-o *Suizo* habia
Non s' atopan pol-a Habana.
—¿Pois qué son?—Xa vos direi
Y-a boca faravos auga.
Qa' ise lacazan d' Estebo
Y-o seu compañeiro Fraga
Inda que me fend' un leño
Si non son us calandracas.
Teñenvos queixos de teta,
Muy sabrosas empanadas,
D'as Somozas boa manteiga
E requeson d' as Barbadas:
Berberechos, minxillós.
Mazás e peras urracas;
Sardiñas frescas d' o pio,
Calamares coa sua salsa,
Percebes e máis ameixas
Cirigüelas e navallas;
Muy bon viño d' o Riveiro
Y-un mosto que nin Champaña.
—¿E venden caro todo iso
Estebo e Xervasio Fraga?
—Non, bomes, non, muy barato,
¡Ind' así en medre! despachan,
Qu' iles entenden a Biblia
Y-a vender naide lles gana.
—Pois vamos alá, rapaces.
—Vamos xa. ¿Quen nol-empata!

XAN D'AS ZOCAS.

IMPREMTA RUA D' O-REILLY NÚMARO 9.

# A GAITA GALLEGA.

(FOLLA D' «O ECO DE GALICIA»)

*REPINICA MUIÑEIRAS, ALBORADAS E FANDANGOS.*

ÉPOCA 2ª | N a Habana: 30 d' Setembre de 1889. | TOCATA 3ª


## UN VERDADEIRO AMOR

(A Xan Manuel Espiela)

A ultima carta que Rosiña escrebeo o seu cortexo, anunciandolle que debian cortar o fio d' a sua vida, e millor historia que podia facerse d' ese amor tan grande como desgraciado. Falar outra palabra mais, aumentar un solo berbe, sempre seria unha cansada repetición que non ten razón de ser. As doridas queixas d' a probe namorada, queixas escritas con sangre d' o corazón, porque d' o corazón saliron, pintan con toda verdade e colorido ó melancónceo estado d' aquela y-alma enferma e desgaxada pol-a furia d' unha louca pasión.

Vaya, pois, esa carta, sin quitarlle nin poñerlle unha coma.

Querido Mauro, anaco d' a miña vida.

Esta debe ser á ultima carta que che escribo, e se as demostracións d' o teu cariño son certas, se non resultan mentidos os teus xuramentos d' amor, as coitas d' a tua y-alma, que tantas veces escorrentaron d' o meu lado as penas, e y-outras tantas me fixeron pensar n' unha eterna felicidade, debes cumprir os meus deseos, satisfacer as miñas ánsias, que me mandan morrer.

Nonche cause milagro á miña maneira de pensar. Estudiei, cal debe estudiarse a nosa desgraciada situación, e solo vexo qu' a nosa felicidade non s' encontrará mais que n' o fondo de unha cova. Intentar vivir mais tempo, seria aumentar os nosos sufrimentos. Algun dia as esperanzas calmaban algo o meu delor. Hoxe non teño esas esperanzas porque foron morrendo unhas tras outras, cal morren as charetas d' un incendio; e pol-o mesmo ó mundo pra min e un cementeiro..... sinto que me pesa a vida cal si fora unha maldecida culpa.

Tres meses fai que te separache de min con intencións de ver si lexos d' este pobo podias ganar algo conque puideramos facel-a nosa boda, a xuntanza d' as nosas almas que tanto sufren e choran, e n' eses tres meses, perdin as poucas carnes que tiña, non como, nin durmo..... sempre en ti pensando, sempre por ti sufrindo.....a frebe foi poñéndome como unha folla seca e de nada sirve qu' o médeco recete medeciñas; o meu mal xa non ten cura.

Ti dirás que como agardamos catro anos, podemos agardar outros tantos. Non, non pode ser. Pasarán catro, outros catro e y-outros catro, e sempre será o mesmo. Teu pai botou canto tiña, morreu encerrado n' unha carcel, e por mais que ti no tes culpa d' os feitos de teu pai, o mundo, este maldecido mundo que non se compadece d' os que cayen, ha de terte sempre por fillo d' un ladron, e terás que cargar con culpas e pecados que certamente nonche corresponden. ¿Olvidareime de ti? Non podo.....! vivir sin tí non sei. Dinche os bicos d' o meu primeiro amor, e quero gardarche os derredeiros suspiros d' a miña vida.

Non penses tampouco en casarnos proles como estamos, pois si ben me hacharía contenta con solo vivir ó teu lado, hay que pensar que mañá teriamos fillos e esos filliños, anacos d' a nosa y-alma, morrerian de fame, mentras ti e mais eu morriamos de pesar. ¡Non, Mauro querido! Busquemos outro camiño, o camiño d' a morte: que diga o mundo ó que queira de nosoutros; vale mais que nos aborreza sempre, que que nos desprece unha vez; maldicirá a nosa cova, pro non pisará a honra d' a nosa probeza.

Si Dios n' os trouxo o mundo, non sei por que razon, pra querernos e non xuntarnos nunca, ali donde nos conocemos a primeira vez, donde xurache quererme mentras viviras, e chorando prometin non olvidarte nunca mais, ali n' a beira d' aquel

rio que foi ó testigo d' o noso primeiro cariño, debemos volver á vernos pronto pra xuntar as nosas almas que non poden nin deben estar separadas, e deixar sobre a escondida corrente d' aquel rio que foi a causa d' o noso desgraciado amor, o peso d'os nosos corpos y-as derredeiras queixas d' a nosa vida.....

Pasaron tres meses, e unha mañá ben cediño, un home que iba pescar troitas, descubreo que n' o fondo d' un pozo que facia o rio, habia dous corpos abrazados. Foi en seguida dar parte ó pobo e despois qu' a xusticia sacou os cadavres d' o rio, resultaron ser os de Rosa e Mauro, que morreron amándose; atáronse pol-a cintura c' unha corda, e logo arrastrados pol-o peso d' un pelouro, foron á fondo d'o rio.

¡Probes, nin pra morrer foron felices!

S. Cora.

## UNHA CONFESION

Era de noite. Os últemos refrexos d' o morebundo sol crebábanse n-os pintados vidros, y-a calada suidade reinaba n-a eirexa d' o Señor.

Unha nena, bonita com' a estrela d' a mañá, lixeira como' o aire, branca com' as felepas d' a neve, adiantábase, quedo muy quedo, pol-as solitarias naves c' os seus olliños, que cobizarían os lucciros, cravados n-o ciau.

Dirixíuse aquel ánxel misterioso ó trebunal d' a penitencia, ond' un crego vello, muy vello, sentado entr' as escuras táboas d' o confesonario mascullaba medio adormentado, non sei qu' enrevesados latinorios.

Arródillase a penitente ó pé d' o confesor e reza as oracións porparatorias, con voz tembrona com' o marmurio d' os pinos.

Empeza dempois desembuchando a *pecata menuta* e deixando pr' o fin as culpas mais gordas; tales, como darlle de coscorrós ó seu hirmau, facer arrenegar á sua aboa, e roubarlle as mazás ó fillo d' o curandeiro.

De pronto, trema, baixa os ollos e cala.

—Vaya, miña filla—dill' o vello confesor—sigue, non teñas vergonza, e desembucha o que che falta.

—Señor cura—respondeulle a tembrosa nena—non m' atrevo.

Dáballe alentos o crego, pro a rapaza agachando á cabeza entr' as maus, rompeu á chorar, e as suas vagullas corrian e corrian, com' un regato de pelras.

—Vamos, non chores, que a misericordia de Dios, Noso Señor, tod' o perdona. ¿Blasfemache d' o seu santo nome?

—¡Ay, si non fora mais qu' eso!

—¿Chamache ó demo?

— Non señor.

—¿Richeste n-a misa?

—Ay señor; eso non e nada á comparanza...

Calou com' un rato o confesor, ardendo com' o lume e mais asustado xa que á penitente mesma. Tampouco sabía que revirivoltas dese, nin que perguntas facerlle rapaza pol-o medo de abril-os ollos á aquela virxe, despertando n-ela iñorados pensamentos.

O pecado era muy grande pol-o visto, y-o confesor pensou si habría n-o medio algun nacente amorío.

Pouco tardou a penitente en sacalo d' aquela dúbida.

—Señor cura—dixolle—ó fin vou á confesarllo todo. Dios me de forzas pra contalo. E a úneca, a primeiro vez d' a mina vida que así me vexo, e non sabía, coitadiña de min, cand' o fixen, os remordementos que m' habia de costar. Pro, señor cura, tentoume o demo. ¡Era tan bonito e tiña un modo de mirar tan férvellas verzas!

O crego tremou c' o susto, e dixo pr' os seus botós: «Estás ti boa fèrvellas berzas.»

—¡Tan doce, tan amorosiño'—dixo a nena.

O crego xa sudaba com' un pito.

—¡Queriame tanto!—continuo a penitente.

Y-o confesor fruncíu as cexas.

—E dempois.... qu' andaba atrás min com' un can.

¡Era a sombra d' o meu corpo!

—O mesmo son todos—murmurou o vello entre dentes: pro a rapaza sin oubirlle siguíu falando.

—Unha noite, unha maldecida noite, entrou n-o meu carto.

—¡Asús! ¿Pro non houbo mais?—dixo o confesor sudando a gota gorda.

—¡Ay, señor cura—dixoa nena—ciqui empeza o meu crime!....

—Sigue pra diante—repricou o velliño confesor facendo a sinal d' a cruz.

—Aquela noite estivo mais amorosiño que nunca; e tanto m' acariñou qu' eu ¡pecadora de min! caín n-a atentacion....

—Pro ven acá, miña filla, ¿cómo tua nai non tivo mais coidado de tí e te deixaba esposta á somellante peligro!

—Pois, ahí tèn vostede... como nunca me quitou de que acariñase ós gatos...

— Acabáramos! ¡Esa xa é fariña d' outro muiño! Conque ¿foi un gato o qu' entrou n-o teu carto?

—Si señor: un gato, gordo, bonito, ben feito, branco com' a neve, que lle roubei ó meu tio Xan.

—*In nómine patris et filli et espíritu*

*sancti, ego te absolvo*—dixo entón o velliño confesor, reposto xa d' o susto.

*Traducion de*
INOCENTE FILGUEIRA.

## O CATECISMO D' O LABREGO

OS MANDAMENTOS D'A IGRESIA LABREGA SON CINCO

O primeiro oir como nos aldraxan os que mandan, como quen oye chover.

O segundo mudar de camisa unha vez ó ano, ou denantes si teñen qu' enterralo á un.

O terceiro comulgar con rodas de muiño.

O corto aunar por ben as ou por malas.

O quinto pagar por todo e pra todo, e pagalas todas.

*P.*—¿O primeiro á quen obriga?

*R.*—A todol-os que teñen algo que perder, pois si nos repoñemos, sainos pior a conta.

*P.*—¿Y-o segundo?

*R.*—Obríganos á todos anque as veces se nos esqueza o cumprilo.

*P.*—Vind' ó terceiro ¿como se comulga con rodas de muiño?

*R.*—Vendo como nos quitan á razón en todal-as cousas, e tendo que nos conformar c' o que veñe; deixándonos engrolar por todol-os baduantes, por non saber que opoñerlles; pagar o sesenta por cento á un usureiro, e oirlle decir que ainda nos axuda; indo á votar ás urnias sabendo qu' é coma si non foramos; e pr' acabar d' unha vez, deixándonos levar pol-o último que chega.

*P.*—¿A quen obriga o coarto mandamento?

*R.*—A todol-os labregos dendesde que nacen hasta que morren.

*P.*—¿Por qué?

*R.*—Porque cando non hay que levar á boca é forzoso o auno, que anque dicen que hay n-o mundo pan d' abondo pra todos, á verdá é que poucas veces chega á nosa boca, y-eso de millo, resésego o ben tasado.

*P.*—¿Como aunan os labregos antes de ter uso de razon?

*R.*—O mesmo que despois: á traspaso.

*P.*—¿A quén obriga o quinto mandamento?

*R.*—Non hay quen s' escape d' él.

*P.*—¿Con qué pagades por todo?

*R.*—C' os nosos cartiños e c' o noso lombo.

*P.*—¿E con que as pagades todas?

*R.*—C' o noso lombo e o nosos cartiños.

*P.*—¿E que pagades?

*R.*—Os trabucos y-as falcatruadas que fan outros.

*P.*—¿Que son trabucos?

*R.*—As contribucións, padre; vostede seica non é d' a terra.

*P.*—¿E por que lle chamades trabucos?

*R.*—Porque é unha causa que hay que pagar anque un non queira y aunque non teña con qué, pois d' outro xeito embárgannos o pouco que temos; de maneira que nos fan ciscar as cadelas o mesmo que si nos puxesen un trabuco ó peito.

### AS OBRAS DE MISERICORDIA

*Son catorce, as sete espirituales y-as sete corporales.*

AS ESPRITUALES SON ESTAS:

A primeira ensinar ó que non sabe librarse d' as gayolas qu' á miudo nos arman.

A segunda dar bos consellos ós qu' están pra cair.

A terceira correxir ós que non ven por onde camiñan.

A coarta perdoar as inxurias hastra que un poida facer o seu xenio.

A quinta consolar ás mulleres d' os qu' emigran pr' as Amérecas.

A sesta sofrir con pacencia, namentras non haxa outro remedio, as fraquezas e malas ideas d' os que mandan.

A sétima rogar á Dios pol-os nosos alcaldes difuntos.

AS CORPORALES SON ESTAS:

A primeira visitar as bodegas d' os veciños.

A segunda ensinarlle o camiño d' a taberna ós que teñen fame, e deixárse ir si convidan.

A terceira ensinarlle o camiño d' a fonte ós que teñen sede.

A coarta redimirnos cando chegue o caso.

A quinta mandar ó xastre os que non teñan cirigolas.

A sesta dar pousada ó pelegrino si ten con que pagar.

A sétima levantar mortos.

*(O Tio Marcos d'a Portela)*

## APÓLOGOS.

O GALGO E O COELLO

Un galgo inui fraco
estaba quediño
atisband' un coello
que s' iba sobindo
pol-o souto adiante
mui ledo e garrido,
cand' o bó d' o galgo
lle dixo:—Amiguiño,
teño que falarche;
espera un pouquiño.
Aqui non se para
faiche moito frio
aló dond' estás
¿Seique fai abrigo?»
O coello que oye
falar o galguiño
sacude as orellas

o as poutal-o mismo
e dixolle:—¡Demo!
estás mui comprido;
xa me dirás eso
aló pra domingo,
pois acó arriba
tamen che fai frio:
non che corre apuro
agora voume indo.»
E dicinde esto
pegou un saltiño.
E canto mais pudo
largouse fuxindo
pol-o fero monte
como un baselisco.
Estoncel-o galgo
lanzouse seguindoo
pró xa o coello
pecara de listo.
Xa n-o vía o galgo
que se quedou frio,
chasqueado e teso
c' o pescozo erguido
dicindo entre dentes.
—Hoxe non-o pillo,
tìxo de min bulra
ese gran cativo.
Nón, pra outra vez
hei d' estar quediño;
obrar e calar
e o mellor partido:
si en fixese asi
houberao collido.»
O qu' e pretendente
siga est' exempriño:
facel o que póida
y estar caladiño.»

UN COCHO E UN FACO.

E-tabase un cócho
n-o ho d' o cortello
aló n-un corruncho
grauciños comendo;
n-o presebe un laco,
un faco mui vello
xunto á el estaba
n-os toxos roendo.
Ollaba pr' o cocho
bulra d' el facendo;
estoncel-o cocho
botand' un gran bérro
dixolle:—Ou, faco,
¡non che toca d' esto!»
Respondeull' o faco:
—Págache proveito
nada che cobizo;
estou satisfeito:
co a miña herba
e toxos roendo,
paso a miña vida
como ti contento;
pero ti ¡ouh cocho!
si t' estan enchendo
aló pr' o Nadal,
pagarás ben eso.
Guindado n-un banco
e c' un gran coitelo
n-a gorxa chantado
mandas todo ó demo.
Non esbufes tanto
que eu non che quero
esa tua vida
que me dá grán medo.
E así, amiguiño,
non fales mais d' esto.
Por mais que te vexa
n ese grau roendo,
non che teño envida;
logo acaba eso».
O cocho que ó faco
oyéu dicir esto,
guindouse n-a palla
drento d' o cortello,
e alí roncando
dicia:—E certo:
me leven os diancres
si o faco é lerdo.
Dixome a verda;
pois eu estou verdo
que sempre me teñen
cerrado eiquí drento.
¡Aí probe de min
que vivia cego!
¡Ouh faco! ¡ouh faco!
¡Válame, que fervo!
Ceiv' a tarabilla
que me vou correndo.
Xa non quero grau,
para ti o deixo,
pódo comer
ábreme o cortello.»
Estoncel o faco
púxose mui teso,
e dixoll' ó cocho:
—Non che teño tentos,
nin tampouco uñas,
nin, para mais, dedos
par' abrirche a porta:
déixate estar quedo.

OS GALOS E UNHA PERDIZ.

Comprou Farruco un dia
unha boa perdiz,
pra pola entre ús galos
que xa él tiñ' alí,
pro estes cando virou
á boba entre si,
á picotadas todos
fixérona fuxir.
Pósta sobre d' un valo

principiou á ximir,
pois era tal o dor
que n-o pudo sofrir.
Estonces, sin querer,
botouse logo á rir,
pois xa os galos todos
estaban pra reñir,
c-o peteiro ben alto
sin palabra dicir
prencipian á brincar
sin que tivera fin
a camorra tan grande;
vendo esto a perdiz,
dixo mui decontado:
– Cando eles fan asi
sendo todos irmáns,
¿qué m' esperaba á min!
O millor que será
é botarme á fuxir.

UN HOME NAMORADO

Vivia n-unha casa
un home namorado
c' unha muller mui vella
e outra, pro non tanto.
A vella como via
d' o home o pelo cano,
arrincáballe o negro
e deixáballe o branco;
pro o diablo d' a moza
faciall' o contrario
que arrabiada toda
traba pol o branco.
Ilastra que ó fin e postro
o probe namorado
drento de pouco tempo
todo el se hachou calvo:
de modo que dempois
o tal namoricado
pelado e feo veudose,
mandou o trat' ó diablo,
pois aquelas malditas
logo emprencipiaron
á facer d' el a bulra
por velo tan pelado.

FARRUCO MIRÁS.

# MARCELO.

Alá...n-unha d'as mais agarimosas e frolidas rexiós de Galicia, ô remate de val coroado de castiñeiros e carballos en que os páxaros tecen sinxelos niños pol-a primadeira, y-onde a xente acomodada d'o pobo veciño vai tomar a sombra n-as longas tardes d'o vrau, órguese medio aculta entr'a arboreda unha cruz de pedra.

Aquel embrema d'a nosa relixion compre alí un deber: o de lembrar a morte d'un patriota.

¿Sábel-a historia, leutor? Pois contareicha en poucas palabras, tal como chegou ós meus oubidos.

I

Axitábase o sigro dazaoito co-as convulsiós d' agunia, y-ô mesmo tempo qùe paraba d' alentar Carlos III, nacia, en escura aldea un rapaz á quen mais tarde bautizaron c'o nome de Marcelo.

Fillo de probes labradores, criado n-as privaciós e n-o traballo, creceu sin que nunca os mèlecos o hacharan n-o leito nin as boticas despachasen unha receta pra volverlle a saude perdida; e forte com'un buxo pasou d'a inocencia á mocedá, sin esquecerse xamais d'o afeuto que lle debia ós autores de seus dias, que sempre ó viron cabo d' eles risoño e cobizoso, aliviándoos n-as angueiras d'o campo e entretendoos con contos e chuscadas cando n-as noites d'o frio inverno estaban o pé d'a lareira, a nai espiando a roca, ó pai faguendo rodos y-èl porparando rabo d' un legón, afiando a poda ou escullendo sementes.

Pro chegoulle á Marcelo como chega á todos, a edá d' os amores y-o rapaz sintiu n-o peito ó xerme de novas ideas, topouse c'un vacio que hastra enton non notara, e secuencia d' elo puxo'n.ha parte d'o cariño en Xoana, feiticeira rapaza de dazasete abris, c' un corpo de palmeira, voz de anxel, dentes de nacre e us ollos que retrataban, mirando morosiños todal-as felicidás d'a groria....

'A volta d' algus requebros, de seguila ás romaxes, de destinguila n-os lurreiros, de mirala fixamente e como con vergonza moitas veces, Xoana aceitou ós quereres de Marc lo dándolle un *si* que fixo esgarabellar a legría por tod' o corpo d' o namorado rapaciño.

Dend' aquel dia, fieles á un xuramento, vianse sempre ó apardecer, tendo por testigo d' as suas coitas y espansiós o cruceiro.

¡Ay, si él poidera falar, que de cousas nos dixera! ¡Cántas promesas rubiron por aquelas edras que cinguen os brazos, pra irá perderse n-os ámpitos d' o espazo! ¡Cántas dociñas palabras sairian d' os beizos d' a garrida moza, premiando así o inmellorabre comportamento de Marcelo! ¡Cánta inocencia y-ó mesmo tempo canto amor habia n-aquelas duas almas destinadas por Dios pra compretarse!..

II

Dous anos levaban profesándose cada vez mais entrañable afeuto: estas relaciós non eran un misterio pr' as familias d' entrambos, que miraban co-a sonrisa n-os beizos a prousimidá d' un matrimonio deseado.

Todo, pois, facia creer en que a dicha s' atopa cumprida n-a terra algunha vez; n-oustante a realidá iba esborrallar c' o sen sopro de mór-

te mil castelos postos en col d' ilusiós feiticeiras.

Como de costume, á baixada d' a tarde foi Marcelo en dereitura ó punto de cita; Xoana retardárase algo, tal vez pra facerse mais necesaria e darlle unha impacencia agradabre.

Por fin pasado un cuarto d' hora asomou a línda rapaza e pouco dempois xuntábase á Marcelo pra ir ponerse ámbos n-o asento d' o cruceiro.

Qu' istante aquel! O sol despedía dend' o ócaso eses refrexos dourados que si teñen tod' a coor d' os lirios, en troques teñen tamen tod' a malenconía d' o qu' emigra forzosamente; os paxariños pechaban o pico, gardando armoñosos gorxeos; os xornaleiros, co-a aixada ó lombo, alexábanse pol-as vredas de car' ó eido en busca de repouso; y-a noite disponíase á acender as estrelas, á dar saida á lua y-á gobernar a terra sustituindo ó dia.

Xoana ouservou con posar a tristura d' o seu cortexo e colléndolle a man con toda a dolzura d' unha nai, dixolle:

—Algo che pasa; non queiras acultarmo.

—Certo, miña prenda, certo; eu teño unha pena muy grande.

—¿Y-hei de saber por qué?

—Non hay inconveniente, mais pode que tal cubiza che coste cara.

—¿Tan malo é o que vás decirme?

—Moito, meu lindo rerafin, porque a causa d' este tromento que me roi ay-alma é...

—Non dubides, Marcelo, conta o que sea—insistiu a rapaza mirandoo ansiosa.

—Si ó fin has d' enteirarte dempois, millor é que te proveña agora; ti sabes que os franceses entraron en Madri, e que non satisfeitos co-eso tratan de facer sua toda España.

—Algo ll' oubin á meu pai.

—Pois ben; com' as tropas de Napoleon xa están en Galicia, non lonxe d' eiquí, é preciso defendernos d' eles.

—Nada mais natural; denantes que se fagan donos d' esta terra pasarán en col d' os cadavres de todol-os gallegos enxebres.

—E como eu son un d' eles...

—Ay! non queira Dios que veñan.

—Dam' o teu premiso pra loitar hastr' escorrentalos.

—T' débeste á Xuana.

—Pro... ¿non ves que peligra a pátria? Si os deixamos porán fogo ás nosas casas, matarán os gandos, roubarán as oirexas, deixarannos por portas!...

—Estonces loita cando a necesidá t' obrigue; pelexa n-a promeira fila; que cada tiro señale unha baixa n-o campo nemigo, que cada batalla sirva pr' alexalos mais e mais d' estes verxeles onde tiven a fertúa de conecerte; pro, entramentres, non te vayas d' a miña beira, pensa solo que por tí vivo, que pra ti gardo todo un tesouro d' amor.

—Gracias, rosiña; perdóame que non esté mais eiquí; dalle recordos á tua nai, e mañá á mesma hora agárdote—dixo Marcelo erguéndose e facendo ademán de camiñar.

—¡Adios!—respondeulle Xoana mandándolle un bico dend' o souto.

III

Un puñado de labercos armados con fouces, gadañas e carabinas, adiantaban á ventura por estreita corredoira.

As tintas d' a alba douraban os cumios d' as prónsimas montañas.

"O lonxe escóitase o galopar de caballeria, paso de tropa e a voz de *¡allons!* repetida con frecuencia.

Media hora dempois unha compañía de franceses topábase c' o peloton de paisanos que vimos denantes.

Un d' estes, sin poder conterse, descerraxou un tiro con tan boa sorte, que o capitan d' a coluna nemiga caiu á terra.

Esta foi a sinal d' a escaramuza.

Romperon o fogo os franceses, resistiron cortos istantes os labregos postos detrás d' os álbores e n-os repregues d' o terreo; pro, era tan superior o número d' aqueles y-estaban tan iñorantes éstes d' os sistemas de combate' que á pouco morderon a terra cadávres os que non poderon avantar pol-os matos próusimos pra ir á espirar fora d' o campo de batalla.

Xoana buscou aquela tarde á Marcelo sin que o topase ó pé d' o cruceiro, cal tiña por costume.

Pobre rapaza! ¡O seu noivo estaba entr' os mortos!...

R. Pesqueira Cresio.

## CANTARES GALLEGOS

¿Qué dí á meiguiña,
Que dí á traidora?
Corazón qu' enloitado te crubes,
C' os negros desprezos qu' á falsa che dona,
¿Por qué vives sofrindo por ela?
¿Por qué namorado, de pena saloucas?
S' ela é bonita,
Ela é traidora.
Di con mengua de min que non sabe,
Qu' airiños me viran veleta mal posta....
Que ch' ó digan rapaza os teus ollos,
Qu' agora me chaman, dempois me desbotan.
Qu' anqu' es bonita,
Eres traidora.
S' unhas veces amante che falo,
E s' outras renego de ti... ¡pecadora!
¿Cales anguas repousan serenas,
S' ó vento qu' as manda, rebole antr' as ondas?

E ti ben sabes
Qu' es revoltosa.
Son canciño de cego en quererte....
Tal burla merece quen ama sin conta,
Pois cos socos na man ou sin eles,
As portas d' ó inferno seguiudote fora.
Tal estou tolo,
Tal es grasiosa.
Que de Marzo marzal teño á cara....
Quizais qu' asi sea, mais ti, miña xoya.
Tamen es cal rayola de Marzo,
Qu' agora descubre, qu' agora s' entolda.
Iguales somos,
Nena fermosa.

ROSALÍA CASTRO DE MURGUÍA.

## O CAMIÑO REAL.

A-o ispirado poeta carnesiu D. Manuel Núñez Gonzalez.

Er'ancho e reuto, e somellaba unha cinta branca n-un mar de vexetación e verdura. A-unha beira y-outra do camiño olmos e castiñeiros encravados n-as cunetas, coma vixias, ou centinelas inmobres e fixos. Logo, extendíase unha longa sâba de verdura que treminaba n-o leixano hourizonte. Eiras e piñeirales, soutôs e vales..... cruzados por corredoiras tortas y estreitas com'as almas d'os criminales, e n-o medio d'aquel mar de vexetación, espuntaban eiqui y-alá algunha branca chouza· somellante a branca pombiña, ou erguíase fusco e denegrido, un hórreo n-os seus piares.....

Os rayos d'o sol caendo endesd'o ceo azul e sin nubes, vertian fios de lus por antre follas e ramallos, e furaban por antr'as silveiras, dándolle máis fermoso coor âs negras amouras antr'as que revoaba·n reutos xiros unh' abella de verdosas âas e dourado ventre.....

«Vámol-andando coma din n-as mariñas, qu'a noite parece que quer vir y-é forza chegar a-o lar dinantes que se vote enriba.....

Apostados n-o camiño montós de morrillo e pedrugallo, pro montós todos d'un tamaño e postos á mesma distancia.

Os paus do áramio érguense tamen soyos y-ufanos e pol-os fios que estende á unha y-outra beira, van e veñen consolos y espranzas, relembros e disinganos.. ..

De cando en cando atópase un marco que siñala y-amostra á distancia que nos sopara d'a capital de España.....

Sigamos andando, que aló vexo unha nube negra espallar suas aâs coma negro moucho, amenazando a pureza do ceo..... Apretémol-o paso, ou sinón non chegaremos nunca ô lar.

Aló lonxe vexo brilar unhas cousas que relocen coma o ouro. Son as chapas que n-os sombreiros levan os peós camiñeiros..... Xa os vexo bén. En mangas de camisa dipindurando as chaquetas d'as polas d'os castiñeiros; non son máis que dous; ali están co-as mazas ou martelos encravados n-unha longa vara. Ben baten n-o morrillo y-o chocal-o aceiro contr'a pedra érguense d'istas chispas de lume, estreliñas douradas, que s'esván ô sair, que morren ô nascer.....

—Boas tardes nos dé Dios.

—Vaya con Dios, me din y eu sigo o meu camiño sempre ollando adiante, asperando chegar ô lar dinantes que se me faga xa noite fecha.

Alí vén un labrego montado n-un faco, que cuaseque non pode co-a carga que leva às costas.....

E o tio Farruco de Vizoso que vén d'a feira d'o primeiro de Betanzos—«Vaya con Dios, tio Farruco».

«Xa vosté vé, camiño de lar» «Bueno; quede con Dios y hastr'a vista».

Rexuncras! Agora o encontro, non é tan bó. Unha crus encravada á beira do camiño, amostra seus brazos abertos coma pidindo ó ceo misericordia. Persiñarémonos pol-o morto.... Din qu' eiqui mataron a-un veciño de Cortiñan xa tay anos... Diol-o teña n-a sua groria e perdonase ó asesino.

¡Anda, anda, e que rebulicio de campanelas escoito agora! Pol-o que parece son ús maragatos que ván á Cruña a vender viño e garabanzos..... Non, pois cando cheguen, si levan ese paso, boa hora ha de ser tamen!

¡Gracias a Dios que xa vou chegando á casa. Aló vexo á Catuxiña que vén d'o monte c'o gando..... Xa cuase é noite fecha. Soyo aló n-o hourizonte o ceo paresce máis craro..... ¡Arre burro! Condanada de besta, por moito que ll' encravo o aiguillón nin por esas..... Vay con máis calma qu'un crego vello cando di misa.

¡Asus, Maria e Xoxé! Un home morto! Un corpo ensanguentado alí antr'as silveiras! Non-o conezo ¿Quen será? ¿Avisarei á xustícia? Non, que din qu' a-o que dá parte tócalle menos..... «Padre nuestro...»

Alí está xa miña chouza. Xa vexo sair o fume por antr'as tellas. Alí está Xuana c-o pequecho en brazos facéndolle caramoñas baixo do alpendre; ¡alabado sea Dios que me fay chegar con ben ô seo d'a familia!.....

MANUEL AMOR MEILÁN.

## CASOS E COUSAS.

O dia tres d'o mes que ven, que non esta tan lonxe, celebrarase unha función n'o treatro qu' algus chaman d' *araña*, á beneficio d'o

«Centro Gallego,» esto e, pra facer engordar á suma d'a suscrición que se iniciou pol-a Direutiva n'a Sociela, cô fin laudatorio de facer as composicións qu' estan levandose a término n'a casa d'o «Centro».

En pol-a miña parte, digo, e xuro por estas cinco cruces, que non faltarei a festa. Non estou moi adiantado que digamos de cartos, pro cando me dixeron qu' o «Centro» pensaba celebrar esa festa, festa que teu que ser unha gran cousa, á xuzgar pol-o programa que según vin, estan facendo, cinco pesiños que tiña desposios pra gastar n' unha monteira. metinos n'unha bolsa de coiro que teño pra gardar papeles d'estimanza, como son as cartas d'a noivia e ôs recibos d'a contribución; e s'a carteira non se perde-ou no-a comen ós ratos, pois todo pode suceder, esos cinco pesos estarán gardados hastra que chegue o día señalado, pra mercar unha luneta.

Segun teño entendido, n'esa funcion tomaran parte á compañia que dirixe ó Sr. Palou e o orfeon «Ecos de Galicia,» que pensa cantar esa noite *¡Ayes d' amor!. ¡Ayes d' amor!* e unha sentida composición d'o Direutor d'o Coro, Hixinio Vidales, que según dixeron algus perodecos, está escrita e feita c'o corazón.

Nada, nada, eu teño que oubir eses *¡ayes!* con tanto mais motivo, canto qu' eu teño tamen ¡ayes d' amor! n'o fondo d'a y-alma, e quero saber s' os ayes de Vidales teñen algún parecido ós que tanto me fan penar.

Conque veña pronto ô día
que xa me tarda á función:
quero qu' o meu corazôn
volva á sentir alegria.

***

Conta un perodeco de Madri, que n' un pobo de Castilla chimparon á un home n'a carcel, por rôubar un Santo-Cristo, d' unha Igresia.

O bon d'o home diria
cando d'a Igresia saleo:
A xusticia non lle escapo
porque levo á Dios n' o peto.

Mais como dice o refran,
que non deixa de ser certo,
pensa unha cousa o borracho
y-outra cousa o tabarneiro.

***

Un soñor que se firma Marcial, como podia firmarse cachola de burro ou queixada de besta, pubrica *N' a Patria* de Madri, un articulo ou non sei que rayos, encamiñado á..... decir que Curros Enriquez non e poeta. O Sr. Marcial á xuzgar pol-o que escribe, se non naceu n' unha sacristia, defende á xente de bonete, e pol-o mesmo, xa se comprende á roña que lle ten o autor d' *O divino saincte*.

As razós do que se valo o critico pra dacir qu' o autor d' *A Igresia fria* non mereco entrar pol-as portas d' o parnaso, son catro versos d' un soneto que non lle gustaron o catolico Marcial, sin duda porque non estaban dedicados á cantar os milagros d' unha santa ou as virtudes d'un cura.

Si se xuzgaran asi a todol-os poetas, era mester queimal-os á todos, desde Homero hastra Nuñez de Arce.

Dentro d' algus dias faremos un articulo, que pubricaremos n' o *Eco de Galicia*, e n' ese articulo faremos por demostrar a inxusticia conque trata á Curros Enriquez o tio Marcial, que non e gallego, segun decraracios d' él mismo; pro non fai falta tampouco.

S' o autor d' *A Igresia fria*
o un poeta xenial,
fale Castelar, qu' un dia
dixolle qu' era inmortal.

***

Conta un perodeco d' España, que n' un pobo d'a mesma terra fuxiron cos seus correspondentes noivos, nada menos que 23 rapazas. N'algún tempo cando non se podian casar as nenas, caendo n'os brazos d' unha profunda morriña, morrian de pesar. Hox' en dia, as mulleres son mais sábeas: caudo teñen un noivo e non poden facer co-il a *prantanza*, como dice a poesia *¿Que ten o mozo?*, discurren:

—Querasme moito, perguntan
ó adourado galan.
—Com' os anxeles á Dios,
sempre contesta o rapaz.
—¿Olvidaraste?—Xamais:
antes morrer qu' olvidarte.
—Pois sendo asi á..... vos!

***

N-o pobo de Mula, (Murcia) presentouse un home, que chamandose redentor d' as almas, ou mellor dito, asegurando qu' era o propio Dios, queria encher os petos de cartos, a conta d' os probes veciños Mais dous guardias municipales, sin fixarse si podia ser Dios ou ó demo, prenderon ó bon d' o home, e meteronno de fociños n-a prevencion. Sin duda que ese larpeiro pensou alá pros seus adentros que que como o pobo se chamaba *Mula*, todos os fillos d' él tiñan que ser *burros*.

¡Vaya, vaya!

S'o Dios fuxido, consigue
Salir enxoito de Mula,
Asano en grasa ou aceite,
Antes que volva por Murcia.

XÁN D'AS ZOCAS.

IMP. RUA D' O-REILLY NUMARO 9.

# ÍNDICES

# 4. ÍNDICES

## 4.1. POR NÚMEROS:

### *N-a Habana: 5 d'o mes de Santiago de 1885. Tocata 1ª. ANO PRIMEIRO*

"O noso pensamento", Roque d'as Mariñas
"Saúdo", A Redaución
"Viva Galicia", Xan Manoel Pintos
"Un conto", V. P.
"A Gaita Gallega", Valentín Lamas Carvajal
"O zapateiro de Cangas", Marcos d'a Portela
"Lonxe d'ela", Alberto Camino
"¡Unha caridá, gallegos!", A Comisión
"Cousas de mozos", Andrés Muruais
"A C...", (Traducido de A. Opsso) Secundino Cora
"Casos e cousas", Chumín de Céltegos
"Adeministración d'a Gaita Gallega", Anónimo

### *N-a Habana: 2 d'o mes d'Agosto de 1885. Tocata 2ª*

"A festa de Tacón", Roque d'as Mariñas
"De riola por Galicia", Valentín Lamas Carvajal
"Rousalía Castro de Murguía", Anónimo
"Amores e doores. Balada", Alberto Camino
"As patacas", Marcos d'a Portela
"A Dorindiña Rodríguez", M. L. F.
"A Íñigo Varela", S. C.
"Os dous abogados (Conto xurídico-retranqueiro)", K. Ñoto
"Casos e cousas", Chumín

### *N-a Habana: 16 d'o mes d'Agosto de 1885 (Sen numerar)*
### *Tocata fúnebre en honor de Rousalía Castro*

"Rousalía Castro", Roque d'as Mariñas

"N-a morte de Rousalía", L. U. Gris

"¡Rousalía Castro, morreu!", Secundino Cora

"Á rola de Galicia, Rousalía Castro de Murguía", Valentín Lamas Carvajal

"Rousalía Castro de Murguía", Lisardo R. Barreiro

"Casos e cousas", Céltegos

### *N-a Habana: 13 d'o mes d'Setembre de 1885. Tocata 3ª*

"A fala gallega", Roque d'as Mariñas

"O gueitero", M. Curros Enríquez

"A tola d'as ondas", F. Lourido

"N-o cimenteiro", (Traducido de F. G. Vergara) L. U. Grís

"As visitas d'os probes", Marcos d'a Portela

"Unha aperta", Lisardo Barreiro

"Centro Gallego", Anónimo

"Epigrama", Secundino Cora

"Casos e cousas", Chumín de Céltegos

### *N-a Habana: 11 d'o mes d'Outubre de 1885. Tocata 4ª*

"Non máis emigración", Roque d'as Mariñas

"A campana d'Anllóns", Eduardo Pondal

"Rosalía Castro", Lisardo Barreiro

"Unha de paus", Andrés Muruais

"Meditación d'un famento", Marcos d'a Portela

"Cantiga", M. Curros Enríquez

"Velada literaria", Anónimo

"Inconstanza", L. U. Grís

"Casos e cousas", Chumín de Céltegos

### *N-a Habana: 8 d'o mes d'Novembre de 1885. Tocata 5ª*

"A fala gallega", Anónimo (pero seguramente de Roque d'as Mariñas)

"A Galicia", M. A. M.

"Patrea, Fides, Amor", Anónimo

"Tras de tempos...", A. J. Pereira

"Centro Gallego", Anónimo

"O falar d'as fadas", V. Lamas Carvajal

"Carta", César Undinoco

"¡Rosalía Castro!", J. Barcia Caballero

"Os ártabros (Escena orfeónica)", Farruco Mª d'a Igrexa (Música d'o Maeso D. Pascual Veiga)

"¿Por qué vergonza?", R. M. E.

"Si fora certo", R. M. E.

"Casos e cousas", Chumín de Céltegos

## *N-a Habana: 13 d'o mes d'Decembre de 1885. Tocata 6ª*

"A gaitoterapia", Marcos d'a Portela

"Xan", Rousalía Castro de Murguía

"Pr'os gallegos de lonxe", Perucho

"A espadela (Conto)", B. Lousada

"Parrafeo entre dous labregos n'unha feira de Chantada", Anónimo

"Recordos d'a infancia", Francisco Añón

"Salayos d'unha nai", Valentín Lamas Carbajal

"Noticias escolleitas", Xan de Tomeza

"Nai chorosa", Alberto Camino

"A Farruquiña Sagrera, nas súas bodas", Secundino Cora

"Casos e cousas", Chumín

## *N-a Habana: 28 d'o mes de Xaneiro de 1886. Tocata 7ª. ANO SEGUNDO*

"Gallegos enxebres: Waldo A. Insua", Secundino Cora

"¡Boa feira! (Conto)", Benito Lousada

"O fidalguiño d'a Pinhoa", (Traducción do portugués) L. de G.

"A pantasma", Franscisco Añón

"Conto de rapaces", Marcial Valladares

"O desconsolo", Alberto Camiño

"Refrás gallegos (A)", Anónimo

"Casos e cousas", Chumín

### *N-a Habana: 28 d'o mes de Febreiro de 1886. Tocata 8ª*

"A lenda d'as Burgas", Lisardo Barreiro

"¡Pra A Habana!", Rosalía Castro de Murguía

"O amor", Marcos d'a Portela

"Mirand'o chau", M. Curros Enríquez

"Contos de rapaces", Marcial Valladares

"O alalalaa...", Valentín Lamas Carbajal

"Casos e cousas", Chu.

"Partes teléfonicos d'A Gaita", Anónimo

### *N-a Habana: 31 d'o mes de Marzo de 1886. Tocata 9ª*

"Abril", Riveira

"A vida d'o campo", (Versión gallega d'a oda d'Horacio *Beatus ille, qui procul negotiis*, etc.) José García Mosquera

"O amor", Marcos d'a Portela

"Vaiche n-a misa en Conxo", V. Lamas Carbajal

"Unha alborada", Lisardo Barreiro

"Refrás gallegos (B e C)", Anónimo

"Casos e cousas", Chumín

"Partes telefónicos d'A Gaita", Anónimo

### *N-a Habana: 27 d'o mes d'Abril de 1886. Tocata 10ª*

"¡26 d'Abril de 1846!", Chumín de Céltegos

"Unha boda en Einibó", M. Curros Enríquez

"O amor", Marcos d'a Portela

"Lembranzas e saudades", Chumín

"Farruco Añón", (Traducido d'o castelao de W. A. Insua) Ch.

"O fiadeiro", Valentín Lamas Carbajal

"Refrás gallegos (D)", Anónimo

"¡Non chores!", G. Sus.

### *N-a Habana: 31 d'o mes de Mayo de 1886. Tocata 11ª*

"O alalaa...", Chumín de Céltegos

"O bautismo", Andrés Muruais

"¡Alma en pena... requírote!", Marcos d'a Portela

"O Ciprianillo", M. Curros Enríquez

"Ir por lan, é...", R. Pesqueira Crespo

"Refrás gallegos (E, F e G)", Anónimo

"Casos e cousas", Chumín

### *N-a Habana: 30 d'o mes de Xunio de 1886. Tocata 12ª*

"Sitio d'a Cruña en 1589. María Pita", Chumín de Céltegos

"A ponte d'o demo. Lenda", M. A. M.

"Certame gallego literario-musical en Pontevedra pr'as Festas da Pelengrina promovido pol'O Galiciano", O Galiciano

"O arco d'a vella", Xan Barcia Caballero

"Refrás gallegos (H, I, L, M e N)", Anónimo

"A leiteira", F. Añón

### *N-a Habana: 26 d'o mes de Outubre de 1886. Tocata 13ª*

"A Pelengrina", Chumín

"A volta d'o soldado", Valentín Lamas Carbajal

"Mariquiña y-eu", F. Romero Blanco

"Himno gallego", Letra de Chumín de Céltegos. Música de Felipe Pereira

"Tristras", Loureiro

"Bruxerías", Alberto G. Ferreiro

"O que dura a lúa de mel", Gelabert

"Refrás gallegos (N e O)", Anónimo

"Casos e cousas", Marcos d'a Portela

### *N-a Habana: 5 d'o mes de Xaneiro de 1887. Tocata 14ª. ANO TERCEIRO*

"As mozas gallegas", Marcos d'a Portela

"A Noite de Santos", Benito Losada

"O convite d'o raposo", Antonio de la Iglesia

"Galicia pintoresca", Anónimo

"Contos gallegos: A orella d'o demo", R. Pesqueira Crespo

"Presentimentos", Eladio Rodríguez González

### *N-a Habana: 30 d'o mes de Xunio de 1887. Tocata 15ª*

"Fillos de Galicia", Xan Manoel Rodríguez de Cea

"Revista d'unha corrida de ¿touros? n-a vila de Noya, feita por un labrego (Poesía humorística)", Enrique Labarta Y Pose

"As mulleres de Calvelo", Marcos d'a Portela

"Gallegos de por acó: K. Inzo", G. Sús.

"Fungueirazos", Fungueiro

### *N-a Habana: 18 d'o mes de Setembre de 1887. Tocata 16ª*

"Fillos de Galicia", Xan Rodríguez de Cea

"Relembro d'aló", Benito Losada

"Un recordo", P. Nadie

"A Romaría da Barca", Rosalía Castro de Murguía

"Fuliada", Canteiro

"Gallegos de por acó: L. U. Grís", G. Sus.

### *N-a Habana: 18 d'o mes de Decembre de 1887. Tocata 17ª*

"Fillos de Galicia", Xan Rodríguez de Cea

"Catro cousas", Benito Losada

"A cama d'o santo (Un conto)", F. R. B.

"A feira d'os nenos", Rogelio Cibeira

"Refrás gallegos (O)", Anónimo

"O magosto(Fragmento)", Francisco Añón

"Casos e cousas", Marcos d'a Portela

### *N-a Habana: 20 d'o mes de Santiago de 1889. Tocata 1ª (Época 2ª)*

"Outra vez", Anónimo

"A fonte d'o demo", Enrique Labarta

"A rayola de sol", Manuel Amor Meilán

"Cousas d'a vida. Carta", Xavier Valcarce Ocampo

"Veliños", Marcial Valladares
"¡Éla á min non m'as pegaba!...", Xenaro Mariñas
"Os rixóns", M. A. M.
"Desilusiós (Traducción)", Anónimo
"A fouce d'o abó", Manuel Curros Enríquez
"Madrigal", Manuel Curros Enríquez
"Non descansan elas, non...", E. Pondal
"Casos e cousas", Anónimo

## *N-a Habana: 30 d'Agosto de 1889. Tocata 2ª (Ruada 2ª)*

"Pastor Díaz", Chumín de Céltegos
"Á alborada", Nicomedes Pastor Díaz
"A ruada", Manoel Amor Meilán
"O castelo de Sobroso", Adolfo Mosquera
"O catecismo d'o labrego", O Tío Marcos d'a Portela
"Os dous compadres (Conto)", F. Lourido
"Apólogos": A maldición d'a ovella
O zorro e a melra, Francisco Mª d'a Iglesia González
"Casos e cousas", Xan d'as Zocas

## *N-a Habana: 30 d'Setembre de 1889. Tocata 3ª (Ruada 2ª)*

"Un verdadeiro amor", S. Cora
"Unha confesión", Tradución de Inocente Filgueira
"O catecismo d'o labrego", O Tío Marcos d'a Portela
"Apólogos": O galgo e o coello
Un cocho e un faco
Us galgos e unha perdiz
Un home namorado, Farruco Mirás
"Marcelo", R. Pesqueira Crespo
"Cantares gallegos", Rosalía Castro de Murguía
"O camiño real", Manuel Amor Meilán
"Casos e cousas", Xan d'as Zocas

## 4.2. Por autores:

A Comisión

"¡Unha caridá, gallegos!" (I, nº 1)

A Redaución

"Saúdo" (I, nº 1)

Amor Meilán, Manuel

"A rayola de sol" (II, nº 1)

"A ruada" (II, nº 2)

"O camiño real" (II, nº 3)

Anónimo

"Adeministración d'a Gaita Gallega" (I, nº 1)

"Rousalía Castro de Murguía" (I, nº 2)

"Centro Gallego" (I, nº 3)

"Velada literaria" (I, nº 4)

"Patrea, Fides, Amor" (I, nº 5)

"Centro Gallego" (I, nº 5)

"Parrafeo entre dous labregos n'unha feira de Chantada" (I, nº 6)

"Refrás gallegos (A)" (I, nº 7)

"Partes teléfonicos d'A Gaita" (I, nº 8)

"Refrás gallegos (B e C)" (I, nº 9)

"Partes telefónicos d'A Gaita" (I, nº 9)

"Refrás gallegos (D)" (I, nº 10)

"Refrás gallegos (E, F e G)" (I, nº 11)

"Refrás gallegos (H, I, L, M e N)" (I, nº 12)

"Refrás gallegos (N e O)" (I, nº 13)

"Galicia pintoresca" (I, nº 14)

"Refrás gallegos (O)" (I, nº 17)

"Outra vez" (II, nº 1)

"Desilusiós (Traducción)" (II, nº 1)

"Casos e cousas" (II, nº 1)

Añón, Francisco

"Recordos d'a infancia" (I, nº 6)

"A pantasma" (I, nº 7)

"A leiteira" (I, nº 12)

"O magosto (Fragmento)" (I, nº 17)

Barcia Caballero, Xan

"¡Rosalía Castro!" (I, nº 5)

"O arco d'a vella" (I, nº 12)

Barreiro, Lisardo R.

"Rousalía Castro de Murguía" (I, nº extraordinario)

"Unha aperta" (I, nº 3)

"Rosalía Castro" (I, nº 4)

"A lenda d'as Burgas" (I, nº 8)

"Unha alborada" (I, nº 9)

Camino, Alberto

"Lonxe d'ela" (I, nº 1)

"Amores e doores. Balada" (I, nº 2)

"Nai chorosa" (I, nº 6)

"O desconsolo" (I, nº 7)

Canteiro

"Fuliada" (I, nº 16)

Castro de Murguía, Rosalía

"Xan" (I, nº 6)

"¡Pra A Habana!" (I, nº 8)

"A Romaría da Barca" (I, nº 16)

"Cantares gallegos" (II, nº 3)

Céltegos

"Casos e cousas" (I, nº extraordinario)

Ch.

"Farruco Añón" (I, nº 10) (Traducido d'o castelao de W. A. Insua)

Chu.

"Casos e cousas" (I, nº 8)

Chumín

"Casos e cousas" (I, nº 2)

"Casos e cousas" (I, nº 6)

"Casos e cousas" (I, nº 7)

"Casos e cousas" (I, nº 9)

"Lembranzas e saudades" (I, nº 10)

"Casos e cousas" (I, nº 11)

"A Pelengrina" (I, nº 13)

Chumín de Céltegos

"Casos e cousas" (I, nº 1)

"Casos e cousas" (I, nº 3)

"Casos e cousas" (I, nº 4)

"Casos e cousas" (I, nº 5)

"¡26 d'Abril de 1846!" (I, nº 10)

"O alalaa..." (I, nº 11)

"Sitio d'a Cruña en 1589. María Pita" (I, nº 12)

"Himno gallego" (I, nº 13) (Letra de). Música de Felipe Pereira

"Pastor Díaz" (II, nº 2)

Cibeira, Rogelio

"A feira d'os nenos" (I, nº 17)

Cora, Secundino

"A C..." (I, nº 1) (Traducido de A. Opsso)

"¡Rousalía Castro, morreu!" (I, nº extraordinario)

"Epigrama" (I, nº 3)

"A Farruquiña Sagrera, nas súas bodas" (I, nº 6)

"Gallegos enxebres: Waldo A. Insua" (I, nº 7)

"Un verdadeiro amor" (II, nº 3)

Curros Enríquez, Manuel

"O gueitero" (I, nº 3)

"Cantiga" (I, nº 4)

"Mirand'o chau" (I, nº 8)

"Unha boda en Einibó" (I, nº 10)

"O Ciprianillo" (I, nº 11)

"A fouce d'o abó" (II, nº 1)

"Madrigal" (II, nº 1)

F. R.(omero) B.(lanco)

"A cama d'o santo (Un conto)" (I, nº 17)

Ferreiro, Alberto G.

"Bruxerías" (I, nº 13)

Filgueira, Inocente (Tradución de)

"Unha confesión" (II, nº 3)

Fungueiro

"Fungueirazos" (I, nº 15)

G. Sus.

"¡Non chores!" (I, nº 10)

"Gallegos de por acó: K. Inzo" (I, nº 15)

"Gallegos de por acó: L. U. Grís" (I, nº 16)

García Mosquera, José

"A vida d'o campo" (I, nº 9) (Versión gallega d'a oda d'Horacio *Beatus ille, qui procul negotiis*, etc.)

Gelabert

"O que dura a lua de mel" (I, nº 13)

Iglesia González, Francisco Mª d'a

"Os ártabros (Escena orfeónica)" (I, nº 5) (Música d'o Maeso D. Pascual Veiga)

"Apólogos" (II, nº 2)

Iglesia, Antonio de la

"O convite d'o raposo" (I, nº 14)

K. Ñoto

"Os dous abogados (Conto xurídico-retranqueiro)" (I, nº 2)

L. de G.

"O fidalguiño d'a Pinhoa" (I, nº 7) (Traducción do portugués)

L. U. Grís

"N-a morte de Rousalía" (I, nº extraordinario)

"N-o cimenteiro" (I, nº 3) (Traducido de F. G. Vergara)

"Inconstanza" (I, nº 4)

Labarta y Pose, Enrique

"A fonte d'o demo" (II, nº 1)

"Revista d'unha corrida de ¿touros? n-a vila de Noya, feita por un labrego (Poesía humorística)" (I, nº 15)

Lamas Carvajal, Valentín

"A Gaita Gallega" (I, nº 1)

"Á rola de Galicia, Rousalía Castro de Murguía" (I, nº extraordinario)

"De riola por Galicia" (I, nº 2)

"O falar d'as fadas" (I, nº 5)

"Salayos d'unha nai" (I, nº 6)

"O alalalaa..." (I, nº 8)

"Vaiche n-a misa en Conxo" (I, nº 9)

"O fiadeiro" (I, nº 10)

"A volta d'o soldado" (I, nº 13)

Loureiro

"Tristras" (I, nº 13)

Lourido, F.

"A tola d'as ondas" (I, nº 3)

"Os dous compadres (Conto)" (II, nº 2)

Lousada, Benito

“A espadela (Conto)” (I, nº 6)

“¡Boa feira! (Conto)” (I, nº 7)

“A Noite de Santos” (I, nº 14)

“Relembro d’aló” (I, nº 16)

“Catro cousas” (I, nº 17)

M.(anuel) A.(mor) M.(eilán)

“A Galicia” (I, nº 5)

“A ponte d’o demo. Lenda” (I, nº 12)

“Os rixóns” (II, nº 1)

M. L. F.

“A Dorindiña Rodríguez” (I, nº 2)

Marcos d’a Portela

“O zapateiro de Cangas” (I, nº 1)

“As patacas” (I, nº 2)

“As visitas d’os probes” (I, nº 3)

“Meditación d’un famento” (I, nº 4)

“A gaitoterapia” (I, nº 6)

“O amor” (I, nº 8)

“O amor” (I, nº 9)

“O amor” (I, nº 10)

“¡Alma en pena... requírote!” (I, nº 11)

“Casos e cousas” (I, nº 13)

“As mozas gallegas” (I, nº 14)

“As mulleres de Calvelo” (I, nº 15)

“Casos e cousas” (I, nº 17)

Mariñas, Xenaro

“¡Éla á min non m’as pegaba!...” (II, nº 1)

Mirás, Farruco

"Apólogos" (II, nº 3)

Mosquera, Adolfo

"O castelo de Sobroso" (II, nº 2)

Muruais, Andrés

"Cousas de mozos" (I, nº 1)

"Unha de paus" (I, nº 4)

"O bautismo" (I, nº 11)

O Galiciano

"Certame gallego literario-musical en Pontevedra pr'as Festas da Pelengrina promovido pol'O Galiciano" (I, nº 12)

O Tío Marcos d'a Portela

"O catecismo d'o labrego" (II, nº 2)

"O catecismo d'o labrego" (II, nº 3)

P. Nadie

"Un recordo" (I, nº 16)

Pastor Díaz, Nicomedes,

"Á alborada" (II, nº 2)

Pereira, A. J.

"Tras de tempos..." (I, nº 5)

Perucho

"Pr'os gallegos de lonxe" (I, nº 6)

Pesqueira Crespo, R.

"Ir por lan, é..." (I, nº 11)

"Contos gallegos: A orella d'o demo" (I, nº 14)

"Marcelo" (II, nº 3)

Pintos, Xan Manoel

"Viva Galicia" (I, nº 1)

Pondal, Eduardo

"A campana d'Anllóns" (I, nº 4)

"Non descansan elas, non..." (II, nº 1)

R. M. E.

"¿Por qué vergonza?" (I, nº 5)

"Si fora certo" (I, nº 5)

Riveira

"Abril" (I, nº 9)

Rodríguez de Cea, Xan Manoel

"Fillos de Galicia" (I, nº 15)

"Fillos de Galicia" (I, nº 16)

"Fillos de Galicia" (I, nº 17)

Rodríguez González, Eladio

"Presentimentos" (I, nº 14)

Romero Blanco, F.

"Mariquiña y-eu" (I, nº 13)

Roque d'as Mariñas

"O noso pensamento" (I, nº 1)

"A festa de Tacón" (I, nº 2)

"Rousalía Castro" (I, nº extraordinario)

"A fala gallega" (I, nº 3)

"Non máis emigración" (I, nº 4)

"A fala gallega" (I, nº 5)

S.(ecundino) C.(ora)

"A Íñigo Varela" (I, nº 2)

Undinoco, César

"Carta" (I, nº 5)

V. P.

“Un conto” (I, nº 1)

Valcarce Ocampo, Xavier

“Cousas d’a vida. Carta” (II, nº 1)

Valladares, Marcial

“Conto de rapaces” (I, nº 7)

“Contos de rapaces” (I, nº 8)

“Veliños” (II, nº 1)

Xan d’as Zocas

“Casos e cousas” (II, nº 2)

“Casos e cousas” (II, nº 3)

Xan de Tomeza

“Noticias escolleitas” (I, nº 6)

## 4.3. Por títulos:

“¡26 d’Abril de 1846!” (I, nº 10), Chumín de Céltegos

“Á alborada” (II, nº 2), Nicomedes Pastor Díaz

“A C...” (I, nº 1), (Traducido de A. Opsso) Secundino Cora

“A cama d’o santo (Un conto)” (I, nº 17), F. R. B.

“A campana d’Anllóns” (I, nº 4), Eduardo Pondal

“A Dorindiña Rodríguez” (I, nº 2), M. L. F.

“A espadela (Conto)” (I, nº 6), B. Lousada

“A fala gallega” (I, nº 3), Roque d’as Mariñas

“A fala gallega” (I, nº 5), Anónimo (pero seguramente de Roque d’as Mariñas)

“A Farruquiña Sagrera, nas súas bodas” (I, nº 6), Secundino Cora

“A feira d’os nenos” (I, nº 17), Rogelio Cibeira

“A festa de Tacón” (I, nº 2), Roque d’as Mariñas

“A fonte d’o demo” (II, nº 1), Enrique Labarta

“A fouce d’o abó” (II, nº 1), Manuel Curros Enríquez

“A Gaita Gallega” (I, nº 1), Valentín Lamas Carvajal

“A gaitoterapia” (I, nº 6), Marcos d’a Portela

“A Galicia” (I, nº 5), M. A. M.

“A Íñigo Varela” (I, nº 2), S. C.

“A leiteira” (I, nº 12), F. Añón

“A lenda d’as Burgas” (I, nº 8), Lisardo Barreiro

“A Noite de Santos” (I, nº 14), Benito Losada

“A pantasma” (I, nº 7), Franscisco Añón

“A Pelengrina” (I, nº 13), Chumín

“A ponte d’o demo. Lenda” (I, nº 12), M. A. M.

“A rayola de sol” (II, nº 1), Manuel Amor Meilán

“Á rola de Galicia, Rousalía Castro de Murguía” (I, nº extraordinario), Valentín Lamas Carvajal

“A Romaría da Barca” (I, nº 16), Rosalía Castro de Murguía

“A ruada” (II, nº 2), Manoel Amor Meilán

“A tola d’as ondas” (I, nº 3), F. Lourido

“A vida d’o campo” (I, nº 9), (Versión gallega d’a oda d’Horacio *Beatus ille, qui procul negotiis*, etc.) José García Mosquera

“A volta d’o soldado” (I, nº 13), Valentín Lamas Carbajal

“Abril” (I, nº 9), Riveira

“Adeministración d’a Gaita Gallega” (I, nº 1), Anónimo

“¡Alma en pena... requírote!” (I, nº 11), Marcos d’a Portela

“Amores e doores. Balada” (I, nº 2), Alberto Camino

“Apólogos” (II, nº 2), Francisco Mª d’a Iglesia González

“Apólogos” (II, nº 3), Farruco Mirás

“As mozas gallegas” (I, nº 14), Marcos d’a Portela

“As mulleres de Calvelo” (I, nº 15), Marcos d’a Portela

“As patacas” (I, nº 2), Marcos d’a Portela

“As visitas d’os probes” (I, nº 3), Marcos d’a Portela

“¡Boa feira! (Conto)” (I, nº 7), Benito Lousada

“Bruxerías” (I, nº 13), Alberto G. Ferreiro

“Cantares gallegos” (II, nº 3), Rosalía Castro de Murguía

“Cantiga” (I, nº 4), M. Curros Enríquez

“Carta” (I, nº 5), César Undinoco

“Casos e cousas” (I, nº 1), Chumín de Céltegos

“Casos e cousas” (I, nº 2), Chumín

“Casos e cousas” (I, nº extraordinario), Céltegos

“Casos e cousas” (I, nº 3), Chumín de Céltegos

“Casos e cousas” (I, nº 4), Chumín de Céltegos

“Casos e cousas” (I, nº 5), Chumín de Céltegos

“Casos e cousas” (I, nº 6), Chumín

“Casos e cousas” (I, nº 7), Chumín

“Casos e cousas” (I, nº 8), Chu.

“Casos e cousas” (I, nº 9), Chumín

“Casos e cousas” (I, nº 11), Chumín

“Casos e cousas” (I, nº 13), Marcos d’a Portela

“Casos e cousas” (I, nº 17), Marcos d’a Portela

“Casos e cousas” (II, nº 1), Anónimo

“Casos e cousas” (II, nº 2), Xan d’as Zocas

“Casos e cousas” (II, nº 3), Xan d’as Zocas

“Catro cousas” (I, nº 17), Benito Losada

“Centro Gallego” (I, nº 3), Anónimo

“Centro Gallego” (I, nº 5), Anónimo

“Certame gallego literario-musical en Pontevedra pr’as Festas da Pelengrina promovido pol’O Galiciano” (I, nº 12), O Galiciano

“Conto de rapaces” (I, nº 7), Marcial Valladares

“Contos de rapaces” (I, nº 8), Marcial Valladares

“Contos gallegos: A orella d’o demo” (I, nº 14), R. Pesqueira Crespo

“Cousas d’a vida. Carta” (II, nº 1), Xavier Valcarce Ocampo

“Cousas de mozos” (I, nº 1), Andrés Muruais

“De riola por Galicia” (I, nº 2), Valentín Lamas Carvajal

“Desilusiós (Traducción)” (II, nº 1), Anónimo

“¡Éla á min non m’as pegaba!...” (II, nº 1), Xenaro Mariñas

“Epigrama” (I, nº 3), Secundino Cora

“Farruco Añón” (I, nº 10), (Traducido d’o castelao de W. A. Insua) Ch.

“Fillos de Galicia” (I, nº 15), Xan Manoel Rodríguez de Cea

“Fillos de Galicia” (I, nº 16), Xan Rodríguez de Cea

“Fillos de Galicia” (I, nº 17), Xan Rodríguez de Cea

“Fuliada” (I, nº 16), Canteiro

“Fungueirazos” (I, nº 15), Fungueiro

“Galicia pintoresca” (I, nº 14), Anónimo

“Gallegos de por acó: K. Inzo” (I, nº 15), G. Sús.

“Gallegos de por acó: L. U. Grís” (I, nº 16), G. Sus.

“Gallegos enxebres: Waldo A. Insua” (I, nº 7), Secundino Cora

“Himno gallego” (I, nº 13), Letra de Chumín de Céltegos. Música de Felipe Pereira

“Inconstanza” (I, nº 4), L. U. Grís

“Ir por lan, é...” (I, nº 11), R. Pesqueira Crespo

“Lembranzas e saudades” (I, nº 10), Chumín

“Lonxe d’ela” (I, nº 1), Alberto Camino

“Madrigal” (II, nº 1), Manuel Curros Enríquez

“Marcelo” (II, nº 3), R. Pesqueira Crespo

“Mariquiña y-eu” (I, nº 13), F. Romero Blanco

“Meditación d’un famento” (I, nº 4), Marcos d’a Portela

“Mirand’o chau” (I, nº 8), M. Curros Enríquez

“N-a morte de Rousalía” (I, nº extraordinario), L. U. Gris

“Nai chorosa” (I, nº 6), Alberto Camino

“N-o cimenteiro” (I, nº 3), (Traducido de F. G. Vergara) L. U. Grís

“¡Non chores!” (I, nº 10), G. Sus.

“Non descansan elas, non...” (II, nº 1), E. Pondal

“Non máis emigración” (I, nº 4), Roque d’as Mariñas

“Noticias escolleitas” (I, nº 6), Xan de Tomeza

“O alalaa...” (I, nº 11), Chumín de Céltegos

“O alalalaa...” (I, nº 8), Valentín Lamas Carbajal

“O amor” (I, nº 8), Marcos d’a Portela

“O amor” (I, nº 9), Marcos d’a Portela

“O amor” (I, nº 10), Marcos d’a Portela

“O arco d’a vella” (I, nº 12), Xan Barcia Caballero

“O bautismo” (I, nº 11), Andrés Muruais

“O camiño real” (II, nº 3), Manuel Amor Meilán

“O castelo de Sobroso” (II, nº 2), Adolfo Mosquera

“O catecismo d’o labrego” (II, nº 2), O Tío Marcos d’a Portela

“O catecismo d’o labrego” (II, nº 3), O Tío Marcos d’a Portela

“O Ciprianillo” (I, nº 11), M. Curros Enríquez

“O convite d’o raposo” (I, nº 14), Antonio de la Iglesia

“O desconsolo” (I, nº 7), Alberto Camiño

“O falar d’as fadas” (I, nº 5), V. Lamas Carvajal

“O fiadeiro” (I, nº 10), Valentín Lamas Carbajal

“O fidalguiño d’a Pinhoa” (I, nº 7), (Traducción do portugués) L. de G.

“O gueitero” (I, nº 3), M. Curros Enríquez

“O magosto(Fragmento)” (I, nº 17), Francisco Añón

“O noso pensamento” (I, nº 1), Roque d’as Mariñas

“O que dura a lua de mel” (I, nº 13), Gelabert

“O zapateiro de Cangas” (I, nº 1), Marcos d’a Portela

“Os ártabros (Escena orfeónica)” (I, nº 5), Farruco Mª d’a Igrexa (Música d’o Maeso D. Pascual Veiga)

“Os dous abogados (Conto xurídico-retranqueiro)” (I, nº 2), K. Ñoto

“Os dous compadres (Conto)” (II, nº 2), F. Lourido

“Os rixóns” (II, nº 1), M. A. M.

“Outra vez” (II, nº 1), Anónimo

“Parrafeo entre dous labregos n’unha feira de Chantada” (I, nº 6), Anónimo

“Partes teléfonicos d’A Gaita” (I, nº 8), Anónimo

“Partes telefónicos d’A Gaita” (I, nº 9), Anónimo

“Pastor Díaz” (II, nº 2), Chumín de Céltegos

“Patrea, Fides, Amor” (I, nº 5), Anónimo

“¿Por qué vergonza?” (I, nº 5), R. M. E.

“¡Pra A Habana!” (I, nº 8), Rosalía Castro de Murguía

“Pr’os gallegos de lonxe” (I, nº 6), Perucho

“Presentimentos” (I, nº 14), Eladio Rodríguez González

“Recordos d’a infancia” (I, nº 6), Francisco Añón

“Refrás gallegos (A)” (I, nº 7), Anónimo

“Refrás gallegos (B e C)” (I, nº 9), Anónimo

“Refrás gallegos (D)” (I, nº 10), Anónimo

“Refrás gallegos (E, F e G)” (I, nº 11), Anónimo

“Refrás gallegos (H, I, L, M e N)” (I, nº 12), Anónimo

“Refrás gallegos (N e O)” (I, nº 13), Anónimo

“Refrás gallegos (O)” (I, nº 17), Anónimo

“Relembro d’aló” (I, nº 16), Benito Losada

“Revista d’unha corrida de ¿touros? n-a vila de Noya, feita por un labrego (Poesía humorística)” (I, nº 15), Enrique Labarta Y Pose

“Rosalía Castro” (I, nº 4), Lisardo Barreiro

“¡Rosalía Castro!” (I, nº 5), J. Barcia Caballero

“Rousalía Castro” (I, nº extraordinario), Roque d’as Mariñas

“Rousalía Castro de Murguía” (I, nº 2), Anónimo

“Rousalía Castro de Murguía” (I, nº extraordinario), Lisardo R. Barreiro

“¡Rousalía Castro, morreu!” (I, nº extraordinario), Secundino Cora

“Salayos d’unha nai” (I, nº 6), Valentín Lamas Carbajal

“Saúdo” (I, nº 1), A Redaución

“Si fora certo” (I, nº 5), R. M. E.

“Sitio d’a Cruña en 1589. María Pita” (I, nº 12), Chumín de Céltegos

“Tras de tempos...” (I, nº 5), A. J. Pereira

“Tristras” (I, nº 13), Loureiro

“Un conto” (I, nº 1), V. P.

“Un recordo” (I, nº 16), P. Nadie

“Un verdadeiro amor” (II, nº 3), S. Cora

“Unha alborada” (I, nº 9), Lisardo Barreiro

“Unha aperta” (I, nº 3), Lisardo Barreiro

“Unha boda en Einibó” (I, nº 10), M. Curros Enríquez

“¡Unha caridá, gallegos!” (I, nº 1), A Comisión

“Unha confesión” (II, nº 3), Tradución de Inocente Filgueira

“Unha de paus” (I, nº 4), Andrés Muruais

“Vaiche n-a misa en Conxo” (I, nº 9), V. Lamas Carbajal

“Velada literaria” (I, nº 4), Anónimo

“Veliños” (II, nº 1), Marcial Valladares

“Viva Galicia” (I, nº 1), Xan Manoel Pintos

“Xan” (I, nº 6), Rousalía Castro de Murguía

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

INSTITUTO DE LITERATURA Y LINGÜÍSTICA